Estudo do mercado laboral

Provincia

2003

A CORUÑA

XUNTA DE GALICIA

Edita:
Xunta de Galicia
Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais
Dirección Xeral de Formación e Colocación
Instituto Galego das Cualificacións

Coordinación:
Maria Luisa Mallo Fernández
Reyes Gámez Guardiola

Elaboración proxecto e documentación:
Marta Bermúdez de Santiago
Ricardo Fernández López
Rosa Fernández Fernández
Esther Sánchez González
Mª Belén Yáñez Barge
Victoria Otero Fernández
Gonzalo Picola Alonso
Mª José Sánchez Mariño
Diego Loureda Couceiro
Mª Jesús Iglesias Ferreiro

Análise e redacción final:
CIDADANIA Rede de Aplicacións Sociais S.Coop.Galega

Dep. legal: C-512-2000

ISSN: 1695-4122

Imprime:
Tórculo Artes Gráficas, S.A.
Pol. Ind. del Tambre
Santiago de Compostela

Índice

1.- INTRODUCIÓN 5

2.- CONTIDO 9

3.- METODOLOXÍA E FONTES DE INFORMACIÓN: 17

3.1.- Metodoloxía 19

3.2.- Fontes de información e outros aspectos metodolóxicos. 19

3.2.1.- Perfil sociodemográfico. 19

3.2.2.- Tecido. 19

3.2.3.- Demandas. 20

3.2.4.- Ofertas. 21

3.2.5.- Contratos 21

3.3.- Definicións e taxas. 21

4.- CONTEXTO PROVINCIAL DO MERCADO LABORAL: 25

4.1.-Perfil sociodemográfico. 27

4.1.1.- Poboación activa provincial. Evolución. 27

4.1.2.- Poboación ocupada provincial. Evolución. 28

4.1.3.- Poboación parada provincial. Evolución. 30

4.2.- Tecido empresarial 31

4.2.1.- Tecido empresarial provincial. 31

4.2.2.- Evolución anual. 31

4.3.- Demandas de emprego provinciais. 36

4.3.1. Demandantes galegos por provincia 36

4.3.2. Demandantes parados. Evolución 37

4.3.3. Caracterización da situación sociolaboral dos demandantes de emprego.. 38

4.3.4. Demandantes de emprego por sexo e idade 38

4.3.5. Demandantes por nivel académico 40

4.3.6. Demandantes parados por tempo de busca de emprego 41

4.3.7. Demandantes por sectores económicos de procedencia 41

4.3.8. As dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego 43

4.3.9. Perfil tipo dos demandantes de emprego 43

4.4.- Ofertas 44

4.4.1. Ofertas no servizo público de emprego galego 2003. Evolución 44

4.4.2. Ofertas segundo os sectores de actividade económica 46
4.4.3. Perfil básico das ofertas 48
4.4.4. Análise ocupacional das ofertas 49
4.5.- Contratos 51
4.5.1. Número de contratos no ámbito provincial 51
4.5.2. Contratación provincial segundo o sexo e a idade 52
4.5.3. Contratación provincial segundo os sectores económicos 54
4.5.4. Tipoloxía da contratación laboral 56
4.5.5. Grandes grupos de ocupación na contratación laboral 58
4.5.6. Ocupacións máis contratadas 61

5.- ANÁLISE DO MERCADO LABORAL COMARCAL: 63
A Barcala 65
A Coruña 89
Arzúa 115
Barbanza 141
Bergantiños 169
Betanzos 197
Eume 225
Ferrol 253
Fisterra 281
Muros 309
Noia 335
O Sar 363
Ordes 389
Ortegal 417
Santiago 443
Terra de Melide 471
Terra de Soneira 497
Xallas 525

capítulo

1

Introdución

1 Introdución

Para facilitar a posta en marcha de accións de emprego e formación por parte das entidades e organismos implicados nesta tarefa que resultan necesarias para o conxunto da nosa sociedade, é fundamental coñecer a estrutura e o comportamento do mercado de traballo.

Por este motivo, é preciso elaborar un instrumento de consulta que nos achegue a coñecer co maior detalle posible as características das principais variables que determinan o mercado laboral na nosa Comunidade Autónoma, é dicir, da oferta, da demanda, da contratación da forza de traballo, así como do tecido empresarial.

Ese é o propósito deste libro, que confiamos que constitúa unha valiosa fonte de análise do noso contorno para poder coñecer a realidade laboral e chegar así a transformala.

O informe do mercado laboral é elaborado ano a ano polo Observatorio das Ocupacións, servizo do INSTITUTO GALEGO DAS CUALIFICACIÓNS, adscrito á súa vez á Dirección Xeral de Formación e Colocación, da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais. Este observatorio, creado a través do Decreto 93/1999, do 8 de abril, actúa como un instrumento de traballo dirixido ao servizo público de emprego de Galicia e as institucións e profesionais que desenvolven a súa actividade no ámbito do emprego, a orientación e a formación profesional. Ten como función principal a de coñecer o funcionamento do mercado de traballo, proporcionando información axeitada para o deseño das políticas de formación profesional. En consecuencia, este informe é obxecto prioritario do seu labor.

Con respecto a edicións precedentes o formato da obra é similar en canto á estruturación da información, aínda que se introducen certas modificacións na súa presentación gráfica e incorpórase ou suprímese algún indicador debido ás modificacións producidas na información das diversas fontes manexadas.

A centralidade do ámbito comarcal na presente obra cobra suma importancia ao considerar a escaseza de estudos oficiais que descendan a un nivel inferior ao provincial. Como consecuencia, é previsible que se converta nunha ferramenta de extraordinaria utilidade tanto para o conxunto da Administración pública como para os profesionais que traballan no eido da formación e do emprego.

Os obxectivos que se tentan cubrir con esta publicación son os seguintes:

- Facilitar datos representativos das principais variables que configuran o mercado laboral nas 53 comarcas e en cada unha das catro provincias da Comunidade Autónoma galega, tanto desde o punto de vista cuantitativo como cualitativo.
- Amosar a evolución temporal experimentada no ámbito xeográfico comarcal ou provincial, fundamentalmente en certos parámetros concretos escollidos segundo a súa utilidade ou dispoñibilidade.

- Permitir a comparación entre cada unha das comarcas, así como entre o conxunto das catro provincias galegas, seleccionándose apartados que posibilitan comprobar as diverxencias entre as tendencias do ámbito local e da Comunidade Autónoma galega.

Non obstante, os tres obxectivos enunciados máis arriba pódense agrupar nunha pretensión xeral: *a de informar da realidade sociolaboral galega dende a valoración que se pode extraer do servizo público de emprego da nosa Comunidade Autónoma para facilitar o deseño e a programación axeitada de accións de emprego e formación.*

capítulo

2

Contido

2 Contido

En cada volume provincial, o OBSERVATORIO DAS OCUPACIÓNS realiza dous **niveis de análise** diferentes; un en clave provincial e outro en clave comarcal:

Un primeiro nivel provincial corresponde ao apartado cuarto do informe, e denomínase CONTEXTO PROVINCIAL DO MERCADO LABORAL. Este nivel contén unha análise descritiva dos seguintes cinco bloques temáticos: a poboación, o tecido empresarial, as demandas, as ofertas e os contratos. A primeira epígrafe só se desenvolve neste ámbito, debido á carencia de información desagregada no ámbito comarcal. Para establecer un marco comparativo que permita contextualizar as variables na dimensión espacial e temporal, expóñense varias referencias a nivel autonómico ao longo do texto.

Un segundo nivel refírese ao apartado quinto do informe denominado ANÁLISE DO MERCADO LABORAL COMARCAL, no que se presenta a selección de datos máis representativos do mercado de traballo en cada unha das comarcas da provincia. En consecuencia, nesta epígrafe inclúense as variables de: tecido empresarial, as demandas, as ofertas e os contratos, complementados con comentarios locais e provinciais, e evolutivos naqueles casos en que houbo dispoñibilidade de datos ou en que se considerou oportuno para establecer puntos de referencia, comparacións e desviacións tanto temporais como xeográficas. A diferenza doutros anos, por primeira vez introdúcese o epígrafe de tecido empresarial no ámbito comarcal, establecendo deste xeito un contexto máis completo do mercado de traballo de cada zona.

Para completar a caracterización do contido deste informe, móstranse a continuación uns breves comentarios dos diferentes bloques temáticos nel analizados:

Perfil sociodemográfico

A necesidade dunha análise sociodemográfica que amose as características da poboación activa e a súa composición vén determinada polo obxectivo prioritario deste estudo, que é o de presentar un informe da situación na que se atopa o tecido social e produtivo da nosa Comunidade. Este achegamento dende o punto de vista do contexto sociolaboral constitúe un dos eixes sobre os que se artella a estrutura do informe do mercado laboral.

Baixo o nome de perfil sociodemográfico, inclúese unha análise da información poboacional procedente da *Enquisa de poboación activa*, e móstranse as variables poboacionais básicas correspondentes á totalidade do territorio da Comunidade Autónoma, e de maneira desagregada en cada unha das catro provincias que integran o territorio galego.

Non obstante, nas anteriores edicións do *Informe do mercado laboral* non se recollían os novos datos producidos polas modificacións das que foi obxecto a *Enquisa de poboación activa* durante o ano 2002. As variacións foron de carácter metodolóxico e afectaron á medi-

ción dos parámetros do universo da mostra, aos criterios de extrapolación dos resultados da mostra a nivel global, así como á delimitación conceptual da figura de parado. Como resultado destas variacións, prodúcense cambios na información poboacional para os diferentes anos, optándose no presente estudo pola introdución dos novos valores xurdidos como consecuencia da reforma metodolóxica da enquisa.

Os ámbitos de análise seguen sendo iguais aos de edicións anteriores; así, aparecen datos referidos ao conxunto de Galicia e ás catro provincias, recollendo series anuais para os últimos seis anos. A información recollida está referida á poboación activa, á poboación ocupada e á poboación parada, segmentada segundo diversos factores, como o sexo, a idade ou o sector económico, estando en función da dispoñibilidade actual desa información nos diferentes niveis territoriais.

Tecido empresarial

O estudo do tecido empresarial constitúe unha síntese de datos sobre empresas e traballadores nos diferentes sectores produtivos, coa finalidade de obter un coñecemento xeral da estrutura empresarial dos diversos ámbitos territoriais.

Unha das variacións con respecto aos informes de anos precedentes é a inclusión deste nivel de análise no ámbito comarcal debido á dispoñibilidade actual desta información, manténdose a mesma descrición empresarial para as catro provincias galegas e o conxunto da Comunidade Autónoma. A comparación entre os diferentes ámbitos permite captar as desviacións que se producen tanto no ámbito provincial como comarcal.

Os datos analizados son os seguintes: número de empresas, autónomos e traballadores por conta allea nos diferentes sectores económicos e a súa evolución ao longo dos cinco últimos anos.

A presentación dos datos estruturouse seguindo unha serie constante a través de táboas e gráficos, con comentarios anexos baseándose en dous parámetros:

- *Tecido empresarial*: número de empresas, traballadores por conta allea e traballadores autónomos por sectores económicos do CNAE nas comarcas, provincias e no conxunto da Comunidade Autónoma galega.
- *Evolución anual:* datos evolutivos do número de empresas, traballadores por conta allea e autónomos nos catro sectores económicos principais a través dos cinco últimos anos.

Demandas

O concepto de demanda é un termo de uso común para un gran número de profesionais, pero con diferente significado segundo o ámbito tratado. Neste documento se adopta a acepción utilizada pola Administración autonómica, referíndose así unha demanda á solicitude de emprego por parte dun traballador, sexa ou non parado en sentido estrito, e unha oferta é a petición de currículos por parte dun empresario para cubrir un ou varios postos de traballo.

Feita esta aclaración, cabe sinalar que o estudo da demanda do informe do mercado laboral consiste na análise do perfil básico dos demandantes de emprego, é dicir, da caracterización do prototipo máis común de demandante existente en **Galicia** co propósito de coñecer os grupos de persoas que precisan de maior atención á hora de propiciar a súa entrada ou promoción no mercado laboral.

Así, o estudo da demanda centra a súa incidencia sobre aspectos concretos do perfil dos demandantes parados e non parados, como son: a idade, o tipo de actividade económica da que proveñen, a súa situación laboral, o nivel académico, o sexo, o tempo de busca de emprego ou as ocupacións máis demandadas.

A análise estableceuse sobre a combinación dos diferentes parámetros e fundamentalmente no ámbito comarcal e provincial, engadindo tamén algunha referencia ao eido local e autonómico. Por outra banda, engadíronse datos evolutivos provenientes da estatística de paro rexistrado do servizo público de emprego para posibilitar a comparación temporal destes.

Os resultados preséntanse nunha dobre análise, provincial e comarcal, agrupando os datos obtidos nas seguintes táboas:

- Demandantes por concello na análise comarcal ou demandantes por provincia e por comarca no caso da análise provincial.
- Evolución dos demandantes parados -do ano 1999 ao 2003-.
- Caracterización da situación sociolaboral dos demandantes de emprego.
- Demandantes de emprego por sexo e de idade.
- Demandantes por nivel académico.
- Demandantes parados por tempo de busca de emprego.
- Demandantes por sectores económicos de procedencia.
- As dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego.
- Perfil tipo dos demandantes de emprego.

En cada unha das táboas establécese tamén, como se indicou anteriormente, unha comparación cos valores medios provinciais -análise comarcal- ou autonómicos -análise provincial-, considerando como significativas aquelas desviacións maiores de 5 puntos porcentuais.

Ofertas

No informe do mercado laboral, as ofertas de emprego refírense ás peticións de currículos por parte das entidades empresariais xestionadas nas oficinas de emprego e ás tramitadas a través dos centros colaboradores.

O estudo das ofertas estrutúrase fundamentalmente por comarcas e provincias, realizando unha serie de análises comparativas sintetizadas nos seguintes puntos:

- *Ofertas totais rexistradas. Evolución.* Estudo do reparto das ofertas entre os distintos concellos que compoñen a comarca e a evolución destes nos anos comprendidos entre 1999 e 2003. Inclúense variacións medias e interanuais.

- *Ofertas segundo os sectores de actividade económica*. Reflite o reparto das ofertas por concellos e sectores económicos, tanto en termos absolutos como relativos con respecto ao conxunto da comarca. Posteriormente afóndase no reparto subsectorial dentro de cada comarca. A continuación efectúase unha análise da evolución de ofertas por sectores económicos nos anos do período 1999-2003.

- *Perfil básico das ofertas:*

  Sexo: Estúdanse os requirimentos de homes ou mulleres nos sectores económicos que interpoñen as súas ofertas nas entidades colaboradoras do servizo público de emprego e consideran ese requisito como unha característica que se debe ter en conta á hora de cubrir a súa demanda empresarial. Cómpre indicar que estes requisitos só se refliten nas ofertas rexistradas nas entidades colaboradoras do servizo público de emprego, pois non se dispón de información sobre este extremo nos restantes ámbitos de emprego da Comunidade galega.

  Niveis académicos: Téñense en conta tamén os requirimentos de determinados estudos para cumprir coas necesidades expresadas polos empresarios.

De calquera xeito, en moitas comarcas o número de ofertas das que se fala é moi baixo, polo que as conclusións sacadas ao respecto deben ser tomadas como indicadores de tendencias que se dan no conxunto das ofertas de cada ámbito territorial analizado.

- *Análise ocupacional*:

Preséntanse as ocupacións máis representativas polo número de ofertas recollidas nas entidades colaboradoras do servizo público de emprego nos últimos cinco anos. Nalgunhas ocasións cóntase con poucas ofertas nos anos analizados, o que motiva a aparición de ocupacións que teñen un número de ofertas pouco representativas.

Tamén se mostran na última táboa as ocupacións máis representativas polo número de ofertas recollidas nas oficinas de emprego do servizo público de emprego nos últimos cinco anos.

Contratos

A análise dos contratos ofrece unha visión integral das contratacións da Comunidade Autónoma durante o ano 2003 procedentes das oficinas de emprego do servizo público de emprego galego.

A finalidade perseguida con este estudo é a de caracterizar un apartado importante do mercado laboral, o contractual, facilitando información relevante sobre o seu comportamento no eido da nosa Comunidade Autónoma. Esta caracterización componse de seis apartados que inclúen, se é o caso, valoracións das evolucións anuais dos anos 1999 ao 2003, ambos incluídos:

- O número de contratos no ámbito comarcal e municipal.

Comparación do número de contratos recollidos nos distintos concellos con respecto á súa comarca, destacándose aqueles que presentan un maior peso porcentual. Análise da evolución do número de contratos no ámbito comarcal e municipal durante os últimos cinco anos.

- A contratación comarcal segundo o sexo e a idade.

Analízase a contratación comarcal do 2003 atendendo á súa distribución por homes e mulleres agrupados en cinco intervalos de idade. Así mesmo, inclúense dúas análises comparativas do acontecido nos últimos cinco anos con respecto á contratación masculina e feminina, e ademais á contratación segundo intervalos de idade.

- A contratación comarcal segundo os sectores económicos.

Clasificación dos contratos por sectores económicos, afondando no subsector da industria e no sector servizos. Tamén se inclúen aquí as variables de sexo e idade e a evolución da contratación por sectores/subsectores económicos.

- Tipoloxía da contratación laboral.

Distribución da contratación segundo o tipo de contrato, o sexo e a idade, distribución da contratación segundo o tipo de contrato e os sectores económicos, e a evolución do número de contratos segundo a súa tipoloxía.

- Os grandes grupos de ocupación na contratación comarcal.

Distribución da contratación por grandes grupos de ocupación segundo o sexo, incluíndo a análise pormenorizada do volume contractual, así como comentarios sobre a evolución temporal para cada grupo e sexo.

- As ocupacións máis contratadas.

  Análise das 10 ocupacións máis contratadas en cada comarca no 2003. Tamén se inclúe un breve estudo das ocupacións máis destacadas no período 1999-2003.

Introdúcese para as análises evolutivas o cálculo de taxas, tanto interanuais como variacións medias, realizado do xeito explicado no apartado "definicións e taxas" incluído dentro do punto 3, Metodoloxía e fontes de información.

tres

capítulo

3

Metodoloxía e fontes de información

3 Metodoloxía e fontes de información

3.1.- METODOLOXÍA:

A información presentada no informe do mercado laboral é consecuencia dun importante traballo de análise e explotación de datos, ademais dunha investigación previa para determinar o tipo de categorías máis interesantes para observar o comportamento do mercado de traballo.

Deste xeito, a elaboración do estudo do mercado laboral seguiu dous procesos básicos:

- Determinación das variables máis adecuadas para caracterizar o mercado de traballo e, dentro de cada variable, os aspectos destacables pola súa representatividade.
- Explotación da información obtida directamente das bases de datos, depurando e contrastando os resultados.

3.2.- FONTES DE INFORMACIÓN E OUTROS ASPECTOS METODOLÓXICOS:

A continuación, co obxecto de lle garantir ao usuario do *Informe do mercado laboral* a súa correcta interpretación, exponse unha breve descrición das bases de datos utilizadas nos diferentes bloques temáticos e das especificacións metodolóxicas concretas realizadas en certos apartados desta publicación.

3.2.1.- Perfil sociodemográfico:

A información utilizada neste apartado procede da *Enquisa de poboación activa*, do Instituto Galego de Estatística. Dado que as definicións e a metodoloxía están contidas na EPA que publica este instituto, pensouse non reproducila para non ser reiterativos. Como xa se comentaba no apartado de contidos, os cambios metodolóxicos introducidos na EPA no ano 2002 produciu un cambio nos valores das series contempladas no presente estudo, polo que se optou por reflectir estes últimos en detrimento dos valores procedentes da anterior EPA.

3.2.2.-Tecido empresarial

A información utilizada neste estudo orixínase a partir da información obtida da Tesourería Xeral da Seguridade Social, que constitúe, por unha banda, o rexistro de traballadores por conta allea e por conta propia nos diferentes réximes da Seguridade Social, xeral e específicos e, por outra banda, o rexistro de empresas a través das denominadas contas de cotización.

O motivo de utilizar esta base de datos como fonte de información deriva da súa elevada fiabilidade, xa que a Tesourería Xeral da Seguridade Social inclúe todos os datos dos traballadores que exercen unha actividade laboral de xeito legal, ao ser obrigatoria a alta na Seguridade Social como requisito previo para a incorporación ao emprego, e porque ademais considera a totalidade dos sectores económicos e tamén ten en conta datos de diferentes anos que posibilitan realizar estudos evolutivos. Ademais, a partir deste ano, dispónse por primeira vez para a elaboración deste estudo da información desagregada a un nivel comarcal, a diferenza do que ocorría en edicións precedentes.

Como limitación, cabe sinalar que a información relativa ás empresas, ao provir de contas de cotización, pode aparecer inflada, razón que obriga a obrar con cautela á hora de extraer conclusións. En concreto, unha empresa pode ter abertas varias contas de cotización por diferentes motivos: por ter sedes en diferentes provincias, polo que neste caso aparecerá unha conta de cotización por provincia; por ter contratos para a formación; por exercer diferentes actividades; por realizar contratos a tempo parcial de menos de 12 horas semanais, que, aínda que xa non se poden formalizar, na actualidade mantéñense nalgunhas empresas nas que se estableceron anteriormente; por ter contratado un axente de comercio; ou por contratar artistas esporadicamente.

Por outra banda, na Tesourería da Seguridade Social existen datos de empresas e traballadores non asignados a un sector concreto ou a unha provincia concreta, ou a ambos, que constitúen unha segunda limitación da citada base de datos. Estes "descoñecidos" asúmense, no primeiro caso, no epígrafe de "outros servizos" da provincia e de Galicia; no segundo caso, en Galicia no seu sector correspondente; e no terceiro caso, en "outros servizos" en Galicia.

3.2.3.- Demandas:

A información utilizada no estudo da demanda provén das bases de datos do servizo público de emprego.

Dentro dos demandantes distínguense parados dos non parados segundo a Orde ministerial do 11 de marzo de 1985, pola que se establecen criterios estatísticos para a medición do paro rexistrado. Deste xeito, enténdese que o paro rexistrado constitúe o total da demanda de emprego en alta rexistrada pola Oficina de Emprego existente o último día de cada mes. Segundo esta orde, exclúense do concepto de paro rexistrado, por exemplo, os demandantes de pluriemprego, mellora de emprego, que participan en traballos de colaboración social, que solicitan emprego conxuntural, estudantes, etc.

No que respecta á situación laboral dos demandantes, existe un apartado nos demandantes non parados, que se chama xenericamente "resto dos demandantes", no que se inclúen as seguintes categorías:

- Con redución da xornada por modificación das condicións de traballo.
- Demandante doutro emprego adicional, pluriemprego.
- Demandante de emprego conxuntural, menos de tres meses.
- Demandante de emprego só en domicilio.
- Demandante de emprego só no estranxeiro.
- Demandantes inscritos participantes na selección nun posto concreto.
- Demandantes de autoemprego exclusivamente.
- Demandantes de formación ocupacional
- Demandantes para servizos externos ao servizo público de emprego.

3.2.4.- Ofertas:

O Observatorio Ocupacional segue a traballar este ano coa totalidade das ofertas rexistradas tanto nos centros colaboradores como nas oficinas de emprego. O período de análise deste estudo é de cinco anos comprendidos entre 1999 e 2003, facendo referencia ás ofertas recollidas nas 53 comarcas en nas catro provincias, o que permite acceder a unha maior cantidade de variables de interese analítico.

3.2.5.- Contratos:

A base de datos utilizada para caracterizar os contratos foi a que serve de soporte á sección de contratos das oficinas de emprego do servizo público de emprego de Galicia.

O período de análise concrétase en cinco anos comprendidos entre 1999 e 2003, ambos inclusive, período que consideramos axeitado para poder realizar un estudo evolutivo que ofreza datos de interese.

Outra característica significativa deste apartado é que, a diferenza dos restantes bloques temáticos tratados neste informe, a súa análise ocupacional inclúe tanto os nove grandes grupos ocupacionais como a análise das ocupacións concretas. En relación con estas últimas, os códigos de identificación empregados son os da Clasificación Nacional de Ocupacións do INEM.

No que respecta aos distintos apartados analizados, cómpre realizar unha puntualización referida ao apartado 5.4.4, tipoloxía da contratación laboral, que recolle dentro do apartado "outros" a seguinte contratación: xubilación especial aos 64 anos, minusválidos centros especiais, colectivos de exclusión social e outros non especificados.

3.3.- DEFINICIÓN E TAXAS:

As **taxas** utilizadas nos diferentes apartados do estudo do mercado laboral son as seguintes:

- Variación interanual (v.a.): É igual ao número de ofertas do ano x menos as do ano anterior x-1, dividido polo número de ofertas do x-1 e multiplicado por 100.

  É dicir, a variación entre os anos 99/00 obteríase do seguinte xeito:

  $$\% \text{ Var. interanual}_{99\text{-}00} = (O_{00} - O_{99} / O_{99}) - 100$$

  Calcularíamos o crecemento acadado nun ano con respecto ao ano anterior.

- Variación media anual (v.m.a.): Obtense da fórmula do interese composto. Se lle chamamos O_{2003} e O_{1999} ao número de ofertas dos anos 2003 e 1999, respectivamente, podemos expresar a fórmula da variación media anual do xeito seguinte[1]:

  $$\% \text{ VMA} = \left(\sqrt[4]{O_{2003} / O_{1999}} - 1 \right) \times 100$$

  (a raíz é a que resulta de restarlle 1 ao número de anos dos que se pretende calcular a media, neste caso 5-1= 4, o que implica unha *raíz cuarta*)

  Obteriamos desta forma o crecemento medio acadado nos cinco anos estudados[2].

[1] Cando os datos referentes ao primeiro ano da serie son igual a cero, non podemos calcular a variación descrita, xa que o resultado da fórmula toma un valor fóra de rango. Nestes casos optouse por non poñer ningún tipo de valor ou referencia.

[2] Os exemplos citados fan referencia á parte das ofertas, aínda que serían igualmente válidos para explicar os outros apartados deste informe.

CLASIFICACIÓN DAS RAMAS DE ACTIVIDADE ECONÓMICA:

A clasificación da actividade económica usada neste estudo baséase no CNAE 93, con varios niveis de desagregación *ad hoc*.

Co propósito de facer unha clasificación sinxela e, ao mesmo tempo, significativa de todos os sectores económicos, estruturáronse a partir das seccións do CNAE 93 en sete subsectores e, posteriormente, agrupáronse en catro grandes sectores económicos para simplificar a comprensión das táboas e gráficos. Deste xeito, nalgúns apartados aparecen táboas cos sectores e noutros aparecen táboas cos sectores e subsectores.

SECTOR ECONÓMICO	SUBSECTOR ECONÓMICO
PRIMARIO	Agricultura, gandería, caza, silvicultura e pesca
SECUNDARIO	Industria
	Electricidade, gas e auga
CONSTRUCIÓN	Construción
SERVIZOS	Comercio, hostalería e reparación de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores e artigos persoais e de uso doméstico
	Transporte, almacenamento e comunicacións
	Outros servizos

No derradeiro apartado, baixo o epígrafe de "outros servizos", encóntranse representadas as seguintes actividades: a intermediación financeira, actividades inmobiliarias e de alugamento, servizos empresariais, administración pública, defensa e seguridade social obrigatoria, educación e actividades sanitarias e veterinarias, servizos sociais, outras actividades sociais e de servizos prestados á comunidade, servizos persoais, fogares que empregan persoal doméstico e organismos extraterritoriais. Tamén se inclúen aqueles datos, escasos en número, dos que se descoñece o sector económico concreto ao que pertencen.

Séguense mantendo os gráficos de sectores para a industria e os servizos cunha desagregación maior que a sinalada na táboa anterior, co propósito de conseguir máis información nestas actividades que son piares económicos da maioría das economías locais galegas.

En realidade, trátase de subseccións *ad hoc* elaboradas a partir do seguinte nivel de desagregación das subseccións CNAE que se denomina, segundo esta terminoloxía, como "división". Esta clasificación foi realizada polo Observatorio baseándose en criterios de importancia de actividades industriais e de servizos na nosa Comunidade Autónoma, co propósito de establecer un equilibrio entre a facilidade de manexo da clasificación e, ao mesmo tempo, a maior cantidade de información extraíble en ambas as dúas actividades económicas.

A continuación relaciónanse dúas táboas co resultado desta desagregación:

CÓDIGO CNAE	DESCRIPCIÓN DAS DIVISIÓNS CNAE	SUBSECCIÓNS *AD HOC* NA INDUSTRIA
10	extracción e aglomeración de antracita, hulla, lignito e turba	OUTRAS INDUSTRIAS
11	extracción de crus de petróleo e gas natural	
12	extracción de minerais de uranio e torio	
13	extracción de minerais metálicos	
14	extracción de minerais non metálicos nin enerxéticos	
15	industria de produtos alimenticios e bebidas	ALIMENTACIÓN
17	industria téxtil	TÉXTIL E CONFECCIÓN
18	industria da confección e da peletería	
19	preparación, curtido e acabado do coiro; fabricación de artigos de marroquinería e viaxe	OUTRAS INDUSTRIAS
20	industria de madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartería	MADEIRA
21	industria do papel	OUTRAS INDUSTRIAS
22	edición, artes gráficas e reprodución de soportes gravados	
23	coquerías, refino de petróleo e tratamento de combustibles nucleares	
24	industria química	
25	fabricación de produtos de caucho e materias plásticas	
26	fabricación doutros produtos minerais non metálicos	FABRICACIÓN DE PRODUTOS MINERAIS NON METÁLICOS
27	metalurxia	METALURXIA E FABRICACIÓN DE PRODUTOS METÁLICOS
28	fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipo	
29	industria da construción de maquinaria e equipo mecánico	OUTRAS INDUSTRIAS
30	fabricación de máquinas de oficina e equipos informáticos	
31	fabricación de maquinaria e material eléctrico	
32	fabricación de material electrónico; fabricación de equipo e aparellos de radio	
33	fabricación de equipos e instrumentos médico-cirúrxicos, de precisión, óptica e reloxería	
34	fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	FABRICACIÓN DE MATERIAL TRANSPORTE
35	fabricación doutro material de transporte	
36	fabricación de mobles; outras industrias manufactureiras	OUTRAS INDUSTRIAS
37	reciclaxe	
50	venda, mantemento e reparación de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores	SERVIZOS DE AUTOMOCIÓN
51	comercio por xunto e intermediarios do comercio, agás de vehículos de motor e motocicletas	COMERCIO EXCEPTO AUTOMOCIÓN
52	comercio polo miúdo, agás comercio de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores	
55	hostalería	HOSTALERÍA
60	transporte terrestre; transporte por tubos	TRANSPORTE E COMUNICACIÓNS
61	transporte marítimo, de cabotaxe e por vías de navegación interiores	
62	transporte aéreo e espacial	
63	actividades anexas aos transportes: actividades de axencias de viaxes	
64	correos e telecomunicacións	

CÓDIGO CNAE	DESCRIPCIÓN DAS DIVISIÓNS CNAE	SUBSECCIÓNS *AD HOC* NOS SERVIZOS
65	intermediación financeira, agás seguros e plans de pensións	OUTROS SERVIZOS
66	seguros e plans de pensións, agás seguridade social obrigatoria	
67	actividades auxiliares da intermediación financeira	
70	actividades inmobiliarias	ACTIVIDADES INMOBILIARIAS E SERVIZOS EMPRESARIAIS
71	alugamento de maquinaria e equipo sen operario, de efectos persoais e utensilios domésticos	
72	actividades informáticas	
73	investigación e desenvolvemento	
74	outras actividades empresariais	
75	administración pública, defensa e seguridade social obrigatoria	AA.PP.
80	educación	EDUCACIÓN
85	actividades sanitarias e veterinarias, servizos sociais	SANIDADE E SERVIZOS SOCIAIS
90	actividades de saneamento público	SERVIZOS Á COMUNIDADE
91	actividades asociativas	
92	actividades recreativas, culturais e deportivas	
93	actividades diversas de servizos persoais	
95	fogares que empregan persoal doméstico	OUTROS SERVIZOS
99	organismos extraterritoriais	

GRUPOS DE IDADE

Séguese mantendo a clasificación en intervalos de idade establecidos no estudo do mercado laboral do ano anterior. A única excepción a esta división é a que se produce no apartado de perfil sociodemográfico no ámbito provincial, debido a que a información procedente da EPA emprega catro intervalos de idade en vez de cinco.

A distribución en cinco intervalos posibilita unha maior homoxeneidade dos grupos de idade, no sentido de incluír todos o mesmo número de anos, fornecendo a información en relación con este parámetro, xa que nos anos anteriores observouse que a meirande parte das ofertas, contratos e demandas correspondían ao grupo de mediana idade.

capítulo

4

Contexto Provincial do mercado laboral

4 Contexto provincial do mercado laboral

4.1.- PERFIL SOCIODEMOGRÁFICO

4.1.1.- Poboación activa provincial. Evolución:

	Media anual						Variación media %
	1998	1999	2000	2001	2002	2003	98-03
De 16 a 19 anos	9,8	7,6	9,4	10,0	8,0	10,1	0,6
De 20 a 24 anos	45,0	44,0	46,3	44,5	44,9	44,7	-0,13
De 25 a 54 anos	340,4	359,3	369,9	361,4	379,3	413,7	3,98
De 55 e máis anos	60,4	58,4	56,7	61,6	64,3	60,8	0,13
Total	**455,6**	**469,3**	**482,3**	**477,4**	**496,4**	**529,3**	**3,04**

***Táboa 1**: Poboación activa total da provincia da Coruña por idade. Miles de persoas.*

A poboación activa do conxunto da provincia da Coruña aumenta durante o período comprendido entre 1998 e 2003, alcanzando unha variación media de 3,04%. A excepción do ano 2001, no que hai un descenso, no resto dos anos séguese unha tendencia ascendente. Na idade máis representativa, de 25 a 54 anos, o aumento é algo maior do que se produce no conxunto (variación media de 3,98%); no resto das idades vese cifras moi modestas de crecemento. Deste xeito, entre os 16 e 19 anos a poboación activa aumenta moi pouco e practicamente manteñen o seu número os que van de 20 a 24 anos e os maiores de 54 anos.

	Media anual						Variación media %
	1998	1999	2000	2001	2002	2003	98-03
Home	276,2	277,0	284,5	281,4	290,1	299,7	1,65
Muller	179,4	192,3	197,8	196,0	206,3	229,6	5,06
Total	**455,6**	**469,3**	**482,3**	**477,4**	**496,4**	**529,3**	**3,04**

***Táboa 2**: Poboación activa total da provincia da Coruña por sexo. Miles de persoas.*

A poboación activa feminina da provincia ten un aumento maior que a masculina, variación media de 5,06% e 1,65%, respectivamente. No ano 2001 hai un decrecemento en ambos os sexos, algo máis pronunciado no caso masculino, existindo un incremento no resto de anos. A diferenza está en que os niveis de crecemento son máis altos no caso feminino que no masculino, sobre todo en 1999 e 2003.

TÁBOA 3: Taxa de actividade da provincia da Coruña por sexo.

	%					
	1998	1999	2000	2001	2002	2003
Home	62,2	62,4	62,9	61,3	62,3	64,7
Muller	36,2	38,4	39,5	39	41,1	45,2
Total	**48,5**	**49,7**	**50,6**	**49,6**	**51,3**	**54,5**

GRÁFICO 1: Evolución da taxa de actividade segundo o sexo.



A taxa de actividade da provincia da Coruña crece de forma continua ao longo do período 1998-2003, a excepción de 2001, cando se reduce nun punto. Esta situación fai que a taxa de actividade pase dun 48,5% sobre o conxunto do total da poboación a un 54,5%.

As liñas da evolución de homes e mulleres en relación coa súa taxa de actividade vanse achegando conforme se avanza no período. Se en 1998 a taxa masculina estaba 26 puntos por riba, en 2003 redúcese a 19,5 puntos. Só no ano 2001 volve a aumentar levemente a diferenza entre a taxa masculina e feminina, debido, sobre todo, ao pequeno descenso da poboación activa feminina.

4.1.2.- Poboación ocupada provincial. Evolución

TÁBOA 4: Poboación ocupada total da provincia da Coruña por sectores económicos. Miles de persoas.

	Media anual						Variación media %
	1998	1999	2000	2001	2002	2003	98-03
Primario	57,0	54,2	56,3	49,0	42,5	45,0	-4,62
Secundario	67,5	72,7	74,3	80,8	85,5	83,8	4,42
Construción	46,6	47,2	48,7	57,2	61,0	55,8	3,67
Servizos	208,6	224,4	232,3	236,7	243,7	272,3	5,47
Total	**379,7**	**398,5**	**411,7**	**423,7**	**432,7**	**456,9**	**3,77**

O aumento da poboación ocupada na provincia entre 1998 e 2003 ascende aproximadamente a 77.200 persoas e obtén como valor resumo do período unha variación media de 3,77%. Por outra parte, esta tendencia crecente é continua en todos os anos sen excepción, sendo máis intensa en 1999 e 2003.

Os maiores niveis de crecemento experiméntanse no sector cuantitativamente máis importante, o de servizos, que acada unha variación media de 5,47%, medrando en todos os anos. A continuación situaríase o secundario, que, a pesar do descenso producido no último ano, logra unha variación media de 4,42%. Aínda que tamén descende en 2003, o sector da construción aumenta a súa poboación activa, debido especialmente ao incremento producido en 1999, 2001 e 2002.

Tras os descensos rexistrados en 1999, 2001 e 2002 a poboación activa do sector primario redúcese no período (variación media de -4,62%), malia o aumento producido no último ano.

TÁBOA 5: Poboación ocupada total da provincia da Coruña por sexo. Miles de persoas.

	Media anual						Variación media %
	1998	1999	2000	2001	2002	2003	98-03
Home	238,5	245,4	253,1	257,6	263,1	273,1	2,75
Muller	141,2	153,0	158,6	166,2	169,6	183,8	5,41
Total	**379,7**	**398,5**	**411,7**	**423,7**	**432,7**	**456,9**	**3,77**

Tanto entre a poboación ocupada masculina como a feminina hai un incremento do seu número, sendo esta tendencia constante en todos os anos do período. A pesar de ser menos importante en números absolutos, o crecemento da feminina é maior, debido, sobre todo, aos ascensos de 1999 e 2003, alcanzando unha variación media de 5,41%, 2,75% na masculina.

TÁBOA 6: Taxa de ocupación da provincia da Coruña por sexo.

	%					
	1998	1999	2000	2001	2002	2003
Home	53,7	55,3	55,9	56,1	56,5	58,9
Muller	28,5	30,6	31,7	33,1	33,8	36,2
Total	**40,4**	**42,2**	**43,2**	**44,1**	**44,7**	**47**

GRÁFICO 2: Evolución da taxa de ocupación segundo o sexo.



Unha tendencia ao crecemento continuo é a nota máis característica da taxa de ocupación da provincia da Coruña, destacando o aumento producido no último ano. Por outra parte, esta evolución positiva é extrapolable para os ocupados dos dous sexos, se ben hai o aumento é maior entre as de xénero feminino; de feito, se a diferenza entre taxas era de 25,2 puntos a favor dos ocupados masculinos en 1998, en 2003 esta distancia redúcese levemente a 22,7 puntos.

4.1.3. Poboación parada provincial. Evolución

Táboa 7: Poboación parada total da provincia da Coruña por sexo. Miles de persoas.

	Media anual						Variación media %
	1998	1999	2000	2001	2002	2003	98-03
Home	37,6	31,6	31,4	23,7	27	26,6	-6,69
Muller	38,2	39,3	39,2	29,8	36,7	45,8	3,70
Total	**75,9**	**70,8**	**70,7**	**53,6**	**63,7**	**72,4**	**-0,94**

O conxunto da poboación parada da provincia redúcese levemente no período analizado, variación media de -0,94%. Se en números absolutos hai 3.500 parados menos en 2003 que en 1998, hai que sinalar que a partir do ano 2001, no que se acada o valor máis baixo, volve a aumentar fortemente o seu número, invertendo a tendencia decrecente seguida ata ese momento.

Se diferenciamos os parados segundo o xénero, podemos visualizar o diferente comportamento na evolución entre homes e mulleres. Se nos primeiros hai un descenso do número de parados (variación media de -6,69%), cun só crecemento en 2002, entre as segundas ten lugar un aumento do número de parados, debido, sobre todo, aos incremento de 1999 e dos dous último anos, obtendo finalmente unha variación media de 3,7%.

Táboa 8: Taxa de poboación parada da provincia da Coruña por sexo.

	%					
	1998	1999	2000	2001	2002	2003
Home	13,6	11,4	11	8,4	9,3	8,9
Muller	21,3	20,4	19,8	15,2	17,8	19,9
Total	**16,7**	**15,1**	**14,7**	**11,2**	**12,8**	**13,7**

Gráfico 3: Evolución da taxa de poboación parada segundo o sexo.



Se como balance do período analizado hai que sinalar a redución da taxa de poboación parada no conxunto da provincia, tres puntos porcentuais menos, tamén é preciso constatar que nos últimos anos hai un aumento da taxa con respecto ao valor mínimo acadado en 2001, 11,2%. Así mesmo, mentres a taxa de poboación parada masculina descende considerablemente, pasando de ser un 13,6% a un 8,9%, no caso da feminina este decrecemento é moito menor, de 21,3% a un 19,9%. Por outra parte, a taxa de poboación parada feminina sempre se sitúa por riba da masculina, aumentando esta distancia ao longo do período.

4.2.- TECIDO EMPRESARIAL

4.2.1.- Tecido empresarial provincial. Situación actual

TÁBOA 9: Número e porcentaxe de empresas, traballadores e autónomos da provincia da Coruña por sector económico.

		EMPRESAS		TRABALLADORES		AUTÓNOMOS	
	SECTORES	N.º	%	N.º	%	N.º	%
A CORUÑA	**SECTOR PRIMARIO**	**1.508**	**3,56**	**30.603**	**9,68**	**798**	**1,15**
	Agricultura e pesca	1.508	3,56	30.603	9,68	798	1,15
	SECTOR SECUNDARIO	**4.378**	**10,33**	**53.469**	**16,91**	**6.068**	**8,72**
	Industria	4.303	10,16	50.622	16,01	6.055	8,70
	Electricidade	75	0,18	2.847	0,90	13	0,02
	SECTOR CONSTRUCIÓN	**6.148**	**14,51**	**37.787**	**11,95**	**10.736**	**15,42**
	Construción	6.148	14,51	37.787	11,95	10.736	15,42
	SECTOR SERVIZOS	**30.335**	**71,60**	**194.397**	**61,47**	**52.002**	**74,71**
	Comercio e hostalería	14.330	33,82	64.523	20,40	33.236	47,75
	Transporte e comunicacións	2.119	5,00	14.377	4,55	4.833	6,94
	Outros servizos	13.886	32,77	115.497	36,52	13.933	20,02
	TOTAL	**42.369**	**100,00**	**316.256**	**100,00**	**69.604**	**100,00**

O sector servizos predomina na provincia da Coruña, tanto no referente ao número de empresas como de traballadores e autónomos. En 2003 agrupa o 71,6% das empresas, cunha distancia considerable sobre o sector da construción, 14,51%, e o secundario, 10,33%. Neste ultimo sector, o subsector da industria ten un papel preponderante en calquera dos parámetros analizados neste apartado, tendo unha presenza minoritaria o da electricidade. Dentro dos subsectores dos servizos, teñen un peso similar en canto ao número de empresas o de comercio e hostalería, co 33,82%, e o de outros servizos, co 32,77%.

Despois dos servizos, 61,47% dos traballadores da provincia, cabe mencionar o sector secundario e o da construción, co 16,91% e 11,95% respectivamente. Así como no número de empresas e autónomos o sector primario ten pouca presenza, destaca algo máis en relación aos traballadores, 9,68%. Atendendo aos servizos, o subsector de outros servizos destaca máis ao concentrar o 36,52% dos traballadores, sendo menor a proporción rexistrada en comercio e hostalería, 20,4%.

Case as tres cuartas partes dos autónomos están vinculados ao sector servizos; cómpre sinalar a forte presenza que teñen no subsector de comercio e hostalería, 47,75%. Tanto o sector da construción como o secundario teñen unha representación menor e acadando o 15,42% e o 8,72% do total de autónomos.

4.2.2.- Evolución anual

TÁBOA 10: Evolución do número de empresas. Período 1999-2003.

	EMPRESAS				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	**2.253**	**2.263**	**2.306**	**2.000**	**1.508**
Agricultura e pesca	2.253	2.263	2.306	2.000	1.508
SECTOR SECUNDARIO	**4.712**	**4.625**	**4.622**	**4.459**	**4.378**
Industria	4.647	4.558	4.550	4.388	4.303
Electricidade	65	67	72	71	75
SECTOR CONSTRUCIÓN	**5.659**	**5.677**	**5.998**	**6.012**	**6.148**
Construción	5.659	5.677	5.998	6.012	6.148
SECTOR SERVIZOS	**27.184**	**27.779**	**28.663**	**29.370**	**30.335**
Comercio e hostalería	13.355	13.458	13.697	13.936	14.330
Transporte e comunicacións	1.935	1.946	2.001	2.074	2.119
Outros servizos	11.894	12.375	12.965	13.360	13.886
TOTAL A CORUÑA	**39.808**	**40.344**	**41.589**	**41.841**	**42.369**
TOTAL GALICIA	**100.964**	**102.801**	**106.985**	**108.025**	**107.839**

GRÁFICO 4: *Variacións interanuais do número de empresas por sector económico. Período 1999-2003.*



Tanto na provincia como a escala da Comunidade hai un crecemento do número de empresas durante o período 1999-2003, cuns niveis relativos moi similares, xa que a primeira obtén unha variación media de 1,57% e a segunda de 1,66%. A única diferenza é que mentres na provincia existe un crecemento sostido en todos os anos, na Comunidade prodúcese un leve descenso no último ano.

O sector servizos e o da construción teñen un nivel de crecemento lixeiramente máis alto que o do conxunto e acada variacións medias de 2,78% e 2,09%, respectivamente. O primeiro ten unha evolución positiva moi regular en todos os anos, en tanto que o segundo ten uns niveis máis altos nos tramos 2000-2001 e 2002-2003, nos que presenta variacións interanuais de 5,65% e 2,26%.

En cambio, o sector primario e, en menor medida, o secundario experimentan un decrecemento do número de empresas, variación media de -9,55% e -1,82%. Porén, mentres no primario o descenso se concentra nos dous últimos anos, alcanzando no último unha variación interanual de -24,6%, no segundo hai suaves decrecementos en todos os anos, sendo máis agudos en 2001-2002.

Dentro dos servizos, medran por riba do sector o subsector de outros servizos, e transporte e comunicacións, que alcanza variacións medias de 3,95% e 2,3%, estando por baixo o de comercio e hostalería, 1,78%.

GRÁFICO 5: *Número de empresas da industria segundo as actividades. Ano 2003.*



Un 32,33% das empresas do sector secundario están situadas dentro da actividade de outras industrias, con porcentaxes similares habería que citar a continuación as de alimentación e metalurxia co 16,55% e 16,48%. A continuación estarían as de textil e confección, e madeira, 12,71% e 11,2%, respectivamente.



Gráfico 6: Número de empresas dos servizos segundo as actividades. Ano 2003.

As actividades económicas vinculadas ao comercio concentran o 29,07% das empresas dos servizos. Con proporcións máis baixas pero parellas entre elas habería que citar as empresas de outros servizos, 15,67%, hostalería, 13,29%, e actividades inmobiliarias e servizos ás empresas, co 12,48%.

Táboa 11: *Evolución do número de traballadores. Período 1999-2003.*

	TRABALLADORES				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	**34.052**	**32.994**	**31.667**	**30.908**	**30.603**
Agricultura e pesca	34.052	32.994	31.667	30.908	30.603
SECTOR SECUNDARIO	**53.118**	**53.313**	**54.402**	**54.172**	**53.469**
Industria	49.895	50.272	51.432	51.183	50.622
Electricidade	3.223	3.041	2.970	2.989	2.847
SECTOR CONSTRUCIÓN	**31.767**	**32.849**	**36.103**	**37.500**	**37.787**
Construción	31.767	32.849	36.103	37.500	37.787
SECTOR SERVIZOS	**163.215**	**172.230**	**180.203**	**187.943**	**194.397**
Comercio e hostalería	55.103	57.509	58.874	62.522	64.523
Transporte e comunicacións	11.725	13.138	14.029	14.563	14.377
Outros servizos	96.387	101.583	107.301	110.858	115.497
TOTAL A CORUÑA	**282.152**	**291.386**	**302.375**	**310.523**	**316.256**
TOTAL GALICIA	**691.374**	**716.572**	**739.025**	**755.537**	**767.739**



Gráfico 7: *Variacións interanuais do número de traballadores por sector económico. Período 1999-2003.*

Os niveis de crecemento do número de traballadores son moi parellos entre a provincia da Coruña e Galicia, mesmo na súa dinámica evolutiva debido a que medran en todos os anos do período. A variación media da provincia é de 2,85%, sendo para o ámbito autonómico do 2,69%.

Os niveis de crecemento máis altos volven a corresponder ao sector servizos, variación media de 4,47%, e ao da construción, 4,43%. En ambos os sectores o incremento é continuo ao longo de 1999-2003, se ben se observa certa desaceleración no caso do da construción durante o último ano.

No sector secundario hai un leve incremento do número de traballadores, que amosa unha variación media de 0,16% que sinala certo estancamento. Esta situación derívase dos retrocesos experimentados nos dous últimos anos do período. O sector primario é o único que descende en número (variación media de -2,63%) debido a que baixa en todos os anos, especialmente en 2000 e 2001.

Por outra parte, o nivel de crecemento dos subsectores de servizos é moi similar ao do sector, cunha subida continua do número de traballadores, coa excepción do de transporte e comunicacións, que descende no último ano.

Táboa 12: *Evolución do número de autónomos. Período 1999-2003.*

	AUTÓNOMOS				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	**521**	**570**	**647**	**698**	**798**
Agricultura e pesca	521	570	647	698	798
SECTOR SECUNDARIO	**5.999**	**6.091**	**6.145**	**6.050**	**6.068**
Industria	5.986	6.077	6.131	6.037	6.055
Electricidade	13	14	14	13	13
SECTOR CONSTRUCIÓN	**8.919**	**9.336**	**9.758**	**10.128**	**10.736**
Construción	8.919	9.336	9.758	10.128	10.736
SECTOR SERVIZOS	**49.091**	**49.893**	**50.042**	**50.395**	**52.002**
Comercio e hostalería	32.401	33.177	32.821	32.619	33.236
Transporte e comunicacións	4.893	4.856	4.860	4.823	4.833
Outros servizos	11.797	11.860	12.361	12.953	13.933
TOTAL CORUÑA	**64.530**	**65.890**	**66.592**	**67.271**	**69.604**
TOTAL GALICIA	**159.865**	**163.524**	**165.320**	**167.163**	**172.814**

Gráfico 8: *Variacións interanuais do número de autónomos por sector económico. Período 1999-2003.*



O ámbito autonómico e provincial volven coincidir nos niveis de crecemento relativos ao número de traballadores por conta propia (variación media de 1,97% e 1,91%), dándose un incremento continuo en todo o período.

A pesar de contar con valores absolutos máis modestos, o maior incremento en termos relativos é o producido no sector primario, variación media de 11,25%, ao medrar en todos os anos do período, especialmente entre 2000-2001 e 2002-2003. Tamén crece de forma regular en todos os anos o sector da construción, variación media de 4,74%.

Cun nivel de crecemento menor sitúase o sector servizos, que medra en todos os anos, pero dunha forma modesta e alcanza unha variación media de 1,45%. Esta situación deriva da evolución oscilante do subsector de comercio e hostalería, ao ser o máis importante cuantitativamente, xa que decrece o número de autónomos entre os anos 2000 e 2002 para aumentar nos restantes, acadando unha variación media de 0,64% e incrementando moi lixeiramente o seu número ao final do período. Ademais hai que sinalar o decrecemento discreto do subsector de transporte e comunicacións, variación media de -0,31%, producido en 1999-2000 e 2001-2002. Pola contra, no subsector de outros servizos obtense unha variación media de 4,25%; crece en todos os anos do período, sobre todo no intervalo 2002-2003.

O número de autónomos a penas aumenta no sector secundario, variación media de 0,29%, aínda que só descende no intervalo 2001-2002.

4.3.- DEMANDAS DE EMPREGO

4.3.1. Demandantes galegos por provincia

Táboa 13: *Distribución provincial dos demandantes da Comunidade galega.*

	PARADOS		NON PARADOS		TOTAL	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
A Coruña	66.035	41,97	30.470	39,11	96.505	41,02
Lugo	16.497	10,49	8.285	10,63	24.782	10,53
Ourense	18.440	11,72	10.472	13,44	28.912	12,29
Pontevedra	56.365	35,82	28.679	36,81	85.044	36,15
TOTAL	**157.337**	**100,00**	**77.906**	**100,00**	**235.243**	**100,00**

Gráfico 9: *Distribución dos demandantes galegos por provincias.*



A provincia da Coruña é a que maior número de demandantes rexistra das catro provincias galegas, 41,02%. Esta situación reiterase tanto para os demandantes parados como para os non parados, aínda que en valores absolutos os primeiros son máis do dobre dos segundos.

Táboa 14: *Distribución comarcal dos demandantes da provincia da Coruña.*

	PARADOS		NON PARADOS		TOTAL	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
A Barcala	633	0,96	240	0,79	873	0,90
A Coruña	21.223	32,14	10.177	33,40	31.400	32,54
Arzúa	852	1,29	342	1,12	1.194	1,24
A Barbanza	4.373	6,62	1.420	4,66	5.793	6,00
Bergantiños	4.728	7,16	1.586	5,21	6.314	6,54
Betanzos	1.784	2,70	669	2,20	2.453	2,54
Eume	1.450	2,20	1.320	4,33	2.770	2,87
Ferrol	10.749	16,28	6.239	20,48	16.988	17,60
Fisterra	1.689	2,56	525	1,72	2.214	2,29
Muros	875	1,33	260	0,85	1.135	1,18
Noia	1.956	2,96	686	2,25	2.642	2,74
O Sar	1.125	1,70	351	1,15	1.476	1,53
Ordes	1.771	2,68	898	2,95	2.669	2,77
Ortegal	829	1,26	299	0,98	1.128	1,17
Santiago	9.279	14,05	4.425	14,52	13.704	14,20
Terra de Melide	520	0,79	322	1,06	842	0,87
Terra de Soneira	1.156	1,75	374	1,23	1.530	1,59
Xallas	1.043	1,58	337	1,11	1.380	1,43
TOTAL PROVINCIAL	**66.035**	**100,00**	**30.470**	**100,00**	**96.505**	**100,00**

As comarcas da Coruña, Ferrol e Santiago concentran o 64,34% das demandas da provincia, se ben a primeira delas ten un peso específico maior. Con valores máis modestos estarían a continuación a de Bergantiños e A Barbanza que agrupan ao 6,54% e ao 6%, respectivamente. O resto de comarcas teñen unha presenza máis minoritaria.

En todas as comarcas predominan os demandantes parados sobre os non parados, que representan conxuntamente os primeiros o 68,43% fronte ao 31,57% dos segundos.

4.3.2. Evolución dos demandantes parados

	PARADOS PROVINCIA	VARIACIÓN INTERANUAL %	PROVINCIA/TOTAL COMUNIDADE %
1999	58.880	-	41,35
2000	59.817	1,59	42,06
2001	58.225	-2,66	42,08
2002	64.019	9,95	42,39
2003	66.035	3,15	41,97

Táboa 15: *Evolución dos demandantes parados.*



Gráfico 10: *Evolución dos demandantes parados da provincia da Coruña.*

Como balance do período hai que sinalar o aumento dos demandantes parados da provincia, 7.155 demandas máis, un crecemento que só se interrompe en 2001, aumentando notablemente nos anos seguintes, sobre todo en 2002, cando a variación interanual é de 9,95%.

O peso específico dos demandantes da provincia con respecto aos da comunidade aumenta ao final do período, aínda que a proporción máis alta se rexistra no 2002, no que a súa representación é do 42,39%.

4.3.3. Caracterización da situación sociolaboral dos demandantes de emprego

TÁBOA 16: Situación laboral dos demandantes.

		VALOR ABSOLUTO	PROVINCIAL %	COMUNIDADE %
PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	12.225	12,67	11,80
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	53.810	55,76	55,08
NON PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	3.843	3,98	4,05
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	11.062	11,46	12,55
	Con traballo a tempo parcial e prestación compatible	4.562	4,73	5,10
	En expediente de regulación de emprego	2.257	2,34	1,54
	Demandantes de mellora de emprego	5.767	5,98	6,61
	Demandantes de emprego de menos de 20 h	2.295	2,38	2,70
	Resto de demandantes	684	0,71	0,57
TOTAL		**96.505**	**100,00**	**100,00**

O 55,76% dos demandantes da provincia son parados que tiveron emprego anterior, unha porcentaxe practicamente idéntica á recollida na Comunidade, 55,08%. A continuación habería que sinalar os demandantes parados que non tiveron emprego anterior, 12,67%, e os non parados que si tiveron emprego anterior, 11,46%. En relación coa distribución porcentual amosada pola provincia respecto á autonómica, non se observan diferenzas significativas, tendo valores relativos moi próximos nos dous ámbitos territoriais.

4.3.4. Demandantes de emprego por sexo e idade

TÁBOA 17.1: Demandantes parados por sexo e grupos de idade.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	PROVINCIA N.º	HOMES %	MULLERES %	PROVINCIA %	COMUNIDADE %
Menos de 26 anos	4.882	6.673	11.555	7,39	10,11	17,50	18,04
26 a 35 anos	7.387	12.710	20.097	11,19	19,25	30,43	29,92
36 a 45 anos	5.142	9.414	14.556	7,79	14,26	22,04	21,78
46 a 55 anos	4.849	6.828	11.677	7,34	10,34	17,68	17,78
56 e máis anos	4.504	3.646	8.150	6,82	5,52	12,34	12,48
TOTAL PROVINCIA	26.764	39.271	66.035	40,53	59,47	100,00	41,97
TOTAL COMUNIDADE	63.593	93.744	157.337	40,42	59,58	41,97	100,00

Sen diferenzas apreciables en relación cos valores relativos da Comunidade, na provincia da Coruña predominan os demandantes parados de xénero feminino, 59,47% fronte ao 40,53% do masculino. Por outra parte, o 47,93% dos demandantes parados teñen menos de 36 anos, unha porcentaxe practicamente idéntica á acadada no ámbito autonómico, 47,96%.

Entre os demandantes parados masculinos destaca o segmento de idade comprendido entre os 26 e 35 anos, 11,19%, igual que sucede entre o colectivo feminino, 19,25%. A partir desta idade tende a haber unha tendencia descendente en ambos os sexos conforme aumenta a idade dos demandantes parados.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	PROVINCIA N.º	HOMES %	MULLERES %	PROVINCIA %	COMUNIDADE %
Menos de 26 anos	2.290	3.217	5.507	7,52	10,56	18,07	18,88
26 a 35 anos	2.872	5.654	8.526	9,43	18,56	27,98	27,82
36 a 45 anos	1.866	4.169	6.035	6,12	13,68	19,81	20,46
46 a 55 anos	2.462	2.896	5.358	8,08	9,50	17,58	17,48
56 e máis anos	3.190	1.854	5.044	10,47	6,08	16,55	15,36
TOTAL PROVINCIA	**12.680**	**17.790**	**30.470**	**41,61**	**58,39**	**100,00**	**100,00**
TOTAL COMUNIDADE	**30.612**	**47.294**	**77.906**	**39,29**	**60,71**	**39,11**	**100,00**

Táboa 17.2: *Demandantes non parados por sexo e grupos de idade.*

O mesmo que sucedía entre os demandantes parados, entre os non parados predomina o colectivo feminino sobre o masculino, 16,78 puntos máis; a diferenza é maior no ámbito autonómico, 21,42 puntos. En cambio, non se observan variacións significativas entre os dous ámbitos territoriais no referente á idade, debido a que un 46,05% dos demandantes non parados da provincia teñen menos de 36 anos, 46,7% na Comunidade.

As porcentaxes máis baixas nas mulleres sitúanse nos maiores de 55 anos e nos homes os que se sitúan entre os 36 e 45 anos, sendo o máis representativo nas primeiras o comprendido entre os 26 e os 35 anos, e nos segundos os maiores de 55 anos.



Gráfico 11: *Distribución porcentual do total de demandantes por grupos de idade.*

Tanto entre os demandantes parados como entre os non parados o segmento de idade máis representativo é o de 26 a 35 anos, que agrupa o 29,66% do total. Pola contra, o de menor presenza é o de maiores de 55 anos, que supón un 13,67% dos demandantes da comarca.



Gráfico 12: *Distribución proporcional do total de demandantes por sexo.*

Tanto entre os demandantes parados como entre os non parados o colectivo de demandantes femininos é superior ao masculino, supoñendo un 59,12% do total. Desde outro punto de vista, os demandantes parados predominan en ambos os dous sexos.

4.3.5. Demandantes por nivel académico

TÁBOA 18.1: Distribución dos demandantes parados por nivel académico.

	VALOR ABSOLUTO	PROVINCIAL %	COMUNIDADE %
Ata certificado de escolaridade*	20.987	31,78	32,81
Titulación de ensinanza obrigatoria	24.514	37,12	32,57
Formación profesional	3.715	5,63	6,20
BUP/Bacharelato superior/COU	8.053	12,20	14,65
Titulados universitarios	7.373	11,17	12,07
Outras titulacións	1.393	2,11	1,70
TOTAL	**66.035**	**100,00**	**100,00**

** Inclúe: sen estudos, estudos primarios e certificado de escolaridade*

O 37,12% dos demandantes parados da provincia teñen ensinanza obrigatoria; esta proporción redúcese ata o 31,78% para os que teñen como máximo certificado de escolaridade. A certa distancia estarían a continuación os que posúen estudos de bacharelato e universitarios, 12,2% e 11,17%, respectivamente.

En comparación cos valores relativos da comunidade, a diferenza máis significativa é a maior porcentaxe da provincia entre os que teñen ensinanza obrigatoria, 4,55 puntos máis. No resto de niveis académicos as diferenzas porcentuais son ínfimas.

TÁBOA 18.2: Distribución dos demandantes non parados por nivel académico

	VALOR ABSOLUTO	PROVINCIAL %	COMUNIDADE %
Ata certificado de escolaridade	9.330	30,62	32,81
Titulación de ensinanza obrigatoria	10.176	33,40	32,57
Formación profesional	1.743	5,72	6,20
BUP/Bacharelato superior/COU	4.784	15,70	14,65
Titulados universitarios	3.971	13,03	12,07
Outras titulacións	466	1,53	1,70
TOTAL	**30.470**	**100,00**	**100,00**

Os valores da provincia e a Comunidade son moi semellantes no tocante ao nivel académico dos demandantes non parados. Así, na provincia predominan aqueles que contan con ensinanza obrigatoria, 33,4%, seguidos polos que teñen ata certificado de escolaridade, 30,62%. A unha notable distancia estarían a continuación os que posúen bacharelato, 15,7%, e estudos universitarios, 13,03%.

4.3.6. Demandantes parados por tempo de busca de emprego

Táboa 19: Distribución dos demandantes parados segundo o sexo e a idade por tempo de busca de emprego.

		Menos de 6 meses %	De 6 meses a 1 ano %	Máis de 1 ano %	TOTAL %
Menor de 26 anos	Homes	5,58	1,14	0,67	7,39
	Mulleres	6,24	1,83	2,04	10,11
26 a 35 anos	Homes	7,43	1,87	1,88	11,19
	Mulleres	9,35	3,21	6,69	19,25
36 a 45 anos	Homes	4,68	1,19	1,92	7,79
	Mulleres	5,63	1,94	6,68	14,26
46 a 55 anos	Homes	3,42	1,06	2,86	7,34
	Mulleres	3,07	1,20	6,06	10,34
Máis de 55 anos	Homes	1,71	0,88	4,23	6,82
	Mulleres	0,93	0,50	4,08	5,52
% PROVINCIAL		**48,04**	**14,84**	**37,13**	**100,00**
% COMUNIDADE		**49,55**	**14,73**	**35,72**	**100,00**

Sen diferenzas apreciables entre os ámbitos autonómico e provincial, hai que sinalar que un 48,04% dos demandantes parados levan en busca de emprego menos de seis meses. A 10,91 puntos de distancia aparecen os que levan máis dun ano e a 33,2 puntos os que levan de seis meses a un ano.

Nas mulleres de menos de 36 anos é máis frecuente unha situación de paro de menos de seis meses, igual que sucede cos homes menores de 56 anos. En cambio, a partir das idades sinaladas, predominan aqueles que levan no paro máis dun ano.

Outro dato que sinala a maior presenza de demandantes mulleres en paro durante máis dun ano é que a súa porcentaxe dentro deste segmento é de 25,55%, 11,58% dentro dos demandantes parados de xénero masculino. Porén, estas porcentaxes entre os parados de menos de seis meses é do 25,22% para as mulleres e do 22,82% para os homes.

4.3.7. Demandantes por sectores económicos de procedencia

Táboa 20: Demandantes por actividade económica.

	PARADOS			NON PARADOS		
	Provincial N.º	Provincial %	Comunidade %	Provincial N.º	Provincial %	Comunidade %
Sector primario	1.318	2,00	2,53	848	2,78	3,21
Sector secundario	11.330	17,16	17,05	5.629	18,47	17,02
Construción	8.824	13,36	12,36	2.478	8,13	8,22
Sector servizos	32.408	49,08	50,55	16.460	54,02	55,23
Sen actividade previa	12.155	18,41	17,50	5.055	16,59	16,32
TOTAL	**66.035**	**100,00**	**100,00**	**30.470**	**100,00**	**100,00**

Case a metade dos demandantes parados da provincia proceden do sector servizos, descendendo ata o 17,16% nos que veñen do secundario e ao 13,36% nos da construción. Entre os demandantes non parados a porcentaxe dos derivados do sector servizos é algo maior, 54,02%, sendo do 18,47% para os circunscritos no secundario e, cun valor menor, do 8,13% para os que proceden do sector da construción. No ámbito autonómico os valores relativos acadados non se diferencian practicamente dos que se rexistran na provincia.

GRÁFICO 13: *Demandantes parados na industria.*



Un 34% dos demandantes parados da industria proceden da actividade de téxtil e confección, en tanto que un 30% veñen derivados da de alimentación. Cun 17% habería que destacar a continuación o de outras industrias, repartíndose o 19% dos demandantes parados entre as actividade restantes.

GRÁFICO 14: *Demandantes parados nos servizos.*



As catro actividades principais dos servizos en canto á procedencia de demandantes parados son a de actividades inmobiliarias e servizos ás empresas (24%), comercio (22%), hostalería, (14%), e administracións públicas, co 12%. O resto de actividades dos servizos acadan valores por baixo do 10% en canto á súa representatividade neste conxunto de demandantes.

4.3.8. As dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego

TÁBOA 21: Ocupacións máis demandadas.

	VALOR ABSOLUTO	PROVINCIAL %	COMUNIDADE %
Dependente de comercio, en xeral	8.654	8,97	8,91
Empregado administrativo, en xeral	8.612	8,93	8,95
Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	6.953	7,21	7,42
Peón da industria manufactureira, en xeral	3.728	3,87	5,26
Camareiro, en xeral.	2.589	2,68	2,78
Albanel	2.552	2,65	2,5
Peón da construción de edificios	2.482	2,57	2,5
Operario máquina industrial coser á plana	2.205	2,29	1,55
Cociñeiro, en xeral	1.360	1,41	1,65
Peón da industria alimentaria, bebidas e tabaco	1.231	1,28	0,82

4.3.9. Perfil tipo dos demandantes de emprego

TÁBOA 22: Perfil máis representativo.

	PERFIL PROVINCIAL TIPO	PERFIL AUTONÓMICO TIPO
Situación laboral	Parado con emprego anterior	Parado con emprego anterior
Sexo	Mulleres	Mulleres
Grupo idade	De 26 a 35 anos	De 26 a 35 anos
Nivel académico	Titulación ensinanza obrigatoria	Titulación ensinanza obrigatoria
Duración demanda	Menos de 6 meses	Menos de 6 meses
Sector	Servizos	Servizos
Ocupación máis demandada	**Dependente de comercio**	Empregado administrativo

4.4. OFERTAS

4.4.1. Ofertas no servizo público de emprego galego 2003. Evolución

TÁBOA 23: Número de ofertas por comarcas. Ano 2003.

	TOTAL OFERTAS	TOTAL %
A Barcala	90	0,28
A Coruña	13.636	41,83
Arzúa	205	0,63
A Barbanza	2.638	8,09
Bergantiños	1.510	4,63
Betanzos	895	2,75
Eume	824	2,53
Ferrol	2.803	8,60
Fisterra	1.509	4,63
Muros	97	0,30
Noia	425	1,30
O Sar	277	0,85
Ordes	689	2,11
Ortegal	96	0,29
Santiago	6.156	18,88
Terra de Melide	377	1,16
Terra de Soneira	208	0,64
Xallas	165	0,51
TOTAL PROVINCIAL	**32.600**	**100,00**

TOTAL OFERTAS COMUNIDADE:	**86.737**
PROVINCIA/COMUNIDADE AUTÓNOMA:	**37,58**

Na provincia da Coruña rexistráronse un total de 32.600 ofertas que supuxeron un 37,58% do total xerado polo conxunto da Comunidade.

A comarca que recolle un maior número de ofertas da provincia é a da Coruña, 41,83%, seguido pola de Santiago, 18,88%. A unha certa distancia destas dúas primeiras sitúanse a de Ferrol, 8,6% e a da Barbanza, 8,09%. O 22,6% das ofertas distribúese entre as 14 comarcas restantes.

TÁBOA 24: Evolución das ofertas por comarcas. Ano 1999-2003.

	N.º OFERTAS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
A Barcala	17	72	75	84	90	323,53	4,17	12,00	7,14	51,69
A Coruña	15.367	22.817	15.630	14.128	13.636	48,48	-31,50	-9,61	-3,48	-2,94
Arzúa	751	145	163	176	205	-80,69	12,41	7,98	16,48	-27,72
A Barbanza	1.245	1.882	1.835	2.468	2.638	51,16	-2,50	34,50	6,89	20,65
Bergantiños	1.116	1.001	1.061	991	1.510	-10,30	5,99	-6,60	52,37	7,85
Betanzos	688	751	667	641	895	9,16	-11,19	-3,90	39,63	6,80
Eume	577	662	601	547	824	14,73	-9,21	-8,99	50,64	9,32
Ferrol	2.368	2.818	2.898	2.579	2.803	19,00	2,84	-11,01	8,69	4,31
Fisterra	656	525	491	616	1.509	-19,97	-6,48	25,46	144,97	23,15
Muros	54	80	80	161	97	48,15	0,00	101,25	-39,75	15,77
Noia	55	115	223	325	425	109,09	93,91	45,74	30,77	66,73
O Sar	167	241	271	259	277	44,31	12,45	-4,43	6,95	13,49
Ordes	514	586	480	600	689	14,01	-18,09	25,00	14,83	7,60
Ortegal	57	115	92	142	96	101,75	-20,00	54,35	-32,39	13,92
Santiago	5.935	5.663	5.669	6.123	6.156	-4,58	0,11	8,01	0,54	0,92
Terra de Melide	159	210	217	272	377	32,08	3,33	25,35	38,60	24,09
Terra de Soneira	21	102	159	135	208	385,71	55,88	-15,09	54,07	77,40
Xallas	88	137	143	133	165	55,68	4,38	-6,99	24,06	17,02
TOTAL PROVINCIAL	**29.835**	**37.922**	**30.755**	**30.380**	**32.600**	**27,11**	**-18,90**	**-1,22**	**7,31**	**2,24**
TOTAL COMUNIDADE	**68.959**	**88.809**	**83.590**	**86.941**	**86.737**	**28,79**	**-5,88**	**4,01**	**-0,23**	**5,90**

A evolución do número de ofertas da provincia caracterízase por un nivel de crecemento algo menor que o producido no conxunto da Comunidade. Así, tomando como referencia as súas respectivas variacións medias, pódese observar que mentres a provincia acada un 2,24%, na comunidade este valor é de 5,9%. Esta situación vén derivada de que os decrecementos producidos entre os anos 2000 e 2002 son máis altos que os que teñen lugar na Comunidade ao longo do periodo, sendo os aumentos semellantes nos dous ámbitos.

Non obstante, atendendo ás diferentes comarcas, pódese observar que os decrecementos se concentran só na Coruña e Arzúa, medrando nas restantes. Os niveis de crecemento máis altos prodúcense en Terra de Soneira, Noia, A Barcala, Terra de Melide, Fisterra e A Barbanza, que obteñen todas elas variacións medias por riba do 20%.

A evolución da comarca da Coruña está determinada polo decrecemento continuo que ten a partir do ano 2000, reducións que non son compensadas pola subida experimentada en 1999-2000, cando presenta unha variación interanual de 48,48%. Porén, en Santiago hai un leve crecemento en números absolutos, variación media de 0,92%. Tanto en Ferrol como, sobre todo, na Barbanza, os ritmos de crecemento son máis altos, obtendo variacións medias respectivas de 4,31% e 20,65%.



Gráfico 15: *Evolución do número de ofertas por provincia.*

Facendo unha comparación entre as tres comarcas que teñen un concello de marcado carácter urbano e o resto das comarcas, pódense observar as escasas oscilacións das comarcas de Santiago e Ferrol, sendo salientable nesta última a subida experimentada en 2000. Con respecto á Coruña, visualizase a tendencia decrecente que se inicia en 2000 e que continua ata o final do período, en contraposición co que sucede no resto de comarcas, que coa excepción do ano 2001, cando se produce unha leve redución, medra no resto de anos, sendo salientable o crecemento das ofertas destas comarcas no último ano.

4.4.2. Ofertas segundo os sectores de actividade económica

Táboa 25: *Distribución das ofertas por comarcas e sectores económicos. Valores absolutos e relativos en relación coa provincia.*

	PRIMARIO		SECUNDARIO		CONSTRUCIÓN		SERVIZOS	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%
A Barcala	0	0,00	12	0,39	16	0,28	62	0,27
A Coruña	80	23,67	1.411	45,34	2.336	40,18	9.807	42,03
Arzúa	42	12,43	10	0,32	31	0,53	122	0,52
A Barbanza	23	6,80	441	14,17	549	9,44	1.625	6,96
Bergantiños	32	9,47	195	6,27	312	5,37	971	4,16
Betanzos	14	4,14	86	2,76	133	2,29	662	2,84
Eume	3	0,89	51	1,64	163	2,80	606	2,60
Ferrol	28	8,28	180	5,78	617	10,61	1.978	8,48
Fisterra	6	1,78	115	3,70	162	2,79	1.225	5,25
Muros	7	2,07	12	0,39	24	0,41	54	0,23
Noia	12	3,55	19	0,61	145	2,49	249	1,07
O Sar	1	0,30	44	1,41	36	0,62	196	0,84
Ordes	4	1,18	157	5,04	163	2,80	365	1,56
Ortegal	21	6,21	7	0,22	9	0,15	59	0,25
Santiago	53	15,68	257	8,26	980	16,86	4.866	20,86
Terra de Melide	6	1,78	13	0,42	54	0,93	303	1,30
Terra de Soneira	3	0,89	93	2,99	30	0,52	82	0,35
Xallas	3	0,89	9	0,29	54	0,93	99	0,42
TOTAL PROVINCIAL	**338**	**100,00**	**3.112**	**100,00**	**5.814**	**100,00**	**23.331**	**100,00**
TOTAL COMUNIDADE	**1.200**		**8.245**		**15.548**		**61.728**	

A comarca da Coruña é a principal receptora de ofertas da provincia en calquera dos sectores económicos analizados. Non obstante, a súa presenza redúcese algo no sector primario, 23,67%, xa que está seguido de preto pola comarca de Santiago, 15,68%, e a de Arzúa, 12,43%. No sector secundario ao marxe da Coruña é destacable a presenza da Barbanza, cun 14,17% das ofertas, e Santiago, co 8,26%. Dentro da construción, tras A Coruña, 40,18%, sitúanse Santiago, co 16,86%, e Ferrol, co 10,61%. Nos servizos hai un maior grao de concentración nas comarcas da Coruña e Santiago, que conxugan o 62,89% das ofertas totais deste sector.

Gráfico 16: *Distribución porcentual das ofertas por sectores económicos.*



Sete de cada dez ofertas da provincia son orixinadas no sector servizos, estando a unha notable distancia as xeradas polo da construción, 18%, e o secundario, 10%. O sector primario ten un papel marxinal, xa que supón tan só o 1% das ofertas.



Gráfico 17: Distribución porcentual das ofertas na industria.

O 37% das ofertas da industria derivan da actividade de téxtil e confección, estando cunha idéntica porcentaxe do 20% as de outras industrias e alimentación. A notable distancia estarían a continuación a de metalurxia e fabricación de produtos metálicos, e madeira, que supoñen o 9% e 8% das ofertas respectivamente.



Gráfico 18: *Distribución porcentual das ofertas nos servizos.*

As actividades englobadas dentro das administracións públicas xeran o 35% das ofertas dos servizos da provincia. Un 30% concéntrase na de actividades inmobiliarias e servizos ás empresas, e comercio. O 35% das ofertas restantes repártense noutro tipo de actividades, sendo destacable o 9% da hostalería.

Táboa 26: *Evolución das ofertas por sectores económicos.*

	Nº DE OFERTAS				
	1999	2000	2001	2002	2003
Primario	171	179	311	333	338
Secundario	3.213	4.464	3.567	3.279	3.112
Construción	6.501	7.085	6.537	5.660	5.814
Servizos	19.937	26.181	20.333	21.106	23.331
Sen actividade previa	13	13	7	2	5
TOTAL PROVINCIA	**29.835**	**37.922**	**30.755**	**30.380**	**32.600**
TOTAL COMUNIDADE	**68.959**	**88.809**	**83.590**	**86.941**	**86.737**

O maior incremento das ofertas en números absolutos prodúcese no sector servizos, que obtén unha variación media de 4,01%. O número de ofertas só decrece en 2001, aumentando en maior medida no ano 2000, cando acada unha variación interanual de 31,32%. Outro sector que experimenta un crecemento constante durante todos os anos é o primario, que finalmente logra unha variación media de 18,57%.

Polo contrario, o sector secundario e o da construción decrecen en número de ofertas durante 1999-2003. A redución do primeiro é máis leve, variación media de -0,8%, debido, sobre todo, ao forte incremento que se produce en 2000, que case chega a compensar as perdas amosadas nos anos restantes. No da construción os decrecementos concéntranse en 2001 e 2002, cunhas variacións interanuais de -7,73% e -13,42%, minorando o forte crecemento logrado en 2000; finalmente obtén unha variación media de -2,75%.

4.4.3. Perfil básico das ofertas

Gráfico 19: *Ofertas por sexo da provincia da Coruña.*



Un 14,54% das ofertas indicaban como un dos seus requirimentos o sexo dos traballadores. Dentro destas un 59,01% solicitaban a traballadores do colectivo masculino, en tanto que un 40,99% facían referencia ao feminino. No sector secundario solicítanse algo máis de mulleres que de homes, concentrándose as ofertas dirixidas a mulleres na actividade de téxtil e confección, en tanto que as que van para homes sitúanse en maior medida na de outras industrias.

No sector da construción as ofertas deste tipo van dirixidas case todas a homes, en tanto que no dos servizos volven predominar as mulleres sobre os homes. As dirixidas a homes concéntranse en maior medida nas actividades de comercio, e actividades inmobiliarias e servizos ás empresas, en tanto que nas destinadas a mulleres teñen maior presenza as derivadas da actividade de hostalería.



Gráfico 20: *Ofertas por nivel académico da provincia da Coruña.*

Un 28,56% das ofertas da provincia solicitan un determinado nivel académico para exercer ese traballo. Porén, o 58,11% destas só requiren como máximo o certificado de escolaridade, reducíndose ata un 16,5% as que solicitan traballadores con ensinanza obrigatoria. As porcentaxes das que rexistran niveis de formación profesional e titulacións universitarias son de 12,91% e 10,06%. A actividade de administracións públicas é a que solicita en maior medida tanto xente con baixo nivel de estudos como os de titulacións de rango superior, en cambio as de sanidade e servizos sociais, educación e actividades inmobiliarias e servizos ás empresas tenden en maior medida a emitir ofertas destinadas tanto a traballadores con formación profesional como universitaria.

4.4.4. Análise ocupacional das ofertas

Táboa 27: *Ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores.*

	1999	2000	2001	2002	2003
Axente comercial / Vendedor	1.027	2.412	1.815	1.492	1.297
Albanel	819	1.784	1.644	1.385	1.232
Peón de albanel/Peón de obras públicas	558	916	909	765	970
Camareiro - Barman	383	956	898	830	951
Empregado/a do fogar	38	79	129	70	567
Traballador espazos naturais	47	39	16	50	538
Encofrador	504	746	717	517	437
Dependente en xeral	153	554	506	374	399
Cociñeiro / Grelleiro / Pizzeiro / Pranchista	58	385	268	277	391
Auxiliar administrativo	120	311	221	302	329

As ocupacións de axente comercial/vendedor, albanel, peón de albanel/peón de obras públicas, e camareiro son as máis ofertadas nos centros colaboradores do servizo público de emprego. A excepción da ocupación de encofrador, que descende no volume de ofertas, o resto teñen un comportamento positivo durante o período 1999-2003. Polo tanto, en termos netos, as catro primeiras ocupacións experimentan un crecemento durante o período, sendo o máis alto para a de camareiro, variación media de 25,53%, e a de peón de albanel/peón de obras públicas, 14,82%. En cambio a de axente comercial/vendedor obtén unha variación media de 6,01%, debido a que a partir de 2001 inicia unha tendencia descendente en canto ao número de ofertas recollidas.

Por outra parte, é moi destacable o incremento producido no último ano na ocupación de empregado de fogar, así como na de traballador de espazos naturais, que provoca que acaden variacións medias de 96,54% e 83,94%. Tamén é destacable a situación das ofertas de cociñeiro, variación media de 61,13%, cun ritmo de crecemento máis marcado nos anos 2000 e 2002.

Táboa 28: *Ocupacións máis ofertadas nas oficinas de emprego.*

	1999	2000	2001	2002	2003
Peón da industria manufactureira, en xeral	1.326	987	842	727	1.871
Dependente de comercio, en xeral	1.192	1.143	1.039	1.261	1.440
Mozo de recolla de lixo	11	24	0	20	620
Empregado administrativo, en xeral.	1.005	733	525	649	602
Peón da construción de edificios	808	486	389	345	585
Albanel	1.840	1.198	951	647	551
Clasificador-repartidor correspondencia	507	589	37	187	360
Mozo carga/descarga, almacén	608	367	216	406	322
Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	864	497	365	397	307
Traballador preparación peixe para conserva	149	177	165	629	303

A ocupación de peón da industria manufactureira e dependente de comercio son as máis ofertadas polas oficinas de emprego. Ambas as dúas experimentan un crecemento durante 1999-2003, acadando variacións medias de 8,99% e 4,44%, sendo moi salientable o incremento que se produce na primeira delas no último ano.

Outra ocupación que se sitúa dentro das máis ofertadas a partir do ano 2003 é a de mozo de recollida de lixo, que multiplica por 30 o seu número. O resto de ocupacións, coa excepción da de traballador de preparación de peixe para conserva, ven reducido o seu número de ofertas durante o período, sobre todo a de albanel e muller/mozo limpeza, limpador, cunhas variacións medias de -26,03% e -22,79%, respectivamente.

4.5. CONTRATOS

4.5.1. Número de contratos no ámbito provincial

TÁBOA 29: Número de contratos na provincia da Coruña por comarcas. Ano 2003.

	CONTRATOS N.º	PROVINCIAL %
A Barcala	850	0,27
A Coruña	147.747	47,52
Arzúa	1.336	0,43
A Barbanza	22.912	7,37
Bergantiños	11.608	3,73
Betanzos	4.178	1,34
Eume	4.347	1,40
Ferrol	28.979	9,32
Fisterra	3.512	1,13
Muros	2.085	0,67
Noia	3.688	1,19
O Sar	2.744	0,88
Ordes	4.885	1,57
Ortegal	1.307	0,42
Santiago	65.385	21,03
Terra de Melide	1.193	0,38
Terra de Soneira	2.598	0,84
Xallas	1.536	0,49
TOTAL PROVINCIA	**310.890**	**100**
TOTAL COMUNIDADE	**714.881**	**43,49**

A Coruña é a primeira provincia da Comunidade en canto a volume de contratación, realizándose dentro do seu ámbito o 43,49% dos contratos. Case a metade dos contratos da provincia son rexistrados na comarca da Coruña, en tanto que un 21,03% concéntranse na de Santiago. A continuación habería que mencionar a de Ferrol e A Barbanza, que representan o 9,32% e o 7,37% do total.

TÁBOA 30: Evolución do número de contratos no ámbito provincial. Variacións anuais. 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
A Barcala	858	862	908	852	850	0,47	5,34	-6,17	-0,23	-0,23
A Coruña	127.182	134.644	135.567	140.961	147.747	5,87	0,69	3,98	4,81	3,82
Arzúa	2.180	1.486	1.530	1.461	1.336	-31,83	2,96	-4,51	-8,56	-11,52
A Barbanza	17.461	23.205	22.133	21.660	22.912	32,90	-4,62	-2,14	5,78	7,03
Bergantiños	10.688	10.757	10.810	10.874	11.608	0,65	0,49	0,59	6,75	2,09
Betanzos	3.898	4.239	3.866	3.582	4.178	8,75	-8,80	-7,35	16,64	1,75
Eume	4.578	4.040	3.625	3.089	4.347	-11,75	-10,27	-14,79	40,73	-1,29
Ferrol	28.267	28.222	28.122	28.857	28.979	-0,16	-0,35	2,61	0,42	0,62
Fisterra	2.230	2.476	2.269	2.919	3.512	11,03	-8,36	28,65	20,32	12,02
Muros	1.577	1.681	1.951	1.992	2.085	6,59	16,06	2,10	4,67	7,23
Noia	2.802	2.915	2.791	3.148	3.688	4,03	-4,25	12,79	17,15	7,11
O Sar	2.492	2.635	2.470	2.635	2.744	5,74	-6,26	6,68	4,14	2,44
Ordes	4.914	4.616	4.352	4.728	4.885	-6,06	-5,72	8,64	3,32	-0,15
Ortegal	1.257	1.266	1.186	1.388	1.307	0,72	-6,32	17,03	-5,84	0,98
Santiago	52.913	53.605	54.005	59.158	65.385	1,31	0,75	9,54	10,53	5,43
Terra de Melide	1.133	1.146	1.274	1.180	1.193	1,15	11,17	-7,38	1,10	1,30
Terra de Soneira	2.405	2.353	2.327	2.359	2.598	-2,16	-1,10	1,38	10,13	1,95
Xallas	1.436	1.403	1.593	1.580	1.536	-2,30	13,54	-0,82	-2,78	1,70
TOTAL PROVINCIA	**268.271**	**281.551**	**280.779**	**292.423**	**310.890**	**4,95**	**-0,27**	**4,15**	**6,32**	**3,75**
TOTAL COMUNIDADE	**657.517**	**689.007**	**672.023**	**689.927**	**714.881**	**4,79**	**-2,46**	**2,66**	**3,62**	**2,11**

O nivel de crecemento dos contratos da provincia é maior que o producido no conxunto da Comunidade, así, se nesta a variación media é de 2,11%, na primeira ascende ata un 3,75%. Non obstante, a evolución é similar, xa que ambos os territorios só ven decrecer o número de contratos durante o intervalo 2000-2001, en tanto que no resto aumentan os seus valores.

A comarca da Coruña ten unha evolución semellante á da provincia: sobe o número de contratos en todos os anos e alcanza unha variación media de 3,82%. Unha situación similar sucede en Santiago, aínda que os incrementos maiores producidos nos últimos anos provocan unha variación media maior, 5,43%. A comarca de Ferrol experimenta leves decrecementos nos dous primeiros intervalos, medra nos últimos e alcanza unha variación media de 0,62%. En cambio a da Barbanza descende nos anos intermedios do período e aumenta en 1999-2000 e 2002-2003 para, finalmente, obter unha variación media de 7,03%.

Coa excepción das comarcas de Arzúa, Eume, A Barcala e Ordes, no resto de comarcas a tendencia amosada ao longo do período é positiva en relación coa contratación conseguida. En cambio, os maiores incrementos en termos relativos son alcanzados polas comarcas de Fisterra, Muros, Noia e A Barbanza, que acadan variacións medias por riba do 7%.

4.5.2. Contratación provincial segundo o sexo e a idade

Táboa 31: Distribución da contratación provincial segundo o sexo e a idade. Ano 2003.

	N.º CONTRATOS			% CONTRATOS		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Menos de 26 anos	59.043	57.567	116.610	18,99	18,52	37,51
De 26 a 35 anos	56.462	50.612	107.074	18,16	16,28	34,44
De 36 a 45 anos	29.002	23.823	52.825	9,33	7,66	16,99
De 46 a 55 anos	15.940	10.458	26.398	5,13	3,36	8,49
Máis de 55 anos	5.581	2.402	7.983	1,80	0,77	2,57
TOTAL PROVINCIA	**166.028**	**144.862**	**310.890**	**53,40**	**46,60**	**100,00**
TOTAL COMUNIDADE	**389.968**	**324.913**	**714.881**	**54,55**	**45,45**	**100,00**

Con porcentaxes moi similares aos acadados no ámbito autonómico, a contratación predominante da provincia é a masculina, 53,4%. Por outra parte, o 71,95% dos contratos son realizados a menores de 36 anos.

En función do xénero obsérvase porcentaxes similares entre homes e mulleres no que respecta os intervalos que van ata os 36 anos, sendo do 37,15% para os primeiros e do 34,8% nas segundas. Porén, insinúase unha maior presenza do colectivo masculino entre os contratados maiores desa idade, 16,26% fronte ao 11,79%.

Táboa 32: Evolución do número de contratos da provincia segundo o sexo. Período 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Homes	160.682	164.474	158.531	162.004	166.028	2,36	-3,61	2,19	2,48	0,82
Mulleres	107.589	117.077	122.248	130.419	144.862	8,82	4,42	6,68	11,07	7,72
TOTAL CONTRATOS	**268.271**	**281.551**	**280.779**	**292.423**	**310.890**	**4,95**	**-0,27**	**4,15**	**6,32**	**3,75**

Aínda que en números absolutos medra o número de contratos tanto entre os homes como entre as mulleres, o nivel de crecemento é máis alto nas segundas. Así, os contratos realizados a mulleres obteñen unha variación media de 7,72%, fronte ao 0,82% acadado dentro do colectivo masculino. A diferenza fundamental é que nos contratos realizados a mulleres hai un crecemento constante ao longo do período, acentuándose entre 1999-2000 e 2002-2003, en tanto que entre os que se efectúan entre os homes os niveis de crecemento son máis baixos, tendo mesmo un decrecemento no intervalo 2000-2001.



Gráfico 21: *Evolución da distribución da contratación provincial segundo o sexo. Período 1999-2003. Valores porcentuais.*

As distancias entre os contratos masculinos e femininos redúcense constantemente ao longo de todo o período, pasando dos 19,8 puntos a favor dos homes en 1999, aos 6,8 puntos no último ano.

Táboa 33: *Evolución do número de contratos da provincia segundo a idade. Período 1999-2003.*

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Menor de 26 anos	91.400	99.572	99.554	101.608	116.610	8,94	-0,02	2,06	14,76	6,28
De 26 a 35 anos	98.037	101.655	102.601	106.611	107.074	3,69	0,93	3,91	0,43	2,23
De 36 a 45 anos	48.523	49.348	48.884	51.925	52.825	1,70	-0,94	6,22	1,73	2,15
De 46 a 55 anos	23.425	23.954	22.768	24.280	26.398	2,26	-4,95	6,64	8,72	3,03
Máis de 55 anos	6.886	7.022	6.972	7.999	7.983	1,98	-0,71	14,73	-0,20	3,76
TOTAL CONTRATOS	**268.271**	**281.551**	**280.779**	**292.423**	**310.890**	**4,95**	**-0,27**	**4,15**	**6,32**	**3,75**

No intervalo 2000-2001, en todos os grupos de idade descende o número de contratos, agás no comprendido entre os 26 e 35 anos. En cambio, en todos aumenta nos intervalos restantes, menos no caso dos maiores de 55 anos en 2002-2003.

Entre os menores de 26 aumenta en maior medida a contratación, obtendo unha variación media de 6,28%. Neste segmento é onde se produce os maiores incrementos en 1999-2000 e 2002-2003, variacións interanuais de 8,94% e 14,76%. O número de contratos no resto de intervalos crecen a un ritmo semellante, indo da variación media de 3,76% acadada entre os maiores de 55 anos, ata a de 2,15% que se alcanza entre os 36 e 45 anos.

4.5.3. Contratación provincial segundo os sectores económicos

TÁBOA 34: Distribución da contratación por sectores/subsectores económicos.

	CONTRATOS 2003 N.º	%
SECTOR PRIMARIO	**5.456**	**1,75**
Agricultura e pesca	5.456	1,75
SECTOR SECUNDARIO	**39.477**	**12,70**
Industria	38.987	12,54
Electricidade	490	0,16
SECTOR CONSTRUCIÓN	**44.211**	**14,22**
Construción	44.211	14,22
SECTOR SERVIZOS	**221.746**	**71,33**
Comercio e hostalería	64.451	20,73
Transporte e comunicacións	20.141	6,48
Outros servizos	137.154	44,12
TOTAL CONTRATOS	**310.890**	**100,00**

Algo máis de sete de cada dez contratos son realizados no sector servizos. Dentro deste é destacable a posición predominante do subsector de outros servizos, co 44,12% do total de contratos, alcanzando o 20,73% o de comercio e hostalería. A considerable distancia dos servizos sitúase o sector da construción e o secundario, 14,22% e 12,7%, respectivamente. Neste último o subsector de industria concentra case toda a contratación do sector, tendo escasa representatividade o da electricidade. O sector primario ten unha presenza marxinal, representa nada máis que o 1,75% do total de contratos.

GRÁFICO 22: Distribución porcentual da contratación na Industria.



As actividades máis representativas dentro da industria en relación cos contratos rexistrados son as de téxtil e confección, co 38%, a de alimentación, co 23%, a de metalurxia e fabricación de produtos metálicos, co 14%, e a de outras industrias con idéntica porcentaxe que o anterior.



Gráfico 23: *Distribución porcentual da contratación nos Servizos.*

O 34% dos contratos procedentes dos servizos derivan das actividades inmobiliarias e servizos ás empresas, sendo dun 20% no caso da hostalería e dun 14% nas de servizos á comunidade. O 32% dos contratos restantes estarían derivados de outras actividades dos servizos; destaca o 9% que acada a de transporte e comunicacións.

Táboa 35: *Distribución porcentual da contratación provincial segundo sectores/subsectores económicos por sexo e idade. Ano 2003.*

			IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e mais
SECTOR PRIMARIO	**1,52**	**0,24**	**0,36**	**0,49**	**0,47**	**0,35**	**0,08**
Agricultura e pesca	1,52	0,24	0,36	0,49	0,47	0,35	0,08
SECTOR SECUNDARIO	**5,58**	**7,12**	**3,82**	**4,41**	**2,71**	**1,40**	**0,34**
Industria	5,48	7,06	3,77	4,38	2,69	1,37	0,34
Electricidade	0,10	0,05	0,05	0,04	0,02	0,04	0,01
SECTOR CONSTRUCIÓN	**13,16**	**1,07**	**4,16**	**4,29**	**3,02**	**2,05**	**0,70**
Construción	13,16	1,07	4,16	4,29	3,02	2,05	0,70
SECTOR SERVIZOS	**33,15**	**38,17**	**29,16**	**25,24**	**10,79**	**4,69**	**1,45**
Comercio e hostalería	7,37	13,36	11,06	6,26	2,23	0,90	0,27
Transporte e comunicacións	5,27	1,21	1,62	2,05	1,55	0,94	0,33
Outros servizos	20,51	23,60	16,48	16,93	7,01	2,85	0,85
TOTAL CONTRATOS	**53,40**	**46,60**	**37,51**	**34,44**	**16,99**	**8,49**	**2,57**

A maior parte dos contratos realizados a mulleres e homes derivan do sector servizos, que representa o 38,17% e o 33,15% respectivamente. Dentro deste sector sobresae a maior presenza do colectivo feminino nos subsectores de comercio e hostalería e outros servizos, sendo menor no caso do de transporte e comunicacións. No sector da construción predominan claramente os contratos masculinos, que son mínimos no caso das mulleres; en cambio, no secundario a presenza feminina é levemente máis alta que a masculina, 7,12% fronte ao 5,58%.

Nos diversos intervalos de idade predominan os contratos derivados do sector servizos, concentrándose nos menores de 36 anos o 54,4% do total. En relación cos subsectores que o compoñen, destaca o maior peso específico en todas as idades de outros servizos. En todas as idades o segundo sector en importancia é o da construción, coa excepción dos comprendidos entre os 26 e 35 anos, nos que esta posición está ocupada polo sector secundario.

TÁBOA 36: Evolución da contratación provincial segundo os sectores e subsectores económicos. Período 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
SECTOR PRIMARIO	**6.227**	**5.806**	**3.201**	**5.286**	**5.456**	**-6,76**	**-44,87**	**65,14**	**3,22**	**-3,25**
Agricultura e pesca	6.227	5.806	3.201	5.286	5.456	-6,76	-44,87	65,14	3,22	-3,25
SECTOR SECUNDARIO	**42.039**	**45.323**	**45.043**	**41.165**	**39.477**	**7,81**	**-0,62**	**-8,61**	**-4,10**	**-1,56**
Industria	41.682	44.990	44.627	40.739	38.987	7,94	-0,81	-8,71	-4,30	-1,66
Electricidade	357	333	416	426	490	-6,72	24,92	2,40	15,02	8,24
SECTOR CONSTRUCIÓN	**39.065**	**38.751**	**40.951**	**41.329**	**44.211**	**-0,80**	**5,68**	**0,92**	**6,97**	**3,14**
Construción	39.065	38.751	40.951	41.329	44.211	-0,80	5,68	0,92	6,97	3,14
SECTOR SERVIZOS	**180.940**	**191.671**	**191.584**	**203.074**	**221.746**	**5,93**	**-0,05**	**6,00**	**9,19**	**5,22**
Comercio e hostalería	48.780	54.805	57.406	59.622	64.451	12,35	4,75	3,86	8,10	7,21
Transporte e comunicacións	15.062	19.385	15.420	19.859	20.141	28,70	-20,45	28,79	1,42	7,53
Outros servizos	117.098	117.481	118.758	123.593	137.154	0,33	1,09	4,07	10,97	4,03
TOTAL CONTRATOS	**268.271**	**281.551**	**280.779**	**292.423**	**310.890**	**4,95**	**-0,27**	**4,15**	**6,32**	**3,75**

O sector máis importante cuantitativamente, o dos servizos, é o que máis medra durante 1999-2003, alcanzando unha variación media de 5,22%. Tan só no intervalo de 2000-2001 hai unha leve redución en números absolutos na contratación deste sector, que aumenta a uns niveis máis altos entre 2001 e 2003. No tocante aos subsectores que o compoñen, crecen por riba del o de transporte e comunicacións e o de comercio e hostalería, variacións medias de 7,53% e 7,21%, respectivamente. Porén, o de outros servizos está un pouco por baixo ao acadar un 4,03%.

O sector da construción tamén ve incrementado o seu número de contratos; experimenta tan só un leve descenso no intervalo 1999-2000 e obtén finalmente unha variación media de 3,14%.

Tanto o sector primario como o secundario decrecen en número de contratos, obtendo variacións medias de -3,25% e -1,56%. No primeiro deles os decrecementos prodúcense entre 1999 e 2001, aumentan fortemente en 2001-2002 e máis levemente no último intervalo; en cambio, no secundario tan só se experimenta un incremento en 1999-2000, decrecendo nos tramos restantes.

4.5.4. Tipoloxía da contratación laboral

GRÁFICO 24: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contratos. Ano 2003.



O 67% dos contratos realizados na provincia son temporais a tempo completo e un 24% temporais a tempo parcial. A temporalidade é, polo tanto, a característica fundamental en relación á modalidade de contrato, representando conxuntamente o 91%. A contratación indefinida, ben a tempo completo ou parcial, tan só representa un 4% do total dos contratos.

TÁBOA 37: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contrato por sexo e idade. Ano 2003.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	Máis de 55 anos
Indefinido	1,93	1,53	0,60	1,39	0,77	0,54	0,18
Indefinido tempo parcial	0,22	0,54	0,24	0,27	0,13	0,08	0,04
Temporal	40,43	26,47	21,86	24,04	12,71	6,38	1,90
Temporal tempo parcial	7,81	16,34	12,22	7,75	2,75	1,12	0,32
Prácticas/Formación	1,61	1,26	2,35	0,38	0,07	0,05	0,02
Outros	1,39	0,46	0,24	0,62	0,56	0,33	0,11
TOTAL CONTRATOS	**53,40**	**46,60**	**37,51**	**34,44**	**16,99**	**8,49**	**2,57**

A contratación temporal a tempo completo é máis frecuente entre os homes que entre as mulleres, 40,43% fronte ao 26,47%, mentres que na temporal a tempo parcial prodúcese a distribución inversa, predominando a contratación de mulleres, 16,34%, sobre a de homes, 7,81%. No resto de modalidades a distribución porcentuais presenta leves diferenzas segundo o xénero.

A contratación temporal a tempo completo predomina en todos os intervalos de idade e concentra entre os menores de 36 anos o 45,9% do total de contratos. A seguinte modalidade máis común en todas as idades é a temporal a tempo parcial, apreciándose unha porcentaxe algo maior da contratación indefinida, ben a tempo parcial ou completo, entre os que contan entre 26 e 35 anos.

TÁBOA 38: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contrato por sectores económicos. Ano 2003.

	PRIMARIO	SECUNDARIO			CONSTRUCIÓN	SERVIZOS			
	Agr.,Gand.	Industr.	Electric.	Total	Construc.	Comerc.	Transp.	Outros	Total
Indefinido	0,31	0,55	0,03	0,58	0,33	1,03	0,16	1,06	2,25
Indefinido tempo parcial	0,00	0,05	0,00	0,05	0,02	0,37	0,05	0,26	0,68
Temporal	1,36	10,52	0,11	10,64	12,79	9,37	5,83	26,91	42,11
Temporal tempo parcial	0,06	0,97	0,02	0,99	0,41	8,92	0,43	13,35	22,69
Prácticas/Formación	0,02	0,39	0,00	0,39	0,60	1,01	0,02	0,84	1,86
Outros	0,00	0,05	0,00	0,05	0,07	0,03	0,00	1,70	1,73
TOTAL CONTRATOS	**1,75**	**12,54**	**0,16**	**12,70**	**14,22**	**20,73**	**6,48**	**44,12**	**71,33**

Case todos os contratos temporais a tempo parcial, os da tipoloxía outros e os indefinidos a tempo completo e a tempo parcial aparecen no sector servizos. Os tres primeiros principalmente no subsector de outros servizos, en tanto que o último no de comercio e hostalería.

O contrato temporal a tempo completo é o maioritario en todos os sectores; en tanto que o resto de modalidades teñen unha presenza marxinal nos sectores da construción, secundario e primario.

TÁBOA 39: Evolución da contratación provincial segundo a tipoloxía de contratos. Período 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Indefinido	21.649	19.158	22.012	18.025	10.761	-11,51	14,90	-18,11	-40,30	-16,03
Indefinido tempo parcial	3.001	3.240	2.783	5.304	2.351	7,96	-14,10	90,59	-55,67	-5,92
Temporal	179.547	189.046	181.491	189.925	207.982	5,29	-4,00	4,65	9,51	3,74
Temporal tempo parcial	48.363	54.309	58.608	64.040	75.095	12,29	7,92	9,27	17,26	11,63
Prácticas/Formación	9.157	8.989	8.628	8.473	8.930	-1,83	-4,02	-1,80	5,39	-0,63
Outros	6.554	6.809	7.257	6.656	5.771	3,89	6,58	-8,28	-13,30	-3,13
TOTAL CONTRATOS	**268.271**	**281.551**	**280.779**	**292.423**	**310.890**	**4,95**	**-0,27**	**4,15**	**6,32**	**3,75**

Os contratos temporais a tempo completo experimentan subidas nos tramos 1999-2000 e os comprendidos entre 2001 e 2003, que dan como resultado un valor de variación media de 3,74%. Os temporais a tempo parcial medran dunha forma máis expresiva, sobre todo no primeiro e no último intervalo, o que provoca que a súa variación media ascenda a un 11,63%.

Os contratos indefinidos a tempo completo e a tempo parcial, así como os da tipoloxía outros e os de prácticas/formación experimentan un decrecemento no período comprendido entre 1999 e 2003. As dúas primeiras decrecen dun xeito máis marcado, variación media de -16,03% e -5,92%, respectivamente, debido, sobre todo, ás fortes reducións experimentadas no último intervalo. A de prácticas/formación só ascende no ultimo intervalo decrecendo de forma moderada nos anteriores, finalmente obtén unha variación media de -0,63%. Os da tipoloxía outros decrecen nos dous últimos tramos, en especial no 2002-2003, ascendendo entre 1999 e 2001, finalmente obtén unha variación media de -3,13%.

4.5.5. Grandes grupos de ocupación na contratación laboral

TÁBOA 40: Distribución da contratación por grandes grupos de ocupación segundo o sexo. Ano 2003.

	TOTAL CONTRATOS	
	Nº	%
1. Dirección de empresas e administracións públicas	**782**	**0,25**
HOMES	489	0,16
MULLERES	293	0,09
2. Técnicos profesionais, científicos e intelectuais	**21.769**	**7,00**
HOMES	11.167	3,59
MULLERES	10.602	3,41
3. Técnicos e profesionais de apoio	**27.863**	**8,96**
HOMES	17.230	5,54
MULLERES	10.633	3,42
4. Empregados de tipo administrativo	**28.634**	**9,21**
HOMES	7.411	2,38
MULLERES	21.223	6,83
5. Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio	**69.158**	**22,25**
HOMES	16.405	5,28
MULLERES	52.753	16,97
6. Traballadores cualificados na agricultura e pesca	**3.081**	**0,99**
HOMES	2.665	0,86
MULLERES	416	0,13
7. Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería	**48.608**	**15,64**
HOMES	41.201	13,25
MULLERES	7.407	2,38
8. Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	**31.203**	**10,04**
HOMES	17.861	5,75
MULLERES	13.342	4,29
9. Traballadores non cualificados	**79.792**	**25,67**
HOMES	51.599	16,60
MULLERES	28.193	9,07
TOTAL CONTRATOS	**310.890**	**100,00**
TOTAL HOMES	**166.028**	**53,40**
TOTAL MULLERES	**144.862**	**46,60**

Un 73,6% das contratacións da provincia concéntrase nos seguintes grupos de ocupación:

- Traballadores non cualificados, 25,67%.
- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio, 22,25%.
- Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería, 15,64%.
- Operadores de instalacións e maquinaria, montadores, 10,04%.

Atendendo ao xénero dos contratados, a distribución dos grupos de contratación máis representativos é a seguinte:

Grupos de ocupación cunha maior contratación masculina	Grupos de ocupación cunha maior contratación feminina
• Traballadores non cualificados, 16,6%. • Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería, 13,25%. • Operadores de instalacións e maquinaria, montadores, 5,75%. • Técnicos e profesionais de apoio, 5,54%.	• Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio, 16,97%. • Traballadoras non cualificadas, 9,07%. • Empregadas de tipo administrativo, 6,83%. • Operadoras de instalacións e maquinaria, montadoras, 4,29%.

En todos os grupos predomina a contratación masculina sobre a feminina coa excepción dos dous que se sinalan a continuación:

- Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio, nos que os contratos femininos superan aos masculinos en 11,69 puntos.
- Empregadas de tipo administrativo, no que esta diferenza é de 4,45 puntos.

Os únicos grupos de ocupación onde se produce un diminución do seu número de contratos son:

- Traballadores cualificados na agricultura e pesca, no que a variación media é de -2,62%.
- Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería, -1%.

No resto de grupos prodúcese un incremento da contratación. Destaca o aumento producido en:

- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio, que obtén unha variación media de 9,41%.
- Técnicos profesionais, científicos e intelectuais, 5,73%.
- Empregados de tipo administrativo, 5,03%.
- Técnicos e profesionais de apoio, 3,38%.
- Traballadores non cualificados, 3,19%.

As contratacións masculinas descenden nos seguintes grupos:

- Traballadores cualificados na agricultura e pesca, variación media de -3,81%.
- Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería, -1,55%.
- Dirección de empresas e administracións públicas, -1,52%.
- Técnicos e profesionais de apoio, -0,19%.

No resto de grupos prodúcese un aumento da contratación masculina, destacando os experimentados en:

- Operadores de instalacións e maquinaria, variación media de 4,42%.
- Técnicos profesionais, científicos e intelectuais, 2,77%.
- Empregados de tipo administrativo, 2,61%.

A contratación feminina só descende no grupo de operadoras de instalacións e maquinaria, montadoras, que obtén unha variación media de -2,11%.

No resto de grupos de ocupación aumenta a contratación feminina; destacan sobre todo os seguintes:

- Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio, cunha variación media de 12,08%.
- Dirección de empresas e administracións públicas, 11,88%.
- Técnicas e profesionais de apoio, 10,91%.
- Técnicas profesionais, científicas e intelectuais, 9,37%.

4.5.6. Ocupacións máis contratadas

CNO	OCUPACIÓNS	TOTAL N.º	TOTAL %	HOMES N.º	HOMES %	MULLERES N.º	MULLERES %	RATIO MASCUL.[1]
53300010	Dependente de comercio, en xeral	28.743	9,25	4.297	2,59	24.446	16,88	14,95
97000011	Peón da industria manufactureira, en xeral	24.353	7,83	19.768	11,91	4.585	3,17	81,17
50200018	Camareiro, en xeral	15.240	4,90	6.780	4,08	8.460	5,84	44,49
42100010	Empregado administrativo, en xeral	13.298	4,28	4.194	2,53	9.104	6,28	31,54
98000050	Mozo carga/descarga, almacén	13.168	4,24	11.149	6,72	2.019	1,39	84,67
71100016	Albanel	12.199	3,92	12.000	7,23	199	0,14	98,37
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	12.025	3,87	2.272	1,37	9.753	6,73	18,89
83630022	Operario máquina industrial coser á plana	6.890	2,22	159	0,10	6.731	4,65	2,31
85420223	Estibador	6.166	1,98	5.514	3,32	652	0,45	89,43
96020014	Peón da construción de edificios	5.331	1,71	5.106	3,08	225	0,16	95,78
TOTAL CONTRATOS		**137.413**	**44,20**	**71.239**	**42,91**	**66.174**	**45,68**	**51,84**

(1) Ratio de Masculinidade = (N.º de contratos realizados a homes/ N.º total de contratos) x 100

Táboa 41: *As dez ocupacións máis contratadas na provincia de Ourense. Ano 2003.*

Un 44,2% da contratación realizada na provincia concéntrase en dez ocupacións, sen excesivas diferenzas a este respecto segundo o xénero das persoas contratadas. As ocupacións máis contratadas para o conxunto son as de dependente de comercio, e peón da industria manufactureira.

Entre os homes, as ocupacións con maior número de contratos son as de peón da industria manufactureira, albanel e mozo carga/descarga de almacén. En cambio entre as mulleres teñen un maior volume de contratación a de dependenta de comercio, muller/mozo de limpeza, limpadora e empregada administrativa.

Dado que a ratio de masculinidade para o conxunto das dez ocupacións é do 51,84%, pódese concluír que a presenza da contratación masculina e feminina é moi similar. Con todo, obsérvase unha tendencia á masculinización dos contratos nas ocupacións de albanel, peón da construción de edificios, estibador, mozo carga/descarga de almacén e peón da industria manufactureira, xa que alcanzan unha ratio superior ao 80%. En cambio, nas de operaria de máquina de coser á plana, dependenta de comercio, e muller/mozo de limpeza, limpadora obsérvase un maior peso específico da contratación feminina, obtendo unha ratio inferior ao 20%.

CNO	OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS	1999	2000	2001	2002	2003
53300010	**Dependente de comercio, en xeral**	**18.313**	**22.558**	**23.522**	**25.683**	**28.743**
97000011	**Peón da industria manufactureira, en xeral**	**18.711**	**19.312**	**18.073**	**19.391**	**24.353**
50200018	**Camareiro, en xeral**	**11.064**	**11.052**	**11.250**	**12.950**	**15.240**
42100010	**Empregado administrativo, en xeral**	**12.179**	**13.262**	**13.693**	**14.635**	**13.298**
98000050	**Mozo carga/descarga, almacén**	**10.492**	**11.416**	**11.514**	**12.111**	**13.168**
71100016	**Albanel**	**14.323**	**13.275**	**13.149**	**12.302**	**12.199**
91210016	**Muller/mozo limpeza, limpador en xeral**	**11.485**	**11.895**	**11.385**	**11.547**	**12.025**
83630022	**Operario máquina industrial coser á plana**	**10.183**	**11.839**	**11.849**	**7.892**	**6.890**
85420223	**Estibador**	4.263	**5.682**	**6.877**	**6.234**	**6.166**
96020014	**Peón da construción de edificios**	**7.954**	**6.909**	**7.034**	**6.212**	**5.331**
30410156	TÉCNICO EN DOBRAXE	**5.788**	2.661	1.890	3.020	3.968

Táboa 42: *Evolución das dez ocupacións máis contratadas entre 1999 e 2003.*

A principal característica na evolución das dez ocupacións máis contratadas da provincia da Coruña é a estabilidade na súa composición, debido a que tan só dúas entran ou saen desta lista. Así, a de estibador entra a partir do ano 2000, saíndo a de técnico de dobraxe.

As ocupacións nas que se produce un maior aumento son as de dependente de comercio, variación media de 11,93%, estibador, que, malia os leves descensos dos dous últimos anos, consegue unha variación media de 9,67%, e a de camareiro, 8,33%. Tamén é destacable o aumento na de peón da industria manufactureira, sobre todo no último ano, acadando unha variación media de 6,81%.

En cambio, peón da construción de edificios, técnico en dobraxe e operario máquina industrial de coser á plana ven reducido o seu volume de contratos, oscilando ao redor do -9% as variacións medias obtidas. A unha escala máis modesta, variación media de -3,93%, tamén é salientable o descenso da contratación na ocupación de albanel.

capítulo

5

Análise do mercado laboral nas comarcas



Comarca da Barcala

5.1. TECIDO EMPRESARIAL

5.1.1. Tecido empresarial comarcal. Situación actual

A comarca da Barcala amosa en 2003 un tecido económico caracterizado polo predominio dos sectores servizos e primario, dependendo dos factores de análise aos que se faga referencia. A maior parte de empresas e traballadores autónomos pertencen ao sector de servizos, mentres que no caso dos traballadores por conta allea é o sector primario o que ten a maior representación.

As empresas da comarca pertencen na súa maioría ao sector servizos, que representa o 59,44%. Nun segundo lugar, con aproximadamente a metade de peso, está o sector da construción, que agrupa o 27,62%. A bastante distancia sitúase o sector secundario, co 11,19%, pechando a serie o primario, cunha ínfima representación.

No ámbito de subsectores dos servizos, o máis destacado é o de comercio e hostalería, que agrupa o 30,77%, seguido do de outros servizos, co 23,08% das empresas.

A diferenza do que sucede coas empresas, a meirande parte dos traballadores pertencen ao sector primario, que ocupa o 39,57% deles. Séguelle o sector servizos, co 29,63%, e o secundario, co 19,03%. Pecha a distribución neste caso o sector da construción, co 11,78%.

Dentro do sector servizos destaca o subsector de outros servizos, co 15,54% dos traballadores. A continuación están o de comercio e hostalería, co 10,69%, en tanto que o de transporte ten un peso minoritario.

Nos traballadores autónomos predomina o sector servizos, que dá cabida ao 67,24% destes. En segundo lugar está o da construción, co 21,67%; o resto ten un peso relativamente menor. Tamén cómpre destacar o forte peso do subsector de comercio e hostalería, que neste caso agrupa case a metade de todos os autónomos, en concreto o 45,73%.

5.1.2. Evolución anual

TÁBOA 1: *Evolución do número de empresas. Período 1999-2003.*

	EMPRESAS				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	**29**	**34**	**35**	**25**	**5**
Agricultura e pesca	29	34	35	25	5
SECTOR SECUNDARIO	**40**	**35**	**35**	**36**	**32**
Industria	39	34	34	34	30
Electricidade	1	1	1	2	2
SECTOR CONSTRUCIÓN	**69**	**68**	**66**	**70**	**79**
Construción	69	68	66	70	79
SECTOR SERVIZOS	**192**	**151**	**165**	**162**	**170**
Comercio e hostalería	88	79	91	91	88
Transporte e comunicacións	14	13	15	14	16
Outros servizos	90	59	59	57	66
TOTAL	**330**	**288**	**301**	**293**	**286**

GRÁFICO 1: *Variacións interanuais do número de empresas por sector económico. Período 1999-2003.*



Na Barcala, o número de empresas redúcese paulatinamente, amosando un saldo negativo de variación media entre 1999 e 2003, período de referencia, que se sitúa no -3,51%. A evolución en conxunto presenta unha redución continuada, exceptuando un pequeno incremento que ten lugar en 2001, onde aparece unha variación interanual de 4,51%.

Todos os sectores perden número de empresas, excepto o da construción, que reflite un crecemento de 3,44%. Este mesmo sector inicia a súa traxectoria descendendo ata o 2001; posteriormente recupérase e mantén o crecemento ata o final do período.

No sector maioritario, o de servizos, rexístrase unha variación media de -3%. A súa evolución debátese entre incrementos e reducións constantes, amosando no ámbito subsectorial diferentes tendencias. Mentres o subsector de comercio e hostalería mantén o seu peso e aumenta o de transporte nun 3,39%, malia a súa escasa dimensión, o de outros servizos diminúe nun -7,46%. Este último é o que presenta unha tendencia con maiores alteracións arrancando no 2000 cunha regresión de -34,44% e pechando cun crecemento de 15,79%.

Nos sectores primario e secundario rexístranse unhas variacións medias de -35,56% e -5,43% respectivamente, perdendo peso sobre todos nos últimos anos, cuestión que afecta en maior medida ao sector primario.

	TRABALLADORES				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	**767**	**828**	**883**	**858**	**840**
Agricultura e pesca	767	828	883	858	840
SECTOR SECUNDARIO	**372**	**376**	**389**	**361**	**404**
Industria	370	374	387	359	402
Electricidade	2	2	2	2	2
SECTOR CONSTRUCIÓN	**238**	**213**	**231**	**217**	**250**
Construción	238	213	231	217	250
SECTOR SERVIZOS	**585**	**540**	**652**	**612**	**629**
Comercio e hostalería	189	213	231	231	227
Transporte e comunicacións	63	63	85	70	72
Outros servizos	333	264	336	311	330
TOTAL	**1.962**	**1.957**	**2.155**	**2.048**	**2.123**

Táboa 2: *Evolución do número de traballadores. Período 1999-2003.*

A diferenza do que sucede no caso das empresas, o número de traballadores increméntase de forma moderada, presentando en conxunto unha variación media de 1,99%. A traxectoria deste indicador debátese entre valores de crecemento e regresión en todo o período, alternando variacións interanuais positivas e negativas.



Gráfico 2*: Variacións interanuais do número de traballadores por sector económico. Período 1999-2003.*

Todos os sectores sen excepción incrementan o número de traballadores; o sector primario faino de maneira máis elevada, rexistrando unha variación media de 2,30%. Este sector é tamén o de maior volume. Amosa un incremento positivo no período 2000-2001, ao que segue un período de moderada redución, rexistrando variacións interanuais negativas.

O número de traballadores do sector servizos aumenta nun 1,83%, amosando unha evolución similar á de todo o conxunto, con descensos nos períodos 1999-2000 e 2001-2002. Tras iniciar o período cun decrecemento de -7,69%, reflite un forte crecemento do 20,74% no período seguinte, reducindo peso de novo e pechando o ciclo cun crecemento moderado.

Dentro do sector servizos, os subsectores de comercio e transporte incrementan o seu peso, mentres que o de outros servizos reflite un lixeiro estancamento con tendencia á baixa.

Os dous sectores restantes amosan variacións medias de crecemento: 2,08% o sector secundario e 1,24% o sector da construción. Nunha aproximación por períodos interanuais presentan alternativamente valores de crecemento e regresión. Cómpre dicir que os dous sectores pechan o período cun incremento substancial, presentando variacións interanuais en 2002-2003 de 11,91% o sector secundario e 15,21% o sector da construción.

TÁBOA 3: Evolución do número de autónomos. Período 1999-2003.

	AUTÓNOMOS				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	**7**	**5**	**5**	**6**	**10**
Agricultura e pesca	7	5	5	6	10
SECTOR SECUNDARIO	**29**	**32**	**47**	**51**	**55**
Industria	29	32	47	51	55
SECTOR CONSTRUCIÓN	**76**	**85**	**94**	**102**	**127**
Construción	76	85	94	102	127
SECTOR SERVIZOS	**284**	**301**	**325**	**359**	**394**
Comercio e hostalería	201	207	218	240	268
Transporte e comunicacións	30	37	41	39	42
Outros servizos	53	57	66	80	84
TOTAL	**396**	**423**	**471**	**518**	**586**

GRÁFICO 3: Variacións interanuais do número de autónomos por sector económico. Período 1999-2003.



O número de autónomos increméntase substancialmente no período de referencia, recollendo unha variación media do 10,29%. A traxectoria deste indicador caracterízase polos continuos incrementos, rexistrando valores positivos de variación interanual todos os anos.

O sector servizos, o máis representativo cuantitativamente, rexistra unha variación media de 8,53%, presentando unha tendencia de evolución positiva en todos os períodos. Dentro deste, nunha aproximación por subsectores, todos eles rexistran variacións interanuais positivas, exceptuando unha pequena regresión no subsector de transporte, que pasa de 41 autónomos en 2001 a 39 en 2002. O subsector de outros servizos é o que máis medra, presentando unha variación media de 12,20%.

No sector da construción aumenta notablemente o volume de autónomos entre 1999 e 2003, cunha variación media de 13,7%. A mesma evolución obsérvase no sector secundario, que reflite unha variación media de 17,35%. Ambos os dous rexistran, polo tanto, unha evolución positiva caracterizada por altos valores de crecemento.

O sector primario ten pouco peso relativo no que atinxe ao número de autónomos. Presenta unha variación positiva, aínda que irregular, pasando de 7 autónomos no ano 1999 a un total de 10 no ano 2003.

5.2. DEMANDAS

5.2.1. Demandantes por concello

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
A Baña	261	86	347
Negreira	372	154	526
TOTAL	**633**	**240**	**873**

TÁBOA 4: Distribución dos demandantes segundo os concellos da comarca.

% comarca/provincia - PARADOS	**0,96**
% comarca/provincia - NON PARADOS	**0,79**

A comarca da Barcala rexistra un total de 873 demandantes de emprego, dos cales o 72,51% son parados. O 0,96% dos demandantes parados da provincia pertencen a esta comarca, mentres que os non parados supoñen o 0,79%.

O 60,25% dos demandantes pertencen ao concello de Negreira. Este concello agrupa o 58,77% dos demandantes parados e o 64,16% dos non parados.



GRÁFICO 4: Distribución dos demandantes da comarca por concello.

5.2.2. Evolución dos demandantes parados

	TRABALLADORES				
	1999	2000	2001	2002	2003
PARADOS COMARCA	630	641	599	620	633
VARIACIÓN INTERANUAL %	–	1,75	-6,55	3,51	2,10
COMARCA/TOTAL PROVINCIA	1,07	1,07	1,03	0,97	0,96

TÁBOA 5: Evolución dos demandantes parados.

Excepto en 2001, ano en que diminúe o número de demandantes nun -6,55%, no resto de anos increméntase, rexistrando o maior crecemento en 2002, cunha variación interanual de 3,51%. Observando os valores de inicio e final de ciclo, 1999 e 2003, rexístrase unha variación pouco significativa do número de demandantes. En efecto, en 2003 só hai tres demandantes máis dos que se rexistran en 1999. O que si cambia é a representación no ámbito provincial, pois no primeiro ano é do 1,07% e no último é do 0,96%.



GRÁFICO 5: Evolución dos demandantes parados da comarca.

5.2.3. Caracterización da situación sociolaboral dos demandantes de emprego

TÁBOA 6: Situación laboral dos demandantes

		VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	86	9,85	12,67
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	547	62,66	55,76
NON PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	25	2,86	3,98
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	99	11,34	11,46
	Con traballo a tempo parcial e prestación compatible	30	3,44	4,73
	En expediente de regulación de emprego	0	0,00	2,34
	Demandantes de mellora de emprego	57	6,53	5,98
	Demandantes de emprego de menos de 20 h	18	2,06	2,38
	Resto de demandantes	11	1,26	0,71
	TOTAL	**873**	**100,00**	**100,00**

O perfil tipo de demandante é o de parado con emprego anterior, que supón o 62,66% da demanda, superándose a porcentaxe provincial en 6,9 puntos. A continuación sitúase o grupo de demandantes non parados con emprego anterior, que cun 11,34% mantén unha porcentaxe similar á provincial. En terceiro lugar están os demandantes parados sen experiencia laboral previa, que supoñen o 9,85% da demanda, a diferenza do que sucede na provincia, onde este colectivo ocupa o segundo lugar, co 12,67%.

Tamén se observa unha porcentaxe importante de demandantes de mellora de emprego, que supoñen o 6,53% e superan lixeiramente o valor provincial.

5.2.4. Demandantes de emprego por sexo e idade

TÁBOA 7.1: Demandantes parados por sexo e grupos de idade.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	HOMES %	MULLERES %	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	36	50	5,69	7,90	13,59	17,50
26 a 35 anos	59	101	9,32	15,96	25,28	30,43
36 a 45 anos	62	61	9,79	9,64	19,43	22,04
46 a 55 anos	89	45	14,06	7,11	21,17	17,68
56 e máis anos	101	29	15,96	4,58	20,54	12,34
TOTAL COMARCA	**347**	**286**	**54,82**	**45,18**	**100,00**	**0,96**
TOTAL PROVINCIA	**26.764**	**39.271**	**40,53**	**59,47**	**0,96**	**100,00**

O 54,82% dos demandantes parados da comarca son homes, a diferenza do que sucede na provincia, onde predominan as mulleres. A maior concentración de demandantes nos homes ten lugar nos maiores de 45 anos, onde se inscribe o 30,02%. Pola contra, nas mulleres obsérvase un perfil de demandante máis nova, de entre 26 e 45 anos, que supón o 25,6%; predomina o grupo de 26 a 35, que mantén a mesma porcentaxe que os homes maiores de 55 anos, converténdose así nos dous grupos de demandantes maioritarios.

Sen facer diferenciación por xénero, o tramo de idade máis representativo é o de 26 a 35, que co 25,28% se sitúa 5,15 puntos por debaixo da porcentaxe provincial para o mesmo intervalo. A continuación obsérvase unha concentración maior nos dous intervalos superiores, a diferenza dos valores provinciais, con maiores porcentaxes nos tramos de idade intermedios.

Táboa 7.2: *Demandantes non parados por sexo e grupos de idade.*

	HOMES N.º	MULLERES N.º	HOMES %	MULLERES %	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	13	21	5,42	8,75	14,17	18,07
26 a 35 anos	19	42	7,92	17,50	25,42	27,98
36 a 45 anos	22	34	9,17	14,17	23,33	19,81
46 a 55 anos	16	16	6,67	6,67	13,33	17,58
56 e máis anos	43	14	17,92	5,83	23,75	16,55
TOTAL COMARCA	**113**	**127**	**47,08**	**52,92**	**100,00**	**0,79**
TOTAL PROVINCIA	**12.680**	**17.790**	**41,61**	**58,39**	**0,79**	**100,00**

Nos demandantes non parados predominan as mulleres, co 52,92%, igual que sucede na provincia, pero se ben nunha porcentaxe menor. Nos homes apréciase unha concentración importante de demandantes nos maiores de 55 anos, que supoñen o 17,92%, mentres que nas mulleres se concentra o 31,67% entre os 26 e 45 anos.

En ambos os dous ámbitos destaca o grupo de 26 a 35 como o de maior número de demandantes, sendo a distribución diferente no resto de tramos. Nos maiores de 55 anos resulta significativo que a porcentaxe comarcal supere á provincial en 7,2 puntos.

O perfil tipo de demandantes parados é o de 26 a 35 anos, que supón o 18,33% do total de demandas realizadas na comarca. No caso dos demandantes non parados, predomina o mesmo tramo, se ben só representa o 6,99%. A partir dos 35 anos a distribución de demandantes parados é bastante similar. No caso dos demandantes non parados apréciase unha redución importante no intervalo comprendido entre 46 e 55 anos.



Gráfico 6: *Distribución porcentual do total de demandantes por grupos de idade.*

A maior parte dos demandantes parados son homes, en concreto o 39,75% do total de demandantes da comarca, 6,99% puntos por enriba da porcentaxe correspondente ás mulleres. Pola contra, no caso dos non parados son as mulleres as que rexistran a maior porcentaxe, representando o 14,55% do total de demandantes, 1,61 puntos por enriba dos homes.



Gráfico 7: *Distribución porcentual do total de demandantes por sexo.*

5.2.5. Demandantes por nivel académico

TÁBOA 8.1: Distribución dos demandantes parados por nivel académico.

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Ata certificado de escolaridade*	287	45,34	31,78
Titulación de ensinanza obrigatoria	208	32,86	37,12
Formación profesional	28	4,42	5,63
BUP/Bacharelato superior/COU	71	11,22	12,20
Titulados universitarios	34	5,37	11,17
Outras titulacións	5	0,79	2,11
TOTAL	**633**	**100,00**	**100,00**

** Inclúe: sen estudos, estudos primarios e certificado de escolaridade*

Mentres que na provincia predomina o grupo de demandantes con titulación obrigatoria, na Barcala percíbese maior número no nivel académico inferior, que agrupa o 45,34% dos demandantes de emprego parados, superando á porcentaxe provincial nun 13,56%. No resto de casos a distribución é semellante, apreciándose no caso dos titulados universitarios a diferenza máis significativa, onde a provincia supera á comarca nun 5,8%.

TÁBOA 8.2: Distribución dos demandantes non parados por nivel académico.

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Ata certificado de escolaridade	102	42,50	30,62
Titulación de ensinanza obrigatoria	79	32,92	33,40
Formación profesional	7	2,92	5,72
BUP/Bacharelato superior/COU	30	12,50	15,70
Titulados universitarios	20	8,33	13,03
Outras titulacións	2	0,83	1,53
TOTAL	**240**	**100,00**	**100,00**

Tal como sucedía cos parados, nos demandantes non parados predomina o grupo de persoas sen estudos ou que teñen o certificado de escolaridade, que supón o 42,5%, a diferenza do que sucede na provincia, onde ten maior presenza o grupo con nivel de titulación obrigatoria. Nos niveis superiores ao ensino obrigatorio os valores provinciais son significativamente maiores que os da comarca.

5.2.6. Demandantes parados por tempo de busca de emprego

TÁBOA 9: Distribución dos demandantes parados segundo o sexo e a idade por tempo de busca de emprego.

		Menos de 6 meses %	De 6 meses a 1 ano %	Máis de 1 ano %	TOTAL %
Menor de 26 anos	Homes	4,11	1,11	0,47	5,69
	Mulleres	3,63	2,05	2,21	7,90
26 a 35 anos	Homes	5,85	1,74	1,74	9,32
	Mulleres	6,79	3,48	5,69	15,96
36 a 45 anos	Homes	5,53	1,42	2,84	9,79
	Mulleres	3,48	1,42	4,74	9,64
46 a 55 anos	Homes	4,58	1,42	8,06	14,06
	Mulleres	1,42	1,74	3,95	7,11
56 e máis anos	Homes	2,84	0,95	12,16	15,96
	Mulleres	0,63	0,32	3,63	4,58
TOTAL COMARCA		**38,86**	**15,64**	**45,50**	**100,00**
TOTAL PROVINCIA		**48,04**	**14,84**	**37,13**	**100,00**

Case a metade dos demandantes da comarca, o 45,5%, levan máis dun ano á procura de emprego, converténdose no grupo maioritario, a diferenza do que sucede na provincia, onde predominan os parados de menos de seis meses.

Nos demandantes de longa duración as mulleres de ata 45 anos superan aos homes da mesma idade, inverténdose a relación para o continxente de maiores de 45 anos, no que predominan os homes. Efectivamente, nos intervalos de idade por enriba dos 45 anos rexístrase unha concentración importante de demandantes homes, que supoñen o 20,22% do total de demandantes. Sen tomar en conta a variable idade, observamos que os homes demandantes de longa duración representan o 25,27% do total de demandantes. Para as mulleres na mesma situación o valor alcanzado é o 20,23%.

Nos demandantes parados de menos de 6 meses, predominan os homes, co 22,91%, sobre o 15,95% de mulleres. Este maior peso masculino rexístrase en todos os tramos de idade, excepto no de 26 a 35, onde as mulleres superan aos homes lixeiramente.

Entre seis meses e un ano como demandantes sobresaen as mulleres, cun 9,01%, sobre o 6,64% de homes. Neste caso predominan as mulleres en todos os tramos ou igualan a porcentaxe dos homes, como é o caso dos de 36 a 45. Só cabe unha excepción nos maiores de 55 anos, onde se aprecia un lixeiro predominio dos homes.

5.2.7. Demandantes por sectores económicos de procedencia

Táboa 10: *Demandantes por actividade económica.*

	PARADOS			NON PARADOS		
	Comarcal N.º	Comarcal %	Provincial %	Comarcal N.º	Comarcal %	Provincial %
Sector primario	20	3,16	2,00	1	0,42	2,78
Sector secundario	64	10,11	17,16	24	10,00	18,47
Construción	151	23,85	13,36	43	17,92	8,13
Sector servizos	313	49,45	49,08	138	57,50	54,02
Sen actividade previa	85	13,43	18,41	34	14,17	16,59
TOTAL	**633**	**100,00**	**100,00**	**240**	**100,00**	**100,00**

O 49,45% dos demandantes parados da comarca pertencen ao sector servizos, que predomina amplamente sobre o resto de sectores e mantén ao mesmo tempo un valor bastante similar ao provincial. En segundo lugar está o sector da construción, que co 23,85% dos demandantes supera en 10,49 puntos á porcentaxe provincial.

Nos demandantes non parados apréciase unha distribución moi similar á dos demandantes parados, malia que o número de demandantes en termos absolutos é case tres veces menor. Neste caso, tamén predomina o sector servizos, co 57,50%, tendo unha concentración máis elevada que a do caso anterior. De novo o sector da construción, co 17,92%, duplica a porcentaxe provincial de referencia.

GRÁFICO 8: *Demandantes parados na industria.*



Malia a escasa dimensión deste continxente en termos absolutos, podemos sinalar que unha terceira parte dos demandantes parados pertencen á industria téxtil e da confección. Séguenlle por orde os das actividades pertencentes a outras industrias sen clasificar, que supoñen o 28%, seguido dos das actividades da alimentación, co 19%. O 20% restante distribúese nas demais actividades, predominando co 11% os demandantes da metalurxia e fabricación de produtos de metal.

GRÁFICO 9: *Demandantes parados nos servizos.*



Nos servizos son as administracións públicas as que concentran a maior porcentaxe de demandantes, o 23%. En segundo lugar, co 20%, está o comercio, seguida das actividades de hostalería e inmobiliarias, que comparten ambas o valor porcentual de 19%.

5.2.8. As dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego

TÁBOA 11: *Ocupacións máis demandadas.*

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Albanel	83	9,51	2,65
Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	68	7,79	7,21
Peón da construción de edificios	64	7,33	2,57
Empregado administrativo	60	6,87	8,93
Dependente de comercio	56	6,41	8,97
Peón da industria manufactureira	52	5,96	3,87
Camareiro	46	5,27	2,68
Cociñeiro	30	3,44	1,41
Xardineiro	17	1,95	0,62
Operario máquina industrial coser á plana, excepto pel e calzado	15	1,72	2,29

5.2.9. Perfil tipo dos demandantes de emprego

TÁBOA 12: *Perfil máis representativo.*

	PERFIL COMARCAL TIPO	PERFIL PROVINCIAL TIPO
Situación laboral	Parados con emprego anterior	Parados con emprego anterior
Sexo	**Homes**	Mulleres
Grupo idade	De 26 a 35 anos	De 26 a 35 anos
Nivel académico	**Ata certificado de escolaridade**	Titulación ensinanza obrigatoria
Duración demanda	**Máis de 1 ano**	Menos de 6 meses
Sector	Servizos	Servizos
Ocupación máis demandada	**Albanel**	Dependente de comercio

5.3. OFERTAS

5.3.1. Ofertas no servizo público de emprego galego 2003. Evolución

	TOTAL OFERTAS	TOTAL %
A Baña	21	23,33
Negreira	69	76,67
TOTAL COMARCA	**90**	**100,00**

Táboa 13: *Número de ofertas por concellos. Ano 2003.*

TOTAL OFERTAS PROVINCIA:	**32.600**
COMARCA/PROVINCIA:	**0,28**

Na Barcala tan só se realizan un total de 90 ofertas de emprego no ano 2003, que supoñen o 0,28% das realizadas na provincia da Coruña. Destas, tres cuartas partes pertencen ao concello de Negreira.

	N.º OFERTAS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
A Baña	14	25	18	25	21	78,57	-28,00	38,89	-16,00	10,67
Negreira	3	47	57	59	69	1.466,67	21,28	3,51	16,95	118,99
TOTAL COMARCA	**17**	**72**	**75**	**84**	**90**	**323,53**	**4,17**	**12,00**	**7,14**	**51,69**
TOTAL PROVINCIA	**29.835**	**37.922**	**30.755**	**30.380**	**32.600**	**27,11**	**-18,90**	**-1,22**	**7,31**	**2,24**

Táboa 14: *Evolución das ofertas. Período 1999-2003. Valores absolutos e relativos.*

O número de ofertas increméntase de forma considerable no período de referencia, amosando o crecemento máis elevado no ano 2000, que rexistra 55 ofertas máis que o ano anterior. A partir de aí a traxectoria vai en aumento, pero moi moderadamente, mantendo un peso similar en todos os anos. Deste xeito, remata o período amosando unha variación media de 51,69%.

Negreira é o concello que maior incremento de ofertas presenta, pasando de ter 3 en 1999 a 69 en 2003, o que representa unha variación media de 118,69%. A evolución é, polo tanto, ascendente, mellorando cada ano as ofertas do ano anterior. O salto cuantitativo máis importante ten lugar no ano 2000, onde case multiplica por 16 as ofertas do ano anterior.

No concello da Baña tamén aumentan as ofertas, pero de forma pouco significativa, xa que entre 1999 e 2003 só hai un incremento de 7 ofertas.



Gráfico 10: *Evolución do número de ofertas dos concellos da comarca.*

5.3.2. Ofertas segundo os sectores de actividade económica

TÁBOA 15: *Distribución das ofertas por concellos segundo os sectores económicos. Valores absolutos e relativos en relación co total da comarca.*

	PRIMARIO		SECUNDARIO		CONSTRUCIÓN		SERVIZOS	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%
A Baña	0	0,00	0	0,00	0	0,00	21	33,87
Negreira	0	0,00	12	100,00	16	100,00	41	66,13
TOTAL COMARCA	**0**	**0,00**	**12**	**100,00**	**16**	**100,00**	**62**	**100,00**
TOTAL PROVINCIA	**338**	**0,00**	**3.112**	**0,00**	**5.814**	**0,00**	**23.331**	**0,00**

A meirande parte das ofertas realizadas proceden do sector servizos, que supón o 69% do total das emitidas. Neste sector, Negreira promove o dobre que o concello da Baña. A maiores cómpre dicir que o 100% das ofertas da construción e sector secundario tamén se realizan en Negreira, representando o 18% e 13% respectivamente. O sector primario non rexistra ningunha oferta.

GRÁFICO 11: *Distribución porcentual das ofertas por sectores económicos.*



Hai un número moi alto de ofertas vinculadas ao sector servizos, en tanto que a representatividade do sector da construción e do secundario é máis marxinal, 18% e 13% das ofertas, respectivamente.

Das nove ofertas vinculadas á industria, catro delas proveñen da actividade de metalurxia e fabricación de produtos metálicos, repartíndose o resto entre a de outras industrias e a de madeira.

GRÁFICO 12: *Distribución porcentual das ofertas nos Servizos.*



O 46% das ofertas pertencentes ao sector servizos proceden das actividades das administracións públicas; cun 15% sitúanse a de hostalería e a de actividades inmobiliarias e servizos ás empresas.

TÁBOA 16: *Evolución das ofertas por sectores económicos.*

	1999	2000	2001	2002	2003
Primario	0	0	0	2	0
Secundario	0	2	7	3	12
Construción	0	9	7	19	16
Servizos	17	61	61	60	62
TOTAL COMARCA	**17**	**72**	**75**	**84**	**90**
TOTAL PROVINCIA	**29.835**	**37.922**	**30.755**	**30.380**	**32.600**

O sector servizos, tras experimentar un aumento relevante de ofertas no ano 2000, estáncase e nos anos seguintes mantén un número moi similar delas. No sector secundario apréciase o maior crecemento en 2003, mentres que no da construción prodúcese un lixeiro descenso neste ano en relación co ano anterior, que é onde rexistra igualmente o maior incremento cuantitativo.

5.3.3. Perfil básico das ofertas

Tan só trece ofertas tiñan en conta o sexo dos traballadores: seis requirían homes e sete mulleres; a metade dos primeiros concentrábanse no sector da construción, en tanto que a totalidade das segundas vinculábase ao sector servizos.

Un número moi escaso de ofertas demandaban un determinado nivel académico, en concreto oito; tres delas solicitaban ensinanza obrigatoria e outras tres titulación universitaria.

5.3.4. Análise ocupacional das ofertas

TÁBOA 17: Ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores.

	1999	2000	2001	2002	2003
Albanel	3	13	18	7	7
Pintor/Colorista	0	0	0	2	6
Auxiliar de axuda a domicilio/Coidador de anciáns	1	3	1	2	5
Camareiro - Barman	1	1	2	1	5
Cociñeiro / Grelleiro / Pizzeiro / Pranchista	0	0	0	1	4
Peón de albanel/Peón de obras públicas	5	15	7	15	3
Xeseiro	0	5	0	2	3
Animador sociocultural	0	1	2	1	3
Axente comercial / Vendedor	1	2	6	3	3
Auxiliar administrativo	1	0	1	1	2

Nos centros colaboradores as ocupacións da construción, albanel e pintor/colorista son as máis ofertadas. Na primeira obsérvase un crecemento nos anos intermedios e un descenso ao final, como sucede coa de peón de albanel, que descende considerablemente en 2003 en relación co número de ofertas do ano anterior.

Cómpre sinalar que nesta comarca non se rexistran ofertas nas oficinas de emprego.

5.4. CONTRATOS

5.4.1. Número de contratos no ámbito comarcal e municipal

Táboa 18: Número de contratos na comarca e nos concellos. Ano 2003.

	CONTRATOS 2003	
	N.º	%
A BAÑA	143	16,82
NEGREIRA	707	83,18
TOTAL COMARCA	**850**	**100,00**
TOTAL PROVINCIA	**310.890**	**0,27**

Na comarca da Barcala rexístranse un total de 850 contratos de traballo, dos cales o 83,18% realízanse no concello de Negreira. A contratación no ano 2003 supón o 0,27% do total de contratos realizados na provincia.

Táboa 19: Evolución do número de contratos no ámbito comarcal. Variacións anuais. 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA %
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
A BAÑA	243	192	154	151	143	-20,99	-19,79	-1,95	-5,30	-12,41
NEGREIRA	615	670	754	701	707	8,94	12,54	-7,03	0,86	3,55
TOTAL COMARCA	**858**	**862**	**908**	**852**	**850**	**0,47**	**5,34**	**-6,17**	**-0,23**	**-0,23**
TOTAL PROVINCIA	**268.271**	**281.551**	**280.779**	**292.423**	**310.890**	**4,95**	**-0,27**	**4,15**	**6,32**	**3,75**

No período de referencia, a contratación na Barcala descende nun -0,23%, mantendo en termos absolutos practicamente o mesmo volume en 2003 do que tiña en 1999. Tras un incremento nos anos 2000 e 2001, iníciase unha etapa de descenso que rematará no último ano con oito contratos menos que os realizados en 1999.

Mentres que o concello de Negreira incrementa a contratación, na Baña sucede o contrario, perdendo 100 contratos en termos absolutos. Negreira presenta unha evolución positiva continua, excepto no 2002, como se aprecia na variación interanual dese ano, que é de -7,03%. Pola contra, na Baña diminúe a contratación todos os anos, facéndoo de maneira máis acusada no 2000 e 2001.

5.4.2. Contratación comarcal segundo o sexo e a idade

Táboa 20: Distribución da contratación comarcal segundo o sexo e a idade. Ano 2003.

	N.º CONTRATOS			% CONTRATOS		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Menos de 26 anos	144	112	256	16,94	13,18	30,12
De 26 a 35 anos	129	142	271	15,18	16,71	31,88
De 36 a 45 anos	104	59	163	12,24	6,94	19,18
De 46 a 55 anos	85	43	128	10,00	5,06	15,06
De 56 e máis anos	25	7	32	2,94	0,82	3,76
TOTAL COMARCA	**487**	**363**	**850**	**57,29**	**42,71**	**100,00**
TOTAL PROVINCIAL	**166.028**	**144.862**	**310.890**	**53,40**	**46,60**	**100,00**

Con 3,89 puntos porcentuais por riba da provincia, predomina na Barcala a contratación masculina, recolléndose a meirande parte dos contratos nos tramos de idade máis nova. Neste caso apréciase unha diminución contractual a medida que imos incrementando a idade. Nas mulleres predominan as contratadas que teñen entre 26 a 35 anos, agrupando coas do tramo anterior o 29,89%. Este mesmo intervalo supón no caso dos homes o 32,12%. A partir dos 35 anos a porcentaxe de homes contratados case dobra á de mulleres en todos os tramos.

Conxuntamente, cómpre sinalar unha concentración bastante importante da contratación ata os 35 anos, que supón o 62%.

Táboa 21: *Evolución do número de contratos da comarca segundo o sexo. Período 1999-2003.*

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Homes	581	594	574	574	487	2,24	-3,37	0,00	-15,16	-4,32
Mulleres	277	268	334	278	363	-3,25	24,63	-16,77	30,58	6,99
TOTAL CONTRATOS	**858**	**862**	**908**	**852**	**850**	**0,47**	**5,34**	**-6,17**	**-0,23**	**-0,23**

A contratación de homes decrece nun -4,32%, mentres que a de mulleres se incrementa nun 6,99%. As tendencias en ambos os dous colectivos son opostas. No caso dos homes intercálanse valores de crecemento e regresión, culminando en 2003 cun descenso considerable de -15,16%. Nas mulleres a evolución tamén é inestable, diferindo ao final, onde experimenta un crecemento de 30,58% en 2003, que supón un aumento cuantitativo de 85 contratos en relación co ano anterior.

En 1999 a contratación de homes supera á de mulleres nun 35,44%, paliándose esa diferenza en 2003, onde tan só se aprecia unha superioridade porcentual dos homes nun 14,58%. O resto de anos presentan unha variación mínima respecto aos datos de 1999.



Gráfico 13: *Evolución da distribución da contratación comarcal segundo o sexo. Período 1999-2003. Valores proporcionais.*

Táboa 22: *Evolución do número de contratos da comarca segundo a idade. Período 1999-2003.*

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Menor de 26 anos	354	320	310	298	256	-9,60	-3,13	-3,87	-14,09	-7,78
De 26 a 35 anos	217	264	284	264	271	21,66	7,58	-7,04	2,65	5,71
De 36 a 45 anos	143	150	156	141	163	4,90	4,00	-9,62	15,60	3,33
De 46 a 55 anos	113	102	125	112	128	-9,73	22,55	-10,40	14,29	3,17
De 56 e máis anos	31	26	33	37	32	-16,13	26,92	12,12	-13,51	0,80
TOTAL CONTRATOS	**858**	**862**	**908**	**852**	**850**	**0,47**	**5,34**	**-6,17**	**-0,23**	**-0,23**

Os menores de 26 anos son o único colectivo que experimenta unha diminución contractual no período de referencia, amosando unha variación media de -7,78%. A súa traxectoria destaca por ofrecer todos os anos valores de regresión, rexistrando o máis elevado en 2003, onde se presenta unha variación interanual de -14,09%. No resto de tramos de idade o crecemento contractual vaise reducindo a medida que se incrementa a idade.

Entre os 26 e 35 anos, primeiro tramo en importancia cuantitativa, obsérvase unha variación media de 5,71%. Neste caso increméntase todos os anos a contratación, excepto en 2002, que sofre unha redución de -7,04%. O maior crecemento dáse no ano 2000, no que se aprecia unha variación interanual do 21,66%.

5.4.3. Contratación comarcal segundo os sectores económicos

TÁBOA 23: *Distribución da contratación por sectores/subsectores económicos.*

	CONTRATOS 2003 N.º	%
SECTOR PRIMARIO	**7**	**0,82**
Agricultura e pesca	7	0,82
SECTOR SECUNDARIO	**255**	**30,00**
Industria	255	30,00
SECTOR CONSTRUCIÓN	**180**	**21,18**
Construción	180	21,18
SECTOR SERVIZOS	**408**	**48,00**
Comercio e hostalería	133	15,65
Transporte e comunicacións	29	3,41
Outros servizos	246	28,94
TOTAL CONTRATOS	**850**	**100,00**

Practicamente a metade da contratación procede do sector servizos, que concentra o 48%. En segundo lugar está o sector secundario, co 30%. Séguelle a construción, co 21,18%. Nunha aproximación por subsectores, o de maior peso é a industria, co 30%. O segundo subsector máis importante é o de outros servizos, que agrupa o 28,94% da contratación.

GRÁFICO 14: *Distribución porcentual da contratación na Industria.*



As tres cuartas partes dos contratos da industria correspóndenlle á industria téxtil e da confección, o que significa unha preponderancia moi relevante sobre o resto. En segundo lugar está a alimentación, co 11% de contratos, repartíndose o 14% entre o resto de actividades, onde predomina a da metalurxia, co 8%.

GRÁFICO 15: *Distribución porcentual da contratación nos Servizos.*



Unha cuarta parte dos contratos do sector servizos realízanse no comercio. En segundo lugar están as administracións públicas e as actividades inmobiliarias, que manteñen porcentaxes case similares, 21% e 20% respectivamente. Séguelle por orde a contratación nos servizos á comunidade, co 14%. O 20% restante repártese no resto de actividades, predominando a de transporte, co 7%.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	Máis de 55
SECTOR PRIMARIO	**0,82**	**0,00**	**0,00**	**0,24**	**0,35**	**0,24**	**0,00**
Agricultura e pesca	0,82	0,00	0,00	0,24	0,35	0,24	0,00
SECTOR SECUNDARIO	**6,82**	**23,18**	**8,47**	**11,53**	**4,94**	**4,24**	**0,82**
Industria	6,82	23,18	8,47	11,53	4,94	4,24	0,82
SECTOR CONSTRUCIÓN	**20,71**	**0,47**	**7,65**	**5,41**	**4,12**	**3,18**	**0,82**
Construción	20,71	0,47	7,65	5,41	4,12	3,18	0,82
SECTOR SERVIZOS	**28,94**	**19,06**	**14,00**	**14,71**	**9,76**	**7,41**	**2,12**
Comercio e hostalería	6,47	9,18	7,18	4,94	2,35	0,94	0,24
Transporte e comunicacións	2,94	0,47	0,35	1,65	1,06	0,35	0,00
Outros servizos	19,53	9,41	6,47	8,12	6,35	6,12	1,88
TOTAL CONTRATOS	**57,29**	**42,71**	**30,12**	**31,88**	**19,18**	**15,06**	**3,76**

TÁBOA 24: *Distribución porcentual da contratación comarcal segundo sectores/subsectores económicos por sexo e idade. Ano 2003.*

Todos os sectores, excepto o secundario, amosan un predominio da contratación masculina. Nalgúns casos, como no sector primario ou no da construción, ese predominio é case absoluto.

O sector servizos rexistra o 28,94% da contratación masculina e o 19,06% da feminina. Neste mesmo sector pódese observar que predomina a contratación de mulleres no comercio e hostalería, mentres que en transporte e outros servizos os contratos a homes son notablemente máis elevados.

Por outra banda, no seguinte sector de maior peso, o secundario, a contratación de mulleres supón o 23,18%, fronte ao 6,82% de contratación masculina.

Se atendemos á distribución realizada en canto á idade, pódese observar como se concentra a meirande parte da contratación nos intervalos de idade máis baixos, ata os 35 anos. En efecto, a contratación nestes intervalos supón máis do 50% do total de contratación realizada en cada sector. A única excepción preséntase no sector primario, onde o maior número de contratos realízaselles a persoas de idade comprendida entre 36 e 45 anos; nos tramos extremos non se aprecia contratación.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
SECTOR PRIMARIO	**20**	**29**	**18**	**21**	**7**	**45,00**	**-37,93**	**16,67**	**-66,67**	**-23,08**
Agricultura e pesca	20	29	18	21	7	45,00	-37,93	16,67	-66,67	-23,08
SECTOR SECUNDARIO	**162**	**181**	**236**	**218**	**255**	**11,73**	**30,39**	**-7,63**	**16,97**	**12,01**
Industria	161	179	234	218	255	11,18	30,73	-6,84	16,97	12,18
Electricidade	1	2	2	0	0	100,00	0,00	-100,00	0,00	-100,00
S. CONSTRUCIÓN	**181**	**209**	**185**	**158**	**180**	**15,47**	**-11,48**	**-14,59**	**13,92**	**-0,14**
Construción	181	209	185	158	180	15,47	-11,48	-14,59	13,92	-0,14
SECTOR SERVIZOS	**495**	**443**	**469**	**454**	**408**	**-10,51**	**5,87**	**-3,20**	**-10,13**	**-4,72**
Comercio e hostalería	142	165	172	138	133	16,20	4,24	-19,77	-3,62	-1,62
Transporte e comunicacións	23	22	27	50	29	-4,35	22,73	85,19	-42,00	5,97
Outros servizos	330	256	270	266	246	-22,42	5,47	-1,48	-7,52	-7,08
TOTAL CONTRATOS	**858**	**862**	**908**	**852**	**850**	**0,47**	**5,34**	**-6,17**	**-0,23**	**-0,23**

TÁBOA 25: *Evolución da contratación comarcal segundo os sectores e subsectores económicos. Período 1999-2003.*

O sector secundario é o único que acada un valor de crecemento en todo o período de referencia, situándose a media de variación interanual no 12,01%. No sector servizos preséntase unha variación media de -4,72%. Neste só se aprecia un incremento do 5,87% en 2000-2001, decrecendo no resto de intervalos, sobre todo nos períodos 1999-2000 e 2002-2003. Pola súa parte, o sector da construción mantense estable, mentres que o sector primario retrocede considerablemente, ata rexistrar só 7 contratos en 2003.

Nunha aproximación subsectorial, hai que sinalar que na industria increméntase todos os anos a contratación, excepto no 2002, onde rexistra unha variación interanual de -6,84%. Dentro do sector servizos, só o subsector de transportes incrementa a contratación, amosando unha variación media de 5,97%, mentres que o resto de subsectores decrecen.

5.4.4. Tipoloxía da contratación laboral

Gráfico 16: *Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contratos. Ano 2003.*



O 75% da contratación da comarca é temporal, nas dúas modalidades -a tempo completo e parcial-, correspondéndolle o 65% á primeira e o 10% restante á segunda. Tamén cómpre sinalar que o 12% da contratación realizada é indefinida a tempo completo.

Táboa 26: *Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contrato por sexo e idade. Ano 2003.*

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
Indefinido	3,53	8,12	2,24	4,59	2,47	1,76	0,59
Indefinido tempo parcial	0,35	0,82	0,12	0,71	0,24	0,12	0,00
Temporal	41,88	23,06	18,24	21,41	12,59	10,00	2,71
Temporal tempo parcial	2,71	7,53	3,76	4,00	1,65	0,71	0,12
Prácticas/Formación	3,76	2,47	5,76	0,12	0,35	0,00	0,00
Outros	5,06	0,71	0,00	1,06	1,88	2,47	0,35
TOTAL CONTRATOS	**57,29**	**42,71**	**30,12**	**31,88**	**19,18**	**15,06**	**3,76**

O 41,88% da contratación temporal é masculina, practicamente o dobre da porcentaxe feminina, que se sitúa no 23,06%. Segue predominando a contratación masculina na contratación en prácticas e na de outros tipos de contratos, de forma case total. Pola contra, na contratación indefinida, nas súas dúas fórmulas, e na temporal a tempo parcial predominan as mulleres.

A concentración máis forte ten lugar na contratación temporal, nos intervalos máis baixos, ata os 35 anos, que supoñen o 39,65%. Se a estes dous intervalos lle sumamos os contratos temporais do tramo de idade seguinte, obtemos como resultado que máis da metade da contratación, o 52,24%, é temporal a menores de 46 anos.

O resto de tipos de contrato predominan nos intervalos de idade máis baixos.

Táboa 27: *Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contrato por sectores económicos. Ano 2003.*

	PRIMARIO	SECUNDARIO			CONSTRUCIÓN	SERVIZOS			
	Agr.,Gand.	Industr.	Electric.	Total	Construc.	Comerc.	Transp.	Outros	Total
Indefinido	0,12	8,59	0,00	8,59	0,24	1,76	0,35	0,59	2,71
Indefinido tempo parcial	0,00	0,24	0,00	0,24	0,00	0,47	0,12	0,35	0,94
Temporal	0,71	18,12	0,00	18,12	18,59	8,00	2,94	16,59	27,53
Temporal tempo parcial	0,00	1,88	0,00	1,88	0,24	3,53	0,00	4,59	8,12
Prácticas/Formación	0,00	1,18	0,00	1,18	2,12	1,88	0,00	1,06	2,94
Outros	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	5,76	5,76
TOTAL CONTRATOS	**0,82**	**30,00**	**0,00**	**30,00**	**21,18**	**15,65**	**3,41**	**28,94**	**48,00**

A contratación temporal predomina en todos os sectores, sendo o de servizos o que agrupa a porcentaxe de concentración máis elevada, o 27,53%. A nivel subsectorial destaca a contratación na industria, co 18,12%, seguida da de outros servizos, que supón o 16,59%.

O sector secundario é o que agrupa a meirande parte da contratación indefinida, o 8,59%; no resto de fórmulas contractuais predomina sector servizos, e faino de forma case exclusiva nos casos da contratación temporal a tempo parcial e na de outros tipos de contratación.

Táboa 28: Evolución da contratación comarcal segundo a tipoloxía de contratos. Período 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Indefinido	74	99	96	93	99	33,78	-3,03	-3,13	6,45	7,55
Indefinido tempo parcial	5	8	7	16	10	60,00	-12,50	128,57	-37,50	18,92
Temporal	506	551	608	553	552	8,89	10,34	-9,05	-0,18	2,20
Temporal tempo parcial	120	93	91	77	87	-22,50	-2,15	-15,38	12,99	-7,72
Prácticas/Formación	128	71	61	60	53	-44,53	-14,08	-1,64	-11,67	-19,78
Outros	25	40	45	53	49	60,00	12,50	17,78	-7,55	18,32
TOTAL CONTRATOS	**858**	**862**	**908**	**852**	**850**	**0,47**	**5,34**	**-6,17**	**-0,23**	**-0,23**

A contratación temporal a tempo completo presenta unha variación media do 2,20%, o cal denota o lixeiro crecemento que está a experimentar. Nesta iníciase o período cuns crecementos considerables, decrecendo a partir de 2002, onde recolle unha variación interanual de -9,05% e manténdose no 2003.

A segunda fórmula máis utilizada en 2003, a indefinida, recolle unha variación media de 7,55%, tras incrementar considerablemente o número de contratos no ano 2000 e descender nos dous anos seguintes. En 2003 recupérase de novo, amosando unha variación interanual de 6,45%.

Na contratación temporal a tempo parcial e en prácticas apréciase unha tendencia regresiva, reflectindo variacións medias de -7,72% e -19,78%. Se en 1999 mantiñan maior contratación que a fórmula indefinida, no 2003 sitúanse por detrás tras reducir considerablemente o seu peso.

A contratación en prácticas rexistra en 2003 menos da metade dos contratos que tiña en 1999.

5.4.5. Grandes grupos de ocupación na contratación laboral

TÁBOA 29: Distribución da contratación por grandes grupos de ocupación segundo o sexo. Ano 2003.

	TOTAL CONTRATOS	
	Nº	%
1. Dirección de empresas e administracións públicas	**5**	**0,59**
HOMES	4	0,47
MULLERES	1	0,12
2. Técnicos profesionais, científicos e intelectuais	**63**	**7,41**
HOMES	48	5,65
MULLERES	15	1,76
3. Técnicos e profesionais de apoio	**28**	**3,29**
HOMES	15	1,76
MULLERES	13	1,53
4. Empregados de tipo administrativo	**53**	**6,24**
HOMES	16	1,88
MULLERES	37	4,35
5. Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio	**90**	**10,59**
HOMES	23	2,71
MULLERES	67	7,88
6. Traballadores cualificados na agricultura e pesca	**7**	**0,82**
HOMES	5	0,59
MULLERES	2	0,24
7. Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería	**306**	**36,00**
HOMES	240	28,24
MULLERES	66	7,76
8. Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	**183**	**21,53**
HOMES	56	6,59
MULLERES	127	14,94
9. Traballadores non cualificados	**115**	**13,53**
HOMES	80	9,41
MULLERES	35	4,12
TOTAL CONTRATOS	**850**	**100,00**
TOTAL HOMES	**487**	**57,29**
TOTAL MULLERES	**363**	**42,71**

Máis da metade da contratación comarcal realízase só en dous grupos de ocupación: no de artesáns e traballadores cualificados da industria manufactureira, construción e minería, co 36% dos contratos, e no de operadores de instalacións e maquinaria e montadores, co 21,53%. Se a maiores lle sumamos os contratos de traballadores cualificados -13,53%- e os de traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio -10,59%-, pódese apreciar unha concentración bastante forte, do 81,65%, nos catro grupos sinalados.

Diferenciando os grupos de maior contratación en función do xénero, obtense a seguinte distribución:

Grupos de ocupación cunha maior contratación masculina	Grupos de ocupación cunha maior contratación feminina
• Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería, co 28,24% da contratación. • Traballadores non cualificados; 9,41%. • Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores; 6,59%. • Técnicos profesionais, científicos e intelectuais; 5,65%.	• Operadoras de instalacións e maquinaria, e montadoras; 14,94%. • Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio; 7,88%. • Artesás/traballadoras cualificados industria manufactureira, construción e minería; 7,76%. • Empregadas de tipo administrativo; 4,35%.

Na táboa anterior apréciase como predomina a contratación masculina en todos os grupos, excepto nos de:

- Operadoras de instalacións e maquinaria, e montadoras; a contratación feminina supera á masculina en 8,35 puntos.
- Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio; a contratación feminina supera á masculina en 5,17 puntos.
- Empregadas de tipo administrativo, onde a contratación feminina supera á masculina en 2,47 puntos porcentuais.

Se atendemos ás variacións medias de referencia, os grupos de ocupación amosan traxectorias diferenciadas. En función deste criterio, pódese comprobar que os grupos que presentan maior crecemento son:

- Técnicos profesionais, científicos e intelectuais; variación media de 11,34%.
- Empregados de tipo administrativo, 5,37%.

Pola contra, os grupos con maior regresión son:

- Traballadores cualificados na agricultura e pesca, -34,49%.
- Dirección de empresas e administracións públicas, -4,46%.

Se a maiores da evolución incorporamos o criterio de xénero, cómpre destacar para o caso da contratación masculina o destacado crecemento do grupo ocupacional de técnicos profesionais, científicos e intelectuais, que presenta unha variación media de 18,92%. No caso da contratación de mulleres, os grupos de ocupación máis significativos son o de traballadores non cualificados, co 44,63% de variación media, e o de artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería, cunha variación media de 33,15%.

Para concluír, hai que sinalar os grupos que presentan maior regresión na contratación de homes son os de:

- Traballadores cualificados na agricultura e pesca; variación media de -28,38%.
- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio; -9,96%.

E na contratación de mulleres:

- Traballadoras cualificadas na agricultura e pesca; -43,04%.
- Técnicas e profesionais de apoio; -3,51%.

5.4.6. Ocupacións máis contratadas

Táboa 30: *As dez ocupacións máis contratadas na comarca. Ano 2003.*

CNO	OCUPACIÓNS	TOTAL N.º	TOTAL %	HOMES N.º	HOMES %	MULLERES N.º	MULLERES %	RATIO MASCUL.[1]
71100016	Albanel	137	16,12	136	27,93	1	0,28	99,27
83630022	Operario de máquina industrial coser á plana, excepto pel e calzado	125	14,71	1	0,21	124	34,16	0,80
79350132	Acabador de roupa de vestir, excepto pel e coiro	61	7,18	0	0,00	61	16,80	0,00
97000011	Peón da industria manufactureira	49	5,76	45	9,24	4	1,10	91,84
25130104	Músico instrumentista	48	5,65	42	8,62	6	1,65	87,50
53300010	Dependente de comercio	42	4,94	8	1,64	34	9,37	19,05
86300016	Condutor de camión	39	4,59	39	8,01	0	0,00	100,00
42100010	Empregado administrativo	32	3,76	10	2,05	22	6,06	31,25
50200018	Camareiro	22	2,59	9	1,85	13	3,58	40,91
72400016	Pintor de edificios	13	1,53	13	2,67	0	0,00	100,00
	TOTAL	**568**	**66,82**	**303**	**62,22**	**265**	**73,00**	**53,35**

(1) Ratio de Masculinidade = (N.º de contratos realizados a homes/ N.º total de contratos) x 100

As dez ocupacións máis contratadas en 2003 concentran o 66,82% do total de contratos realizados na comarca da Barcala. Nelas apréciase unha superioridade da contratación masculina, presentando un ratio de masculinidade en total do 53,35%.

Dentro destas ocupacións, a contratación masculina é exclusiva nas de condutor de camión e pintor de edificios e case exclusiva na de albanel, ocupación que só rexistra un contrato feminino. Tamén predomina de maneira moi significativa nas de peón de industria manufactureira e músico instrumentista. Das dez ocupacións a contratación de homes é superior á feminina en cinco delas.

Pola súa banda, en dúas das ocupacións a contratación é totalmente feminina. Estas son as de acabadora de roupa de vestir, co 100% de mulleres, e operaria de máquina de coser á plana, cun só contrato masculino sobre un total de 125. No resto o predominio de mulleres non é tan acusado como no caso dos homes nas ocupacións antes sinaladas.

Táboa 31: *Evolución das dez ocupacións máis contratadas entre 1999 e 2003.*

CNO	OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS	1999	2000	2001	2002	2003
71100016	**Albanel**	**181**	**182**	**135**	**117**	**137**
83630022	**Operario máquina industrial de coser á plana, excepto pel e calzado**	**106**	**93**	**145**	**101**	**125**
79350132	**Acabador de roupa de vestir, excepto pel e coiro**	0	0	0	0	**61**
97000011	**Peón da industria manufactureira**	**54**	**103**	**107**	**85**	**49**
25130104	**Músico instrumentista**	22	**29**	**41**	**51**	**48**
53300010	**Dependente de comercio**	**33**	**52**	**39**	**32**	**42**
86300016	**Condutor de camión**	**34**	**36**	**38**	**38**	**39**
42100010	**Empregado administrativo**	**39**	**48**	**47**	**48**	**32**
50200018	**Camareiro**	**29**	**22**	**27**	**19**	**22**
72400016	**Pintor de edificios**	8	14	**24**	11	**13**
71300018	CARPINTEIRO	**30**	**18**	11	10	11

Das dez ocupacións máis contratadas en 2003, sete delas están todos os anos entre as primeiras. De todas elas, cómpre mencionar a de acabador de roupa de vestir, que aparece por primeira vez en 2003, acadando xa a terceira posición. Tamén hai que salientar a entrada e saída da ocupación de pintor de edificios na serie das máis contratadas. Só unha das ocupacións, a de carpinteiro, desaparece da serie, o cal sucede a partir do 2000, mantendo nos anos seguintes un número similar de contratos.

A evolución da ocupación máis contratada, a de albanel, caracterízase pola perda de peso que sofre a partir de 2001, descendendo posteriormente e mantendo en 2003 a contratación aproximada que tiña en 2001. Por outra banda, na de operario de máquina de coser á plana rexístrase unha evolución descontinua, acadando o teito máximo en 2001, onde rexistra 145 contratos. Posteriormente descende e recupérase lentamente en 2003. Algo similar lle sucede á de peón da industria manufactureira, aínda que se reduce considerablemente no último ano.



Comarca da Coruña

5.1. TECIDO EMPRESARIAL

5.1.1. Tecido empresarial comarcal. Situación actual

Na comarca da Coruña predominan fortemente as empresas situadas no sector servizos, que representan o 78,22% do total. A continuación sitúase o sector da construción, co 10,61%, e o secundario, co 9,26% das empresas. No referente aos subsectores, é salientable que o 72,77% das empresas concéntranse nos de outros servizos e comercio e hostalería, ambos incluídos dentro do sector servizos.

É tamén o sector servizos o que engloba a maior parte dos traballadores, case as tres cuartas partes destes (73,13%). Séguenlle en nivel de representatividade o sector secundario, co 14,71%, e o da construción, co 10,08%. Os subsectores que aglutinan a maioría dos traballadores son de novo o de outros servizos (45,97%) e o de comercio e hostalería (21,13%).

Case oito de cada dez autónomos pertencen ao sector servizos, en concreto o 79,58%, mentres que o sector da construción rexistra o 12,14%, e o secundario o 7,70%. No que atinxe aos subsectores, é no de comercio e hostalería onde se reúnen a maior parte dos autónomos (45,60%), seguido do de outros servizos (26,84%).

Por último, cómpre sinalar a escasa presenza do sector primario en todos os ámbitos, tanto no que respecta ao número de empresas (1,91%), como ao de traballadores (2,09%) e de autónomos (0,58%).

5.1.2. Evolución anual

Táboa 1: *Evolución do número de empresas. Período 1999-2003.*

	EMPRESAS				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	**431**	**417**	**425**	**387**	**330**
Agricultura e pesca	431	417	425	387	330
SECTOR SECUNDARIO	**1.681**	**1.638**	**1.632**	**1.607**	**1.601**
Industria	1.664	1.621	1.616	1.590	1.584
Electricidade	17	17	16	17	17
SECTOR CONSTRUCIÓN	**1.652**	**1.656**	**1.784**	**1.788**	**1.835**
Construción	1.652	1.656	1.784	1.788	1.835
SECTOR SERVIZOS	**11.913**	**12.692**	**12.943**	**13.215**	**13.526**
Comercio e hostalería	5.393	5.411	5.507	5.592	5.702
Transporte e comunicacións	910	890	896	926	942
Outros servizos	5.610	6.391	6.540	6.697	6.882
TOTAL	**15.677**	**16.403**	**16.784**	**16.997**	**17.292**

GRÁFICO 1: Variacións interanuais do número de empresas por sector económico. Período 1999-2003.



En termos xerais, a evolución do número de empresas da comarca entre os anos 1999 e 2003 presenta un comportamento sen grandes oscilacións, cunha tendencia ao crecemento, que se reflite para o conxunto dos sectores nunha variación media do 2,48%.

Se ben no cómputo global se rexistra un incremento, nos sectores primario e secundario o número de empresas decrece nestes cinco anos. Deste xeito, no sector primario o número de empresas redúcense cada ano, agás no período 2000-2001, no que medran levemente. O período 2002-2003 é o que presenta unha maior diminución, cunha variación interanual negativa do -14,73%. Este sector acada finalmente unha variación media do -6,46%. Pola súa parte, o sector secundario manifesta un descenso estable e constante durante todo o período, obtendo unha variación media do -1,21%.

O sector da construción obtén unha variación media do 2,66%, rexistrada tras unha evolución paulatina ao longo do quinquenio, obtendo o maior crecemento entre os anos 2000 e 2001, cunha variación interanual do 7,73%. Finalmente, o sector servizos non presenta nestes cinco anos ningún descenso, e a súa variación media é do 3,23%. Neste sentido é destacable que o subsector de transporte e comunicacións é o único que decrece, no intervalo 1999-2000, obtendo tamén unha variación media final inferior á do conxunto, do 0,87%. Os outros dous subsectores, o de comercio e hostalería e o de outros servizos, acadan variacións medias do 1,40% e 5,24% respectivamente; destaca a elevada variación interanual que se dá no de outros servizos entre os anos 1999 e 2000, que é do 13,92%.

TÁBOA 2: Evolución do número de traballadores. Período 1999-2003.

	TRABALLADORES				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	**3.035**	**3.239**	**3.308**	**3.154**	**3.043**
Agricultura e pesca	3.035	3.239	3.308	3.154	3.043
SECTOR SECUNDARIO	**20.982**	**20.974**	**21.409**	**21.673**	**21.454**
Industria	19.670	19.735	20.218	20.484	20.296
Electricidade	1.312	1.239	1.191	1.189	1.158
SECTOR CONSTRUCIÓN	**12.417**	**13.023**	**14.230**	**14.286**	**14.693**
Construción	12.417	13.023	14.230	14.286	14.693
SECTOR SERVIZOS	**90.780**	**96.353**	**101.328**	**103.648**	**106.637**
Comercio e hostalería	26.451	27.721	28.372	29.910	30.813
Transporte e comunicacións	6.812	7.822	8.870	9.116	8.782
Outros servizos	57.517	60.810	64.086	64.622	67.042
TOTAL	**127.214**	**133.589**	**140.275**	**142.761**	**145.827**

GRÁFICO 2: Variacións interanuais do número de traballadores por sector económico. Período 1999-2003.



O número de traballadores incrementouse globalmente na comarca no período comprendido entre 1999 e 2003, presentando o conxunto de sectores produtivos unha variación media do 3,47%, despois dun crecemento constante ano a ano.

Os sectores primario e secundario increméntanse en números absolutos, aínda que tenden á estabilidade, con variacións medias do 0,07% e 0,56% respectivamente. No primeiro destes sectores redúcense os traballadores nos dous intervalos finais do período, mentres que no segundo fano de forma leve no inicial e final. Dentro deste último sector, no subsector de electricidade o número de traballadores descende de forma constante, acadando unha variación media do -3,07%.

Os sectores da construción e dos servizos rexistran unha evolución semellante, con variacións medias do 4,30% o primeiro e do 4,11% o segundo deles. Ambos manifestan tamén un crecemento paulatino en todo o quinquenio, sen presentar oscilacións salientables. Cómpre destacar o comportamento do subsector de transporte e comunicacións, que é o único que amosa diverxencias con respecto aos demais, posto que medra de forma considerable nos dous intervalos iniciais do período, para descender no último, e obter unha variación media un pouco superior á do conxunto do sector, do 6,56%. No que respecta aos dous subsectores restantes, a súa evolución é moi similar á do sector servizos, acadando tamén variacións medias moi próximas.

Táboa 3: *Evolución do número de autónomos. Período 1999-2003.*

	AUTÓNOMOS				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	**77**	**86**	**105**	**108**	**127**
Agricultura e pesca	77	86	105	108	127
SECTOR SECUNDARIO	**1.428**	**1.549**	**1.610**	**1.620**	**1.684**
Industria	1.425	1.545	1.606	1.617	1.681
Electricidade	3	4	4	3	3
SECTOR CONSTRUCIÓN	**1.888**	**2.096**	**2.278**	**2.444**	**2.654**
Construción	1.888	2.096	2.278	2.444	2.654
SECTOR SERVIZOS	**13.377**	**14.908**	**15.684**	**16.343**	**17.402**
Comercio e hostalería	8.029	8.861	9.259	9.499	9.971
Transporte e comunicacións	1.263	1.401	1.477	1.529	1.561
Outros servizos	4.085	4.646	4.948	5.315	5.870
TOTAL	**16.770**	**18.639**	**19.677**	**20.515**	**21.867**

No número de autónomos, o sector primario é o que presenta unha maior flutuación na súa evolución nestes cinco anos; medra de forma aguda nos intervalos 2000-2001 e 2002-2003, con variacións interanuais do 22,09% e 17,59% respectivamente, e obtén unha variación media do 13,33%. En cambio, o sector secundario, rexistra o seu maior crecemento entre os anos 1999 e 2000, e a súa variación media final é do 4,21%.



Gráfico 3: *Variacións interanuais do número de autónomos por sector económico. Período 1999-2003.*

O sector da construción manifesta unha evolución case lineal, obtendo unha variación media do 8,89%. No que respecta ao sector servizos, cómpre destacar que é o que máis se incrementa en números absolutos, cunha variación media do 6,80%. Dos tres subsectores incluídos dentro deste sector, o de outros servizos é o que máis medra, cunha variación media do 9,49%.

Toda esta situación comentada anteriormente tradúcese nun incremento dos traballadores autónomos en todos os sectores produtivos, que presentan de forma conxunta unha variación media do 6,86%.

5.2. DEMANDAS

5.2.1. Demandantes por concello

TÁBOA 4: Distribución dos demandantes segundo os concellos da comarca.

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
A Coruña	14.369	7.206	21.575
Abegondo	243	93	336
Arteixo	1.550	618	2.168
Bergondo	324	120	444
Cambre	1.094	478	1.572
Carral	254	116	370
Culleredo	1.382	627	2.009
Oleiros	1.368	660	2.028
Sada	639	259	898
TOTAL	**21.223**	**10.177**	**31.400**

% comarca/provincia - PARADOS	**32,14**
% comarca/provincia - NON PARADOS	**33,40**

GRÁFICO 4: Distribución dos demandantes da comarca por concello.



O concello da Coruña agrupa case sete de cada dez demandantes da comarca, en concreto o 68,71%. A considerable distancia é seguido polos concellos de Arteixo, Oleiros e Culleredo, que representan o 6,9%, 6,46% e 6,4% respectivamente. O 11,53% restante dos demandantes repártese entre as outras cinco localidades, encabezadas pola de Cambre, co 5,01%, e cerradas pola de Abegondo, co 1,07%.

Do total das demandas recibidas nesta comarca no ano 2003, o 67,59% corresponden a demandantes parados, que superan en número aos non parados en todas as localidades.

En relación coa provincia da Coruña, a comarca mostra un peso relativo lixeiramente superior dos demandantes non parados sobre os parados, que supoñen o 33,4% da demanda provincial os primeiros e o 32,14% os segundos.

5.2.2. Evolución dos demandantes parados

TÁBOA 5: Evolución dos demandantes parados.

	TRABALLADORES				
	1999	2000	2001	2002	2003
PARADOS COMARCA	18.600	19.056	19.098	21.016	21.223
VARIACIÓN INTERANUAL %	-	2,45	0,22	10,04	0,98
COMARCA/TOTAL PROVINCIA	31,59	31,86	32,80	32,83	32,14

Para o conxunto dos demandantes parados da comarca da Coruña, obsérvase un crecemento significativo entre 1999 e 2003. Deste xeito, os demandantes parados increméntanse constantemente nestes cinco anos, manifestando a subida máis importante no ano 2002, onde acadan unha variación media do 10,04%.



Gráfico 5: *Evolución dos demandantes parados da comarca.*

No referente ao peso relativo dos demandantes en paro da comarca con respecto á provincia, obsérvase un moderado ascenso do peso comarcal, inferior, en todo caso, a un punto porcentual na comparación 2003-1999.

5.2.3. Caracterización da situación sociolaboral dos demandantes de emprego

Táboa 6: *Situación laboral dos demandantes*

		VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	3.192	10,17	12,67
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	18.031	57,42	55,76
NON PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	1.123	3,58	3,98
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	4.027	12,82	11,46
	Con traballo a tempo parcial e prestación compatible	1.682	5,36	4,73
	En expediente de regulación de emprego	280	0,89	2,34
	Demandantes de mellora de emprego	1.620	5,16	5,98
	Demandantes de emprego de menos de 20 h	1.264	4,03	2,38
	Resto de demandantes	181	0,58	0,71
TOTAL		**31.400**	**100,00**	**100,00**

Algo máis da metade dos demandantes de emprego da comarca son parados con emprego anterior, en concreto o 57,42%. A continuación sitúanse os non parados con emprego anterior (12,82%) e os parados sen emprego anterior (10,17%).

No conxunto provincial, debido ao peso que representa a comarca da Coruña con respecto á provincia, os datos son análogos; simplemente hai que resaltar que na provincia a representatividade dos parados sen emprego anterior é 2,5 puntos superior á comarcal, ocupando así o segundo posto en nivel de importancia, despois dos parados con emprego anterior.

5.2.4. Demandantes de emprego por sexo e idade

Táboa 7.1: Demandantes parados por sexo e grupos de idade.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	HOMES %	MULLERES %	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	1.574	1.707	7,42	8,04	15,46	17,50
26 a 35 anos	2.601	3.994	12,26	18,82	31,07	30,43
36 a 45 anos	1.611	2.866	7,59	13,50	21,10	22,04
46 a 55 anos	1.493	2.360	7,03	11,12	18,15	17,68
56 e máis anos	1.500	1.517	7,07	7,15	14,22	12,34
TOTAL COMARCA	**8.779**	**12.444**	**41,37**	**58,63**	**100,00**	**32,14**
TOTAL PROVINCIA	**26.764**	**39.271**	**40,53**	**59,47**	**32,14**	**100,00**

Na comarca da Coruña, o 58,63% dos demandantes de emprego parados son mulleres, situación moi próxima á que se rexistra no ámbito provincial.

No referente á idade, de forma global, o grupo máis representativo é o de 26 a 35 anos, onde se sitúan o 31,07% dos demandantes parados, seguido polo de 36 a 45 anos, co 21,10%. O mesmo sucede tanto no colectivo masculino como no feminino, onde estes dous intervalos de idade son os que achegan o maior peso porcentual ao conxunto.

En comparación co resto da provincia, pódese observar unha forte similitude porcentual; unicamente é salientable o incremento en algo máis de dous puntos dos menores de 25 anos na provincia, así como o descenso en case dous puntos dos maiores de 55 anos.

Táboa 7.2: Demandantes non parados por sexo e grupos de idade.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	HOMES %	MULLERES %	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	802	1.128	7,88	11,08	18,96	18,07
26 a 35 anos	979	1.934	9,62	19,00	28,62	27,98
36 a 45 anos	542	1.412	5,33	13,87	19,20	19,81
46 a 55 anos	597	1.124	5,87	11,04	16,91	17,58
56 e máis anos	809	850	7,95	8,35	16,30	16,55
TOTAL COMARCA	**3.729**	**6.448**	**36,64**	**63,36**	**100,00**	**33,40**
TOTAL PROVINCIA	**12.680**	**17.790**	**41,61**	**58,39**	**33,40**	**100,00**

Entre os demandantes de emprego non parados, as mulleres representan tamén o grupo máis significativo, co 63,36% das demandas. No ámbito provincial, as mulleres tamén son maioría, aínda que cunha diferenza á baixa de 4,97 puntos con respecto á comarca.

No que atinxe á distribución por idade, tanto nos homes como nas mulleres, o intervalo con maior presenza porcentual é o de 26 a 35 anos, seguido do de máis de 55 anos no caso dos homes e do de 36 a 45 anos no das mulleres. De forma conxunta, os demandantes non parados concéntranse na súa maior parte entre os 26 e os 35 anos, situándose a continuación os de 36 a 45 anos.

Na provincia da Coruña, os datos son case idénticos; non hai diferenzas salientables con respecto á comarca.

Como reflexo do comentado anteriormente, obsérvase neste gráfico o predominio dos demandantes parados sobre os non parados en todos os grupos de idade. Do mesmo xeito, en ambos os colectivos o grupo máis representativo é o de 26 a 35 anos. Pola contra, o que supón unha menor concentración de demandantes é, tamén nos dous casos, o de máis de 55 anos.



Gráfico 6: *Distribución porcentual do total de demandantes por grupos de idade.*

Tanto entre os demandantes parados como entre os non parados, predomina a presenza feminina sobre a masculina. Dende outra óptica, en termos relativos, o grupo de parados é maioritario en ambos os dous sexos.



Gráfico 7: *Distribución porcentual do total de demandantes por sexo.*

5.2.5. Demandantes por nivel académico

Táboa 8.1: *Distribución dos demandantes parados por nivel académico.*

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Ata certificado de escolaridade*	6.191	29,17	31,78
Titulación de ensinanza obrigatoria	7.562	35,63	37,12
Formación profesional	1.231	5,80	5,63
BUP/Bacharelato superior/COU	2.746	12,94	12,20
Titulados universitarios	3.035	14,30	11,17
Outras titulacións	458	2,16	2,11
TOTAL	**21.223**	**100,00**	**100,00**

** Inclúe: sen estudos, estudos primarios e certificado de escolaridade*

A maior parte dos demandantes parados posúe a titulación de ensinanza obrigatoria, en concreto o 35,63%. A continuación sitúanse aqueles que teñen o certificado de escolaridade (29,17%) e os titulados universitarios (14,30%).

No ámbito provincial, as diferenzas máis significativas xorden no incremento en catro puntos dos demandantes parados que teñen a titulación de ensinanza obrigatoria ou non chegaron a acadar este nivel, así como no descenso en 3,13 puntos dos titulados universitarios.

Táboa 8.2: Distribución dos demandantes non parados por nivel académico.

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Ata certificado de escolaridade	3.023	29,70	30,62
Titulación de ensinanza obrigatoria	3.303	32,46	33,40
Formación profesional	573	5,63	5,72
BUP/Bacharelato superior/COU	1.628	16,00	15,70
Titulados universitarios	1.466	14,41	13,03
Outras titulacións	184	1,81	1,53
TOTAL	**10.177**	**100,00**	**100**

Nos demandantes non parados segue sendo o grupo máis significativo o dos que obtiveron a titulación de ensinanza obrigatoria, seguido tamén polos que teñen o certificado de escolaridade. Nun segundo plano sitúanse os que acadaron o bacharelato e os titulados universitarios. Esta mesma situación repítese na provincia da Coruña, na que os datos non presentan diferenzas salientables con respecto á comarca.

5.2.6. Demandantes parados por tempo de busca de emprego

Táboa 9: Distribución dos demandantes parados segundo o sexo e a idade por tempo de busca de emprego.

		Menos de 6 meses %	De 6 meses a 1 ano %	Máis de 1 ano %	TOTAL %
Menor de 26 anos	Homes	5,54	1,25	0,63	7,42
	Mulleres	5,30	1,50	1,24	8,04
26 a 35 anos	Homes	7,92	2,23	2,11	12,26
	Mulleres	9,57	3,42	5,83	18,82
36 a 45 anos	Homes	4,09	1,36	2,14	7,59
	Mulleres	5,12	2,13	6,25	13,50
46 a 55 anos	Homes	2,97	1,18	2,89	7,03
	Mulleres	2,86	1,29	6,97	11,12
56 e máis anos	Homes	1,88	1,17	4,02	7,07
	Mulleres	0,97	0,71	5,48	7,15
TOTAL COMARCA		**46,21**	**16,23**	**37,55**	**100,00**
TOTAL PROVINCIA		**48,04**	**14,84**	**37,13**	**100,00**

A maior parte dos demandantes parados da comarca da Coruña levan buscando emprego menos de seis meses (46,21%), seguidos a certa distancia polos que levan á procura dun emprego máis dun ano (37,55%). Comparando esta situación coa da provincia, obsérvase unha realidade análoga, con diferenzas porcentuais pouco significativas entre ambos os territorios.

A distribución dos valores segundo a idade mostra unha tendencia ao paro de curta duración nas idades máis novas, mentres que nas mulleres maiores de 35 anos e nos homes de máis de 45 anos, esta situación invértese cara ao paro de longa duración.

No referente ao sexo, no paro de menos de seis meses, a presenza de homes e mulleres é moi equilibrada. Pola contra, no paro de máis dun ano, as mulleres superan en 13,98 puntos aos homes.

5.2.7. Demandantes por sectores económicos de procedencia

TÁBOA 10: *Demandantes por actividade económica.*

	PARADOS			NON PARADOS		
	Comarcal N.º	Comarcal %	Provincial %	Comarcal N.º	Comarcal %	Provincial %
Sector primario	289	1,36	2,00	154	1,51	2,78
Sector secundario	3.030	14,28	17,16	1.281	12,59	18,47
Construción	2.060	9,71	13,36	575	5,65	8,13
Sector servizos	12.671	59,70	49,08	6.436	63,24	54,02
Sen actividade previa	3.173	14,95	18,41	1.731	17,01	16,59
TOTAL	**21.223**	**100,00**	**100,00**	**10.177**	**100,00**	**100,00**

Atendendo á actividade económica de procedencia, máis da metade dos demandantes parados proveñen do sector servizos, que representa o 59,7% do total. A unha distancia considerable sitúanse os procedentes do sector secundario (14,28%). No conxunto provincial redúcense en 10,62 puntos aqueles que veñen do sector servizos, mentres que se incrementan en algo máis de tres puntos os orixinados no sector da construción.

No caso dos demandantes non parados, son tamén os máis numerosos os procedentes do sector servizos, que engloba o 63,24% do total, seguidos polos que veñen do sector secundario (12,59%). En comparación coa provincia, pódese apreciar nesta última unha redución en 9,22 puntos dos demandantes non parados que proveñen do sector servizos, así como un incremento en 5,88 puntos dos do sector secundario.

De forma conxunta, os demandantes de emprego derívanse na súa maioría do sector servizos, que aglutina o 60,85% do total. Os que proceden do sector secundario supoñen o 13,73% dos demandantes da comarca da Coruña.

Dentro da industria, a maior parte dos demandantes parados orixínanse na actividade de téxtil e confección (38%), seguida das de outras industrias (28%) e alimentación (17%).



GRÁFICO 8: *Demandantes parados na industria.*

O 52% dos demandantes parados do sector servizos proceden de actividades inmobiliarias e servizos a empresas e mais de comercio. Nun segundo nivel sitúase a hostalería, co 12% dos demandantes.



GRÁFICO 9: *Demandantes parados nos servizos.*

5.2.8. As dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego

TÁBOA 11: Ocupacións máis demandadas.

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Empregado administrativo, en xeral	3.209	10,22	8,93
Dependente de comercio, en xeral	2.684	8,55	8,97
Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	1.941	6,18	7,21
Peón da ind. manufactureira, en xeral	900	2,87	3,87
Camareiro, en xeral	837	2,67	2,68
Mozo carga/descarga, almacén	557	1,77	1,04
Oper. máquina ind. coser á plana, ex. pel: calzado	556	1,77	2,29
Cociñeiro, en xeral	494	1,57	1,41
Albanel	438	1,39	2,65
Peón da construción de edificios	382	1,22	2,57

5.2.9. Perfil tipo dos demandantes de emprego

TÁBOA 12: Perfil máis representativo.

	PERFIL COMARCAL TIPO	PERFIL PROVINCIAL TIPO
Situación laboral	Parados con emprego anterior	Parados con emprego anterior
Sexo	Mulleres	Mulleres
Grupo idade	De 26 a 35 anos	De 26 a 35 anos
Nivel académico	Titulación ensinanza obrigatoria	Titulación ensinanza obrigatoria
Duración demanda	Menos de 6 meses	Menos de 6 meses
Sector	Servizos	Servizos
Ocupación máis demandada	**Empregado administrativo**	Dependente de comercio

5.3. OFERTAS

5.3.1. Ofertas no servizo público de emprego galego 2003. Evolución

TÁBOA 13: Número de ofertas por concellos. Ano 2003.

	TOTAL OFERTAS	TOTAL %
A Coruña	10.925	80,12
Abegondo	46	0,34
Arteixo	553	4,06
Bergondo	260	1,91
Cambre	444	3,26
Carral	86	0,63
Culleredo	479	3,51
Oleiros	654	4,80
Sada	189	1,39
TOTAL COMARCA	**13.636**	**100,00**

TOTAL OFERTAS PROVINCIA:	**32.600**
COMARCA/PROVINCIA:	**41,83**

No ano 2003 na comarca da Coruña recolléronse un total de 13.636 ofertas de emprego, que representan cerca da metade das realizadas no conxunto da provincia, en concreto o 41,83%.

A localidade da Coruña engloba algo máis de oito de cada dez ofertas. A considerable distancia sitúanse os concellos de Oleiros e Arteixo, co 4,8% e o 4,06% respectivamente. O 11,02% restante repártese entre os outros seis concellos, encabezados polo de Culleredo, co 3,51% das ofertas comarcais.

TÁBOA 14: Evolución das ofertas. Período 1999-2003. Valores absolutos e relativos.

	N.º OFERTAS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
A Coruña	14.484	20.403	12.899	11.700	10.925	40,87	-36,78	-9,30	-6,62	-6,81
Abegondo	4	13	72	31	46	225,00	453,85	-56,94	48,39	84,15
Arteixo	274	857	815	516	553	212,77	-4,90	-36,69	7,17	19,19
Bergondo	84	222	311	323	260	164,29	40,09	3,86	-19,50	32,64
Cambre	130	385	358	415	444	196,15	-7,01	15,92	6,99	35,94
Carral	24	37	97	44	86	54,17	162,16	-54,64	95,45	37,59
Culleredo	122	342	399	498	479	180,33	16,67	24,81	-3,82	40,76
Oleiros	140	356	508	411	654	154,29	42,70	-19,09	59,12	47,02
Sada	105	202	171	190	189	92,38	-15,35	11,11	-0,53	15,83
TOTAL COMARCA	**15.367**	**22.817**	**15.630**	**14.128**	**13.636**	**48,48**	**-31,50**	**-9,61**	**-3,48**	**-2,94**
TOTAL PROVINCIA	**29.835**	**37.922**	**30.755**	**30.380**	**32.600**	**27,11**	**-18,90**	**-1,22**	**7,31**	**2,24**

No conxunto da comarca, as ofertas presentan unha evolución negativa no período 1999-2003. No intervalo 1999-2000 rexistran un forte incremento, cunha variación interanual do 48,48%, e descenden considerablemente no intervalo seguinte e posteriores. Finalmente a comarca acada unha variación media do -2,94%, o que pon de manifesto unha diverxencia coa provincia da Coruña, que obtén unha variación media do 2,24%. Onde se reflite unha similitude entre ambos os territorios é que no primeiro intervalo do período logran un importante crecemento, seguido dun agudo descenso no intervalo seguinte.

O concello da Coruña presenta o mesmo comportamento cá comarca; de feito, marca o comportamento dela. Esta localidade é a única na que as ofertas se reducen, rexistrando unha variación media inferior á da comarca, do -6,81%.

Os concellos restantes manifestan importantes subidas no número de ofertas de emprego que neles se realizan, existindo un elemento común a todos eles, que é que entre os anos 1999-2000 as ofertas medran de forma aguda, mentres que na metade deles descenden de forma considerable entre o 2001 e o 2002. Por último, hai que destacar que tamén en todos eles se dan fortes oscilacións ao longo do quinquenio.

Gráfico 10: *Evolución do número de ofertas dos concellos da comarca.*



Debido á concentración das ofertas no concello da Coruña, agrúpanse o resto dos concellos para comparalos con este. Deste modo, tal e como se pode apreciar no gráfico 10, no resto de localidades dáse un crecemento constante e estable ao longo destes cinco anos, sen presentar flutuacións importantes. Pola contra, no concello da Coruña, as ofertas aumentan fortemente no ano 2000, para pasar a reducirse despois de forma brusca.

5.3.2. Ofertas segundo os sectores de actividade económica.

Táboa 15: *Distribución das ofertas por concellos segundo os sectores económicos. Valores absolutos e relativos en relación co total da comarca.*

	PRIMARIO		SECUNDARIO		CONSTRUCIÓN		SERVIZOS	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Bergondo	1	1,25	43	3,05	83	3,55	133	1,36
Abegondo	2	2,50	2	0,14	8	0,34	34	0,35
Carral	3	3,75	40	2,83	19	0,81	24	0,24
Sada	4	5,00	14	0,99	44	1,88	127	1,29
A Coruña	53	66,25	922	65,34	1.620	69,35	8.328	84,92
Arteixo	4	5,00	152	10,77	167	7,15	230	2,35
Culleredo	2	2,50	41	2,91	184	7,88	252	2,57
Oleiros	6	7,50	90	6,38	91	3,90	467	4,76
Cambre	5	6,25	107	7,58	120	5,14	212	2,16
TOTAL COMARCA	**80**	**100,00**	**1.411**	**100,00**	**2.336**	**100,00**	**9.807**	**100,00**
TOTAL PROVINCIA	**338**		**3.112**		**5.814**		**23.331**	

En todos os sectores económicos, a maioría das ofertas enmárcanse no concello da Coruña, seguido nos sectores primario e servizos polo de Oleiros, no sector secundario polo de Cambre e no da construción polo de Culleredo. Non hai ningún concello que non reciba ofertas de todos os sectores económicos.

Gráfico 11: *Distribución porcentual das ofertas por sectores económicos.*



Algo máis de sete de cada dez ofertas da comarca da Coruña proceden do sector servizos. Os sectores que lle seguen en orde de importancia son os da construción, co 17%, e o secundario, co 10%. En relación co conxunto provincial, debido ao peso que representa esta comarca no conxunto da provincia, a situación é moi próxima, con porcentaxes case idénticas.

Das ofertas orixinadas dentro da industria, cómpre sinalar que case o 43% orixínanse na actividade de téxtil e confección. Nun segundo nivel sitúanse as de outras industrias, co 23%, e as de alimentación, co 10% do total.



Gráfico 12: *Distribución porcentual das ofertas na industria.*

No que respecta ao sector servizos, o 46% das ofertas recollidas neste sector están referidas ás actividades de comercio e actividades inmobiliarias e servizos a empresas. O resto de actividades están encabezadas pola de administracións públicas, co 18%, seguida da de servizos á comunidade, co 11%.



Gráfico 13: *Distribución porcentual das ofertas nos servizos.*

Táboa 16: *Evolución das ofertas por sectores económicos.*

	1999	2000	2001	2002	2003
Primario	71	50	98	95	80
Secundario	1.532	2.337	1.671	1.217	1.411
Construción	2.310	3.574	2.798	2.474	2.336
Servizos	11.447	16.846	11.059	10.341	9.807
Sen actividade	7	10	4	1	2
TOTAL COMARCA	**15.367**	**22.817**	**15.630**	**14.128**	**13.636**
TOTAL PROVINCIA	**29.835**	**37.922**	**30.755**	**30.380**	**32.600**

No período comprendido entre os anos 1999 e 2003, evidénciase unha evolución dispar das ofertas dos diferentes sectores produtivos. Así, no sector primario increméntanse as ofertas levemente, mentres que no da construción, a pesar do forte incremento que experimentan no ano 2000, mantéñense case estables ao final do quinquenio.

Nos dous sectores restantes, a tendencia é ao decrecemento, manifestando o sector secundario unha variación media do -2,04% e o servizos do -3,79%. En ambos os dous obsérvase un forte incremento entre os anos 1999 e 2000, volvendo a reducirse nos anos posteriores, agás o sector secundario, que se recupera novamente entre o 2002 e o 2003.

5.3.3. Perfil básico das ofertas

Do total das ofertas recibidas na comarca no ano 2003, tan só no 18% se inclúe o requisito do xénero; o 8,65% sitúanse no sector servizos. Dentro destas o 60,73% solicitan un home e o 39,27% restante unha muller.



Gráfico 14: *Ofertas por sexo segundo o sector económico da comarca.*

Facendo unha análise máis pormenorizada dos sectores da actividade económica, evidénciase que no sector primario tan só se requiren homes, igual que no sector da construción, onde a demanda de mulleres é practicamente inexistente. En cambio, nos sectores secundario e servizos, a solicitude de mulleres é superior á de homes. Este fenómeno dáse, en concreto, nas actividades de téxtil e confección no sector secundario e nas de hostalería, servizos á comunidade e comercio no sector servizos. Pola contra, neste último sector, as actividades onde os homes son máis demandados son a de actividades inmobiliarias e servizos a empresas e a de comercio.

Gráfico 15: *Ofertas por nivel académico da comarca.*



O 18,25% das ofertas rexistradas na comarca da Coruña no ano 2003 teñen como esixencia a posesión dun determinado nivel de estudos, se ben o 44,49% destas só requiren a posesión do certificado de escolaridade. Os niveis máis demandados a continuación son os de formación profesional (18,05%) e titulación de ensinanza obrigatoria (11,54%).

As actividades que en maior medida solicitan traballadores con baixo nivel de cualificación son a de construción e as de administracións públicas, servizos á comunidade e actividades inmobiliarias e servizos a empresas, estas tres últimas dentro do sector servizos. É salientable que a de administracións públicas sexa a que máis demanda traballadores de todos os niveis educativos, seguida pola de servizos á comunidade para os titulados en formación profesional e pola de actividades inmobiliarias e servizos a empresas para os universitarios.

5.3.4. Análise ocupacional das ofertas

Táboa 17.1: *Ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores.*

	1999	2000	2001	2002	2003
Axente comercial / Vendedor	662	1.756	1.226	945	867
Albanel	248	917	672	533	377
Camareiro - Barman	211	664	428	324	368
Empregado/a do fogar	18	29	55	37	333
Peón de albanel/Peón de obras públicas	144	417	359	239	262
Perruqueiro/a	33	154	141	194	179
Cociñeiro / Grelleiro / Pizzeiro / Pranchista	34	264	128	127	168
Encofrador	90	474	214	211	165
Dependente en xeral	72	289	181	176	159
Repartidor	33	211	147	97	133

A ocupación máis ofertada nos centros colaboradores da comarca da Coruña no ano 2003 foi a de axente comercial/vendedor. A continuación sitúanse as de albanel, camareiro-barman e empregado/a do fogar.

No que respecta á evolución individual destas ofertas, todas elas manifestan un comportamento positivo ao longo do período 1999-2003. Cómpre sinalar que en todas se dá un forte incremento do número de ofertas entre os anos 1999 e 2000, do mesmo xeito que todas, excepto a de perruqueiro, se reducen entre o 2001 e o 2002.

Cabe destacar que a de empregado do fogar é a que experimenta un maior crecemento, cunha variación media do 107,39%, e unha brusca subida no ano 2003, onde as ofertas se multiplican por nove con respecto ao ano anterior.

TÁBOA 17.2: Ocupacións máis ofertadas nas oficinas de emprego.

	1999	2000	2001	2002	2003
Dependente de comercio, en xeral	885	992	920	1.109	1.347
Empregado administrativo, en xeral	659	500	322	356	326
Mozo carga/descarga, almacén	419	291	173	307	284
Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	701	418	266	289	237
Peón da ind. manufactureira, en xeral	653	393	260	390	225
Peón da construción de edificios	323	207	85	111	195
Traballador retén incendios forestais	0	0	10	74	153
Vendedor por teléfono	57	169	109	203	105
Condutor de coche de bombeiros	0	0	0	63	101
Camareiro, en xeral	555	270	99	164	98

Nas oficinas de emprego comarcais, a ocupación mais ofertada no 2003 foi a de dependente de comercio, seguida a considerable distancia polas de empregado administrativo, mozo carga/descarga almacén e muller/mozo de limpeza.

Seis destas dez ocupacións amosan unha tendencia á redución no seu número de ofertas; destaca o caso das de camareiro, muller/mozo de limpeza e peón da industria manufactureira, con variacións medias negativas superiores ao -23% nos tres casos.

En cambio, pola súa evolución positiva, son destacables sobre todo as ocupacións de traballador retén de incendios forestais e condutor de coche de bombeiros, que non contaban con ningunha oferta ata o ano 2001 no caso da primeira e ata o 2002 no caso da segunda.

5.4. CONTRATOS

5.4.1. Número de contratos no ámbito comarcal e municipal

Táboa 18: Número de contratos na comarca e nos concellos. Ano 2003.

	CONTRATOS 2003	
	N.º	%
A CORUÑA	125.780	85,13
ABEGONDO	1.283	0,87
ARTEIXO	6.436	4,36
BERGONDO	3.160	2,14
CAMBRE	2.466	1,67
CARRAL	461	0,31
CULLEREDO	3.139	2,12
OLEIROS	3.269	2,21
SADA	1.753	1,19
TOTAL COMARCA	**147.747**	**100,00**
TOTAL PROVINCIA	**310.890**	**47,52**

O 47,52% das contratacións realizadas na provincia no ano 2003 rexistráronse na comarca da Coruña. Destes contratos, a súa maioría foron xestionados no concello da Coruña, que representa o 85,13% do total comarcal, seguido polo de Arteixo, co 4,36%. O 10,51% restante queda repartido entre as outras sete localidades, sendo a de Carral a que presenta un menor volume contractual (0,31%).

Táboa 19: Evolución do número de contratos no ámbito comarcal. Variacións anuais. 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA %
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
A CORUÑA	108.978	115.264	114.305	120.228	125.780	5,77	-0,83	5,18	4,62	3,65
ABEGONDO	547	554	1.312	1.134	1.283	1,28	136,82	-13,57	13,14	23,75
ARTEIXO	5.247	6.130	6.036	6.052	6.436	16,83	-1,53	0,27	6,35	5,24
BERGONDO	2.311	2.367	2.591	2.736	3.160	2,42	9,46	5,60	15,50	8,14
CAMBRE	2.557	2.715	2.736	2.722	2.466	6,18	0,77	-0,51	-9,40	-0,90
CARRAL	480	395	457	461	461	-17,71	15,70	0,88	0,00	-1,00
CULLEREDO	2.517	2.750	2.829	2.779	3.139	9,26	2,87	-1,77	12,95	5,68
OLEIROS	3.112	2.939	3.681	3.222	3.269	-5,56	25,25	-12,47	1,46	1,24
SADA	1.432	1.529	1.620	1.627	1.753	6,77	5,95	0,43	7,74	5,19
TOTAL COMARCA	**127.182**	**134.644**	**135.567**	**140.961**	**147.747**	**5,87**	**0,69**	**3,98**	**4,81**	**3,82**
TOTAL PROVINCIA	**268.271**	**281.551**	**280.779**	**292.423**	**310.890**	**4,95**	**-0,27**	**4,15**	**6,32**	**3,75**

A evolución da contratación na comarca no período 1999-2003 ofrece valores positivos, posto que acada unha variación media do 3,82%, cun crecemento constante durante todo o período. Algo semellante sucede na provincia, que amosa unha variación media do 3,75%, a pesar da pequena redución que rexistra entre os anos 2000 e 2001.

Analizando máis polo miúdo o comportamento dos concellos nestes cinco anos, pódese determinar que a evolución do da Coruña vai parella á da comarca, acadando unha variación media do 3,65%, e unha moi lixeira diminución entre os anos 2000 e 2001.

Só hai dous concellos onde os contratos descenden, aínda que de forma leve; son os de Cambre e Carral, que obteñen variacións medias do -0,9% e do -1% respectivamente. Pola contra, o concello onde se produce un maior aumento é o de Abegondo, cunha variación media do 23,75%, e unha forte subida no intervalo 2000-2001, onde acada unha variación interanual do 136,82%. Nos concellos restantes prodúcense crecementos menos agudos; destacan os que se dan no de Oleiros entre os anos 2000 e 2001, cunha variación interanual do 25,25% e no de Arteixo no intervalo 1999-2000, no que acada unha variación interanual do 16,83%.

5.4.2. Contratación comarcal segundo o sexo e a idade

TÁBOA 20: Distribución da contratación comarcal segundo o sexo e a idade. Ano 2003.

	N.º CONTRATOS			% CONTRATOS		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Menos de 26 anos	27.748	33.606	61.354	18,78	22,75	41,53
De 26 a 35 anos	25.916	24.936	50.852	17,54	16,88	34,42
De 36 a 45 anos	11.783	9.631	21.414	7,98	6,52	14,49
De 46 a 55 anos	6.243	4.663	10.906	4,23	3,16	7,38
De 56 e máis anos	2.207	1.014	3.221	1,49	0,69	2,18
TOTAL COMARCA	**73.897**	**73.850**	**147.747**	**50,02**	**49,98**	**100,00**
TOTAL PROVINCIAL	**166.028**	**144.862**	**310.890**	**53,40**	**46,60**	**100,00**

A distribución dos contratos segundo o sexo amosa un reparto equilibrado entre homes e mulleres, dado que o 50,02% deles foron asinados por homes e o 49,98% por mulleres. No conxunto provincial a tendencia á desigualdade é levemente maior, posto que os homes representan o 53,4% das contratacións.

Tanto a contratación masculina como a feminina concéntrase nos segmentos de idade máis novos, con tendencia ao retroceso no número de contratos conforme a idade aumenta. Deste xeito, o 41,53% dos contratos realizáronse entre os menores de 26 anos, mentres que o 34,42% foron xestionados entre os que teñen entre 26 e 35 anos.

TÁBOA 21: Evolución do número de contratos da comarca segundo o sexo. Período 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Homes	72.598	72.992	71.006	73.409	73.897	0,54	-2,72	3,38	0,66	0,44
Mulleres	54.584	61.652	64.561	67.552	73.850	12,95	4,72	4,63	9,32	7,85
TOTAL CONTRATOS	**127.182**	**134.644**	**135.567**	**140.961**	**147.747**	**5,87**	**0,69**	**3,98**	**4,81**	**3,82**

A evolución da contratación segundo o sexo presenta diferenzas significativas nestes cinco anos. Deste xeito, na contratación masculina prodúcese un leve aumento en números absolutos, cunha variación media do 0,44%, e un descenso entre os anos 2000 e 2001.

No caso das mulleres, os contratos aumentan de forma constante durante todo o período e logran unha variación media do 7,85%; a subida máis forte prodúcese no inicio do quinquenio.

GRÁFICO 16: *Evolución da distribución da contratación comarcal segundo o sexo. Período 1999-2003. Valores proporcionais.*



De acordo co exposto anteriormente, o gráfico 16 móstranos a redución paulatina do peso porcentual da contratación masculina entre 1999 e 2003, ao mesmo tempo que se incrementa a feminina, de tal modo que, se ao inicio do período a diferenza a prol dos homes era de 14,16 puntos, ao final os valores de ambos os sexos chegan case a igualarse.

TÁBOA 22: *Evolución do número de contratos da comarca segundo a idade. Período 1999-2003.*

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Menor de 26 anos	45.311	50.313	51.188	52.866	61.354	11,04	1,74	3,28	16,06	7,87
De 26 a 35 anos	45.817	48.659	50.900	52.154	50.852	6,20	4,61	2,46	-2,50	2,64
De 36 a 45 anos	22.051	21.829	20.897	22.126	21.414	-1,01	-4,27	5,88	-3,22	-0,73
De 46 a 55 anos	11.076	10.976	9.535	10.458	10.906	-0,90	-13,13	9,68	4,28	-0,39
De 56 e máis anos	2.927	2.867	3.047	3.357	3.221	-2,05	6,28	10,17	-4,05	2,42
TOTAL CONTRATOS	**127.182**	**134.644**	**135.567**	**140.961**	**147.747**	**5,87**	**0,69**	**3,98**	**4,81**	**3,82**

Tendo en conta a idade, a evolución da contratación comarcal vén caracterizada por unha leve redución en números absolutos nos grupos de 36 a 55 anos, con variacións medias que, se ben teñen signo negativo, refliten unha tendencia á estabilidade ao final destes cinco anos.

Nos grupos restantes, os contratos increméntanse, en maior medida no dos menores de 26 anos, onde se rexistra unha variación media do 7,87%, cun crecemento continuo ao longo do quinquenio; hai que destacar a variación interanual acadada entre os anos 2002 e 2003, que é do 16,06%. Neste mesmo intervalo redúcense os contratos nos grupos de 26 a 35 anos e nos maiores de 55; tamén hai que engadir a redución experimentada no intervalo inicial para este último grupo de idade. As variacións medias acadadas nestes colectivos son do 2,64% e do 2,42% respectivamente.

5.4.3. Contratación comarcal segundo os sectores económicos

TÁBOA 23: *Distribución da contratación por sectores/subsectores económicos.*

	CONTRATOS 2003	
	N.º	%
SECTOR PRIMARIO	**2.568**	**1,74**
Agricultura e pesca	2.568	1,74
SECTOR SECUNDARIO	**13.974**	**9,46**
Industria	13.896	9,41
Electricidade	78	0,05
SECTOR CONSTRUCIÓN	**16.473**	**11,15**
Construción	16473	11,15
SECTOR SERVIZOS	**114.732**	**77,65**
Comercio e hostalería	38.716	26,20
Transporte e comunicacións	9.672	6,55
Outros servizos	66.344	44,90
TOTAL CONTRATOS	**147.747**	**100,00**

O sector servizos representa no ano 2003 o maior volume de contratación na comarca, rexistrando o 77,65% dos contratos. A continuación sitúanse o sector da construción, co 11,15%, e o secundario, co 9,46%.

No que respecta aos subsectores, é importante sinalar que cerca da metade das contratacións prodúcense no de outros servizos, concretamente o 44,90%, seguido en orde de importancia polo de comercio e hostalería, que engloba o 26,20% dos contratos.

Dentro da industria, a actividade cun maior peso cuantitativo é a de téxtil e confección, onde se concentran o 41% dos contratos. A considerable distancia é seguida pola de outras industrias (22%) e pola de metalurxia e fabricación de produtos metálicos (19%). Destaca tamén o peso da actividade de alimentación, onde se rexistran o 10% dos contratos da industria.



Gráfico 17: *Distribución porcentual da contratación na industria.*

No sector servizos, as actividades inmobiliarias e servizos a empresas rexistran a maior parte dos contratos, en concreto o 40%. A actividade de comercio sitúase en segundo lugar, co 26%, e a continuación o resto de actividades, entre as que se distribúe o 34% restante.



Gráfico 18: *Distribución porcentual da contratación nos servizos.*

Táboa 24: *Distribución porcentual da contratación comarcal segundo sectores/subsectores económicos por sexo e idade. Ano 2003.*

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e mais
SECTOR PRIMARIO	**1,65**	**0,08**	**0,27**	**0,42**	**0,51**	**0,45**	**0,09**
Agricultura e pesca	1,65	0,08	0,27	0,42	0,51	0,45	0,09
SECTOR SECUNDARIO	**5,08**	**4,37**	**2,89**	**3,57**	**1,82**	**0,91**	**0,27**
Industria	5,04	4,36	2,87	3,54	1,82	0,91	0,27
Electricidade	0,04	0,01	0,01	0,03	0,01	0,00	0,00
SECTOR CONSTRUCIÓN	**10,62**	**0,53**	**3,04**	**3,62**	**2,38**	**1,59**	**0,51**
Construción	10,62	0,53	3,04	3,62	2,38	1,59	0,51
SECTOR SERVIZOS	**32,66**	**45,00**	**35,32**	**26,81**	**9,79**	**4,42**	**1,32**
Comercio e hostalería	7,97	18,24	15,51	7,29	2,15	0,94	0,31
Transporte e comunicacións	4,59	1,95	1,39	2,04	1,72	1,04	0,35
Outros servizos	20,10	24,81	18,42	17,47	5,91	2,44	0,66
TOTAL CONTRATOS	**50,02**	**49,98**	**41,53**	**34,42**	**14,49**	**7,38**	**2,18**

Tanto no colectivo masculino como no feminino, a maior parte dos contratos inscríbense no sector servizos, seguido polo da construción no caso dos homes e polo secundario no das mulleres. Neste último grupo, é salientable que case a totalidade dos contratos están concentrados no sector servizos, en concreto o 45%, quedando o 4,98% restante repartido entre os outros tres sectores económicos.

No referente aos subsectores de servizos, o de outros servizos é o máis significativo en ambos os sexos; en segundo lugar sitúase o de comercio e hostalería.

Observando máis pormenorizadamente a distribución por idade, o sector servizos é o que representa o maior volume contractual en todos os grupos, seguido polo da construción tamén en todos eles. No que atinxe aos subsectores dos servizos, o de outros servizos é tamén predominante en todas as idades, seguido do de comercio e hostalería.

Táboa 25: *Evolución da contratación comarcal segundo os sectores e subsectores económicos. Período 1999-2003.*

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
SECTOR PRIMARIO	**2.981**	**2.749**	**1.081**	**2.460**	**2.568**	**-7,78**	**-60,68**	**127,57**	**4,39**	**-3,66**
Agricultura e pesca	2.981	2.749	1.081	2.460	2.568	-7,78	-60,68	127,57	4,39	-3,66
SECTOR SECUNDARIO	**15.936**	**16.865**	**16.636**	**14.541**	**13.974**	**5,83**	**-1,36**	**-12,59**	**-3,90**	**-3,23**
Industria	15.867	16.758	16.524	14.434	13.896	5,62	-1,40	-12,65	-3,73	-3,26
Electricidade	69	107	112	107	78	55,07	4,67	-4,46	-27,10	3,11
S. CONSTRUCIÓN	**16.307**	**16.602**	**17.776**	**16.456**	**16.473**	**1,81**	**7,07**	**-7,43**	**0,10**	**0,25**
Construción	16.307	16.602	17.776	16.456	16.473	1,81	7,07	-7,43	0,10	0,25
SECTOR SERVIZOS	**91.957**	**98.428**	**100.074**	**106.444**	**114.732**	**7,04**	**1,67**	**6,37**	**7,79**	**5,69**
Comercio e hostalería	26.312	30.916	33.283	34.903	38.716	17,50	7,66	4,87	10,92	10,14
Transporte e comunicacións	7.837	7.754	5.740	9.513	9.672	-1,06	-25,97	65,73	1,67	5,40
Outros servizos	57.808	59.758	61.051	62.028	66.344	3,37	2,16	1,60	6,96	3,50
TOTAL CONTRATOS	**127.181**	**134.644**	**135.567**	**140.961**	**147.747**	**5,87**	**0,69**	**3,98**	**4,81**	**3,82**

No conxunto do período, maniféstase unha evolución dispar para os diferentes sectores da actividade económica. Deste xeito, no sector primario e secundario redúcense as contratacións, acadando ambos variacións medias semellantes, do -3,66% o primeiro e do -3,23% o segundo. No sector primario descenden os contratos ata o ano 2001, recuperándose fortemente no ano posterior, onde acada unha variación interanual do 127,57%. No sector secundario só se incrementan as contratacións no primeiro intervalo do período e decrecen de forma constante nos seguintes.

O sector da construción amosa unha tendencia ao estancamento, cunha variación media do 0,25%, aínda que en números absolutos rexistra un certo crecemento. Neste sector prodúcese unha soa diminución no intervalo 2001-2002.

Por último, no sector servizos é no que se dá un maior aumento da contratación; presenta unha evolución positiva en todo o quinquenio e obtén unha variación media do 5,69%. Dentro deste sector, cómpre salientar que o subsector de transporte e comunicacións é o único no que os contratos diminúen nalgún tramo temporal, en concreto nos intervalos 1999-2000 e 2000-2001, acadando unha variación media final do 5,4%. Nos dous subsectores restantes dáse un crecemento paulatino, rexistrando variacións medias do 10,14% o de comercio e hostalería e do 3,5% o de outros servizos.

5.4.4. Tipoloxía da contratación laboral

Gráfico 19: *Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contratos. Ano 2003.*



Atendendo á tipoloxía de contratación, a comarca da Coruña caracterízase pola súa temporalidade, posto que o 58% dos contratos son temporais a tempo completo. Se a isto se lle engade que o 33% son temporais a tempo parcial, obtense que o 91% dos contratos realizados son temporais.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
Indefinido	2,11	1,46	0,60	1,54	0,70	0,55	0,19
Indefinido tempo parcial	0,22	0,53	0,21	0,28	0,13	0,08	0,05
Temporal	35,17	23,60	20,10	21,78	10,24	5,20	1,46
Temporal tempo parcial	10,44	22,66	18,27	9,99	3,08	1,38	0,39
Prácticas/Formación	1,31	1,32	2,12	0,42	0,04	0,03	0,01
Outros	0,76	0,41	0,22	0,41	0,31	0,14	0,08
TOTAL CONTRATOS	**50,02**	**49,98**	**41,53**	**34,42**	**14,49**	**7,38**	**2,18**

TÁBOA 26: *Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contrato por sexo e idade. Ano 2003.*

Todas as tipoloxías de contratación son maioritarias entre os homes, excepto a de indefinido a tempo parcial e a de prácticas/formación, onde a diferenza é moi escasa, e a de temporal a tempo parcial, na que as mulleres superan porcentualmente aos homes en 12,22 puntos.

No referente á distribución por idade, é a contratación temporal a tempo completo a que conta con maior peso relativo en todos os tramos, acadando o volume máis elevado no de 26 a 35 anos, seguido moi de cerca polo dos menores de 26 anos. No que respecta á contratación temporal a tempo parcial, hai que destacar que o 28,26% concéntrase en só dous intervalos de idade, nos menores de 36 anos.

	PRIMARIO	SECUNDARIO			CONSTRUCIÓN	SERVIZOS			
	Agr.,Gand.	Industr.	Electric.	Total	Construc.	Comerc.	Transp.	Outros	Total
Indefinido	0,37	0,49	0,01	0,50	0,29	1,20	0,18	1,02	2,41
Indefinido tempo parcial	0,00	0,05	0,00	0,05	0,02	0,37	0,06	0,26	0,68
Temporal	1,31	7,62	0,05	7,66	10,09	9,89	5,70	24,11	39,71
Temporal tempo parcial	0,03	0,82	0,00	0,82	0,31	13,61	0,58	17,75	31,94
Prácticas/Formación	0,01	0,33	0,00	0,33	0,38	1,09	0,02	0,80	1,90
Outros	0,00	0,10	0,00	0,10	0,06	0,04	0,00	0,96	1,01
TOTAL CONTRATOS	**1,74**	**9,41**	**0,05**	**9,46**	**11,15**	**26,20**	**6,55**	**44,90**	**77,65**

TÁBOA 27: *Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contrato por sectores económicos. Ano 2003.*

Todas as fórmulas de contratación se agrupan na súa maioría no sector servizos, onde se concentran o 39,71% dos contratos temporais a tempo completo e o 31,94% dos temporais a tempo parcial, o que supón case a totalidade destes últimos. No sector primario non se produce ningún contrato indefinido a tempo parcial nin da categoría outros. O subsector de outros servizos agrupa, así mesmo, a maioría dos contratos temporais a tempo completo e a tempo parcial, se ben con respecto á última modalidade hai unha diferenza notablemente menor co subsector de comercio.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Indefinido	11.973	9.845	12.992	9.740	5.277	-17,77	31,97	-25,03	-45,82	-18,52
Indefinido tempo parcial	2.001	1.947	1.585	3.247	1.114	-2,70	-18,59	104,86	-65,69	-13,62
Temporal	80.240	85.098	80.125	82.212	86.836	6,05	-5,84	2,60	5,62	1,99
Temporal tempo parcial	26.720	31.769	34.512	40.073	48.908	18,90	8,63	16,11	22,05	16,32
Prácticas/Formación	4.054	4.064	3.931	3.884	3.885	0,25	-3,27	-1,20	0,03	-1,06
Outros	2.193	1.920	2.422	1.805	1.727	-12,45	26,15	-25,47	-4,32	-5,80
TOTAL CONTRATOS	**127.181**	**134.643**	**135.567**	**140.961**	**147.747**	**5,87**	**0,69**	**3,98**	**4,81**	**3,82**

TÁBOA 28: *Evolución da contratación comarcal segundo a tipoloxía de contratos. Período 1999-2003.*

No período 1999-2003, a maior redución nas contratacións dáse nos contratos indefinidos, tanto a tempo completo como a tempo parcial. En ambas as categorías, os contratos diminúen en tres dos catro intervalos do quinquenio, experimentando no restante un considerable aumento, sobre todo no caso dos contratos indefinidos a tempo parcial, que acadan no intervalo 2001-2002 unha variación interanual do 104,86%. As variacións medias para estas dúas tipoloxías son do -18,52% para os contratos indefinidos a tempo completo e do -13,62% para os indefinidos a tempo parcial.

As fórmulas de outros e de prácticas/formación tamén descenden, pero en menor medida que as anteriores, con variacións medias do -5,80% e -1,06% respectivamente. É preciso sinalar neste caso a importante subida que experimenta a categoría de outros entre os anos 2000 e 2001, cunha variación interanual do 26,15%.

Os contratos temporais a tempo completo increméntanse lixeiramente e obtenen unha variación media do 1,99%; rexistran unha evolución constante ao longo do período, exceptuando a baixada producida entre os anos 2000 e 2001. En cambio, os contratos temporais a tempo parcial rexistran fortes subidas en todos os intervalos temporais, sobre todo no último do quinquenio, cunha variación interanual do 22,05%. A variación media final para esta categoría é do 16,32%.

5.4.5. Grandes grupos de ocupación na contratación laboral

Táboa 29: *Distribución da contratación por grandes grupos de ocupación segundo o sexo. Ano 2003.*

	CONTRATOS	
	Nº	%
1. Dirección de empresas e administracións públicas	**412**	**0,28**
HOMES	290	0,20
MULLERES	122	0,08
2. Técnicos profesionais, científicos e intelectuais	**6.958**	**4,71**
HOMES	3.176	2,15
MULLERES	3.782	2,56
3. Técnicos e profesionais de apoio	**9.662**	**6,54**
HOMES	5.425	3,67
MULLERES	4.237	2,87
4. Empregados de tipo administrativo	**14.364**	**9,72**
HOMES	4.200	2,84
MULLERES	10.164	6,88
5. Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio	**42.865**	**29,01**
HOMES	9.289	6,29
MULLERES	33.576	22,73
6. Traballadores cualificados na agricultura e pesca	**1.408**	**0,95**
HOMES	1.332	0,90
MULLERES	76	0,05
7. Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería	**17.118**	**11,59**
HOMES	16.352	11,07
MULLERES	766	0,52
8. Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	**13.571**	**9,19**
HOMES	7.499	5,08
MULLERES	6.072	4,11
9. Traballadores non cualificados	**41.389**	**28,01**
HOMES	26.334	17,82
MULLERES	15.055	10,19
TOTAL CONTRATOS	**147.747**	**100,00**
TOTAL HOMES	**73.897**	**50,02**
TOTAL MULLERES	**73.850**	**49,98**

Segundo os nove grandes grupos de ocupación, e de acordo co exposto na táboa anterior, cómpre sinalar a concentración do 68,61% dos contratos nos seguintes tres grupos:

- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio, 29,01%.
- Traballadores non cualificados, 28,01%.
- Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería, 11,59%.

Dende outra óptica, atendendo á distribución por sexo, denótanse diferenzas significativas nos contratos en función do grupo de ocupación:

Grupos de ocupación cunha maior contratación masculina	Grupos de ocupación cunha maior contratación feminina
• Traballadores non cualificados, 17,82%. • Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería, 11,07%. • Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio, 6,29%. • Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores, 5,08%.	• Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio, 22,73%. • Traballadoras non cualificadas, 10,19%. • Empregadas de tipo administrativo, 6,88%. • Operadoras de instalacións e maquinaria, e montadoras, 4,11%.

A pesar da case igualdade entre os sexos na contratación nesta comarca, na maioría dos grupos de ocupación predominan os homes sobre as mulleres, excepto nos que seguen a continuación:

- Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio. As mulleres superan aos homes en 16,44 puntos.
- Empregadas de tipo administrativo. A contratación masculina é 4,04 puntos inferior á feminina.
- Técnicas profesionais, científicas e intelectuais. Os contratos das mulleres representan 0,41 puntos máis que os dos homes.

Atendendo á evolución dos contratos durante o período 1999-2003, os datos refliten unha evolución negativa para os seguintes grupos de ocupación:

- Traballadores cualificados na agricultura e pesca, cunha variación media do -3,99%.
- Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores, -2,61%.
- Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería, -1,84%.

Pola contra, o grupo que destaca sobre os demais polo seu crecemento é o de traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio, que acadou unha variación media do 11,36%.

No tocante á evolución segundo o sexo dos contratados, os homes obteñen o seu maior crecemento no grupo de traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio, cunha variación media do 4,05%.

Por outra banda, na comarca prodúcese un descenso na contratación de homes nos grupos de:

- Traballadores cualificados na agricultura e pesca, -4,19%.
- Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores, -3,07%.
- Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería, -1,99%.
- Técnicos profesionais, científicos e intelectuais, -1,88%.

No referente ás mulleres, destaca o incremento medio na contratación nos seguintes grupos:

- Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio, 13,9%.
- Técnicas e profesionais de apoio, 10,29%.
- Traballadoras non cualificadas, 7,32%.
- Dirección de empresas e administracións públicas, 7,02%.

É preciso, por último, sinalar o descenso que se rexistra na contratación feminina na actividade de operadoras de instalacións e maquinaria, e montadoras, onde se rexistra unha variación media negativa do -2,03%.

5.4.6. Ocupacións máis contratadas

Táboa 30: *As dez ocupacións máis contratadas na comarca. Ano 2003.*

		TOTAL		HOMES		MULLERES		RATIO
CNO	OCUPACIÓNS	N.º	%	N.º	%	N.º	%	MASCUL.[1]
53300010	Dependente de comercio, en xeral	22.847	15,46	3.210	4,34	19.637	26,59	14,05
97000011	Peón da ind. manufactureira, en xeral	11.333	7,67	9.834	13,31	1.499	2,03	86,77
98000050	Mozo carga/descarga, almacén	9.709	6,57	8.059	10,91	1.650	2,23	83,01
42100010	Empregado administrativo, en xeral	6.944	4,70	2.151	2,91	4.793	6,49	30,98
50200018	Camareiro, en xeral	6.545	4,43	3.148	4,26	3.397	4,60	48,10
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	6.340	4,29	1.130	1,53	5.210	7,05	17,82
90020025	Vendedor por teléfono	4.203	2,84	695	0,94	3.508	4,75	16,54
71100016	Albanel	3.860	2,61	3.824	5,17	36	0,05	99,07
53300355	Demostrador de prod. en comercios	3.709	2,51	532	0,72	3.177	4,30	14,34
85420223	Estibador	2.874	1,95	2.235	3,02	639	0,87	77,77
	TOTAL	**78.364**	**53,04**	**34.818**	**47,12**	**43.546**	**58,97**	**44,43**

(1) Ratio de Masculinidade = (N.º de contratos realizados a homes/ N.º total de contratos) x 100

Do total das contratacións producidas na comarca da Coruña no ano 2003, o 53,04% rexistráronse entre as dez ocupacións máis contratadas que se recollen na táboa anterior, o que denota unha notable concentración dos contratos nas ocupacións antes referidas.

A ocupación máis contratada foi a de dependente de comercio, seguida da de peón da industria manufactureira. No caso dos homes, foron máis contratados como peón da industria manufactureira e mozo carga/descarga almacén; en cambio, o maior volume de contratos nas mulleres deuse na ocupación de dependenta de comercio e muller/mozo de limpeza, limpador.

No que respecta á distribución dos contratos segundo o sexo, é de salientar que o ratio de masculinidade no conxunto destas dez ocupacións é do 44,43%, o que indica unha tendencia á maior contratación feminina dentro delas. Deste xeito, catro destas ocupacións son eminentemente femininas, que son as de dependenta de comercio, demostradora de produtos en comercios, vendedora por teléfono e muller/mozo de limpeza. Pola contra, as ocupacións con maior carácter masculino son as de albanel, peón da industria manufactureira e mozo carga/descarga almacén.

CNO	OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS	1999	2000	2001	2002	2003
53300010	**Dependente de comercio, en xeral**	**11.814**	**15.607**	**17.155**	**19.053**	**22.847**
97000011	**Peón da industria manufactureira, en xeral**	**10.094**	**8.596**	**9.564**	**10.432**	**11.333**
98000050	**Mozo carga/descarga, almacén**	**6.746**	**7.286**	**7.379**	**8.233**	**9.709**
42100010	**Empregado administrativo, en xeral**	**6.468**	**7.070**	**7.638**	**7.674**	**6.944**
50200018	**Camareiro, en xeral**	**5.168**	**4.973**	**4.364**	**5.813**	**6.545**
91210016	**Muller/mozo limpeza, limpador en xeral**	**7.141**	**7.340**	**6.510**	**6.705**	**6.340**
90020025	**Vendedor por teléfono**	488	2.936	**3.637**	**3.842**	**4.203**
71100016	**Albanel**	**4.807**	**4.567**	**4.483**	**4.047**	**3.860**
53300355	**Demostrador de produtos en comercios**	3.419	**3.772**	**4.325**	**4.136**	**3.709**
85420223	**Estibador**	**4.118**	3.440	587	3.067	**2.874**
96020014	PEÓN DA CONSTRUCIÓN DE EDIFICIOS	**3.865**	**3.805**	3.517	**3.343**	2.124
83630022	OPERADORA MÁQUINA INDUSTRIAL COSER Á PLANA, EXCEPTO PEL: CALZADO	**3.981**	**4.436**	**4.349**	3.047	2.054

Táboa 31: *Evolución das dez ocupacións máis contratadas entre 1999 e 2003.*

Polo que respecta á evolución das dez ocupacións máis contratadas entre os anos 1999 e 2003, obsérvase unha tendencia á estabilidade, posto que só cinco ocupacións aparecen e desaparecen da lista nestes cinco anos. Así, a de vendedor por teléfono e de demostrador de produtos en comercios incorpóranse á lista no ano 2001 a primeira e no 2000 a segunda, do mesmo xeito que a de operadora de máquina industrial de coser á plana desaparece no ano 2002. Por último, a de estibador só aparece no 1999 e no 2003, mentres que a de peón da construción de edificios desaparece nos anos 2001 e 2003.

Con respecto á evolución individual destas ocupacións, son destacables pola súa progresión positiva as de vendedor por teléfono e de dependente de comercio; hai que resaltar que a primeira destas experimenta un forte incremento no ano 2000, onde os contratos se multiplican por seis con respecto ao anterior. Do mesmo modo, é salientable o importante aumento que se rexistra na ocupación de estibador no intervalo 2001-2002, no que acada unha variación interanual do 422,49%.

Pola contra, cabe sinalar as reducións dos contratos nas ocupacións de peón da construción de edificios e operadora de máquina industrial de coser á plana, con variacións medias do -13,90% e -15,25% respectivamente.



Comarca de Arzúa

5.1. TECIDO EMPRESARIAL

5.1.1. Tecido empresarial comarcal. Situación actual

Na comarca de Arzúa a maioría das empresas concéntranse no sector servizos, o 62,95%; a moita distancia destas cifras sitúanse o sector da construción, 18,86%, e o secundario, 15,45%. O peso específico do sector primario é escaso, abarcando só un 2,72% das empresas. A preponderancia dos servizos está sustentada sobre a forte presenza do subsector de comercio e hostalería, que engloba o 34,54% das empresas, seguido do de outros servizos, co 18,86%.

No que respecta ao número de traballadores, o sector máis importante é o primario, que concentra o 47,92% deles. A continuación sitúase o de servizos, 25,97%, o secundario, 14,06%, e o da construción, co 12,05%. Dentro dos servizos destacan notablemente o subsector de outros servizos, 11,91%, e o de comercio e hostalería, 11,18%; no sector secundario o subsector da industria concentra a totalidade dos traballadores.

Seis de cada dez autónomos sitúanse dentro do sector servizos, un valor relativo que deriva da forte presenza do subsector de comercio e hostalería, recollendo o 44,42% dos traballadores por conta propia. O sector da construción agrupa o 20,41% dos autónomos, reducíndose esta porcentaxe para o secundario, 10,71%, e o primario, 5,64%.

5.1.2. Evolución anual

Táboa 1: *Evolución do número de empresas. Período 1999-2003.*

	EMPRESAS				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	**97**	**100**	**113**	**70**	**12**
Agricultura e pesca	97	100	113	70	12
SECTOR SECUNDARIO	**67**	**74**	**75**	**73**	**68**
Industria	67	74	75	73	68
Electricidade	0	0	0	0	0
SECTOR CONSTRUCIÓN	**91**	**92**	**90**	**89**	**83**
Construción	91	92	90	89	83
SECTOR SERVIZOS	**254**	**234**	**251**	**268**	**277**
Comercio e hostalería	121	128	135	142	152
Transporte e comunicacións	27	32	35	37	42
Outros servizos	106	74	81	89	83
TOTAL	**509**	**500**	**529**	**500**	**440**

GRÁFICO 1: Variacións interanuais do número de empresas por sector económico. Período 1999-2003.



Na comarca de Arzúa hai unha diminución do número de empresas durante o período 1999-2003, debido sobre todo aos descensos producidos nos dous últimos anos; así, a variación interanual no último é de -12%.

O balance do período é negativo, tanto para o sector primario como para o da construción, xa que acadan variacións medias de -40,69% e -2,27%. O último empeza a decrecer levemente a partir do ano 2000, en cambio no primeiro os fortes descensos comezan en 2002, sendo especialmente alto no último ano.

O sector secundario mantén unha tendencia estable debido a que no conxunto do período só presenta unha empresa máis, seguindo nos último anos unha tendencia levemente descendente que comeza no ano 2001, tras os ascensos de anos anteriores.

Coa excepción do tramo 1999-2000, o sector servizos incrementa o seu número de empresas no resto de anos, sobre todo entre os anos 2000 e 2002, obtendo unha variación media de 2,19%. Dentro deste sector contrasta o crecemento experimentado polo subsector de comercio e hostalería, que medra por riba do sector -variación media de 5,87%-, fronte ao retroceso do de outros servizos, que despois do forte descenso de 1999-2000 presenta unha leve recuperación, volve a descender no último tramo e finalmente obtén unha variación media de -5,93%.

TÁBOA 2: Evolución do número de traballadores. Período 1999-2003.

	TRABALLADORES				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	**1.142**	**1.295**	**1.348**	**1.335**	**1.380**
Agricultura e pesca	1.142	1.295	1.348	1.335	1.380
SECTOR SECUNDARIO	**376**	**425**	**453**	**448**	**405**
Industria	376	425	453	448	405
Electricidade	0	0	0	0	0
SECTOR CONSTRUCIÓN	**342**	**352**	**331**	**375**	**347**
Construción	342	352	331	375	347
SECTOR SERVIZOS	**550**	**614**	**641**	**719**	**748**
Comercio e hostalería	226	264	278	298	322
Transporte e comunicacións	56	71	75	72	83
Outros servizos	268	279	288	349	343
TOTAL	**2.410**	**2.686**	**2.773**	**2.877**	**2.880**

O número de traballadores da comarca aumenta en todos os anos do período, sobre todo en 1999-2000, sendo a súa variación media anual de 4,55%. Tamén hai que sinalar o aumento producido en todos os sectores, destacando os producidos no sector servizos e primario, que obteñen unhas variacións medias de 7,99% e 4,85%, respectivamente.

No sector secundario prodúcese un retroceso do número de traballadores nos dous últimos anos, se ben non contrarrestan suficientemente os aumentos de outros anos, sendo por conseguinte a súa variación media de 1,87%. En cambio as reducións producidas entre 2000-2001 e 2002-2003 no sector da construción son levemente inferiores aos incrementos producidos nos outros tramos do período, polo que amosa unha variación media de 0,36%, o que denota un certo estancamento; de feito, en números absolutos só aumenta en cinco traballadores.



***Gráfico 2**: Variacións interanuais do número de traballadores por sector económico. Período 1999-2003.*

O sector primario só descende levemente entre 2001 e 2002, aumentando nos restantes anos. Os servizos aumentan en todos os anos, sendo maior o seu crecemento entre 1999-2000 e 2001-2002. Hai que sinalar que dentro dos subsectores que compoñen este último sector teñen un nivel de crecemento maior o de transporte e comunicacións e o de comercio e hostalería, con variacións medias de 10,34% e 9,25%, respectivamente; en cambio medra algo por baixo o de outros servizos -variación media de 6,36%-, debido sobre todo ao leve descenso producido no último ano.

***Táboa 3:** Evolución do número de autónomos. Período 1999-2003.*

	AUTÓNOMOS				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	**30**	**29**	**32**	**42**	**50**
Agricultura e pesca	30	29	32	42	50
SECTOR SECUNDARIO	**71**	**85**	**92**	**95**	**95**
Industria	71	85	92	95	95
Electricidade	0	0	0	0	0
SECTOR CONSTRUCIÓN	**139**	**138**	**156**	**170**	**181**
Construción	139	138	156	170	181
SECTOR SERVIZOS	**377**	**425**	**468**	**503**	**561**
Comercio e hostalería	259	291	324	351	394
Transporte e comunicacións	72	81	79	84	87
Outros servizos	46	53	65	68	80
TOTAL	**617**	**677**	**748**	**810**	**887**

O número de traballadores autónomos experimenta un incremento sostido durante o período 1999-2003; finalmente a variación media anual obtida é de 9,5%. Por riba deste nivel de crecemento sitúanse o sector primario e servizos, con variacións medias de 13,62% e 10,45%, se ben o primeiro ten uns valores absolutos relativamente modestos. En cambio sitúanse por baixo o secundario e o da construción, con 7,55% e 6,82% de variación media, respectivamente.



***Gráfico 3:** Variacións interanuais do número de autónomos por sector económico. Período 1999-2003.*

O sector primario descende entre 1999 e 2000, para aumentar nos seguintes tramos de maneira notable, sobre todo entre 2001-2002 onde acada unha variación interanual de 31,25%. O secundario non descende en ningún dos anos do período, se ben no último mantén o mesmo número de autónomos que no anterior. En cambio o sector da construción, tras o leve decrecemento de 1999-2000, aumenta de forma sostida no resto de anos.

O sector servizos medra dunha forma constante ao longo de todos os anos do período, unha tendencia que tamén amosan os subsectores de outros servizos e comercio e hostalería, aínda que crecen algo por riba do nivel do sector, de feito obteñen variacións medias respectivas de 14,84% e 11,06%. Non sucede o mesmo co de transporte e comunicacións, que descende entre 2000 e 2001, e no resto incrementa o número de autónomos a niveis máis modestos, polo que obtén unha variación media de 4,84%.

5.2. DEMANDAS

5.2.1. Demandantes por concello

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Arzúa	331	136	467
Boimorto	83	56	139
O Pino	212	68	280
Touro	226	82	308
Total	**852**	**342**	**1.194**

TÁBOA 4: Distribución dos demandantes segundo os concellos da comarca.

% comarca/provincia - PARADOS	**1,29**
% comarca/provincia - NON PARADOS	**1,12**

O concello de Arzúa concentra o 39,11% dos demandantes da comarca, o de Touro o 25,8% e o do Pino o 23,45%. A unha certa distancia sitúase o de Boimorto, que recolle o 11,64% dos demandantes.

En todos os concellos predominan os demandantes parados sobre os non parados, representando os primeiros o 71,36% do total e os segundos o 28,64%.



GRÁFICO 4: Distribución dos demandantes da comarca por concello.

O peso especifico da comarca con respecto á provincia en relación co número de demandantes é mínimo, insinuándose unha maior importancia dos demandantes parados no conxunto provincial, 1,29%.

5.2.3. Caracterización da situación sociolaboral dos demandantes de emprego

	TRABALLADORES				
	1999	2000	2001	2002	2003
PARADOS COMARCA	733	721	634	791	852
VARIACIÓN INTERANUAL %	–	-1,64	-12,07	24,76	7,71
COMARCA/TOTAL PROVINCIA	1,24	1,21	1,09	1,24	1,29

TÁBOA 5: Evolución dos demandantes parados.

O número de demandantes parados na comarca aumentou durante o período comprendido entre 1999 e 2003. Non obstante, este aumento prodúcese basicamente nos dous últimos anos, sobre todo en 2002, producíndose descensos entre 1999 e 2001.



GRÁFICO 5: Evolución dos demandantes parados da comarca.

Esta situación incide no leve aumento do peso relativo da comarca no conxunto da provincia, 1,29%, despois de ter un descenso importante en 2001, o que suxire un maior nivel de crecemento dos demandantes parados da comarca en relación coa provincia.

5.2.3. Caracterización da situación sociolaboral dos demandantes de emprego

TÁBOA 6: Situación laboral dos demandantes

		VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	176	14,74	12,67
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	676	56,62	55,76
NON PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	61	5,11	3,98
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	127	10,64	11,46
	Con traballo a tempo parcial e prestación compatible	40	3,35	4,73
	En expediente de regulación de emprego	0	0,00	2,34
	Demandantes de mellora de emprego	59	4,94	5,98
	Demandantes de emprego de menos de 20 h	38	3,18	2,38
	Resto de demandantes	17	1,42	0,71
	TOTAL	**1.194**	**100,00**	**100,00**

Máis da metade dos demandantes da comarca son parados que tiveron emprego anterior, un valor moi semellante ao acadado no conxunto da provincia. A continuación habería que sinalar os demandantes parados sen emprego anterior, que representan o 14,74% do total, e os non parados con emprego anterior, que supoñen o 10,64%. Os valores relativos sinalados apenas presentan diferenzas cos acadados no conxunto da provincia, como sucede co resto de categorías que refliten a situación laboral dos demandantes.

5.2.4. Demandantes de emprego por sexo e idade

TÁBOA 7.1: Demandantes parados por sexo e grupos de idade.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	HOMES %	MULLERES %	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	64	105	7,51	12,32	19,84	17,50
26 a 35 anos	81	146	9,51	17,14	26,64	30,43
36 a 45 anos	91	111	10,68	13,03	23,71	22,04
46 a 55 anos	92	58	10,80	6,81	17,61	17,68
56 e máis anos	74	30	8,69	3,52	12,21	12,34
TOTAL COMARCA	**402**	**450**	**47,18**	**52,82**	**100,00**	**1,29**
TOTAL PROVINCIA	**26.764**	**39.271**	**40,53**	**59,47**	**1,29**	**100,00**

Entre os demandantes parados predomina o colectivo feminino sobre o masculino, se ben dunha maneira menos sinalada que na provincia; ademais, un 46,48% ten menos de 36 anos, un valor moi semellante ao da provincia, 47,93%.

Por outra parte, entre os demandantes parados do xénero masculino obsérvase unha maior tendencia ao envellecemento, xa que a porcentaxe dos que teñen máis de 45 anos é maior que a dos que teñen menos de 36 anos, 19,49% fronte ao 17,02%; en cambio entre o colectivo feminino predomina claramente un perfil novo, xa que un 29,46% ten menos de 36 anos, sendo esta porcentaxe para os que contan con máis de 45 anos do 10,33%.

Táboa 7.2: *Demandantes non parados por sexo e grupos de idade.*

	HOMES N.º	MULLERES N.º	HOMES %	MULLERES %	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	33	40	9,65	11,70	21,35	18,07
26 a 35 anos	19	68	5,56	19,88	25,44	27,98
36 a 45 anos	25	56	7,31	16,37	23,68	19,81
46 a 55 anos	23	25	6,73	7,31	14,04	17,58
56 e máis anos	37	16	10,82	4,68	15,50	16,55
TOTAL COMARCA	**137**	**205**	**40,06**	**59,94**	**100,00**	**1,12**
TOTAL PROVINCIA	**12.680**	**17.790**	**41,61**	**58,39**	**1,12**	**100,00**

Tamén predomina o colectivo feminino sobre o masculino entre os demandantes non parados, e practicamente non hai diferenzas cos valores acadados no ámbito provincial. Por outra parte, un 46,79% ten menos de 36 anos, porcentaxe semellante á provincial, 46,05%.

Igual que sucedía cos demandantes parados, nos non parados hai unha maior porcentaxe de homes maiores de 45 anos que entre as mulleres (17,55% fronte ao 11,99%). No referente ás idades máis novas, a porcentaxe do colectivo feminino duplica á do masculino, xa que un 31,58% ten menos de 36 anos, sendo do 15,21% para os homes.

Tanto entre os demandantes parados como entre os non parados o perfil de idade máis frecuente é o comprendido entre os 26 e 35 anos, que agrupa o 26,3% do total. Pola contra, o tramo de idade con menor presenza entre os demandantes parados é o de maiores de 55 anos, mentres que para os non parados é o que vai de 46 a 55 anos.



Gráfico 6: *Distribución porcentual do total de demandantes por grupos de idade.*

As mulleres predominan tanto entre os demandantes parados como entre os non parados, representando o 54,86% do total, fronte ao 45,14% dos homes. Hai que sinalar que en ambos os sexos predominan os demandantes parados sobre os non parados.



Gráfico 7: *Distribución porcentual do total de demandantes por sexo.*

5.2.5. Demandantes por nivel académico

Táboa 8.1: Distribución dos demandantes parados por nivel académico.

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Ata certificado de escolaridade*	318	37,32	31,78
Titulación de ensinanza obrigatoria	317	37,21	37,12
Formación profesional	65	7,63	5,63
BUP/Bacharelato superior/COU	81	9,51	12,20
Titulados universitarios	49	5,75	11,17
Outras titulacións	22	2,58	2,11
TOTAL	**852**	**100,00**	**100,00**

** Inclúe: sen estudos, estudos primarios e certificado de escolaridade*

Na comarca de Arzúa os demandantes parados que teñen como máximo o certificado de escolaridade sitúanse lixeiramente por riba dos que contan co título de ensinanza obrigatoria, 37,32% e 37,21%, respectivamente. A unha notable distancia sitúanse os que contan con estudos de bacharelato, 9,51%. Esta situación descrita difire da provincial, debido a que ten menor representación o segmento dos que posúen un nivel menor de estudos, 5,54 puntos menos; en cambio teñen maior presenza os que contan con estudos bacharelato e, sobre todo, os universitarios (5,42 puntos máis).

Táboa 8.2: Distribución dos demandantes non parados por nivel académico.

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Ata certificado de escolaridade	136	39,77	30,62
Titulación de ensinanza obrigatoria	117	34,21	33,40
Formación profesional	22	6,43	5,72
BUP/Bacharelato superior/COU	38	11,11	15,70
Titulados universitarios	24	7,02	13,03
Outras titulacións	5	1,46	1,53
TOTAL	**342**	**100,00**	**100**

Dun xeito algo máis marcado que entre os demandantes parados, predominan entre os non parados os que teñen ata certificado de escolaridade, 39,77%, situándose a 5,56 puntos os que contan con titulación de ensinanza obrigatoria. Cun 11,11% están os que obtiveron o bacharelato.

A porcentaxe provincial é menor entre os que teñen ata certificado de escolaridade e superior nos que contan cun nivel de estudos máis alto, sobre todo en bacharelato e universitarios.

5.2.6. Demandantes parados por tempo de busca de emprego

Táboa 9: Distribución dos demandantes parados segundo o sexo e a idade por tempo de busca de emprego.

		Menos de 6 meses %	De 6 meses a 1 ano %	Máis de 1 ano %	TOTAL %
Menor de 26 anos	Homes	5,05	1,53	0,94	7,51
	Mulleres	6,46	2,46	3,40	12,32
26 a 35 anos	Homes	6,81	1,53	1,17	9,51
	Mulleres	7,51	2,23	7,39	17,14
36 a 45 anos	Homes	6,81	0,70	3,17	10,68
	Mulleres	6,69	1,76	4,58	13,03
46 a 55 anos	Homes	5,63	1,41	3,76	10,80
	Mulleres	2,46	1,17	3,17	6,81
56 e máis anos	Homes	2,00	0,82	5,87	8,69
	Mulleres	0,59	0,35	2,58	3,52
TOTAL COMARCA		**50,00**	**13,97**	**36,03**	**100,00**
TOTAL PROVINCIA		**48,04**	**14,84**	**37,13**	**100,00**

A metade dos demandantes parados da comarca de Arzúa estiveron en busca de emprego menos de seis meses; a porcentaxe dos que estiveron buscando emprego durante máis dun ano é do 36,03%. Estes valores non se diferencian dos resultantes para a provincia, e gardan moita similitude en termos relativos.

En todas as idades predominan os parados de menos de seis meses, coa excepción dos maiores de 55 anos, onde prevalecen os de longa duración, sendo igual tanto para o colectivo feminino como para o masculino. Non obstante, mentres que entre os que levan buscando emprego menos de seis meses as porcentaxes entre homes e mulleres son moi similares (26,3% e 23,7%, respectivamente), entre os que levan máis dun ano esta diferenza acentúase a favor das segundas, 21,12% fronte ao 14,91% nos homes.

5.2.7. Demandantes por sectores económicos de procedencia

Táboa 10: Demandantes por actividade económica.

	PARADOS			NON PARADOS		
	Comarcal N.º	Comarcal %	Provincial %	Comarcal N.º	Comarcal %	Provincial %
Sector primario	25	2,93	2,00	17	4,97	2,78
Sector secundario	146	17,14	17,16	48	14,04	18,47
Construción	161	18,90	13,36	40	11,70	8,13
Sector servizos	345	40,49	49,08	152	44,44	54,02
Sen actividade previa	175	20,54	18,41	85	24,85	16,59
TOTAL	**852**	**100,00**	**100,00**	**342**	**100,00**	**100,00**

Tanto entre os demandantes parados como entre os non parados teñen maior presenza os que proceden do sector servizos, representando conxuntamente o 41,62% do total de demandantes. Este valor redúcese ata o 16,83% para o sector da construción, sendo do 16,25% para o secundario. Non obstante, hai que sinalar que entre os demandantes non parados os procedentes do secundario sitúanse lixeiramente por riba do da construción.

Gráfico 8: *Demandantes parados na industria.*



Máis da metade dos demandantes parados procedentes da industria derivan da actividade de téxtil e confección, seguidos polos que son da de outras industrias, 17%, e os que veñen da alimentación, 10%.

Gráfico 9: *Demandantes parados nos servizos.*



Un cuarto dos demandantes asignados ao sector servizos proceden das actividades derivadas das administracións públicas; a de comercio e a de hostalería obteñen un 18%, e un 16% a de actividades inmobiliarias e servizos ás empresas.

5.2.8. As dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego

Táboa 11: *Ocupacións máis demandadas.*

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Empregado administrativo, en xeral	109	9,13	8,93
Muller/mozo limpeza, limpador, en xeral	104	8,71	7,21
Operario máquina industrial coser á plana	83	6,95	0,00
Dependente de comercio, en xeral	80	6,70	8,97
Peón da construción de edificios	72	6,03	2,57
Albanel	55	4,61	2,65
Peón da industria manufactureira, en xeral	50	4,19	3,87
Camareiro, en xeral	47	3,94	2,68
Xardineiro, en xeral	28	2,35	0,62
Cociñeiro, en xeral	26	2,18	1,41

5.2.9. Perfil tipo dos demandantes de emprego

Táboa 12: *Perfil máis representativo.*

	PERFIL COMARCAL TIPO	PERFIL PROVINCIAL TIPO
Situación laboral	Parados con emprego anterior	Parados con emprego anterior
Sexo	Mulleres	Mulleres
Grupo idade	De 26 a 35 anos	De 26 a 35 anos
Nivel académico	**Ata certificado de escolaridade**	Titulación ensinanza obrigatoria
Duración demanda	Menos de 6 meses	Menos de 6 meses
Sector	Servizos	Servizos
Ocupación máis demandada	**Empregado administrativo**	Dependente de comercio

5.3. OFERTAS

5.3.1. Ofertas no servizo público de emprego galego 2003. Evolución

TÁBOA 13: Número de ofertas por concellos. Ano 2003.

	TOTAL OFERTAS	TOTAL %
Arzúa	95	46,34
Boimorto	29	14,15
O Pino	44	21,46
Touro	37	18,05
TOTAL COMARCA	**205**	**100,00**

TOTAL OFERTAS PROVINCIA:	**32.600**
COMARCA/PROVINCIA:	**0,63**

Un 46,34% das ofertas da comarca foron xestionadas no concello de Arzúa, un 21,46% delas no do Pino, un 18,05% no de Touro, e, finalmente, un 14,15% no de Boimorto.

O peso do conxunto de ofertas da comarca na provincia é moi baixo, representando un 0,63% do total provincial.

TÁBOA 14: Evolución das ofertas. Período 1999-2003. Valores absolutos e relativos.

	N.º OFERTAS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Arzúa	379	74	72	95	95	-80,47	-2,70	31,94	0,00	-29,24
Boimorto	10	2	23	17	29	-80,00	1.050,00	-26,09	70,59	30,50
O Pino	11	42	30	26	44	281,82	-28,57	-13,33	69,23	41,42
Touro	351	27	38	38	37	-92,31	40,74	0,00	-2,63	-43,02
TOTAL COMARCA	**751**	**145**	**163**	**176**	**205**	**-80,69**	**12,41**	**7,98**	**16,48**	**-27,72**
TOTAL PROVINCIA	**29.835**	**37.922**	**30.755**	**30.380**	**32.600**	**27,11**	**-18,90**	**-1,22**	**7,31**	**2,24**

Entre os anos 1999 e 2003 hai unha redución considerable do número de ofertas na comarca; este descenso é produto da situación acontecida no tramo 1999-2000, onde a variación interanual é de -80,69%. A pesar de que no resto de anos hai unha tendencia continua de crecemento, non compensa a redución producida neste tramo, obtendo finalmente unha variación media de -27,72%. En cambio na provincia hai un aumento do número de ofertas (variación media de 2,24%), a pesar dos descensos producidos entre 2000 e 2002.

Este descenso concéntrase nos concellos de Touro e Arzúa (variación media de -43,02% e -29,24%, respectivamente); os do Pino e Boimorto teñen un comportamento positivo (41,42% e 30,50%).

GRÁFICO 10: *Evolución do número de ofertas dos concellos da comarca.*



En Touro os descensos do número de ofertas suceden en 1999-2000 e no último tramo, en tanto que en Arzúa prodúcense entre 1999 e 2001. En cambio no concello do Pino hai un decrecemento entre os anos 2000 e 2002, producíndose un incremento forte entre 1999 e 2000, así como entre 2002 e 2003. Por último en Boimorto hai oscilacións entre 1999 e 2001, onde despois dun forte retroceso experimenta un crecemento moi notable a continuación, mantendo unha tendencia menos brusca entre 2001 e 2003.

5.3.2. Ofertas segundo os sectores de actividade económica

TÁBOA 15: *Distribución das ofertas por concellos segundo os sectores económicos. Valores absolutos e relativos en relación co total da comarca.*

	PRIMARIO		SECUNDARIO		CONSTRUCIÓN		SERVIZOS	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Arzúa	16	38,10	6	60,00	18	58,06	55	45,08
Boimorto	17	40,48	3	30,00	0	0,00	9	7,38
O Pino	2	4,76	0	0,00	8	25,81	34	27,87
Touro	7	16,67	1	10,00	5	16,13	24	19,67
TOTAL COMARCA	**42**	**100,00**	**10**	**100,00**	**31**	**100,00**	**122**	**100,00**
TOTAL PROVINCIA	**338**		**3.112**		**5.814**		**23.331**	

O concello de Arzúa concentra un maior número de ofertas nos sectores secundario, construción e servizos, en tanto que o de Boimorto ten maior presenza no primario, seguido moi de preto polo primeiro concello citado. Tamén é destacable que no sector servizos a continuación de Arzúa sitúase o concello do Pino.

GRÁFICO 11: *Distribución porcentual das ofertas por sectores económicos.*



Seis de cada dez ofertas xestionadas na comarca de Arzúa proveñen do sector servizos; a continuación habería que mencionar ao sector primario, co 20%, e o da construción, co 15%. O sector secundario ten unha presenza marxinal no conxunto da comarca, ao recoller só un 5%.

Das 10 ofertas derivadas da industria, a metade proveñen da actividade de téxtil e confección.

GRÁFICO 12: *Distribución porcentual das ofertas nos servizos.*



O 47% das ofertas derivadas dos servizos proveñen das actividades asociadas ás administracións públicas; cunha porcentaxe idéntica do 11% habería que destacar as de hostalería e actividades inmobiliarias e servizos ás empresas.

	1999	2000	2001	2002	2003
Primario	2	2	24	17	42
Secundario	3	13	10	56	10
Construción	667	29	16	18	31
Servizos	79	101	113	85	122
Sen actividade	0	0	0	0	0
TOTAL COMARCA	**751**	**145**	**163**	**176**	**205**
TOTAL PROVINCIA	**29.835**	**37.922**	**30.755**	**30.380**	**32.600**

TÁBOA 16: *Evolución das ofertas por sectores económicos.*

A nota máis característica da evolución das ofertas da comarca segundo os sectores é o descenso abrupto producido no da construción entre os anos 1999-2000; este descenso continúa e comeza a súa recuperación a partir do 2002. O resto de sectores ve incrementado o seu número de ofertas, o de servizos e o primario só descenden entre 2001 e 2002 e aumentan no resto de intervalos, obtendo o maior incremento no último ano. Porén, o secundario descende entre 2000-2001 e 2002-2003, aumentando notablemente entre 2001 e 2002.

5.3.3. Análise ocupacional das ofertas

Tan só 19 ofertas xestionadas na comarca tomaban en consideración o xénero dos traballadores á hora de facilitar un posto de traballo. Doce delas eran destinadas para os homes, concentrándose sete no sector da construción; as sete que requirían mulleres concentrábase exclusivamente no sector servizos.

Un 16,59% das ofertas da comarca solicitaban un determinado nivel académico para poder exercer o traballo recollido nas ofertas, un 35,29% delas solicitaban estudos de formación profesional, mentres que un 23,53% solicitaban un nivel universitario, e con idéntica porcentaxe, ensinanza obrigatoria. Independentemente do nivel académico requirido a súa solicitude procede basicamente das ofertas de traballo derivadas das administracións públicas.



GRÁFICO 13: *Ofertas por nivel académico da comarca.*

5.3.4. Análise ocupacional das ofertas

	1999	2000	2001	2002	2003
Albanel	4	40	14	9	16
Gandeiro de vacún	0	0	0	8	15
Peón de albanel/Peón de obras públicas	78	10	3	8	11
Camareiro - Barman	0	3	7	6	9
Motoserrista/Tronzador/Podador/Descortizador	0	0	0	4	9
Xardineiro / Traballador de centros de xardinería	0	0	8	3	7
Administrativo	1	1	2	2	5
Axente comercial / Vendedor	3	2	4	4	5
Auxiliar administrativo	0	0	3	3	5
Maquinista de confección	0	5	6	30	3

TÁBOA 17: *Ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores.*

Na comarca non hai oficinas de emprego, e as ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores son as de albanel, gandeiro de vacún e peón de albanel/peón de obras públicas. Esta última experimenta un forte descenso a partir de 2000, en tanto que a primeira non supera o alto número de ofertas recollidas en 2000. En cambio as ofertas de gandeiro de vacún aparecen en 2002, duplicándose practicamente no ano seguinte. Do resto de ocupacións recollidas na táboa 17, habería que sinalar o forte descenso de ofertas que se produce en 2003 na ocupación de maquinista de confección, tras o forte aumento de 2002.

5.4. CONTRATOS

5.4.1. Número de contratos no ámbito comarcal e municipal

TÁBOA 18: Número de contratos na comarca e nos concellos. Ano 2003.

	CONTRATOS 2003	
	N.º	%
ARZÚA	549	41,09
BOIMORTO	178	13,32
O PINO	255	19,09
TOURO	354	26,50
TOTAL COMARCA	**1.336**	**100,00**
TOTAL PROVINCIA	**310.890**	**0,43**

O concello da comarca onde se realizan un maior número de contratos é o de Arzúa, que concentra o 41,09% do total. Seguidamente están o de Touro, co 26,5% dos contratos, o do Pino, co 19,09% e, finalmente, o de Boimorto, no que se xestionaron o 13,32%.

TÁBOA 19: Evolución do número de contratos no ámbito comarcal. Variacións anuais. 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA %
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
ARZÚA	694	634	675	591	549	-8,65	6,47	-12,44	-7,11	-5,69
BOIMORTO	102	135	176	109	178	32,35	30,37	-38,07	63,30	14,94
O PINO	319	305	273	337	255	-4,39	-10,49	23,44	-24,33	-5,44
TOURO	1.065	412	406	424	354	-61,31	-1,46	4,43	-16,51	-24,07
TOTAL COMARCA	**2.180**	**1.486**	**1.530**	**1.461**	**1.336**	**-31,83**	**2,96**	**-4,51**	**-8,56**	**-11,52**
TOTAL PROVINCIA	**268.271**	**281.551**	**280.779**	**292.423**	**310.890**	**4,95**	**-0,27**	**4,15**	**6,32**	**3,75**

O número de contratos realizados na comarca redúcese drasticamente entre os anos 1999 e 2003; a súa variación media anual é de -11,52%. Este descenso prodúcese en maior medida no tramo 1999-2000, sendo menos acentuado entre 2001 e 2003, para aumentar levemente en 2000-2001. Esta liña evolutiva é contraria á que se produce na provincia, debido a que nesta última hai un leve descenso entre 2000 e 2001, medrando o número de contratos en todos os demais anos, para obter finalmente unha variación media positiva de 3,75%.

O único concello que ve incrementado o seu número de contratos é o de Boimorto, onde aumenta todos os anos coa excepción de 2001-2002. Pola contra, en Touro hai un descenso moi forte (variación media de -24,07%), debido sobre todo ao forte descenso que experimenta en 1999-2000, onde reduce a máis da metade o seu número de contratos (-61,31%).

No concello de Arzúa o número de contratos descende todos os anos, coa excepción de 2000-2001, acadando unha variación media de -5,69%. Esta tendencia é similar á que se produce no Pino, se ben o aumento dos contratos ten lugar en 2001-2002, sendo destacable o descenso producido no último ano, onde acada unha variación interanual de -24,33%.

5.4.2. Contratación comarcal segundo o sexo e a idade

Táboa 20: Distribución da contratación comarcal segundo o sexo e a idade. Ano 2003.

	N.º CONTRATOS			% CONTRATOS		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Menos de 26 anos	278	127	405	20,81	9,51	30,31
De 26 a 35 anos	221	164	385	16,54	12,28	28,82
De 36 a 45 anos	207	92	299	15,49	6,89	22,38
De 46 a 55 anos	162	22	184	12,13	1,65	13,77
De 56 e máis anos	60	3	63	4,49	0,22	4,72
TOTAL COMARCA	**928**	**408**	**1.336**	**69,46**	**30,54**	**100,00**
TOTAL PROVINCIAL	**166.028**	**144.862**	**310.890**	**53,40**	**46,60**	**100,00**

A contratación masculina predomina claramente sobre a feminina na comarca de Arzúa, cunha diferenza de 38,92 puntos a favor da primeira. No ámbito provincial tamén predomina a contratación feminina, pero cunha distancia inferior en relación coa masculina (6,8 puntos).

Ademais na comarca predomina a contratación de xente nova, debido a que un 59,13% realizase entre os menores de 36 anos. Tanto no colectivo feminino como no masculino obsérvase unha maior presenza de contratados menores de 36 anos (37,35% entre os homes e 21,79% entre as mulleres). Porén, mentres as mulleres contratadas maiores de 45 anos teñen un peso marxinal, os contratados de xénero masculino cobran unha maior relevancia ao acadar un valor relativo de 16,62%.

Táboa 21: Evolución do número de contratos da comarca segundo o sexo. Período 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA %
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Homes	1.691	1.105	1.160	1.074	928	-34,65	4,98	-7,41	-13,59	-13,93
Mulleres	489	381	370	387	408	-22,09	-2,89	4,59	5,43	-4,43
TOTAL CONTRATOS	**2.180**	**1.486**	**1.530**	**1.461**	**1.336**	**-31,83**	**2,96**	**-4,51**	**-8,56**	**-11,52**

Tanto entre as mulleres como entre os homes hai unha redución do número de contratos entre 1999 e 2003, se ben o nivel de decrecemento é moito máis alto entre os homes, situación reflectida na súa variación media (-13,93% para os homes e -4,43% para as mulleres).

Os contratos realizados a homes redúcense entre 1999-2000 e 2001-2003, medrando só entre 2000-2001; en cambio os contratos femininos redúcense nos dous primeiros tramos para aumentar nos dous últimos.

Gráfico 14: Evolución da distribución da contratación comarcal segundo o sexo. Período 1999-2003. Valores proporcionais.



A distancia entre a contratación masculina e a feminina descende ao longo do período 1999-2003, pasando de ser de 55,14 puntos en 1999 a 38,92 puntos en 2003. A excepción do ano 2001, onde volve a haber un incremento da diferenza debido ao descenso da contratación feminina, a tendencia cara á redución da distancia é continua ao longo do período.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA %
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Menor de 26 anos	655	433	399	355	405	-33,89	-7,85	-11,03	14,08	-11,32
De 26 a 35 anos	728	451	460	423	385	-38,05	2,00	-8,04	-8,98	-14,72
De 36 a 45 anos	460	347	384	369	299	-24,57	10,66	-3,91	-18,97	-10,21
De 46 a 55 anos	270	185	213	229	184	-31,48	15,14	7,51	-19,65	-9,14
De 56 e máis anos	67	70	74	85	63	4,48	5,71	14,86	-25,88	-1,53
TOTAL CONTRATOS	**2.180**	**1.486**	**1.530**	**1.461**	**1.336**	**-31,83**	**2,96**	**-4,51**	**-8,56**	**-11,52**

Táboa 22: *Evolución do número de contratos da comarca segundo a idade. Período 1999-2003.*

En todos os segmentos de idade prodúcese unha redución do número de contratos, descendendo en maior medida nas idades máis novas. Así, o intervalo que máis descende é o que está comprendido entre os 26 e os 35 anos (variación media de -14,72%), seguido dos menores de 26 anos (-11,32%).

Este descenso é produto das drásticas reducións acontecidas en 1999-2000, que afectan a todas as idades, coa excepción dos maiores de 55 anos. O resto de anos os valores de variación interanual son menores, tanto cando teñen un signo negativo como positivo. No tramo de idade máis vello só se aprecia unha diminución no último ano, descendendo só en catro contratos ao final do período.

5.4.3. Contratación comarcal segundo os sectores económicos

	CONTRATOS 2003	
	N.º	%
SECTOR PRIMARIO	**88**	**6,59**
Agricultura e pesca	88	6,59
SECTOR SECUNDARIO	**159**	**11,90**
Industria	159	11,90
Electricidade	0	0,00
SECTOR CONSTRUCIÓN	**382**	**28,59**
Construción	382	28,59
SECTOR SERVIZOS	**707**	**52,92**
Comercio e hostalería	243	18,19
Transporte e comunicacións	43	3,22
Outros servizos	421	31,51
TOTAL CONTRATOS	**1.336**	**100,00**

Táboa 23: *Distribución da contratación por sectores/subsectores económicos.*

Máis da metade dos contratos da comarca foron realizados dentro do sector servizos e un 28,59% no da construción. Máis afastados están os realizados no sector secundario, 11,9%, e no primario, 6,59%.

Dentro dos subsectores de servizos destaca o de outros servizos, que aglutina o 31,51%, tendo unha representación menor os realizados dentro do de comercio e hostalería, 18,19%.

As actividades de téxtil e confección e a de alimentación concentran o 58% dos contratos realizados na comarca dentro da industria. Cun 16% dos contratos están as actividades vinculadas á madeira e cun 14% as asociadas a outras industrias.



Gráfico 15: *Distribución porcentual da contratación na industria.*

GRÁFICO 16: *Distribución porcentual da contratación nos servizos.*



Dentro dos contratos realizados nos servizos, o 26% derivan das actividades das administracións públicas, un 19% das de servizos á comunidade, un 18% das de comercio e un 14% das de hostalería. O resto de actividades do sector teñen un peso específico máis modesto.

TÁBOA 24: *Distribución porcentual da contratación comarcal segundo sectores/subsectores económicos por sexo e idade. Ano 2003.*

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	Máis de 55
SECTOR PRIMARIO	**5,39**	**1,20**	**2,40**	**1,50**	**1,35**	**1,12**	**0,22**
Agricultura e pesca	5,39	1,20	2,40	1,50	1,35	1,12	0,22
SECTOR SECUNDARIO	**6,81**	**5,09**	**4,34**	**3,07**	**2,99**	**1,12**	**0,37**
Industria	6,81	5,09	4,34	3,07	2,99	1,12	0,37
Electricidade	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
SECTOR CONSTRUCIÓN	**27,92**	**0,67**	**8,46**	**6,59**	**6,44**	**4,94**	**2,17**
Construción	27,92	0,67	8,46	6,59	6,44	4,94	2,17
SECTOR SERVIZOS	**29,34**	**23,58**	**15,12**	**17,66**	**11,60**	**6,59**	**1,95**
Comercio e hostalería	7,63	10,55	7,49	5,84	3,29	1,20	0,37
Transporte e comunicacións	2,32	0,90	0,45	0,90	0,97	0,52	0,37
Outros servizos	19,39	12,13	7,19	10,93	7,34	4,87	1,20
TOTAL CONTRATOS	**69,46**	**30,54**	**30,31**	**28,82**	**22,38**	**13,77**	**4,72**

A maior parte dos contratos realizados a homes e mulleres proceden do sector servizos, predominando os contratos no subsector de outros servizos seguido do de comercio e hostalería. Por outra parte, no sector da construción practicamente toda a contratación é masculina; tamén é maior no primario, e acada valores moi próximos á feminina no sector secundario.

Coa excepción dos maiores de 55 anos, onde é maior a contratación no sector da construción, no resto de intervalos de idade predomina a contratación nos servizos. Dentro destes, predomina a realizada no subsector de outros servizos, agás no caso dos menores de 26 anos, onde acada un maior valor o de comercio e hostalería. O sector da construción sitúase a continuación en nivel de contratación para todas as idades.

TÁBOA 25: *Evolución da contratación comarcal segundo os sectores e subsectores económicos. Período 1999-2003.*

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA %
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
SECTOR PRIMARIO	**122**	**81**	**86**	**85**	**88**	**-33,61**	**6,17**	**-1,16**	**3,53**	**-7,84**
Agricultura e pesca	122	81	86	85	88	-33,61	6,17	-1,16	3,53	-7,84
SECTOR SECUNDARIO	**207**	**223**	**197**	**203**	**159**	**7,73**	**-11,66**	**3,05**	**-21,67**	**-6,38**
Industria	207	223	197	202	159	7,73	-11,66	2,54	-21,29	-6,38
Electricidade	0	0	0	1	0				-100,00	
S. CONSTRUCIÓN	**637**	**496**	**516**	**522**	**382**	**-22,14**	**4,03**	**1,16**	**-26,82**	**-12,00**
Construción	637	496	516	522	382	-22,14	4,03	1,16	-26,82	-12,00
SECTOR SERVIZOS	**1.214**	**686**	**731**	**627**	**707**	**-43,49**	**6,56**	**-14,23**	**12,76**	**-12,64**
Comercio e hostalería	195	236	208	218	243	21,03	-11,86	4,81	11,47	5,66
Transporte e comunicacións	58	63	67	63	43	8,62	6,35	-5,97	-31,75	-7,21
Outros servizos	961	387	456	346	421	-59,73	17,83	-24,12	21,68	-18,64
TOTAL CONTRATOS	**2.180**	**1.486**	**1.530**	**1.461**	**1.336**	**-31,83**	**2,96**	**-4,51**	**-8,56**	**-11,52**

O descenso na contratación é a nota característica en todos os sectores. A redución máis forte prodúcese no de servizos, cunha variación media de -12,64%, e no da construción, -12%. No primeiro hai decrecementos en 1999-2000 e 2001-2002, en tanto que no segundo, ademais de no primeiro intervalo sinalado, tamén se produce no último do período.

No sector secundario destaca o descenso producido no último tramo (variación interanual de -21,67%), en tanto que no primario o máis intenso ten lugar entre 1999 e 2000.

Dentro do sector servizos, os descensos concéntranse no subsector de outros servizos e transporte e comunicacións; porén, no de comercio e hostalería hai un incremento do número de contratos (variación media de 5,66%), tras descender só entre 2000 e 2001.

5.4.4. Tipoloxía da contratación laboral

Algo máis de seis de cada dez contratos son temporais a tempo completo e un 13% son temporais a tempo parcial. A contratación indefinida, ben a tempo completo ou parcial, só representa un 8% do total da contratación.



Gráfico 17: *Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contratos. Ano 2003.*

Táboa 26: *Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contrato por sexo e idade. Ano 2003.*

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
Indefinido	5,16	1,20	1,50	1,80	1,12	1,42	0,52
Indefinido tempo parcial	0,45	1,27	0,52	0,60	0,22	0,30	0,07
Temporal	48,13	15,42	18,71	17,51	14,97	8,83	3,52
Temporal tempo parcial	4,87	8,38	4,87	5,46	2,40	0,45	0,07
Prácticas/Formación	3,74	2,77	4,19	1,05	1,12	0,07	0,07
Outros	7,11	1,50	0,52	2,40	2,54	2,69	0,45
TOTAL CONTRATOS	**69,46**	**30,54**	**30,31**	**28,82**	**22,38**	**13,77**	**4,72**

A modalidade temporal a tempo completo é maioritaria tanto entre os contratados de xénero masculino como feminino. Na modalidade a tempo parcial hai unha porcentaxe algo maior entre as mulleres, 8,38%, ca entre os homes, 4,87%. Por outra parte, na contratación indefinida a tempo completo obsérvase unha maior porcentaxe nos homes, 3,96 puntos máis que nas mulleres.

En todos os intervalos de idade predomina a contratación temporal a tempo completo. Entre os menores de 36 anos a segunda modalidade máis frecuente é a temporal a tempo parcial, en tanto que para os comprendidos entre 36 e 55 anos destaca máis a modalidade de outros; nos maiores desta idade predomina a indefinida a tempo completo, se ben acada un valor relativo case inapreciable.

Táboa 27: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contrato por sectores económicos. Ano 2003.

	PRIMARIO	SECUNDARIO			CONSTRUCIÓN	SERVIZOS			
	Agr.,Gand.	Industr.	Electric.	Total	Construc.	Comerc.	Transp.	Outros	Total
Indefinido	0,75	1,12	0,00	1,12	2,47	1,50	0,15	0,37	2,02
Indefinido tempo parcial	0,07	0,07	0,00	0,07	0,07	0,60	0,30	0,60	1,50
Temporal	5,01	8,16	0,00	8,16	24,33	9,43	2,40	14,22	26,05
Temporal tempo parcial	0,52	1,42	0,00	1,42	0,22	5,31	0,37	5,39	11,08
Prácticas/Formación	0,22	1,12	0,00	1,12	1,50	1,20	0,00	2,47	3,67
Outros	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,15	0,00	8,46	8,61
TOTAL CONTRATOS	**6,59**	**11,90**	**0,00**	**11,90**	**28,59**	**18,19**	**3,22**	**31,51**	**52,92**

Tanto no sector primario como no secundario e no da construción prevalece claramente a contratación temporal a tempo completo, en tanto que as demais formas de contratación teñen un peso específico moi baixo, aínda que o último sector mencionado concentra a maior proporción de contratos indefinidos de todos os sectores, 2,47%.

No sector servizos, sendo tamén a máis representativa a sinalada para os tres anteriores, cobra maior presenza a modalidade temporal a tempo parcial, concentrando case a totalidade dela, o 11,08%. A contratación temporal, ben sexa a tempo completo ou parcial, concéntrase sobre todo nos subsectores de outros servizos e comercio, sendo sinalable que a modalidade de outros provén case en exclusiva do primeiro dos subsectores.

Táboa 28: Evolución da contratación comarcal segundo a tipoloxía de contratos. Período 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA %
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Indefinido	168	104	126	154	85	-38,10	21,15	22,22	-44,81	-15,66
Indefinido tempo parcial	7	13	14	29	23	85,71	7,69	107,14	-20,69	34,63
Temporal	1.661	1.007	1.012	957	849	-39,37	0,50	-5,43	-11,29	-15,45
Temporal tempo parcial	142	154	177	131	177	8,45	14,94	-25,99	35,11	5,66
Prácticas/Formación	80	73	71	69	87	-8,75	-2,74	-2,82	26,09	2,12
Outros	122	135	130	121	115	10,66	-3,70	-6,92	-4,96	-1,47
TOTAL CONTRATOS	**2.180**	**1.486**	**1.530**	**1.461**	**1.336**	**-31,83**	**2,96**	**-4,51**	**-8,56**	**-11,52**

A modalidade con maior volume de contratación, a temporal a tempo completo, reduce notablemente o seu número durante 1999-2003 (variación media de -15,45%). Agás entre 2000 e 2001, onde mantén o seu volume, no resto de intervalos hai un decrecemento, sobre todo entre 1999-2000, onde a variación interanual é de -39,37%. Tamén baixa a contratación na modalidade de indefinido a tempo completo (variación media de -15,66%), e na de outros (-1,47%).

Porén, na modalidade de temporal a tempo parcial prodúcese un crecemento en todos os anos do período, coa excepción do tramo 2001-2002, obtendo finalmente unha variación media de 5,66%. Na de prácticas/formación tamén hai unha suba producida polo aumento do último ano, cunha variación interanual de 26,09%, que compensa os decrecementos dos anos anteriores.

5.4.5. Grandes grupos de ocupación na contratación laboral

TÁBOA 29: Distribución da contratación por grandes grupos de ocupación segundo o sexo. Ano 2003.

	TOTAL CONTRATOS	
	Nº	%
1. Dirección de empresas e administracións públicas	**3**	**0,22**
HOMES	2	0,15
MULLERES	1	0,07
2. Técnicos profesionais, científicos e intelectuais	**171**	**12,80**
HOMES	128	9,58
MULLERES	43	3,22
3. Técnicos e profesionais de apoio	**63**	**4,72**
HOMES	27	2,02
MULLERES	36	2,69
4. Empregados de tipo administrativo	**61**	**4,57**
HOMES	16	1,20
MULLERES	45	3,37
5. Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio	**228**	**17,07**
HOMES	78	5,84
MULLERES	150	11,23
6. Traballadores cualificados na agricultura e pesca	**28**	**2,10**
HOMES	26	1,95
MULLERES	2	0,15
7. Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería	**332**	**24,85**
HOMES	286	21,41
MULLERES	46	3,44
8. Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	**184**	**13,77**
HOMES	151	11,30
MULLERES	33	2,47
9. Traballadores non cualificados	**266**	**19,91**
HOMES	214	16,02
MULLERES	52	3,89
TOTAL CONTRATOS	**1.336**	**100,00**
TOTAL HOMES	**928**	**69,46**
TOTAL MULLERES	**408**	**30,54**

Un 88,4% dos contratos da comarca de Arzúa concéntrase en cinco grandes grupos de ocupación:

- Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería, 24,85%.
- Traballadores non cualificados, 19,91%.
- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio, 17,07%.
- Operadores de instalacións e maquinaria, montadores, 13,77%.
- Técnicos profesionais, científicos e intelectuais, 12,8%.

En función do xénero das persoas contratadas hai que sinalar que os grupos de ocupación máis destacados son:

Grupos de ocupación cunha maior contratación masculina	Grupos de ocupación cunha maior contratación feminina
• Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería, 21,41%. • Traballadores non cualificados, 16,02%. • Operadores de instalacións e maquinaria, montadores, 11,3%. • Técnicos profesionais, científicos e intelectuais, 9,58%.	• Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio, 11,23%. • Traballadoras non cualificadas, 3,89%. • Artesás/traballadoras cualificadas industria manufactureira, construción e minería, 3,44%. • Empregadas de tipo administrativo, 3,37%.

A contratación masculina predomina en todos os grandes grupos de ocupación, coas excepcións que se enuncian a continuación:

- Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio; a contratación feminina está 5,39 puntos por riba da masculina.
- Empregadas de tipo administrativo; 2,17 puntos de diferenza a favor da contratación feminina.
- Técnicos e profesionais de apoio; 0,67 puntos de distancia.

En catro dos nove grandes grupos de ocupación hai un aumento do número de contratos entre 1999 e 2003, sendo destacable os producidos en:

- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio, onde se produce unha variación media de 4,25%.
- Empregados de tipo administrativo, 2,62%.

Os descensos máis pronunciados prodúcense nos seguintes grupos de ocupación:

- Técnicos profesionais, científicos e intelectuais; variación media de -29,47%.
- Traballadores cualificados na agricultura e pesca, -18,02%.
- Traballadores non cualificados, -10,84%.
- Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores, -10,52%.

A contratación masculina só aumenta no grupo de traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio, onde acada unha variación media de 4,66%.

No resto de grupos descende a contratación masculina, sendo destacable a producida en:

- Técnicos profesionais, científicos e intelectuais; variación media de -29,76%.
- Traballadores cualificados na agricultura e pesca, -19,2%.
- Traballadores non cualificados, -12,85%.
- Empregados de tipo administrativo, -11,43%.

Pola contra, a contratación feminina só descende en dous grupos de ocupación:

- Técnicas e profesionais de apoio, que obtén unha variación media de -28,55%.
- Operadoras de instalacións e maquinaria, e montadoras, -17,14%.

No resto de grupos prodúcese un incremento da contratación feminina; destacan os experimentados por:

- Artesás/traballadoras cualificadas industria manufactureira, construción e minería: variación media de 18,92%.
- Traballadoras cualificadas na agricultura e pesca, que obtén unha variación media idéntica ao anterior grupo.
- Técnicas e profesionais de apoio, 13,1%.
- Empregadas de tipo administrativo, 11,61%.

5.4.6. Ocupacións máis contratadas

TÁBOA 30: *As dez ocupacións máis contratadas na comarca. Ano 2003.*

CNO	OCUPACIÓNS	TOTAL N.º	TOTAL %	HOMES N.º	HOMES %	MULLERES N.º	MULLERES %	RATIO MASCUL.[1]
71100016	Albanel	172	12,87	155	16,70	17	4,17	90,12
97000011	Peón da ind. manufactureira, en xeral	119	8,91	113	12,18	6	1,47	94,96
25130104	Músico instrumentista, en xeral	111	8,31	94	10,13	17	4,17	84,68
86300016	Condutor de camión, en xeral	69	5,16	68	7,33	1	0,25	98,55
50200018	Camareiro, en xeral	58	4,34	15	1,62	43	10,54	25,86
53300010	Dependente de comercio, en xeral	57	4,27	17	1,83	40	9,80	29,82
42100010	Empregado administrativo, en xeral	34	2,54	9	0,97	25	6,13	26,47
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	32	2,40	6	0,65	26	6,37	18,75
86100054	Condutor de furgoneta de ata 3,5 t	27	2,02	26	2,80	1	0,25	96,30
52990063	Técnico de protección civil	25	1,87	20	2,16	5	1,23	80,00
	TOTAL	**704**	**52,69**	**523**	**56,36**	**181**	**44,36**	**74,29**

(1) Ratio de Masculinidade = (N.º de contratos realizados a homes/ N.º total de contratos) x 100

Algo máis da metade da contratación da comarca concéntrase en dez ocupacións, unha proporción que descende no caso das mulleres ata un 44,36%. As ocupacións máis contratadas son as de albanel, peón da industria manufactureira e músico instrumentista. Estas tres son tamén as máis contratadas no caso do colectivo masculino; en cambio nas mulleres é máis frecuente a contratación vinculada á de camareira, dependenta de comercio, muller de limpeza, limpadora e empregada administrativa.

O ratio de masculinidade para o conxunto das dez ocupacións é moi alto (74,29%), o que indica un alto grao de presenza masculina na contratación destas, sendo superior ao 80% nas seguintes ocupacións:

- Condutor de camión, 98,55%.
- Condutor de furgoneta de ata 3,5 t, 96,3%.
- Peón da industria manufactureira, 94,96%.
- Albanel, 90,12%.
- Músico instrumentista, 84,68%.

En cambio presentan unha maior presenza feminina as seguintes ocupacións:

- Muller de limpeza, limpadora, que acada un ratio de masculinidade do 18,75%.
- Camareira, 25,86%.
- Empregada administrativa, 26,47%.
- Dependenta de comercio, 29,82%.

Táboa 31: *Evolución das dez ocupacións máis contratadas entre 1999 e 2003.*

CNO	OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS	1999	2000	2001	2002	2003
71100016	**Albanel**	**220**	**175**	**228**	**151**	**172**
97000011	**Peón da industria manufactureira, en xeral**	**229**	**157**	**179**	**182**	**119**
25130104	**Músico instrumentista, en xeral**	**99**	**97**	**94**	**115**	**111**
86300016	**Condutor de camión, en xeral**	**120**	**130**	**108**	**79**	**69**
50200018	**Camareiro, en xeral**	**65**	**63**	**65**	**66**	**58**
53300010	**Dependente de comercio, en xeral**	39	**50**	**41**	35	**57**
42100010	**Empregado administrativo, en xeral**	**46**	**38**	**38**	**42**	**34**
91210016	**Muller/mozo limpeza, limpador en xeral**	28	27	**38**	**40**	**32**
86100054	**Condutor de furgoneta ata 3,5 t**	6	18	33	**39**	**27**
52990063	**Técnico de protección civil**	24	19	30	29	**25**
83630022	OPERARIO MÁQUINA INDUSTRIAL COSER Á PLANA	**69**	**45**	**50**	**37**	23
96020014	PEÓN DA CONSTRUCIÓN DE EDIFICIOS	**75**	**50**	28	22	22
85410071	CONDUTOR-OPERARIO BULLDOZER (MOV. TERRAS)	**67**	**65**	**54**	**83**	19
25130225	MÚSICO INSTRUMENTISTA GUITARRA	**558**	0	0	0	0

Dentro das ocupacións máis contratadas hai cinco que experimentan un crecemento no período 1999-2003: músico instrumentista, dependente de comercio, muller/mozo limpeza, limpador, condutor de furgoneta de ata 3,5 t e técnico de protección civil.

No resto prodúcese un decrecemento das contratacións, sendo sinalable o descenso na de albanel e peón da industria manufactureira, que son as máis representativas da comarca.

Hai catro ocupacións que entran na lista das máis contratadas nos últimos anos: dependente de comercio, se ben tiña entrado con anterioridade nos anos 2000 e 2001, muller/mozo limpeza, limpador, condutor de furgoneta ata 3,5 t e técnico de protección civil. Polo contrario, desaparecen as de operario de máquina industrial de coser á plana, peón da construción de edificios, condutor-operario bulldozer e músico instrumentista guitarra, na que desaparece a contratación a partir de 1999.



Comarca da Barbanza

5.1. TECIDO EMPRESARIAL

5.1.1. Tecido empresarial comarcal. Situación actual

Na comarca da Barbanza apréciase un forte predominio do sector servizos en todos os niveis de análise, isto é, empresas, traballadores e autónomos. Agás no caso dos traballadores por conta allea, nos que case a metade pertencen ao sector servizos, no resto dos casos supérase con diferenza esta porcentaxe, supoñendo no caso dos autónomos case as tres cuartas partes.

O 65,08% da empresas da comarca sitúanse en torno ao sector servizos, no que se observa a forte presenza do subsector de comercio e hostalería, que representa o 40,11%. Coa metade das empresas do anterior, séguelle o subsector de outros servizos, 21,33%, mentres que o de transporte ten un peso moito menor, o 3,63%. O segundo sector en importancia numérica é o da construción, co 21,28%. En terceiro lugar, con menos da metade das empresas do anterior está o sector secundario, 12,45%, onde maioría pertencen á industria.

Os traballadores por conta allea da Barbanza pertencen na súa meirande parte ao sector servizos, que agrupa o 47,08%. Dentro deste predomina de novo o subsector de comercio e hostalería, en menor medida do que sucede para as empresas, 26,74%, seguíndolle o de outros servizos, co 17,92%, e o de transporte, co 2,42%. A diferenza do caso anterior, o sector que ocupa o segundo lugar en importancia cuantitativa é o secundario, co 29,29% dos traballadores. O terceiro lugar é para o sector da construción, co 16,99%, mentres que o primario so supón o 6,5%.

Nos traballadores autónomos o sector servizos concentra o 72,61%; o subsector de comercio e hostalería supón a metade do total de autónomos, o 49,98%. O subsector de outros servizos agrupa o 16,83%, mentres que o de transporte o 5,8%, a porcentaxe máis elevada en todos os niveis. Igual que sucede coas empresas, o sector da construción ocupa o segundo lugar, co 16,96%. Séguelle o sector secundario coa metade de autónomos, o 8,70%, que pertencen na súa totalidade ao subsector da industria. O sector primario só supón o 1,72%.

5.1.2. Evolución anual

TÁBOA 1: *Evolución do número de empresas. Período 1999-2003.*

	EMPRESAS				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	**45**	**47**	**51**	**46**	**23**
Agricultura e pesca	45	47	51	46	23
SECTOR SECUNDARIO	**260**	**244**	**263**	**251**	**240**
Industria	257	241	259	247	236
Electricidade	3	3	4	4	4
SECTOR CONSTRUCIÓN	**342**	**359**	**390**	**400**	**410**
Construción	342	359	390	400	410
SECTOR SERVIZOS	**1.066**	**1.060**	**1.096**	**1.171**	**1.254**
Comercio e hostalería	663	655	679	720	773
Transporte e comunicacións	56	60	60	61	70
Outros servizos	347	345	357	390	411
TOTAL	**1.713**	**1.710**	**1.800**	**1.868**	**1.927**

GRÁFICO 1: *Variacións interanuais do número de empresas por sector económico. Período 1999-2003.*



Agás no ano 2000, no que ten lugar un pequeno descenso sen importancia, no resto dos anos crece o número de empresas da comarca, que rexistra entre 1999 e 2003, período de referencia, unha variación media de 2,99%. No ano 2001 apréciase o ascenso máis considerable, variación interanual de 5,26% e descende o volume de crecemento a partir deste ano, rexistrando no ano 2003 unha variación interanual de 3,16%.

O sector servizos presenta unha evolución similar ao conxunto de todas as empresas. Tras iniciar o período cun descenso moderado, obsérvase posteriormente unha evolución positiva, co incremento máis elevado en 2003, cando a variación interanual é de 7,09%. En conxunto, este sector reflite unha variación media de 4,14%, sendo similares as experimentadas a escala subsectorial.

O sector da construción rexistra unha variación media de 4,64%. Neste sector increméntase o número de empresas en maior medida ata o ano 2001, variación interanual de 8,64%.

Todos os anos aparece unha regresión do número de empresas no sector secundario, agás no 2001, cando se aprecia un crecemento de 7,79%. Este sector presenta unha variación media de -1,98%, que supón en termos absolutos unha perda de 20 empresas no período de referencia.

Para pechar a distribución do conxunto de empresas, cómpre sinalar o forte descenso que ten lugar no sector primario, que reduce practicamente á metade o número de empresas de inicio. Este sector amosa a variación media máis baixa; sitúase no -15,45%. Nel apréciase un crecemento moderado nos primeiros anos, rompéndose esa tendencia posteriormente, cando descende de maneira considerable, sobre todo en 2003, ano no que chega a posuír unha variación interanual de -50%.

	TRABALLADORES				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	**551**	**640**	**642**	**645**	**665**
Agricultura e pesca	551	640	642	645	665
SECTOR SECUNDARIO	**3.027**	**3.222**	**3.177**	**2.920**	**3.011**
Industria	3.011	3.207	3.162	2.905	2.996
Electricidade	16	15	15	15	15
SECTOR CONSTRUCIÓN	**1.418**	**1.512**	**1.777**	**1.704**	**1.738**
Construción	1.418	1.512	1.777	1.704	1.738
SECTOR SERVIZOS	**4.115**	**4.060**	**4.338**	**4.838**	**4.816**
Comercio e hostalería	2.505	2.359	2.424	2.886	2.735
Transporte e comunicacións	205	255	218	259	248
Outros servizos	1.405	1.446	1.696	1.693	1.833
TOTAL	**9.111**	**9.434**	**9.934**	**10.107**	**10.230**

Táboa 2: *Evolución do número de traballadores. Período 1999-2003.*

O número de traballadores da comarca crece nunha medida similar ao que sucede coas empresas, presentando unha variación media de 2,94%. No ano 2001 temos o crecemento máis elevado, 5,30%, tendendo a ser menor a continuación.



Gráfico 2*: Variacións interanuais do número de traballadores por sector económico. Período 1999-2003.*

A variación media que se rexistra no sector servizos é de 4,01%. Neste sector apréciase un crecemento do seu volume nos anos intermedios, mentres que descende no inicio e no final. Tras esta evolución irregular, o citado sector acaba mantendo un crecemento considerable, xa que tanto no 2001 como no 2002 acada variacións interanuais de 6,85% e 11,53% respectivamente.

O segundo sector en importancia cuantitativa, o secundario, reduce lixeiramente o número de traballadores de inicio e acada unha variación media negativa de -0,13%, o que supón unha perda de 16 traballadores en todo o período. Neste sector a evolución é oposta á do anterior, incrementándose a súa dimensión ao inicio e final de período, mentres que nos anos intermedios descende o seu volume, de maneira máis acusada en 2002, cando chega a unha variación interanual de -8,09%.

O crecemento que ten lugar nos sectores primario e da construción é aproximado, variación media de 4,81% e 5,22% respectivamente. Mentres que no primeiro se percibe todos os anos un crecemento continuo, sobre todo no 2000, cando a variación interanual é de 16,15%, no sector da construción vemos un descenso en 2002, aumentando en maior medida en 2001, momento no que consegue unha variación de 17,53%.

TÁBOA 3: Evolución do número de autónomos. Período 1999-2003.

	AUTÓNOMOS				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	**32**	**35**	**52**	**53**	**51**
Agricultura e pesca	32	35	52	53	51
SECTOR SECUNDARIO	**213**	**220**	**231**	**232**	**258**
Electricidade	213	220	231	232	258
SECTOR CONSTRUCIÓN	**381**	**409**	**435**	**453**	**503**
Construción	381	409	435	453	503
SECTOR SERVIZOS	**1.766**	**1.887**	**1.927**	**2.018**	**2.153**
Comercio e hostalería	1.251	1.322	1.346	1.395	1.482
Transporte e comunicacións	151	158	159	161	172
Outros servizos	364	407	422	462	499
TOTAL	**2.392**	**2.551**	**2.645**	**2.756**	**2.965**

A principal característica da evolución do número de autónomos é que todos os anos se rexistran valores de variación interanual positivos e amosa un crecemento continuo sen descensos. O sector primario é o único que experimenta un lixeiro retroceso no ano 2002 e 2003, se ben remata o período coa variación media máis elevada, o 12,36%.

GRÁFICO 3: Variacións interanuais do número de autónomos por sector económico. Período 1999-2003.



O sector servizos presenta unha variación media de 5,08%. Neste caso o crecemento é continuo, máis elevado a principios e finais do período. En todos os subsectores hai evolucións positivas; o de outros servizos é o que máis medra, ao obter unha variación media de 8,21%, mentres que no de comercio e hostalería e no de transporte este valor sitúase no 4,33% e 3,31%, respectivamente.

O sector da construción ten a segunda variación media máis elevada, 7,19%. Destaca o crecemento alcanzado nos anos 2000 e 2003, nos que se recollen variacións interanuais de 7,35% e 11,04%. No sector secundario apréciase unha evolución similar; remata o período cunha variación media algo máis baixa, 4,91%.

5.2. DEMANDAS

5.2.1. Demandantes por concello

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Boiro	1.527	424	1.951
A Pobra do Caramiñal	585	207	792
Rianxo	891	223	1.114
Ribeira	1.370	566	1.936
TOTAL	**4.373**	**1.420**	**5.793**

TÁBOA 4: Distribución dos demandantes segundo os concellos da comarca.

% comarca/provincia – PARADOS	**6,62**
% comarca/provincia - NON PARADOS	**4,66**

Na comarca da Barbanza rexístranse un total de 5.793 demandantes de emprego, dos cales as tres cuartas partes son parados. Os demandantes parados desta comarca supoñen o 6,62% destes a escala provincial, mentres que os non parados supoñen o 4,66%.



GRÁFICO 4: Distribución dos demandantes da comarca por concello.

Dous son os concellos que rexistran maior número de demandantes, Boiro e Ribeira, os cales agrupan conxuntamente o 67,10% do total. En terceiro lugar está o concello de Rianxo, co 19,23%, e, pechando a distribución, A Pobra do Caramiñal, 13,67%.

En todos os concellos o grupo de demandantes parados supón aproximadamente as tres cuartas partes, agrupando os de Boiro e Ribeira o 26,36% e 23,65% respectivamente. Se nos demandantes parados Boiro supera á Ribeira, nos non parados esta situación invértese.

5.2.2. Evolución dos demandantes parados

	TRABALLADORES				
	1999	2000	2001	2002	2003
PARADOS COMARCA	3.687	3.856	3.765	4.046	4.373
VARIACIÓN INTERANUAL %	-	4,58	-2,36	7,46	8,08
COMARCA/TOTAL PROVINCIA	6,26	6,45	6,47	6,32	6,62

TÁBOA 5: Evolución dos demandantes parados.

Gráfico 5: *Evolución dos demandantes parados da comarca.*



O número de demandantes parados crece todos os anos, de maneira máis acusada nos dous últimos, como se aprecia nas variacións interanuais de 7,46% e 8,08%. Só compre citar a redución que ten lugar no ano 2001, cando se ve unha variación interanual de -2,36%. Tendo en conta a representación da Barbanza na provincia, obsérvase un salto no ano 2001, no que, malia diminuír o número de demandantes, aumenta a súa representación a escala provincial, volvendo a subir no último ano ata un 6,62%.

5.2.3. Caracterización da situación sociolaboral dos demandantes de emprego

Táboa 6: *Situación laboral dos demandantes*

		VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	407	7,03	12,67
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	3.966	68,46	55,76
NON PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	93	1,61	3,98
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	481	8,30	11,46
	Con traballo a tempo parcial e prestación compatible	204	3,52	4,73
	En expediente de regulación de emprego	223	3,85	2,34
	Demandantes de mellora de emprego	360	6,21	5,98
	Demandantes de emprego de menos de 20 h	28	0,48	2,38
	Resto de demandantes	31	0,54	0,71
TOTAL		**5.793**	**100,00**	**100,00**

Co 68,46%, o perfil tipo en función da situación sociolaboral é o de demandante parado con emprego anterior. No ámbito provincial tamén predomina este grupo, se ben está 12,7 puntos por debaixo. En segundo lugar aparece o grupo de non parados con emprego anterior, co 8,30%, seguido do de demandantes parados sen emprego anterior, co 7,03%. En ambos os dous casos as porcentaxes provinciais están por riba, superando ás anteriores en 3,16 puntos e 5,64 puntos.

5.2.4. Demandantes de emprego por sexo e idade

Táboa 7.1: *Demandantes parados por sexo e grupos de idade.*

	HOMES N.º	MULLERES N.º	HOMES %	MULLERES %	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	279	561	6,38	12,83	19,21	17,50
26 a 35 anos	431	1.078	9,86	24,65	34,51	30,43
36 a 45 anos	283	773	6,47	17,68	24,15	22,04
46 a 55 anos	219	454	5,01	10,38	15,39	17,68
56 e máis anos	117	178	2,68	4,07	6,75	12,34
TOTAL Comarca	**1.329**	**3.044**	**30,39**	**69,61**	**100,00**	**6,62**
TOTAL Provincia	**26.764**	**39.271**	**40,53**	**59,47**	**6,62**	**100,00**

A maioría dos demandantes parados son mulleres, supoñendo o 69,61% do total. Na provincia tamén predomina a demanda feminina, aínda que un 10,14% por debaixo. Co 34,51% destaca o grupo de demandantes parados entre 26 e 35 anos, igual que sucede na provincia. A partir dos 45 anos descende a contratación de forma continua. Porén, na provincia non se percibe unha polarización tan elevada entre os diferentes grupos.

Unha cuarta parte dos demandantes son mulleres entre 26 e 35 anos, o 24,65%, predominando con moito sobre o resto e supoñendo o dobre do anterior. Se o agrupamos co seguinte, concéntrase no intervalo de 26 a 45 anos o 42,33% da demanda. Nos homes temos a mesma orde en canto á idade, agrupando entre os 26 e 45 anos o 16,33%. Practicamente en todos os casos a demanda feminina dobra á masculina.

Táboa 7.2: *Demandantes non parados por sexo e grupos de idade.*

	HOMES N.º	MULLERES N.º	HOMES %	MULLERES %	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	89	120	6,27	8,45	14,72	18,07
26 a 35 anos	171	270	12,04	19,01	31,06	27,98
36 a 45 anos	162	210	11,41	14,79	26,20	19,81
46 a 55 anos	110	140	7,75	9,86	17,61	17,58
56 e máis anos	82	66	5,77	4,65	10,42	16,55
TOTAL COMARCA	**614**	**806**	**43,24**	**56,76**	**100,00**	**4,66**
TOTAL PROVINCIA	**12.680**	**17.790**	**41,61**	**58,39**	**4,66**	**100,00**

No caso dos demandantes non parados, destaca de novo a demanda feminina, co 56,76%, cunha distribución bastante similar a escala provincial, na que predominan tamén as mulleres nunha porcentaxe lixeiramente superior. Na Barbanza o perfil maioritario é o de 26 a 35 anos, co 31,06%, o mesmo que na provincia pero en menor medida. En segundo lugar está o grupo de 36 a 45 anos, que supera á distribución provincial nun 6,39%. O intervalo de demandantes non parados entre 26 e 45 anos supón o 57,26% na comarca, mentres que na provincia agrupa o 47,79%.

A distribución por tramos de idade é similar: predomina a demanda feminina en todos, agás no caso dos maiores de 55 anos, onde o fan os homes de forma moderada. O 33,8% dos demandantes son mulleres entre 26 e 45 anos, concentrándose de forma máis manifesta entre os 26 e 35 anos. Nos homes este mesmo intervalo de idade supón o 23,45%, cunha distribución máis equitativa entre os dous tramos.

Tanto no caso dos demandantes parados como no dos non parados predomina o perfil de 26 a 35 anos, que supón nos primeiros o 26,05% e nos segundos o 7,61%. Se concentramos a demanda entre os 26 e 45 anos, o 44,28% son demandantes parados e o 14,03% non parados. Pola contra, o intervalo menos representativo é o de maiores de 55 anos.



Gráfico 6: *Distribución porcentual do total de demandantes por grupos de idade.*

Gráfico 7: *Distribución porcentual do total de demandantes por sexo.*



Mentres que a demanda feminina dobra á masculina no caso dos parados, no dos non parados a distancia entre ambos é moi curta; predominan de novo as mulleres pero de forma moi moderada. O 52,55% son demandantes paradas e o 13,91% non paradas. Nos homes estas dúas porcentaxes supoñen o 22,94% e 10,60% respectivamente.

5.2.5. Demandantes por nivel académico

Táboa 8.1: *Distribución dos demandantes parados por nivel académico.*

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Ata certificado de escolaridade*	430	9,83	31,78
Titulación de ensinanza obrigatoria	2.921	66,80	37,12
Formación profesional	304	6,95	5,63
BUP/Bacharelato superior/COU	315	7,20	12,20
Titulados universitarios	254	5,81	11,17
Outras titulacións	149	3,41	2,11
TOTAL	**4.373**	**100,00**	**100,00**

** Inclúe: sen estudos, estudos primarios e certificado de escolaridade*

Mentres na provincia da Coruña a maior parte dos demandantes se concentran nos dous niveis académicos inferiores, con predominio do de titulación de ensinanza obrigatoria, na comarca da Barbanza existe unha alta concentración de demandantes parados no nivel académico de ensinanza obrigatoria, que supoñen o 66,80%, dobrando case a porcentaxe de referencia provincial.

Na formación profesional a comarca supera levemente de novo á porcentaxe provincial, inverténdose esta situación no caso dos demandantes con bacharelato e titulados universitarios, nos que a provincia supera á comarca nun 5% e 5,36% respectivamente.

Táboa 8.2: *Distribución dos demandantes non parados por nivel académico.*

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Ata certificado de escolaridade	201	14,15	30,62
Titulación de ensinanza obrigatoria	824	58,03	33,40
Formación profesional	136	9,58	5,72
BUP/Bacharelato superior/COU	114	8,03	15,70
Titulados universitarios	121	8,52	13,03
Outras titulacións	24	1,69	1,53
TOTAL	**1.420**	**100,00**	**100,00**

No grupo de demandantes non parados a distribución é similar á realizada para os parados; predominan o grupo de persoas con titulación obrigatoria, con moita diferenza sobre o resto. Neste caso, fronte á distribución bastante equitativa da provincia, na comarca destaca o citado grupo, que supón o 58,03%. No caso dos demandantes con formación profesional, a porcentaxe de demandantes comarcais supera á provincial nun 3,86%. Nos dous niveis seguintes, o de bacharelato e universitarios, os valores son moi similares, superando de novo a provincia á comarca nestes dous niveis.

5.2.6. Demandantes parados por tempo de busca de emprego

TÁBOA 9: Distribución dos demandantes parados segundo o sexo e a idade por tempo de busca de emprego.

		Menos de 6 meses %	De 6 meses a 1 ano %	Máis de 1 ano %	TOTAL %
Menor de 26 anos	Homes	5,72	0,48	0,18	6,38
	Mulleres	9,83	1,42	1,58	12,83
26 a 35 anos	Homes	7,36	1,69	0,80	9,86
	Mulleres	16,58	3,25	4,83	24,65
36 a 45 anos	Homes	5,01	0,53	0,94	6,47
	Mulleres	11,69	2,15	3,84	17,68
46 a 55 anos	Homes	3,20	0,57	1,23	5,01
	Mulleres	7,07	1,14	2,17	10,38
56 e máis anos	Homes	0,82	0,53	1,33	2,68
	Mulleres	1,42	0,25	2,40	4,07
TOTAL COMARCA		**68,69**	**12,01**	**19,30**	**100,00**
TOTAL PROVINCIA		**48,04**	**14,84**	**37,13**	**100,00**

A maior parte dos demandantes levan menos de seis meses na procura de emprego, o 68,69%. Neste caso a mesma cifra pero a escala provincial é inferior nun 20,65%. O segundo colectivo máis numeroso é o de demandantes de máis dun ano, que agrupa na comarca o 19,30%, dobrando practicamente o valor provincial ao da comarca. Nos demandantes entre seis meses e 1 ano concéntrase o 12,01%, estando asemade por debaixo da distribución provincial nun 2,83%.

No grupo de demandantes de menos de seis meses, a concentración máis importante dáse nas mulleres entre 26 a 45 anos, que supoñen o 28,27%. A partir desa idade descende a concentración de forma importante. Pola contra, nos homes ese mesmo intervalo temporal supón o 12,37%. En todos os casos predomina a demanda feminina, que practicamente dobra a porcentaxe dos homes.

Nos demandantes de longa duración predominan as mulleres entre 26 e 45 anos, co 8,67%. Nos homes a concentración máis importante ten lugar a partir dos 55 anos, agrupando o 1,33%. Neste caso prevalece de novo a demanda feminina en todos os tramos de idade, que supera con moito ás porcentaxes de referencia dos homes.

Nos demandantes de parados de menos de seis meses a demanda feminina supón o 46,59%, dobra con amplitude á masculina, que se sitúa no 22,11%. Esta diferenza redúcese entre os demandantes de longa duración, onde a porcentaxe das mulleres é do 14,82% fronte ao 4,48% dos homes.

5.2.7. Demandantes por sectores económicos de procedencia

TÁBOA 10: Demandantes por actividade económica.

	PARADOS			NON PARADOS		
	Comarcal N.º	Comarcal %	Provincial %	Comarcal N.º	Comarcal %	Provincial %
Sector primario	219	5,01	2,00	197	13,87	2,78
Sector secundario	1.657	37,89	17,16	368	25,92	18,47
Construción	434	9,92	13,36	111	7,82	8,13
Sector servizos	1.662	38,01	49,08	628	44,23	54,02
Sen actividade previa	401	9,17	18,41	116	8,17	16,59
TOTAL	**4.373**	**100,00**	**100,00**	**1.420**	**100,00**	**100,00**

No grupo de demandantes parados, pódese dicir que o sector servizos comparte lugar co secundario, xa que só se aprecia unha diferenza entre ambos de 5 demandantes en termos absolutos. A moita distancia séguelle o sector da construción, co 9,92%. No ámbito provincial a distribución é diferente; o sector servizos supón a metade da demanda e o secundario unha porcentaxe máis reducida.

O predominio do sector servizos nos demandantes non parados é máis acusado, 44,23%, se ben segue a estar por debaixo da distribución provincial, que é superior nun 9,79%. O segundo lugar compárteo de novo o sector secundario, cunha cuarta parte dos demandantes, o 25,92%. Neste caso segue o sector primario, co 13,87%, que supera á porcentaxe provincial nun 11,09%, alcanzando unha terceira posición.

Gráfico 8: *Demandantes parados na Industria.*



De forma case absoluta predominan os demandantes procedentes das actividades de alimentación, que supoñen o 81% do total. O 19% restante repártese entre as demais actividades; destacan, co 8%, os demandantes do téxtil.

Gráfico 9: *Demandantes parados nos Servizos.*



No sector servizos a maior parte dos demandantes pertencen ao comercio, que agrupa o 30%. En segundo lugar, co 22%, están os procedentes das actividades inmobiliarias. O terceiro lugar compárteno os demandantes procedentes de varias actividades, os da hostalería, co 12% de representación, e os das administracións públicas e transporte, con cadansúas porcentaxes de 11%.

5.2.8. As dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego

Táboa 11: *Ocupacións máis demandadas.*

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Embalador, empaquetador, etiquetador á man	856	14,78	1,22
Dependente de comercio	455	7,85	8,97
Traballador preparación peixe para conserva	446	7,70	0,52
Empregado administrativo	412	7,11	8,93
Muller/mozo limpeza, limpador	215	3,71	7,21
Mariñeiro de pesca	188	3,25	0,61
Albanel	176	3,04	2,65
Peón da industria alimentación, bebidas e tabaco	159	2,74	1,28
Peón da construción de edificios	123	2,12	2,57
Peón da ind. manufactureira	112	1,93	3,87

5.2.9. Perfil tipo dos demandantes de emprego

TÁBOA 12: Perfil máis representativo.

	PERFIL COMARCAL TIPO	PERFIL PROVINCIAL TIPO
Situación laboral	Parados con emprego anterior	Parados con emprego anterior
Sexo	Mulleres	Mulleres
Grupo idade	De 26 a 35 anos	De 26 a 35 anos
Nivel académico	Titulación ensinanza obrigatoria	Titulación ensinanza obrigatoria
Duración demanda	Menos de 6 meses	Menos de 6 meses
Sector	Servizos	Servizos
Ocupación máis demandada	**Embalador, empaquetador, etiquetador á man**	Dependente de comercio

5.3. OFERTAS

5.3.1. Ofertas no servizo público de emprego galego 2003. Evolución

Tábua 13: *Número de ofertas por concellos. Ano 2003.*

	TOTAL OFERTAS	TOTAL %
Boiro	1.974	74,83
A Pobra do Caramiñal	79	2,99
Rianxo	131	4,97
Ribeira	454	17,21
TOTAL COMARCA	**2.638**	**100,00**

TOTAL OFERTAS PROVINCIA:	**32.600**
COMARCA/PROVINCIA:	**8,09**

O 8,09% das ofertas de emprego da provincia da Coruña proceden da comarca da Barbanza, onde no ano 2003 se realizan 2.638 ofertas de emprego, correspondéndolle as tres cuartas partes destas ao concello de Boiro. O segundo concello con maior número de ofertas é o de Ribeira, co 17,21%, mentres que as porcentaxes da Pobra e Rianxo son moito máis reducidas.

Tábua 14: *Evolución das ofertas. Período 1999-2003. Valores absolutos e relativos.*

	N.º OFERTAS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Boiro	1.005	1.353	1.229	1.863	1.974	34,63	-9,16	51,59	5,96	18,38
A Pobra do Caramiñal	70	152	165	136	79	117,14	8,55	-17,58	-41,91	3,07
Rianxo	38	70	42	99	131	84,21	-40,00	135,71	32,32	36,26
Ribeira	132	307	399	370	454	132,58	29,97	-7,27	22,70	36,18
TOTAL COMARCA	**1.245**	**1.882**	**1.835**	**2.468**	**2.638**	**51,16**	**-2,50**	**34,50**	**6,89**	**20,65**
TOTAL PROVINCIA	**29.835**	**37.922**	**30.755**	**30.380**	**32.600**	**27,11**	**-18,90**	**-1,22**	**7,31**	**2,24**

No período de referencia o número de ofertas duplícase con moito dende o inicio ata o final, o que se aprecia na variación media, que é do 20,65%. A traxectoria das ofertas da comarca ten no tramo 2000-2001 unha pequena redución de -2,50%, como se comproba na variación interanual dese ano. No resto de intervalos increméntanse, de forma moi acusada en 1999-2000 e 2001-2002, cando as variacións interanuais chegan ata o 51,16% e 34,50% respectivamente.

No período de referencia o concello de Boiro amosa un importante crecemento do número de ofertas, cunha variación media de 18,38%. Neste concello crecen todos os anos as ofertas, de maneira moi elevada en 1999-2000 e 2001-2002, anos nos que rexistra variacións interanuais de 34,63% e 51,59%. Só se dá unha excepción no citado crecemento no intervalo 2000-2001, no que se rexistra unha variación interanual negativa de -9,16%.

Os concellos de Rianxo e Ribeira presentan o ritmo de crecemento máis elevado do número de ofertas entre 1999 e 2003, ao acadar cadansúas variacións medias de 36,26% e 36,18%. Pecha a distribución o concello da Pobra, que incrementa dende o inicio ata o final 9 ofertas, amosando unha traxectoria descontinua que se inicia cun crecemento moi elevado no ano 2000, variación interanual de 117,14%, e que remata nos dous últimos anos con fortes regresións, sobre todo en 2003, cando a variación interanual é de -41,91%.

Atendendo á evolución de Boiro en relación co resto de concellos da comarca, pódese visualizar o crecemento máis agudo deste concello en 2000 e 2002, así como o retroceso no número de ofertas producido en 2001. En cambio, no resto de concellos, tras un forte crecemento en 2000, hai unha ralentización do incremento das súas ofertas.



Gráfico 10: *Evolución do número de ofertas dos concellos da comarca.*

5.3.2. Ofertas segundo os sectores de actividade económica.

	PRIMARIO		SECUNDARIO		CONSTRUCIÓN		SERVIZOS	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Rianxo	14	60,87	9	2,04	27	4,92	81	4,98
Ribeira	6	26,09	30	6,80	64	11,66	354	21,78
A Pobra do Caramiñal	0	0,00	8	1,81	18	3,28	53	3,26
Boiro	3	13,04	394	89,34	440	80,15	1.137	69,97
TOTAL COMARCA	**23**	**100,00**	**441**	**100,00**	**549**	**100,00**	**1.625**	**100,00**
TOTAL PROVINCIA	**338**		**3.112**		**5.814**		**23.331**	

Táboa 15: *Distribución das ofertas por concellos segundo os sectores económicos. Valores absolutos e relativos en relación co total da comarca.*

En todos os sectores predomina o concello de Boiro de maneira destacada, agás no caso do sector primario, no que é Rianxo o que maior número de ofertas promove. Se no sector servizos a porcentaxe de ofertas de Boiro se sitúa no 69,97%, no da construción e secundario esta é moito máis elevada, o 80,15% e 89,34% respectivamente.

O segundo lugar ocúpao o concello de Ribeira, co 21,78% de ofertas do sector servizos, o 11,66% na construción e o 6,80% no secundario. No resto de concellos o número de ofertas é moito máis limitado.

O sector servizos promove a maior parte das ofertas da comarca, o 61%. En segundo lugar está o sector da construción, co 21%, seguido, cun 17%, polo sector secundario. Pechan a serie as ofertas do sector primario, que só supoñen un 1% do total das emitidas.



Gráfico 11: *Distribución porcentual das ofertas por sectores económicos.*

GRÁFICO 12: Distribución porcentual das ofertas na industria.



As tres cuartas partes das ofertas realizadas na industria proceden das actividades relacionadas coa alimentación. Con só o 8% das ofertas sitúanse en segundo lugar as procedentes das actividades do téxtil. O 18% distribúese no resto de actividades.

GRÁFICO 13: Distribución porcentual das ofertas nos servizos.



Nos servizos son as administracións públicas as que integran a maioría das ofertas do sector, o 59%. A moita distancia séguenlle as ofertas das actividades inmobiliarias e as de hostalería, que supoñen o 13% e 11% respectivamente. O 17% restante repártese entre as demais actividades; destaca, co 6%, as ofertas procedentes do comercio.

TÁBOA 16: Evolución das ofertas por sectores económicos.

	1999	2000	2001	2002	2003
Primario	7	10	4	21	23
Secundario	144	457	373	731	441
Construción	328	487	426	436	549
Servizos	765	928	1.032	1.280	1.625
Sen actividade	1	0	0	0	0
TOTAL COMARCA	**1.245**	**1.882**	**1.835**	**2.468**	**2.638**
TOTAL PROVINCIA	**29.835**	**37.922**	**30.755**	**30.380**	**32.600**

Todos os sectores incrementan o número de ofertas de forma considerable, sendo o da construción o que amosa a variación media máis baixa, o 13,74%. Os primeiros lugares ocúpanos o sector primario e secundario, co 34,63% e 32,29% de variación media, malia que o número de ofertas do primeiro é moi reducido, sendo do 20,73% para o sector servizos.

O sector servizos incrementa as ofertas todos os anos. Amosa unha evolución positiva caracterizada por manter un crecemento sostible ao longo dos anos 1999-2003.

Por outra banda, no sector da construción a evolución das ofertas é bastante dispar: inicia o período cun forte crecemento, variación interanual de 48,48% no ano 2000, e descende nun -12,53% no seguinte ano. A partir de aí inicia de novo unha etapa de crecemento, que remata en 2003 cun crecemento de 25,92%, similar ao do sector servizos.

No resto de sectores tamén se observa unha evolución descontinua, alternan fortes valores de crecemento e regresión.

5.3.3. Perfil básico das ofertas

O 5,84% do total de ofertas realizadas na comarca teñen como esixencia un determinado xénero á hora de contratar. Este feito apréciase de maneira moi evidente no sector da construción, onde a totalidade deste tipo de ofertas está destinada aos varóns. Ademais, o 61,68% das ofertas que teñen o sexo como un dos seus requirimentos derivan do sector servizos. Aquí predominan as ofertas dirixidas a mulleres sobre as dos homes, entre as primeiras destacan as actividades de hostalería e comercio como principal orixe, tendo unha procedencia máis dispersa no caso das ofertas dirixidas a homes.



Gráfico 14: *Ofertas por sexo segundo o sector económico da comarca.*

O 57,85% das ofertas da comarca esixen un determinado nivel académico á hora de contratar, aínda que a meirande parte delas esixen só o certificado de escolaridade. Dentro destas tan só un 3,08% esixen formación profesional e un 4,06% estudos universitarios. As actividades das administracións públicas son a principal referencia nas ofertas que solicitan xente cun maior nivel de estudos.



Gráfico 15: *Ofertas por nivel académico da comarca.*

5.3.4. Análise ocupacional das ofertas

Táboa 17.1: *Ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores.*

	1999	2000	2001	2002	2003
Operario conserveiro	2	144	65	50	161
Albanel	16	38	76	76	96
Camareiro - Barman	9	43	57	42	76
Peón de albanel/Peón de obras públicas	11	19	36	53	58
Encofrador	1	1	65	17	40
Traballador espazos naturais	16	8	8	33	40
Cociñeiro / Grelleiro / Pizzeiro / Pranchista	6	7	10	20	24
Axudante de cociña	0	11	8	16	22
Dependente	3	24	53	18	22
Licenciado en dereito	0	0	23	13	19

A ocupación máis ofertada polo centros colaboradores no ano 2003 é a de operario conserveiro. En segundo lugar está a de albanel, con 96 ofertas, seguido da de camareiro, con 76. Na primeira vemos unha evolución descontinua cun forte crecemento no ano 2000, posteriores descensos e recuperación final no 2003, obtendo un importante crecemento en termos netos. Nas outras dúas temos unha traxectoria de claro ascenso continuado, salvo no caso do estancamento das ofertas de albanel en 2002 e o decrecemento das de camareiro nese mesmo ano, con cadansúas variacións medias de 56,51% e 70,47%.

TÁBOA 17.2: Ocupacións máis ofertadas nas oficinas de emprego.

	1999	2000	2001	2002	2003
Traballador preparación peixe para conserva	147	176	165	629	303
Peón da industria manufactureira	50	118	77	77	228
Mozo de recollida de lixo	0	0	0	0	213
Albanel	182	207	168	126	163
Técnico de protección civil	25	55	49	62	60
Bañista-socorrista	32	55	22	22	53
Peón da construción de edificios	42	79	55	35	40
Xardineiro coidador de campos	0	0	0	0	23
Pintor de edificios	9	3	7	10	23
Camareiro	25	35	28	33	22

Nas oficinas de emprego as catro primeiras ocupacións sinaladas rexistran un número considerable de ofertas. Así as de traballador preparación peixe para conserva, peón da industria manufactureira, mozo de recollida de lixo e albanel sitúanse como principal referencia. Estas ocupacións están todos os anos entre as primeiras, agás a de mozo da recollida do lixo, que só recolle ofertas en 2003.

En conxunto as ocupacións que presentan maior crecemento relativo con respecto a 1999 son as de peón da industria manufactureira, pintor de edificios e técnico de protección civil. Pola contra, as únicas que refliten un decrecemento das ofertas son as de camareiro, albanel e peón da construción, nesta orde.

5.4. CONTRATOS

5.4.1. Número de contratos no ámbito comarcal e municipal

	CONTRATOS 2003	
	N.º	%
BOIRO	3.821	16,68
A POBRA DO CARAMIÑAL	5.847	25,52
RIANXO	1.747	7,62
RIBEIRA	11.497	50,18
TOTAL COMARCA	**22.912**	**100,00**
TOTAL PROVINCIA	**310.890**	**7,37**

Táboa 18: *Número de contratos na comarca e nos concellos. Ano 2003.*

No ano 2003 realizáronse 22.912 contratos de traballo na comarca da Barbanza, que supoñen o 7,37% dos da provincia da Coruña. A metade rexístranse no concello de Ribeira, estando en segundo lugar o concello da Pobra, cunha cuarta parte. O resto repártense entre Boiro e Rianxo, dobrando o primeiro o número de contratos do segundo.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %			VARIAC. MEDIA %
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
BOIRO	4.936	4.220	4.107	4.075	3.821	-14,51	-2,68	-0,78	-6,23	-6,20
A POBRA DO CARAMIÑAL	5.563	8.507	6.216	6.717	5.847	52,92	-26,93	8,06	-12,95	1,25
RIANXO	1.602	1.808	1.923	1.666	1.747	12,86	6,36	-13,36	4,86	2,19
RIBEIRA	5.360	8.670	9.887	9.202	11.497	61,75	14,04	-6,93	24,94	21,02
TOTAL COMARCA	**17.461**	**23.205**	**22.133**	**21.660**	**22.912**	**32,90**	**-4,62**	**-2,14**	**5,78**	**7,03**
TOTAL PROVINCIA	**268.271**	**281.551**	**280.779**	**292.423**	**310.890**	**4,95**	**-0,27**	**4,15**	**6,32**	**3,75**

Táboa 19: *Evolución do número de contratos no ámbito comarcal. Variacións anuais. 1999-2003.*

No período de referencia a contratación na comarca crece de forma considerable, variación media de 7,03%, estando por riba do rexistrado na provincia. Non obstante, amosa unha tendencia descontinua cun decrecemento notable nos intervalos 2000-2001 e 2001-2002, variacións interanuais de -4,62% e -2,14% respectivamente. Porén, no 2000 contémplase un crecemento moi elevado, 32,90%, recuperándose a contratación nunha medida similar á provincial no último ano. Na provincia rexístrase un crecemento continuo, agás en 2000-2001, cando se produce unha regresión moderada de -0,27%.

A diferenza do resto, Boiro reduce a contratación de forma considerable nestes cinco anos, obtén unha variación media de -6,20%. Este concello presenta unha evolución caracterizada polos decrecementos en todos os anos; o descenso máis agudo prodúcese en 1999-2000 ao obter unha variación interanual de -14,51%.

O resto de concellos incrementan a contratación, o de Ribeira en maior medida, tras rexistrar unha variación media de 21,02%. En 2001-2002 padece unha perda do volume contractual, variación interanual de -6,93%; en cambio medra de forma acusada en 1999-2000 e 2002-2003, 61,75% e 24,94% respectivamente.

Nos municipios de Rianxo e A Pobra o crecemento é moito menor; rexistran variacións medias de 2,19% e 1,25%. Ambos coinciden en que o crecemento máis elevado se dá no tramo 1999-2000, variación interanual de 12,86% e 52,92% respectivamente, mentres que a partir de aí as traxectorias difiren. No concello da Pobra descende de forma elevada a contratación no ano 2001 e no 2003, mentres que en Rianxo só baixa en 2001-2002, recuperándose no último intervalo.

5.4.2. Contratación comarcal segundo o sexo e a idade

Táboa 20: Distribución da contratación comarcal segundo o sexo e a idade. Ano 2003.

	N.º CONTRATOS			% CONTRATOS		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Menos de 26 anos	5.059	2.899	7.958	22,08	12,65	34,73
De 26 a 35 anos	4.095	3.141	7.236	17,87	13,71	31,58
De 36 a 45 anos	2.561	2.126	4.687	11,18	9,28	20,46
De 46 a 55 anos	1.459	964	2.423	6,37	4,21	10,58
De 56 e máis anos	504	104	608	2,20	0,45	2,65
TOTAL COMARCA	**13.678**	**9.234**	**22.912**	**59,70**	**40,30**	**100,00**
TOTAL PROVINCIAL	**166.028**	**144.862**	**310.890**	**53,40**	**46,60**	**100,00**

A contratación comarcal é maiormente masculina, que predomina sobre a feminina en maior medida do que o fai na provincia, xa que rexistra o 59,70% dos contratos. A contratación amosa unha tendencia descendente a medida que incrementamos a idade, recollendo a porcentaxe máis alta de contratos os menores de 26 anos, co 34,73%. Se agrupamos a contratación ata os 35 anos, podemos ver unha concentración importante do 66,31%.

A contratación masculina é maior nos menores de 26 anos, 22,08%, agrupando ata os 35 o 39,95%. Pola contra, nas mulleres destaca o perfil de 26 a 35 anos, co 13,71%, mantendo unha porcentaxe lixeiramente superior á dos menores de 26; nestes dous tramos concéntrase o 26,36%. Cómpre dicir que en todos os tramos predomina a contratación masculina, case duplicando esta á feminina nos menores de 26 anos.

Táboa 21: Evolución do número de contratos da comarca segundo o sexo. Período 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Homes	9.305	15.126	13.646	12.907	13.678	62,56	-9,78	-5,42	5,97	10,11
Mulleres	8.156	8.079	8.487	8.753	9.234	-0,94	5,05	3,13	5,50	3,15
TOTAL CONTRATOS	**17.461**	**23.205**	**22.133**	**21.660**	**22.912**	**32,90**	**-4,62**	**-2,14**	**5,78**	**7,03**

A contratación masculina crece en maior medida que a feminina, variación media de 10,11% e 3,15%. Mentres que nas mulleres se percibe un descenso contractual moderado a inicios do período e un crecemento constante no resto de intervalos, nos homes a tendencia é diferente: un retraemento nos tramos intermedios e un aumento acusado en 1999-2000, cunha variación interanual de 62,56%. Nos dous tramos seguintes descende, en maior medida en 2000-2001, se ben remata o período cunha certa recuperación.

Se no ano 1999 se pode observar unha distribución da contratación non moi polarizada por sexos (contratación masculina supera á feminina nun 6,58%), no ano seguinte a masculina distánciase bastante (30,36% de diferenza). A partir dese momento acúrtanse de novo as distancias e mantense practicamente igual a distribución nos dous últimos anos (19,31 puntos de diferenza a favor dos contratos realizados a homes en 2003).



Gráfico 16: *Evolución da distribución da contratación comarcal segundo o sexo. Período 1999-2003. Valores proporcionais.*

Táboa 22: *Evolución do número de contratos da comarca segundo a idade. Período 1999-2003.*

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Menor de 26 anos	5.671	8.568	7.981	7.225	7.958	51,08	-6,85	-9,47	10,15	8,84
De 26 a 35 anos	5.785	7.333	7.418	7.050	7.236	26,76	1,16	-4,96	2,64	5,75
De 36 a 45 anos	3.345	4.175	4.304	4.494	4.687	24,81	3,09	4,41	4,29	8,80
De 46 a 55 anos	2.017	2.277	1.927	2.213	2.423	12,89	-15,37	14,84	9,49	4,69
De 56 e máis anos	643	852	503	678	608	32,50	-40,96	34,79	-10,32	-1,39
TOTAL CONTRATOS	**17.461**	**23.205**	**22.133**	**21.660**	**22.912**	**32,90**	**-4,62**	**-2,14**	**5,78**	**7,03**

Dous grupos son os que presentan o maior crecemento, o de menores de 26 anos e o de 36 a 45 anos, con variacións medias de 8,84% e 8,80% respectivamente. O grupo de menores de 26 anos inicia o período cun forte crecemento de 51,08%, descende nos tramos intermedios e volver a recuperarse no último; en cambio, o crecemento no primeiro intervalo é menor no grupo de 36 a 45 anos, aínda que non decrece en ningún dos posteriores.

O grupo de 26 a 35 tamén incrementa a contratación nun 5,75%, aumentando esta fortemente ao principio e decrecendo no tramo 2001-2002 e cunha lenta recuperación no tramo final.

No de 46 a 55 anos sobe a contratación todos os anos en proporcións considerables e diminúe nunha medida similar no 2001, variación interanual de -15,37%. Malia todo, mantén un saldo positivo, variación media de 4,69%.

O único grupo que perde peso de forma moderada é o de maiores de 55 anos, variación media de -1,39%. Neste caso intercálanse valores de crecemento e regresión, medrando en maior medida no intervalo 2001-2002 e descendendo fortemente no anterior.

5.4.3. Contratación comarcal segundo os sectores económicos

Táboa 23: *Distribución da contratación por sectores/subsectores económicos.*

	CONTRATOS 2003	
	N.º	%
SECTOR PRIMARIO	**491**	**2,14**
Agricultura e pesca	491	2,14
SECTOR SECUNDARIO	**5.729**	**25,00**
Industria	5.727	25,00
Electricidade	2	0,01
SECTOR CONSTRUCIÓN	**1.976**	**8,62**
Construción	1.976	8,62
SECTOR SERVIZOS	**14.716**	**64,23**
Comercio e hostalería	3.911	17,07
Transporte e comunicacións	7.101	30,99
Outros servizos	3.704	16,17
TOTAL CONTRATOS	**22.912**	**100,00**

O predominio do sector servizos é bastante acusado, xa que agrupa o 64,23% do total de contratos de traballo realizados na Barbanza no ano 2003. Un terzo deles, o 30,99%, circunscríbense ao subsector do transporte, mentres que o de comercio e outros servizos manteñen un peso similar, 17,07% e 16,17% respectivamente. O segundo sector de maior contratación é o secundario, que integra unha cuarta parte do total, rexistrándose todos os contratos na industria, agás dous do subsector de electricidade. A continuación sitúase o sector da construción, co 8,62%, mentres que pecha a distribución o sector primario, con só o 2,14% dos contratos.

Gráfico 17: *Distribución porcentual da contratación na Industria.*



A contratación en torno a actividades de alimentación supón o 79% do total de contratos da industria. A moita distancia co 10% están os contratos procedentes do téxtil, agrupándose un 11% no resto de actividades.

Gráfico 18: *Distribución porcentual da contratación nos servizos.*



Case a metade da contratación do sector servizos procede das actividades de transporte e comunicacións. O 21%, proceden do comercio, seguido dos da sanidade e servizos sociais co 10%. Un 21% repárte-se entre o resto de actividades.

Táboa 24: *Distribución porcentual da contratación comarcal segundo sectores/subsectores económicos por sexo e idade. Ano 2003.*

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e mais
SECTOR PRIMARIO	**1,68**	**0,46**	**0,48**	**0,79**	**0,55**	**0,25**	**0,06**
Agricultura e pesca	1,68	0,46	0,48	0,79	0,55	0,25	0,06
SECTOR SECUNDARIO	**4,78**	**20,22**	**6,41**	**8,84**	**6,29**	**3,14**	**0,31**
Industria	4,77	20,22	6,40	8,84	6,29	3,14	0,31
Electricidade	0,01	0,00	0,01	0,00	0,00	0,00	0,00
SECTOR CONSTRUCIÓN	**8,17**	**0,45**	**3,69**	**2,39**	**1,51**	**0,80**	**0,24**
Construción	8,17	0,45	3,69	2,39	1,51	0,80	0,24
SECTOR SERVIZOS	**45,06**	**19,17**	**24,14**	**19,56**	**12,10**	**6,38**	**2,04**
Comercio e hostalería	9,40	7,67	7,80	5,06	2,82	1,20	0,19
Transporte e comunicacións	30,66	0,34	10,32	9,00	5,96	4,08	1,63
Outros servizos	5,01	11,16	6,03	5,49	3,32	1,10	0,22
TOTAL CONTRATOS	**59,70**	**40,30**	**34,73**	**31,58**	**20,46**	**10,58**	**2,65**

Case a metade da contratación da comarca correspóndelles aos homes no sector servizos, o 45,06%, mentres que a contratación feminina neste sector supón o 19,17%. A contratación no subsector de transporte é maioritariamente masculina, mentres que no de comercio e hostalería predomina de maneira máis moderada, sendo inferior no tocante ao de outros servizos. Nos sectores da construción e primario destaca a contratación masculina, de forma case absoluta no primeiro. Por outra banda, no sector secundario sobresae, co 20,22%, a contratación de mulleres, mentres que a masculina só supón o 4,78%.

En todos os tramos de idade predomina a contratación no sector servizos. Nos menores de 26 anos a contratación no sector servizos supón case un cuarto do total, o 24,14%. Neste caso destaca a contratación no subsector do transporte, co 10,32%, igual que sucede no resto dos tramos de idade.

O sector secundario sitúase a continuación dos servizos en canto a volume de contratación, supoñendo un 15,25% os contratos realizados a menores de 36 anos. Finalmente, hai que sinalar que o sector da construción é o terceiro en importancia para todos os tramos de idade.

Táboa 25: *Evolución da contratación comarcal segundo os sectores e subsectores económicos. Período 1999-2003.*

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
SECTOR PRIMARIO	**373**	**442**	**163**	**418**	**491**	**18,50**	**-63,12**	**156,44**	**17,46**	**7,11**
Agricultura e pesca	373	442	163	418	491	18,50	-63,12	156,44	17,46	7,11
SECTOR SECUNDARIO	**5.218**	**6.903**	**6.299**	**6.329**	**5.729**	**32,29**	**-8,75**	**0,48**	**-9,48**	**2,36**
Industria	5.191	6.894	6.290	6.322	5.727	32,81	-8,76	0,51	-9,41	2,49
Electricidade	27	9	9	7	2	-66,67	0,00	-22,22	-71,43	-47,83
S. CONSTRUCIÓN	**1.712**	**1.966**	**2.308**	**2.004**	**1.976**	**14,84**	**17,40**	**-13,17**	**-1,40**	**3,65**
Construción	1.712	1.966	2.308	2.004	1.976	14,84	17,40	-13,17	-1,40	3,65
SECTOR SERVIZOS	**10.158**	**13.894**	**13.363**	**12.738**	**14.716**	**36,78**	**-3,82**	**-4,68**	**15,53**	**9,71**
Comercio e hostalería	2.145	2.883	3.632	3.418	3.911	34,41	25,98	-5,89	14,42	16,20
Transporte e comunicacións	4.365	8.501	6.677	6.748	7.101	94,75	-21,46	1,06	5,23	12,94
Outros servizos	3.648	2.510	3.054	2.572	3.704	-31,20	21,67	-15,78	44,01	0,38
TOTAL CONTRATOS	**17.461**	**23.205**	**22.133**	**21.660**	**22.912**	**32,90**	**-4,62**	**-2,14**	**5,78**	**7,03**

O sector servizos ten o crecemento máis elevado de todos o sectores, como se observa na variación media de 9,71%. Neste caso o subsector de outros servizos só aumenta moi levemente a contratación en números absolutos, mentres que o de comercio medra nun 16,20% e o de transporte nun 12,94%.

O sector servizos inicia o quinquenio cun forte incremento de 36,78% no tramo 1999-2000, onde o subsector do transporte case chega a duplicar o volume de contratos; no de comercio tamén se aprecia un importante incremento de 34,41%, segundo a variación interanual dese ano. Pola contra, no subsector de outros servizos vemos un descenso bastante acusado, -31,20%. Nos tramos seguintes decrece a contratación no sector, recuperándose en 2002-2003 cun crecemento de 15,53%. Nos anos intermedios o descenso é común a escala subsectorial agás no caso do comercio e outros servizos en 2000-2001. Por outra banda, en 2002-2003 todos os subsectores de servizos aumentan o volume contractual, o de outros servizos en maior medida, 44,01%.

O sector secundario amosa unha variación media de 2,36%, a máis baixa de todos os sectores. A súa evolución caracterízase pola descontinuidade que presenta: intercala valores de incremento e regresión de forma alterna. Nos tramos 1999-2000 e 2001-2002 rexístranse valores de crecemento, moito máis acusado no primeiro, no que a variación interanual é de 32,29%.

Para concluír, cómpre dicir que, mentres no sector da construción hai unha tendencia á baixa nos dous últimos intervalos, que minoran o crecemento do sector; no sector primario obsérvase unha evolución descontinua cunha regresión importante en 2000-2001 e un crecemento máis alto no seguinte, o que fai que remate cunha variación media de 7,11%.

5.4.4. Tipoloxía da contratación laboral

GRÁFICO 19: *Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contratos. Ano 2003.*



O 88% da contratación na Barbanza responde a modalidade de temporal a tempo completo, e un 7% é temporal a tempo parcial. A conxugación de ambas as fórmulas supón o 95% do total. A contratación indefinida só se realiza a tempo completo, supoñendo o 2%, a mesma porcentaxe que a contratación en prácticas ou formación.

TÁBOA 26: *Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contrato por sexo e idade. Ano 2003.*

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
Indefinido	1,07	0,86	0,44	0,77	0,40	0,27	0,06
Indefinido tempo parcial	0,11	0,34	0,19	0,10	0,11	0,03	0,01
Temporal	54,21	33,49	29,05	28,18	18,36	9,65	2,46
Temporal tempo parcial	2,26	4,67	3,24	2,12	1,04	0,43	0,09
Prácticas/Formación	1,27	0,86	1,79	0,24	0,07	0,03	0,00
Outros	0,78	0,09	0,02	0,17	0,48	0,17	0,03
TOTAL CONTRATOS	**59,70**	**40,30**	**34,73**	**31,58**	**20,46**	**10,58**	**2,65**

Máis do 50% da contratación correspóndelle ao colectivo masculino na fórmula de temporal a tempo completo, en tanto que a contratación feminina supón o 33,49%. No resto de casos predomina a contratación masculina, agás no da temporal a tempo parcial e a indefinida a tempo parcial, onde, co 4,67%, a contratación feminina dobra á porcentaxe da masculina.

O perfil tipo de contratado é o de menor de 26 anos con contrato temporal a tempo completo, co 29,05% do total, estando a pouca distancia o grupo de 26 a 35 anos, que supón o 28,18%. Conxuntamente, entre os contratos temporais a tempo completo realizados a menores de 36 anos agrúpase o 57,23%, sendo do 5,36% para a modalidade de temporal a tempo parcial.

TÁBOA 27: *Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contrato por sectores económicos. Ano 2003.*

	PRIMARIO	SECUNDARIO			CONSTRUCIÓN	SERVIZOS			
	Agr.,Gand.	Industr.	Electric.	Total	Construc.	Comerc.	Transp.	Outros	Total
Indefinido	0,31	0,65	0,00	0,65	0,20	0,60	0,04	0,14	0,78
Indefinido tempo parcial	0,01	0,04	0,00	0,04	0,02	0,22	0,02	0,14	0,38
Temporal	1,68	23,48	0,01	23,49	7,27	12,36	30,80	12,10	55,25
Temporal tempo parcial	0,11	0,56	0,00	0,56	0,54	3,29	0,12	2,31	5,72
Prácticas/Formación	0,00	0,26	0,00	0,26	0,59	0,59	0,01	0,66	1,27
Outros	0,03	0,00	0,00	0,00	0,01	0,00	0,00	0,82	0,83
TOTAL CONTRATOS	**2,14**	**25,00**	**0,01**	**25,00**	**8,62**	**17,07**	**30,99**	**16,17**	**64,23**

Máis da metade da contratación realízase no sector servizos, o 55,25%, baixo a fórmula temporal a tempo completo, agrupando só o subsector de transporte o 30,80%, mentres que os de comercio e outros servizos manteñen porcentaxes aproximadas, 12,36% e 12,10%. No resto dos sectores tamén prevalece a fórmula temporal a tempo completo, que supón no sector secundario case unha cuarta parte da contratación, o 23,49%, e no sector da construción o 7,27%.

No caso da contratación temporal a tempo parcial a maior parte agrupa o sector servizos, xa que integra o 5,72%; destaca a súa maior presenza no subsector de comercio e hostalería. A porcentaxe de contratos indefinidos é levemente menor no sector secundario en comparación co de servizos, non obstante no resto de modalidades predomina claramente este sector.

TÁBOA 28: Evolución da contratación comarcal segundo a tipoloxía de contratos. Período 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Indefinido	790	822	566	708	443	4,05	-31,14	25,09	-37,43	-13,46
Indefinido tempo parcial	48	90	90	128	103	87,50	0,00	42,22	-19,53	21,03
Temporal	14.309	20.168	19.268	18.849	20.093	40,95	-4,46	-2,17	6,60	8,86
Temporal tempo parcial	1.679	1.442	1.523	1.391	1587	-14,12	5,62	-8,67	14,09	-1,40
Prácticas/Formación	432	407	454	392	487	-5,79	11,55	-13,66	24,23	3,04
Outros	203	276	232	192	199	35,96	-15,94	-17,24	3,65	-0,50
TOTAL CONTRATOS	**17.461**	**23.205**	**22.133**	**21.660**	**22.912**	**32,90**	**-4,62**	**-2,14**	**5,78**	**7,03**

A contratación temporal a tempo completo sinala un crecemento considerable ao presentar unha variación media de 8,86%. Neste caso prodúcese unha regresión nos intervalos intermedios, mentres que en 1999-2000 e 2002-2003 aumentan os contratos, de forma considerable sobre todo no primeiro deles, onde presenta unha variación interanual de 40,95%.

No resto de fórmulas contractuais percíbese o crecemento da contratación indefinida a tempo parcial e da contratación en prácticas, que presentan variacións medias de 21,03% e 3,04%, se ben o incremento en termos absolutos deste tipo de contratos é moi reducido.

Por outra banda, redúcese a contratación indefinida a tempo completo, variación media de -13,46%, e a temporal a tempo parcial. Esta última reflite unha variación media de -1,40%, cunha evolución con regresións e crecementos intercalados, malia que remata o período cun crecemento considerable de 14,09%.

5.4.5. Grandes grupos de ocupación na contratación laboral

TÁBOA 29: Distribución da contratación por grandes grupos de ocupación segundo o sexo. Ano 2003.

	CONTRATOS	
	Nº	%
1. Dirección de empresas e administracións públicas	**19**	**0,08**
HOMES	12	0,05
MULLERES	7	0,03
2. Técnicos profesionais, científicos e intelectuais	**1.055**	**4,60**
HOMES	368	1,61
MULLERES	687	3,00
3. Técnicos e profesionais de apoio	**822**	**3,59**
HOMES	522	2,28
MULLERES	300	1,31
4. Empregados de tipo administrativo	**484**	**2,11**
HOMES	119	0,52
MULLERES	365	1,59
5. Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio	**2.209**	**9,64**
HOMES	501	2,19
MULLERES	1.708	7,45
6. Traballadores cualificados na agricultura e pesca	**336**	**1,47**
HOMES	259	1,13
MULLERES	77	0,34
7. Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería	**6.221**	**27,15**
HOMES	2.233	9,75
MULLERES	3.988	17,41
8. Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	**3.954**	**17,26**
HOMES	3.640	15,89
MULLERES	314	1,37
9. Traballadores non cualificados	**7.812**	**34,10**
HOMES	6.024	26,29
MULLERES	1.788	7,80
TOTAL CONTRATOS	**22.912**	**100,00**
TOTAL HOMES	**13.678**	**59,70**
TOTAL MULLERES	**9.234**	**40,30**

Da distribución da contratación en función dos grandes grupos de ocupación despréndese unha importante concentración en catro deles ao supoñer un 88,15% da contratación:

- Traballadores non cualificados, 34,10% dos contratos.
- Artesáns e traballadores cualificados na industria manufactureira, construción e minería, 27,15%.
- Operadores de instalacións e maquinaria e montadores, 17,26%.
- Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio, 9,64%.

Tendo en conta a diferenciación dos grupos de contratación por xénero, podemos delimitar os seguintes grupos con maior contratación:

Grupos de ocupación cunha maior contratación masculina	Grupos de ocupación cunha maior contratación feminina
• Traballadores non cualificados, contratación do 26,29%. • Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores; 15,89%. • Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería; 9,75%. • Técnicos e profesionais de apoio; 2,28%.	• Artesás/traballadoras cualificadas industria manufactureira, construción e minería; 17,41%. • Traballadoras non cualificadas, 7,80%. • Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio; 7,45%. • Técnicas profesionais, científicas e intelectuais; 3%.

En cinco dos nove grupos predomina a contratación de homes sobre a de mulleres. Porén, destacan en maior medida a realizada entre as mulleres nos seguintes:

- Artesás/traballadoras cualificadas industria manufactureira, construción e minería, onde os contratos realizados a mulleres está 7,66 puntos por riba dos que se lles fixeron aos homes.
- Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio; 5,26 puntos de diferenza.
- Técnicas profesionais, científicas e intelectuais; 1,39 puntos de diferenza.
- Empregadas de tipo administrativo; 1,07 puntos de diferenza.

Despois de realizar a análise dos grupos con maiores índices de contratación, cómpre sinalar cales son os que presentan a maior evolución ou involución, tendo en conta o valor de variación media no período de referencia.

Xa que logo, deseguido imos delimitar os grupos de ocupación que mostran o maior crecemento:

- Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores; variación media de 77,31%.
- Técnicos e profesionais de apoio; variación media de 31,97%.
- Técnicos profesionais, científicos e intelectuais; 22,14%.
- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio; 14,28%.

Se a maiores se ten en consideración a variable de xénero, cómpre sinalar cales son os grupos de ocupación con maior crecemento de contratación masculina:

- Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores; variación media de 87,42%.
- Técnicos e profesionais de apoio; 31,99%.
- Traballadores cualificados na agricultura e pesca; 14,25%.

E os que destacan na contratación de mulleres:

- Técnicas profesionais, científicas e intelectuais; variación media de 37,54%.
- Dirección de empresas e administracións públicas; variación media de 36,78%. Neste caso hai que dicir ademais que no ano 2003 só se rexistran un total de 7 contratos a mulleres.
- Técnicas e profesionais de apoio; 31,94%
- Operadoras de instalacións e maquinaria, e montadoras; 31,50%.

Os grupos que amosan conxuntamente un descenso da contratación no período de referencia son só dous. En primeiro lugar está o de artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería, cunha variación media de -2,07%, seguidos do grupo de empregados de tipo administrativo, -1,15%.

Neste caso os grupos de ocupación que presentan unha maior regresión na contratación masculina son tamén dous:

- Empregados de tipo administrativo; variación media de -2,19%.
- Dirección de empresas e administracións públicas; -1,98%.

Para rematar, os grupos relativos aos contratos de mulleres con maior regresión son tres:

- Artesás/traballadoras cualificadas industria manufactureira, construción e minería; variación media de -4,51%.
- Empregadas de tipo administrativo; -0,81%.
- Traballadoras cualificadas na agricultura e pesca; -0,32%.

5.4.6. Ocupacións máis contratadas

Táboa 30: *As dez ocupacións máis contratadas na comarca. Ano 2003.*

		TOTAL		HOMES		MULLERES		RATIO
CNO	OCUPACIÓNS	N.º	%	N.º	%	N.º	%	MASCUL.[1]
78010185	Traballador preparación peixe para conserva	3.630	15,84	321	2,35	3.309	35,83	8,84
85420223	Estibador	3.286	14,34	3.276	23,95	10	0,11	99,70
98000041	Mozo carga/descarga, transporte marítimo	2.818	12,30	2.818	20,60	0	0,00	100,00
97000011	Peón da ind. manufactureira	2.229	9,73	1.922	14,05	307	3,32	86,23
97000020	Peón da industria alimentación, bebidas e tabaco	1.198	5,23	362	2,65	836	9,05	30,22
71100016	Albanel	1.044	4,56	1.024	7,49	20	0,22	98,08
53300010	Dependente de comercio	517	2,26	73	0,53	444	4,81	14,12
50200018	Camareiro	512	2,23	195	1,43	317	3,43	38,09
27200016	Enfermeiro	491	2,14	20	0,15	471	5,10	4,07
51120012	Auxiliar enfermería atención primaria	456	1,99	19	0,14	437	4,73	4,17
	TOTAL	**16.181**	**70,62**	**10.030**	**73,33**	**6.151**	**66,61**	**61,99**

(1) Ratio de Masculinidade = (N.º de contratos realizados a homes/ N.º total de contratos) x 100

No ano 2003 concéntrase de maneira importante a contratación en só dez ocupacións, que supoñen conxuntamente o 70,62% do total da comarca. Malia todo, só nas de traballador de preparación de peixe para conserva, estibador e mozo de carga e descarga, transporte marítimo xa se concentra o 42,48%. Mentres que na primeira ocupación predomina a contratación de mulleres de maneira bastante acusada, nas de estibador e mozo de carga esta é practicamente masculina, facéndoo na segunda de forma absoluta ao non rexistrar ningún contrato para mulleres.

Hai un certo predominio da contratación masculina no conxunto destas dez ocupacións, debido a que o ratio de masculinidade é do 61,99%. Nas seguintes ocupacións apréciase unha maior presenza masculina na contratación, xa que obteñen un ratio superior ao 80%: mozo de carga/descarga, estibador, albanel e peón da industria manufactureira. Pola contra, a presenza feminina é máis manifesta nas ocupacións de auxiliar enfermería de atención primaria, enfermeiro, traballador de preparación de peixe para conserva e dependente de comercio, que acadan valores por baixo do 20% no ratio comentado anteriormente.

CNO	OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS	1999	2000	2001	2002	2003
78010185	**Traballador preparación peixe para conserva**	**4.749**	**4.166**	**3.607**	**3.955**	**3.630**
85420223	**Estibador**	1	**2.131**	**6.234**	**3.149**	**3.286**
98000041	**Mozo carga/descarga, transporte marítimo**	**4.141**	**4.039**	**905**	**3.597**	**2.818**
97000011	**Peón da industria manufactureira**	**747**	**3.283**	**1.192**	**1.091**	**2.229**
97000020	**Peón da industria alimentación, bebidas e tabaco**	**1.470**	**1.900**	**2.083**	**1.612**	**1.198**
71100016	**Albanel**	**830**	**1.040**	**1.025**	**1.021**	**1.044**
53300010	**Dependente de comercio**	**377**	**402**	**473**	**563**	**517**
50200018	**Camareiro**	**370**	**385**	**361**	**371**	**512**
27200016	**Enfermeiro**	44	313	324	311	**491**
51120012	**Auxiliar enfermería atención primaria**	33	211	267	310	**456**
96020014	PEÓN DA CONSTRUCIÓN DE EDIFICIOS	**447**	**506**	**610**	**424**	331
42100010	EMPREGADO ADMINISTRATIVO	**359**	346	311	**375**	330
91210016	MULLER/MOZO LIMPEZA, LIMPADOR	201	224	**378**	290	316
79360023	COSEDOR MANUAL / MAQUINA DOMÉSTICA PRENDAS VESTIR, EXCEPTO PEL	**272**	**370**	304	334	171

TÁBOA 31: *Evolución das dez ocupacións máis contratadas entre 1999 e 2003.*

As ocupacións de traballadores de preparación de peixe para conserva e estibador predominan con diferenza sobre o resto, no que a número de contratos se refire. Na primeira hai unha regresión contractual no período de referencia, amosando unha variación media negativa de -6,50%. Nesta ocupación apréciase un descenso continuado da contratación, de forma máis acusada ata o ano 2001, malia que en 2002 reflite un crecemento considerable de 9,65%. No caso do estibador o incremento é moi elevado, non sendo significativo o valor de variación media, xa que no ano 1999 só rexistra un contrato, polo cal queda fóra da lista das ocupacións máis contratadas nese ano.

Noutros dous casos, o volume de contratos tamén é moi significativo: nas ocupacións de mozo de carga e descarga e na de peón da industria manufactureira, con 2.818 contratos e 2.229 respectivamente. Mentres que na primeira descende a contratación, variación media de -9,17%, na segunda o crecemento é bastante elevado, chegando ata o 31,43%. No primeiro caso redúcense os contratos case todos os anos, menos en 2002, cando se produce un enorme crecemento.

As oito primeiras ocupacións son as únicas que se manteñen todos os anos entre as de maior contratación, se exceptuamos o caso da ocupación de estibador no ano 1999, que só rexistra un contrato. Nos casos de enfermeiro e auxiliar de enfermería entran por primeira vez dentro das de maior contratación no ano 2003, tras estar todos os anos fóra. No lado oposto está a de peón da construción de edificios, ao desaparecer da lista ese mesmo ano.

As ocupacións que presentan maior crecemento son as de estibador (variación media de 657,12%), auxiliar de enfermería de atención primaria (92,80%, e enfermeiro (82,77%). En cambio decrecen en maior medida as de:

- Cosedor á man ou en máquina doméstica de prendas de vestir; variación media negativa de -10,96%.
- Mozo de carga/descarga de transporte marítimo; -9,17%.
- Peón da construción de edificios; -7,24%.



Comarca de Bergantiños

5.1. TECIDO EMPRESARIAL

5.1.1. Tecido empresarial comarcal. Situación actual

Na comarca de Bergantiños apréciase no ano 2003 o predominio do sector servizos en todos os niveis de análise: empresas, traballadores por conta allea e autónomos. Mentres que no caso das empresas e autónomos predomina amplamente o citado sector, no caso dos traballadores por conta allea pódese apreciar unha distribución máis equitativa entre todos os sectores.

A metade das empresas da comarca pertencen ao sector de servizos, onde se inscriben o 49,59% delas. En segundo lugar está o sector da construción, que agrupa o 26,67%, seguido do secundario, co 16,31. Pecha a distribución o sector primario, co 7,42%. No ámbito subsectorial, o de maior dimensión é o de comercio e hostalería, co 28,10%, seguido polo de outros servizos, co 16,72%.

A distribución dos traballadores é bastante regular nos diferentes sectores. Se co 29,66% encabeza a lista o de servizos, séguelle a pouca distancia o secundario, co 26,48%. Logo están o primario, co 22,79%, e o da construción, co 21,07%. Na distribución por subsectores cómpre citar que no de servizos predomina co 14,64% o de comercio, seguido do de outros servizos, co 11,80%, e pechando a distribución o de transporte con tan só o 3,22%.

Nos autónomos apréciase de novo o predominio do sector servizos, igual que sucede nas empresas, pero de forma máis acusada, concentrando o 61,11% do colectivo. A continuación, unha cuarta parte dos autónomos pertencen á construción -25,71%-, mentres que o 11,37% pertencen ao sector secundario. Pecha a distribución con tan só o 1,80% o sector primario.

No ámbito subsectorial, dentro do sector servizos predomina claramente o subsector de comercio e hostalería, que supón o 40,88%, mentres que outros servizos e transporte só agrupan o 13,13% e o 7,11% respectivamente.

5.1.2. Evolución anual

TÁBOA 1: *Evolución do número de empresas. Período 1999-2003.*

	EMPRESAS				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	**212**	**200**	**199**	**204**	**182**
Agricultura e pesca	212	200	199	204	182
SECTOR SECUNDARIO	**463**	**448**	**435**	**415**	**400**
Industria	459	445	432	412	397
Electricidade	4	3	3	3	3
SECTOR CONSTRUCIÓN	**634**	**617**	**649**	**640**	**654**
Construción	634	617	649	640	654
SECTOR SERVIZOS	**1.187**	**1.110**	**1.132**	**1.182**	**1.216**
Comercio e hostalería	632	655	639	670	689
Transporte e comunicacións	108	105	113	110	117
Outros servizos	447	350	380	402	410
TOTAL	**2.496**	**2.375**	**2.415**	**2.441**	**2.452**

O número de empresas descende lixeiramente entre 1999 e 2003, ofrecendo unha variación media de -0,44%. Na evolución conxunta de todos os sectores, só se aprecia unha perda de volume no período 1999-2000, onde se rexistra unha variación interanual de -4,85%. No resto de anos rexístranse valores de crecemento bastante moderados; o máis alto é o 1,68% experimentado no período 2000-2001.

GRÁFICO 1: *Variacións interanuais do número de empresas por sector económico. Período 1999-2003.*



Na distribución sectorial aprécianse dúas tendencia contrapostas. Por unha banda, o número de empresas nos sectores de servizos e da construción increméntase lixeiramente, mentres que por outra obsérvase un descenso nos sectores primario e secundario.

O sector servizos amosa unha variación media do 0,61%. Tras iniciar o período cun descenso de -6,49%, no resto de anos mantén o crecemento, experimentando en 2002 o máis acusado, que se cifra no 4,42%. Mentres que os subsectores de comercio e transporte incrementan o volume, no de outros servizos sucede o contrario, como se ve na variación media de -2,14%. Neste descende considerablemente no ano 2000 o número de empresas, ofrecendo unha variación interanual de -21,70%.

No sector da construción increméntase lixeiramente o número de empresas, rexistrando unha variación media do 0,78%. Neste dáse unha tendencia con altibaixos xeneralizados. Malia iniciar o período cun decrecemento do -2,68%, no ano seguinte prodúcese o incremento máis substancial -variación interanual en 2000-2001 do 5,19%-, rematando en 2002-2003 cun incremento do 2,19%.

Os sectores primario e secundario ofrecen variacións medias negativas do -3,74% e -3,59% respectivamente. Ambos os dous presentan unha evolución descendente caracterizada polos continuos valores de regresión que rexistran. Mentres que o sector primario rexistra o decrecemento máis elevado en 2002-2003, onde a variación interanual é de -10,78%, no sector secundario a maior caída corresponde ao período 2001-2002, cunha variación interanual de -4,60%.

	TRABALLADORES				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	**2.304**	**2.647**	**2.710**	**2.784**	**2.848**
Agricultura e pesca	2.304	2.647	2.710	2.784	2.848
SECTOR SECUNDARIO	**3.242**	**3.216**	**3.282**	**3.172**	**3.309**
Industria	3.199	3.182	3.243	3.131	3.272
Electricidade	43	34	39	41	37
SECTOR CONSTRUCIÓN	**2.512**	**2.619**	**2.795**	**2.654**	**2.633**
Construción	2.512	2.619	2.795	2.654	2.633
SECTOR SERVIZOS	**3.157**	**3.199**	**3.230**	**3.571**	**3.706**
Comercio e hostalería	1.572	1.631	1.611	1.787	1.829
Transporte e comunicacións	317	310	335	363	402
Outros servizos	1.268	1.258	1.284	1.421	1.475
TOTAL	**11.215**	**11.681**	**12.017**	**12.181**	**12.496**

Táboa 2: *Evolución do número de traballadores. Período 1999-2003.*

Na comarca de Bergantiños increméntase todos os anos o número de traballadores no período de referencia, amosando unha variación media do 2,74%. O crecemento máis elevado ten lugar nos tres primeiros anos do quinquenio. Todos os sectores incrementan o volume de traballadores, se ben teñen tendencias diferenciadas.



Gráfico 2*: Variacións interanuais do número de traballadores por sector económico. Período 1999-2003.*

O sector servizos presenta unha variación media do 4,09%, converténdose no segundo sector que rexistra maior crecemento. Este sector aumenta o número de traballadores todos os anos, facéndoo de maneira máis elevada no período 2001-2002, onde a variación interanual é do 10,56%. Dentro deste sector, o subsector que máis medra é o de transporte, cunha variación media do 6,12%. Este subsector ten dous picos de crecemento nos períodos 2000-2001 e 2002-2003, con variacións interanuais do 8,06% e 10,74% respectivamente. Os subsectores de comercio e hostalería e mais o de outros servizos presentan unha evolución diferenciada, aínda que coinciden en recoller os valores de crecemento máis elevado no ano 2002, onde o de comercio amosa unha variación interanual do 10,92% e o de outros servizos do 10,67%.

O sector secundario incrementa lixeiramente o seu peso, reflectindo unha variación media do 0,51%, o cal supón un incremento en termos absolutos de só 67 traballadores. A súa evolución é descontinua, alternando valores positivos e negativos de variación interanual e pechando o período cun crecemento do 4,32%.

O sector primario é o que maior incremento de traballadores presenta, como se pode apreciar na variación media, que se sitúa no 5,44%. A evolución do sector caracterízase pola continuidade do crecemento, se ben este segue unha tendencia á baixa. O ano 2000 é o de maior incremento, rexistrando unha variación interanual do 14,89%; a medida que avanza o tempo decrece e remata en 2003 co mínimo, o -2,30%.

Pecha a distribución o sector da construción, o que menos peso soporta, cunha variación media de 1,18%. Este sector inicia o período cun crecemento sostido, rexistrando o máis alto en 2001, onde a variación interanual é de 6,72%. Nos anos seguintes decrece, facéndoo en maior medida en 2002, cunha variación interanual de -5,04%, e pechando cunha regresión de -0,79%.

TÁBOA 3: Evolución do número de autónomos. Período 1999-2003.

	AUTÓNOMOS				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	**57**	**63**	**69**	**73**	**83**
Agricultura e pesca	57	63	69	73	83
SECTOR SECUNDARIO	**393**	**451**	**462**	**504**	**525**
Industria	393	451	462	504	525
SECTOR CONSTRUCIÓN	**730**	**865**	**984**	**1.080**	**1.187**
Construción	730	865	984	1.080	1.187
SECTOR SERVIZOS	**2.003**	**2.315**	**2.529**	**2.663**	**2.821**
Comercio e hostalería	1.386	1.595	1.716	1.801	1.887
Transporte e comunicacións	245	275	305	312	328
Outros servizos	372	445	508	550	606
TOTAL	**3.183**	**3.694**	**4.044**	**4.320**	**4.616**

O colectivo de traballadores autónomos é o que maior crecemento experimenta, facéndose este extensivo a todos os sectores. Conxuntamente a variación media entre 1999 e 2003 é de 9,74%. A evolución conxunta caracterízase por rexistrar todos os anos valores positivos de variación interanual, igual que sucede en cada un dos sectores. O crecemento máis elevado ten lugar no período 1999-2000, co 16,05%, reducíndose este a medida que avanza o tempo. Este feito extrapólase a todos os sectores, excepto ao primario, onde o crecemento máis elevado ten lugar en 2002-2003.

GRÁFICO 3: Variacións interanuais do número de autónomos por sector económico. Período 1999-2003.



O sector servizos, o máis representativo cuantitativamente, rexistra un 15,58% de variación interanual no ano 2000, diminuíndo a continuación o crecemento ata o final do período, onde o mesmo índice é de 5,93%. Todos os subsectores comparten a tendencia anterior; o que máis medra é o de outros servizos, que presenta unha variación media do 12,98%. No de comercio e hostalería e no de transporte a variación media é do 8,02% e 7,57% respectivamente.

A variación media no sector da construción é do 12,92%, converténdose así no sector que presenta o crecemento máis elevado de traballadores autónomos. Todos os anos incrementa o seu volume, facéndoo en menor medida nos últimos. No ano 2000, a variación interanual é do 18,49%, mentres que a máis baixa aparece en 2001-2002, 9,76%, incrementándose lixeiramente no período seguinte.

O sector que menor incremento presenta é o secundario, que amosa unha variación media do 7,51%. Este inicia o quinquenio cun crecemento do 14,76%, reducíndose considerablemente no seguinte período, onde tan só se rexistra unha variación interanual do 2,44%, a máis baixa do conxunto. En 2001-2002 recupérase o crecemento e redúcese de novo cara ao ano 2003.

Neste caso o último sector en importancia cuantitativa, o primario, pecha a distribución cunha variación media do 9,85%. Neste a traxectoria amosa un crecemento tamén continuo, pero que se dá de forma máis aguda no inicio e final do período, rexistrando en 2002-2003 o crecemento máis elevado (variación interanual do 13,7%).

5.2. DEMANDAS

5.2.1. Demandantes por concello

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Cabana de Bergantiños	284	87	371
Carballo	2.291	812	3.103
Coristanco	543	159	702
A Laracha	648	229	877
Laxe	248	65	313
Malpica de Bergantiños	351	120	471
Ponteceso	363	114	477
TOTAL	**4.728**	**1.586**	**6.314**

Táboa 4: *Distribución dos demandantes segundo os concellos da comarca.*

% comarca/provincia - PARADOS	**7,16**
% comarca/provincia - NON PARADOS	**5,21**

O 7,16% dos demandantes parados e o 5,21% dos non parados da provincia da Coruña rexístranse na comarca de Bergantiños. Esta comarca presenta un total de 6.314 demandantes de emprego, dos cales as tres cuartas partes -74,88%- son parados.



Gráfico 4: *Distribución dos demandantes da comarca por concello.*

Nesta comarca pódese apreciar o predominio do concello de Carballo, que agrupa case á metade do total de demandantes de emprego, o 49,14%. Os demandantes parados deste concello supoñen o 48,45% do total, mentres que os non parados representan o 51,20%. Nun segundo lugar, a bastante distancia, está o concello de A Laracha, ao que pertencen o 13,89% do total de demandantes, seguido de Coristanco, co 11,12%. O 25,85% restante repártense nos outros catro concellos.

5.2.2. Evolución dos demandantes parados

	TRABALLADORES				
	1999	2000	2001	2002	2003
PARADOS COMARCA	3.932	3.984	3.982	4.183	4.728
VARIACIÓN INTERANUAL %	–	1,32	-0,05	5,05	13,03
COMARCA/TOTAL PROVINCIA	6,68	6,66	6,84	6,53	7,16

Táboa 5: *Evolución dos demandantes parados.*

O ano 2001 é o único onde se aprecia unha diminución do número de demandantes parados, aínda que tan só supón un descenso de dous demandantes en relación co ano anterior. No resto de anos increméntase este continxente, facéndoo sobre todo no período 2002-2003, onde se observa unha variación interanual do 13,03%, o cal supón un incremento en termos absolutos de 545 demandantes máis que en 2002.

GRÁFICO 5: *Evolución dos demandantes parados da comarca.*



O peso relativo deste continxente en relación coa provincia increméntase ata o 2001, aínda que esta tendencia se rompe en 2002, onde, pese a incrementarse o volume, descende a representación a nivel provincial. En 2003 a representación provincial deste colectivo é de 7,16%, superando en 0,48 puntos porcentuais á do ano de inicio.

5.2.3. Caracterización da situación sociolaboral dos demandantes de emprego

TÁBOA 6: *Situación laboral dos demandantes*

		VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	534	8,46	12,67
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	4.194	66,42	55,76
NON PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	130	2,06	3,98
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	783	12,40	11,46
	Con traballo a tempo parcial e prestación compatible	243	3,85	4,73
	En expediente de regulación de emprego	12	0,19	2,34
	Demandantes de mellora de emprego	266	4,21	5,98
	Demandantes de emprego de menos de 20 h	22	0,35	2,38
	Resto de demandantes	130	2,06	0,71
TOTAL		**6.314**	**100,00**	**100,00**

A maioría dos demandantes de Bergantiños, o 66,42%, son parados con emprego anterior. Neste grupo a representación no ámbito provincial sitúase 10,66 puntos porcentuais por debaixo. En segundo lugar aparecen os demandantes non parados con emprego anterior, que supoñen o 12,40%, amosando unha porcentaxe lixeiramente superior á provincial. A continuación está o grupo de demandantes parados sen emprego anterior, co 8,46%, neste caso inferior á porcentaxe provincial en 4,21 puntos.

5.2.4. Demandantes de emprego por sexo e idade

TÁBOA 7.1: *Demandantes parados por sexo e grupos de idade.*

	HOMES N.º	MULLERES N.º	HOMES %	MULLERES %	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	345	424	7,30	8,97	16,26	17,50
26 a 35 anos	416	844	8,80	17,85	26,65	30,43
36 a 45 anos	361	746	7,64	15,78	23,41	22,04
46 a 55 anos	397	466	8,40	9,86	18,25	17,68
56 e máis anos	417	312	8,82	6,60	15,42	12,34
TOTAL COMARCA	**1.936**	**2.792**	**40,95**	**59,05**	**100,00**	**7,16**
TOTAL PROVINCIA	**26.764**	**39.271**	**40,53**	**59,47**	**7,16**	**100,00**

A maioría dos demandantes da comarca son mulleres; representan o 59,05% da demanda, unha porcentaxe moi similar á provincial. Dentro destas, predominan as demandantes con idade comprendida entre os 26 e 45 anos, que supoñen o 33,63% do total. A distribución dos demandantes masculinos entre os diferentes tramos de idade é bastante equilibrada; destaca o maior peso do intervalo de maiores de 55 anos. Neste intervalo o valor porcentual para os homes supera en 2,22 puntos o rexistrado para as mulleres.

Sen tomar en consideración a variable xénero, entre os 26 e 45 anos concéntrase a maior parte de demandantes, o 50,06%, dándose no ámbito provincial unha concentración maior en 2,51 puntos. Na provincia apréciase unha diferenza considerable entre os dous tramos, predominando o de 26 a 35 anos. No resto de tramos a distribución é bastante similar, apreciando a maior distancia nos maiores de 55 anos, onde a porcentaxe comarcal supera á provincial en 3,08 puntos.

Táboa 7.2: *Demandantes non parados por sexo e grupos de idade.*

	HOMES N.º	MULLERES N.º	HOMES %	MULLERES %	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	89	128	5,61	8,07	13,68	18,07
26 a 35 anos	95	300	5,99	18,92	24,91	27,98
36 a 45 anos	102	260	6,43	16,39	22,82	19,81
46 a 55 anos	130	172	8,20	10,84	19,04	17,58
56 e máis anos	179	131	11,29	8,26	19,55	16,55
TOTAL COMARCA	**595**	**991**	**37,52**	**62,48**	**100,00**	**5,21**
TOTAL PROVINCIA	**12.680**	**17.790**	**41,61**	**58,39**	**5,21**	**100,00**

Igual que sucede nos demandantes parados, nos non parados predomina a demanda feminina, que supón o 62,48%. A distribución no ámbito provincial tamén reflite unha demanda maioritariamente feminina, pero en menor proporción. Mentres que nos extremos da distribución se aprecian porcentaxes similares, entre os 26 e 45 anos rexístrase a concentración máis importante de mulleres, supoñendo o 35,31%. Se a este lle sumamos os demandantes do tramo seguinte, obtemos o 46,15%. Nos homes apréciase un perfil de demandante de maior idade, aparecendo a concentración máis importante a partir dos 46 anos, onde se agrupa o 19,49%. Nos homes increméntase o número de demandantes non parados a medida que se incrementa a idade.

Se a partir dos 46 anos a distribución dos demandantes non parados da comarca é similar, é no intervalo de 26 a 45 onde se rexistra o maior número destes, o 47,73%. Neste caso predomina o tramo de 26 a 35 anos. Por outra banda, na provincia a concentración entre 26 e 45 supón o 47,79%, unha porcentaxe moi similar á comarcal, aínda que se percibe un claro predominio dos demandantes de 26 a 35 sobre os do tramo seguinte, que están 8,17 puntos porcentuais por debaixo. A demanda provincial é máis nova que a comarcal, concentrando máis demandantes nos tramos de idade menor.

Tanto no caso dos demandantes parados como no dos non parados, o perfil tipo sitúase entre os 26 e os 35 anos, que supón para os primeiros o 19,96% e o 6,26% para os segundos do total de demandantes da comarca. Nos parados decrece a demanda de forma continua a partir dos 35 anos, sucedendo o mesmo nos non parados, malia rexistrar un pequeno incremento nos maiores de 55 anos.



Gráfico 6: *Distribución porcentual do total de demandantes por grupos de idade.*

Gráfico 7: *Distribución porcentual do total de demandantes por sexo.*



A maioría dos demandantes parados e non parados son mulleres, que supoñen o 44,22% e 15,70% respectivamente do total de demandantes. No primeiro caso supérase a porcentaxe masculina en 13,56 puntos porcentuais, mentres que no segundo faise en 6,28.

5.2.5. Demandantes por nivel académico

Táboa 8.1: *Distribución dos demandantes parados por nivel académico.*

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Ata certificado de escolaridade*	2.507	53,02	31,78
Titulación de ensinanza obrigatoria	1.414	29,91	37,12
Formación profesional	269	5,69	5,63
BUP/Bacharelato superior/COU	298	6,30	12,20
Titulados universitarios	204	4,31	11,17
Outras titulacións	36	0,76	2,11
TOTAL	**4.728**	**100,00**	**100,00**

** Inclúe: sen estudos, estudos primarios e certificado de escolaridade*

Na comarca de Bergantiños, o 53,02% dos demandantes parados non teñen estudos, ou ben só chegan ata o certificado de escolaridade. Se o comparamos co ámbito provincial, a diferenza é bastante elevada, pois a provincia está 21,24 puntos por debaixo da porcentaxe comarcal. En segundo lugar, as persoas con titulación de ensinanza obrigatoria supoñen o 29,91%; a porcentaxe provincial está 7,21 puntos por enriba.

No resto da distribución cómpre salientar como as porcentaxes de persoas con bacharelato e titulados universitarios na provincia acadan valores maiores que as correspondentes á comarca.

Táboa 8.2: *Distribución dos demandantes non parados por nivel académico.*

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Ata certificado de escolaridade	854	53,85	30,62
Titulación de ensinanza obrigatoria	404	25,47	33,40
Formación profesional	101	6,37	5,72
BUP/Bacharelato superior/COU	123	7,76	15,70
Titulados universitarios	91	5,74	13,03
Outras titulacións	13	0,82	1,53
TOTAL	**1.586**	**100,00**	**100,00**

A distribución dos demandantes non parados é bastante semellante á de parados. Máis da metade dos demandantes chegan ata o certificado de escolaridade, en tanto que os que teñen a ensinanza obrigatoria supoñen un cuarto da demanda. Mentres que no primeiro grupo a porcentaxe provincial está 23,23 puntos por debaixo, no segundo sucede o contrario, situándose a provincia por enriba en 7,93 puntos.

Os demandantes con bacharelato e titulación universitaria na comarca supoñen algo menos da metade que as porcentaxes de referencia no ámbito provincial.

5.2.6. Demandantes parados por tempo de busca de emprego

Táboa 9: Distribución dos demandantes parados segundo o sexo e a idade por tempo de busca de emprego.

		Menos de 6 meses %	De 6 meses a 1 ano %	Máis de 1 ano %	TOTAL %
Menor de 26 anos	Homes	5,69	1,06	0,55	7,30
	Mulleres	5,90	1,82	1,25	8,97
26 a 35 anos	Homes	6,60	1,27	0,93	8,80
	Mulleres	8,21	2,96	6,68	17,85
36 a 45 anos	Homes	5,16	1,04	1,44	7,64
	Mulleres	7,19	2,43	6,15	15,78
46 a 55 anos	Homes	3,96	1,21	3,24	8,40
	Mulleres	3,72	1,44	4,70	9,86
56 e máis anos	Homes	2,16	0,74	5,92	8,82
	Mulleres	1,37	0,70	4,53	6,60
TOTAL COMARCA		**49,96**	**14,66**	**35,38**	**100,00**
TOTAL PROVINCIA		**48,04**	**14,84**	**37,13**	**100,00**

A metade dos demandantes parados da comarca levan menos de seis meses na procura de emprego. En segundo lugar, co 35,38%, están os demandantes que levan máis dun ano. Nos dous ámbitos, comarcal e provincial, a distribución da demanda en función do tempo é bastante semellante.

Nos demandantes de menos de seis meses apréciase unha concentración importante de mulleres de entre 26 e 45 anos, que agrupan o 15,4%, predominando o grupo de 26 a 35 anos. Pola contra, nos homes esa maior concentración dáse ata os 35 anos (12,29%), predominando, igual que no caso das mulleres, o grupo de 26 a 35 anos. En ambos os dous colectivos, a medida que se incrementa a idade diminúe a demanda. Nos demandantes de menos de seis meses predominan as mulleres, co 26,39%, fronte á porcentaxe de homes, que supón o 23,57%.

Nos demandantes de longa duración o perfil maioritario é o de muller de 26 a 35 anos. Se a este grupo lle sumamos o seguinte en idade, entre os dous concentran o 12,83% da demanda. En todos os tramos de idade predominan as mulleres, excepto no de 46 a 55 anos, onde o fan os homes de maneira moderada. Nos homes apréciase un crecemento da demanda a medida que incrementamos a idade, concentrando a maior parte a partir dos 46 anos, tramo que representa o 9,16% dos demandantes parados. Nos demandantes de máis de 1 ano predominan amplamente as mulleres, co 23,21%, mentres que os homes supoñen o 12,08%.

Nos demandantes que levan entre seis meses e un ano buscando emprego predominan tamén as mulleres, que supoñen o 9,35%; os homes representan o 5,32% do total.

5.2.7. Demandantes por sectores económicos de procedencia

TÁBOA 10: *Demandantes por actividade económica.*

	PARADOS			NON PARADOS		
	Comarcal N.º	Comarcal %	Provincial %	Comarcal N.º	Comarcal %	Provincial %
Sector primario	124	2,62	2,00	66	4,16	2,78
Sector secundario	1.412	29,86	17,16	480	30,26	18,47
Construción	965	20,41	13,36	237	14,94	8,13
Sector servizos	1.697	35,89	49,08	662	41,74	54,02
Sen actividade previa	530	11,21	18,41	141	8,89	16,59
TOTAL	**4.728**	**100,00**	**100,00**	**1.586**	**100,00**	**100,00**

Nos dous tipos de demandantes experiméntase unha concentración no sector servizos, que acolle o 35,89% dos parados e o 41,74% dos non parados. En segundo lugar sitúase o sector secundario, co 29,86% de demandantes parados e o 30,26% de non parados.

No grupo de demandantes parados está en terceiro lugar o sector da construción, co 20,41%. Neste caso pódese apreciar unha distribución sectorial que non amosa o predominio de ningún sector de forma destacada, a diferenza do que sucede na provincia, onde a metade deles se sitúan no sector servizos.

Nos demandantes non parados predomina máis o de servizos, tal como sucede na provincia, onde destaca amplamente. Nun segundo lugar sitúase o sector secundario e o da construción, acadando valores máis altos que na provincia.

GRÁFICO 8: *Demandantes parados na Industria.*



Máis da metade dos demandantes parados da industria pertencen á rama do téxtil e confección. Nun segundo lugar, cunha cuarta parte, séguenlle as actividades da alimentación. Este feito denota a forte concentración dos demandantes da industria en tan só dúas actividades, que xuntas supoñen o 78%. En terceiro lugar están outras industrias, co 11%, seguidas da metalurxia e fabricación de produtos de metal, co 7%.

GRÁFICO 9: *Demandantes parados nos Servizos.*



Nos servizos non se aprecia un predominio moi elevado de ningunha actividade, senón unha distribución plural. O 19% dos demandantes pertencen ao comercio, seguido da hostalería, co 17%. Séguenlle por orde as actividades inmobiliarias e as administracións públicas, co 15% e 14% respectivamente. O 35% restante repártese no resto de actividades, onde predomina a de servizos á comunidade, co 13%.

5.2.8. As dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego

TÁBOA 11: Ocupacións máis demandadas.

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Muller/mozo limpeza, limpador	666	10,55	7,21
Operario máquina industrial coser á plana, excepto pel e calzado	559	8,85	2,29
Peón da industria da alimentación, bebidas e tabaco	444	7,03	1,28
Empregado administrativo	375	5,94	8,93
Peón da construción de edificios	373	5,91	2,57
Dependente de comercio	361	5,72	8,97
Albanel	341	5,40	2,65
Peón da industria manufactureira	205	3,25	3,87
Camareiro	155	2,45	2,68
Cociñeiro	105	1,66	1,41

5.2.9. Perfil tipo dos demandantes de emprego

TÁBOA 12: Perfil máis representativo.

	PERFIL COMARCAL TIPO	PERFIL PROVINCIAL TIPO
Situación laboral	Parados con emprego anterior	Parados con emprego anterior
Sexo	Mulleres	Mulleres
Grupo idade	De 26 a 35 anos	De 26 a 35 anos
Nivel académico	**Ata certificado de escolaridade**	Titulación ensinanza obrigatoria
Duración demanda	Menos de 6 meses	Menos de 6 meses
Sector	Servizos	Servizos
Ocupación máis demandada	**Muller/mozo limpeza, limpador**	Dependente de comercio

5.3. OFERTAS

5.3.1. Ofertas no servizo público de emprego galego 2003. Evolución

Tábua 13: Número de ofertas por concellos. Ano 2003.

	TOTAL OFERTAS	TOTAL %
A Laracha	75	4,97
Cabana de Bergantiños	39	2,58
Carballo	1.235	81,79
Coristanco	60	3,97
Laxe	21	1,39
Malpica de Bergantiños	57	3,77
Ponteceso	23	1,52
TOTAL COMARCA	**1.510**	**100,00**

TOTAL OFERTAS PROVINCIA:	**32.600**
COMARCA/PROVINCIA:	**4,63**

O 4,63% das ofertas da provincia da Coruña realízanse na comarca de Bergantiños. No ano 2003 realízanse 1.510 ofertas de emprego, predominando amplamente o concello de Carballo, que oferta o 81,79% do total.

Tábua 14: Evolución das ofertas. Período 1999-2003. Valores absolutos e relativos.

	N.º OFERTAS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
A Laracha	2	101	143	116	75	4.950,00	41,58	-18,88	-35,34	147,46
Cabana de Bergantiños	1	12	27	36	39	1100,00	125,00	33,33	8,33	149,90
Carballo	1.075	854	794	714	1.235	-20,56	-7,03	-10,08	72,97	3,53
Coristanco	2	4	43	47	60	100,00	975,00	9,30	27,66	134,03
Laxe	14	9	7	19	21	-35,71	-22,22	171,43	10,53	10,67
Malpica de Bergantiños	22	16	33	44	57	-27,27	106,25	33,33	29,55	26,87
Ponteceso	0	5	14	15	23	0,00	180,00	7,14	53,33	0,00
TOTAL COMARCA	**1.116**	**1.001**	**1.061**	**991**	**1.510**	**-10,30**	**5,99**	**-6,60**	**52,37**	**7,85**
TOTAL PROVINCIA	**29.835**	**37.922**	**30.755**	**30.380**	**32.600**	**27,11**	**-18,90**	**-1,22**	**7,31**	**2,24**

No período de referencia increméntanse as ofertas na comarca, como se pode observar na variación media, que é do 7,85%. A traxectoria das ofertas vén marcada pola inestabilidade no crecemento, pois alternan valores de crecemento e regresión; no período 1999-2000 descende o seu número, ofrecendo unha variación interanual de -10,30%; a continuación increméntanse e decrecen de novo en 2001-2002; para rematar o período, apréciase un crecemento moi elevado, cunha variación interanual do 52,37%, que en termos absolutos significa un incremento de 519 ofertas en relación co ano anterior.

Todos os concellos incrementan as ofertas. Carballo amosa unha variación media do 3,53%. Neste concello obsérvase unha tendencia cara ao decrecemento, que se estende ata o ano 2002. Pola contra, en 2003 increméntanse considerablemente, rompendo coa tendencia anterior e rexistrando unha variación interanual do 72,97%, que supón en termos absolutos un incremento de 521 ofertas.

O resto de concellos incrementan substancialmente as ofertas aínda que tenden a estabilizarse a partir de 2001, malia destacar a relatividade delas debido á escasa proporción que supoñen en relación coas realizadas en Carballo.



Gráfico 10: *Evolución do número de ofertas dos concellos da comarca.*

5.3.2. Ofertas segundo os sectores de actividade económica

	PRIMARIO		SECUNDARIO		CONSTRUCIÓN		SERVIZOS	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%
A Laracha	4	12,50	23	11,79	11	3,53	37	3,81
Cabana de Bergantiños	3	9,38	17	8,72	7	2,24	12	1,24
Carballo	7	21,88	143	73,33	251	80,45	834	85,89
Coristanco	5	15,63	3	1,54	20	6,41	32	3,30
Laxe	0		1	0,51	0		20	2,06
Malpica de Bergantiños	12	37,50	4	2,05	15	4,81	26	2,68
Ponteceso	1	3,13	4	2,05	8	2,56	10	1,03
TOTAL COMARCA	**32**	**100,00**	**195**	**100,00**	**312**	**100,00**	**971**	**100,00**
TOTAL PROVINCIA	**338**		**3.112**		**5.814**		**23.331**	

Táboa 15: *Distribución das ofertas por concellos segundo os sectores económicos. Valores absolutos e relativos en relación co total da comarca.*

En todos os sectores é o concello de Carballo o que rexistra maior número de ofertas, excepto no sector primario, onde predomina Malpica de Bergantiños. Malia todo, temos que sinalar que as ofertas deste sector supoñen unha porcentaxe moi reducida en relación co número total de ofertas.

O sector servizos é ao mesmo tempo o que ten un maior número de ofertas e unha maior concentración delas no concello de Carballo. Esta concentración acada un valor porcentual de 85,89%. O sector da construción, segundo en peso numérico, concentra o 80,45% das ofertas en Carballo. Finalmente, o sector secundario presenta unha concentración menos pronunciada, equivalente ao 73,33%. Neste sector, os concellos da Laracha e Cabana de Bergantiños teñen porcentaxes de representación significativas; A Laracha representa o 11,79% das ofertas rexistradas no sector secundario e Cabana de Bergantiños o 8,72%.

O sector servizos predomina amplamente, concentrando o 64% do total de ofertas realizadas na comarca. En segundo lugar está o sector da construción, co 21%, seguido do secundario, co 13%. O sector primario ten unha representatividade moi reducida, pois só agrupa o 2%.



Gráfico 11: *Distribución porcentual das ofertas por sectores económicos.*

GRÁFICO 12: *Distribución porcentual das ofertas na industria.*



O 62% das ofertas da industria pertencen á actividade de téxtil e da confección, que predomina así amplamente sobre o resto de actividades. A moita distancia, co 16%, están as ofertas da metalurxia e fabricación de produtos de metal. O 22% restante repártese no resto de actividades.

GRÁFICO 13: *Distribución porcentual das ofertas nos servizos.*



Igual que sucede na industria, no sector servizos tamén se aprecia unha alta concentración das ofertas nunha das actividades. O 63% das ofertas deste sector son realizadas pola administración pública. En segundo lugar, cunha porcentaxe moito máis reducida, está a hostalería, que supón o 9%. Séguelle o comercio, co 6%. O 22% restante repártese nas demais actividades.

TÁBOA 16: *Evolución das ofertas por sectores económicos.*

	1999	2000	2001	2002	2003
Primario	6	10	15	15	32
Secundario	214	301	247	219	195
Construción	279	261	356	226	312
Servizos	617	429	442	531	971
Sen actividade	0	0	1	0	0
TOTAL COMARCA	**1.116**	**1.001**	**1.061**	**991**	**1.510**
TOTAL PROVINCIA	**29.835**	**37.922**	**30.755**	**30.380**	**32.600**

Todos os sectores incrementan o número de ofertas, excepto o secundario, que as diminúe, amosando unha variación media do -2,30%. Neste sector iníciase o período cun incremento elevado do 40,65% de variación interanual entre 1999 e 2000. Nos seguintes períodos a traxectoria é de regresión continuada, aínda que os valores negativos de variación interanual son cada vez máis baixos.

Por outra banda, o sector maioritario, o de servizos, ofrece unha variación media do 12%, observándose unha traxectoria totalmente oposta á experimentada polo sector secundario. Neste caso iníciase o período cun decrecemento do -30,47%, incrementándose de forma progresiva nos anos seguintes. Remata o período cunha variación interanual positiva do 82,86%.

Mentres que o sector da construción rexistra unha variación media do 2,83%, tras amosar unha tendencia irregular con altibaixos xeneralizados, no sector primario increméntanse considerablemente as ofertas, que pasan de 6 en 1999 a 32 en 2003.

5.3.3. Perfil básico das ofertas

O 11,19% das ofertas realizadas na comarca esixen un perfil de sexo determinado. Na ofertas da construción, das que se dispón de datos, o 22,55% solicitan homes á hora de contratar, mentres que a porcentaxe restante non o explicita. Por outra banda, dentro do sector servizos, tamén se observa que na hostalería se solicitan mulleres no 45,88% das ofertas realizadas.



Gráfico 14: *Ofertas por sexo segundo o sector económico da comarca.*

No 46,49% das ofertas realizadas esíxese algún tipo de titulación determinada. Neste apartado predominan as ofertas da administración pública, que solicitan un determinado nivel de estudos no 88,37% dos casos. Na administración predominan as ofertas dirixidas cara a persoas con certificado de escolaridade, seguidas das ofertas para persoas con titulación obrigatoria.



Gráfico 15: *Ofertas por nivel académico da comarca.*

5.3.4. Análise ocupacional das ofertas

Tábua 17.1: *Ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores.*

	1999	2000	2001	2002	2003
Albanel	6	18	119	51	66
Camareiro-Barman	4	20	33	46	56
Peón de albanel/Peón de obras públicas	2	6	44	12	28
Carpinteiro	0	0	10	14	25
Dependente	1	5	13	17	24
Instalador-reparador de liñas de media e baixa tensión	0	0	2	2	24
Encofrador	10	5	48	20	21
Cociñeiro / Grelleiro / Pizzeiro / Pranchista	3	9	12	20	19
Maquinista de confección (coser, bordar, bobinar, ganduxar)	0	13	24	36	17
Perruqueiro/a	0	4	17	7	16

Tres ocupacións do sector da construción están entre as máis ofertadas polos centros colaboradores. A ocupación máis ofertada é a de albanel, con 66 ofertas en 2003. Nesta ocupación apréciase un incremento importante, rexistrando unha variación media do 82,12%. A súa traxectoria é inestable; amosa un forte crecemento en 2001 e decrece ao ano seguinte, se ben ao final do período presenta unha lenta recuperación. Nas outras dúas ocupacións do sector da construción, peón de albanel e encofrador, obsérvase un crecemento importante en 2001, descendendo no seguinte e recuperándose en 2003, igual que lle sucede á anterior.

A segunda ocupación máis ofertada é a de camareiro, que rexistra 56 ofertas, cunha variación media do 93,43%, que denota un importante crecemento. A evolución das ofertas nesta ocupación é positiva, incrementándose de forma continuada todos os anos.

Táboa 17.2: *Ocupacións máis ofertadas nas oficinas de emprego.*

	1999	2000	2001	2002	2003
Mozo de recollida de lixo	10	15	0	5	407
Operario máquina industrial coser á plana	146	101	59	62	43
Traballador retén incendios forestais	7	48	0	26	37
Bañista-socorrista	48	16	11	26	31
Albanel	180	176	49	34	25
Técnico de protección civil	21	31	18	19	24
Peón da construción de edificios	96	26	54	33	20
Empregado administrativo	8	16	17	14	14
Mariñeiro de pesca	1	0	0	7	11
Condutor de camión	10	10	20	3	10

En 2003 predominan as ofertas realizadas para mozo de recollida de lixo, que chegan ata as 407, tras apenas rexistrar ofertas nos anos anteriores. Nun segundo lugar están as de operario de máquina industrial de coser á plana, onde se observa unha tendencia regresiva, perdendo en termos absolutos 103 ofertas respecto de 1999. Tamén cómpre sinalar que á ocupación de albanel lle sucede algo similar, pois tamén perde 155 ofertas en 2003 en relación coas de 1999.

5.4. CONTRATOS

5.4.1. Número de contratos no ámbito comarcal e municipal

TÁBOA 18: Número de contratos na comarca e nos concellos. Ano 2003.

	CONTRATOS 2003	
	N.º	%
CABANA DE BERGANTIÑOS	808	6,96
CARBALLO	6.951	59,88
CORISTANCO	735	6,33
A LARACHA	1.145	9,86
LAXE	358	3,08
MALPICA DE BERGANTIÑOS	775	6,68
PONTECESO	836	7,20
TOTAL COMARCA	**11.608**	**100,00**
TOTAL PROVINCIA	**310.890**	**3,73**

No ano 2003 o 3,73% dos contratos de traballo da provincia da Coruña realízanse na comarca de Bergantiños. Nesta comarca rexístranse un total de 11.608 contratos, dos cales a maior parte, o 59,88%, correspóndenlle ao concello de Carballo. A bastante distancia está o concello da Laracha co 9,86%, seguido de Ponteceso e Cabana, co 7,2% e 6,96% respectivamente.

TÁBOA 19: Evolución do número de contratos no ámbito comarcal. Variacións anuais. 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA %
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
CABANA DE BERGANTIÑOS	677	680	804	769	808	0,44	18,24	-4,35	5,07	4,52
CARBALLO	6.682	6.484	6.588	6.501	6.951	-2,96	1,60	-1,32	6,92	0,99
CORISTANCO	612	715	686	673	735	16,83	-4,06	-1,90	9,21	4,68
A LARACHA	801	938	884	1.144	1.145	17,10	-5,76	29,41	0,09	9,34
LAXE	228	269	254	265	358	17,98	-5,58	4,33	35,09	11,94
MALPICA DE BERGANTIÑOS	861	870	793	753	775	1,05	-8,85	-5,04	2,92	-2,60
PONTECESO	827	801	801	769	836	-3,14	0,00	-4,00	8,71	0,27
TOTAL COMARCA	**10.688**	**10.757**	**10.810**	**10.874**	**11.608**	**0,65**	**0,49**	**0,59**	**6,75**	**2,09**
TOTAL PROVINCIA	**268.271**	**281.551**	**280.779**	**292.423**	**310.890**	**4,95**	**-0,27**	**4,15**	**6,32**	**3,75**

A contratación na comarca increméntase no período de referencia, como se aprecia na variación media, que se sitúa no 2,09%, inferior ao crecemento experimentado pola provincia. A evolución da contratación caracterízase por presentar todos os anos valores de crecemento moi moderados, rematando en 2003 cun crecemento substancial (variación interanual de 6,75%).

O concello de Carballo incrementa lixeiramente a contratación, amosando unha variación media do 0,99%. Neste altérnanse valores de crecemento e regresión, rematando en 2003 cun crecemento do 6,92%, o máis elevado de todo o período.

No resto de concellos increméntase a contratación, excepto no de Malpica de Bergantiños, onde recolle unha variación media negativa do -2,60%. Neste caso prodúcese un descenso nos anos intermedios, recuperándose lentamente a contratación en 2003.

A Laracha, segundo concello en importancia numérica, é ao mesmo tempo o segundo concello que experimenta maior crecemento -9,34%-, despois de Laxe, que rexistra unha variación media do 11,94%. No concello da Laracha obsérvase un crecemento importante no ano 2000, producíndose no ano seguinte un descenso de -5,76%. No 2002 incrementa de novo en grande proporción a contratación, para pechar o período con tan só un contrato a maiores.

Para concluír, hai que dicir que mentres que en Ponteceso se mantén a contratación -variación media de 0,27%-, nos concellos de Cabana e Coristanco apréciase un crecemento do 4,52% e 4,68% respectivamente de variación media.

5.4.2. Contratación comarcal segundo o sexo e a idade

Táboa 20: Distribución da contratación comarcal segundo o sexo e a idade. Ano 2003.

	N.º CONTRATOS			% CONTRATOS		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Menos de 26 anos	1.768	1.957	3.725	15,23	16,86	32,09
De 26 a 35 anos	1.351	2.063	3.414	11,64	17,77	29,41
De 36 a 45 anos	1.026	1.655	2.681	8,84	14,26	23,10
De 46 a 55 anos	631	768	1.399	5,44	6,62	12,05
De 56 e máis anos	210	179	389	1,81	1,54	3,35
TOTAL COMARCA	**4.986**	**6.622**	**11.608**	**42,95**	**57,05**	**100,00**
TOTAL PROVINCIAL	**166.028**	**144.862**	**310.890**	**53,40**	**46,60**	**100,00**

A diferenza do que sucede na provincia, en Bergantiños predomina a contratación feminina, que supón o 57,05% do total, superando a porcentaxe provincial nun 10,45%. Conxuntamente apréciase unha forte concentración da contratación ata os 35 anos, tramos nos que se rexistran o 61,5% dos contratos. Nos tramos seguintes decrece o número de contratos a medida que se incrementa a idade, facéndoo de forma máis intensa a partir dos 45 anos.

Obsérvase unha concentración importante de contratos a mulleres nos intervalos de ata os 35 anos, que asinan o 34,63% dos contratos. Se a estes lle sumamos os contratos a mulleres do tramo seguinte, concéntrase case a metade do total, o 48,89%. Nos homes tamén se concentra a meirande parte dos contratos nos tramos de ata os 35 anos, supoñendo o 26,87%. En todos os intervalos as mulleres superan aos homes, salvo a partir dos 55 anos.

Táboa 21: Evolución do número de contratos da comarca segundo o sexo. Período 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Homes	4.837	4.909	4.648	4.751	4.986	1,49	-5,32	2,22	4,95	0,76
Mulleres	5.851	5.848	6.162	6.123	6.622	-0,05	5,37	-0,63	8,15	3,14
TOTAL CONTRATOS	**10.688**	**10.757**	**10.810**	**10.874**	**11.608**	**0,65**	**0,49**	**0,59**	**6,75**	**2,09**

A contratación masculina sofre un estancamento no período de referencia, acadando unha variación media de 0,76%. A evolución neste colectivo caracterízase por presentar incrementos moderados en todos os anos, agás no ano 2001, onde se percibe unha regresión de -5,32%. Remata o período co incremento máis forte de todos os anos (variación interanual de 4,95% para o período 2002-2003).

Unha variación media de 3,14% denota un incremento contractual moderado na contratación feminina. A evolución neste caso vén marcada polas alteracións no crecemento, rexistrando consecutivamente descensos e incrementos, ano tras ano. Con todo, as regresións que presenta son moi moderadas, producíndose uns incrementos considerables, sobre todo en 2002-2003, cando se rexistra unha variación interanual do 8,15%.

Todos os anos se aprecia a superioridade da contratación feminina sobre a masculina, observándose a diferenza máis significativa en 2003, onde a contratación de mulleres é superior á de homes en 14,1 puntos porcentuais. Por outra banda, a distancia vai incrementándose. En efecto, se en 1999 os contratos a mulleres representaban 9,48 puntos máis que os realizados a homes, no final do período a diferenza ascende a 14,1 puntos porcentuais.



Gráfico 16: *Evolución da distribución da contratación comarcal segundo o sexo. Período 1999-2003. Valores proporcionais.*

Táboa 22: *Evolución do número de contratos da comarca segundo a idade. Período 1999-2003.*

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Menor de 26 anos	3.754	3.801	3.750	3.533	3.725	1,25	-1,34	-5,79	5,43	-0,19
De 26 a 35 anos	3.218	3.148	3.309	3.457	3.414	-2,18	5,11	4,47	-1,24	1,49
De 36 a 45 anos	2.232	2.285	2.286	2.384	2.681	2,37	0,04	4,29	12,46	4,69
De 46 a 55 anos	1.159	1.177	1.136	1.186	1.399	1,55	-3,48	4,40	17,96	4,82
De 56 e máis anos	325	346	329	314	389	6,46	-4,91	-4,56	23,89	4,60
TOTAL CONTRATOS	**10.688**	**10.757**	**10.810**	**10.874**	**11.608**	**0,65**	**0,49**	**0,59**	**6,75**	**2,09**

A partir dos 26 anos, increméntase a contratación no resto de segmentos de idade, sendo similar o nivel de crecemento a partir dos 36 anos. Pola contra, nos menores de 26 anos diminúe nun -0,19% a contratación, supoñendo en termos absolutos un descenso de 29 contratos.

O grupo que presenta maior crecemento é o de 46 a 55 anos, que obtén unha variación media de 4,82%. A evolución deste amosa incrementos en case todos os anos, rexistrándose o máis elevado en 2002-2003, onde acada unha variación interanual do 17,96%; pola contra, apréciase unha regresión de -3,48% no período 2000-2001.

En todos os tramos, excepto no de 26 a 35 anos, o incremento contractual máis elevado aparece no 2003, rexistrándose as variacións interanuais máis elevadas a partir dos 36 anos.

5.4.3. Contratación comarcal segundo os sectores económicos

Táboa 23: *Distribución da contratación por sectores/subsectores económicos.*

	CONTRATOS 2003	
	N.º	%
SECTOR PRIMARIO	**192**	**1,65**
Agricultura e pesca	192	1,65
SECTOR SECUNDARIO	**5.381**	**46,36**
Industria	5.326	45,88
Electricidade	55	0,47
SECTOR CONSTRUCIÓN	**2.495**	**21,49**
Construción	2.495	21,49
SECTOR SERVIZOS	**3.540**	**30,50**
Comercio e hostalería	1.428	12,30
Transporte e comunicacións	331	2,85
Outros servizos	1.781	15,34
TOTAL CONTRATOS	**11.608**	**100,00**

O sector secundario é o que presenta maior contratación na comarca no 2003, albergando o 46,36% dos contratos.

Aproximadamente a terceira parte dos contratos, o 30,5%, realízanse no sector servizos, correspondéndolle a metade aos realizados no subsector de outros servizos. Séguelle o subsector de comercio e hostalería, co 12,3%, mentres que o de transporte só supón o 2,85%.

O terceiro sector en importancia cuantitativa é o da construción, co 21,49%. Pecha a distribución o sector primario cunha ínfima porcentaxe do 1,65%.

Gráfico 17: *Distribución porcentual da contratación na Industria.*



As tres cuartas partes da contratación da industria concéntranse en torno ás actividades de téxtil e confección. En segundo lugar, co 16%, está a alimentación. Pódese apreciar que a contratación na industria se concentra fortemente en só dúas actividades, que supoñen o 91% dos contratos.

Gráfico 18: *Distribución porcentual da contratación nos servizos.*



No sector servizos predomina o comercio, que agrupa o 22% dos contratos, situándose en segundo lugar, con porcentaxes similares, os servizos á comunidade, as administracións públicas e a hostalería, co 18%, 17% e 16% respectivamente. O 27% restante repártese nas demais actividades, predominando as inmobiliarias (10%) e as de transporte (9%).

Táboa 24: *Distribución porcentual da contratación comarcal segundo sectores/subsectores económicos por sexo e idade. Ano 2003.*

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e mais
SECTOR PRIMARIO	**1,46**	**0,19**	**0,48**	**0,41**	**0,42**	**0,26**	**0,08**
Agricultura e pesca	1,46	0,19	0,48	0,41	0,42	0,26	0,08
SECTOR SECUNDARIO	**5,92**	**40,44**	**12,41**	**14,23**	**12,34**	**6,01**	**1,35**
Industria	5,65	40,23	12,21	14,13	12,28	5,94	1,34
Electricidade	0,27	0,21	0,21	0,10	0,07	0,08	0,02
SECTOR CONSTRUCIÓN	**20,98**	**0,52**	**7,92**	**5,63**	**4,38**	**2,81**	**0,76**
Construción	20,98	0,52	7,92	5,63	4,38	2,81	0,76
SECTOR SERVIZOS	**14,59**	**15,90**	**11,28**	**9,14**	**5,94**	**2,97**	**1,16**
Comercio e hostalería	4,12	8,18	5,73	3,53	1,92	0,77	0,35
Transporte e comunicacións	2,41	0,44	0,46	1,10	0,71	0,37	0,22
Outros servizos	8,06	7,28	5,09	4,51	3,32	1,83	0,59
TOTAL CONTRATOS	**42,95**	**57,05**	**32,09**	**29,41**	**23,10**	**12,05**	**3,35**

A contratación a mulleres predomina no sector secundario e de servizos, facéndoo no primeiro caso de forma case absoluta, xa que a contratación feminina neste sector representa o 40,44% da contratación, fronte á masculina, que supón o 5,92%. No sector servizos a distribución entre xéneros é bastante similar: 14,59% para a contratación masculina e 15,90% para a feminina. No sector servizos a porcentaxe de contratos femininos do comercio e hostalería dobra á masculina, predominando os homes no resto de subsectores. Pola contra, no sector da construción a contratación é case totalmente masculina.

Nunha aproximación por intervalos de idade, destaca a concentración de contratos no sector secundario a menores de 46 anos, cun 38,98% da contratación. En todos os sectores se aprecia unha concentración elevada nos tramos de menor idade. No sector servizos tamén se observa unha concentración importante ata os 35 anos (supón o 20,42% do total). No sector da construción, o número de contratos a menores de 36 anos ascende ao 13,55% do total de contratos.

TÁBOA 25: Evolución da contratación comarcal segundo os sectores e subsectores económicos. Período 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
SECTOR PRIMARIO	**308**	**241**	**123**	**243**	**192**	**-21,75**	**-48,96**	**97,56**	**-20,99**	**-11,14**
Agricultura e pesca	308	241	123	243	192	-21,75	-48,96	97,56	-20,99	-11,14
SECTOR SECUNDARIO	**4.245**	**5.087**	**5.217**	**4.954**	**5.381**	**19,84**	**2,56**	**-5,04**	**8,62**	**6,11**
Industria	4.184	5.048	5.177	4.907	5.326	20,65	2,56	-5,22	8,54	6,22
Electricidade	61	39	40	47	55	-36,07	2,56	17,50	17,02	-2,56
S. CONSTRUCIÓN	**2.077**	**2.249**	**2.361**	**2.462**	**2.495**	**8,28**	**4,98**	**4,28**	**1,34**	**4,69**
Construción	2.077	2.249	2.361	2.462	2.495	8,28	4,98	4,28	1,34	4,69
SECTOR SERVIZOS	**4.058**	**3.180**	**3.109**	**3.211**	**3.540**	**-21,64**	**-2,23**	**3,28**	**10,25**	**-3,36**
Comercio e hostalería	1.417	1.481	1.585	1.582	1.428	4,52	7,02	-0,19	-9,73	0,19
Transporte e comunicacións	199	207	207	260	331	4,02	0,00	25,60	27,31	13,56
Outros servizos	2.442	1.492	1.317	1.369	1.781	-38,90	-11,73	3,95	30,09	-7,59
TOTAL CONTRATOS	**10.688**	**10.757**	**10.810**	**10.874**	**11.608**	**0,65**	**0,49**	**0,59**	**6,75**	**2,09**

Mentres que os sectores secundario e da construción incrementan a contratación, no sector primario e de servizos decrece, facéndoo de forma máis acusada no primario, que presenta unha variación media negativa de -11,14%. Este sector presenta constantes reducións, amosando un crecemento importante en 2002 (variación interanual de 97,56%).

O sector secundario incrementa a contratación nun 6,11%, tras rexistrar incrementos contractuais todos os anos agás no 2002, como se percibe na variación interanual dese ano, que se sitúa no -5,04%. Este sector incrementa substancialmente a contratación no 2000 -variación interanual de 19,84%-, facéndoo en menor medida no seguinte e pechando cun incremento tamén importante en 2003 (8,62%).

No sector da construción a variación media é do 4,69%. A súa evolución amosa un incremento continuado, se ben cada período presenta unha variación interanual máis reducida.

A variación media negativa de -3,36% denota o decrecemento contractual que se está a producir no sector servizos. Ata o ano 2001 decrece a contratación neste sector, facéndoo de forma máis acusada no ano 2000, pero a partir do ano 2002 increméntase, facéndoo de maneira importante en 2003, onde acada unha variación interanual do 10,25%.

Neste sector, mentres que o subsector de comercio e hostalería mantén o mesmo volume, o de transporte aumenta de forma notable. No subsector de outros servizos rexístrase unha tendencia oposta, decrecendo cunha media de -7,59%. Tras reducir considerablemente a contratación nos primeiros anos, recupérase en 2002 e pecha o período cun incremento importante do 30,09%, que supón en termos absolutos un crecemento de 412 contratos.

5.4.4. Tipoloxía da contratación laboral

GRÁFICO 19: *Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contratos. Ano 2003.*



Case tres cuartas partes dos contratos realizados en Bergantiños en 2003 son temporais a tempo completo. En segundo lugar está a mesma fórmula, pero a tempo parcial, que supón o 14%. Ante este feito, cómpre destacar o forte predominio da contratación temporal nesta comarca, que concentra o 88% do total de contratos realizados.

TÁBOA 26: *Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contrato por sexo e idade. Ano 2003.*

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
Indefinido	1,40	0,66	0,48	0,75	0,39	0,33	0,12
Indefinido tempo parcial	0,29	0,47	0,29	0,26	0,13	0,05	0,03
Temporal	31,50	43,04	21,67	22,94	18,03	9,42	2,49
Temporal tempo parcial	2,98	11,04	4,52	4,19	3,59	1,27	0,45
Prácticas/Formación	3,37	1,59	4,73	0,21	0,02	0,00	0,00
Outros	3,40	0,25	0,40	1,07	0,94	0,99	0,26
TOTAL CONTRATOS	**42,95**	**57,05**	**32,09**	**29,41**	**23,10**	**12,05**	**3,35**

Nas dúas modalidades de contratación temporal predominan as mulleres, en maior medida no caso da contratación a tempo parcial. O 43,04% da contratación é feminina e temporal; nos homes esta mesma supón o 31,50%. No caso da temporal a tempo parcial, a porcentaxe de contratos a mulleres, 11,04%, supera con moita diferenza á dos homes, 2,98%. O resto de fórmulas son residuais, destacando os homes en todas menos na indefinida a tempo parcial.

A concentración máis importante da contratación dáse ata os 45 anos na fórmula temporal, que agrupa o 62,64%. O mesmo tramo, pero na temporal a tempo parcial, supón o 12,3%.

TÁBOA 27: *Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contrato por sectores económicos. Ano 2003.*

	PRIMARIO	SECUNDARIO			CONSTRUCIÓN	SERVIZOS			
	Agr.,Gand.	Industr.	Electric.	Total	Construc.	Comerc.	Transp.	Outros	Total
Indefinido	0,54	0,23	0,00	0,23	0,30	0,61	0,11	0,27	0,99
Indefinido tempo parcial	0,00	0,06	0,00	0,06	0,03	0,37	0,09	0,22	0,68
Temporal	1,03	39,33	0,30	39,64	17,70	6,15	2,13	7,90	16,18
Temporal tempo parcial	0,04	5,21	0,17	5,38	0,52	3,92	0,47	3,69	8,07
Prácticas/Formación	0,04	1,04	0,00	1,04	1,77	1,21	0,05	0,84	2,10
Outros	0,00	0,00	0,00	0,00	1,18	0,04	0,00	2,43	2,47
TOTAL CONTRATOS	**1,65**	**45,88**	**0,47**	**46,36**	**21,49**	**12,30**	**2,85**	**15,34**	**30,50**

A industria agrupa a maior porcentaxe de contratos; supón o 39,33% da contratación temporal a tempo completo e o 5,21% da realizada a tempo parcial. No sector da construción a contratación temporal a tempo completo representa o 17,7%; en segundo lugar están os contratos de prácticas e formación, co 1,77%. No sector servizos dáse unha casuística similar, predominando a contratación temporal nas súas dúas modalidades en todos os subsectores.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Indefinido	638	610	579	541	240	-4,39	-5,08	-6,56	-55,64	-21,68
Indefinido tempo parcial	70	67	84	100	89	-4,29	25,37	19,05	-11,00	6,19
Temporal	7.817	7.701	7.755	7.739	8.653	-1,48	0,70	-0,21	11,81	2,57
Temporal tempo parcial	1.208	1.311	1.406	1.528	1.627	8,53	7,25	8,68	6,48	7,73
Prácticas/Formación	634	667	560	571	575	5,21	-16,04	1,96	0,70	-2,41
Outros	321	401	426	395	424	24,92	6,23	-7,28	7,34	7,21
TOTAL CONTRATOS	**10.688**	**10.757**	**10.810**	**10.874**	**11.608**	**0,65**	**0,49**	**0,59**	**6,75**	**2,09**

TÁBOA 28: *Evolución da contratación comarcal segundo a tipoloxía de contratos. Período 1999-2003.*

A contratación temporal increméntase en ambas as dúas modalidades, en menor medida na realizada a tempo completo. Pola contra, a contratación indefinida a tempo completo sofre un forte retroceso, o -21,68% de variación media. A contratación en prácticas e formación é a outra fórmula que perde contratos.

A contratación temporal a tempo completo amosa, nos primeiros anos, unha tendencia inestable con crecementos e reducións moderados, pechando o período cun crecemento considerable do 11,81%. Remata cunha variación media do 2,57%. A contratación temporal a tempo parcial é a que máis medra, rexistrando unha variación media de 7,73%. Neste caso aprécianse todos os anos crecementos que superan o 6,48% experimentado en 2003.

5.4.5. Grandes grupos de ocupación na contratación laboral

	CONTRATOS	
	Nº	%
1. Dirección de empresas e administracións públicas	**4**	**0,03**
HOMES	4	0,03
MULLERES	0	0,00
2. Técnicos profesionais, científicos e intelectuais	**431**	**3,71**
HOMES	316	2,72
MULLERES	115	0,99
3. Técnicos e profesionais de apoio	**237**	**2,04**
HOMES	119	1,03
MULLERES	118	1,02
4. Empregados de tipo administrativo	**363**	**3,13**
HOMES	88	0,76
MULLERES	275	2,37
5. Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio	**1.199**	**10,33**
HOMES	356	3,07
MULLERES	843	7,26
6. Traballadores cualificados na agricultura e pesca	**172**	**1,48**
HOMES	156	1,34
MULLERES	16	0,14
7. Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería	**3.035**	**26,15**
HOMES	2.354	20,28
MULLERES	681	5,87
8. Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	**4.193**	**36,12**
HOMES	569	4,90
MULLERES	3.624	31,22
9. Traballadores non cualificados	**1.974**	**17,01**
HOMES	1.024	8,82
MULLERES	950	8,18
TOTAL CONTRATOS	**11.608**	**100,00**
TOTAL HOMES	**4.986**	**42,95**
TOTAL MULLERES	**6.622**	**57,05**

TÁBOA 29: *Distribución da contratación por grandes grupos de ocupación segundo o sexo. Ano 2003.*

Na comarca de Bergantiños preséntase unha concentración da contratación bastante importante en catro dos grupos sinalados na táboa:

- Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores; 36,12% da contratación.
- Artesáns/traballadores cualificados da industria manufactureira, construción e minería; 26,15%.
- Traballadores non cualificados; 17,01%.
- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio; 10,33%.

Só nos dous primeiros grupos xa se realizan máis da metade dos contratos, supoñendo entre os catro grupos o 89,61%.

Se atendemos á diferenciación da contratación por xénero, obtense a seguinte distribución:

Grupos de ocupación cunha maior contratación masculina	Grupos de ocupación cunha maior contratación feminina
• Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería; 20,28%. • Traballadores non cualificados; 8,82%. • Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores; 4,9%. • Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio; 3,07%.	• Operadoras de instalacións e maquinaria, e montadoras; 31,22%. • Traballadoras non cualificadas; 8,18%. • Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio; 7,26% • Artesás/traballadors cualificadas industria manufactureira, construción e minería; 5,87%.

Dos nove grupos de contratación, predomina a contratación masculina en seis deles, a diferenza das mulleres, que predominan só en tres, se ben o fan en dous dos máis numerosos, no de operadoras de instalacións e maquinaria e no de traballadoras de servizos de restauración. Tamén predominan no grupo de empregadas de tipo administrativo. Por outra banda, cómpre dicir que no grupo de traballadoras non cualificadas rexistran unha porcentaxe lixeiramente inferior á dos homes.

Entre 1999 e 2003, obsérvase como seis dos nove grupos incrementan a contratación, mentres que esta descende nos tres restantes. Xa que logo, os grupos que presentan maior crecemento son:

- Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería, cunha variación media do 8,27%.
- Técnicos profesionais, científicos e intelectuais; variación media do 8,07%.
- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio; 7,80%.

O grupo que presenta maior decrecemento contractual é o de dirección de empresas e administracións públicas, que presenta unha variación media de -26,89%, malia que non ten apenas contratación, xa que tan só supón o 0,03% do total. Os outros dous grupos onde se produce un decrecemento son o de traballadores cualificados na agricultura e pesca, variación media de -7,11%, e traballadores non cualificados, -6,05%.

Se a maiores da evolución temos en conta a diferenciación por xéneros, os grupos de contratación que presentan maior crecemento para os homes son os de:

- Técnicos profesionais, científicos e intelectuais; variación media do 8,38%.
- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio; 6,47%.

E o crecemento da contratación feminina en termos relativos é maior en:

- Traballadores cualificados na agricultura e pesca: variación media do 41,42%.
- Artesáns/traballadores cualificados da industria manufactureira, construción e minería; 36,53%.
- Técnicos e profesionais de apoio; 15,20%.

Pola contra, atendendo de novo á evolución dos grupos por xénero, para o caso dos homes, os grupos que presentan as maiores regresións son os de:

- Traballadores cualificados na agricultura e pesca; variación media de -8,95%.
- Técnicos e profesionais de apoio; -8,26%.

Para concluír, cómpre sinalar que só un dos grupos de maior contratación de mulleres amosa unha variación media negativa, que denota a regresión contractual no período de referencia. Este grupo é o de traballadores non cualificados, que ofrece unha variación media de -7,67%.

5.4.6. Ocupacións máis contratadas

Táboa 30: *As dez ocupacións máis contratadas na comarca. Ano 2003.*

		TOTAL		HOMES		MULLERES		RATIO
CNO	OCUPACIÓNS	N.º	%	N.º	%	N.º	%	MASCUL.[1]
83630022	Operario máquina industrial coser á plana, excepto pel e calzado	3.226	27,79	32	0,64	3.194	48,23	0,99
71100016	Albanel	877	7,56	857	17,19	20	0,30	97,72
97000020	Peón da industria alimentación, bebidas e tabaco	565	4,87	63	1,26	502	7,58	11,15
79330033	Modista/o	449	3,87	3	0,06	446	6,74	0,67
96020014	Peón da construción de edificios	440	3,79	420	8,42	20	0,30	95,45
50200018	Camareiro	376	3,24	98	1,97	278	4,20	26,06
86300016	Condutor de camión	290	2,50	285	5,72	5	0,08	98,28
25130104	Músico instrumentista	276	2,38	252	5,05	24	0,36	91,30
53300010	Dependente de comercio	272	2,34	52	1,04	220	3,32	19,12
42100010	Empregado administrativo	211	1,82	46	0,92	165	2,49	21,80
	TOTAL	**6.982**	**60,15**	**2.108**	**42,28**	**4.874**	**73,60**	**30,19**

(1) Ratio de Masculinidade = (N.º de contratos realizados a homes/ N.º total de contratos) x 100

O 60,15% da contratación da comarca concéntrase nas ocupacións sinaladas na táboa anterior. Nelas, predomina amplamente a contratación feminina. Nun primeiro lugar está a ocupación de operario de máquina industrial de coser á plana, que con moita diferenza é a ocupación máis contratada en 2003, supoñendo o 27,79%. En segundo lugar está a de albanel co 7,56%, seguido da de peón da industria alimentación, bebidas e tabaco, e modista.

Na distribución anterior apréciase como os homes predominan de forma case absoluta en catro das dez ocupacións. Estas ocupacións son as de:

- Condutor de camión; ratio de masculinidade do 98,28%.
- Albanel; 97,72%.
- Peón da construción de edificios; 95,45%.
- Músico instrumentista; 91,3%.

Pola contra a contratación de mulleres é practicamente total no caso de operaria de máquina industrial de coser á plana e na de modista. No resto de ocupacións o predominio da contratación de mulleres é bastante elevado, observándose un alto grao de feminización, sobre todo na ocupación de peón da industria da alimentación, bebidas e tabaco.

Táboa 31: *Evolución das dez ocupacións máis contratadas entre 1999 e 2003.*

CNO	OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS	1999	2000	2001	2002	2003
83630022	**Operario máquina industrial coser á plana, excepto pel e calzado**	**3.332**	**3.742**	**3.873**	**2.554**	**3.226**
71100016	**Albanel**	**979**	**962**	**938**	**919**	**877**
97000020	**Peón da industria alimentación, bebidas e tabaco**	**1.113**	**723**	**456**	**416**	**565**
79330033	**Modista/o**	0	1	2	106	**449**
96020014	**Peón da construción de edificios**	**448**	**392**	**522**	**517**	**440**
50200018	**Camareiro**	**299**	**292**	**352**	**382**	**376**
86300016	**Condutor de camión**	**219**	**186**	**243**	**277**	**290**
25130104	**Músico instrumentista**	**191**	**243**	**231**	**221**	**276**
53300010	**Dependente de comercio**	**237**	**226**	**250**	**367**	**272**
42100010	**Empregado administrativo**	189	**192**	**194**	175	**211**
83630013	OPER. MÁQUINA IND. COSER E BORDAR	0	3	6	**1.025**	208
83640203	OP./MOS. PRANCHADORAS DE CONFECIÓN IND.	61	72	192	**235**	208
91210016	MULLER/MOZO LIMPEZA, LIMPADOR EN XERAL	**193**	131	172	160	180
97000011	PEÓN DA IND. MANUFACTUREIRA, EN XERAL	**195**	146	147	177	175
78010194	LIMPADOR-PREPARADOR PEIXE PARA CONSERVA	172	**198**	**229**	13	2
83640203	OP./MOS. PRANCHADORAS DE CONFECIÓN IND.	61	72	192	**235**	208

De todas as ocupacións da táboa, oito delas sitúanse todos os anos entre os primeiros postos. Cómpre sinalar o caso de modista, que inicia a súa traxectoria lentamente, para acadar o cuarto posto en 2003, con 449 contratos. No polo oposto está a ocupación de operario de máquina de coser e bordar, que tras situarse en segundo lugar en 2002, descende nun -79,71%, desaparecendo das dez ocupacións máis contratadas. Por outra banda, a de empregado administrativo aparece e desaparece, manténdose no último posto da lista en 2003.

A ocupación de maior contratación, operario de máquina industrial de coser á plana, amosa unha evolución caracterizada por incrementar o seu número de contratos ata 2002, onde descende de forma drástica, recollendo unha variación interanual de -34,06%. No 2003, recupérase de novo, incrementando a contratación nun 26,31%, o cal fai que presente un saldo lixeiramente negativo de variación media (-0,8%).

Mentres que as ocupacións de albanel, peón da industria da alimentación e peón da construción de edificios perden contratos, todas as demais ocupacións das dez máis contratadas en 2003 presentan un incremento.



Comarca de Betanzos

5.1. TECIDO EMPRESARIAL

5.1.1. Tecido empresarial comarcal. Situación actual

A comarca de Betanzos caracterízase pola concentración de empresas no sector servizos, onde se agrupan o 68,19% delas. A continuación, o sector da construción agrupa o 17,54% e o sector secundario o 12,81%. Facendo unha análise máis pormenorizada dos subsectores, é destacable que o 36,70% das empresas se engloben no subsector de comercio e hostalería, e o 27,24% no de outros servizos.

O maior continxente de traballadores corresponde tamén ao sector servizos, que ocupa o 55,56% destes. A considerable distancia sitúase o sector primario, co 20,97% dos traballadores, e o sector secundario, co 14,57%. No que respecta aos subsectores, os maiores volumes porcentuais de traballadores corresponden ao de comercio e hostalería (36,63%).

Por último, se atendemos ao número de autónomos, cómpre sinalar que algo máis de sete de cada dez inscríbense no sector servizos. Séguenlle en importancia o sector da construción -17%- e o sector secundario, co 10,06%. Os subsector máis representativo neste caso volve a ser o de comercio e hostalería, que acolle o 47,63% dos traballadores autónomos.

5.1.2. Evolución anual

Táboa 1: *Evolución do número de empresas. Período 1999-2003.*

	EMPRESAS				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	**75**	**84**	**94**	**69**	**18**
Agricultura e pesca	75	84	94	69	18
SECTOR SECUNDARIO	**170**	**158**	**168**	**160**	**157**
Industria	167	155	164	156	153
Electricidade	3	3	4	4	4
SECTOR CONSTRUCIÓN	**206**	**213**	**211**	**213**	**215**
Construción	206	213	211	213	215
SECTOR SERVIZOS	**758**	**727**	**782**	**812**	**836**
Comercio e hostalería	404	396	431	428	450
Transporte e comunicacións	50	45	47	52	52
Outros servizos	304	286	304	332	334
TOTAL	**1.209**	**1.182**	**1.255**	**1.254**	**1.226**

GRÁFICO 1: Variacións interanuais do número de empresas por sector económico. Período 1999-2003.



O sector primario é o que rexistra un maior descenso no número de empresas neste período comprendido entre os anos 1999 e 2003, acadando unha variación media do -30,01%. Nos dous primeiros anos do quinquenio, este sector incrementa as súas empresas, para pasar a sufrir unha forte redución nos anos seguintes, a partir do 2001. No sector secundario tamén se rexistra un decrecemento, aínda que moito máis leve que no caso anterior, cunha variación media do -1,97%, obtida tras un descenso continuo ao longo destes cinco anos, agás no intervalo 2000-2001, en que crece o número de empresas.

No sector da construción o número de empresas increméntase lixeiramente, obtendo unha variación media do 1,07%, sen manifestar oscilacións importantes ao longo destes cinco anos. No sector servizos dáse unha diminución no primeiro intervalo do período, aumentando nos anos restantes, e logrando unha variación media do 2,48%. Dentro deste sector, os subsectores de comercio e hostalería e outros servizos acadan variacións medias semellantes ás do conxunto, mentres que no de transporte e comunicacións o crecemento é menor, amosando certa tendencia á estabilidade, cunha variación media do 0,99%.

Toda esta situación tradúcese nun leve incremento do número de empresas da comarca, computadas de forma global. En efecto, a variación media é do 0,35%, o que indica un certo estancamento.

TÁBOA 2: Evolución do número de traballadores. Período 1999-2003.

	TRABALLADORES				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	**1.605**	**1.814**	**1.900**	**1.905**	**1.872**
Agricultura e pesca	1.605	1.814	1.900	1.905	1.872
SECTOR SECUNDARIO	**1.481**	**1.437**	**1.495**	**1.398**	**1.300**
Industria	1.456	1.407	1.426	1.291	1.198
Electricidade	25	30	69	107	102
SECTOR CONSTRUCIÓN	**751**	**772**	**746**	**731**	**794**
Construción	751	772	746	731	794
SECTOR SERVIZOS	**4.082**	**4.258**	**4.608**	**4.790**	**4.959**
Comercio e hostalería	2.917	3.040	3.192	3.254	3.269
Transporte e comunicacións	239	257	249	274	272
Outros servizos	926	961	1.167	1.262	1.418
TOTAL	**7.919**	**8.281**	**8.749**	**8.824**	**8.925**

GRÁFICO 2: Variacións interanuais do número de traballadores por sector económico. Período 1999-2003.



O único sector no que se reduce o número de traballadores entre os anos 1999 e 2003 é o secundario, que acada unha variación media negativa do -3,21%, derivada dun descenso continuado en todo o período, agás no intervalo 2000-2001, no que rexistra unha leve subida.

A tendencia nos sectores restantes é de incremento do número de traballadores; é no sector servizos onde este crecemento é maior, cunha variación media do 4,99%, e un crecemento constante durante estes cinco anos. A variación interanual máis elevada preséntaa entre os anos 2000 e 2001, cunha variación interanual do 8,22%. Dentro deste sector, o subsector de outros servizos medra en maior medida que os demais, cunha variación media do 11,24%. Os subsectores de comercio e hostalería e transporte e comunicacións obteñen variacións medias máis próximas á do sector, do 2,89% e do 3,29% respectivamente. Cómpre sinalar que este último subsector é o único do sector servizos que rexistra caídas no número de traballadores, en concreto nos intervalos 2000-2001 e 2002-2003.

Por último, nos sectores primario e da construción rexístranse crecementos algo máis leves que no anterior, con variacións medias de 3,92% no primeiro e 1,4% no segundo. Ambos os sectores sofren reducións ao longo do período, nos intervalos intermedios o da construción e no último intervalo o primario. No sector primario tamén é preciso resaltar a forte subida manifestada ao inicio do quinquenio, cunha variación interanual de 13,02%.

De forma conxunta, o número de traballadores da comarca de Betanzos medra no período 1999-2003, presentando unha variación media do 3,03% e un crecemento continuo en todos os anos.

Táboa 3: *Evolución do número de autónomos. Período 1999-2003.*

	AUTÓNOMOS				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	**24**	**27**	**36**	**40**	**40**
Agricultura e pesca	24	27	36	40	40
SECTOR SECUNDARIO	**156**	**180**	**185**	**202**	**206**
Industria	0	0	0	0	0
Electricidade	156	180	185	202	206
SECTOR CONSTRUCIÓN	**270**	**312**	**322**	**330**	**348**
Construción	270	312	322	330	348
SECTOR SERVIZOS	**1.088**	**1.237**	**1.334**	**1.372**	**1.453**
Comercio e hostalería	754	854	920	925	975
Transporte e comunicacións	120	130	136	141	139
Outros servizos	214	253	278	306	339
TOTAL	**1.538**	**1.756**	**1.877**	**1.944**	**2.047**

Así mesmo, o número de autónomos incrementouse nestes cinco anos na comarca, cunha evolución positiva en todos os intervalos temporais e unha variación media final do 7,41%.

Cabe destacar, en primeiro lugar, que todos os sectores económicos experimentan un comportamento positivo, así como que tamén en todos eles, agás no primario, o seu maior crecemento dáse entre os anos 1999 e 2000. No sector primario, pola súa banda, a variación interanual máis elevada prodúcese no intervalo 2000-2001, onde acada o 33,33%. Este sector, a pesar de que é o que menos aumenta en números absolutos, é o que obtén unha variación media maior, ascendendo ao 13,62%.



Gráfico 3: *Variacións interanuais do número de autónomos por sector económico. Período 1999-2003.*

Os sectores restantes, á parte da forte subida xa comentada no intervalo inicial do período, seguen un crecemento constante, sen presentar máis oscilacións significativas. As variacións medias rexistradas son do 7,2% no sector secundario, do 6,55% no da construción e do 7,5% no dos servizos. Neste último sector, é necesario destacar a progresión dos diferentes subsectores que o compoñen. Deste xeito, o de comercio e hostalería segue unha evolución parella ao sector servizos, mentres que o de outros servizos se incrementa por enriba do conxunto, tanto ano a ano como na variación media final; o de transporte e comunicacións presenta o único descenso no número de autónomos rexistrado en todos os subsectores produtivos da comarca, que se dá no intervalo 2002-2003, acadando tamén unha variación media inferior á do conxunto do sector, do 3,74%.

5.2. DEMANDAS

5.2.1. Demandantes por concello

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Aranga	71	23	94
Betanzos	698	308	1.006
Cesuras	91	28	119
Coirós	68	24	92
Curtis	158	50	208
Irixoa	66	13	79
Miño	263	97	360
Oza dos Ríos	149	41	190
Paderne	120	43	163
Vilarmaior	53	20	73
Vilasantar	47	22	69
TOTAL	**1.784**	**669**	**2.453**

Táboa 4: *Distribución dos demandantes segundo os concellos da comarca.*

% comarca/provincia - PARADOS	**2,70**
% comarca/provincia - NON PARADOS	**2,20**

Das 2.453 demandas recibidas na comarca de Betanzos no ano 2003, o 72,73% foron realizadas por parados. Os demandantes parados superan aos non parados en todos os concellos.

En relación coa provincia da Coruña, a comarca amosa un peso relativo lixeiramente superior dos demandantes parados sobre os non parados. Efectivamente, os parados da comarca supoñen o 2,7% dos da provincia, sendo o valor para o caso dos non parados de 2,2%.



Gráfico 4: *Distribución dos demandantes da comarca por concello.*

No que se refire á distribución das demandas dentro da comarca, o 41,01% realízanse no concello de Betanzos, seguido a considerable distancia polo de Miño, co 14,67%, e polo de Curtis, co 8,48% do total. O 35,84% restante repártese entre os outros nove concellos, encabezados polo de Oza dos Ríos, que representa o 7,75%.

5.2.2. Evolución dos demandantes parados

	TRABALLADORES				
	1999	2000	2001	2002	2003
PARADOS COMARCA	1.772	1.677	1.595	1.655	1.784
VARIACIÓN INTERANUAL %	-	-5,36	-4,89	3,76	7,79
COMARCA/TOTAL PROVINCIA	3,01	2,80	2,74	2,59	2,70

Táboa 5: *Evolución dos demandantes parados.*

GRÁFICO 5: *Evolución dos demandantes parados da comarca.*



Para o conxunto dos demandantes parados da comarca de Betanzos, obsérvase unha tendencia á estabilidade nestes cinco anos, aínda que cun leve incremento en termos absolutos. Deste xeito, o número de demandantes decrece ata o ano 2001 e increméntase nos dous restantes, acadando así no ano 2003 unha cifra próxima á de partida no 1999.

No que atinxe ao peso relativo dos demandantes parados da comarca con respecto aos da provincia, evidénciase un pequeno descenso ata o ano 2003, no que aumentan de novo, pero sen chegar aos valores de partida do inicio do quinquenio.

5.2.3. Caracterización da situación sociolaboral dos demandantes de emprego

TÁBOA 6: *Situación laboral dos demandantes*

		VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	326	13,29	12,67
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	1.458	59,44	55,76
NON PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	132	5,38	3,98
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	265	10,80	11,46
	Con traballo a tempo parcial e prestación compatible	114	4,65	4,73
	En expediente de regulación de emprego	14	0,57	2,34
	Demandantes de mellora de emprego	105	4,28	5,98
	Demandantes de emprego de menos de 20 h	34	1,39	2,38
	Resto de demandantes	5	0,20	0,71
TOTAL		**2.453**	**100,00**	**100,00**

Case 6 de cada dez demandantes de emprego son parados con emprego anterior, en concreto o 59,44%. A continuación sitúanse os parados sen emprego anterior (13,28%) e os non parados con emprego anterior (10,8%).

No que respecta ao conxunto da provincia, só cabe destacar a diferenza no peso dos demandantes parados con emprego anterior, que supoñen na comarca 3,68 puntos porcentuais máis que na provincia.

5.2.4. Demandantes de emprego por sexo e idade

TÁBOA 7.1: Demandantes parados por sexo e grupos de idade.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	HOMES %	MULLERES %	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	151	183	8,46	10,26	18,72	17,50
26 a 35 anos	187	347	10,48	19,45	29,93	30,43
36 a 45 anos	152	248	8,52	13,90	22,42	22,04
46 a 55 anos	130	148	7,29	8,30	15,58	17,68
56 e máis anos	158	80	8,86	4,48	13,34	12,34
TOTAL COMARCA	**778**	**1.006**	**43,61**	**56,39**	**100,00**	**2,70**
TOTAL PROVINCIA	**26.764**	**39.271**	**40,53**	**59,47**	**2,70**	**100,00**

A maioría dos demandantes parados da comarca son mulleres, dado que representan o 56,39% do total. Na provincia dáse unha situación próxima, aínda que a porcentaxe de mulleres sitúase 3,08 puntos por enriba da de Betanzos.

En todos os grupos de idade, a presenza porcentual das mulleres é superior á dos homes, excepto nos maiores de 55 anos, onde son superadas polos homes en 4,38 puntos. Para ambos os xéneros, o grupo que achega un maior volume porcentual ao conxunto é o de 26 a 35 anos, seguido polo de 36 a 45 anos no caso das mulleres e polo de máis de 55 anos no dos homes.

Como vimos de sinalar tomando como referencia a totalidade da comarca, o grupo maioritario é o de 26 a 35 anos, que engloba o 29,93% dos demandantes. A este séguelle o de 36 a 45 anos, co 22,42%. Comparando estes datos cos do conxunto da provincia, apenas se observan diferenzas significativas.

TÁBOA 7.2: Demandantes non parados por sexo e grupos de idade.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	HOMES %	MULLERES %	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	58	92	8,67	13,75	22,42	18,07
26 a 35 anos	53	139	7,92	20,78	28,70	27,98
36 a 45 anos	44	81	6,58	12,11	18,68	19,81
46 a 55 anos	55	53	8,22	7,92	16,14	17,58
56 e máis anos	59	35	8,82	5,23	14,05	16,55
TOTAL COMARCA	**269**	**400**	**40,21**	**59,79**	**100,00**	**2,20**
TOTAL PROVINCIA	**12.680**	**17.790**	**41,61**	**58,39**	**2,20**	**100,00**

No caso dos demandantes non parados, maniféstase de novo a tendencia á feminización da demanda, pero dunha forma aínda máis notable, dado que o 59,79% das demandas de non parados foron feitas por mulleres. En comparación coa provincia da Coruña, pódese observar que só hai 1,4 puntos de diferenza con respecto á distribución por sexos dos demandantes non parados.

Os homes só superan ás mulleres no grupo de idade de máis de 55 anos, mentres os restantes intervalos rexistran unha predominancia delas. No colectivo feminino, o tramo de idade máis voluminoso é o de 26 a 35 anos, colocándose a continuación o de menos de 26 anos. Entre os homes, a maior parte dos demandantes non parados agrúpanse nos tramos extremos, de máis de 55 anos e de menos de 26 anos.

No conxunto comarcal, os demandantes non parados concéntranse en maior medida entre os 26 e 35 anos, situándose en segundo lugar os menores de 26 anos. En relación cos valores provinciais, a comarca presenta un maior peso dos demandantes máis novos, de menos de 26 anos, superando en 4,35 puntos á provincia. Como correlato, a proporción dos que teñen máis de 55 anos é inferior á provincial en 2,1 puntos.

Gráfico 6: *Distribución porcentual do total de demandantes por grupos de idade.*



O predominio dos demandantes parados sobre os non parados caracteriza a todos os grupos de idade. Observando de forma conxunta a variable idade e a variable parado/non parado, obtemos como grupos máis significativos o dos demandantes parados de 26 a 35 anos, que representa o 21,77% do total, e o de demandantes parados de 36 a 45 anos, co 16,31%. Pola contra, os que teñen unha menor representatividade son os de demandantes non parados maiores de 45 anos, que reúnen entre os dous intervalos o 8,23% da demanda comarcal.

Sen facer diferenciación entre parados e non parados, o tramo de idade con maior importancia cuantitativa é o de 26 a 35 anos, que engloba o 29,6% dos demandantes, seguido do de 36 a 45 anos, onde se inscriben o 21,41%.

Gráfico 7: *Distribución porcentual do total de demandantes por sexo.*



A presenza feminina é predominante tanto nos demandantes parados como nos non parados. Deste xeito, as mulleres representan o 57,32% do conxunto de demandantes, sendo as paradas o 41,01% e as non paradas o 16,31%.

5.2.5. Demandantes por nivel académico

Táboa 8.1: *Distribución dos demandantes parados por nivel académico.*

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Ata certificado de escolaridade*	682	38,23	31,78
Titulación de ensinanza obrigatoria	574	32,17	37,12
Formación profesional	133	7,46	5,63
BUP/Bacharelato superior/COU	197	11,04	12,20
Titulados universitarios	158	8,86	11,17
Outras titulacións	40	2,24	2,11
TOTAL	**1.784**	**100,00**	**100,00**

** Inclúe: sen estudos, estudos primarios e certificado de escolaridade*

O 38,23% dos demandantes parados da comarca sitúanse no nivel académico máis baixo, sendo, polo tanto, este nivel o de maior peso na comarca. A continuación sitúanse os que teñen a titulación de ensinanza obrigatoria, co 32,17%, e os que acadaron o bacharelato, co 11,04%.

Con referencia aos valores provinciais, as diferenzas máis salientables son no colectivo identificado como 'ata certificado de escolaridade' 6,45 puntos porcentuais por enriba da provincia. Igualmente, pero en sentido inverso, aqueles que remataron os estudos obrigatorios supoñen 4,95 puntos menos que na provincia e 2,31 puntos menos os que teñen estudos universitarios.

TÁBOA 8.2: Distribución dos demandantes non parados por nivel académico.

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Ata certificado de escolaridade	247	36,92	30,62
Titulación de ensinanza obrigatoria	184	27,50	33,40
Formación profesional	48	7,17	5,72
BUP/Bacharelato superior/COU	90	13,45	15,70
Titulados universitarios	85	12,71	13,03
Outras titulacións	15	2,24	1,53
TOTAL	**669**	**100,00**	**100**

Entre os demandantes non parados, segundo o seu nivel de estudos, os que lle dan un maior volume ao conxunto son os que teñen o certificado de escolaridade (36,92%), seguidos dos titulados en ensinanza obrigatoria (27,5%) e bacharelato (13,45%).

En comparación coa provincia da Coruña, cabe destacar que a comarca presenta 6,3 puntos porcentuais máis no nivel de certificado de escolaridade, do mesmo xeito que se reduce case na mesma cantidade o peso dos titulados en ensinanza obrigatoria.

5.2.6. Demandantes parados por tempo de busca de emprego

TÁBOA 9: Distribución dos demandantes parados segundo o sexo e a idade por tempo de busca de emprego.

		Menos de 6 meses %	De 6 meses a 1 ano %	Máis de 1 ano %	TOTAL %
Menor de 26 anos	Homes	6,67	1,29	0,50	8,46
	Mulleres	6,28	1,74	2,24	10,26
26 a 35 anos	Homes	7,46	1,79	1,23	10,48
	Mulleres	8,35	3,92	7,17	19,45
36 a 45 anos	Homes	5,21	1,23	2,07	8,52
	Mulleres	5,04	2,47	6,39	13,90
46 a 55 anos	Homes	3,48	1,01	2,80	7,29
	Mulleres	2,86	0,84	4,60	8,30
56 e máis anos	Homes	2,41	1,18	5,27	8,86
	Mulleres	0,39	0,39	3,70	4,48
TOTAL COMARCA		**48,15**	**15,86**	**35,99**	**100,00**
TOTAL PROVINCIA		**48,04**	**14,84**	**37,13**	**100,00**

Case a metade dos demandantes parados da comarca de Betanzos levan buscando emprego menos de seis meses, en concreto o 48,15%, seguidos polos que levan máis dun ano, que representan o 35,99%.

A distribución dos valores segundo a idade amosa unha tendencia ao paro de menos de seis meses nas idades máis novas, inverténdose esta circunstancia cara o paro de longa duración nas mulleres de máis de 35 anos e nos homes de máis de 55.

No referente ao sexo, a distribución nos demandantes que levan menos de seis meses buscando emprego tende ao equilibrio, posto que as mulleres só superan aos homes en 2,31 puntos, mentres que no paro de máis dun ano esta diferenza amplíase ata os 12,23 puntos. Tendo en conta estes datos, e dado que os homes supoñen o 43,61% dos demandantes parados, obtense que máis da metade dos homes se sitúan no paro de curta duración.

En relación coa provincia da Coruña, os datos son practicamente análogos, observando unicamente unha diverxencia de 1,02 puntos no paro de máis dun ano, con menor peso na comarca, e outra de 1,14 puntos no paro de entre seis meses e un ano, cun peso superior na provincia.

5.2.7. Demandantes por sectores económicos de procedencia

TÁBOA 10: Demandantes por actividade económica.

	PARADOS			NON PARADOS		
	Comarcal N.º	Comarcal %	Provincial %	Comarcal N.º	Comarcal %	Provincial %
Sector primario	26	1,46	2,00	18	2,69	2,78
Sector secundario	262	14,69	17,16	99	14,80	18,47
Construción	252	14,13	13,36	47	7,03	8,13
Sector servizos	919	51,51	49,08	359	53,66	54,02
Sen actividade previa	325	18,22	18,41	146	21,82	16,59
TOTAL	**1.784**	**100,00**	**100,00**	**669**	**100,00**	**100,00**

Atendendo á actividade económica de procedencia, algo máis da metade dos demandantes parados da comarca proveñen do sector servizos, en concreto o 51,51%. A unha distancia considerable sitúanse os que proceden do sector secundario (14,69%) e do da construción (14,13%). Para o conxunto provincial, os demandantes orixinados no sector servizos representan 2,43 puntos menos, mentres que os que se inscriben no sector secundario increméntanse nunha cantidade case idéntica con respecto ao valor comarcal.

No caso dos demandantes non parados, son tamén os máis numerosos os procedentes do sector servizos, que representa o 53,66% do total, seguidos polos do sector secundario (14,80%) e polos da construción (7,03%). En comparación coa provincia da Coruña, cabe destacar como nota máis significativa a diferenza de 3,67 puntos nos demandantes non parados que proveñen do sector secundario, que representan menor peso na comarca.

De forma conxunta, os demandantes de emprego da comarca proceden na súa maioría do sector servizos, que aglutina ao 52,1% do total. Os que veñen do sector secundario supoñen o 14,72%, seguidos polos do sector da construción, que representan o 12,19% da demanda.

GRÁFICO 8: Demandantes parados na Industria.



Dentro da industria, os demandantes parados proceden na súa maior parte da actividade de téxtil e confección, que aglutina o 39%. Nun segundo nivel sitúanse as actividades de outras industrias, alimentación e madeira, que supoñen conxuntamente o 43% do total.

A cuarta parte dos demandantes parados dos servizos proceden da actividade de comercio. A continuación séguenlle as actividades inmobiliarias e servizos a empresas e administracións públicas, que suman conxuntamente o 34%, e pola de hostalería, co 12%.



Gráfico 9: *Demandantes parados nos Servizos.*

5.2.8. As dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego

Táboa 11: *Ocupacións máis demandadas.*

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Empregado administrativo, en xeral	282	11,50	8,93
Dependente de comercio, en xeral	222	9,05	8,97
Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	164	6,69	7,21
Peón da ind. manufactureira, en xeral	132	5,38	3,87
Albanel	82	3,34	2,65
Peón da construción de edificios	65	2,65	2,57
Camareiro, en xeral	62	2,53	2,68
Oper. máquina ind. coser á plana, ex. pel: calzado	53	2,16	2,29
Técnico administrativo, en xeral	38	1,55	1,10
Condutor de camión, en xeral	37	1,51	0,77

5.2.9. Perfil tipo dos demandantes de emprego

Táboa 12: *Perfil máis representativo.*

	PERFIL COMARCAL TIPO	PERFIL PROVINCIAL TIPO
Situación laboral	Parados con emprego anterior	Parados con emprego anterior
Sexo	Mulleres	Mulleres
Grupo idade	De 26 a 35 anos	De 26 a 35 anos
Nivel académico	**Ata certificado de escolaridade**	Titulación ensinanza obrigatoria
Duración demanda	Menos de 6 meses	Menos de 6 meses
Sector	Servizos	Servizos
Ocupación máis demandada	**Empregado administrativo**	Dependente de comercio

5.3. OFERTAS

5.3.1. Ofertas no servizo público de emprego galego 2003. Evolución

TÁBOA 13: Número de ofertas por concellos. Ano 2003.

	TOTAL OFERTAS	TOTAL %
Aranga	14	1,56
Betanzos	720	80,45
Cesuras	13	1,45
Coirós	12	1,34
Curtis	53	5,92
Irixoa	7	0,78
Miño	24	2,68
Oza dos Ríos	18	2,01
Paderne	11	1,23
Vilarmaior	8	0,89
Vilasantar	15	1,68
TOTAL COMARCA	**895**	**100,00**

TOTAL OFERTAS PROVINCIA:	**32.600**
COMARCA/PROVINCIA:	**2,75**

No ano 2003, na comarca de Betanzos rexistráronse un total de 895 ofertas, que representan o 2,75% das realizadas na provincia da Coruña.

O concello de Betanzos engloba algo máis de oito de cada dez ofertas comarcais, en concreto o 80,45%, seguido a moita distancia polo de Curtis, co 5,92%. O 13,63% restante está repartido entre as outras nove localidades, encabezadas pola de Miño, co 2,68% das ofertas.

TÁBOA 14: Evolución das ofertas. Período 1999-2003. Valores absolutos e relativos.

	N.º OFERTAS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Aranga	0	8	41	23	14		412,50	-43,90	-39,13	
Betanzos	637	577	428	445	720	-9,42	-25,82	3,97	61,80	3,11
Cesuras	1	1	2	12	13	0,00	100,00	500,00	8,33	89,88
Coirós	17	14	2	33	12	-17,65	-85,71	1.550,00	-63,64	-8,34
Curtis	4	47	103	33	53	1.075,00	119,15	-67,96	60,61	90,79
Irixoa	8	8	15	5	7	0,00	87,50	-66,67	40,00	-3,28
Miño	5	62	29	62	24	1.140,00	-53,23	113,79	-61,29	48,02
Oza dos Ríos	1	10	8	8	18	900,00	-20,00	0,00	125,00	105,98
Paderne	2	18	24	5	11	800,00	33,33	-79,17	120,00	53,14
Vilarmaior	0	0	3	9	8			200,00	-11,11	
Vilasantar	13	6	12	6	15	-53,85	100,00	-50,00	150,00	3,64
TOTAL COMARCA	**688**	**751**	**667**	**641**	**895**	**9,16**	**-11,19**	**-3,90**	**39,63**	**6,80**
TOTAL PROVINCIA	**29.835**	**37.922**	**30.755**	**30.380**	**32.600**	**27,11**	**-18,90**	**-1,22**	**7,31**	**2,24**

A evolución das ofertas na comarca no período comprendido entre os anos 1999 e 2003 amosa unha tendencia ao crecemento, cunha variación media do 6,80%. A pesar deste balance final positivo, as ofertas descenden nos dous intervalos intermedios do período, incrementándose fortemente no último, cunha variación interanual do 39,63%. No conxunto da provincia, as ofertas tamén aumentan, aínda que se obtén unha variación media menor, do 2,24%. Os comportamentos provincial e comarcal son semellantes no que atinxe ao decrecemento experimentado nos intervalos intermedios do quinquenio. Sen embargo, a provincia destaca por un forte incremento no inicial, mentres que a comarca rexistra un incremento tamén moi salientable no tramo 2002-2003.

Os concellos de Irixoa e Coirós son os únicos que experimentan un crecemento negativo nestes cinco anos, acadando variacións medias do -3,28% e -8,34% respectivamente. Pola contra, o concello onde se dá un maior aumento en números absolutos é o de Betanzos, que obtén unha variación media do 3,11%, malia que entre os anos 1999 e 2001 rexistra reducións nas súas ofertas, sobre todo entre o 2000 e o 2001, cunha variación interanual negativa do -25,85%. Cómpre sinalar neste concello o incremento que se produce entre o 2002 e o 2003, cunha variación interanual do 61,8%.

Nos concellos restantes, as ofertas tamén ascenden, pero dado o seu escaso peso en números absolutos, as variacións interanuais extremas non son significativas. Curtis é o segundo concello no que se agrupan máis ofertas, e obtén unha variación media do 90,79%.

Debido á concentración da gran maioría das ofertas no concello de Betanzos, agrúpanse as ofertas dos demais para comparar a súa evolución coa deste. Así, no gráfico pódese observar como en Betanzos as ofertas descenden de forma paulatina ata o ano 2002, onde se recuperan lixeiramente e logo presentan un forte ascenso no ano 2003.

Nas localidades restantes dáse a situación inversa, posto que ata o ano 2001 as ofertas increméntanse e posteriormente decrecen.



Gráfico 10: *Evolución do número de ofertas dos concellos da comarca.*

5.3.2. Ofertas segundo os sectores de actividade económica.

Táboa 15: *Distribución das ofertas por concellos segundo os sectores económicos. Valores absolutos e relativos en relación co total da comarca.*

	PRIMARIO		SECUNDARIO		CONSTRUCIÓN		SERVIZOS	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Aranga	0	0,00	2	2,33	4	3,01	8	1,21
Betanzos	0	0,00	77	89,53	87	65,41	556	83,99
Cesuras	3	21,43	0	0,00	5	3,76	5	0,76
Coirós	0	0,00	1	1,16	2	1,50	9	1,36
Curtis	4	28,57	1	1,16	15	11,28	33	4,98
Irixoa	3	21,43	0	0,00	0	0,00	4	0,60
Miño	2	14,29	1	1,16	11	8,27	10	1,51
Oza dos Ríos	0	0,00	0	0,00	2	1,50	16	2,42
Paderne	2	14,29	0	0,00	2	1,50	7	1,06
Vilarmaior	0	0,00	2	2,33	1	0,75	5	0,76
Vilasantar	0	0,00	2	2,33	4	3,01	9	1,36
TOTAL COMARCA	**14**	**100,00**	**86**	**100,00**	**133**	**100,00**	**662**	**100,00**
TOTAL PROVINCIA	**338**		**3.112**		**5.814**		**23.331**	

Facendo unha análise máis pormenorizada da distribución das ofertas por concellos e sector económico, destaca a concentración das ofertas en Betanzos para todos os sectores a excepción do primario, para o que non rexistra ningunha. Pola contra, os concellos con maior compoñente do sector primario desde o punto de vista das ofertas de emprego son Curtis, Cesuras e Irixoa, aínda que con valores pouco significativos.

O sector secundario é o que presenta os máis altos valores de concentración de ofertas no concello de Betanzos, que rexistra 77 das 86 realizadas nos once municipios da comarca, o que significa un 89,53%. Valores menos extremos pero coa mesma tendencia de concentración presentan as ofertas no sector servizos, aínda que cómpre destacar que este sector é o principal desde o punto de vista das ofertas para todos os concellos, sendo significativas as rexistradas en Curtis (33), así como en Orza dos Ríos (16).

Pola súa banda, o sector da construción presenta unha concentración de menor grao. En efecto, o número de ofertas rexistradas en Betanzos supón o 65,41% de todas as ofertas do sector. Son tamén significativas, aínda que a moita distancia, as rexistradas en Curtis e en Miño, 15 e 11 ofertas respectivamente dun total de 133.

Gráfico 11: *Distribución porcentual das ofertas por sectores económicos.*



Case as tres cuartas partes das ofertas da comarca de Betanzos orixínanse no sector servizos. Este é seguido polo da construción, co 15% e polo secundario, co 10%. No conxunto da provincia da Coruña dáse unha situación semellante, destacando como única diferenza a das ofertas procedentes do sector da construción, que representan 3 puntos menos na comarca.

Gráfico 12: *Distribución porcentual das ofertas na industria.*



Dentro da industria, o 34% das ofertas de emprego son derivadas da actividade madeireira. As de alimentación, metalurxia e fabricación de produtos metálicos e téxtil e confección achegan o 20% das ofertas cada unha delas, mentres que as de fabricación de material de transporte e outras industrias supoñen o 6% de forma conxunta.

Gráfico 13: *Distribución porcentual das ofertas nos servizos.*



A nota característica das ofertas dos servizos é a concentración do 59% destas na actividade das administracións públicas. A moita distancia distribúense as actividades restantes, encabezadas pola de comercio, co 14% do total.

Táboa 16: *Evolución das ofertas por sectores económicos.*

	1999	2000	2001	2002	2003
Primario	8	4	9	9	14
Secundario	152	96	108	72	86
Construción	152	235	174	141	133
Servizos	376	416	376	419	662
TOTAL COMARCA	**688**	**751**	**667**	**641**	**895**
TOTAL PROVINCIA	**29.835**	**37.922**	**30.755**	**30.380**	**32.600**

Os sectores secundario e da construción experimentan unha redución das ofertas no período 1999-2003. Deste xeito, o primeiro deles experimenta importantes descensos nos intervalos 1999-2000 e 2001-2002, acadando finalmente unha variación media negativa do -13,27%. Pola súa banda, o sector da construción increméntase fortemente no intervalo inicial do quinquenio, no que obtén unha variación interanual do 54,61%, reducíndose nos posteriores, sobre todo no 2000-2001, cunha variación interanual do -25,96%, para presentar, finalmente, unha variación media negativa do -3,28%.

Os dous sectores restantes ven aumentadas as ofertas laborais neste período, destacando o caso do sector servizos, que acada unha variación media do 15,19%; na súa evolución sobresae principalmente o brusco ascenso dos anos 2002-2003, cunha variación interanual do 58%.

5.3.3. Perfil básico das ofertas

Do total das ofertas recibidas no ano 2003 na comarca de Betanzos, tan só o 13,3% especifican o sexo como requisito para ocupar un posto de traballo. O 66,39% destas solicitan un home e o 33,61% a unha muller.

Tendo en conta a distribución por sectores económicos, cabe sinalar que algo máis da metade, sitúanse no sector servizos. Este sector é o único onde a demanda de mulleres é superior á de homes, e vén dada pola maior solicitude destas nas actividades de outros servizos e hostalería. En cambio, os homes son requiridos en maior medida, dentro deste sector, na actividade de comercio.



Gráfico 14: *Ofertas por sexo segundo o sector económico da comarca.*

Tamén pode observarse que no sector da construción só se solicitan homes, do mesmo xeito que no primario e no secundario estes son demandados en maior medida que as mulleres, sobre todo dentro do sector secundario, na actividade de madeira.

A maioría das ofertas rexistradas na comarca no 2003 teñen como esixencia a posesión dun determinado nivel de estudos, en concreto o 56,65%, se ben o 88,45% destas só requiren a posesión do certificado de escolaridade. Os niveis máis demandados a continuación son os de formación profesional (7,89%) e titulación universitaria (6,11%).



Gráfico 15: *Ofertas por nivel académico da comarca.*

A actividade das administracións públicas é a que solicita en maior medida traballadores de todas as cualificacións. No caso da posesión do certificado de escolaridade, tamén se solicita, aínda que a gran distancia da anterior, nas de enerxía eléctrica, gas e auga, actividades inmobiliarias e servizos a empresas e mais na de servizos á comunidade.

5.3.4. Análise ocupacional das ofertas

Táboa 17.1: *Ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores.*

	1999	2000	2001	2002	2003
Camareiro – Barman	4	24	44	24	28
Albanel	28	67	55	26	27
Peón de albanel/Peón de obras públicas	30	89	58	19	18
Almacenista / Mozo de almacén	1	5	1	14	17
Encofrador	5	37	7	17	13
Telefonista / Operador de *telemarketing*	0	0	0	1	12
Auxiliar administrativo	3	5	4	13	12
Condutor de mercadorías/Condutor de camión en xeral	4	15	15	10	10
Administrativo	3	0	0	4	10
Axente comercial / Vendedor	1	21	4	19	8

Nos centros colaboradores da comarca no ano 2003, as ocupacións que recibiron máis ofertas foron as de camareiro-barman e albanel.

A maioría destas ocupacións teñen unha evolución positiva nestes cinco anos, sendo as únicas excepcións a de peón de albanel/peón de obras públicas, cunha variación media do -11,99% e a de albanel, cunha variación media do -0,91%. Pola súa evolución positiva é importante sinalar a de camareiro-barman, que acada unha variación media do 62,66%, e a de almacenista/mozo de almacén, cunha variación media do 103,05%.

Táboa 17.2: *Ocupacións máis ofertadas nas oficinas de emprego.*

	1999	2000	2001	2002	2003
Peón da ind. manufactureira, en xeral	63	28	45	51	272
Técnico de protección civil	0	0	33	27	37
Albanel	69	31	35	17	27
Repoñedor de hipermercado	12	12	10	13	19
Encargado de obra edificación	2	2	0	0	19
Dependente de comercio, en xeral	7	12	8	28	17
Director de departamento	0	1	1	0	12
Asistente domiciliario	6	4	6	9	12
Peón da construción de edificios	30	19	8	15	11
Empregado administrativo, en xeral	22	15	12	8	11

Nas oficinas de emprego, a ocupación máis demandada, con cifras moi superiores ás demais, é a de peón da industria manufactureira. Está seguida a considerable distancia polas de técnico de protección civil e albanel.

Destaca polo seu comportamento positivo neste quinquenio a ocupación de peón da industria manufactureira, que sofre un forte incremento no ano 2003, e obtén unha variación media final do 44,15%. Pola contra, a de albanel experimenta un descenso importante, amosando unha variación media negativa do -20,91%.

5.4. CONTRATOS

5.4.1. Número de contratos no ámbito comarcal e municipal

TÁBOA 18: Número de contratos na comarca e nos concellos. Ano 2003.

	CONTRATOS 2003	
	N.º	%
ARANGA	148	3,54
BETANZOS	2.020	48,35
CESURAS	92	2,20
COIRÓS	409	9,79
CURTIS	533	12,76
IRIXOA	58	1,39
MIÑO	450	10,77
OZA DOS RÍOS	138	3,30
PADERNE	164	3,93
VILARMAIOR	56	1,34
VILASANTAR	110	2,63
TOTAL COMARCA	**4.178**	**100,00**
TOTAL PROVINCIA	**310.890**	**1,34**

As contratacións realizadas na comarca de Betanzos no ano 2003 representan o 1,34% das realizadas na provincia da Coruña. Dos contratos na comarca, case a metade, o 48,35%, rexistráronse no concello de Betanzos, seguido do de Curtis, co 12,76%, e do de Miño, co 10,77%. Os oito concellos restantes repártense o 28,12% dos contratos da comarca.

TÁBOA 19: Evolución do número de contratos no ámbito comarcal. Variacións anuais. 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA %
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
ARANGA	109	155	125	156	148	42,20	-19,35	24,80	-5,13	7,95
BETANZOS	2.054	2.374	2.035	1.847	2.020	15,58	-14,28	-9,24	9,37	-0,42
CESURAS	95	101	86	84	92	6,32	-14,85	-2,33	9,52	-0,80
COIRÓS	75	85	72	101	409	13,33	-15,29	40,28	304,95	52,81
CURTIS	586	654	703	562	533	11,60	7,49	-20,06	-5,16	-2,34
IRIXOA	62	72	72	66	58	16,13	0,00	-8,33	-12,12	-1,65
MIÑO	381	339	302	329	450	-11,02	-10,91	8,94	36,78	4,25
OZA DOS RÍOS	144	138	139	117	138	-4,17	0,72	-15,83	17,95	-1,06
PADERNE	182	126	166	122	164	-30,77	31,75	-26,51	34,43	-2,57
VILARMAIOR	66	46	52	126	56	-30,30	13,04	142,31	-55,56	-4,02
VILASANTAR	144	149	114	72	110	3,47	-23,49	-36,84	52,78	-6,51
TOTAL COMARCA	**3.898**	**4.239**	**3.866**	**3.582**	**4.178**	**8,75**	**-8,80**	**-7,35**	**16,64**	**1,75**
TOTAL PROVINCIA	**268.271**	**281.551**	**280.779**	**292.423**	**310.890**	**4,95**	**-0,27**	**4,15**	**6,32**	**3,75**

A evolución da contratación na comarca presenta valores positivos, dado que acada unha variación media do 1,75%, aínda que os contratos se reducen nos dous intervalos intermedios do quinquenio, rexistrando tamén unha subida considerable no último. Na provincia, en cambio, dáse unha evolución máis estable, cun só pequeno descenso en números absolutos no intervalo 2000-2001, obtendo finalmente unha variación media do 3,75%.

En oito dos once concellos da comarca os contratos decrecen; o caso máis salientable é o de Curtis, onde se produce o maior descenso en números absolutos, cunha variación media do -2,34% e unha diminución considerable nos dous últimos anos do período.

Por outra banda, o maior incremento dáse no concello de Coirós, que a pesar do descenso que sofre no intervalo 2000-2001, recupérase fortemente a partir do 2002 (o número de contratos entre 2002 e 2003 multiplícase por catro). Este concello acada unha variación media do 52,81%. Por último, o concello de Miño obtén unha variación media do 4,25%; destaca no seu comportamento o decrecemento que se dá ata o ano 2001 e a forte subida entre os anos 2002 e 2003, cunha variación interanual do 36,78%.

5.4.2. Contratación comarcal segundo o sexo e a idade

Táboa 20: *Distribución da contratación comarcal segundo o sexo e a idade. Ano 2003.*

	N.º CONTRATOS			% CONTRATOS		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Menos de 26 anos	936	479	1.415	22,40	11,46	33,87
De 26 a 35 anos	801	611	1.412	19,17	14,62	33,80
De 36 a 45 anos	509	283	792	12,18	6,77	18,96
De 46 a 55 anos	330	87	417	7,90	2,08	9,98
De 56 e máis anos	126	16	142	3,02	0,38	3,40
TOTAL COMARCA	**2.702**	**1.476**	**4.178**	**64,67**	**35,33**	**100,00**
TOTAL PROVINCIAL	**166.028**	**144.862**	**310.890**	**53,40**	**46,60**	**100,00**

A maioría dos contratos realizados na comarca de Betanzos no ano 2003 foron asinados por homes, o 64,67% do total. Esta circunstancia da masculinización dos contratos reprodúcese no conxunto provincial, aínda que de forma menos aguda, dado que os homes só superan ás mulleres en 6,8 puntos porcentuais.

Tanto a contratación masculina como a feminina concéntranse nos tramos de idade máis novos, con tendencia ao retroceso conforme a idade aumenta. Deste xeito, agrupando ambos os sexos, o 67,67% dos contratos realizáronse entre os menores de 36 anos, mentres que no outro extremo, nos maiores de 46 anos tan só se rexistraron o 13,38%. Neste sentido, é salientable que no último intervalo de idade 126 dos 142 contratos sexan para os homes.

Táboa 21: *Evolución do número de contratos da comarca segundo o sexo. Período 1999-2003.*

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Homes	2.477	2.765	2.630	2.325	2.702	11,63	-4,88	-11,60	16,22	2,20
Mulleres	1.421	1.474	1.236	1.257	1.476	3,73	-16,15	1,70	17,42	0,95
TOTAL CONTRATOS	**3.898**	**4.239**	**3.866**	**3.582**	**4.178**	**8,75**	**-8,80**	**-7,35**	**16,64**	**1,75**

Se analizamos a evolución da contratación diferenciando en función do xénero, observamos unha tendencia ao crecemento tanto na de homes coma na de mulleres. Os contratos a homes diminúen nos intervalos intermedios do período, incrementándose de forma considerable no inicial e final, acadando así unha variación media do 2,2%. Pola contra, no caso das mulleres, os contratos só se reducen entre os anos 2000 e 2001, onde o fan de forma considerable, cunha variación interanual do -16,15%, e finalmente presentan unha variación media significativamente menor que a dos homes, dun 0,95%. Esta media evidencia un leve aumento en números absolutos, aínda que moi próxima ao estancamento.

Gráfico 16: *Evolución da distribución da contratación comarcal segundo o sexo. Período 1999-2003. Valores proporcionais.*



	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Menor de 26 anos	1.331	1.417	1.230	1.166	1.415	6,46	-13,20	-5,20	21,36	1,54
De 26 a 35 anos	1.391	1.505	1.344	1.311	1.412	8,20	-10,70	-2,46	7,70	0,38
De 36 a 45 anos	697	781	728	638	792	12,05	-6,79	-12,36	24,14	3,25
De 46 a 55 anos	318	368	395	327	417	15,72	7,34	-17,22	27,52	7,01
De 56 e máis anos	161	168	169	140	142	4,35	0,60	-17,16	1,43	-3,09
TOTAL CONTRATOS	**3.898**	**4.239**	**3.866**	**3.582**	**4178**	**8,75**	**-8,80**	**-7,35**	**16,64**	**1,75**

Táboa 22: *Evolución do número de contratos da comarca segundo a idade. Período 1999-2003.*

Tendo en conta a idade, a evolución da contratación comarcal caracterízase por unha redución no grupo de idade máis avanzado, así como por incrementos nos restantes. Deste xeito, nos maiores de 55 anos os contratos amosan un descenso considerable no intervalo 2001-2002, acadando finalmente unha variación media do -3,09%.

Cabe sinalar como nota característica común que entre os anos 2001 e 2002 se reducen as contratacións en todos os tramos de idade. Outro aspecto que cómpre ter en conta é que, exceptuando os dous intervalos situados por enriba dos 45 anos, onde non se producen máis diminucións, nos tres restantes os contratos tamén decrecen entre os anos 2000 e 2001. Analizando cada grupo de idade de forma individual, obsérvase a maior subida en números absolutos dos contratos a menores de 26 anos, que acadan unha variación media do 1,54%, e que se incrementan de forma importante no intervalo 2002-2003, do mesmo xeito que o fan os de 36 a 45 anos e os de 46 a 55 anos.

5.4.3. Contratación comarcal segundo os sectores económicos

	CONTRATOS 2003	
	N.º	%
SECTOR PRIMARIO	**67**	**1,60**
Agricultura e pesca	67	1,60
SECTOR SECUNDARIO	**847**	**20,27**
Industria	763	18,26
Electricidade	84	2,01
SECTOR CONSTRUCIÓN	**634**	**15,17**
Construción	634	15,17
SECTOR SERVIZOS	**2.630**	**62,95**
Comercio e hostalería	1.286	30,78
Transporte e comunicacións	166	3,97
Outros servizos	1.178	28,20
TOTAL CONTRATOS	**4.178**	**100,00**

Táboa 23: *Distribución da contratación por sectores/subsectores económicos.*

O sector servizos representa no ano 2003 o maior volume de contratación comarcal, co 62,95% dos contratos. A continuación sitúanse o sector secundario, co 20,27%, e o da construción, co 15,17%.

No que respecta aos subsectores, é importante sinalar que case seis de cada dez ofertas prodúcense no de comercio e hostalería e no de outros servizos, en concreto o 58,98%.

GRÁFICO 17: *Distribución porcentual da contratación na industria.*



Na industria, a maior parte das contratacións inscríbense na metalurxia e fabricación de produtos metálicos, que representa o 43%. Na actividade de téxtil e confección agrúpanse o 22% dos contratos, seguida pola de madeira, co 17%.

GRÁFICO 18: *Distribución porcentual da contratación nos servizos.*



A actividade de comercio é a que amosa un maior volume contractual dentro dos servizos, posto que o 36% dos contratos asínanse no marco desta actividade. A continuación sitúanse as de servizos á comunidade, administracións públicas e actividades inmobiliarias e servizos a empresas, que achegan de forma conxunta o 42% das contratacións.

TÁBOA 24: *Distribución porcentual da contratación comarcal segundo sectores/subsectores económicos por sexo e idade. Ano 2003.*

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e mais
SECTOR PRIMARIO	**1,17**	**0,43**	**0,62**	**0,24**	**0,45**	**0,19**	**0,10**
Agricultura e pesca	1,17	0,43	0,62	0,24	0,45	0,19	0,10
SECTOR SECUNDARIO	**14,05**	**6,22**	**7,13**	**6,94**	**3,59**	**1,91**	**0,69**
Industria	12,71	5,55	6,44	6,29	3,23	1,68	0,62
Electricidade	1,34	0,67	0,69	0,65	0,36	0,24	0,07
SECTOR CONSTRUCIÓN	**14,38**	**0,79**	**4,62**	**4,43**	**2,82**	**2,25**	**1,05**
Construción	14,38	0,79	4,62	4,43	2,82	2,25	1,05
SECTOR SERVIZOS	**35,06**	**27,88**	**21,49**	**22,19**	**12,09**	**5,62**	**1,56**
Comercio e hostalería	14,46	16,32	13,24	11,58	4,28	1,39	0,29
Transporte e comunicacións	2,85	1,12	0,86	1,48	1,12	0,38	0,12
Outros servizos	17,76	10,44	7,40	9,12	6,68	3,85	1,15
TOTAL CONTRATOS	**64,67**	**35,33**	**33,87**	**33,80**	**18,96**	**9,98**	**3,40**

Sempre despois do sector servizos, que é no que se rexistran a maioría dos contratos tanto de homes como de mulleres, o sector da construción é o máis significativo no caso dos homes e o sector secundario no caso das mulleres. No referente aos subsectores, os contratos masculinos realízanse en maior medida no de outros servizos, seguido polo de comercio e hostalería. No caso das mulleres dáse a situación inversa, sendo o comercio e hostalería o subsector predominante, seguido polo de outros servizos.

En función da distribución por idade, o sector servizos é o que presenta o maior volume contractual en todos os grupos, situándose a continuación o secundario nos grupos menores de 46 anos, e o da construción nos maiores de 45. No que atinxe aos subsectores, o de comercio e hostalería é predominante nos menores de 36 anos, mentres que o de outros servizos predomina nos maiores de 35. O segundo en orde de importancia é o de outros servizos nos menores de 36 anos, o de comercio e hostalería nos de 36 a 45 anos e o de industria nos maiores de 45 anos.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
SECTOR PRIMARIO	**67**	**53**	**45**	**30**	**67**	**-20,90**	**-15,09**	**-33,33**	**123,33**	**0,00**
Agricultura e pesca	67	53	45	30	67	-20,90	-15,09	-33,33	123,33	0,00
SECTOR SECUNDARIO	**813**	**805**	**813**	**733**	**847**	**-0,98**	**0,99**	**-9,84**	**15,55**	**1,03**
Industria	756	760	740	601	763	0,53	-2,63	-18,78	26,96	0,23
Electricidade	57	45	73	132	84	-21,05	62,22	80,82	-36,36	10,18
S. CONSTRUCIÓN	**604**	**795**	**753**	**497**	**634**	**31,62**	**-5,28**	**-34,00**	**27,57**	**1,22**
Construción	604	795	753	497	634	31,62	-5,28	-34,00	27,57	1,22
SECTOR SERVIZOS	**2.414**	**2.586**	**2.255**	**2.275**	**2.630**	**7,13**	**-12,80**	**0,89**	**15,60**	**2,17**
Comercio e hostalería	1.284	1.445	1.167	1.074	1.286	12,54	-19,24	-7,97	19,74	0,04
Transporte e comunicacións	138	188	144	185	166	36,23	-23,40	28,47	-10,27	4,73
Outros servizos	992	953	944	1.016	1.178	-3,93	-0,94	7,63	15,94	4,39
TOTAL CONTRATOS	**3.898**	**4.239**	**3.866**	**3.582**	**4.178**	**8,75**	**-8,80**	**-7,35**	**16,64**	**1,75**

TÁBOA 25: *Evolución da contratación comarcal segundo os sectores e subsectores económicos. Período 1999-2003.*

No conxunto do período maniféstase unha leve tendencia ao incremento en todos os sectores da actividade produtiva, excepto no primario, que se mantén estable. O sector onde máis se incrementan os contratos é o de servizos, que obtén unha variación media do 2,17%, e aínda que descende no intervalo 2000-2001, recupérase nos restantes, sobre todo no 2002-2003, cunha variación interanual do 15,6%. Dentro deste sector, cabe sinalar o comportamento do subsector de comercio e hostalería, que aínda que sofre caídas nos dous intervalos intermedios do quinquenio, ascende de forma considerable no inicial e final. Este subsector acada unha variación media inferior á do conxunto, do 0,04%, cunha tendencia ao estancamento. Nos dous subsectores restantes danse variacións medias semellantes, do 4,73% para o de transporte e comunicacións e do 4,39% para o de outros servizos.

Os sectores secundario e da construción tamén presentan leves aumentos, con variacións medias do 1,03% o primeiro e do 1,22% o segundo. As flutuacións máis salientables nestes sectores son os fortes incrementos que se dan en ambos os dous entre os anos 2002 e 2003, aos que hai que engadir o do intervalo 1999-2000 para o da construción, que tamén rexistra un considerable descenso entre o 2001 e o 2002.

5.4.4. Tipoloxía da contratación laboral

Algo máis de sete de cada dez contratos da comarca de Betanzos son temporais a tempo completo. Están seguidos polos temporais a tempo parcial, que supoñen o 15% do total. Tendo en conta estes datos, é importante sinalar que o 86% dos contratos comarcais teñen carácter temporal.



GRÁFICO 19: *Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contratos. Ano 2003.*

TÁBOA 26: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contrato por sexo e idade. Ano 2003.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
Indefinido	2,90	1,94	0,81	1,96	0,86	0,81	0,38
Indefinido tempo parcial	0,38	0,84	0,36	0,45	0,19	0,14	0,07
Temporal	50,93	19,58	24,17	23,96	13,07	6,73	2,58
Temporal tempo parcial	3,64	11,61	5,41	5,82	2,92	0,96	0,14
Prácticas/Formación	2,13	1,01	2,75	0,36	0,00	0,02	0,00
Outros	4,69	0,36	0,36	1,24	1,91	1,32	0,22
TOTAL CONTRATOS	**2,90**	**1,94**	**0,81**	**1,96**	**0,86**	**0,81**	**0,38**

Tanto nos homes como nas mulleres, os contratos máis representativos son os temporais a tempo completo, seguidos dos temporais a tempo parcial no caso das mulleres e dos da categoría outros no dos homes. É salientable que todas as fórmulas de contratación son maioritarias entre os homes, excepto as de tempo parcial, tanto nos contratos indefinidos, onde a diferenza é case insignificante, como nos temporais, que representan 7,97 puntos máis nas mulleres que nos homes.

No referente á distribución por idade, os contratos temporais a tempo completo seguen sendo os máis significativos en todos os tramos, seguidos polos temporais a tempo parcial nos menores de 45 anos, dos da categoría outros nos de 46 a 55 anos e dos indefinidos a tempo completo nos de máis de 55 anos.

TÁBOA 27: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contrato por sectores económicos. Ano 2003.

	PRIMARIO	SECUNDARIO			CONSTRUCIÓN	SERVIZOS			
	Agr.,Gand.	Industr.	Electric.	Total	Construc.	Comerc.	Transp.	Outros	Total
Indefinido	0,14	0,67	0,14	0,81	0,65	2,54	0,12	0,57	3,23
Indefinido tempo parcial	0,00	0,10	0,00	0,10	0,02	0,74	0,07	0,29	1,10
Temporal	1,32	16,13	1,72	17,86	13,00	19,17	3,37	15,80	38,34
Temporal tempo parcial	0,14	0,84	0,14	0,98	0,41	7,20	0,41	6,10	13,71
Prácticas/Formación	0,00	0,50	0,00	0,50	1,10	1,10	0,00	0,43	1,53
Outros	0,00	0,02	0,00	0,02	0,00	0,02	0,00	5,00	5,03
TOTAL CONTRATOS	**1,60**	**18,26**	**2,01**	**20,27**	**15,17**	**30,78**	**3,97**	**28,20**	**62,95**

Todas as fórmulas de contratación agrúpanse na súa maioría no sector servizos; este sector concentra case a totalidade dos contratos temporais a tempo parcial e os da categoría outros. No sector primario non se produce ningún contrato indefinido a tempo parcial, de prácticas/formación nin da tipoloxía outros, que tampouco se realizan no sector da construción.

No referente aos subsectores, os contratos temporais a tempo completo están situados na súa maior parte nos de comercio e hostalería e industria, mentres que os temporais a tempo parcial fano nos de comercio e hostalería e outros servizos. Neste último subsector concéntranse case todos os contratos da tipoloxía outros.

TÁBOA 28: Evolución da contratación comarcal segundo a tipoloxía de contratos. Período 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Indefinido	425	420	461	336	202	-1,18	9,76	-27,11	-39,88	-16,97
Indefinido tempo parcial	49	56	41	86	51	14,29	-26,79	109,76	-40,70	1,01
Temporal	2.465	2.812	2.481	2.293	2.946	14,08	-11,77	-7,58	28,48	4,56
Temporal tempo parcial	594	580	485	516	637	-2,36	-16,38	6,39	23,45	1,76
Prácticas/Formación	136	133	173	133	131	-2,21	30,08	-23,12	-1,50	-0,93
Outros	229	238	225	218	211	3,93	-5,46	-3,11	-3,21	-2,03
TOTAL CONTRATOS	**3.898**	**4.239**	**3.866**	**3.582**	**4.178**	**8,75**	**-8,80**	**-7,35**	**16,64**	**1,75**

No período comprendido entre os anos 1999 e 2003, a categoría que sofre unha maior redución nas contratacións é a dos contratos indefinidos a tempo completo, que acada unha variación media negativa do -16,97%, obtida despois de fortes descensos a partir do ano 2002, e unha soa variación interanual positiva no intervalo 2000-2001. As outras dúas fórmulas de contratación que diminúen o seu volume contractual na comarca son as de prácticas/formación e outros, que decrecen en todos os intervalos, excepto no 2000-2001 no caso da primeira tipoloxía e no 1999-2000 no caso da segunda, obtendo variacións medias do -0,93% e do -2,03% respectivamente.

As tres categorías restantes ven incrementados os seus contratos, en maior medida a de temporal a tempo completo, que cunha variación media do 4,56% é a que máis medra nestes cinco anos. No comportamento desta tipoloxía, hai que destacar que aumenta nos anos inicial e final do período, acadando neste último unha variación interanual do 28,48%. Por último, os contratos indefinidos e temporais a tempo parcial aumentan dunha forma máis leve, con variacións medias do 1,01% e do 1,76% respectivamente. Do mesmo xeito que ocorre nos contratos temporais a tempo completo, nos temporais a tempo parcial tamén se rexistra unha forte subida entre os anos 2002 e 2003, cunha variación interanual do 23,45%.

5.4.5. Grandes grupos de ocupación na contratación laboral

Táboa 29: *Distribución da contratación por grandes grupos de ocupación segundo o sexo. Ano 2003.*

	CONTRATOS	
	Nº	%
1. Dirección de empresas e administracións públicas	**19**	**0,45**
HOMES	8	0,19
MULLERES	11	0,26
2. Técnicos profesionais, científicos e intelectuais	**325**	**7,78**
HOMES	244	5,84
MULLERES	81	1,94
3. Técnicos e profesionais de apoio	**177**	**4,24**
HOMES	93	2,23
MULLERES	84	2,01
4. Empregados de tipo administrativo	**366**	**8,76**
HOMES	82	1,96
MULLERES	284	6,80
5. Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio	**666**	**15,94**
HOMES	170	4,07
MULLERES	496	11,87
6. Traballadores cualificados na agricultura e pesca	**37**	**0,89**
HOMES	34	0,81
MULLERES	3	0,07
7. Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería	**845**	**20,22**
HOMES	810	19,39
MULLERES	35	0,84
8. Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	**367**	**8,78**
HOMES	198	4,74
MULLERES	169	4,04
9. Traballadores non cualificados	**1.376**	**32,93**
HOMES	1.063	25,44
MULLERES	313	7,49
TOTAL CONTRATOS	**4.178**	**100,00**
TOTAL HOMES	**2.702**	**64,67**
TOTAL MULLERES	**1.476**	**35,33**

Segundo os nove grandes grupos de ocupación, e tomando como referencia o exposto na táboa 29, cómpre sinalar a concentración do 69,09% dos contratos nos seguintes tres grupos:

- Traballadores non cualificados; representan o 32,93% das contratacións comarcais no ano 2003.
- Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería, (20,22%).
- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio (15,94%).

Dende outra óptica, tendo en conta a distribución por sexo, denótanse diferenzas significativas entre os grupos de ocupación:

Grupos de ocupación cunha maior contratación masculina	Grupos de ocupación cunha maior contratación feminina
• Traballadores non cualificados, 25,44%. • Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería, 19,39%. • Técnicos profesionais, científicos e intelectuais, 5,84%. • Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores, 4,74%.	• Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio, 11,87%. • Traballadoras non cualificadas, 7,49%. • Empregadas de tipo administrativo, 6,8%. • Operadoras de instalacións e maquinaria, e montadoras, 4,04%.

Dado o predominio masculino na contratación nesta comarca, na maioría dos grupos de ocupación predominan os homes sobre as mulleres, excepto nos que seguen a continuación:

- Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio. As mulleres superan aos homes en 7,8 puntos porcentuais.
- Empregadas de tipo administrativo. A contratación feminina é 4,84 puntos superior á masculina.
- Dirección de empresas e administracións públicas. Realizáronse 8 contratos entre os homes, fronte aos 11 entre as mulleres.

Atendendo á evolución dos contratos durante o período 1999-2003, os datos refliten unha evolución negativa para os seguintes grupos de ocupación:

- Traballadores cualificados na agricultura e pesca, cunha variación media do -6,3%.
- Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores (-4,11%).
- Empregados de tipo administrativo (-4%).
- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio (-1,96%).

Pola contra, os grupos que destacan sobre os demais polo seu crecemento son os de:

- Dirección de empresas e administracións públicas, que obtivo unha variación media do 22,14%.
- Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería (7,11%).

No tocante á evolución segundo o sexo dos contratados, é salientable o crecemento da contratación masculina no grupo de artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería, que acadou unha variación media do 6,7%.

Por outra banda, na comarca de Betanzos prodúcese un descenso na contratación de homes nos grupos de:

- Traballadores cualificados na agricultura e pesca, cunha variación media negativa do -7,78%.
- Técnicos e profesionais de apoio (-4,11%).
- Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores (-4,09%).
- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio (-2,35%).
- Empregados de tipo administrativo (-0,89%).

No referente ás mulleres, destaca o incremento medio na contratación nos seguintes grupos:

- Dirección de empresas e administracións públicas, onde a variación media é do 82,12%.
- Traballadoras cualificados na agricultura e pesca (31,61%).
- Artesás/traballadoras cualificadas industria manufactureira, construción e minería, (19,79%).
- Traballadoras non cualificadas (14,99%).
- Técnicas e profesionais de apoio (11,17%).

É preciso, por último, sinalar o decrecemento que se rexistra na contratación feminina nos grupos que se enumeran a continuación:

- Empregadas de tipo administrativo (-4,82%).
- Operadoras de instalacións e maquinaria, e montadoras (-4,12%).
- Técnicas profesionais, científicas e intelectuais (-2,05%).
- Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio (-1,83%).

5.4.6. Ocupacións máis contratadas

Táboa 30: *As dez ocupacións máis contratadas na comarca. Ano 2003.*

CNO	OCUPACIÓNS	TOTAL N.º	TOTAL %	HOMES N.º	HOMES %	MULLERES N.º	MULLERES %	RATIO MASCUL.[1]
97000011	Peón da industria manufactureira, en xeral	546	13,07	478	17,69	68	4,61	87,55
98000050	Mozo carga/descarga, almacén	265	6,34	263	9,73	2	0,14	99,25
71100016	Albanel	225	5,39	223	8,25	2	0,14	99,11
25130104	Músico instrumentista, en xeral	209	5,00	198	7,33	11	0,75	94,74
50200018	Camareiro, en xeral	209	5,00	75	2,78	134	9,08	35,89
53300010	Dependente de comercio, en xeral	162	3,88	25	0,93	137	9,28	15,43
42100010	Empregado administrativo, en xeral	159	3,81	38	1,41	121	8,20	23,90
98000087	Repoñedor de hipermercado	136	3,26	46	1,70	90	6,10	33,82
86300016	Condutor de camión, en xeral	100	2,39	98	3,63	2	0,14	98,00
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	100	2,39	9	0,33	91	6,17	9,00
	TOTAL	**2111**	**50,53**	**1453**	**53,77**	**658**	**44,58**	**68,83**

(1) Ratio de Masculinidade = (N.º de contratos realizados a homes/ N.º total de contratos) x 100

Do total das contratacións producidas no ano 2003 na comarca de Betanzos, o 50,53% rexistráronse entre as dez ocupacións que se relatan na táboa anterior, o que indica unha alta concentración dos contratos nestas ocupacións.

A ocupación máis contratada foi a de peón da industria manufactureira en xeral, seguida pola de mozo carga/descarga e albanel. Esta mesma orde coincide no caso dos homes, mentres que as mulleres foron máis contratadas como dependenta de comercio, camareira e empregada administrativa.

Cabe, por último, sinalar que o ratio de masculinidade destas dez ocupacións amosa un maior predominio, en xeral, dos contratos masculinos, pois é do 68,83%. Deste modo, as ocupacións cun maior carácter masculino son as de mozo carga/descarga almacén, albanel, condutor de camión e músico instrumentista, que teñen unha ratio de masculinidade maior que o 90%. Pola contra, existe unha maior feminización nas ocupacións de muller/mozo de limpeza, dependenta de comercio e empregada administrativa.

Táboa 31: *Evolución das dez ocupacións máis contratadas entre 1999 e 2003.*

CNO	OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS	1999	2000	2001	2002	2003
97000011	**Peón da industria manufactureira, en xeral**	**401**	**418**	**425**	**443**	**546**
98000050	**Mozo carga/descarga, almacén**	**260**	**342**	**260**	**332**	**265**
71100016	**Albanel**	**273**	**312**	**268**	**178**	**225**
25130104	**Músico instrumentista, en xeral**	**198**	**200**	**203**	**206**	**209**
50200018	**Camareiro, en xeral.**	**176**	**166**	**194**	**207**	**209**
53300010	**Dependente de comercio, en xeral**	**295**	**309**	**235**	**185**	**162**
42100010	**Empregado administrativo, en xeral**	**178**	**181**	**188**	**185**	**159**
98000087	**Repoñedor de hipermercado**	58	102	80	67	**136**
86300016	**Condutor de camión, en xeral**	**139**	138	**127**	**89**	**100**
91210016	**Muller/mozo limpeza, limpador en xeral**	65	83	97	68	**100**
46010025	CAIXEIRO DE COMERCIO	**191**	**177**	44	38	95
83630022	OPERADORA MÁQUINA INDUSTRIAL DE COSER Á PLANA, EXCEPTO PEL: CALZADO	**163**	**218**	**173**	**150**	51
97000066	PEÓN DA INDUSTRIA DA MADEIRA E CORTIZA	130	**168**	**111**	**84**	36

Polo que respecta á evolución das dez ocupacións máis contratadas entre os anos 1999 e 2003, cabe indicar que se denota unha certa flutuación, pois se ben as sete primeiras da lista se manteñen estables ao longo do período, as seis restantes aparecen e desaparecen nestes cinco anos. Deste xeito, as de repoñedor de hipermercado e muller/mozo de limpeza tan só aparecen no ano 2003, do mesmo modo que a de condutor de camión desaparece no ano 2000 e a de caixeiro de comercio a partir de 2001. Por último, as de operadora de máquina industrial de coser á plana e de peón da industria da madeira e cortiza non figuran na lista no ano 2003 a primeira e no 1999 e 2003 a segunda.

No que atinxe á evolución individual destas ocupacións, é destacable polo seu desenvolvemento positivo a de repoñedor de hipermercado, que presenta unha variación media do 23,75%, e un forte incremento no último ano do período. Neste ano tamén aumenta considerablemente a de peón da industria manufactureira, que acada unha variación media final do 8,02%.

Pola contra, a ocupación de dependente de comercio descende de forma importante a partir do ano 2000, obtendo unha variación media negativa do -13,92%. Así mesmo, son destacables os descensos producidos nas de operadora máquina industrial de coser á plana e peón da industria da madeira e cortiza, que se reducen en todos os intervalos temporais, excepto no 1999-2000, e que manifestan variacións medias do -25,21% e -27,46% respectivamente.



Comarca do Eume

5.1. TECIDO EMPRESARIAL

5.1.1. Tecido empresarial comarcal. Situación actual

A comarca do Eume caracterízase pola súa concentración de empresas no sector servizos, que engloba algo máis de sete de cada dez (70,58%). A continuación sitúase o sector da construción, co 15,57%, e o secundario, co 11,74%. No referente aos subsectores, é importante sinalar que no de comercio e hostalería sitúanse o 38,69% das empresas, mentres que no de outros servizos algo máis da cuarta parte (25,46%).

Os traballadores da comarca distribúense na súa maior parte no sector servizos, co 37,53% do total. Este sector é seguido de cerca polo secundario, que aglutina o 34,64% dos traballadores, e xa a maior distancia polo da construción, co 16,97%. Facendo unha análise máis pormenorizada dos subsectores da actividade económica, obsérvase un reparto regular, dado que o de industria engloba o 20,66% dos traballadores, mentres que nos de outros servizos e comercio e hostalería rexístranse algo máis do 16% en cada un deles.

Por último, no que atinxe aos autónomos, o 72,74% sitúanse novamente no sector servizos, seguido polo da construción, co 15,93%, e polo secundario, co 8,87%. Neste caso, o subsector de comercio e hostalería recolle case a metade dos traballadores autónomos, en concreto o 46,55%, ao mesmo tempo que o de outros servizos reúne o 19,79%.

5.1.2. Evolución anual

Táboa 1: *Evolución do número de empresas. Período 1999-2003.*

	EMPRESAS				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	**34**	**37**	**40**	**33**	**17**
Agricultura e pesca	34	37	40	33	17
SECTOR SECUNDARIO	**95**	**93**	**103**	**97**	**95**
Industria	91	88	97	92	90
Electricidade	4	5	6	5	5
SECTOR CONSTRUCIÓN	**109**	**114**	**124**	**113**	**126**
Construción	109	114	124	113	126
SECTOR SERVIZOS	**508**	**523**	**542**	**544**	**571**
Comercio e hostalería	291	293	298	301	313
Transporte e comunicacións	46	46	50	49	52
Outros servizos	171	184	194	194	206
TOTAL	**746**	**767**	**809**	**787**	**809**

GRÁFICO 1: Variacións interanuais do número de empresas por sector económico. Período 1999-2003.



As empresas da comarca de Eume amosan unha tendencia ao crecemento no período comprendido entre os anos 1999 e 2003. Analizando o conxunto de sectores económicos, obsérvase como medran de forma continua durante todo o quinquenio, exceptuando o intervalo 2001-2002, onde sofren un leve retroceso, acadando finalmente unha variación media do 2,05%.

De forma individual, o sector primario é o único no que o número de empresas se reduce, presentando unha variación media negativa do -15,91%. O que destaca no comportamento deste sector é que se incrementa nos dous primeiros intervalos do período e decrece de forma considerable nos dous restantes, sobre todo no último, no que acada unha variación interanual do -48,48%.

O sector secundario mantense estable nestes cinco anos, presentando no ano 2003 o mesmo número de empresas que no 1999. De todas formas, este sector só se incrementa no intervalo 2000-2001 e decrece nos restantes.

As empresas rexistradas no sector da construción medran entre os anos 1999 e 2001, redúcense no intervalo posterior e volven a recuperarse novamente no 2002-2003, onde obtén unha variación interanual do 11,5%. A variación media final para este sector é do 3,69%.

Finalmente, no sector servizos as empresas tamén se incrementan, logrando unha variación media do 2,97% e mantendo unha evolución positiva e estable durante todo o período. O comportamento dos subsectores incluídos dentro deste sector non presentan particularidades salientables con respecto ao conxunto; simplemente hai que indicar que o de comercio e hostalería medra un pouco por debaixo da media, cunha variación media do 1,84%, mentres que os de transporte e comunicacións e outros servizos o fan lixeiramente por encima, con variacións medias do 3,11% e 4,77% respectivamente.

TÁBOA 2: Evolución do número de traballadores. Período 1999-2003.

	TRABALLADORES				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	**661**	**763**	**794**	**767**	**748**
Agricultura e pesca	661	763	794	767	748
SECTOR SECUNDARIO	**2.424**	**2.350**	**2.456**	**2.455**	**2.388**
Industria	1.053	1.113	1.296	1.355	1.424
Electricidade	1.371	1.237	1.160	1.100	964
SECTOR CONSTRUCIÓN	**1.178**	**1.135**	**1.255**	**1.302**	**1.170**
Construción	1.178	1.135	1.255	1.302	1.170
SECTOR SERVIZOS	**1.993**	**2.137**	**2.294**	**2.492**	**2.587**
Comercio e hostalería	924	1.005	1.082	1.089	1.116
Transporte e comunicacións	257	281	299	312	334
Outros servizos	812	851	913	1.091	1.137
TOTAL	**6.256**	**6.385**	**6.799**	**7.016**	**6.893**

Os traballadores da comarca do Eume manifestan un crecemento nestes cinco anos, presentando a totalidade de sectores produtivos unha variación media do 2,45%, cun crecemento continuo durante todo o período, a excepción do último ano, no que se produce un pequeno descenso.

Os sectores secundario e da construción amosan unha leve redución en números absolutos dos traballadores. As variacións medias acadadas nestes sectores son do -0,37% para o primeiro e do -0,17% para o segundo. O sector secundario manifesta unha evolución sen flutuacións salientables; o que si destaca é o comportamento dos seus subsectores, dado que se ben o de industria se incrementa durante todo o quinquenio e acada unha variación media do 7,84%, o de electricidade diminúe en todos os intervalos temporais e obtén unha variación media negativa do -8,3%. No sector da construción cabe sinalar a considerable subida que se dá no intervalo 2000-2001, cunha variación interanual do 10,57%, así como o decrecemento do 2002-2003, cunha variación interanual do -10,14%.



***Gráfico 2**: Variacións interanuais do número de traballadores por sector económico. Período 1999-2003.*

O sector servizos é o que logra un crecemento maior, cunha variación media do 6,74% e unha evolución crecente ao longo destes cinco anos. Con respecto aos subsectores, seguen unha evolución sen grandes diferenzas co conxunto; pódese destacar o importante crecemento que se dá no de outros servizos entre os anos 2001 e 2002, cunha variación interanual do 19,5%.

***Táboa 3:** Evolución do número de autónomos. Período 1999-2003.*

	AUTÓNOMOS				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	**10**	**12**	**16**	**20**	**30**
Agricultura e pesca	10	12	16	20	30
SECTOR SECUNDARIO	**68**	**99**	**100**	**106**	**108**
Industria	68	99	100	106	108
Electricidade	0	0	0	0	0
SECTOR CONSTRUCIÓN	**136**	**155**	**174**	**189**	**194**
Construción	136	155	174	189	194
SECTOR SERVIZOS	**692**	**746**	**801**	**846**	**886**
Comercio e hostalería	463	484	522	548	567
Transporte e comunicacións	66	71	79	75	78
Outros servizos	163	191	200	223	241
TOTAL	**906**	**1.012**	**1.091**	**1.161**	**1.218**

O sector primario multiplica os seus traballadores autónomos por tres no ano 2003 con respecto ao 1999, obtendo unha variación media do 31,61%. No sector secundario os autónomos tamén se incrementan, mantendo unha progresión positiva nestes cinco anos, na que habería que destacar a variación interanual conseguida entre os anos 1999 e 2000, do 45,58%. A variación media final para este sector é do 12,26%.



***Gráfico 3:** Variacións interanuais do número de autónomos por sector económico. Período 1999-2003.*

No sector da construción tampouco se rexistra ningunha diminución, dándose as subidas máis altas nos dous intervalos iniciais do período. Este sector presenta unha variación media do 9,29%. O sector servizos segue a mesma liña, manifestando os crecementos máis fortes ao inicio do quinquenio; finaliza cunha variación media do 6,37%. Dentro deste sector, cómpre sinalar o subsector de transporte e comunicacións, que sofre o único decrecemento de todo o conxunto, en concreto no intervalo 2001-2002; malia todo, este subsector acada unha variación media positiva do 4,26%, do mesmo xeito que o fan os dous restantes, sendo do 5,2% o de comercio e hostalería e do 10,27% o de outros servizos.

Toda esta situación de crecemento derívase nun incremento global do número de autónomos na comarca, amosando unha variación media do 7,68% e unha subida continuada entre os anos 1999 e 2003.

5.2. DEMANDAS

5.2.1. Demandantes por concello

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
A Capela	63	49	112
As Pontes de García Rodríguez	498	872	1.370
Cabanas	206	118	324
Monfero	103	34	137
Pontedeume	580	247	827
TOTAL	**1.450**	**1.320**	**2.770**

Táboa 4: *Distribución dos demandantes segundo os concellos da comarca.*

% comarca/provincia - PARADOS	**2,20**
% comarca/provincia - NON PARADOS	**4,33**

Na comarca do Eume recibíronse no ano 2003 un total de 2.770 ofertas de emprego, repartidas na súa maioría entre os parados, que superan aos non parados en todos os concellos, coa excepción das Pontes de García Rodríguez e representan o 52,35% dos demandantes comarcais.



Gráfico 4: *Distribución dos demandantes da comarca por concello.*

En relación coa provincia da Coruña, o peso dos non parados é superior ao dos parados, ambos representan o 4,33% e o 2,2% respectivamente das demandas provinciais.

O concello das Pontes de García Rodríguez agrupa case a metade dos demandantes da comarca, en concreto o 49,46%. A continuación en nivel de importancia sitúase o de Pontedeume, co 29,85%, e xa a considerable distancia os de Cabanas, co 11,7%, Monfero, co 4,94%, e A Capela, co 4,04%.

5.2.2. Evolución dos demandantes parados

	TRABALLADORES				
	1999	2000	2001	2002	2003
PARADOS COMARCA	1.727	1.631	1.409	1.549	1.450
VARIACIÓN INTERANUAL %	–	-5,56	-13,61	9,94	-6,39
COMARCA/TOTAL PROVINCIA	2,93	2,73	2,42	2,42	2,20

Táboa 5: *Evolución dos demandantes parados.*

Observando a evolución dos demandantes parados da comarca, denótase unha tendencia ao decrecemento no transcurso destes cinco anos. Deste xeito, as demandas de emprego redúcense en todos os anos agás no 2002, no que tras un descenso considerable no ano anterior se recuperan parcialmente.

Gráfico 5: *Evolución dos demandantes parados da comarca.*



En canto ao peso relativo dos demandantes parados da comarca con respecto á provincia, é importante sinalar que se reduce paulatinamente neste período, coa única excepción do ano 2002, no que se mantén constante.

5.2.3. Caracterización da situación sociolaboral dos demandantes de emprego

Táboa 6: *Situación laboral dos demandantes*

		VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	322	11,62	12,67
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	1.128	40,72	55,76
NON PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	93	3,36	3,98
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	248	8,95	11,46
	Con traballo a tempo parcial e prestación compatible	83	3,00	4,73
	En expediente de regulación de emprego	717	25,88	2,34
	Demandantes de mellora de emprego	141	5,09	5,98
	Demandantes de emprego de menos de 20 h	35	1,26	2,38
	Resto de demandantes	3	0,11	0,71
TOTAL		**2.770**	**100,00**	**100,00**

A maior parte dos demandantes de emprego do Eume son parados con emprego anterior, que representan o 40,72% do total. A continuación sitúanse os non parados con expediente de regulación de emprego, que significan algo mais da cuarta parte do total (25,88%), e os parados sen emprego anterior (11,62%).

En relación coa provincia da Coruña, é destacable a diferenza que se dá entre os non parados en expediente de regulación de desemprego, que na comarca teñen un volume porcentual 23,54 puntos maior que na provincia. Tamén é importante sinalar que no ámbito provincial os parados con emprego anterior supoñen 15,04 puntos máis que na comarca.

5.2.4. Demandantes de emprego por sexo e idade

Táboa 7.1: Demandantes parados por sexo e grupos de idade.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	HOMES %	MULLERES %	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	131	170	9,03	11,72	20,76	17,50
26 a 35 anos	171	294	11,79	20,28	32,07	30,43
36 a 45 anos	118	198	8,14	13,66	21,79	22,04
46 a 55 anos	107	144	7,38	9,93	17,31	17,68
56 e máis anos	70	47	4,83	3,24	8,07	12,34
TOTAL COMARCA	**597**	**853**	**41,17**	**58,83**	**100,00**	**2,20**
TOTAL PROVINCIA	**26.764**	**39.271**	**40,53**	**59,47**	**2,20**	**100,00**

A maioría dos demandantes parados son mulleres, que representan o 58,83% do total. No conxunto da provincia dáse unha situación moi semellante, con porcentaxes case idénticas ás da comarca.

As mulleres superan aos homes en todos os grupos de idade, agás no de máis de 55 anos, onde se da unha leve diferenza a favor destes últimos. Tanto no colectivo masculino como no feminino, o grupo de idade máis significativo é o de 26 a 35 anos, sendo o segundo en orde de importancia o de menos de 26 anos no caso dos homes e o de 36 a 45 anos no das mulleres.

No conxunto dos demandantes parados, polo tanto, o grupo con maior volume porcentual é o de 26 a 35 anos, que engloba o 32,07% dos demandantes parados, seguido polo de 36 a 45 anos, co 21,79%. Na provincia da Coruña, o tramo de 26 a 35 anos tamén é o máis numeroso, aínda que cun valor porcentual levemente inferior ao da comarca. Nos grupos de idade máis novos e máis avanzados é onde xorden diferenzas salientables entre os dous territorios, posto que nos menores de 26 anos a comarca supera á provincia en 3,26 puntos, mentres que nos maiores de 55 a situación é a inversa, superando a provincia á comarca en 4,27 puntos porcentuais.

Táboa 7.2: Demandantes non parados por sexo e grupos de idade.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	HOMES %	MULLERES %	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	63	78	4,77	5,91	10,68	18,07
26 a 35 anos	78	117	5,91	8,86	14,77	27,98
36 a 45 anos	44	92	3,33	6,97	10,30	19,81
46 a 55 anos	487	72	36,89	5,45	42,35	17,58
56 e máis anos	266	23	20,15	1,74	21,89	16,55
TOTAL COMARCA	**938**	**382**	**71,06**	**28,94**	**100,00**	**4,33**
TOTAL PROVINCIA	**12.680**	**17.790**	**41,61**	**58,39**	**4,33**	**100,00**

Algo máis de sete de cada dez demandantes de emprego non parados son homes, en concreto o 71,06%. Esta circunstancia non se corresponde coa provincia da Coruña, onde a maioría dos demandantes son mulleres, e están 16,78 puntos por encima dos homes.

A pesar desta maioría de homes, nos grupos de idade máis novos as mulleres supéranos porcentualmente, pero ao chegar aos 46 anos obsérvase que os homes están concentrados nos dous grupos de idade máis avanzados, supoñendo ambos o 57,04% dos demandantes.

Deste xeito, na comarca, o 42% dos demandantes non parados teñen entre 46 e 55 anos, seguidos polos de máis de 55 anos, que representan o 21,89%. Debido a que esta distribución da demanda responde a unha particularidade do territorio comarcal, con respecto á provincia evidénciase unha redución de 30,11 puntos nos grupos de idade menores de 46 anos, así como o incremento da mesma porcentaxe nos maiores de 45.

Tal e como se pode observar no gráfico anterior, o colectivo de parados é máis voluminoso que o de non parados nos grupos de menos de 46 anos, situación que se inverte ao chegar a esa idade, sobre todo no grupo de 46 a 55 anos, onde os parados superan porcentualmente aos non parados en 11,12 puntos.

Gráfico 6: *Distribución porcentual do total de demandantes por grupos de idade.*



De forma individual, este último grupo, os non parados de 46 a 55 anos, son os que lle dan un maior volume ao conxunto da demanda (20,18%). Pola contra, os parados de máis de 55 anos son os menos representativos (4,22%).

Globalmente, e tendo en conta a idade, o grupo máis numeroso é o de 46 a 55 anos, que supón o 29,24% do total, seguido polo de 26 a 35 anos, co 23,83%. No extremo oposto sitúanse os maiores de 55 anos, que representan o 14,66% dos demandantes da comarca do Eume.

Gráfico 7: *Distribución porcentual do total de demandantes por sexo.*



Máis da metade dos demandantes de emprego da comarca son homes, en concreto o 55,42%. Do mesmo xeito, é salientable que os non parados superan aos parados neste sexo, repartíndose o 33,86% entre os non parados e o 21,55% entre os parados. Pola contra, no caso das mulleres, dáse a situación inversa, representando os parados o 30,79% e os non parados o 13,79%.

5.2.5. Demandantes por nivel académico

Táboa 8.1: *Distribución dos demandantes parados por nivel académico.*

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Ata certificado de escolaridade*	388	26,76	31,78
Titulación de ensinanza obrigatoria	597	41,17	37,12
Formación profesional	98	6,76	5,63
BUP/Bacharelato superior/COU	182	12,55	12,20
Titulados universitarios	137	9,45	11,17
Outras titulacións	48	3,31	2,11
TOTAL	**1.450**	**100,00**	**100,00**

** Inclúe: sen estudos, estudos primarios e certificado de escolaridade*

A maior parte dos demandantes parados teñen a titulación de ensinanza obrigatoria, en concreto o 41,17%. O nivel de estudos máis relevante a continuación é o dos que teñen como máximo ata certificado de escolaridade (26,76%) e o de bacharelato (12,55%).

No ámbito provincial, repítese a mesma orde de importancia dos diferentes niveis de estudos, aínda que se acurta a diferenza entre a titulación de ensinanza obrigatoria e o certificado de escolaridade, posto que o primeiro redúcese en 4,05 puntos, mentres que o segundo increméntase en 5,02.

Táboa 8.2: *Distribución dos demandantes non parados por nivel académico.*

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Ata certificado de escolaridade	652	49,39	30,62
Titulación de ensinanza obrigatoria	361	27,35	33,40
Formación profesional	52	3,94	5,72
BUP/Bacharelato superior/COU	125	9,47	15,70
Titulados universitarios	111	8,41	13,03
Outras titulacións	19	1,44	1,53
TOTAL	**1.320**	**100,00**	**100**

Entre os demandantes de emprego non parados, case a metade tan só chegaron a acadar o certificado de escolaridade (49,39%). Estes están seguidos polos que teñen a ensinanza obrigatoria (27,35%) e o bacharelato (9,47%).

Na provincia da Coruña, en cambio, os que posúen a ensinanza obrigatoria son os máis numerosos, e increméntanse 6,05 puntos con respecto á comarca. Pola contra, os que teñen o certificado de escolaridade pasan a ocupar o segundo lugar, reducíndose en 18,77 puntos porcentuais en relación coa comarca. Do mesmo xeito, na provincia, os titulados universitarios e con bacharelato supoñen 10,85 puntos máis que na comarca.

5.2.6. Demandantes parados por tempo de busca de emprego

Táboa 9: *Distribución dos demandantes parados segundo o sexo e a idade por tempo de busca de emprego.*

		Menos de 6 meses %	De 6 meses a 1 ano %	Máis de 1 ano %	TOTAL %
Menor de 26 anos	Homes	6,76	1,66	0,62	9,03
	Mulleres	6,55	2,48	2,69	11,72
26 a 35 anos	Homes	7,79	1,59	2,41	11,79
	Mulleres	8,48	3,52	8,28	20,28
36 a 45 anos	Homes	5,52	1,45	1,17	8,14
	Mulleres	4,83	1,31	7,52	13,66
46 a 55 anos	Homes	3,59	1,24	2,55	7,38
	Mulleres	2,48	1,24	6,21	9,93
56 e máis anos	Homes	1,03	0,62	3,17	4,83
	Mulleres	0,34	0,28	2,62	3,24
TOTAL COMARCA		**47,38**	**15,38**	**37,24**	**100,00**
TOTAL PROVINCIA		**48,04**	**14,84**	**37,13**	**100,00**

Na comarca do Eume, case a metade dos demandantes parados levan buscando emprego menos seis meses, en concreto o 47,38%. A continuación sitúanse os que levan nesta situación máis dun ano, que son o 37,24%.

Facendo unha análise máis pormenorizada segundo o sexo, as mulleres menores de 36 anos tenden ao paro de menos de seis meses, inverténdose esta circunstancia cara ao paro de longa duración nas de máis de 35 anos, feito que non sucede nos homes ata os 56 anos.

Entre os demandantes parados de menos de seis meses, a presenza porcentual masculina e feminina case está igualada, pois só hai unha diferenza de 2,01 puntos a favor dos homes. Pola contra, no paro de máis dun ano, as mulleres superan aos homes en 17,4 puntos, o que evidencia de novo a maior tendencia feminina cara ao paro de longa duración.

Comparando estes datos cos da provincia, obsérvase unha situación practicamente idéntica, con porcentaxes moi próximas en canto á duración do tempo de busca de emprego dos demandantes parados.

5.2.7. Demandantes por sectores económicos de procedencia

TÁBOA 10: Demandantes por actividade económica.

	PARADOS			NON PARADOS		
	Comarcal N.º	Comarcal %	Provincial %	Comarcal N.º	Comarcal %	Provincial %
Sector primario	27	1,86	2,00	14	1,06	2,78
Sector secundario	173	11,93	17,16	768	58,18	18,47
Construción	227	15,66	13,36	72	5,45	8,13
Sector servizos	702	48,41	49,08	355	26,89	54,02
Sen actividade previa	321	22,14	18,41	111	8,41	16,59
TOTAL	**1.450**	**100,00**	**100,00**	**1.320**	**100,00**	**100,00**

Atendendo á actividade económica de procedencia, a maior parte dos demandantes parados da comarca proceden do sector servizos (48,41%). Este sector está seguido en orde de importancia polo da construción, co 15,66%, e polo secundario, co 11,93%. No ámbito provincial dáse unha situación semellante; só é destacable a diferenza de 5,23 puntos a favor dos demandantes parados procedentes do sector secundario.

A maioría dos demandantes non parados orixínanse no sector secundario, en concreto o 58,18%. A continuación sitúanse os procedentes do sector servizos (26,89%) e do da construción (5,45%). Na provincia da Coruña, o grupo máis significativo dos demandantes parados provén do sector servizos, que acada 27,13 puntos porcentuais máis que na provincia. Do mesmo xeito, os derivados do sector secundario redúcense no ámbito provincial en 39,67 puntos, pasando a ocupar así o segundo lugar.

De forma conxunta, os demandantes de emprego da comarca do Eume proceden na súa maior parte do sector servizos, que agrupa o 38,16%, seguidos de cerca polos orixinados no sector secundario, que representan ao 33,97%, e xa a unha distancia máis considerable polos do sector da construción, co 10,79%.

GRÁFICO 8: Demandantes parados na industria.



Dentro da industria, a maioría dos demandantes parados derívanse das actividades de fabricación de material de transporte, metalurxia e fabricación de produtos metálicos, e outras industrias, que supoñen conxuntamente o 63% do total.

A actividade que, no marco dos servizos, agrupa unha maior cantidade de demandantes é a de comercio (20%). A curta distancia é seguida polas de administracións públicas e actividades inmobiliarias e servizos a empresas, co 19% cada unha delas, e pola de hostalería, que representa o 18%.



Gráfico 9: *Demandantes parados nos servizos.*

5.2.8. As dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego

Táboa 11: *Ocupacións máis demandadas.*

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Mineiro, en xeral	249	8,99	0,29
Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	210	7,58	7,21
Dependente de comercio, en xeral	204	7,36	8,97
Peón da ind. manufactureira, en xeral	149	5,38	3,87
Empregado administrativo, en xeral	131	4,73	8,93
Empregado administrativo comercial, en xeral	75	2,71	0,28
Camareiro, en xeral	64	2,31	2,68
Soldador por arco eléctrico, en xeral	63	2,27	0,93
Condutor-oper. escavadora, mov. terras	56	2,02	0,20
Técnico administrativo, en xeral	47	1,70	1,10

5.2.9. Perfil tipo dos demandantes de emprego

Táboa 12: *Perfil máis representativo.*

	PERFIL COMARCAL TIPO	PERFIL PROVINCIAL TIPO
Situación laboral	Parados con emprego anterior	Parados con emprego anterior
Sexo	**Homes**	Mulleres
Grupo idade	**De 46 a 55 anos**	De 26 a 35 anos
Nivel académico	**Ata certificado de escolaridade**	Titulación ensinanza obrigatoria
Duración demanda	Menos de 6 meses	Menos de 6 meses
Sector	Servizos	Servizos
Ocupación máis demandada	**Mineiro**	Dependente de comercio

5.3. OFERTAS

5.3.1. Ofertas no servizo público de emprego galego 2003. Evolución

TÁBOA 13: Número de ofertas por concellos. Ano 2003.

	TOTAL OFERTAS	TOTAL %
A Capela	12	1,46
As Pontes de García Rodríguez	543	65,90
Cabanas	115	13,96
Monfero	2	0,24
Pontedeume	152	18,45
TOTAL COMARCA	**824**	**100,00**

TOTAL OFERTAS PROVINCIA:	**32.600**
COMARCA/PROVINCIA:	**2,53**

Na comarca do Eume recibíronse no ano 2003 un total de 824 ofertas de emprego, que representan o 2,53% das recollidas na totalidade da provincia da Coruña.

Estas ofertas agrúpanse maioritariamente no concello das Pontes de García Rodríguez, que engloba o 65,9%, seguido polo de Pontedeume, co 18,45%, e polo de Cabanas, co 13,96%. Os dous concellos restantes, A Capela e Monfero, supoñen o 1,46% e o 0,24% respectivamente das ofertas comarcais.

TÁBOA 14: Evolución das ofertas. Período 1999-2003. Valores absolutos e relativos.

	N.º OFERTAS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
A Capela	0	2	7	23	12		250,00	228,57	-47,83	
As Pontes de García Rodríguez	556	476	464	361	543	-14,39	-2,52	-22,20	50,42	-0,59
Cabanas	0	5	25	35	115		400,00	40,00	228,57	
Monfero	4	0	2	2	2			0,00	0,00	-15,91
Pontedeume	17	179	103	126	152	952,94	-42,46	22,33	20,63	72,92
TOTAL COMARCA	**577**	**662**	**601**	**547**	**824**	**14,73**	**-9,21**	**-8,99**	**50,64**	**9,32**
TOTAL PROVINCIA	**29.835**	**37.922**	**30.755**	**30.380**	**32.600**	**27,11**	**-18,90**	**-1,22**	**7,31**	**2,24**

O concello das Pontes de García Rodríguez presenta, en números absolutos, unha pequena redución das ofertas no período comprendido entre os anos 1999 e 2003. Deste xeito, neste concello redúcense as ofertas de forma continuada ata o último intervalo do quinquenio, onde se recuperan considerablemente, acadando unha variación interanual do 50,42%. Pese a todo, esta última recuperación non é suficiente, e finaliza o período con menos ofertas das que tiña ao inicio, cunha variación media do -0,59%.

En Pontedeume, en cambio, a evolución é positiva, cunha variación media do 72,92%, o que evidencia un forte incremento das ofertas que neste concello se reciben. Así, a pesar de que se reducen no intervalo 2000-2001, increméntanse fortemente nos restantes; destaca a alta subida producida entre os anos 1999 e 2000, cunha variación interanual do 952,94%. Unha situación semellante dáse no concello de Cabanas, que comeza o período sen ningunha oferta e remátao cun total de 115 ofertas de emprego, converténdose así no terceiro concello en orde de importancia no que a número de ofertas se refire.

No conxunto da comarca, o comportamento é positivo, cunha variación media do 9,32%, conseguida tras considerables incrementos nos intervalos inicial e final do quinquenio, acompañados de reducións máis leves nos intermedios. Na provincia da Coruña tamén se rexistran baixadas nos dous intervalos intermedios do período, acadando este territorio unha variación media final un pouco inferior á da comarca, do 2,24%.

Debido á concentración de ofertas no concello das Pontes de García Rodríguez, agrúpanse os restantes para comparar a súa evolución coa do primeiro. Pódese observar así como nas Pontes de García Rodríguez as ofertas sofren unha redución dende o inicio do período, ata chegar ao ano 2002, no que se dá a maior baixada, para recuperarse novamente de forma brusca no ano 2003.

No resto dos concellos, a evolución das ofertas é positiva, manifestándose soamente unha pequena redución no ano 2001, e presentando as maiores subidas no 2000 e no 2003.



Gráfico 10: *Evolución do número de ofertas dos concellos da comarca.*

5.3.2. Ofertas segundo os sectores de actividade económica.

Táboa 15: *Distribución das ofertas por concellos segundo os sectores económicos. Valores absolutos e relativos en relación co total da comarca.*

	PRIMARIO		SECUNDARIO		CONSTRUCIÓN		SERVIZOS	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%
A Capela	1	33,33	1	1,96	6	3,68	4	0,66
As Pontes de García Rodríguez	0	0,00	23	45,10	131	80,37	388	64,03
Cabanas	0	0,00	3	5,88	6	3,68	106	17,49
Monfero	0	0,00	0	0,00	0	0,00	2	0,33
Pontedeume	2	66,67	24	47,06	20	12,27	106	17,49
TOTAL COMARCA	**3**	**100,00**	**51**	**100,00**	**163**	**100,00**	**606**	**100,00**
TOTAL PROVINCIA	**338**		**3.112**		**5.814**		**23.331**	

No sector primario tan só se rexistran ofertas nos concellos de Pontedeume e A Capela, situándose no primeiro a maioría destas, en concreto o 66,67%. No sector secundario, en cambio, o concello de Monfero é o único que non recibe ningunha oferta, quedando a maioría repartidas entre Pontedeume (47,06%) e As Pontes de García Rodríguez (45,1%).

No sector da construción a maioría das ofertas está no concellos das Pontes de García Rodríguez, que agrupa o 80,37%, seguido a considerable distancia polo de Pontedeume, co 12,27%. Por último, no sector servizos, a maioría das ofertas recíbense de novo nas Pontes de García Rodríguez, co 64,03%, seguido polos de Pontedeume e Cabanas, que representan unha porcentaxe idéntica, o 17,49%.

GRÁFICO 11: *Distribución porcentual das ofertas por sectores económicos.*



Case as tres cuartas partes das ofertas da comarca do Eume proceden do sector servizos (74%). Nun segundo lugar sitúase o da construción, co 20%, e o secundario, co 6%. En relación coa provincia da Coruña, a diferenza máis salientable é o maior volume porcentual do sector secundario neste último territorio, no que se incrementa en catro puntos, ao mesmo tempo que se reduce levemente a presenza da construción e dos servizos.

GRÁFICO 12: *Distribución porcentual das ofertas na industria.*



O 33% das ofertas recibidas dentro da industria derívanse da actividade da alimentación, seguida da de madeira, coa cuarta parte, e das de téxtil e confección, outras industrias e metalurxia e fabricación de produtos metálicos, que agrupan o 42% restante.

GRÁFICO 13: *Distribución porcentual das ofertas nos servizos.*



Cabe salientar que sete de cada dez ofertas orixinadas nos servizos corresponden ás administracións públicas. Nun segundo plano distribúense as actividades restantes, encabezadas pola de actividades inmobiliarias e servizos a empresas, que agrupa o 10% das ofertas.

TÁBOA 16: *Evolución das ofertas por sectores económicos.*

	1999	2000	2001	2002	2003
Primario	5	1	4	3	3
Secundario	101	178	85	49	51
Construción	150	87	101	82	163
Servizos	321	395	411	413	606
Sen actividade	0	1	0	0	1
TOTAL COMARCA	**577**	**662**	**601**	**547**	**824**
TOTAL PROVINCIA	**29.835**	**37.922**	**30.755**	**30.380**	**32.600**

Os sectores primario e secundario experimentan un descenso nas ofertas recibidas entre os anos 1999 e 2003, presentando unha variación media o segundo de -15,7%.

En cambio, nos dous sectores restantes, as ofertas increméntanse, rexistrando o sector da construción unha variación media do 2,1%, acadada tras considerables reducións nos intervalos 1999-2000 e 2001-2002, así como un forte incremento no 2002-2003, cunha variación interanual do 98,78%.

O sector servizos é o que rexistra un maior crecemento, manifestando unha subida constante ao longo do período; destacan as variacións interanuais obtidas nos intervalos inicial e final do quinquenio, do 23,05% e do 46,73% respectivamente. A variación final deste sector é do 17,22%.

5.3.3. Perfil básico das ofertas

Do total das ofertas recibidas no Eume no ano 2003, tan só o 8,62% especifican o sexo como requisito para ocupar un posto de traballo. Destas ofertas, o 58,44% solicitan un home, e o 41,56% restante unha muller, polo que se pode observar unha tendencia á igualdade entre os sexos neste caso.



Gráfico 14: *Ofertas por sexo segundo o sector económico da comarca.*

Facendo unha análise máis pormenorizada dos sectores económicos, obsérvase que nos sectores primario e da construción só se requiren homes, mentres que nos restantes solicítanse traballadores de ambos os dous sexos, aínda que se demandan mulleres en maior medida. A actividade onde máis homes se solicitan é no da construción; en cambio, a demanda de mulleres é importante na de hostalería, dentro do sector servizos, e na de téxtil e confección, dentro do secundario.

Algo máis da metade das ofertas, o 53,88%, recollen como esixencia a posesión dun determinado nivel de estudos para poder acceder a un posto de traballo, se ben o 57,66% destas tan só esixen a posesión do certificado de escolaridade. Os niveis máis demandados a continuación son os de ensinanza obrigatoria (29,95%) e formación profesional (7,88%).



Gráfico 15: *Ofertas por nivel académico da comarca.*

As actividades que en maior medida solicitan un baixo nivel de cualificación son as de construción e de administracións públicas. Esta última tamén é a máis importante na demanda de traballadores con formación profesional, así como con estudos obrigatorios, acompañada neste caso pola de actividades inmobiliarias e servizos a empresas.

5.3.4. Análise ocupacional das ofertas

Táboa 17.1: *Ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores.*

	1999	2000	2001	2002	2003
Peón de albanel/Peón de obras públicas	1	8	8	34	76
Albanel	2	22	16	8	22
Traballador forestal/peón extincións de incendios	0	0	10	20	19
Camareiro – Barman	0	13	12	10	18
Ferrallista	0	5	7	1	10
Auxiliar de axuda a domicilio/Coidador de anciáns	0	0	0	3	9
Condutor de mercadorías/Condutor de camión en xeral	1	0	7	13	9
Axudante de bar – cafetería	0	1	3	3	8
Auxiliar administrativo	0	0	1	5	7
Capataz	0	0	0	1	6

No ano 2003, nos centros colaboradores do Eume, a ocupación máis ofertada foi a de peón de albanel/peón de obras públicas. Esta é seguida a considerable distancia polas de albanel e traballador forestal/peón extincións de incendios.

No referente á evolución destas dez ocupacións ao longo dos anos comprendidos entre o 1999 e o 2003, cabe destacar que tan só tres delas veñen recibindo algunha oferta dende o 1999, que son as de peón de albanel/peón de obras públicas, albanel e condutor de mercadorías/condutor de camión. Destaca tamén a presenza de camareiro/barman a partir de 2000, e a de traballador forestal/peón extincións de incendio desde 2001.

Táboa 17.2: *Ocupacións máis ofertadas nas oficinas de emprego.*

	1999	2000	2001	2002	2003
Peón da ind. manufactureira, en xeral	33	41	44	15	159
Montador/axustador maquinaria Industrial, en xeral	69	3	2	1	41
Técnico de protección civil	31	33	43	51	37
Patrón embarcacións deportivas	3	0	0	0	20
Albanel	48	9	14	14	18
Peón da construción de edificios	26	4	12	12	15
Bañista-socorrista	25	11	10	34	12
Encargado de obras públicas, en xeral	2	0	0	0	11
Condutor de camión, en xeral	13	8	6	7	6
Empregado administrativo	18	19	27	6	3

Nas oficinas de emprego, a ocupación máis ofertada é a de peón da industria manufactureira en xeral, que case cuadriplica numericamente á que lle segue a continuación, que é a de montador/axustador maquinaria industrial en xeral.

Seis das dez ocupacións máis ofertadas presentan unha evolución negativa nestes cinco anos, sendo destacables polos seus descensos as de albanel, cunha variación media do -21,75% e a de montador/axustador maquinaria industrial en xeral, que obtivo unha variación media do -12,2%.

Pola contra, a de peón da industria manufactureira é a que máis se incrementa; acada unha variación media do 48,16% e o seu maior crecemento producese entre os anos 2002 e 2003. A niveis máis modestos é destacable tamén o crecemento de técnico de protección civil, patrón de embarcacións deportivas, e encargado de obras públicas.

5.4. CONTRATOS

5.4.1. Número de contratos no ámbito comarcal e municipal

TÁBOA 18: Número de contratos na comarca e nos concellos. Ano 2003.

	CONTRATOS 2003	
	N.º	%
A CAPELA	121	2,78
AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ	2.444	56,22
CABANAS	575	13,23
MONFERO	90	2,07
PONTEDEUME	1.117	25,70
TOTAL COMARCA	**4.347**	**100,00**
TOTAL PROVINCIA	**310.890**	**1,40**

Na comarca do Eume realizáronse no ano 2003 un total de 4.347 contratos, que representan o 1,4% dos producidos na provincia da Coruña. A maioría destes contratos, o 56,22%, xestionáronse no concello das Pontes de García Rodríguez. A continuación sitúase o concello de Pontedeume, con algo máis da cuarta parte -25,7%-, e o de Cabanas, co 13,23%. Por último, nos da Capela e Monfero efectuáronse o 2,78% e o 2,07% respectivamente.

TÁBOA 19: Evolución do número de contratos no ámbito comarcal. Variacións anuais. 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA %
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
A CAPELA	92	82	100	120	121	-10,87	21,95	20,00	0,83	7,09
AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ	2.021	2.061	2.061	1.384	2.444	1,98	0,00	-32,85	76,59	4,87
CABANAS	1.130	833	426	468	575	-26,28	-48,86	9,86	22,86	-15,54
MONFERO	109	80	96	115	90	-26,61	20,00	19,79	-21,74	-4,68
PONTEDEUME	1.225	984	942	1.002	1.117	-19,67	-4,27	6,37	11,48	-2,28
TOTAL COMARCA	**4.578**	**4.040**	**3.625**	**3.089**	**4.347**	**-11,75**	**-10,27**	**-14,79**	**40,73**	**-1,29**
TOTAL PROVINCIA	**268.271**	**281.551**	**280.779**	**292.423**	**310.890**	**4,95**	**-0,27**	**4,15**	**6,32**	**3,75**

No conxunto da comarca, a evolución da contratación entre os anos 1999 e 2003 presenta unha tendencia ao decrecemento, dado que se rexistra unha variación media do -1,29%. Deste xeito, no Eume redúcense os contratos de forma continua ata o ano 2002, incrementándose de forma considerable no último intervalo do período, cunha variación interanual do 40,73%. En cambio, na provincia da Coruña, dáse unha situación diferente, posto que os contratos medran neste quinquenio, no que se obtén unha variación media do 3,75%, despois dun crecemento paulatino en todos os intervalos temporais, agás no 2000-2001, no que se reducen levemente.

No concello das Pontes de García Rodríguez prodúcese o maior incremento das contratacións da comarca en números absolutos, logrando unha variación media do 4,87%. No comportamento deste concello é salientable que no primeiro intervalo do período medra de forma moi lixeira, manténdose estable no seguinte. Pero entre os anos 2001 e 2002 dáse un forte descenso, cunha variación interanual do -32,85%, seguido dun brusco ascenso no intervalo posterior, cunha variación interanual do 76,59%. O outro concello onde os contratos ascenden é o da Capela, que só reduce o número de contratos no intervalo 1999-2000 e obtén unha variación media do 7,09%.

Os concellos restantes, polo tanto, teñen tendencia a decrecer. Así, en Ponteceume, as contratacións decrecen nos dous primeiros intervalos do quinquenio e aumentan nos dous seguintes, sen presentar fortes oscilacións; logra unha variación media final do -2,28%. A mesma evolución dáse en Cabanas, aínda que neste caso as variacións interanuais dos dous intervalos iniciais e do final son máis agudas que no caso anterior. Os contratos deste último concello divídense case á metade nestes cinco anos, rexistrando unha variación media do -15,54%. Por último, en Monfero dáse unha redución menor, cunha variación media do -4,68%, e decrecementos nos intervalos inicial e final do período.

5.4.2. Contratación comarcal segundo o sexo e a idade

Táboa 20: Distribución da contratación comarcal segundo o sexo e a idade. Ano 2003.

	N.º CONTRATOS			% CONTRATOS		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Menos de 26 anos	965	428	1.393	22,20	9,85	32,05
De 26 a 35 anos	884	600	1.484	20,34	13,80	34,14
De 36 a 45 anos	542	337	879	12,47	7,75	20,22
De 46 a 55 anos	384	107	491	8,83	2,46	11,30
De 56 e máis anos	87	13	100	2,00	0,30	2,30
TOTAL COMARCA	**2.862**	**1.485**	**4.347**	**65,84**	**34,16**	**100,00**
TOTAL PROVINCIAL	**166.028**	**144.862**	**310.890**	**53,40**	**46,60**	**100,00**

A distribución dos contratos segundo o sexo amosa un reparto desigual entre homes e mulleres, agrupándose entre os primeiros o 65,84% das contratacións. No ámbito provincial esta desigualdade segue existindo, aínda que dunha forma menos extrema, dado que os homes representan un 53,4%.

Tanto a contratación masculina como a feminina concéntrase nos grupos de idade máis novos; hai que destacar que o 42,54% das contratacións realízanse entre os homes de menos de 36 anos. De forma conxunta, os menores desta idade representan o 66,19% dos contratos.

Táboa 21: Evolución do número de contratos da comarca segundo o sexo. Período 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Homes	3.140	2.793	2.537	1.909	2.862	-11,05	-9,17	-24,75	49,92	-2,29
Mulleres	1.438	1.247	1.088	1.180	1.485	-13,28	-12,75	8,46	25,85	0,81
TOTAL CONTRATOS	**4.578**	**4.040**	**3.625**	**3.089**	**4347**	**-11,75**	**-10,27**	**-14,79**	**40,73**	**-1,29**

A evolución da contratación segundo o sexo reflite un comportamento negativo no caso dos homes, que ven reducido o seu volume de contratación, rexistrando unha variación media do -2,29%, despois dun descenso constante nos tres primeiros intervalos do período, e una aguda recuperación no último. Deste xeito, é destacable o descenso producido no intervalo 2001-2002, cunha variación interanual do -24,75%, así como o crecemento do intervalo posterior, onde a variación interanual é do 49,92%.

Pola contra, a contratación feminina experimenta un leve crecemento en números absolutos, cunha variación media do 0,81%. Neste caso, os contratos redúcense nos dous intervalos iniciais do quinquenio, incrementándose nos restantes, sobre todo no último, onde a variación interanual obtida é do 25,85%.

Como reflexo do comentado anteriormente, pódese observar no gráfico anterior como o peso porcentual da contratación masculina en función do xénero descende en 2,75 puntos nestes cinco anos, ao mesmo tempo que o da feminina se incrementa na mesma cantidade. Así, nos contratos dos homes, maniféstase un incremento porcentual ata o ano 2001, no que se reducen en 8,19 puntos, volvendo a recuperarse no ano 2003, pero sen chegaren ao volume de partida do ano 1999. A situación oposta dáse nos contratos das mulleres, que en todo o período só aumentan 2,75 puntos e decrecen en todos os anos menos no 2002, debido á redución da contratación masculina.



Gráfico 16: *Evolución da distribución da contratación comarcal segundo o sexo. Período 1999-2003. Valores proporcionais.*

Táboa 22: *Evolución do número de contratos da comarca segundo a idade. Período 1999-2003.*

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Menor de 26 anos	1.442	1.231	1.123	957	1.393	-14,63	-8,77	-14,78	45,56	-0,86
De 26 a 35 anos	1.605	1.329	1.187	1.043	1.484	-17,20	-10,68	-12,13	42,28	-1,94
De 36 a 45 anos	930	908	785	661	879	-2,37	-13,55	-15,80	32,98	-1,40
De 46 a 55 anos	406	419	406	316	491	3,20	-3,10	-22,17	55,38	4,87
De 56 e máis anos	195	153	124	112	100	-21,54	-18,95	-9,68	-10,71	-15,38
TOTAL CONTRATOS	**4.578**	**4.040**	**3.625**	**3.089**	**4347**	**-11,75**	**-10,27**	**-14,79**	**40,73**	**-1,29**

Tendo en conta a idade, a evolución dos contratos entre os anos 1999 e 2003 amosa un comportamento negativo para todos os grupos, agás para o de 46 a 55 anos, onde os contratos se incrementan, acadando unha variación media do 4,87%. Neste tramo, as contratacións descenden nos intervalos intermedios do período, incrementándose nos restantes.

Nos demais tramos de idade, polo tanto, a tendencia é ao decrecemento; o descenso máis forte en termos absolutos prodúcese no grupo de 26 a 35 anos, cunha variación media do -1,94%. Neste grupo redúcese de forma constante ata o ano 2003, no que se recupera considerablemente, logrando unha variación interanual do 42,28%. Os grupos restantes seguen tamén esta mesma evolución, reducíndose nos tres primeiros intervalos do período e incrementándose fortemente no final, coa excepción dos maiores de 55 anos, que tamén descenden neste último intervalo, obtendo así unha variación media final negativa do -15,38%. Nos outros dous tramos, as variacións medias son do -0,86% para os menores de 26 anos e do -1,4% para os que teñen entre 36 e 45 anos.

5.4.3. Contratación comarcal segundo os sectores económicos

Táboa 23: *Distribución da contratación por sectores/subsectores económicos.*

	CONTRATOS 2003	
	N.º	%
SECTOR PRIMARIO	**38**	**0,87**
Agricultura e pesca	38	0,87
SECTOR SECUNDARIO	**1.026**	**23,60**
Industria	962	22,13
Electricidade	64	1,47
SECTOR CONSTRUCIÓN	**1.305**	**30,02**
Construción	1.305	30,02
SECTOR SERVIZOS	**1.978**	**45,50**
Comercio e hostalería	651	14,98
Transporte e comunicacións	203	4,67
Outros servizos	1.124	25,86
TOTAL CONTRATOS	**4.347**	**100,00**

O sector servizos representa no ano 2003 na comarca do Eume a maior parte dos contratos, posto que no seu marco realízanse o 45,5% destes. A continuación sitúase o sector da construción, co 30,02%, e o secundario, co 23,6% das contratacións comarcais.

No que atinxe aos subsectores, a cuarta parte dos contratos realízanse no de outros servizos, un 22,13% no da industria, e un 14,98% no de comercio e hostalería.

Gráfico 17: *Distribución porcentual da contratación na industria.*



Dentro da industria, cómpre sinalar en primeiro lugar que o 78% dos contratos realízanse nas actividades de téxtil e confección, metalurxia e fabricación de produtos metálicos e na de outras industrias. O 22% restante queda repartido entre a madeira (11%), a alimentación (10%) e a fabricación de produtos minerais non metálicos (1%).

Gráfico 18: *Distribución porcentual da contratación nos servizos.*



Os contratos rexistrados dentro dos servizos repártense dunha forma máis regular entre as diferentes actividades. Deste xeito, o 73% das contratacións distribúense entre cinco delas, que son as de hostalería (17%), actividades inmobiliarias e servizos a empresas (15%), comercio (14%), sanidade e servizos sociais (14%) e administracións públicas (13%).

Táboa 24: *Distribución porcentual da contratación comarcal segundo sectores/subsectores económicos por sexo e idade. Ano 2003.*

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e mais
SECTOR PRIMARIO	**0,76**	**0,12**	**0,32**	**0,30**	**0,12**	**0,09**	**0,05**
Agricultura e pesca	0,76	0,12	0,32	0,30	0,12	0,09	0,05
SECTOR SECUNDARIO	**15,57**	**8,03**	**8,56**	**7,87**	**3,75**	**3,04**	**0,39**
Industria	14,12	8,01	8,53	7,87	3,75	1,77	0,21
Electricidade	1,45	0,02	0,02	0,00	0,00	1,27	0,18
SECTOR CONSTRUCIÓN	**28,78**	**1,24**	**9,73**	**9,20**	**6,21**	**3,91**	**0,97**
Construción	28,78	1,24	9,73	9,20	6,21	3,91	0,97
SECTOR SERVIZOS	**20,73**	**24,78**	**13,43**	**16,77**	**10,14**	**4,26**	**0,90**
Comercio e hostalería	5,75	9,22	5,91	5,34	2,55	0,92	0,25
Transporte e comunicacións	3,96	0,71	0,94	1,36	1,33	0,94	0,09
Outros servizos	11,02	14,84	6,58	10,08	6,26	2,39	0,55
TOTAL CONTRATOS	**65,84**	**34,16**	**32,05**	**34,14**	**20,22**	**11,30**	**2,30**

Os contratos masculinos están situados primordialmente no sector da construción e servizos, en cambio nos femeninos predominan claramente os realizados neste último sector.

No referente aos subsectores, cabe destacar que o máis representativo nos homes é o de industria, co 14,12%. En cambio, entre as mulleres, o que lle dá un maior peso ao conxunto é o de outros servizos (14,84%), seguido do de comercio e hostalería (9,22%).

Analizando máis polo miúdo a distribución por idade, obsérvase que o sector servizos é predominante en todos os grupos, agás nos maiores de 55 anos, onde o sector con máis peso é o da construción, que é o que se coloca en segundo lugar de importancia despois do sector servizos nos menores de 56 anos.

TÁBOA 25: Evolución da contratación comarcal segundo os sectores e subsectores económicos. Período 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
SECTOR PRIMARIO	**110**	**78**	**59**	**51**	**38**	**-29,09**	**-24,36**	**-13,56**	**-25,49**	**-23,33**
Agricultura e pesca	110	78	59	51	38	-29,09	-24,36	-13,56	-25,49	-23,33
SECTOR SECUNDARIO	**985**	**923**	**955**	**803**	**1.026**	**-6,29**	**3,47**	**-15,92**	**27,77**	**1,02**
Industria	985	917	899	792	962	-6,90	-1,96	-11,90	21,46	-0,59
Electricidade	0	6	56	11	64		833,33	-80,36	481,82	
S. CONSTRUCIÓN	**1.110**	**1.116**	**1.145**	**694**	**1.305**	**0,54**	**2,60**	**-39,39**	**88,04**	**4,13**
Construción	1.110	1.116	1.145	694	1.305	0,54	2,60	-39,39	88,04	4,13
SECTOR SERVIZOS	**2.373**	**1.923**	**1.466**	**1.539**	**1.978**	**-18,96**	**-23,76**	**4,98**	**28,53**	**-4,45**
Comercio e hostalería	1.099	845	603	602	651	-23,11	-28,64	-0,17	8,14	-12,27
Transporte e comunicacións	141	137	145	173	203	-2,84	5,84	19,31	17,34	9,54
Outros servizos	1.133	941	718	764	1.124	-16,95	-23,70	6,41	47,12	-0,20
TOTAL CONTRATOS	**4.578**	**4.040**	**3.625**	**3.089**	**4.347**	**-11,75**	**-10,27**	**-14,79**	**40,73**	**-1,29**

No conxunto do período, maniféstase unha evolución dispar para os diferentes sectores produtivos. Deste xeito, no sector primario redúcense as contratacións de forma considerable durante todo o quinquenio, obtendo unha variación media do -23,33%. O mesmo sucede no sector servizos, cunha variación media tamén negativa, do -4,45%. Neste caso, os contratos decrecen nos intervalos 1999-2000 e 2000-2001, nos que acadan variacións interanuais do -18,96% e do -23,76% respectivamente. Pola contra, nos dous últimos tramos increméntanse, sobre todo no final, cunha variación interanual do 28,53%.

Dentro deste sector, o subsector de comercio e hostalería redúcese por encima do conxunto, cunha variación media do -12,27%, debido a que no intervalo 2002-2003 non ten unha recuperación tan aguda como a do sector. En cambio, o de outros servizos, descende de forma moi leve, cunha variación media do -0,2%, e a pesar de que diminúe tamén nos dous primeiros intervalos do quinquenio, recupérase fortemente no último. Por último, o subsector de transporte e comunicacións logra un incremento, cunha variación media do 9,54%, manifestando só unha redución entre os anos 1999 e 2000.

Os outros dous sectores restantes ven aumentadas as súas contratacións nestes cinco anos, sendo o da construción o que obtén un crecemento maior, cunha variación media do 4,13%. Este sector medra de forma leve nos dous primeiros intervalos do quinquenio, mentres que se reduce bruscamente no terceiro, no que acada unha variación interanual do -39,39%, para volver a incrementarse no último, cunha alta variación interanual, do 88,04%. O sector secundario presenta unha subida máis lixeira, rexistrando unha variación media do 1,02%, e manifestando tamén as oscilacións máis agudas nos intervalos 2001 e 2002, cunha variación interanual negativa do -15,92%, e no 2002-2003, cunha variación interanual positiva do 27,77%.

5.4.4. Tipoloxía da contratación laboral

GRÁFICO 19: *Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contratos. Ano 2003.*



Segundo a tipoloxía de contratación, a comarca do Eume caracterízase por un forte predominio dos contratos temporais, que supoñen case nove de cada dez do total, posto que as tres cuartas partes das contratacións realizadas son temporais a tempo completo, ao mesmo tempo que o 13% son temporais a tempo parcial.

TÁBOA 26: *Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contrato por sexo e idade. Ano 2003.*

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
Indefinido	4,42	1,47	0,92	2,00	0,90	1,75	0,32
Indefinido tempo parcial	0,32	0,62	0,30	0,25	0,23	0,16	0,00
Temporal	53,19	21,83	24,04	26,20	15,37	7,82	1,59
Temporal tempo parcial	3,96	9,16	4,30	4,65	2,88	1,08	0,21
Prácticas/Formación	1,73	0,90	2,39	0,21	0,02	0,00	0,00
Outros	2,23	0,18	0,09	0,83	0,83	0,48	0,18
TOTAL CONTRATOS	**65,84**	**34,16**	**32,05**	**34,14**	**20,22**	**11,30**	**2,30**

Cómpre sinalar, en primeiro lugar, que todas as tipoloxías de contratación son maioritarias entre os homes, excepto nas temporais e indefinidas a tempo parcial. Deste xeito, nos contratos indefinidos a tempo parcial as mulleres superan porcentualmente aos homes de forma moi leve, mentres que nos temporais a tempo parcial, a diferenza é de 5,2 puntos. Cabe destacar que o 53,19% dos contratos temporais a tempo completo son asinados por homes.

No referente á distribución por idade, é a contratación temporal a tempo completo a que conta cun maior peso relativo en todos os tramos, acadando o volume máis elevado nos de menos de 36 anos, onde se sitúan o 50,24% destas contratacións. O mesmo sucede nos contratos temporais a tempo parcial, dado que o 8,95% colócanse nestes dous tramos de idade.

TÁBOA 27: *Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contrato por sectores económicos. Ano 2003.*

	PRIMARIO	SECUNDARIO			CONSTRUCIÓN	SERVIZOS			
	Agr.,Gand.	Industr.	Electric.	Total	Construc.	Comerc.	Transp.	Outros	Total
Indefinido	0,02	2,09	1,45	3,54	0,41	1,29	0,18	0,44	1,91
Indefinido tempo parcial	0,02	0,18	0,00	0,18	0,02	0,35	0,00	0,37	0,71
Temporal	0,71	17,83	0,02	17,85	28,46	7,20	3,57	17,23	28,00
Temporal tempo parcial	0,12	1,33	0,00	1,33	0,48	5,11	0,92	5,15	11,18
Prácticas/Formación	0,00	0,69	0,00	0,69	0,64	0,99	0,00	0,30	1,29
Outros	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,05	0,00	2,37	2,42
TOTAL CONTRATOS	**0,87**	**22,13**	**1,47**	**23,60**	**30,02**	**14,98**	**4,67**	**25,86**	**45,50**

Todas as fórmulas de contratación se agrupan na súa maior parte no sector servizos, excepto as de indefinido a tempo completo, que se sitúa maioritariamente no secundario, co 3,54% do total, e a de temporal a tempo completo, que representa no sector da construción o 28,46%, unha porcentaxe levemente superior á do sector servizos.

Por outra parte, os contratos da tipoloxía outros só se realizan no marco do sector servizos e os temporais a tempo parcial tamén se concentran case na súa totalidade nel.

En canto aos contratos temporais a tempo parcial, sitúanse maiormente en dous subsectores, que son os de comercio e hostalería e outros servizos, ao igual que sucede cos temporais a tempo completo.

Táboa 28: Evolución da contratación comarcal segundo a tipoloxía de contratos. Período 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Indefinido	350	272	385	231	256	-22,29	41,54	-40,00	10,82	-7,52
Indefinido tempo parcial	30	40	35	51	41	33,33	-12,50	45,71	-19,61	8,12
Temporal	3.031	2.817	2.562	2.098	3.261	-7,06	-9,05	-18,11	55,43	1,85
Temporal tempo parcial	444	389	426	489	570	-12,39	9,51	14,79	16,56	6,44
Prácticas/Formación	231	127	111	133	114	-45,02	-12,60	19,82	-14,29	-16,18
Outros	492	395	106	87	105	-19,72	-73,16	-17,92	20,69	-32,03
TOTAL CONTRATOS	**4.578**	**4.040**	**3.625**	**3.089**	**4.347**	**-11,75**	**-10,27**	**-14,79**	**40,73**	**-1,29**

No período 1999-2003, o maior incremento das contratacións en números absolutos dáse nos contratos temporais a tempo completo, que obteñen unha variación media do 1,85%, e a pesar de que se reducen nos tres intervalos iniciais do quinquenio, recupéranse de forma aguda no final, no que rexistran unha variación interanual do 55,43%. Os temporais a tempo parcial son os que máis se incrementan a continuación, cunha variación media do 6,44%, e un só descenso en todo o período, entre os anos 1999 e 2000.

Os contratos indefinidos a tempo completo experimentan unha baixada nestes cinco anos, onde acadan unha variación media de -7,52%. Os indefinidos a tempo parcial aumentan ao longo deste período (variación media de 8,12%), con crecementos en 1999-2000 e 2002-2003.

As tipoloxías de contratación restantes rexistran unha diminución neste quinquenio, sendo a máis aguda a da categoría outros, que descende en todos os anos agás no 2003, onde logra unha variación interanual do 20,69%. Finalmente, esta fórmula de contratación acada unha variación media negativa do -32,03%. Algo semellante sucede cos contratos de prácticas/formación, que decrecen en todos os intervalos menos no 2001-2002, obtendo unha variación media do -16,18%.

5.4.5. Grandes grupos de ocupación na contratación laboral

Táboa 29: Distribución da contratación por grandes grupos de ocupación segundo o sexo. Ano 2003.

	CONTRATOS	
	Nº	%
1. Dirección de empresas e administracións públicas	**8**	**0,18**
HOMES	5	0,12
MULLERES	3	0,07
2. Técnicos profesionais, científicos e intelectuais	**265**	**6,10**
HOMES	166	3,82
MULLERES	99	2,28
3. Técnicos e profesionais de apoio	**258**	**5,94**
HOMES	201	4,62
MULLERES	57	1,31
4. Empregados de tipo administrativo	**268**	**6,17**
HOMES	55	1,27
MULLERES	213	4,90
5. Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio	**658**	**15,14**
HOMES	170	3,91
MULLERES	488	11,23
6. Traballadores cualificados na agricultura e pesca	**36**	**0,83**
HOMES	33	0,76
MULLERES	3	0,07
7. Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería	**1.044**	**24,02**
HOMES	1.016	23,37
MULLERES	28	0,64
8. Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	**992**	**22,82**
HOMES	733	16,86
MULLERES	259	5,96
9. Traballadores non cualificados	**818**	**18,82**
HOMES	483	11,11
MULLERES	335	7,71
TOTAL CONTRATOS	**4.347**	**100,00**
TOTAL HOMES	**2.862**	**65,84**
TOTAL MULLERES	**1.485**	**34,16**

Segundo os nove grandes grupos de ocupación, e tomando como referencia o exposto na táboa anterior, é preciso sinalar a concentración do 65,66% dos contratos nos seguintes grupos:

- Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería, 24,02%.
- Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores, 22,82%.
- Traballadores non cualificados, 18,82%.

Atendendo á distribución por sexo, aprécianse diferenzas significativas nos contratos masculinos e femininos en función do tipo de ocupación:

Grupos de ocupación cunha maior contratación masculina	Grupos de ocupación cunha maior contratación feminina
• Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería, 23,37%. • Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores, 16,86%. • Traballadores non cualificados, 11,11%. • Técnicos e profesionais de apoio, 4,62%.	• Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio, 11,23%. • Traballadoras non cualificadas, 7,71%. • Operadoras de instalacións e maquinaria, e montadoras, 5,96%. • Empregadas de tipo administrativo, 4,9%.

Dada a maior contratación masculina nesta comarca, na maioría dos grupos de ocupación predominan os homes sobre as mulleres, excepto nos que seguen a continuación:

- Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio. Os contratos femininos superan en 7,32 puntos aos masculinos.
- Empregadas de tipo administrativo. Os contratos das mulleres representan 3,63 puntos máis que os dos homes.

Atendendo á evolución dos contratos durante o período 1999-2003, os datos refliten unha evolución negativa para os seguintes tres grupos de ocupación:

- Traballadores cualificados na agricultura e pesca, cunha variación media do -22,35%.
- Técnicos profesionais, científicos e intelectuais, -18,68%.
- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio, -8,38%.

Pola contra, os grupos que destacan sobre os demais polo seu crecemento son os de:

- Técnicos e profesionais de apoio, variación media de 24,32%.
- Dirección de empresas e administracións públicas, 18,92%.

No tocante á evolución segundo o sexo dos contratados, é salientable o crecemento da contratación masculina nos grupos de:

- Técnicos e profesionais de apoio, 30,64%.
- Dirección de empresas e administracións públicas, 25,74%.

Por outra banda, na comarca do Eume prodúcese un descenso na contratación de homes nos grupos de:

- Técnicos profesionais, científicos e intelectuais, variación media de -23,71%.
- Traballadores cualificados na agricultura e pesca, -21,29%.
- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio, -14,42%.
- Empregados de tipo administrativo, -6,18%.
- Traballadores non cualificados, -4,27%.

No referente ás mulleres, destaca o incremento medio na contratación nos seguintes grupos de ocupación:

- Artesás/traballadoras cualificadas industria manufactureira, construción e minería, 29,36%.
- Traballadoras non cualificadas, 14,34%.
- Dirección de empresas e administracións públicas, 10,67%.

É preciso, por último, sinalar o decrecemento que se rexistra na contratación feminina nos grupos que se enumeran a continuación:

- Traballadoras cualificadas na agricultura e pesca, -30,69%.
- Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio, -5,7%.
- Técnicas profesionais, científicas e intelectuais, -3,88%.

5.4.6. Ocupacións máis contratadas

Táboa 30: *As dez ocupacións máis contratadas na comarca. Ano 2003.*

CNO	OCUPACIÓNS	TOTAL N.º	TOTAL %	HOMES N.º	HOMES %	MULLERES N.º	MULLERES %	RATIO MASCUL.[1]
97000011	Peón da industria manufactureira, en xeral	382	8,79	248	8,67	134	9,02	64,92
84110024	Montador/axustador. maquinaria industrial, en xeral	314	7,22	311	10,87	3	0,20	99,04
83630013	Operadora máquina industrial de coser e bordar, en xeral	215	4,95	6	0,21	209	14,07	2,79
86300016	Condutor de camión, en xeral	201	4,62	200	6,99	1	0,07	99,50
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	197	4,53	42	1,47	155	10,44	21,32
50200018	Camareiro, en xeral	188	4,32	72	2,52	116	7,81	38,30
71100016	Albanel	158	3,63	155	5,42	3	0,20	98,10
75120049	Soldador por arco eléctrico, en xeral	146	3,36	146	5,10	0	0,00	100,00
42100010	Empregado administrativo, en xeral	122	2,81	27	0,94	95	6,40	22,13
53300010	Dependente de comercio, en xeral	119	2,74	12	0,42	107	7,21	10,08
	TOTAL	**2.042**	**46,97**	**1.219**	**42,59**	**823**	**55,42**	**59,70**

(1) Ratio de Masculinidade = (N.º de contratos realizados a homes/ N.º total de contratos) x 100

Do total das contratacións producidas no Eume no ano 2003, o 46,97% foron realizadas no marco das dez ocupacións máis contratadas.

A ocupación máis contratada foi a de peón da industria manufactureira, seguida da de montador/axustador maquinaria industrial. Neste sentido, xorden diverxencias entre homes e mulleres, posto que entre os primeiros, as ocupacións con maior volume de contratos son as de montador/axustador de maquinaria industrial, e a de peón da industria manufactureira, mentres que nas mulleres son a de operadora de máquina industrial de coser e bordar e a de muller/mozo de limpeza, limpador.

No que respecta á relación entre os sexos e as distintas ocupacións, cabe sinalar que o ratio de masculinidade nestas dez ocupacións é do 59,7%, o que indica unha maior presenza de contratos masculinos entre elas. Deste xeito, as ocupacións con maior masculinización da contratación son as de soldador por arco eléctrico, condutor de camión, montador/axustador de maquinaria industrial e a de albanel, todas elas cunha ratio de masculinidade superior ao 90%. Pola contra, as ocupacións con maior carácter feminino son a de operadora de máquina industrial de coser e bordar, dependenta de comercio, muller/mozo de limpeza, e a de empregada administrativa.

Táboa 31: *Evolución das dez ocupacións máis contratadas entre 1999 e 2003.*

CNO	OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS	1999	2000	2001	2002	2003
97000011	**Peón da industria manufactureira, en xeral**	**367**	**267**	**198**	**177**	**382**
84110024	**Montador/axustador maquina industrial, en xeral**	**148**	**177**	**192**	72	**314**
83630013	**Operadora máquina industrial de coser e bordar, en xeral**	0	0	0	**158**	**215**
86300016	**Condutor de camión, en xeral**	**222**	**119**	**190**	**135**	**201**
91210016	**Muller/mozo limpeza, limpador en xeral**	**135**	**122**	**117**	**136**	**197**
50200018	**Camareiro, en xeral**	**359**	**186**	**146**	**170**	**188**
71100016	**Albanel**	**231**	**160**	**167**	**151**	**158**
75120049	**Soldador por arco eléctrico, en xeral**	83	**164**	**146**	**85**	**146**
42100010	**Empregado administrativo, en xeral**	85	80	94	**83**	**122**
53300010	**Dependente de comercio, en xeral**	**199**	**246**	**126**	**119**	**119**
96020014	PEÓN DA CONSTRUCIÓN DE EDIFICIOS	107	102	**133**	**85**	101
25130104	MÚSICO INSTRUMENTISTA, EN XERAL	**447**	**378**	85	78	99
50100017	COCIÑEIRO, EN XERAL	**125**	35	42	49	57

Observando a evolución das dez ocupacións máis contratadas entre os anos 1999 e 2003, maniféstase unha certa tendencia á inestabilidade, posto que sete delas aparecen e desaparecen da lista das máis contratadas nestes cinco anos. Deste xeito, a de operadora de máquina industrial de coser e bordar non aparece ata o ano 2002, o mesmo ano no que a de montador/axustador de maquinaria industrial desaparece da lista, para volver a incorporarse no ano seguinte.

A ocupación de soldador por arco eléctrico incorpórase no ano 2000, mentres que a de empregado administrativo o fai no 2002, e a de peón da construción de edificios no 2001, para desaparecer de novo no 2003. Pola contra, as de músico instrumentista e cociñeiro desaparecen da lista no 2001 a primeira e no 2000 a segunda.

No que atinxe á evolución propiamente dita destas dez ocupacións, é destacable polo seu comportamento positivo a de operadora de máquina industrial de coser e bordar, que ata o ano 2001 non recibe ningún contrato, no que xa se sitúa no terceiro lugar das máis contratadas en 2002. Así mesmo, a de montador/axustador de maquinaria industrial obtén unha variación media do 20,69%, o que denota un importante incremento, a pesar da redución que sofre entre os anos 2001 e 2002.

Por outra banda, cabe sinalar o decrecemento producido na ocupación de músico instrumentista, que pasou de ser a máis contratada nos anos 1999 e 2000 a non aparecer na lista no ano 2003, obtendo neste quinquenio unha variación media negativa do -31,4%. De igual modo, as de cociñeiro e camareiro tamén experimentan un considerable descenso, cunha variación media de -17,82% e -14,93%, respectivamente.



Comarca de Ferrol

5.1. TECIDO EMPRESARIAL

5.1.1. Tecido empresarial comarcal. Situación actual

Na comarca de Ferrol, case a cuarta parte das empresas están situadas dentro do sector servizos, en concreto o 73,97%. Está seguido polo da construción, co 13,35%, e polo secundario, co 8,91%. No referente aos subsectores, o 40,28% das empresas concéntranse no de comercio e hostalería, situándose en segundo lugar o de outros servizos, co 29,05% do total.

Os traballadores da comarca rexístranse tamén maiormente no sector servizos, no que se enmarcan o 53,6%. A continuación sitúase o sector secundario, que engloba o 27,64%, e o da construción, co 12,13%. No que respecta aos subsectores, o de outros servizos é o que lle dá un maior volume ao conxunto, co 30,47% dos traballadores, mentres que o de industria representa o 27,5% destes.

Tendo en conta a distribución dos traballadores autónomos segundo os sectores económicos, obsérvase que novamente a maioría encádranse dentro do sector servizos, con case oito de cada dez autónomos (79,1%). A este sector séguelle en nivel de importancia o da construción, co 13,51%, e o secundario, co 6,39%. Facendo unha análise máis pormenorizada dos subsectores, maniféstase que o de comercio e hostalería aglutina máis da metade dos autónomos (51,11%), situándose a continuación o de outros servizos (21,78%).

Cómpre, por último, salientar a baixa representatividade que ten o sector primario en todos os ámbitos, tanto no que se refire ás empresas (3,77%), como aos traballadores (6,63%), como aos autónomos (1%).

5.1.2. Evolución anual

Táboa 1: *Evolución do número de empresas. Período 1999-2003.*

	EMPRESAS				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	**259**	**270**	**277**	**225**	**169**
Agricultura e pesca	259	270	277	225	169
SECTOR SECUNDARIO	**440**	**433**	**444**	**428**	**399**
Industria	436	428	438	421	392
Electricidade	4	5	6	7	7
SECTOR CONSTRUCIÓN	**531**	**577**	**616**	**610**	**598**
Construción	531	577	616	610	598
SECTOR SERVIZOS	**2.973**	**3.017**	**3.119**	**3.205**	**3.313**
Comercio e hostalería	1.605	1.649	1.721	1.762	1.804
Transporte e comunicacións	202	205	198	212	208
Outros servizos	1.166	1.163	1.200	1.231	1.301
TOTAL	**4.203**	**4.297**	**4.456**	**4.468**	**4.479**

GRÁFICO 1: Variacións interanuais do número de empresas por sector económico. Período 1999-2003.



No período comprendido entre os anos 1999 e 2003, as empresas da comarca de Ferrol experimentaron un lixeiro incremento, posto que acadaron unha variación media do 1,6%, obtida tras un crecemento constante ao longo do período, tendo en conta o conxunto dos sectores produtivos. Cómpre de todos modos sinalar que todos os sectores produtivos excepto o dos servizos se reducen nos intervalos 2001-2002 e 2002-2003.

Analizando os sectores de forma individual, obsérvase que tanto no primario como no secundario, as empresas descenden nestes cinco anos, rexistrando variacións medias negativas do -10,12% e do -2,42% respectivamente. Deste xeito, no sector primario os decrecementos prodúcense nos dous últimos intervalos do período, presentando nestes variacións interanuais considerables, do -18,77% entre os anos 2001 e 2002 e do -24,89% entre o 2002 e o 2003. En cambio, no sector secundario, o número de empresas descende en todos os intervalos agás no 2000-2001, pero sen experimentar oscilacións importantes.

O sector da construción aumenta o seu número de empresas nos dous primeiros intervalos do quinquenio, diminúe nos posteriores e acada unha variación media final do 3,02%. Por último, o sector servizos amosa un crecemento constante e regular nestes cinco anos, sen flutuacións considerables, e obtén unha variación media do 2,74%. Dentro deste sector, os subsectores de comercio e hostalería e o de outros servizos presentan un comportamento case idéntico, exceptuando o levísimo descenso en números absolutos que se dá no de outros servizos no intervalo 1999-2000. Pola contra, o subsector de transporte e comunicacións increméntanse por debaixo do conxunto, cunha variación media do 0,73%.

TÁBOA 2: Evolución do número de traballadores. Período 1999-2003.

	TRABALLADORES				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	**1.427**	**2.154**	**2.237**	**2.159**	**2.162**
Agricultura e pesca	1.427	2.154	2.237	2.159	2.162
SECTOR SECUNDARIO	**9.544**	**9.065**	**9.670**	**9.656**	**9.014**
Industria	9.517	9.038	9.644	9.620	8.970
Electricidade	27	27	26	36	44
SECTOR CONSTRUCIÓN	**3.138**	**3.299**	**3.860**	**3.896**	**3.957**
Construción	3.138	3.299	3.860	3.896	3.957
SECTOR SERVIZOS	**15.464**	**16.140**	**16.500**	**17.146**	**17.483**
Comercio e hostalería	5.466	5.645	5.805	6.279	6.565
Transporte e comunicacións	1.221	1.293	1.004	999	980
Outros servizos	8.777	9.202	9.691	9.868	9.938
TOTAL	**29.573**	**30.658**	**32.267**	**32.857**	**32.616**

De forma global, no conxunto dos sectores da actividade económica incrementouse o número de traballadores da comarca, rexistrándose só un pequeno descenso no intervalo 2002-2003, e obtendo unha variación media do 2,48%.

O único sector produtivo onde os traballadores descenderon foi o secundario, que presenta unha variación media negativa do -1,42%, e un só aumento entre os anos 2000 e 2001, decrecendo nos restantes.

O sector primario presenta a variación media máis alta (10,95%); nel tamén se producen as flutuacións máis importantes, posto que no intervalo 1999-2000 acada unha variación interanual do 50,95%, aumenta de forma máis leve no intervalo seguinte, redúcese no posterior e case se estanca no último. No sector da construción, a variación media é do 5,97%, conseguida tras un incremento paulatino neste quinquenio, onde é salientable a variación interanual do intervalo 2000-2001, do 17,01%.



***Gráfico 2**: Variacións interanuais do número de traballadores por sector económico. Período 1999-2003.*

Finalmente, o sector servizos acada unha variación media do 3,12%, e non rexistra ningunha redución nestes cinco anos, mantendo un aumento regular. Dentro deste sector, o subsector de comercio e hostalería e o de outros servizos manifestan unha progresión moi semellante á do conxunto, mentres que o de transporte e comunicacións rexistra unha variación media do -5,35%, e diminúe a partir do ano 2001, sendo destacable o decrecemento producido no intervalo 2000-2001, cunha variación media do -22,35%.

***Táboa 3:** Evolución do número de autónomos. Período 1999-2003.*

	AUTÓNOMOS				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	**47**	**55**	**55**	**59**	**68**
Agricultura e pesca	47	55	55	59	68
SECTOR SECUNDARIO	**378**	**418**	**446**	**433**	**435**
Industria	377	417	445	432	434
Electricidade	1	1	1	1	1
SECTOR CONSTRUCIÓN	**701**	**772**	**832**	**863**	**919**
Construción	701	772	832	863	919
SECTOR SERVIZOS	**4.439**	**4.811**	**5.091**	**5.216**	**5.381**
Comercio e hostalería	2.943	3.147	3.369	3.410	3.477
Transporte e comunicacións	385	400	415	424	422
Outros servizos	1.111	1.264	1.307	1.382	1.482
TOTAL	**5.565**	**6.056**	**6.424**	**6.571**	**6.803**

Entre os anos 1999 e 2003, no sector primario, a pesar de rexistrar unha variación media do 9,67%, é onde, en números absolutos, menos traballadores autónomos se estableceron. Así, este sector increméntase en case todos os intervalos temporais, dos que destacan o primeiro e o último do quinquenio, con variacións interanuais do 17,02% e do 15,25% respectivamente.



***Gráfico 3:** Variacións interanuais do número de autónomos por sector económico. Período 1999-2003.*

O sector secundario acada unha variación media do 3,57%, e é o único que presenta unha redución neste período, en concreto entre os anos 2001 e 2002. No sector da construción, a variación media é superior á anterior, do 7%, e neste caso o crecemento é continuo; só destaca a variación interanual do intervalo 1999-2000, que é do 10,13%.

No sector servizos, a variación media é do 4,93%, conseguida tras unha progresión constante e sen flutuacións considerables. O subsector de comercio e hostalería rexistra un comportamento semellante ao do conxunto, así como unha variación media moi próxima. En cambio, o sector de outros servizos medra lixeiramente por encima da media, logrando unha variación media do 7,47%, ao mesmo tempo que no de transporte e comunicacións o crecemento é menor, obtendo incluso unha diminución no último intervalo do período.

Toda esta situación tradúcese nun aumento dos autónomos na comarca no transcurso destes cinco anos, producíndose o maior incremento en todos os sectores entre os anos 1999 e 2000, e acadando de forma conxunta unha variación media do 5,15%.

5.2. DEMANDAS

5.2.1. Demandantes por concello

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Ares	335	160	495
Cedeira	355	168	523
Fene	1.075	548	1.623
Ferrol	5.161	3.477	8.638
Moeche	68	26	94
Mugardos	408	159	567
Narón	2.347	1.205	3.552
Neda	386	182	568
San Sadurniño	152	97	249
Somozas	65	36	101
Valdoviño	397	181	578
TOTAL	**10.749**	**6.239**	**16.988**

TÁBOA 4: Distribución dos demandantes segundo os concellos da comarca.

% comarca/provincia - PARADOS	**16,28**
% comarca/provincia - NON PARADOS	**20,48**

Na comarca de Ferrol recibíronse no ano 2003 un total de 16.988 demandas de emprego, distribuídas de forma maioritaria entre os parados, que superan aos non parados en todos os concellos, e representan o 63,27% do total dos demandantes.

En relación coa provincia da Coruña, o peso dos demandantes non parados é superior ao dos parados, que supoñen o 20,48% e o 16,28% respectivamente dos demandantes provinciais.



GRÁFICO 4: Distribución dos demandantes da comarca por concello.

No referente á distribución dos demandantes por concellos, no de Ferrol aglutínanse a maioría destes, en concreto o 50,85%. É seguido en nivel de importancia polo de Narón, co 20,91%, e polo de Fene, co 9,55% do total. O 18,69% restante dos demandantes repártese entre as outras nove localidades, encabezadas pola de Valdoviño, co 3,4%.

5.2.2. Evolución dos demandantes parados

	TRABALLADORES				
	1999	2000	2001	2002	2003
PARADOS COMARCA	10.742	10.453	9.798	10.830	10.749
VARIACIÓN INTERANUAL %	-	-2,69	-6,27	10,53	-0,75
COMARCA/TOTAL PROVINCIA	18,24	17,47	16,83	16,92	16,28

TÁBOA 5: Evolución dos demandantes parados.

Gráfico 5: *Evolución dos demandantes parados da comarca.*



A evolución dos demandantes parados caracterízase por un decrecemento continuo ao longo do período 1999-2003, resultando a única excepción o intervalo 2001-2002, onde manifestan unha recuperación, e obteñen unha variación interanual do 10,53%. A tendencia nestes cinco anos é á estabilidade, dado que ao final do quinquenio as demandas practicamente se igualan en número ás do inicio.

Con respecto ao peso relativo dos demandantes comarcais na provincia da Coruña, ten unha evolución análoga á comentada antes, posto que se reduce en todos os anos, agás no 2002, onde se recupera levemente.

5.2.3. Caracterización da situación sociolaboral dos demandantes de emprego

Táboa 6: *Situación laboral dos demandantes*

		VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	3.150	18,54	12,67
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	7.599	44,73	55,76
NON PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	889	5,23	3,98
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	1.864	10,97	11,46
	Con traballo a tempo parcial e prestación compatible	967	5,69	4,73
	En expediente de regulación de emprego	853	5,02	2,34
	Demandantes de mellora de emprego	1.341	7,89	5,98
	Demandantes de emprego de menos de 20 h	274	1,61	2,38
	Resto de demandantes	51	0,30	0,71
TOTAL		**16.966**	**100,00**	**100,00**

Cómpre sinalar, en primeiro lugar, que o 44,73% dos demandantes de emprego da comarca son parados con emprego anterior. A continuación sitúanse os parados sen emprego anterior, que representan ao 18,54%, e os non parados con emprego anterior, que supoñen o 10,97% dos demandantes comarcais.

En relación coa provincia da Coruña, as diferenzas máis significativas producense nos parados con emprego anterior, que se incrementan no ámbito provincial en 11,03 puntos porcentuais, mentres que os parados sen emprego anterior, aínda que seguen sendo o segundo grupo en nivel de importancia, redúcense en 5,87 puntos.

5.2.4. Demandantes de emprego por sexo e idade

Táboa 7.1: Demandantes parados por sexo e grupos de idade.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	HOMES %	MULLERES %	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	791	1.164	7,36	10,83	18,19	17,50
26 a 35 anos	1.149	1.920	10,69	17,86	28,55	30,43
36 a 45 anos	847	1.755	7,88	16,33	24,21	22,04
46 a 55 anos	641	1.384	5,96	12,88	18,84	17,68
56 e máis anos	510	588	4,74	5,47	10,21	12,34
TOTAL COMARCA	**3.938**	**6.811**	**36,64**	**63,36**	**100,00**	**16,28**
TOTAL PROVINCIA	**26.764**	**39.271**	**40,53**	**59,47**	**16,28**	**100,00**

A distribución por sexo dos demandantes parados reflite unha tendencia á desigualdade, posto que o 63,36% son mulleres. Na provincia da Coruña, esta desvantaxe redúcese levemente, supoñendo as demandantes paradas 3,89 puntos menos que na comarca.

As mulleres superan aos homes en todos os intervalos de idade. Os de 26 a 35 anos e de 36 a 45 anos son os máis representativos en ambos os dous sexos. Deste xeito, de forma conxunta, obsérvase que o 52,76% dos demandantes parados da comarca teñen entre 26 e 45 anos.

Na comparativa coa provincia da Coruña, cabe sinalar simplemente o incremento en 2,13 puntos dos maiores de 55 anos, así como o descenso nunha cantidade análoga nos demandantes que teñen entre 36 e 45 anos.

Táboa 7.2: Demandantes non parados por sexo e grupos de idade.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	HOMES %	MULLERES %	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	515	569	8,25	9,12	17,37	18,07
26 a 35 anos	653	1.143	10,47	18,32	28,79	27,98
36 a 45 anos	354	804	5,67	12,89	18,56	19,81
46 a 55 anos	449	520	7,20	8,33	15,53	17,58
56 e máis anos	994	238	15,93	3,81	19,75	16,55
TOTAL COMARCA	**2.965**	**3.274**	**47,52**	**52,48**	**100,00**	**20,48**
TOTAL PROVINCIA	**12.680**	**17.790**	**41,61**	**58,39**	**20,48**	**100,00**

No caso dos demandantes non parados, a maioría tamén son mulleres, aínda que a distribución é máis regular, posto que estas representan o 52,48%, só 4,96 puntos por encima dos homes. En cambio, na provincia da Coruña, acentúase esta diferenza, supoñendo as mulleres o 58,39% dos demandantes.

Segundo a distribución por idade, cabe resaltar que o grupo dos maiores de 55 anos é o único onde os homes superan porcentualmente ás mulleres, e fano de forma considerable, en 12,12 puntos. Deste xeito, no colectivo masculino, o intervalo de idade que lle dá maior volume ao conxunto é o de máis de 55 anos, seguido do de 26 a 35 anos. Pola contra, nas mulleres, o intervalo menos numeroso é o de maiores de 55 anos, e os máis voluminosos os comprendidos entre 26 e 45 anos.

Englobando os dous sexos, o grupo de idade de 26 a 35 anos é o que representa o maior volume porcentual, co 28,79% dos demandantes parados, situándose a continuación o de máis de 55 anos, co 19,75%. Na provincia da Coruña o grupo máis importante segue sendo o de 26 a 35 anos, pero o segundo en nivel de importancia é neste caso o de 36 a 45 anos. As diferenzas porcentuais máis relevantes con respecto á comarca xorden nos grupos de idade máis avanzada, posto que no ámbito provincial increméntanse en 2,05 puntos os que teñen entre 46 e 55 anos, ao mesmo tempo que se reducen en 3,2 puntos os maiores de 55 anos.

Tal e como se pode observar no gráfico 6, o colectivo de parados é superior ao de non parados en todos os grupos de idade, excepto no de máis de 55 anos, no que a situación se inverte e os non parados superan levemente aos parados.

Gráfico 6: *Distribución porcentual do total de demandantes por grupos de idade.*



De forma individual, os demandantes parados de 26 a 35 anos son os que dan un maior volume porcentual ao conxunto da demanda. Pola contra, os demandantes non parados de 46 a 55 anos son os menos representativos.

De forma conxunta, e tendo en conta os grupos de idade, os máis numerosos son os de 26 a 35 anos, que supoñen o 28,64% do total, seguidos dos de 36 a 45 anos, co 22,14%. No caso extremo sitúanse os maiores de 55 anos, que representan o 13,71% dos demandantes da comarca de Ferrol.

Gráfico 7: *Distribución porcentual do total de demandantes por sexo.*



Case seis de cada dez demandantes da comarca son mulleres, en concreto o 59,36%, repartíndose o 40,09% entre os parados e o 19,27% entre os non parados. Do mesmo xeito, hai que destacar que os parados superan aos non parados en ambos os sexos, aínda que nos homes se observe unha maior tendencia á igualdade, representando o colectivo de parados o 23,18% e o de non parados o 17,45%.

5.2.5. Demandantes por nivel académico

Táboa 8.1: *Distribución dos demandantes parados por nivel académico.*

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Ata certificado de escolaridade*	3.234	30,09	31,78
Titulación de ensinanza obrigatoria	4.209	39,16	37,12
Formación profesional	560	5,21	5,63
BUP/Bacharelato superior/COU	1.431	13,31	12,20
Titulados universitarios	1.088	10,12	11,17
Outras titulacións	227	2,11	2,11
TOTAL	**10.749**	**100,00**	**100,00**

** Inclúe: sen estudos, estudos primarios e certificado de escolaridade*

A maior parte dos demandantes parados da comarca de Ferrol teñen a titulación de ensinanza obrigatoria, en concreto o 39,16%. O nivel de estudos máis relevante a continuación é o de ata certificado de escolaridade, co 30,09%, seguido do de bacharelato, co 13,31% do total.

No ámbito provincial, repítese a mesma orde de importancia, así como as porcentaxes, que rexistran valores case idénticos. A única diferenza salientable é a de 2,04 puntos a favor da comarca entre os demandantes con ensinanza obrigatoria.

TÁBOA 8.2: Distribución dos demandantes non parados por nivel académico.

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Ata certificado de escolaridade	1.355	21,72	30,62
Titulación de ensinanza obrigatoria	2.460	39,43	33,40
Formación profesional	344	5,51	5,72
BUP/Bacharelato superior/COU	1.209	19,38	15,70
Titulados universitarios	790	12,66	13,03
Outras titulacións	81	1,30	1,53
TOTAL	**6.239**	**100,00**	**100**

Entre os demandantes de emprego non parados, o 39,43% posúen a titulación de ensinanza obrigatoria. Estes están seguidos polos que teñen o certificado de escolaridade (21,72%) e polos que obtiveron o bacharelato (19,38%).

En relación coa provincia, aqueles con ensinanza obrigatoria seguen sendo os que lle dan un maior volume ao conxunto, aínda que se reducen en 6,03 puntos con respecto á comarca, do mesmo xeito que tamén se reducen en 3,68 puntos os que teñen o bacharelato e se incrementan en 8,9 puntos os que só acadaron o certificado de escolaridade como máximo.

5.2.6. Demandantes parados por tempo de busca de emprego

TÁBOA 9: Distribución dos demandantes parados segundo o sexo e a idade por tempo de busca de emprego.

		Menos de 6 meses %	De 6 meses a 1 ano %	Máis de 1 ano %	TOTAL %
Menor de 26 anos	Homes	4,69	1,39	1,28	7,36
	Mulleres	4,93	2,00	3,90	10,83
26 a 35 anos	Homes	6,37	1,80	2,51	10,69
	Mulleres	6,35	2,48	9,02	17,86
36 a 45 anos	Homes	4,36	1,25	2,27	7,88
	Mulleres	3,89	1,59	10,85	16,33
46 a 55 anos	Homes	2,71	0,85	2,41	5,96
	Mulleres	2,12	1,02	9,73	12,88
56 e máis anos	Homes	1,00	0,50	3,24	4,74
	Mulleres	0,60	0,38	4,49	5,47
TOTAL COMARCA		**37,03**	**13,27**	**49,71**	**100,00**
TOTAL PROVINCIA		**48,04**	**14,84**	**37,13**	**100,00**

Na comarca de Ferrol, case a metade dos demandantes parados levan buscando emprego máis dun ano, en concreto o 49,71%. A continuación sitúanse os que levan nesta situación menos de 6 meses, que representan o 37,03% do total.

A relación entre a idade e o tempo de busca de emprego manifesta unha tendencia ao paro de menos de seis meses nas idades máis novas, ata os 35 anos, que se inverte a partir desta idade cara ao paro de longa duración.

No referente ao sexo, as mulleres maiores de 25 anos tenden ao paro de longa duración. No caso dos homes, esta situación non se dá ata os 55 anos, evidenciando nos grupos restantes unha inclinación cara a o paro de menos de seis meses.

Deste xeito, a presenza masculina e feminina case están igualadas entre os demandantes parados de menos de seis meses, superando só en 1,24 puntos os homes ás mulleres. Pola contra, o paro de máis dun ano ten carácter feminino, posto que do 49,71% que representa, o 37,99% está composto por mulleres.

Comparando estes datos cos da provincia, obsérvase unha maior tendencia nesta última ao paro de menos de seis meses, con 11,01 puntos porcentuais por encima da comarca. En cambio, no paro de máis dun ano a diferenza é de 12,58 puntos a favor da comarca.

5.2.7. Demandantes por sectores económicos de procedencia

Táboa 10: *Demandantes por actividade económica.*

	PARADOS			NON PARADOS		
	Comarcal N.º	Comarcal %	Provincial %	Comarcal N.º	Comarcal %	Provincial %
Sector primario	120	1,12	2,00	80	1,28	2,78
Sector secundario	1.574	14,64	17,16	1.451	23,26	18,47
Construción	1.301	12,10	13,36	528	8,46	8,13
Sector servizos	4.619	42,97	49,08	3.178	50,94	54,02
Sen actividade previa	3.135	29,17	18,41	1.002	16,06	16,59
TOTAL	**10.749**	**100,00**	**100,00**	**6.239**	**100,00**	**100,00**

Atendendo á actividade económica de procedencia, a maior parte dos demandantes parados da comarca proveñen do sector servizos (42,97%), seguidos a considerable distancia polos do sector secundario (14,64%) e da construción (12,1%). No ámbito provincial, os derivados do sector servizos seguen sendo os máis numerosos, aínda que cunha representatividade 6,11 puntos maior que a da comarca, ao mesmo tempo que os orixinados no sector secundario tamén se incrementan en 2,52 puntos.

Algo máis da metade dos demandantes de emprego non parados proveñen do sector servizos, supoñendo o 50,94% do total. A continuación sitúanse os procedentes do sector secundario (23,26%) e da construción (8,46%). Na provincia da Coruña, os que veñen do sector servizos aumentan en 3,08 puntos, mentres que os do sector secundario redúcense en 4,79 puntos.

De forma conxunta, os demandantes de emprego da comarca de Ferrol proceden na súa maior parte do sector servizos, que aglutina o 45,95% do total. Os derivados do sector secundario representan o 17,81, e están seguidos polos do sector da construción, que supoñen o 10,77% dos demandantes.

Gráfico 8: *Demandantes parados na industria.*



A maior parte dos demandantes parados da industria pertencen á actividade de téxtil e confección, en concreto o 33%. En segundo lugar colócase a de fabricación de material de transporte, co 21%, seguida da de metalurxia e fabricación de produtos metálicos e outras industrias, que representan o 31% de forma conxunta

As actividades de comercio e actividades inmobiliarias e servizos a empresas agrupan o 46% dos demandantes parados pertencentes aos servizos. Nun segundo plano sitúanse a hostalería, co 14%, e as administracións públicas, co 12%.



Gráfico 9: *Demandantes parados nos servizos.*

5.2.8. As dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego

Táboa 11: *Ocupacións máis demandadas.*

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Dependente de comercio, en xeral	2.235	13,16	8,97
Empregado administrativo, en xeral	1.588	9,35	8,93
Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	1.383	8,14	7,21
Peón da ind. manufactureira, en xeral	978	5,76	3,87
Soldador por arco eléctrico, en xeral	535	3,15	0,93
Camareiro, en xeral	430	2,53	2,68
Auxiliar de clínica	316	1,86	1,25
Ordenanza	304	1,79	0,76
Pinche de cociña	263	1,55	0,76
Oper. máquina ind. coser á plana, ex. pel: calzado	246	1,45	2,29

5.2.9. Perfil tipo dos demandantes de emprego

Táboa 12: *Perfil máis representativo.*

	PERFIL COMARCAL TIPO	PERFIL PROVINCIAL TIPO
Situación laboral	Parados con emprego anterior	Parados con emprego anterior
Sexo	Mulleres	Mulleres
Grupo idade	De 26 a 35 anos	De 26 a 35 anos
Nivel académico	Titulación ensinanza obrigatoria	Titulación ensinanza obrigatoria
Duración demanda	**Máis de 1 ano**	Menos de 6 meses
Sector	Servizos	Servizos
Ocupación máis demandada	Dependente de comercio	Dependente de comercio

5.3. OFERTAS

5.3.1. Ofertas no servizo público de emprego galego 2003. Evolución

TÁBOA 13: Número de ofertas por concellos. Ano 2003.

	TOTAL OFERTAS	TOTAL %
Ares	134	4,78
Cedeira	99	3,53
Fene	204	7,28
Ferrol	1.622	57,87
Moeche	7	0,25
Mugardos	119	4,25
Narón	365	13,02
Neda	82	2,93
San Sadurniño	29	1,03
Somozas	10	0,36
Valdoviño	132	4,71
TOTAL COMARCA	**2.803**	**100,00**

TOTAL OFERTAS PROVINCIA:	**32.600**
COMARCA/PROVINCIA:	**8,60**

No ano 2003 recibíronse na comarca de Ferrol un total de 2.803 ofertas de emprego, que representan o 8,6% do total das rexistradas na provincia da Coruña.

O concello de Ferrol acapara a maioría destas ofertas, co 57,87% do total, seguido a considerable distancia polo de Narón, co 13,02%, e polo de Fene, co 7,28%. Noutro nivel inferior colócanse as oito localidades restantes, que se reparten o 21,83% das ofertas de emprego comarcais.

TÁBOA 14: Evolución das ofertas. Período 1999-2003. Valores absolutos e relativos.

	N.º OFERTAS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Narón	37	173	393	333	365	367,57	127,17	-15,27	9,61	77,22
Cedeira	33	24	36	30	99	-27,27	50,00	-16,67	230,00	31,61
Valdoviño	11	7	39	40	132	-36,36	457,14	2,56	230,00	86,12
Moeche	0	0	1	4	7			300,00	75,00	
Ares	1	16	16	57	134	1.500,00	0,00	256,25	135,09	240,23
Neda	6	6	13	37	82	0,00	116,67	184,62	121,62	92,27
Mugardos	1	8	11	25	119	700,00	37,50	127,27	376,00	230,28
Ferrol	2.118	2.292	2.100	1.846	1.622	8,22	-8,38	-12,10	-12,13	-6,45
Somozas	0	0	2	12	10			500,00	-16,67	
Fene	161	289	280	147	204	79,50	-3,11	-47,50	38,78	6,10
San Sadurniño	0	3	7	48	29		133,33	585,71	-39,58	
TOTAL COMARCA	**2.368**	**2.818**	**2.898**	**2.579**	**2.803**	**19,00**	**2,84**	**-11,01**	**8,69**	**4,31**
TOTAL PROVINCIA	**29.835**	**37.922**	**30.755**	**30.380**	**32.600**	**27,11**	**-18,90**	**-1,22**	**7,31**	**2,24**

Na comarca de Ferrol, no período comprendido entre os anos 1999 e 2003 rexístrase un incremento nas ofertas laborais, cunha variación media do 4,31%. No referente á evolución ano a ano, é salientable a alta variación interanual que se produce no intervalo 1999-2000, do 19%. Do mesmo xeito, entre os anos 2001 e 2002 redúcense as ofertas nos tres concellos máis representativos, o que se traduce nunha diminución no ámbito global, cunha variación interanual negativa do -11,01%. No conxunto da provincia, as ofertas increméntanse de forma importante no intervalo 1999-2000 e decrecen nos dous posteriores, para aumentar finalmente no último, polo que acadan unha variación media levemente menor á da comarca, do 2,24%.

O concello de Ferrol é o único onde as ofertas se reducen nestes cinco anos, presentando unha variación media do -6,45%, obtida tras un descenso continuado ao longo do período, excepto entre os anos 1999 e 2000, sendo salientables as variacións interanuais dos dous últimos intervalos, ambas menores do -12%.

No concello de Narón, pola contra, dáse a maior subida da comarca en números absolutos, cunha variación media do 77,22%. Cómpre destacar neste caso o brusco crecemento do intervalo 1999-2000, cunha variación interanual do 367,57%, seguido tamén dun importante aumento no intervalo seguinte e dun descenso no 2001-2002, onde acada unha variación interanual negativa do -15,27%.

O concello de Fene manifesta un incremento menor, obtendo unha variación media do 6,1%, e descensos nos intervalos intermedios do quinquenio, así como fortes incrementos no inicial e final, con variacións interanuais do 79,5% e do 38,78% respectivamente.

Debido á concentración da maioría das ofertas no concello de Ferrol, agrúpanse o resto de concellos para comparalo con este. Así, pódese observar que en Ferrol descenden as ofertas de emprego a partir do ano 2000, sendo os decrecementos máis fortes os do 2002 e 2003.

Pola contra, no resto de concellos, as ofertas increméntanse de forma considerable ata o ano 2002, no que diminúen moi lixeiramente, para volver a aumentar de forma importante no 2003, achegándose así, en números absolutos, ao concello de Ferrol.



Gráfico 10: *Evolución do número de ofertas dos concellos da comarca.*

5.3.2. Ofertas segundo os sectores de actividade económica.

	PRIMARIO		SECUNDARIO		CONSTRUCIÓN		SERVIZOS	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Ares	0	0,00	0	0,00	24	3,89	110	5,56
Cedeira	3	10,71	0	0,00	2	0,32	94	4,75
Fene	2	7,14	1	0,56	75	12,16	126	6,37
Ferrol	12	42,86	127	70,56	384	62,24	1.099	55,56
Moeche	0	0,00	0	0,00	0	0,00	7	0,35
Mugardos	0	0,00	6	3,33	50	8,10	63	3,19
Narón	3	10,71	42	23,33	70	11,35	250	12,64
Neda	0	0,00	2	1,11	8	1,30	72	3,64
San Sadurniño	7	25,00	0	0,00	2	0,32	20	1,01
Somozas	0	0,00	2	1,11	0	0,00	8	0,40
Valdoviño	1	3,57	0	0,00	2	0,32	129	6,52
TOTAL COMARCA	**28**	**100,00**	**180**	**100,00**	**617**	**100,00**	**1.978**	**100,00**
TOTAL PROVINCIA	**338**		**3.112**		**5.814**		**23.331**	

Táboa 15: *Distribución das ofertas por concellos segundo os sectores económicos. Valores absolutos e relativos en relación co total da comarca.*

En todos os sectores económicos, a maior parte das ofertas concéntranse no concello de Ferrol, que está seguido polo de San Sadurniño no sector primario, polo de Narón no secundario e polo de Fene no da construción e Narón no dos servizos.

No concello de Moeche só se producen ofertas no sector servizos, do mesmo xeito que no de Ares non se rexistra ningunha nos sectores primario e secundario, nin no das Somozas no primario e da construción. Seguindo a mesma liña, do sector primario tampouco se deriva ningunha oferta nos concellos de Neda e Mugardos, así como do secundario non xorde ningunha en Cedeira, Valdoviño e San Sadurniño.

Gráfico 11: *Distribución porcentual das ofertas por sectores económicos.*



Algo máis de sete de cada dez ofertas laborais proceden do sector servizos. A continuación sitúanse en nivel de importancia o da construción, co 22%, e o secundario, co 6% do total. En relación coa provincia da Coruña, as únicas diferenzas significativas que se observan son a redución en catro puntos porcentuais das ofertas derivadas da construción, así como o incremento na mesma porcentaxe das xurdidas do sector secundario.

Gráfico 12: *Distribución porcentual das ofertas na industria.*



Dentro da industria, o 54% das ofertas de emprego orixínanse nas actividades de metalurxia e fabricación de produtos metálicos e fabricación de material de transporte. As de téxtil e confección, e as de outras industrias representan así mesmo o 33% do total.

Gráfico 13: *Distribución porcentual das ofertas nos servizos.*



A maior parte das ofertas dos servizos proceden das administracións públicas, que engloban o 41% do total. A continuación sitúanse as actividades de hostalería, sanidade e servizos sociais e actividades inmobiliarias e servizos a empresas, que concentran de forma conxunta o 33% das ofertas laborais.

Táboa 16: *Evolución das ofertas por sectores económicos.*

	1999	2000	2001	2002	2003
Primario	10	5	20	20	28
Secundario	237	206	449	314	180
Construción	569	948	848	669	617
Servizos	1.551	1.659	1.579	1.576	1.978
Sen actividade	1	0	2	0	0
TOTAL COMARCA	**2.368**	**2.818**	**2.898**	**2.579**	**2.803**
TOTAL PROVINCIA	**29.835**	**37.922**	**30.755**	**30.380**	**32.600**

O sector secundario é o único onde as ofertas rexistran unha diminución no período comprendido entre os anos 1999 e 2003. Deste xeito, as ofertas redúcense de forma considerable neste sector en todos os intervalos temporais, agás no 2000-2001, onde acadan un forte incremento. Finalmente, o sector secundario obtén unha variación media negativa do -6,65%.

Nos sectores restantes as ofertas increméntase; hai que destacar o caso do da construción, que logra unha variación media do 2,05%, despois dunha redución continua desde o ano 2001 e un forte crecemento no 2000, onde presenta unha variación interanual do 66,61%.

Por último, o sector servizos descende lixeiramente nos dous intervalos intermedios do quinquenio, aumentando nos demais, sobre todo no último, no que logra unha variación interanual do 25,51%. A variación media final deste sector é do 6,27%.

5.3.3. Perfil básico das ofertas

Do total das ofertas recibidas no ano 2003 na comarca de Ferrol, tan só o 16,2% especifican o sexo como requisito para acceder a un posto de traballo. Destas ofertas, o 55,95% repártese entre os homes e o 44,05% restante entre as mulleres.



Gráfico 14: *Ofertas por sexo segundo o sector económico da comarca.*

Facendo unha análise máis pormenorizada por sectores económicos, obsérvase que no sectores secundario e da construción o perfil solicitado polos empresarios é eminentemente masculino. En cambio, no sector servizos, no que se concentran máis da metade destas ofertas, a demanda de mulleres é visiblemente superior á de homes, situación dada sobre todo polo alto requirimento de mulleres nas actividades de hostalería, actividades inmobiliarias e servizos a empresas, servizos á comunidade e sanidade e servizos sociais.

En relación co nivel de estudos, o 20,98% das ofertas esixen ter rematado un determinado nivel académico para poder optar a elas, se ben a maior parte destas, o 36,90%, só solicitan o certificado de escolaridade. Segundo a orde de importancia, sitúanse a continuación a titulación universitaria (23,98%) e a formación profesional (22,62%).



Gráfico 15: *Ofertas por nivel académico da comarca.*

No relativo aos sectores económicos, en todos eles, a maior parte destas ofertas proceden das administracións públicas, dentro do sector servizos. É importante tamén sinalar que, en menor medida, unha parte importante das ofertas que solicitan profesionais con baixa cualificación xorden das actividades da construción e actividades inmobiliarias e servizos a empresas. Do mesmo xeito, desta última tamén se derivan unha parte considerable das que demandan titulados universitarios, acompañada da de sanidade e servizos sociais, que tamén é importante na solicitude de titulados en formación profesional.

5.3.4. Análise ocupacional das ofertas

TÁBOA 17.1: *Ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores.*

	1999	2000	2001	2002	2003
Peón de albanel/Peón de obras públicas	23	66	50	100	256
Albanel	74	194	132	177	137
Encofrador	59	145	194	60	106
Camareiro - Barman	16	43	85	133	90
Axente comercial / Vendedor	86	145	130	101	82
Traballador forestal/peón extincións de incendios	9	21	6	18	76
Empregado/a do fogar	0	3	1	1	57
Cociñeiro / Grelleiro / Pizzeiro / Pranchista	2	26	22	38	54
Dependente en xeral	6	33	51	43	47
Axente de seguros	0	11	6	3	43

A ocupación máis ofertada nos centros colaboradores da comarca de Ferrol no ano 2003 foi a de peón de albanel/peón de obras públicas, seguida a continuación polas de albanel e encofrador.

No referente á evolución destas ocupacións ao longo destes cinco anos, é salientable que só unha delas, a de axente comercial/vendedor, experimenta un pequeno descenso neste quinquenio; as demais tenden ao incremento. Deste xeito, destacan pola súa evolución positiva a de peón de albanel/peón de obras públicas, que acada unha variación media do 82,65%, a de albanel, cunha variación media do 16,65%, a de encofrador, que obtén unha variación media do 15,77%, e a de camareiro-barman, cunha variación media positiva do 54%.

Cabe, por último, resaltar un elemento común entre as dez ocupacións que se expoñen no gráfico anterior, que é que no intervalo 1999-2000 todas elas se incrementan de forma considerable.

TÁBOA 17.2: *Ocupacións máis ofertadas nas oficinas de emprego.*

	1999	2000	2001	2002	2003
Peón da industria manufactureira, en xeral	428	357	220	88	79
Empregado administrativo, en xeral	55	54	55	105	50
Auxiliar de clínica	24	115	33	31	29
Camareiro, en xeral	57	21	11	22	22
Soldador por arco eléctrico, en xeral	11	5	26	9	21
Dependente de comercio, en xeral	53	38	22	39	18
Albanel	167	148	70	26	16
Encofrador	43	114	20	20	16
Asistente domiciliario	15	13	15	9	14
Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	43	16	24	31	14

Nas oficinas de emprego, a ocupación máis ofertada no ano 2003 foi a de peón da industria manufactureira. A continuación sitúanse as de empregado administrativo e auxiliar de clínica.

A maioría destas ocupacións presentan unha evolución negativa neste período; a que máis descende é a de peón da industria manufactureira, que, tras un decrecemento continuo ao longo destes cinco anos, acada unha variación media negativa do -34,45%. A de albanel tamén sofre unha redución considerable, obtendo unha variación media do -44,36%, do mesmo xeito que as de muller/mozo de limpeza, dependente de comercio, encofrador e camareiro rexistran variacións medias negativas superiores ao -20%.

Pola contra, destaca pola súa progresión a de soldador por arco eléctrico, cunha variación media do 17,55%. A outra ocupación que se incrementa é a de auxiliar de clínica, que rexistra unha variación media do 4,84%.

5.4. CONTRATOS

5.4.1. Número de contratos no ámbito comarcal e municipal

TÁBOA 18: Número de contratos na comarca e nos concellos. Ano 2003.

	CONTRATOS 2003	
	N.º	%
ARES	392	1,35
CEDEIRA	457	1,58
FENE	2.056	7,09
FERROL	20.474	70,65
MOECHE	75	0,26
MUGARDOS	372	1,28
NARÓN	3.958	13,66
NEDA	300	1,04
SAN SADURNIÑO	248	0,86
SOMOZAS	123	0,42
VALDOVIÑO	524	1,81
TOTAL COMARCA	**28.979**	**100,00**
TOTAL PROVINCIA	**310.890**	**9,32**

Os contratos realizados na comarca de Ferrol no ano 2003 supoñen o 9,32% dos rexistrados na provincia da Coruña. Destes contratos, sete de cada dez sitúanse no concello de Ferrol, en concreto o 70,65%. A continuación están Narón, co 13,66%, e Fene, co 7,09% das contratacións comarcais. O 8,6% restante distribúese entre as outras oito localidades.

TÁBOA 19: Evolución do número de contratos no ámbito comarcal. Variacións anuais. 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA %
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
ARES	281	321	322	285	392	14,23	0,31	-11,49	37,54	8,68
CEDEIRA	508	500	464	449	457	-1,57	-7,20	-3,23	1,78	-2,61
FENE	3.368	2.401	2.353	3.236	2.056	-28,71	-2,00	37,53	-36,46	-11,61
FERROL	19.551	20.050	19.218	19.301	20.474	2,55	-4,15	0,43	6,08	1,16
MOECHE	110	65	73	87	75	-40,91	12,31	19,18	-13,79	-9,13
MUGARDOS	211	288	346	250	372	36,49	20,14	-27,75	48,80	15,23
NARÓN	3.294	3.675	4.402	4.132	3.958	11,57	19,78	-6,13	-4,21	4,70
NEDA	244	218	247	317	300	-10,66	13,30	28,34	-5,36	5,30
SAN SADURNIÑO	166	179	222	315	248	7,83	24,02	41,89	-21,27	10,56
SOMOZAS	101	130	112	107	123	28,71	-13,85	-4,46	14,95	5,05
VALDOVIÑO	433	395	363	378	524	-8,78	-8,10	4,13	38,62	4,88
TOTAL COMARCA	**28.262**	**28.222**	**28.122**	**28.857**	**28.979**	**-0,14**	**-0,35**	**2,61**	**0,42**	**0,63**
TOTAL PROVINCIA	**268.271**	**281.551**	**280.779**	**292.423**	**310.890**	**4,95**	**-0,27**	**4,15**	**6,32**	**3,75**

Tendo en conta a evolución dos contratos entre os anos 1999 e 2003, obsérvase na comarca de Ferrol unha tendencia á estabilidade, cunha variación media do 0,63% e un leve crecemento das contratacións en números absolutos. Así, os contratos descenden lixeiramente nos dous primeiros intervalos do período, mentres que ascenden nos dous restantes, tamén de forma leve. En cambio, na provincia da Coruña, os contratos só se reducen entre os anos 2000 e 2001, presentando unha variación media superior á da comarca, do 3,75%.

Só tres concellos manifestan unha diminución das contratacións neste quinquenio, que son os de Cedeira, Moeche e Fene. Este último acada unha variación media negativa do -11,61%, e decrece en todos os intervalos temporais, agás no 2001-2002, no que se incrementa considerablemente, para reducirse bruscamente a continuación.

O concello de Ferrol non presenta grandes oscilacións na súa evolución, dado que só descende entre os anos 2000 e 2001 e medra de forma constante nos restantes; obtén unha variación media do 1,16%. En cambio, no concello de Narón, danse fortes subidas nos dous intervalos iniciais do período, seguidas de baixadas máis leves nos finais, logrando finalmente unha variación media do 4,7%.

5.4.2. Contratación comarcal segundo o sexo e a idade

TÁBOA 20: Distribución da contratación comarcal segundo o sexo e a idade. Ano 2003.

	N.º CONTRATOS			% CONTRATOS		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Menos de 26 anos	5.617	4.085	9.702	19,38	14,10	33,48
De 26 a 35 anos	5.832	4.855	10.687	20,12	16,75	36,88
De 36 a 45 anos	3.057	2.407	5.464	10,55	8,31	18,86
De 46 a 55 anos	1.630	871	2.501	5,62	3,01	8,63
De 56 e máis anos	483	142	625	1,67	0,49	2,16
TOTAL COMARCA	**16.619**	**12.360**	**28.979**	**57,35**	**42,65**	**100,00**
TOTAL PROVINCIAL	**166.028**	**144.862**	**310.890**	**53,40**	**46,60**	**100,00**

A contratación na comarca de Ferrol amosa un carácter masculino, dado que o 57,35% dos contratos foron asinados por homes. Esta situación repítese no ámbito provincial, aínda que cunha maior tendencia á igualdade, supoñendo os contratos dos homes 6,8 puntos menos que os das mulleres.

No referente á idade, tanto nos homes como nas mulleres, o grupo máis representativo é o de 26 a 35 anos, seguido tamén en ambos os casos polo de menos de 26 anos. Obtense así que, de forma conxunta, no tramo de 26 a 35 anos realízanse o 36,88% das contratacións comarcais e no de menos de 26 anos o 33,48%.

TÁBOA 21: Evolución do número de contratos da comarca segundo o sexo. Período 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Homes	18.196	17.106	17.268	17.146	16.619	-5,99	0,95	-0,71	-3,07	-2,24
Mulleres	10.069	11.116	10.854	11.711	12.360	10,40	-2,36	7,90	5,54	5,26
TOTAL CONTRATOS	**28.265**	**28.222**	**28.122**	**28.857**	**28.979**	**-0,15**	**-0,35**	**2,61**	**0,42**	**0,63**

A evolución da contratación segundo o sexo amosa unha evolución oposta de homes e mulleres. No caso dos homes, a tendencia é ao decrecemento, presentando unha variación media do -2,24% e rexistrando descensos continuados en todos os intervalos do quinquenio, excepto no 2000-2001, no que os contratos aumentan lixeiramente. Este último intervalo é o único onde as contratacións femininas se reducen, pois nos restantes medran; destaca a variación interanual acadada entre os anos 1999 e 2000, do 10,4%. No colectivo feminino, por tanto, os contratos increméntanse, obtendo unha variación media do 5,26%.

Tal e como se pode observar no gráfico anterior, e de acordo co exposto anteriormente, no período comprendido entre 1999 e 2003, o peso porcentual da contratación masculina tende ao decrecemento, mentres que a feminina se incrementa. A única excepción dáse no ano 2001, onde os contratos dos homes recuperan certo peso, ao mesmo tempo que o perden os das mulleres. É importante sinalar que no transcurso destes cinco anos a diferenza entre as contratacións masculinas e femininas redúcese case á metade, posto que se no ano 1999 era de 28,76 puntos, no 2003 é de 14,7 puntos porcentuais.

GRÁFICO 16: Evolución da distribución da contratación comarcal segundo o sexo. Período 1999-2003. Valores proporcionais.



	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Menor de 26 anos	8.027	8.150	8.339	8.713	9.702	1,53	2,32	4,48	11,35	4,85
De 26 a 35 anos	11.237	10.893	10.639	10.956	10.687	-3,06	-2,33	2,98	-2,46	-1,25
De 36 a 45 anos	5.824	5.954	5.738	5.734	5.464	2,23	-3,63	-0,07	-4,71	-1,58
De 46 a 55 anos	2.430	2.515	2.716	2.744	2.501	3,50	7,99	1,03	-8,86	0,72
De 56 e máis anos	747	710	690	710	625	-4,95	-2,82	2,90	-11,97	-4,36
TOTAL CONTRATOS	**28.265**	**28.222**	**28.122**	**28.857**	**28.979**	**-0,15**	**-0,35**	**2,61**	**0,42**	**0,63**

TÁBOA 22: *Evolución do número de contratos da comarca segundo a idade. Período 1999-2003.*

Dentro dos menores de 26 anos é onde os contratos se incrementan de forma máis considerable nestes cinco anos. Neste grupo non se dá ningún descenso ao longo do período, mantendo un crecemento estable ata o ano 2003, onde se produce unha subida máis brusca, acadando finalmente unha variación media do 4,85%. O outro tramo de idade onde non se reducen as contratacións é o de 46 a 55 anos, no que só descenden no último intervalo do quinquenio, acadando unha variación media do 0,72%, o que evidencia un leve crecemento en números absolutos, aínda que cunha certa tendencia á estabilidade.

Nos tramos de idade restantes, os contratos redúcense en tres dos catro intervalos temporais analizados e non presentan oscilacións importantes; obteñen todos eles variacións medias negativas, do -1,25% o de 26 a 35 anos, do -1,58% o de 36 a 45 anos e do -4,36% o de máis de 55 anos.

5.4.3. Contratación comarcal segundo os sectores económicos

	CONTRATOS 2003	
	N.º	%
SECTOR PRIMARIO	**182**	**0,63**
Agricultura e pesca	182	0,63
SECTOR SECUNDARIO	**4.730**	**16,32**
Industria	4.719	16,28
Electricidade	11	0,04
SECTOR CONSTRUCIÓN	**5.397**	**18,62**
Construción	5.397	18,62
SECTOR SERVIZOS	**18.670**	**64,43**
Comercio e hostalería	5.316	18,34
Transporte e comunicacións	808	2,79
Outros servizos	12.546	43,29
TOTAL CONTRATOS	**28.979**	**100,00**

TÁBOA 23: *Distribución da contratación por sectores/subsectores económicos.*

No ano 2003, a maioría dos contratos realizados na comarca rexistráronse no marco do sector servizos, en concreto o 64,43%. A continuación sitúanse o sector da construción, co 18,62%, e o secundario, co 16,32% das contratacións.

No referente aos subsectores, é importante sinalar que o 43,29% dos contratos concéntranse no de outros servizos, seguido a considerable distancia polo de comercio e hostalería (18,34%).

GRÁFICO 17: *Distribución porcentual da contratación na industria.*



O 58% dos contratos realizados no seo da industria orixináronse nas actividades de fabricación de material de transporte e metalurxia e fabricación de produtos metálicos. Nun segundo plano sitúanse as de outras industrias e téxtil e confección, que engloban conxuntamente o 30% das contratacións.

GRÁFICO 18: *Distribución porcentual da contratación nos servizos.*



Dentro dos servizos, a maior parte das contratacións realízanse nas actividades inmobiliarias e servizos a empresas, co 30% do total. A continuación sitúase sanidade e servizos sociais, co 21%, e comercio e hostalería, co 27% de forma conxunta.

TÁBOA 24: *Distribución porcentual da contratación comarcal segundo sectores/subsectores económicos por sexo e idade. Ano 2003.*

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e mais
SECTOR PRIMARIO	**0,54**	**0,09**	**0,21**	**0,22**	**0,11**	**0,06**	**0,02**
Agricultura e pesca	0,54	0,09	0,21	0,22	0,11	0,06	0,02
SECTOR SECUNDARIO	**13,20**	**3,13**	**4,50**	**5,68**	**3,52**	**2,13**	**0,50**
Industria	13,18	3,11	4,49	5,66	3,51	2,13	0,50
Electricidade	0,02	0,02	0,01	0,02	0,00	0,00	0,00
SECTOR CONSTRUCIÓN	**17,85**	**0,77**	**5,53**	**6,10**	**3,94**	**2,29**	**0,76**
Construción	17,85	0,77	5,53	6,10	3,94	2,29	0,76
SECTOR SERVIZOS	**25,76**	**38,67**	**23,24**	**24,87**	**11,28**	**4,15**	**0,88**
Comercio e hostalería	7,17	11,17	7,95	6,69	2,57	0,95	0,17
Transporte e comunicacións	2,09	0,70	0,52	1,04	0,78	0,36	0,09
Outros servizos	16,50	26,80	14,77	17,14	7,93	2,84	0,62
TOTAL CONTRATOS	**57,35**	**42,65**	**33,48**	**36,88**	**18,86**	**8,63**	**2,16**

Tanto no colectivo feminino como no masculino, a maior parte dos contratos rexístranse dentro do sector servizos, seguido no caso dos homes polo da construción e no das mulleres polo secundario. Cómpre sinalar que nestas últimas, case a totalidade das contratacións se sitúan no sector servizos, que engloba o 38,67% do total do 42,65%.

No que atinxe aos subsectores dos servizos, o de outros servizos é que presenta unha maior importancia cuantitativa para ambos os sexos, seguido polo de comercio e hostalería, onde a porcentaxe dos contratos realizados a mulleres sitúase por riba dos realizados a homes.

Atendendo á distribución por idade, o sector servizos é o que presenta un maior volume contractual en todos os grupos, seguido polo da construción tamén en todos eles. O subsector de servizos máis representativo é o de outros servizos, seguido polo de comercio e hostalería.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
SECTOR PRIMARIO	**271**	**271**	**217**	**176**	**182**	**0,00**	**-19,93**	**-18,89**	**3,41**	**-9,47**
Agricultura e pesca	271	271	217	176	182	0,00	-19,93	-18,89	3,41	-9,47
SECTOR SECUNDARIO	**6.419**	**5.890**	**6.250**	**5.418**	**4.730**	**-8,24**	**6,11**	**-13,31**	**-12,70**	**-7,35**
Industria	6.416	5.885	6.242	5.406	4.719	-8,28	6,07	-13,39	-12,71	-7,39
Electricidade	3	5	8	12	11	66,67	60,00	50,00	-8,33	38,38
S. CONSTRUCIÓN	**4.942**	**4.559**	**4.959**	**5.911**	**5.397**	**-7,75**	**8,77**	**19,20**	**-8,70**	**2,23**
Construción	4.942	4.559	4.959	5.911	5.397	-7,75	8,77	19,20	-8,70	2,23
SECTOR SERVIZOS	**16.633**	**17.502**	**16.696**	**17.274**	**18.670**	**5,22**	**-4,61**	**3,46**	**8,08**	**2,93**
Comercio e hostalería	4.461	4.992	4.601	5.085	5.316	11,90	-7,83	10,52	4,54	4,48
Transporte e comunicacións	841	906	726	902	808	7,73	-19,87	24,24	-10,42	-1,00
Outros servizos	11.331	11.604	11.369	11.287	12.546	2,41	-2,03	-0,72	11,15	2,58
TOTAL CONTRATOS	**28.265**	**28.222**	**28.122**	**28.857**	**28.979**	**-0,15**	**-0,35**	**2,61**	**0,42**	**0,63**

TÁBOA 25: *Evolución da contratación comarcal segundo os sectores e subsectores económicos. Período 1999-2003.*

No conxunto do período, os sectores primario e secundario ven reducido o seu volume de contratación. Deste xeito, no primeiro deles, os contratos mantéñense estables no intervalo inicial do período, reducíndose de forma considerable nos dous seguintes e recuperándose levemente no último; finalmente logran unha variación media negativa do -9,47%. No sector secundario, en cambio, os contratos descenden en todos os intervalos agás no 2000-2001, obtendo unha variación media final do -7,35%.

No sector da construción, as contratacións redúcense nos intervalos inicial e final do quinquenio e increméntanse nos intermedios; rexistran unha variación media do 2,23%. Pola contra, no sector servizos só se produce unha diminución entre os anos 2000 e 2001, aumentando sen oscilacións considerables nos restantes; presenta unha variación media do 2,93%. Dentro deste sector, o subsector de outros servizos manifesta unha evolución semellante, cunha variación media tamén moi próxima; en cambio, o de comercio e hostalería medra levemente por encima do conxunto, cunha variación media do 4,48%, mentres que o de transporte e comunicacións sofre un lixeiro retroceso, dado que a súa variación media é do -1%.

5.4.4. Tipoloxía da contratación laboral

Case as tres cuartas partes dos contratos realizados na comarca de Ferrol no ano 2003 son temporais a tempo completo (o 73%). A tipoloxía que se sitúa a continuación é a temporal a tempo parcial, co 20%. É importante destacar, así, que o 93% das contratacións comarcais teñen carácter temporal.



GRÁFICO 19: *Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contratos. Ano 2003.*

TÁBOA 26: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contrato por sexo e idade. Ano 2003.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
Indefinido	1,54	1,15	0,55	1,01	0,58	0,38	0,18
Indefinido tempo parcial	0,20	0,65	0,19	0,36	0,18	0,08	0,03
Temporal	47,18	25,69	22,94	27,15	14,43	6,68	1,65
Temporal tempo parcial	6,08	14,09	7,77	7,71	3,28	1,19	0,23
Prácticas/Formación	1,30	0,95	1,92	0,30	0,03	0,01	0,00
Outros	1,05	0,12	0,11	0,35	0,36	0,28	0,07
TOTAL CONTRATOS	**57,35**	**42,65**	**33,48**	**36,88**	**18,86**	**8,63**	**2,16**

Cómpre sinalar, en primeiro lugar, que todas as fórmulas de contratación son maioritarias entre os homes, excepto a de indefinido a tempo parcial, onde existe unha diferenza moi leve a favor das mulleres, e a de temporal a tempo parcial, onde as mulleres superan porcentualmente aos homes en 8,01 puntos. De todos modos, tal e como era de esperar segundo os datos do gráfico anterior, tanto no colectivo masculino como no feminino a categoría de contratación máis significativa é a temporal a tempo completo, situándose en segundo lugar a temporal a tempo parcial.

No referente á distribución por idade, os contratos temporais a tempo completo son os que lle dan un maior peso ao conxunto en todos eles, destacando o tramo de 26 a 35 anos, onde se sitúan o 27,15% destes. É así mesmo salientable que un 15,48% dos contratos temporais a tempo parcial se sitúen nos dous intervalos menores de 36 anos.

TÁBOA 27: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contrato por sectores económicos. Ano 2003.

	PRIMARIO	SECUNDARIO			CONSTRUCIÓN	SERVIZOS			
	Agr.,Gand.	Industr.	Electric.	Total	Construc.	Comerc.	Transp.	Outros	Total
Indefinido	0,04	0,78	0,01	0,79	0,34	0,75	0,15	0,63	1,53
Indefinido tempo parcial	0,00	0,04	0,00	0,04	0,03	0,42	0,02	0,32	0,76
Temporal	0,54	14,46	0,03	14,49	17,07	8,61	2,25	29,90	40,76
Temporal tempo parcial	0,04	0,71	0,00	0,71	0,67	7,66	0,35	10,75	18,75
Prácticas/Formación	0,01	0,29	0,00	0,29	0,51	0,89	0,02	0,54	1,45
Outros	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,01	0,00	1,16	1,17
TOTAL CONTRATOS	**0,63**	**16,28**	**0,04**	**16,32**	**18,62**	**18,34**	**2,79**	**43,29**	**64,43**

Todas as tipoloxías de contratación se agrupan na súa maioría no sector servizos, onde se concentran o 40,76% dos contratos temporais a tempo completo e o 18,75% dos temporais a tempo parcial, o que supón case a totalidade destes últimos. Do mesmo xeito, é salientable que o único sector onde se rexistran contratos da tipoloxía outros é o dos servizos. Seguindo na mesma liña, no sector primario tampouco se produce ningún contrato indefinido a tempo parcial, e no da construción só a contratación temporal a tempo completo ten unha presenza realmente significativa. Esta última situación tamén é coincidente coa acontecida para o sector secundario.

TÁBOA 28: Evolución da contratación comarcal segundo a tipoloxía de contratos. Período 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Indefinido	1.606	1.610	2.141	1.648	781	0,25	32,98	-23,03	-52,61	-16,49
Indefinido tempo parcial	269	329	290	559	244	22,30	-11,85	92,76	-56,35	-2,41
Temporal	20.069	19.546	19.205	20.448	21.116	-2,61	-1,74	6,47	3,27	1,28
Temporal tempo parcial	5.200	5.487	5.225	5.131	5.847	5,52	-4,77	-1,80	13,95	2,98
Prácticas/Formación	713	830	777	701	653	16,41	-6,39	-9,78	-6,85	-2,17
Outros	408	420	484	370	338	2,94	15,24	-23,55	-8,65	-4,60
TOTAL CONTRATOS	**28.265**	**28.222**	**28.122**	**28.857**	**28.979**	**-0,15**	**-0,35**	**2,61**	**0,42**	**0,63**

Os contratos temporais, tanto a tempo completo como a tempo parcial, son os únicos que se incrementan na comarca de Ferrol entre os anos 1999 e 2003. Deste xeito, os temporais a tempo completo non manifestan flutuacións considerables; redúcense nos dous primeiros intervalos do quinquenio e acadan unha variación media do 1,28%. Os temporais a tempo parcial decrecen nos dous intervalos intermedios do período, rexistrando o maior aumento entre os anos 2002 e 2003, onde logran unha variación interanual do 13,95%. Esta tipoloxía de contratación obtén finalmente unha variación media do 2,98%.

Os contratos indefinidos a tempo completo son os que sofren un maior descenso, cunha variación media negativa do -16,49% e considerables diminucións a partir do ano 2001, obtendo nos dous últimos intervalos do quinquenio variacións interanuais negativas do -23,03% e do -52,61% respectivamente.

Os contratos indefinidos a tempo parcial e os de prácticas/formación presentan variacións medias moi próximas, do -2,41% o primeiro e do -2,17% o segundo. No primeiro deles hai que sinalar o seu comportamento oscilante ao longo destes cinco anos, pois aumenta de forma importante no intervalo inicial do período, redúcese despois de forma máis leve, volve a incrementarse de forma brusca no seguinte e descende novamente de maneira considerable no intervalo final.

5.4.5. Grandes grupos de ocupación na contratación laboral

Táboa 29: *Distribución da contratación por grandes grupos de ocupación segundo o sexo. Ano 2003.*

	CONTRATOS	
	Nº	%
1. Dirección de empresas e administracións públicas	**14**	**0,05**
HOMES	8	0,03
MULLERES	6	0,02
2. Técnicos profesionais, científicos e intelectuais	**2.680**	**9,25**
HOMES	941	3,25
MULLERES	1.739	6,00
3. Técnicos e profesionais de apoio	**1.292**	**4,46**
HOMES	556	1,92
MULLERES	736	2,54
4. Empregados de tipo administrativo	**2.968**	**10,24**
HOMES	989	3,41
MULLERES	1.979	6,83
5. Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio	**6.401**	**22,09**
HOMES	1.333	4,60
MULLERES	5.068	17,49
6. Traballadores cualificados na agricultura e pesca	**113**	**0,39**
HOMES	104	0,36
MULLERES	9	0,03
7. Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería	**7.142**	**24,65**
HOMES	6.901	23,81
MULLERES	241	0,83
8. Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	**2.127**	**7,34**
HOMES	1.519	5,24
MULLERES	608	2,10
9. Traballadores non cualificados	**6.242**	**21,54**
HOMES	4.268	14,73
MULLERES	1.974	6,81
TOTAL CONTRATOS	**28.979**	**100,00**
TOTAL HOMES	**16.619**	**57,35**
TOTAL MULLERES	**12.360**	**42,65**

Tomando como referencia os nove grandes grupos de ocupación, e de acordo co exposto na táboa anterior, cómpre sinalar a concentración do 68,28% dos contratos nos seguintes tres grupos:

- Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería (24,65%).
- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio (22,09%).
- Traballadores non cualificados (21,54%).

Dende outra óptica, tendo en conta a distribución por sexo, denótanse diferenzas significativas nos contratos en función do grupo de ocupación:

Grupos de ocupación cunha maior contratación masculina	Grupos de ocupación cunha maior contratación feminina
• Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería, 23,81%. • Traballadores non cualificados, 14,73% • Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores, 5,24%. • Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio, 4,6%.	• Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio, 17,49%. • Empregadas de tipo administrativo, 6,83% • Traballadoras non cualificadas, 6,81%. • Técnicas profesionais, científicas e intelectuais, 6%.

Dada a maior contratación masculina nesta comarca, na maioría dos grupos de ocupación predominan os homes sobre as mulleres, excepto nos que seguen a continuación:

- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio. Neste grupo, as mulleres superan porcentualmente aos homes en 12,89 puntos.
- Empregados de tipo administrativo. A diferenza a favor das mulleres é de 3,42 puntos.
- Técnicos profesionais, científicos e intelectuais. A contratación masculina é 2,75 puntos inferior á feminina.
- Técnicos e profesionais de apoio. Os contratos das mulleres representan 0,62 puntos máis que os dos homes.

Atendendo á evolución dos contratos durante o período 1999-2003, os datos refliten unha evolución negativa para os seguintes grupos de ocupación:

- Dirección de empresas e administracións públicas, cunha variación media do -14,34%.
- Traballadores cualificados na agricultura e pesca, -10,74%.
- Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería, -4,01%.
- Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores, -3,35%.
- Técnicos profesionais, científicos e intelectuais, -1,89%.
- Traballadores non cualificados, -0,98%.

Pola contra, o grupo que destaca sobre os demais polo seu crecemento é o de empregados de tipo administrativo, que acadou unha variación media do 13,10%.

No tocante á evolución segundo o sexo dos contratados, é salientable o crecemento da contratación masculina no grupo de empregados de tipo administrativo, que obtivo unha variación media do 15,23%.

Por outra banda, na comarca de Ferrol prodúcese un descenso na contratación de homes nos grupos de:

- Dirección de empresas e administracións públicas, cunha variación media negativa do -24,02%.
- Traballadores cualificados na agricultura e pesca, -10,9%.
- Técnicos profesionais, científicos e intelectuais, -6,3%.
- Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería. -4,5%.
- Traballadores non cualificados, -2,03%.
- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio, -0,59%.

No referente ás mulleres, destaca o incremento medio na contratación nos seguintes grupos:

- Dirección de empresas e administracións públicas, 31,61%.
- Artesás/traballadoras cualificadas industria manufactureira, construción e minería, 20,58%.
- Técnicas e profesionais de apoio, 17,06%.
- Empregadas de tipo administrativo, 12,1%.

É preciso, por último, sinalar o decrecemento que se rexistra na contratación feminina nos grupos que se enumeran a continuación:

- Operadoras de instalacións e maquinaria, e montadoras, -12,71%.
- Traballadoras cualificadas na agricultura e pesca, -8,78%.

5.4.6. Ocupacións máis contratadas

Táboa 30: As dez ocupacións máis contratadas na comarca. Ano 2003.

		TOTAL		HOMES		MULLERES		RATIO
CNO	OCUPACIÓNS	N.º	%	N.º	%	N.º	%	MASCUL.[1]
97000011	Peón da ind. manufactureira, en xeral	2.569	8,87	2.265	13,63	304	2,46	88,17
42100010	Empregado administrativo, en xeral	2.176	7,51	870	5,23	1.306	10,57	39,98
53300010	Dependente de comercio, en xeral	1.680	5,80	337	2,03	1.343	10,87	20,06
50200018	Camareiro, en xeral	1.543	5,32	584	3,51	959	7,76	37,85
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	1.509	5,21	384	2,31	1.125	9,10	25,45
51110066	Auxiliar de clínica	1.044	3,60	30	0,18	1.014	8,20	2,87
27200016	Enfermeiro, en xeral	1.029	3,55	89	0,54	940	7,61	8,65
71100016	Albanel	1.013	3,50	1.007	6,06	6	0,05	99,41
75120049	Soldador por arco eléctrico, en xeral	993	3,43	989	5,95	4	0,03	99,60
86300016	Condutor de camión, en xeral	597	2,06	579	3,48	18	0,15	96,98
	TOTAL	**14.153**	**48,84**	**7.134**	**42,93**	**7.019**	**56,79**	**50,41**

(1) Ratio de Masculinidade = (N.º de contratos realizados a homes/ N.º total de contratos) x 100

Do total dos contratos realizados no ano 2003 na comarca de Ferrol, o 48,84% rexistráronse entre as dez ocupacións máis contratadas, o que manifesta unha concentración media dos contratos nestas ocupacións.

A ocupación onde se realizaron máis contratos foi a de peón da industria manufactureira, seguida da de empregado administrativo. No caso dos homes, foron máis contratados como peón da industria manufactureira e albanel; en cambio, o maior volume de contratos nas mulleres deuse nas ocupacións de dependenta de comercio e empregada administrativa.

No que respecta á distribución dos contratos segundo o sexo, é de salientar que o ratio de masculinidade no conxunto destas dez ocupacións é do 50,41%, o que indica unha tendencia á igualdade entre homes e mulleres. Malia todo, as ocupacións cun maior carácter masculino son as de soldador por arco eléctrico, albanel, condutor de camión, e peón da industria manufactureira que obteñen unha ratio de masculinidade por riba do 80%. Pola contra, existen dúas ocupacións eminentemente femininas, que son as de auxiliar de clínica e enfermeira, que obteñen unha ratio por baixo do 20%.

Táboa 31: *Evolución das dez ocupacións máis contratadas entre 1999 e 2003.*

CNO	OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS	1999	2000	2001	2002	2003
97000011	**Peón da industria manufactureira, en xeral**	**2.763**	**2.330**	**2.487**	**2.353**	**2.569**
42100010	**Empregado administrativo, en xeral**	**1.197**	**1.395**	**1.532**	**2.143**	**2.176**
53300010	**Dependente de comercio, en xeral**	**1.529**	**1.652**	**1.648**	**1.886**	**1.680**
50200018	**Camareiro, en xeral**	**1.056**	**1.102**	**1.056**	**1.277**	**1.543**
91210016	**Muller/mozo limpeza, limpador en xeral**	**1.228**	**1.259**	**1.294**	**1.326**	**1.509**
51110066	**Auxiliar de clínica**	**936**	**1.006**	**866**	**870**	**1.044**
27200016	**Enfermeiro, en xeral**	**970**	**926**	**845**	**846**	**1.029**
71100016	**Albanel**	**1.605**	**1.265**	**1.214**	**1.144**	**1.013**
75120049	**Soldador por arco eléctrico, en xeral**	**1.194**	790	**1.065**	**1.372**	**993**
86300016	**Condutor de camión, en xeral**	592	**833**	**800**	**636**	**597**
75140063	ARMADOR DE BLINDAXE DE BUQUES	**698**	510	737	513	358
83630022	OPERADORA MÁQUINA INDUSTRIAL COSER Á PLANA, EXCEPTO PEL: CALZADO	422	**884**	734	151	6

Polo que respecta á evolución nos últimos cinco anos das dez ocupacións máis contratadas da comarca, obsérvase unha tendencia á estabilidade, posto que tan só catro delas aparecen e desaparecen da lista nestes anos. Así, as de soldador por arco eléctrico e condutor de camión están entre as dez máis contratadas en todos os anos, agás no 2000 no caso da primeira e no 1999 no caso da segunda. Pola contra, as de armador de blindaxe de buques e operadora máquina industrial coser á plana só aparecen na lista nos anos 1999 e 2000 respectivamente.

Con respecto á progresión individual destas ocupacións, cabe resaltar como evolución positiva a de empregado administrativo, que se incrementa ano a ano, conseguindo unha variación media do 16,12%. A outra ocupación que máis se incrementa a continuación é a de camareiro, cunha variación media do 9,95%.

Pola contra, destaca polo seu comportamento negativo en primeiro lugar a de operadora máquina industrial coser á plana, que despois de duplicarse no ano 2000 con respecto ao anterior, descende de forma aguda nos anos seguintes, chegando case a desaparecer no ano 2003, e obtendo unha variación media negativa do -65,47%. A ocupación de albanel tamén sofre un considerable descenso, cunha variación media do -10,87% e un decrecemento continuado en todo o quinquenio.



Comarca de Fisterra

5.1. TECIDO EMPRESARIAL

5.1.1. Tecido empresarial comarcal. Situación actual

Na comarca de Fisterra, algo máis da metade das empresas agrúpanse no sector servizos, en concreto o 51,14%. A continuación en orde de importancia sitúase o sector primario, co 18,39%, seguido de cerca polo da construción, co 17,85%. No referente aos subsectores, é o de comercio e hostalería o que aglutina a maior parte das compañías da comarca, representando o 31,41% destas.

Os traballadores pertencen tamén na súa maior parte ao sector servizos, onde se encadran o 43,25% destes, seguidos de cerca polos do sector primario, 32,11%, e do secundario, 13,42%. No ámbito subsectorial volve a destacar o de comercio e hostalería, onde se rexistran o 22,01% dos traballadores da comarca; a continuación está o de outros servizos, co 18,66%.

Os autónomos sitúanse de forma maioritaria no sector servizos, co 66,72% do total. O sector da construción agrupa o 19,72% e o secundario o 11,31%. Facendo unha análise máis pormenorizada dos subsectores, pódese observar que case a metade dos autónomos traballan no ámbito do comercio e da hostalería (48,84%).

5.1.2. Evolución anual

Táboa 1: *Evolución do número de empresas. Período 1999-2003.*

	EMPRESAS				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	**161**	**156**	**140**	**147**	**137**
Agricultura e pesca	161	156	140	147	137
SECTOR SECUNDARIO	**87**	**86**	**94**	**96**	**94**
Industria	83	82	90	92	90
Electricidade	4	4	4	4	4
SECTOR CONSTRUCIÓN	**149**	**135**	**146**	**144**	**133**
Construción	149	135	146	144	133
SECTOR SERVIZOS	**321**	**314**	**324**	**343**	**381**
Comercio e hostalería	199	204	205	206	234
Transporte e comunicacións	15	15	19	26	29
Outros servizos	107	95	100	111	118
TOTAL	**718**	**691**	**704**	**730**	**745**

GRÁFICO 1: Variacións interanuais do número de empresas por sector económico. Período 1999-2003.



No período comprendido entre os anos 1999 e 2003, as empresas da comarca de Fisterra, cunha variación media do 0,93%, obteñen un leve incremento en números absolutos. No transcurso destes cinco anos, o conxunto de empresas só se reduce entre 1999-2000, mantendo unha evolución positiva nos intervalos restantes.

En canto á progresión individual de cada un dos sectores produtivos, cabe destacar o dos servizos como o de maior crecemento, cunha variación media do 4,38%. Este sector manifesta só unha diminución no intervalo inicial do período, mantendo posteriormente un crecemento constante e intensificándose ano a ano. O subsector de comercio e hostalería presenta un comportamento semellante ao do sector, cunha variación media do 4,13%. En cambio o de transporte e comunicacións medra por encima do conxunto, cunha variación media do 17,92%, mentres que o de outros servizos faino levemente por debaixo, debido a que entre os anos 1999 e 2000 ten un descenso, acadando finalmente unha variación interanual do 2,48%.

No sector secundario, a pesar de que se reduce un pouco nos intervalos inicial e final do período, o número empresas aumenta, logrando unha variación media do 1,95%.

No sector primario manifféstase un maior descenso do volume de empresas, decrecendo en todos os intervalos agás no 2001-2002, no que se recuperan lixeiramente. Este sector presenta unha variación media do -3,96%. O sector da construción tamén ve reducido o seu número, aínda que de forma máis leve que o anterior, cunha variación media do -2,8%. Neste caso tamén se pode observar un descenso continuado das empresas, resultando a única excepción a do intervalo 2000-2001 (variación interanual do 8,15%).

TÁBOA 2: Evolución do número de traballadores. Período 1999-2003.

	TRABALLADORES				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	**967**	**1.278**	**1.293**	**1.300**	**1.323**
Agricultura e pesca	967	1.278	1.293	1.300	1.323
SECTOR SECUNDARIO	**522**	**525**	**520**	**539**	**553**
Industria	483	480	465	482	483
Electricidade	39	45	55	57	70
SECTOR CONSTRUCIÓN	**422**	**433**	**438**	**481**	**462**
Construción	422	433	438	481	462
SECTOR SERVIZOS	**1.299**	**1.377**	**1.461**	**1.686**	**1.782**
Comercio e hostalería	726	751	751	761	907
Transporte e comunicacións	37	33	44	108	106
Outros servizos	536	593	666	817	769
TOTAL	**3.210**	**3.613**	**3.712**	**4.006**	**4.120**

Os traballadores da comarca presentan unha evolución positiva entre os anos 1999 e 2003, rexistrando unha variación media do 6,44%, conseguida tras un crecemento continuado nestes cinco anos; a subida máis importante prodúcese no intervalo 1999-2000, cunha variación interanual do 12,55%.

O sector servizos é de novo o que experimenta un crecemento máis forte, obtendo unha variación media do 8,22%. O comportamento deste sector é positivo en todo o período, manifestando o seu crecemento máis forte entre os anos 2001 e 2002, cunha variación interanual do 15,4%. O subsectores de transporte e comunicacións e o de outros servizos increméntanse por encima do conxunto, de forma moi aguda o primeiro, cunha variación media do 30,1%, alcanzando o segundo o 9,44%. Pola contra, o de comercio e hostalería acada unha variación media lixeiramente inferior á do sector, 5,72%.



***Gráfico 2**: Variacións interanuais do número de traballadores por sector económico. Período 1999-2003.*

O sector que máis aumenta a continuación é o primario, que rexistra unha variación media do 8,15%. Neste caso cómpre sinalar a importante subida que se dá entre os anos 1999 e 2000, presentando unha variación interanual do 32,16%, seguida de crecementos máis leves nos intervalos seguintes.

Cun incremento moito menor que o dos dous sectores anteriores, sitúanse o secundario e o da construción, que obteñen variacións medias do 1,45% e do 2,29% respectivamente. Estes sectores non presentan grandes oscilacións; simplemente hai que sinalar que ambos manifestan un só decrecemento nun intervalo, no 2000-2001 o primeiro e no 2002-2003 o segundo, e nos seguintes tenden a medrar.

***Táboa 3:** Evolución do número de autónomos. Período 1999-2003.*

	AUTÓNOMOS				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	**23**	**22**	**23**	**25**	**27**
Agricultura e pesca	23	22	23	25	27
SECTOR SECUNDARIO	**86**	**107**	**121**	**134**	**136**
Industria	86	107	121	134	136
Electricidade	0	0	0	0	0
SECTOR CONSTRUCIÓN	**159**	**185**	**198**	**214**	**237**
Construción	159	185	198	214	237
SECTOR SERVIZOS	**535**	**621**	**665**	**708**	**802**
Comercio e hostalería	397	462	496	523	587
Transporte e comunicacións	54	64	66	69	75
Outros servizos	84	95	103	116	140
TOTAL	**803**	**935**	**1.007**	**1.081**	**1.202**

O sector servizos volve a ser novamente o que máis medra no que a traballadores autónomos se refire. Deste xeito, obtén unha variación media do 10,65%, acadada despois dun crecemento constante ao longo do quinquenio, onde as subidas máis fortes se rexistran nos intervalos inicial e final do período, con variacións interanuais do 16,07% e 13,28% respectivamente. O subsector de comercio e hostalería marca en certa medida a evolución do sector, podéndose observar a similitude tanto na evolución ano a ano como na variación media final que presenta, 10,27%. Os de transporte e comunicacións e outros servizos obteñen variacións medias do 8,56% e do 13,62% respectivamente.



***Gráfico 3:** Variacións interanuais do número de autónomos por sector económico. Período 1999-2003.*

Os sectores secundario e da construción tamén manteñen un crecemento continuado durante todo o período, presentando variacións medias do 12,14% o primeiro e do 10,49% o segundo. Nestes dous sectores, do mesmo xeito que no anterior, os incrementos máis importantes danse no intervalo inicial do quinquenio, logrando variacións interanuais do 24,42% e do 16,35% respectivamente. O sector primario, en cambio, medra en menor medida, acadando unha variación media do 4,09%.

Esta situación descrita deriva nun incremento global dos traballadores autónomos da comarca, presentando de forma conxunta unha variación media do 10,61%, cun comportamento positivo nestes cinco anos; hai que sinalar como variación interanual máis importante a do inicio do período, do 16,44%.

5.2. DEMANDAS

5.2.1. Demandantes por concello

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Cee	573	193	766
Corcubión	132	45	177
Dumbría	219	71	290
Fisterra	356	101	457
Muxía	409	115	524
TOTAL	**1.689**	**525**	**2.214**

TÁBOA 4: Distribución dos demandantes segundo os concellos da comarca.

% comarca/provincia - PARADOS	**2,56**
% comarca/provincia - NON PARADOS	**1,72**

Na comarca de Fisterra recibíronse no ano 2003 un total de 2.214 demandas de emprego, que se reparten de forma maioritaria entre os parados, que superan aos non parados en todos os concellos e representan o 76,29% dos demandantes comarcais.

En relación coa provincia da Coruña, o peso relativo dos demandantes parados é levemente superior ao dos non parados, que representan o 2,56% e o 1,72% respectivamente da demanda provincial.



GRÁFICO 4: Distribución dos demandantes da comarca por concello.

No concello de Cee agrúpanse a maior parte das demandas, representando o 34,6% destas. A curta distancia sitúanse os de Muxía, co 23,67%, e de Fisterra, co 20,64% dos demandantes. Por último, os concellos de Dumbría e Corcubión teñen o 13,1% e o 8%, respectivamente.

5.2.3. Caracterización da situación sociolaboral dos demandantes de emprego

	TRABALLADORES				
	1999	2000	2001	2002	2003
PARADOS COMARCA	1.305	1.444	1.324	1.432	1.689
VARIACIÓN INTERANUAL %	-	10,65	-8,31	8,16	17,95
COMARCA/TOTAL PROVINCIA	2,22	2,41	2,27	2,24	2,56

TÁBOA 5: Evolución dos demandantes parados.

A evolución dos demandantes parados da comarca reflite un desenvolvemento positivo nestes cinco anos comprendidos entre o 1999 e o 2003. Deste xeito, só se rexistra unha redución en todo o período, que se dá no ano 2001, manifestando unha progresión constante nos demais intervalos; a subida máis importante é a acadada no intervalo 2002-2003, cunha variación interanual do 17,95%.



GRÁFICO 5: Evolución dos demandantes parados da comarca.

No referente ao peso relativo dos demandantes parados comarcais con respecto aos provinciais, cabe destacar que o saldo final amosa un certo crecemento, a pesar de que este peso se reduce levemente nos anos 2001 e 2002, recupérase nos restantes, obtendo ao final do quinquenio unha representatividade maior que ao inicio.

5.2.3. Caracterización da situación sociolaboral dos demandantes de emprego

TÁBOA 6: Situación laboral dos demandantes

		VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	318	14,36	12,67
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	1.371	61,92	55,76
NON PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	66	2,98	3,98
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	210	9,49	11,46
	Con traballo a tempo parcial e prestación compatible	77	3,48	4,73
	En expediente de regulación de emprego	7	0,32	2,34
	Demandantes de mellora de emprego	134	6,05	5,98
	Demandantes de emprego de menos de 20 h	8	0,36	2,38
	Resto de demandantes	23	1,04	0,71
	TOTAL	**2.214**	**100,00**	**100,00**

Algo máis de seis de cada dez demandantes de emprego son parados con emprego anterior. A continuación sitúanse os parados sen emprego anterior (14,36%) e os non parados con emprego anterior (9,49%).

Comparando estes datos cos da provincia da Coruña, obsérvase que a situación é moi semellante; os parados con emprego anterior son o colectivo máis significativo. Neste grupo é no único onde se produce unha diferenza salientable entre ambos os territorios, presentando a comarca un valor porcentual 6,16 puntos maior cá provincia.

5.2.4. Demandantes de emprego por sexo e idade

TÁBOA 7.1: Demandantes parados por sexo e grupos de idade.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	HOMES %	MULLERES %	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	148	165	8,76	9,77	18,53	17,50
26 a 35 anos	168	290	9,95	17,17	27,12	30,43
36 a 45 anos	152	263	9,00	15,57	24,57	22,04
46 a 55 anos	151	170	8,94	10,07	19,01	17,68
56 e máis anos	118	64	6,99	3,79	10,78	12,34
TOTAL COMARCA	**737**	**952**	**43,64**	**56,36**	**100,00**	**2,56**
TOTAL PROVINCIA	**26.764**	**39.271**	**40,53**	**59,47**	**2,56**	**100,00**

A maioría dos demandantes de emprego parados son mulleres; representan o 56,36% do total. Esta circunstancia é semellante á da provincia, que tende dunha forma moi leve a unha maior desigualdade, representando as demandantes mulleres 3,11 puntos máis.

En relación coa distribución por idade, cabe sinalar que en todos os intervalos, as mulleres superan porcentualmente aos homes, excepto no de maiores de 55 anos, no que esta situación se inverte, acadando os homes unha proporción 3,2 puntos maior.

Tanto no caso dos homes como no das mulleres, o grupo que lle dá un maior peso ao conxunto é o de 26 a 35 anos, seguido tamén nos dous sexos polo de 36 a 45 anos. Deste modo, de forma agrupada, pódese concluír que o 27,12% dos demandantes parados teñen entre 26 e 35 anos, e o 24,57% teñen entre 36 e 45 anos.

En relación coa provincia, obsérvase unha situación parecida, onde as únicas diverxencias notables son o incremento en 3,31 puntos no ámbito provincial dos demandantes de entre 26 e 35 anos, así como o descenso en 2,53 puntos no intervalo de idade posterior.

Táboa 7.2: *Demandantes non parados por sexo e grupos de idade.*

	HOMES N.º	MULLERES N.º	HOMES %	MULLERES %	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	43	59	8,19	11,24	19,43	18,07
26 a 35 anos	40	91	7,62	17,33	24,95	27,98
36 a 45 anos	43	63	8,19	12,00	20,19	19,81
46 a 55 anos	48	52	9,14	9,90	19,05	17,58
56 e máis anos	57	29	10,86	5,52	16,38	16,55
TOTAL COMARCA	**231**	**294**	**44,00**	**56,00**	**100,00**	**1,72**
TOTAL PROVINCIA	**12.680**	**17.790**	**41,61**	**58,39**	**1,72**	**100,00**

O 56% dos demandantes de emprego non parados da comarca de Fisterra son mulleres. Na provincia da Coruña dáse unha situación case parella, dado que tamén estas son a maioría.

Debido á maior representatividade das demandantes non paradas, estas superan aos homes en todos os grupos de idade, excepto nos maiores de 55 anos, no que os últimos obteñen un peso 5,34 puntos superior. Deste xeito, este tramo de idade é o que maior volume achega no caso dos homes (10,86%), seguido a continuación polo de 46 a 55 anos (9,14%). Pola contra, entre as mulleres, o intervalo de 26 a 35 anos é o que supón un maior peso (17,33%), situándose a continuación o de 36 a 45 anos (12%).

De forma conxunta, polo tanto, no grupo de 26 a 35 anos inclúense o 24,95% dos demandantes non parados da comarca, e no de 36 a 45 anos sitúanse o 20,19%. Tamén na provincia o primeiro grupo é o que obtén unha maior representación, aínda que se incrementa en 3,03 puntos con respecto á comarca; nos intervalos restantes non hai diferenzas porcentuais destacables.

Tal e como se pode observar no gráfico anterior, o colectivo de parados é máis voluminoso que o de non parados en todos os grupos de idade. Deste xeito, de forma individual, o colectivo que máis peso lle dá ao conxunto é o dos parados de 26 a 35 anos, 20,69%, do mesmo modo que o que representa a un menor número de demandantes é o dos non parados maiores de 55 anos (3,88%).



Gráfico 6: *Distribución porcentual do total de demandantes por grupos de idade.*

De forma global, o tramo de 26 a 35 anos é o máis significativo, co 26,6% do total de demandantes, seguido do de 36 a 45 anos, que representa o 23,53% destes. Pola contra, o que reúne a unha menor porción de demandantes é o de maiores de 55 anos, co 12,1%.

Gráfico 7: *Distribución porcentual do total de demandantes por sexo.*



Máis da metade dos demandantes de emprego da comarca son mulleres, en concreto o 56,28%. Así mesmo, é salientable que os parados superen amplamente aos non parados en ambos os sexos, sendo esta diferenza de 22,86 puntos no caso dos homes e de 29,72 puntos no das mulleres.

5.2.5. Demandantes por nivel académico

Táboa 8.1: *Distribución dos demandantes parados por nivel académico.*

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Ata certificado de escolaridade*	795	47,07	31,78
Titulación de ensinanza obrigatoria	600	35,52	37,12
Formación profesional	112	6,63	5,63
BUP/Bacharelato superior/COU	93	5,51	12,20
Titulados universitarios	63	3,73	11,17
Outras titulacións	26	1,54	2,11
TOTAL	**1.689**	**100,00**	**100,00**

** Inclúe: sen estudos, estudos primarios e certificado de escolaridade*

O 47,07% dos demandantes parados comarcais tan só teñen como máximo o certificado de escolaridade. A continuación sitúanse os que posúen a titulación de ensinanza obrigatoria, co 35,52%, seguidos dos que teñen formación profesional, 6,63%.

En relación co conxunto da provincia, na comarca os demandantes parados con certificado de escolaridade representan 15,29 puntos máis que no nivel provincial, mentres que o peso dos estudos de bacharelato e universitarios increméntanse neste último territorio en 14,13 puntos.

Táboa 8.2: *Distribución dos demandantes non parados por nivel académico.*

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Ata certificado de escolaridade	257	48,95	30,62
Titulación de ensinanza obrigatoria	149	28,38	33,40
Formación profesional	32	6,10	5,72
BUP/Bacharelato superior/COU	42	8,00	15,70
Titulados universitarios	35	6,67	13,03
Outras titulacións	10	1,90	1,53
TOTAL	**525**	**100,00**	**100**

Entre os demandantes non parados, o 48,95% posúen ata certificado de escolaridade, ao mesmo tempo que o 28,38% teñen a titulación de ensinanza obrigatoria. Nun segundo plano sitúanse os que obtiveron o bacharelato (8%) e os titulados universitarios (6,67%).

Comparando estes datos cos da provincia da Coruña, obsérvase que na comarca os que teñen ata certificado de escolaridade supoñen 18,33 puntos máis, do mesmo xeito que se reducen en 7,7 puntos os que acadaron o bacharelato, en 6,36 puntos os que teñen estudos universitarios e en 5,02 puntos os titulados en ensinanza obrigatoria.

5.2.6. Demandantes parados por tempo de busca de emprego

Táboa 9: *Distribución dos demandantes parados segundo o sexo e a idade por tempo de busca de emprego.*

		Menos de 6 meses %	De 6 meses a 1 ano %	Máis de 1 ano %	TOTAL %
Menor de 26 anos	Homes	7,52	0,89	0,36	8,76
	Mulleres	7,16	1,48	1,12	9,77
26 a 35 anos	Homes	7,34	1,72	0,89	9,95
	Mulleres	9,18	2,96	5,03	17,17
36 a 45 anos	Homes	6,22	1,60	1,18	9,00
	Mulleres	7,70	3,08	4,80	15,57
46 a 55 anos	Homes	5,74	0,89	2,31	8,94
	Mulleres	4,38	1,89	3,79	10,07
56 e máis anos	Homes	2,55	0,71	3,73	6,99
	Mulleres	1,24	0,24	2,31	3,79
TOTAL COMARCA		**59,03**	**15,45**	**25,52**	**100,00**
TOTAL PROVINCIA		**48,04**	**14,84**	**37,13**	**100,00**

Case seis de cada sete demandantes parados levan buscando emprego menos de seis meses, en concreto o 59,03%. A continuación sitúanse os que levan buscando máis dun ano, que son o 25,52%. Na provincia da Coruña non se rexistra unha concentración tan forte dos demandantes no paro de menos de seis meses, supoñendo neste caso 10,99 puntos menos, do mesmo xeito que os parados de máis dun ano representan 11,61 puntos máis na provincia.

A relación entre a idade e o tempo de busca de emprego reflite unha tendencia ao desemprego de menos de seis meses nas idades máis novas, mentres que a partir dos 55 anos se tende ao paro de longa duración.

Entre os demandantes parados de menos de seis meses, a porcentaxe de homes e mulleres é practicamente idéntica, ao mesmo tempo que no paro de máis dun ano a presenza feminina supera porcentualmente á masculina en 8,35 puntos.

5.2.7. Demandantes por sectores económicos de procedencia

Táboa 10: *Demandantes por actividade económica.*

	PARADOS			NON PARADOS		
	Comarcal N.º	Comarcal %	Provincial %	Comarcal N.º	Comarcal %	Provincial %
Sector primario	62	3,67	2,00	37	7,05	2,78
Sector secundario	229	13,56	17,16	57	10,86	18,47
Construción	346	20,49	13,36	74	14,10	8,13
Sector servizos	736	43,58	49,08	279	53,14	54,02
Sen actividade previa	316	18,71	18,41	78	14,86	16,59
TOTAL	**1.689**	**100,00**	**100,00**	**525**	**100,00**	**100,00**

O 43,58% dos demandantes parados da comarca de Fisterra proceden do sector servizos, seguidos a continuación polos do sector da construción (20,49%) e polos do secundario (13,56%). No conxunto provincial, aumentan en 5,5 puntos porcentuais os derivados dos servizos e en 3,6 puntos os do sector secundario, do mesmo xeito que descenden en 7,13 puntos os que proveñen da construción.

Entre os demandantes non parados, algo máis da metade, o 53,14%, de novo proceden do sector servizos. Posteriormente sitúanse os da construción, co 14,1%, e os do sector secundario, co 10,86%. En relación coa provincia, as diferenzas máis significativas son a diminución en 4,27 puntos no ámbito provincial dos demandantes orixinados no sector primario e en 5,97 puntos dos do sector da construción, así como o incremento en 7,61 puntos porcentuais dos que veñen do sector secundario.

De forma conxunta, os demandantes de emprego da comarca orixínanse na súa maior parte no sector servizos, que engloba o 45,84%. Nun segundo lugar sitúanse os que proveñen da construción, o 18,97%, seguidos dos derivados do sector secundario, que representan o 12,92% dos demandantes comarcais.

Gráfico 8: *Demandantes parados na industria.*



A maior parte dos demandantes pertencentes á industria proceden da actividade de téxtil e confección, en concreto o 39%. Os que xorden da alimentación representan case a cuarta parte e os de outras industrias o 14%.

Gráfico 9: *Demandantes parados nos servizos.*



Dentro dos servizos, as administracións públicas agrupan o 37% dos demandantes de emprego parados da comarca de Fisterra. A continuación en nivel de importancia sitúase a hostalería (19%), o comercio (12%) e as actividades inmobiliarias e servizos a empresas (10%).

5.2.8. As dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego

Táboa 11: *Ocupacións máis demandadas.*

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	236	10,66	7,21
Peón da construción de edificios	173	7,81	2,57
Dependente de comercio, en xeral	142	6,41	8,97
Empregado administrativo, en xeral	141	6,37	8,93
Albanel	120	5,42	2,65
Camareiro, en xeral	100	4,52	2,68
Peón da industria alimentaria, bebidas e tabaco	97	4,38	1,28
Peón da industria manufactureira, en xeral	95	4,29	3,87
Empregada de fogar	87	3,93	0,56
Mariñeiro de pesca	64	2,89	0,61

5.2.9. Perfil tipo dos demandantes de emprego

TÁBOA 12: Perfil máis representativo.

	PERFIL COMARCAL TIPO	PERFIL PROVINCIAL TIPO
Situación laboral	Parados con emprego anterior	Parados con emprego anterior
Sexo	Mulleres	Mulleres
Grupo idade	De 26 a 35 anos	De 26 a 35 anos
Nivel académico	**Ata certificado de escolaridade**	Titulación ensinanza obrigatoria
Duración demanda	Menos de 6 meses	Menos de 6 meses
Sector	Servizos	Servizos
Ocupación máis demandada	**Muller/mozo limpeza, limpador**	Dependente de comercio

5.3. OFERTAS

5.3.1. Ofertas no servizo público de emprego galego 2003. Evolución

TÁBOA 13: Número de ofertas por concellos. Ano 2003.

	TOTAL OFERTAS	TOTAL %
Cee	1.381	91,52
Corcubión	39	2,58
Dumbría	30	1,99
Fisterra	29	1,92
Muxía	30	1,99
TOTAL COMARCA	**1.509**	**100,00**

TOTAL OFERTAS PROVINCIA:	**32.600**
COMARCA/PROVINCIA:	**4,63**

No ano 2003, na comarca de Fisterra recibíronse un total de 1.509 ofertas de emprego, que representan o 4,63% das recollidas na provincia da Coruña.

Algo máis de nove de cada dez destas ofertas, o 91,52%, proceden do concello de Cee, quedando repartidas entre os outros catro o 8,48% restante, encabezados polo de Corcubión, que concentra o 2,58% das ofertas da comarca.

TÁBOA 14: Evolución das ofertas. Período 1999-2003. Valores absolutos e relativos.

	N.º OFERTAS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Cee	634	313	386	498	1.381	-50,63	23,32	29,02	177,31	21,49
Corcubión	7	34	23	53	39	385,71	-32,35	130,43	-26,42	53,64
Dumbría	7	78	42	20	30	1014,29	-46,15	-52,38	50,00	43,88
Fisterra	5	51	8	16	29	920,00	-84,31	100,00	81,25	55,19
Muxía	3	49	32	29	30	1533,33	-34,69	-9,38	3,45	77,83
TOTAL COMARCA	**656**	**525**	**491**	**616**	**1.509**	**-19,97**	**-6,48**	**25,46**	**144,97**	**23,15**
TOTAL PROVINCIA	**29.835**	**37.922**	**30.755**	**30.380**	**32.600**	**27,11**	**-18,90**	**-1,22**	**7,31**	**2,24**

A evolución do número de ofertas laborais da comarca de Fisterra no período comprendido entre os anos 1999 e 2003 reflite unha tendencia positiva, acadando unha variación media do 23,15%, lograda tras fortes flutuacións ao longo do quinquenio, debido á importante redución que se dá entre os anos 1999 e 2000, cunha variación interanual do -19,97%, seguida dunha diminución menor no ano seguinte. Posteriormente, danse fortes incrementos nos tramos restantes, presentando sucesivas variacións interanuais do 25,46% e 144,97% respectivamente. No ámbito provincial, aínda que tamén se produce un crecemento das ofertas, dáse dunha forma moito máis discreta, obtendo unha variación media do 2,24%, manifestándose o maior ascenso no intervalo inicial do período.

O concello de Cee é o que marca a evolución do conxunto da comarca, obtendo neste caso unha variación media do 21,49%. Este concello decrece no primeiro intervalo do quinquenio, cando todos os demais aumentan; presenta unha variación interanual do -50,63%. A continuación acada un crecemento considerable, cunha variación interanual do 23,32, ao mesmo tempo que nos concellos restantes diminúen. No intervalo 2001-2002 volve a medrar de forma importante, cunha variación interanual do 29,02%, incrementándose aínda de forma máis brusca entre os anos 2002 e 2003, nos que rexistra unha variación interanual do 177,31%.

Debido á concentración de case a totalidade de ofertas no concello de Cee, agrúpanse os restantes para comparar as súas evolución respectivas. Como reflexo do comentado antes, pódese observar neste gráfico como no ano 2000 en Cee se rexistra un decrecemento das ofertas, mentres que nos concellos restantes se incrementan. Nos anos seguintes, no concello de Cee as ofertas medran de forma paulatina, ata chegar ao ano 2003, onde se rexistra unha subida moi aguda, mentres que no resto dos concellos as ofertas redúcense levemente no ano 2001 e mantéñense case estables nos anos posteriores.



Gráfico 10: *Evolución do número de ofertas dos concellos da comarca.*

5.3.2. Ofertas segundo os sectores de actividade económica

	PRIMARIO		SECUNDARIO		CONSTRUCIÓN		SERVIZOS	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Cee	4	66,67	104	90,43	136	83,95	1.136	92,73
Corcubión	0	0,00	2	1,74	1	0,62	36	2,94
Dumbría	0	0,00	0	0,00	16	9,88	14	1,14
Fisterra	0	0,00	9	7,83	2	1,23	18	1,47
Muxía	2	33,33	0	0,00	7	4,32	21	1,71
TOTAL COMARCA	**6**	**100,00**	**115**	**100,00**	**162**	**100,00**	**1.225**	**100,00**
TOTAL PROVINCIA	**338**		**3.112**		**5.814**		**23.331**	

Táboa 15: *Distribución das ofertas por concellos segundo os sectores económicos. Valores absolutos e relativos en relación co total da comarca.*

O máis salientable da distribución das ofertas segundo os concellos e sectores económicos é que o concello de Cee concentra a maioría das ofertas independentemente do sector de que se trate. Cómpre sinalar que no concello de Dumbría non se rexistra ningunha oferta nos sectores primario e secundario, ao mesmo tempo que nos de Corcubión e Fisterra non se recolle ningunha no sector primario. No sector da construción, o concello que se sitúa en segundo lugar en nivel de ofertas, a moita distancia do de Cee, é o de Dumbría, e no dos servizos é o de Corcubión.

A característica máis importante da distribución das ofertas da comarca de Fisterra é que algo máis de oito de cada dez derívanse do sector servizos, en concreto o 81%. A continuación colócanse as do sector da construción (11%) e do secundario (8%).



Gráfico 11: *Distribución porcentual das ofertas por sectores económicos.*

Comparando esta situación coa da provincia da Coruña, ponse de manifesto un menor peso nesta última das ofertas orixinadas no sector servizos, que representan 10 puntos menos, ao mesmo tempo que se incrementan en 7 puntos as que veñen do sector da construción.

GRÁFICO 12: Distribución porcentual das ofertas na industria.



As ofertas xeradas na industria concéntranse maiormente na actividade de téxtil e confección, co 40% do total. Esta é seguida pola de alimentación (26%), a de madeira (17%), a de outras industrias (13%) e finalmente a de metalurxia e fabricación de produtos metálicos (4%).

GRÁFICO 13: Distribución porcentual das ofertas nos servizos.



Cómpre destacar, como elemento máis importante das ofertas laborais derivadas dos servizos, que algo máis de oito de cada dez prodúcense nas administracións públicas. O resto de ofertas distribúense de forma máis regular entre as demais actividades, encabezadas pola de actividades inmobiliarias e servizos a empresas, co 8% do total.

TÁBOA 16: Evolución das ofertas por sectores económicos.

	1999	2000	2001	2002	2003
Primario	7	4	2	4	6
Secundario	154	87	44	99	115
Construción	187	127	150	89	162
Servizos	307	305	295	423	1.225
Sen actividade	1	2	0	1	1
TOTAL COMARCA	**656**	**525**	**491**	**616**	**1.509**
TOTAL PROVINCIA	**29.835**	**37.922**	**30.755**	**30.380**	**32.600**

Entre os anos 1999 e 2003, o sector produtivo onde as ofertas se incrementaron dunha maneira máis forte foi o dos servizos, acadando unha variación media do 41,33%, chegando case a multiplicarse por catro en números absolutos nestes cinco anos. Este sector ten unha pequena redución nas ofertas entre os anos 1999 e 2001, inverténdose esta situación posteriormente, e obtendo nos dous últimos intervalos do quinquenio variacións interanuais do 43,39% e do 189,6%.

Nos sectores restantes as ofertas manifestan unha tendencia á diminución, sendo no secundario no que se produce un descenso maior, cunha variación media de -7,04%. Neste sector, os decrecementos máis importantes danse nos intervalos iniciais do período, que presentan variacións interanuais do -43,51% o primeiro e do -49,43% o segundo, mentres que entre os anos 2001 e 2002 rexístrase unha variación interanual do 125%. A variación media obtida polo sector da construción é do -3,52%, dándose neste caso a diminución maior entre os anos 2001 e 2002, cunha variación interanual do -40,67%, así como a maior subida entre o 2002 e o 2003, 82,02%.

5.3.3. Análise ocupacional das ofertas

Só 19 ofertas das recibidas na comarca tomaban en consideración o xénero dos traballadores á hora de acceder ao posto de traballo. Destas, sete solicitaban homes e doce mulleres. Os primeiros concentrábanse no sector da construción, en tanto que as segundas nos servizos, tendo maior peso neste sentido a actividade de hostalería.

Algo máis das tres cuartas partes das ofertas, o 75,75%, reclaman a posesión dun determinado nivel de estudos para acceder a unha ocupación, se ben o 94,14% destas tan só esixen a posesión do certificado de escolaridade. As titulacións que máis se demandan a continuación, a moita distancia da anterior, son as de formación profesional e a titulación de ensinanza obrigatoria, con porcentaxes ínfimas.



Gráfico 14: *Ofertas por nivel académico da comarca.*

Dado o maior peso das actividades das administracións públicas no tocante á procedencia das ofertas de traballo, as que esixen un determinado nivel académico derivan principalmente desta actividade.

5.3.4. Análise ocupacional das ofertas

Táboa 17.1: *Ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores.*

	1999	2000	2001	2002	2003
Albanel	4	73	33	20	23
Peón de albanel/Peón de obras públicas	12	40	33	21	13
Traballador espazos naturais	0	12	0	5	12
Camareiro – Barman	3	6	7	9	11
Administrativo	2	0	1	1	10
Auxiliar de axuda a domicilio/Coidador de anciáns	0	1	9	4	8
Axente de desenvolvemento	0	1	3	1	6
Diplomado en relacións laborais / Graduado social	0	0	1	2	5
Auxiliar administrativo	1	5	5	14	5
Maquinista de confección	10	19	0	8	4

Nos centros colaboradores da comarca, a ocupación máis ofertada no ano 2003 foi a de albanel. A continuación é seguida polas de peón de albanel/peón de obras públicas e traballador de espazos naturais.

No referente á evolución nestes cinco anos destas dez ocupacións, cabe destacar o desenvolvemento positivo que se dá na de albanel, traballador de espazos naturais, camareiro-barman e na de administrativo. En cambio, a de peón de albanel mantense, practicamente, e descende a de maquinista de confección.

TÁBOA 17.2: Ocupacións máis ofertadas nas oficinas de emprego.

	1999	2000	2001	2002	2003
Peón da industria manufactureira, en xeral	2	0	0	0	734
Peón da construción de edificios	72	16	56	73	203
Albanel	126	27	53	65	68
Empregado administrativo, en xeral	15	10	3	16	36
Peón dos camiños	0	0	0	0	32
Traballador forestal, en xeral	45	22	65	81	24
Técnico de protección civil	0	0	0	0	17
Encargado ou capataz forestal	5	12	12	1	11
Auxiliar enfermería hospital, en xeral	2	7	0	3	9
Peón da industria alimentaria, bebidas e tabaco	1	6	12	5	9

Nas oficinas de emprego, a ocupación que recibe máis ofertas laborais é a de peón da industria manufactureira, seguida a moita distancia pola de peón da construción de edificios e pola de albanel.

A ocupación de peón da industria manufactureira presenta un forte incremento no último ano, pasando a ter 734 ofertas, cando no ano precedente non se rexistraba ningunha. Tamén é salientable o crecemento da de peón da construción de edificios, aínda que en menor medida que a anterior, cunha variación media do 29,58%, rexistrando tamén a maior subida no último ano do período.

Pola contra, destaca pola súa redución a de albanel, que presenta unha variación media do -14,29%, debido ao importante decrecemento que acada entre os anos 1999 e 2000. Ademais, a ocupación de traballador forestal tamén reduce a súa importancia en número de ofertas, sobre todo tras o descenso producido no último ano do período.

5.4. CONTRATOS

5.4.1. Número de contratos no ámbito comarcal e municipal

	CONTRATOS 2003	
	N.º	%
CEE	1.918	54,61
CORCUBIÓN	361	10,28
DUMBRÍA	285	8,12
FISTERRA	483	13,75
MUXÍA	465	13,24
TOTAL COMARCA	**3.512**	**100,00**
TOTAL PROVINCIA	**310.890**	**1,13**

Táboa 18: *Número de contratos na comarca e nos concellos. Ano 2003.*

Na comarca de Fisterra realizáronse no ano 2003 un total de 3.512 contratos de emprego, que representan o 1,13% dos producidos na provincia da Coruña.

A maioría destes contratos, o 54,61%, concéntranse no concello de Cee, seguido a considerable distancia polos de Fisterra e Muxía, co 13,75% e o 13,24% das contratacións respectivamente. Por último, sitúanse Corcubión, que agrupa o 10,28% dos contratos, e Dumbría, co 8,12%.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA %
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
CEE	1.039	1.220	1.241	1.581	1.918	17,42	1,72	27,40	21,32	16,56
CORCUBIÓN	180	162	172	185	361	-10,00	6,17	7,56	95,14	19,00
DUMBRÍA	299	391	341	397	285	30,77	-12,79	16,42	-28,21	-1,19
FISTERRA	310	333	245	339	483	7,42	-26,43	38,37	42,48	11,72
MUXÍA	402	370	270	417	465	-7,96	-27,03	54,44	11,51	3,71
TOTAL COMARCA	**2.230**	**2.476**	**2.269**	**2.919**	**3.512**	**11,03**	**-8,36**	**28,65**	**20,32**	**12,02**
TOTAL PROVINCIA	**268.271**	**281.551**	**280.779**	**292.423**	**310.890**	**4,95**	**-0,27**	**4,15**	**6,32**	**3,75**

Táboa 19: *Evolución do número de contratos no ámbito comarcal. Variacións anuais. 1999-2003.*

A evolución dos contratos nos anos comprendidos entre 1999 e 2003 presenta un comportamento positivo, dado que no conxunto da comarca acádase unha variación media do 12,02%. Deste xeito, os contratos só se reducen en 2000-2001, incrementándose nos intervalos restantes, sobre todo nos dous últimos, nos que obteñen variacións interanuais do 28,65% e do 20,32%. Na provincia da Coruña tamén se produce unha subida nas contratacións, aínda que dunha forma menos aguda, conseguindo unha variación media do 3,75%.

No concello de Cee rexístrase un crecemento maior, cunha variación media do 16,56%, obtida tras un aumento constante ao longo do quinquenio; destacan as variacións interanuais conseguidas entre os anos 2001-2002, 27,4%, e 2002-2003, 21,32%. No concello de Fisterra rexístrase unha importante redución entre os anos 2000 e 2001 –que tamén se dá nos de Muxía e Dumbría–, cunha variación interanual do -26,43%, manifestando fortes recuperacións nos intervalos posteriores, ao presentar unha variación interanual do 38,37% en 2001-2002 e do 42,48% en 2002-2003. Finalmente obtén unha variación media do 11,72%.

En Corcubión o único descenso dáse no intervalo 1999-2000, obtendo a maior subida no último intervalo do quinquenio, cunha variación interanual do 95,14%. Neste concello a variación media final é do 19%. En Muxía dáse un crecemento menos agudo, cunha variación media do 3,71%, rexistrándose neste caso diminucións nos dous primeiros intervalos do período, así como importantes ascensos nos restantes. Por último, Dumbría é o único concello onde as contratacións se reducen, aínda que dunha forma moi leve, ao ter unha variación media do -1,19%. Neste caso, as oscilacións máis importantes danse en 1999-2000, cunha variación interanual do 30,77%, e en 2002-2003 (-28,21%).

5.4.2. Contratación comarcal segundo o sexo e a idade

Táboa 20: Distribución da contratación comarcal segundo o sexo e a idade. Ano 2003.

	N.º CONTRATOS			% CONTRATOS		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Menos de 26 anos	643	652	1.295	18,31	18,56	36,87
De 26 a 35 anos	486	588	1.074	13,84	16,74	30,58
De 36 a 45 anos	416	301	717	11,85	8,57	20,42
De 46 a 55 anos	225	94	319	6,41	2,68	9,08
De 56 e máis anos	75	32	107	2,14	0,91	3,05
TOTAL COMARCA	**1.845**	**1.667**	**3.512**	**52,53**	**47,47**	**100,00**
TOTAL PROVINCIAL	**166.028**	**144.862**	**310.890**	**53,40**	**46,60**	**100,00**

A contratación comarcal ten unha maior presenza masculina, dado que o 52,53% dos contratos realízanse entre os homes. Esta situación reprodúcese no ámbito provincial, con porcentaxes practicamente idénticas.

En relación coa distribución por idade, tanto entre os homes como entre as mulleres, o grupo que presenta un maior volume de contratación é o de menos de 26 anos, onde ambos os sexos acadan unha porcentaxe semellante, seguido polo de 26 a 35 anos. Deste xeito, cabe sinalar no ámbito comarcal que o 36,87% das contratacións se realizan entre menores de 26 anos e o 30,58% no tramo de idade posterior.

Táboa 21: Evolución do número de contratos da comarca segundo o sexo. Período 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Homes	1.430	1.567	1.428	1.747	1.845	9,58	-8,87	22,34	5,61	6,58
Mulleres	800	909	841	1.172	1.667	13,63	-7,48	39,36	42,24	20,15
TOTAL CONTRATOS	**2.230**	**2.476**	**2.269**	**2.919**	**3.512**	**11,03**	**-8,36**	**28,65**	**20,32**	**12,02**

Atendendo á evolución dos contratos segundo o sexo, increméntanse nos dous, pero no caso dos contratos femininos dunha forma moito máis brusca, acadando unha variación media do 20,15%, fronte á do 6,58% que se obtén no caso dos homes.

En ambos os sexos, as contratacións redúcense entre os anos 2000 e 2001, presentando os contratos masculinos unha recuperación considerable no intervalo 2001-2002 (variación interanual do 22,34%), mentres que nas mulleres danse nos dous últimos intervalos do período variacións interanuais moi importantes, do 39,36% e do 42,24%.

Tal como se pode observar no gráfico anterior, o peso relativo dos contratos masculinos en relación cos femininos redúcese progresivamente ao longo destes cinco anos, manifestando un descenso continuado entre o 1999 e o 2003, ao mesmo tempo que os femininos se incrementan. É significativo que ao inicio do período, a contratación masculina superaba en 28,26 puntos á feminina, chegando case a igualarse ao final deste, cunha diferenza a prol dos homes de só 5,06 puntos.



Gráfico 15: *Evolución da distribución da contratación comarcal segundo o sexo. Período 1999-2003. Valores proporcionais.*

Táboa 22: *Evolución do número de contratos da comarca segundo a idade. Período 1999-2003.*

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Menor de 26 anos	866	911	811	981	1.295	5,20	-10,98	20,96	32,01	10,58
De 26 a 35 anos	675	769	732	911	1.074	13,93	-4,81	24,45	17,89	12,31
De 36 a 45 anos	393	482	451	597	717	22,65	-6,43	32,37	20,10	16,22
De 46 a 55 anos	218	233	202	310	319	6,88	-13,30	53,47	2,90	9,99
De 56 e máis anos	78	81	73	120	107	3,85	-9,88	64,38	-10,83	8,22
TOTAL CONTRATOS	**2.230**	**2.476**	**2.269**	**2.919**	**3.512**	**11,03**	**-8,36**	**28,65**	**20,32**	**12,02**

Entre os anos 1999 e 2003, todos os grupos de idade manifestan un incremento nas súas contratacións; tamén teñen en común o feito de que todos se reducen entre os anos 2000 e 2001, presentando agudos incrementos nalgún dos intervalos restantes. O grupo que máis aumenta en números absolutos é o de menos de 26 anos, cunha variación media do 10,58%, rexistrando un descenso no intervalo 2000-2001, seguido de fortes recuperacións nos dous seguintes, con variacións interanuais do 20,96% e do 32,01%.

Os tramos de idade de 26 a 35 anos e de 36 a 45 anos acadan unha variación media do 12,31% e 16,22% respectivamente. No grupo de 26 a 35 anos as variacións interanuais máis altas danse nos dous últimos intervalos do período, con valores do 24,45% e do 17,89%. No caso do intervalo de 36 a 45 anos as variacións interanuais máis fortes danse entre os anos 1999-2000 e 2001-2002, supoñendo o 22,65% e o 32,37% respectivamente.

Nos grupos de 46 a 55 anos e de máis de 55 anos obtéñense variacións medias do 9,99% e do 8,22% respectivamente. En ambos os dous grupos prodúcense tamén considerables subidas entre os anos 2001 e 2002, con variacións interanuais do 53,47% no primeiro e do 64,38% no segundo.

5.4.3. Contratación comarcal segundo os sectores económicos

Táboa 23: *Distribución da contratación por sectores/subsectores económicos.*

	CONTRATOS 2003	
	N.º	%
SECTOR PRIMARIO	**107**	**3,05**
Agricultura e pesca	107	3,05
SECTOR SECUNDARIO	**352**	**10,02**
Industria	211	6,01
Electricidade	141	4,01
SECTOR CONSTRUCIÓN	**644**	**18,34**
Construción	644	18,34
SECTOR SERVIZOS	**2.409**	**68,59**
Comercio e hostalería	800	22,78
Transporte e comunicacións	104	2,96
Outros servizos	1.505	42,85
TOTAL CONTRATOS	**3.512**	**100,00**

Case sete de cada dez contratos da comarca de Fisterra realízanse no marco do sector servizos, en concreto o 68,59%. A este sector séguelle en orde de importancia o da construción, que agrupa o 18,34% das contratacións, e o secundario, co 10,02%.

No que respecta aos subsectores, cabe sinalar que o 42,85% das contratacións comarcais producense no de outros servizos, seguido a considerable distancia polo de comercio e hostalería, co 22,78% dos contratos.

Gráfico 16: *Distribución porcentual da contratación na Industria.*



O 51% dos contratos producidos dentro da industria proceden da actividade de madeira e mais da de téxtil e confección. Nun segundo plano sitúanse as de alimentación e outras industrias, que rexistran conxuntamente o 32% da contratación.

Gráfico 17: *Distribución porcentual da contratación nos servizos.*



Dentro dos servizos, o 49% dos contratos derívanse de administracións públicas e de sanidade e servizos sociais. O 18% orixínanse na actividade de comercio e o 13% na de hostalería.

Táboa 24: *Distribución porcentual da contratación comarcal segundo sectores/subsectores económicos por sexo e idade. Ano 2003.*

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e mais
SECTOR PRIMARIO	**2,51**	**0,54**	**0,77**	**0,88**	**0,94**	**0,40**	**0,06**
Agricultura e pesca	2,51	0,54	0,77	0,88	0,94	0,40	0,06
SECTOR SECUNDARIO	**5,67**	**4,36**	**4,38**	**2,16**	**1,85**	**1,22**	**0,40**
Industria	3,84	2,16	2,51	1,62	1,17	0,57	0,14
Electricidade	1,82	2,19	1,88	0,54	0,68	0,65	0,26
SECTOR CONSTRUCIÓN	**17,45**	**0,88**	**6,86**	**4,67**	**3,93**	**2,08**	**0,80**
Construción	17,45	0,88	6,86	4,67	3,93	2,08	0,80
SECTOR SERVIZOS	**26,91**	**41,69**	**24,86**	**22,86**	**13,70**	**5,38**	**1,79**
Comercio e hostalería	10,56	12,22	10,48	6,44	4,50	1,08	0,28
Transporte e comunicacións	2,48	0,48	0,37	0,60	0,91	0,88	0,20
Outros servizos	13,87	28,99	14,01	15,83	8,29	3,42	1,31
TOTAL CONTRATOS	**52,53**	**47,47**	**36,87**	**30,58**	**20,42**	**9,08**	**3,05**

Cómpre salientar, en primeiro lugar, que o 41,69% dos contratos son realizados a mulleres dentro do marco dos servizos. No colectivo masculino as contratacións están repartidas de forma máis regular, aínda que tamén é o sector servizos no que se sitúan a maior parte, en concreto o 26,91%, seguido polo sector da construción, co 17,45%.

No subsector de outros servizos realízanse o 28,99% dos contratos femininos, situándose a continuación en nivel de importancia o de comercio e hostalería, co 12,22%, situación idéntica á producida no caso masculino.

No referente á distribución por idade, o sector servizos é maioritario en todos os grupos, acadando o maior volume nos menores de 36 anos, onde se realizan o 47,72% das contratacións. Dentro de servizos o subsector de outros servizos é o predominante en todos os tramos, seguido polo de comercio e hostalería.

TÁBOA 25: Evolución da contratación comarcal segundo os sectores e subsectores económicos. Período 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
SECTOR PRIMARIO	**157**	**156**	**62**	**147**	**107**	**-0,64**	**-60,26**	**137,10**	**-27,21**	**-9,14**
Agricultura e pesca	157	156	62	147	107	-0,64	-60,26	137,10	-27,21	-9,14
SECTOR SECUNDARIO	**440**	**383**	**306**	**51**	**352**	**-12,95**	**-20,10**	**-83,33**	**590,20**	**-5,43**
Industria	365	307	248	0	211	-15,89	-19,22	-100,00	-	-12,80
Electricidade	75	76	58	51	141	1,33	-23,68	-12,07	176,47	17,10
S. CONSTRUCIÓN	**501**	**625**	**533**	**623**	**644**	**24,75**	**-14,72**	**16,89**	**3,37**	**6,48**
Construción	501	625	533	623	644	24,75	-14,72	16,89	3,37	6,48
SECTOR SERVIZOS	**1.132**	**1.312**	**1.368**	**1.772**	**2.409**	**15,90**	**4,27**	**29,53**	**35,95**	**20,78**
Comercio e hostalería	529	637	647	678	800	20,42	1,57	4,79	17,99	10,89
Transporte e comunicacións	40	39	24	87	104	-2,50	-38,46	262,50	19,54	26,98
Outros servizos	563	636	697	1.007	1.505	12,97	9,59	44,48	49,45	27,87
TOTAL CONTRATOS	**2.230**	**2.476**	**2.269**	**2.919**	**3.512**	**11,03**	**-8,36**	**28,65**	**20,32**	**12,02**

Os sectores primario e secundario manifestan un retroceso nas contratacións entre os anos 1999 e 2003. Deste modo, o sector primario obtén unha variación media negativa do -9,14%, conseguida tras decrecementos en todos os intervalos agás no 2001-2002, no que se dá unha importante variación interanual. O sector secundario acada unha variación media do -5,43%, observándose no comportamento deste sector un descenso continuado ata o ano 2002; pecha o período cun forte crecemento, onde os contratos case se multiplican por sete con respecto ao ano anterior.

Nos dous sectores restantes, os contratos manifestan unha tendencia ao incremento, sendo menor no da construción, que logra unha variación media do 6,48%, obtida despois dunha redución entre os anos 2000 e 2001, que é comparada por unha forte subida no intervalo anterior (variación interanual de 24,75%).

O sector servizos é o que presenta un crecemento maior, cunha variación media do 20,78%. Neste caso non se dá ningunha diminución ao longo do período, acadando os maiores ascensos nos dous intervalos finais, con variacións interanuais do 29,53% e do 35,95%. O subsector de comercio e hostalería manifesta unha subida por debaixo do conxunto, cunha variación media do 10,89%. Pola contra, os de transporte e comunicacións e de outros servizos medran levemente por encima do sector, con variacións medias do 26,98% e do 27,87%, respectivamente.

5.4.4. Tipoloxía da contratación laboral

Algo máis das tres cuartas partes dos contratos efectuados na comarca de Fisterra no ano 2003 foron temporais a tempo completo. Esta tipoloxía é seguida en orde de importancia pola dos temporais a tempo parcial, que representan o 13% das contratacións. Deste modo, de forma conxunta, os contratos temporais representan o 89% do total, fronte ao 5% que supoñen o conxunto dos indefinidos.



GRÁFICO 18: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contratos. Ano 2003.

TÁBOA 26: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contrato por sexo e idade. Ano 2003.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
Indefinido	2,85	1,17	0,97	1,28	1,11	0,46	0,20
Indefinido tempo parcial	0,23	0,48	0,20	0,11	0,17	0,17	0,06
Temporal	41,00	34,79	26,42	24,12	15,55	7,43	2,28
Temporal tempo parcial	3,45	9,45	5,10	4,27	2,51	0,63	0,40
Prácticas/Formación	2,79	1,34	4,07	0,06	0,00	0,00	0,00
Outros	2,22	0,23	0,11	0,74	1,08	0,40	0,11
TOTAL CONTRATOS	**52,53**	**47,47**	**36,87**	**30,58**	**20,42**	**9,08**	**3,05**

Cabe destacar, en primeiro lugar, que todas as fórmulas de contratación son maioritarias entre os homes, excepto nas indefinidas a tempo parcial, onde a diferenza porcentual a prol das mulleres é moi leve, como os temporais a tempo parcial, elevándose a diferenza ata 6 puntos. Dende outra óptica, os contratos temporais a tempo completo presentan o maior volume en ambos os sexos.

No referente á distribución por idade, é a contratación temporal a tempo completo a que conta cun maior peso relativo en todos os tramos, acadando a maior representatividade nos de menos de 36 anos, onde se sitúan o 50,54% destas contratacións. Algo semellante sucede nos contratos temporais a tempo parcial, dado que o 9,37% sitúanse nestes dous grupos de idade, do mesmo modo que case todos os contratos de prácticas/formación se realizan entre os menores de 26 anos.

TÁBOA 27: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contrato por sectores económicos. Ano 2003.

	PRIMARIO	SECUNDARIO			CONSTRUCIÓN	SERVIZOS			
	Agr.,Gand.	Industr.	Electric.	Total	Construc.	Comerc.	Transp.	Outros	Total
Indefinido	1,62	0,43	0,00	0,43	0,23	1,22	0,09	0,43	1,74
Indefinido tempo parcial	0,00	0,03	0,00	0,03	0,00	0,40	0,09	0,20	0,68
Temporal	1,22	4,13	3,56	7,69	16,29	12,64	2,59	35,36	50,60
Temporal tempo parcial	0,17	0,94	0,46	1,40	0,54	6,38	0,11	4,30	10,79
Prácticas/Formación	0,03	0,46	0,00	0,46	1,28	2,11	0,09	0,17	2,36
Outros	0,00	0,03	0,00	0,03	0,00	0,03	0,00	2,39	2,42
TOTAL CONTRATOS	**3,05**	**6,01**	**4,01**	**10,02**	**18,34**	**22,78**	**2,96**	**42,85**	**68,59**

No sector servizos agrúpanse a maior parte dos contratos de todas as fórmulas de contratación, así como case a totalidade das temporais a tempo parcial, indefinido a tempo parcial e da categoría outros.

O subsector de outros servizos aglutina ao 35,36% dos contratos temporais a tempo completo, situándose case a totalidade dos contratos temporais a tempo parcial en dous subsectores, que son os de comercio e hostalería e o de outros servizos.

TÁBOA 28: Evolución da contratación comarcal segundo a tipoloxía de contratos. Período 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Indefinido	274	235	173	308	141	-14,23	-26,38	78,03	-54,22	-15,30
Indefinido tempo parcial	17	29	23	44	25	70,59	-20,69	91,30	-43,18	10,12
Temporal	1.227	1.508	1.419	1.807	2.662	22,90	-5,90	27,34	47,32	21,36
Temporal tempo parcial	453	438	412	420	453	-3,31	-5,94	1,94	7,86	0,00
Prácticas/Formación	179	169	139	252	145	-5,59	-17,75	81,29	-42,46	-5,13
Outros	80	97	103	88	86	21,25	6,19	-14,56	-2,27	1,82
TOTAL CONTRATOS	**2.230**	**2.476**	**2.269**	**2.919**	**3.512**	**11,03**	**-8,36**	**28,65**	**20,32**	**12,02**

A tipoloxía de contratación na que os contratos máis se incrementan no transcurso destes cinco anos é a de temporal a tempo completo, que acada unha variación media do 21,36%, rexistrando un só descenso entre os anos 2000 e 2001, obtendo variacións interanuais superiores ao 22% nos tres intervalos restantes.

Os contratos temporais a tempo parcial mantéñense estables ao longo deste quinquenio, logrando no ano 2003, despois de certas reducións e recuperacións, a mesma cifra de contratos que a de partida no 1999. En cambio, os contratos indefinidos a tempo parcial e os da categoría outros tamén amosan unha tendencia ao crecemento, con variacións medias do 10,12% e do 1,82%, respectivamente.

As contratacións indefinidas a tempo completo e de prácticas/formación son as únicas nas que descenden o número de contratos, presentando variacións medias negativas do -15,3% e do -5,13% respectivamente. Nestas dúas fórmulas decrecen as contratacións entre os anos 1999 e 2001, aumentan fortemente no intervalo posterior e volven a reducirse de forma brusca no seguinte.

5.4.5. Grandes grupos de ocupación na contratación laboral

Táboa 29: *Distribución da contratación por grandes grupos de ocupación segundo o sexo. Ano 2003.*

	CONTRATOS	
	Nº	%
1. Dirección de empresas e administracións públicas	**4**	**0,11**
HOMES	3	0,09
MULLERES	1	0,03
2. Técnicos profesionais, científicos e intelectuais	**474**	**13,50**
HOMES	172	4,90
MULLERES	302	8,60
3. Técnicos e profesionais de apoio	**222**	**6,32**
HOMES	89	2,53
MULLERES	133	3,79
4. Empregados de tipo administrativo	**141**	**4,01**
HOMES	18	0,51
MULLERES	123	3,50
5. Traballadores de servizos de restauración, persoais, proteción e vendedores de comercio	**727**	**20,70**
HOMES	177	5,04
MULLERES	550	15,66
6. Traballadores cualificados na agricultura e pesca	**100**	**2,85**
HOMES	74	2,11
MULLERES	26	0,74
7. Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería	**614**	**17,48**
HOMES	577	16,43
MULLERES	37	1,05
8. Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	**332**	**9,45**
HOMES	299	8,51
MULLERES	33	0,94
9. Traballadores non cualificados	**898**	**25,57**
HOMES	436	12,41
MULLERES	462	13,15
TOTAL CONTRATOS	**3.512**	**100,00**
TOTAL HOMES	**1.845**	**52,53**
TOTAL MULLERES	**1.667**	**47,47**

Segundo os nove grandes grupos de ocupación, e tomando como referencia o exposto na táboa anterior, cómpre sinalar a concentración do 63,75% dos contratos nos seguintes grupos:

- Traballadores non cualificados; 25,57%.

- Traballadores de servizos de restauración, persoais, proteción e vendedores de comercio; 20,7%.
- Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería; 17,48%.

Dende outra óptica, tendo en conta a distribución por sexo, denótanse diferenzas significativas nos contratos en función do tipo de ocupación:

Grupos de ocupación cunha maior contratación masculina	Grupos de ocupación cunha maior contratación feminina
• Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería; 16,43%. • Traballadores non cualificados; 12,41%. • Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores; 8,51%. • Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio; 5,04%.	• Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio; 15,66%. • Traballadoras non cualificadas; 13,15%. • Técnicas profesionais, científicas e intelectuais; 8,6%. • Técnicas e profesionais de apoio; 3,79%.

Dada a maior contratación masculina nesta comarca, na maioría dos grupos de ocupación predominan os homes sobre as mulleres, excepto nos que seguen a continuación:

- Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio. Os contratos femininos superan aos masculinos en 10,62 puntos porcentuais.
- Técnicas profesionais, científicas e intelectuais. A contratación feminina está 3,7 puntos por encima da masculina.
- Empregadas de tipo administrativo. Os contratos das mulleres superan en 2,99 puntos aos dos homes.
- Técnicas e profesionais de apoio. O peso dos contratos femininos é 1,26 puntos superior ao dos masculinos.
- Traballadoras non cualificadas. Onde os contratos femininos superan aos masculinos en 0,74 puntos.

Atendendo á evolución dos contratos durante o período 1999-2003, os datos tan só refliten unha evolución negativa para os artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería, que acadan unha variación media negativa do -0,95%.

Pola contra, os grupos de ocupación que destacan sobre os demais polo seu crecemento son os seguintes:

- Técnicos e profesionais de apoio; obtén unha variación media do 34,42%.
- Traballadores non cualificados; 23,18%.
- Técnicos profesionais, científicos e intelectuais; 21,43%.
- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio; 13,06%.

No tocante á evolución segundo o sexo dos contratados, é salientable o crecemento da contratación masculina nos grupos de:

- Técnicos e profesionais de apoio, cunha variación media do 22,13%.
- Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores; 21,32%.
- Traballadores non cualificados; 14,8%.
- Técnicos profesionais, científicos e intelectuais; 10,35%.

Por outra banda, na comarca de Fisterra prodúcese un descenso na contratación de homes nos seguintes grupos:

- Empregados de tipo administrativo, -5,94%.
- Traballadores cualificados na agricultura e pesca, -5,55%.
- Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería, -1,5%.

No referente ás mulleres, destaca o incremento medio na contratación nestes grupos:

- Traballadoras cualificadas na agricultura e pesca, 125,81%.
- Técnicas e profesionais de apoio, 47,63%.
- Traballadoras non cualificadas, 35,02%.
- Técnicas profesionais, científicas e intelectuais, 31,18%.
- Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio, 17,45%.
- Empregadas de tipo administrativo, 12,06%.
- Artesás/traballadoras cualificadas industria manufactureira, construción e minería, 10,3%.

É preciso, por último, sinalar o decrecemento que se rexistra na contratación feminina como operadoras de instalacións e maquinaria, e montadoras, que se converte na única onde os contratos femininos se reducen, obtendo unha variación media negativa do -30,07%.

5.4.6. Ocupacións máis contratadas

TÁBOA 30: As dez ocupacións máis contratadas na comarca. Ano 2003.

CNO	OCUPACIÓNS	TOTAL N.º	TOTAL %	HOMES N.º	HOMES %	MULLERES N.º	MULLERES %	RATIO MASCUL.[1]
97000011	Peón da industria manufactureira, en xeral	471	13,41	190	10,30	281	16,86	40,34
71100016	Albanel	304	8,66	304	16,48	0	0,00	100,00
50200018	Camareiro, en xeral	221	6,29	71	3,85	150	9,00	32,13
27200016	Enfermeiro, en xeral	212	6,04	13	0,70	199	11,94	6,13
51110011	Auxiliar enfermería hospital, en xeral	156	4,44	0	0,00	156	9,36	0,00
96010011	Peón de obras públicas, en xeral	131	3,73	84	4,55	47	2,82	64,12
25130104	Músico instrumentista, en xeral	106	3,02	95	5,15	11	0,66	89,62
81230053	Operador de fornos para tratamento térmico e pavonado de metais	104	2,96	104	5,64	0	0,00	100,00
53300010	Dependente de comercio, en xeral	82	2,33	14	0,76	68	4,08	17,07
42100010	Empregado administrativo, en xeral	80	2,28	8	0,43	72	4,32	10,00
	TOTAL	**1.867**	**53,16**	**883**	**47,86**	**984**	**59,03**	**47,30**

(1) Ratio de Masculinidade = (N.º de contratos realizados a homes/ N.º total de contratos) x 100

Do total das contratacións efectuadas na comarca de Fisterra no ano 2003, o 53,16% realizáronse entre as dez que se sinalan na táboa anterior, o que evidencia unha alta concentración dos contratos nestas ocupacións.

A ocupación máis contratada é a de peón da industria manufactureira, seguida polas de albanel e camareiro. Entre os homes, as ocupacións con máis contratos son as de albanel, peón da industria manufactureira e operador de fornos para tratamento térmico e pavonado de metais. En cambio, as ocupacións nas que as mulleres acadaron máis contratos son as de peón da industria manufactureira, enfermeira e auxiliar enfermería hospital.

Por último, cabe sinalar o ratio de masculinidade que se dá nestas dez ocupacións, que é do 47,3%, o que denota unha leve maior presenza da contratación feminina no conxunto delas. Deste xeito, as ocupacións con maior carácter masculino son a de albanel, a de operador de fornos para tratamento térmico e pavonado de metais, e a de músico instrumentista, que teñen unha ratio de masculinidade por riba do 85%.

Pola contra, as que presentan unha maior tendencia á contratación feminina son as de auxiliar enfermería hospital, enfermeira e empregada administrativa, con valores por baixo do 15% na ratio de masculinidade.

Táboa 31: *Evolución das dez ocupacións máis contratadas entre 1999 e 2003.*

CNO	OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS	1999	2000	2001	2002	2003
97000011	**Peón da industria manufactureira, en xeral**	27	48	35	29	**471**
71100016	**Albanel**	**385**	**482**	**422**	**470**	**304**
50200018	**Camareiro, en xeral**	**186**	**184**	**193**	**204**	**221**
27200016	**Enfermeiro, en xeral**	23	14	41	**62**	**212**
51110011	**Auxiliar enfermería hospital, en xeral**	3	**104**	30	**99**	**156**
96010011	**Peón de obras públicas, en xeral**	2	16	7	11	**131**
25130104	**Músico instrumentista, en xeral**	**77**	**78**	**88**	**78**	**106**
81230053	**Operador de fornos para tratamento térmico e pavonado metais**	0	0	2	**65**	**104**
53300010	**Dependente de comercio, en xeral**	**116**	**143**	**117**	**86**	**82**
42100010	**Empregado administrativo, en xeral**	**74**	**70**	**44**	**107**	**80**
50100017	COCIÑEIRO, EN XERAL	56	**56**	**49**	56	61
86300016	CONDUTOR DE CAMIÓN, EN XERAL	**65**	**59**	**57**	**64**	61
96020014	PEÓN DA CONSTRUCIÓN DE EDIFICIOS	**70**	**88**	**74**	41	60
91210016	MULLER/MOZO LIMPEZA, LIMPADOR EN XERAL	**86**	**73**	**79**	**82**	57
83630013	OPERADOR MÁQUINA INDUSTRIAL DE COSER E BORDAR, EN XERAL	**66**	22	20	48	13
83630022	OPERADOR MÁQUINA INDUSTRIAL COSER Á PLANA, EXCEPTO PEL: CALZADO	**78**	45	40	26	12
97000084	PEÓN DA INDUSTRIA METALÚRXICA E FABRICACIÓN PRODUTOS METÁLICOS	15	42	**58**	31	6

Observando a evolución das dez ocupacións máis contratadas entre os anos 1999 e 2003, manifóstase unha certa tendencia á oscilación, dado que doce delas aparecen e desaparecen da lista ao longo destes cinco anos.

Neste sentido, tan só cinco delas permanecen entre as dez máis contratadas durante este período, que son as de albanel, camareiro, músico instrumentista, dependente de comercio e empregado administrativo.

No referente á evolución individual destas ocupacións, cabe salientar polo seu desenvolvemento positivo a de peón da industria manufactureira, que se sitúa na lista no ano 2003, presentando unha variación media do 104,37%. Outra ocupación que non aparece na lista ata o 2003 é a de peón de obras públicas, que tamén rexistra un crecemento considerable, acadando unha variación media do 184,49%. Por último, é importante sinalar a de auxiliar enfermería hospital, que obtén unha variación media do 168,53%.

En cambio, pola súa evolución negativa destacan as de operador de máquina industrial de coser á plana, cunha variación media do -37,37%, así como a de operador de máquina industrial de coser e bordar e a de dependente de comercio, que rexistran variacións medias negativas do -33,38% e do -8,31% respectivamente.



Comarca de Muros

5.1. TECIDO EMPRESARIAL

5.1.1. Tecido empresarial comarcal. Situación actual

No ano 2003 a comarca de Muros destaca por ter un tecido empresarial con predominio dos sectores de servizos e primario, dependendo dos factores de análise que se teñan en conta, isto é, número de empresas, traballadores por conta allea ou autónomos. No caso do número de empresas e traballadores autónomos predomina o sector servizos, mentres que contabilizando os traballadores por conta allea predomina o sector primario.

Case a metade das empresas desta comarca, o 47,37%, pertencen ao sector servizos. O seguinte sector produtivo que maior peso soporta é o primario, que concentra unha cuarta parte do volume total de empresas. Séguelle por orde o sector da construción, co 15,79%, e pecha a distribución o sector secundario, co 11,84%, onde a totalidade das empresas pertencen ao subsector da industria.

O sector servizos concentra a meirande parte das empresas no subsector de comercio e hostalería, que representa o 30,26% do total de empresas na comarca, seguido polo de outros servizos, con aproximadamente a metade de representatividade; o subsector de transporte e comunicacións ten un peso moi reducido e agrupa tan só o 1,58% das empresas.

Os traballadores por conta allea pertencen maioritariamente ao sector primario, engloba o 42,73% do total. A diferenza do que sucede coas empresas, neste caso a cuarta parte inscríbese no sector servizos, 24,11%. En terceiro lugar, no sector secundario están empregados o 20,71% de traballadores por conta allea, pechando a serie o sector da construción, co 12,45%.

Dentro do sector servizos, os subsectores de comercio e outros servizos manteñen unha proporción similar, mentres que o de transporte de novo só rexistra o 0,63%.

Atendendo ao número de traballadores autónomos, destaca de novo o sector servizos, o mesmo que sucede no número de empresas, se ben neste caso o predominio é moito máis acusado, concentrando cerca das tres cuartas partes da contratación, o 71,03%. O segundo sector en importancia cuantitativa é o da construción, co 20,94%; o secundario mantén unha proporción bastante reducida, o 7,33% e o primario case nula, o 0,70%, que en termos absolutos implica só 4 autónomos.

Dentro do sector servizos, sobresae o peso relativo do subsector de comercio e hostalería, que agrupa máis da metade do total de autónomos, 56,37%. A longa distancia sitúase o subsector de outros servizos, co 10,30%, e o de transporte, co 4,36%.

5.1.2. Evolución anual

TÁBOA 1: Evolución do número de empresas. Período 1999-2003.

	EMPRESAS				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	**113**	**97**	**97**	**93**	**95**
Agricultura e pesca	113	97	97	93	95
SECTOR SECUNDARIO	**52**	**56**	**56**	**50**	**45**
Industria	52	56	56	50	45
SECTOR CONSTRUCIÓN	**54**	**57**	**66**	**57**	**60**
Construción	54	57	66	57	60
SECTOR SERVIZOS	**157**	**157**	**161**	**167**	**180**
Comercio e hostalería	103	107	106	107	115
Transporte e comunicacións	5	5	5	5	6
Outros servizos	49	45	50	55	59
TOTAL	**376**	**367**	**380**	**367**	**380**

Entre 1999 e 2003 o volume de empresas muradás presenta un claro estancamento, reflectido nunha variación media de 0,26% e caracterizado por unha evolución descontinua. Efectivamente, esta variable rexistra regresións e incrementos de forma alterna, se ben con valores moderados. Nos períodos 1999-2000 e 2001-2002 decrece o número de empresas e ofrece variacións interanuais negativas de -2,39% e -3,42% respectivamente. Pola contra, tanto en 2000-2001 como en 2002-2003 hai unha variación interanual de 3,54%, dato que denota a lenta recuperación do conxunto.

GRÁFICO 1: Variacións interanuais do número de empresas por sector económico. Período 1999-2003.



O sector servizos experimenta o crecemento máis elevado, cunha variación media de 3,48%. Esta situación faise extensible a todos os subsectores. En concreto, o de outros servizos é o que maior crecemento experimenta, cunha variación media de 4,75%, mentres que no comercio esta variación é de 2,79%.

En canto á evolución do sector, tras iniciar o período cun estancamento do número de empresas, iníciase unha etapa de crecemento progresivo que rematará en 2002-2003 coa variación interanual máis elevada, o 7,78%. De novo a evolución do sector garda certos paralelismos coa evolución dos diferentes subsectores, exceptuando pequenas diferenzas ou alteracións que teñen lugar nos primeiros anos.

O sector da construción tamén incrementa o volume de empresas, amosando unha variación media de 2,67%. Excepto no período 2001-2002, momento no que se rexistra unha variación interanual de -13,64%, no resto apréciase un crecemento continuo, o máis elevado xusto no período anterior, o 15,79%.

Por outra banda, nos sectores primario e secundario a tendencia é decrecente, con variacións medias negativas de -4,25% e -3,55% respectivamente. O sector primario presenta unha tendencia de inestabilidade. Empeza o período de referencia ofrecendo unha variación interanual negativa de -14,16%. Posteriormente mantense, diminúe e remata cun lixeiro incremento de 2,15% en 2002-2003. Na industria percíbese unha evolución negativa, aínda que rexistra un crecemento de 7,69% no período 1999-2000 e mantense no seguinte. Porén, nos últimos anos decrece, rematando en 2003 cunha variación interanual de -10%.

Táboa 2: *Evolución do número de traballadores. Período 1999-2003.*

	TRABALLADORES				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	**556**	**796**	**772**	**795**	**817**
Agricultura e pesca	556	796	772	795	817
SECTOR SECUNDARIO	**618**	**488**	**656**	**477**	**396**
Industria	618	488	656	477	396
SECTOR CONSTRUCIÓN	**179**	**181**	**236**	**224**	**238**
Construción	179	181	236	224	238
SECTOR SERVIZOS	**466**	**390**	**418**	**442**	**461**
Comercio e hostalería	202	217	231	216	221
Transporte e comunicacións	7	9	10	11	12
Outros servizos	257	164	177	215	228
TOTAL	**1.819**	**1.855**	**2.082**	**1.938**	**1.912**

O número de traballadores increméntase lixeiramente na comarca ofrecendo unha variación media de 1,25%. Malia isto, a traxectoria deste colectivo é regresiva, rexistrando un crecemento sustentable nos primeiros anos e decrecendo posteriormente. Tras iniciar o período cun lixeiro crecemento, no ano 2001 rexístrase o teito máis alto tras acadar unha variación interanual con respecto a 2000 de 12,24%, que supón un crecemento en termos absolutos de 227 traballadores. No 2001-2002 decrece nun -6,92%, facéndoo no período seguinte nunha porcentaxe máis reducida, o -1,34%.



Gráfico 2*: Variacións interanuais do número de traballadores por sector económico. Período 1999-2003.*

O sector primario, o máis importante cuantitativamente, é o que presenta o crecemento máis elevado, obtendo unha variación media de 10,10%. Inicia a súa traxectoria cun aumento considerable, variación interanual de 43,17%, que supón en termos absolutos 240 traballadores máis que o ano anterior. No ano seguinte retrocede nun -3,02%; no resto evoluciona positivamente e presenta un crecemento moderado.

Outro dos sectores que incrementa o número de traballadores é o da construción, que amosa unha variación media de 7,38%. Nel aprécianse variacións interanuais positivas todos os períodos agás no 2001-2002, onde é de -5,08%. A evolución caracterízase, desta maneira, por un crecemento irregular, con disparidade de valores de variación interanual. Obtén, por exemplo, unha variación de 30,39% en 2000-2001, sendo a menor a de 1,12% no ano 1999-2000.

O sector secundario é o que maior decrecemento de traballadores sinala, rexistra unha variación media de -10,53%. Excepto no período 2000-2001, que presenta un crecemento de 34,43%, no resto de anos existe unha tendencia de regresión acusada. No conxunto do período, este sector sofre un importante descenso; no 2003 é cando se observa a regresión máis moderada, o -16,98%.

Pechando a distribución está o sector de servizos, que o mesmo que no caso anterior, tamén perde traballadores, aínda que cunha variación media de -0,27%. Máis ben, cómpre falar neste caso dun estancamento. En efecto, tras iniciar o quinquenio cun descenso de -16,31%, no resto de anos increméntase o número de traballadores, aínda que cada ano o vai facendo en menor medida. No 2000-2001 a variación interanual é de 7,18%, mentres que en 2002-2003 se sitúa no 4,30%.

Nos subsectores de comercio e hostalería e no de transporte e comunicacións apréciase un crecemento conxunto, que no caso do segundo é máis elevado, se ben esta consideración é relativa debido ao escaso número de traballadores que rexistra. Pola contra, o subsector de outros servizos descende de forma moderada tras rexistrar unha forte regresión ao principio, malia a que nos anos seguintes presente unha recuperación substantiva.

Táboa 3: *Evolución do número de autónomos. Período 1999-2003.*

	AUTÓNOMOS				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	**1**	**1**	**1**	**3**	**4**
Agricultura e pesca	1	1	1	3	4
SECTOR SECUNDARIO	**44**	**53**	**46**	**47**	**42**
Industria	44	53	46	47	42
SECTOR CONSTRUCIÓN	**87**	**93**	**105**	**112**	**120**
Construción	87	93	105	112	120
SECTOR SERVIZOS	**328**	**355**	**361**	**386**	**407**
Comercio e hostalería	257	279	285	301	323
Transporte e comunicacións	30	29	27	27	25
Outros servizos	41	47	49	58	59
TOTAL	**460**	**502**	**513**	**548**	**573**

Gráfico 3: *Variacións interanuais do número de autónomos por sector económico. Período 1999-2003.*



Nos autónomos da comarca aparece un crecemento maior do que ten lugar no caso das empresas e traballadores por conta allea. Conxuntamente, a variación media deste colectivo é de 5,65%. No período de referencia a evolución do conxunto de autónomos caracterízase polo continuo crecemento que experimenta, recollendo todos os anos valores de variación interanual positivos, que asemade denotan o mantemento do crecemento.

Mentres que o sector secundario perde peso, o resto incrementan a súa dimensión. O sector secundario rexistra unha variación media de -1,16%, que en termos absolutos só significa un descenso de dous autónomos en todo o período de referencia. Neste sector altérnanse valores de crecemento e regresión, amosando unha evolución descontinua.

O sector servizos, o de maior peso, presenta unha variación media de 5,54%; rexistra todos os anos valores positivos de variación interanual. Neste mesmo obsérvase como o subsector de transporte diminúe en número de autónomos, mentres que o de comercio e o de outros servizos aumentan, facéndoo en maior medida este último, cunha variación media de 9,53%. Neste dous subsectores o crecemento é continuo.

Os dous sectores restantes, primario e construción crecen en canto ao número de autónomos, supoñendo no primeiro un incremento de 3 autónomos en termos absolutos, no período de referencia. No sector da construción aparece unha variación media de 8,37%, tras rexistrar todos os anos unha evolución positiva, caracterizada por variacións que superan o 6,67% de crecemento no período 2001-2002.

5.2. DEMANDAS

5.2.1. Demandantes por concello

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Carnota	325	99	424
Muros	550	161	711
TOTAL COMARCA	**875**	**260**	**1.135**

TÁBOA 4: Distribución dos demandantes segundo os concellos da comarca.

% comarca/provincia – PARADOS	**1,33**
% comarca/provincia - NON PARADOS	**0,85**

A comarca de Muros rexistra 1.135 demandantes de emprego; predominan en considerable proporción o grupo de parados, que supón o 77,09%.

Os demandantes parados desta comarca supoñen o 1,33% dos da provincia da Coruña, mentres que os non parados o 0,85%.

Do total de demandantes, o concello de Muros é o que agrupa a maior parte, o 62,64%. Neste concello inscríbense o 62,85% dos demandantes parados e o 61,92% dos non parados.



GRÁFICO 4: Distribución dos demandantes da comarca por concello.

5.2.2. Evolución dos demandantes parados

	TRABALLADORES				
	1999	2000	2001	2002	2003
PARADOS COMARCA	737	725	631	795	875
VARIACIÓN INTERANUAL %	–	-1,63	-12,97	25,99	10,06
COMARCA/TOTAL PROVINCIA	1,25	1,21	1,08	1,24	1,33

TÁBOA 5: Evolución dos demandantes parados.

En termos absolutos o número de demandantes parados incrementouse en 138 persoas no período de referencia. Ata o ano 2001 redúcese este continxente, facéndoo en maior medida no período 200-2001, cando a variación interanual é de -12,97%. Nos anos seguintes crece de novo o número destes, en maior medida no 2001-2002. O peso específico dos demandantes parados da comarca no conxunto da provincia segue unha tendencia descendente ata 2001, para volver a medrar ao final do período.



GRÁFICO 5: Evolución dos demandantes parados da comarca.

5.2.3. Caracterización da situación sociolaboral dos demandantes de emprego

Táboa 6: Situación laboral dos demandantes

		VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	81	7,14	12,67
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	794	69,96	55,76
NON PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	34	3,00	3,98
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	114	10,04	11,46
	Con traballo a tempo parcial e prestación compatible	34	3,00	4,73
	En expediente de regulación de emprego	3	0,26	2,34
	Demandantes de mellora de emprego	63	5,55	5,98
	Demandantes de emprego de menos de 20 h	2	0,18	2,38
	Resto de demandantes	10	0,88	0,71
TOTAL		**1.135**	**100,00**	**100,00**

O grupo de demandantes máis numeroso é o dos parados con emprego anterior, que concentra o 69,96% do total. Neste caso a porcentaxe provincial de referencia está 14,2 puntos por debaixo. O segundo grupo é o de non parados con emprego anterior, que co 10,04% mantén unha porcentaxe similar á provincial. Séguelle por orde o grupo de demandantes parados sen emprego anterior, que neste caso supón o 7,14%, situándose por debaixo da porcentaxe provincial en 5,53 puntos. No resto de colectivos a distribución comarcal é a grandes trazos semellante á provincial.

5.2.4. Demandantes de emprego por sexo e idade

Táboa 7.1: Demandantes parados por sexo e grupos de idade.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	HOMES %	MULLERES %	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	62	75	7,09	8,57	15,66	17,50
26 a 35 anos	111	159	12,69	18,17	30,86	30,43
36 a 45 anos	75	144	8,57	16,46	25,03	22,04
46 a 55 anos	73	91	8,34	10,40	18,74	17,68
56 e máis anos	34	51	3,89	5,83	9,71	12,34
TOTAL COMARCA	**355**	**520**	**40,57**	**59,43**	**100,00**	**1,33**
TOTAL PROVINCIA	**26.764**	**39.271**	**40,53**	**59,47**	**1,33**	**100,00**

A distribución en función de xénero dos demandantes parados é moi similar nos ámbitos comarcal e provincial. En ambos existe unha feminización da demanda: o 59,43% dos demandantes parados comarcais son mulleres. Atendendo á distribución por idade, tamén se aprecia certa similitude nos dous ámbitos, sen diferenzas moi significativas. O perfil maioritario de demandante parado na comarca é o de persoas de 26 a 35 anos, co 30,86%. Séguelle por orde o intervalo de 36 a 45 anos, cunha cuarta parte do total. Así é, que a concentración de demandantes no intervalo de 26 a 45 anos supón o 55,89%.

Nas mulleres apréciase a concentración máis importante no intervalo sinalado anteriormente, 26 a 45 anos, que supón o 34,63%. Neste caso predomina o grupo de menos idade. Nos homes é entre os 26 e 35 anos onde tamén se rexistra a porcentaxe máis alta, o 12,69%. A partir deste intervalo descende o número de demandantes, sendo case equivalente o peso dos demandantes parados de 36 a 45 anos e o do intervalo seguinte, de 46 a 55 anos. En todos os tramos de idade predomina a demanda feminina.

Táboa 7.2: *Demandantes non parados por sexo e grupos de idade.*

	HOMES N.º	MULLERES N.º	HOMES %	MULLERES %	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	14	39	5,38	15,00	20,38	18,07
26 a 35 anos	21	42	8,08	16,15	24,23	27,98
36 a 45 anos	21	37	8,08	14,23	22,31	19,81
46 a 55 anos	25	19	9,62	7,31	16,92	17,58
56 e máis anos	23	19	8,85	7,31	16,15	16,55
TOTAL COMARCA	**104**	**156**	**40,00**	**60,00**	**100,00**	**0,85**
TOTAL PROVINCIA	**12.680**	**17.790**	**41,61**	**58,39**	**0,85**	**100,00**

O 60% dos demandantes non parados son mulleres; superan en 1,61% puntos porcentuais a cifra provincial. O mesmo que sucede cos demandantes parados, predominan os de 26 a 35 anos, que neste caso supoñen o 24,23%, situándose por debaixo da porcentaxe provincial en 3,75 puntos. Desde aí descende de forma continuada a porcentaxe mantendo a partir dos 46 anos un número moi similar por tramos.

Nos homes a distribución por tramos de idade reflite practicamente o mesmo número en todos agás no de menores de 26 anos, onde é lixeiramente inferior. Pola contra, nas mulleres predominan as demandantes non paradas de 26 a 35 anos, que, xunto coas do tramo anterior, supoñen o 31,15% do total. A partir dos 46 anos rexístrase o mesmo número nos dous tramos.

Malia á superioridade do volume de demandantes parados sobre os non parados, ambos coinciden en ter como maioritario o tramo de 26 a 35 anos; convértese, polo tanto, este no perfil tipo de idade dos demandantes de emprego.



Gráfico 6: *Distribución porcentual do total de demandantes por grupos de idade.*

O 23,79% do total de demandantes muradáns son parados e teñen entre 26 e 35 anos, mentres que os non parados da mesma idade son o 5,55%. Se a estes lle agrupamos os do tramo posterior, obtemos o 43,09% para o continxente de parados e o 10,66% para o de non parados. Nos dous casos a distribución por tramos de idade é similar, no caso dos non parados con diferenzas menores.



Gráfico 7: *Distribución porcentual do total de demandantes por sexo.*

O predominio da demanda feminina é a nota característica. Efectivamente, as mulleres supoñen o 59,55% da demanda, correspondéndolles o 45,81% ás paradas e o 13,74% as non paradas. En ambos os dous casos superan as porcentaxes masculinas, que son para os parados de 31,28% e 9,16%.

5.2.5. Demandantes por nivel académico

Táboa 8.1: Distribución dos demandantes parados por nivel académico.

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Ata certificado de escolaridade*	331	37,83	31,78
Titulación de ensinanza obrigatoria	373	42,63	37,12
Formación profesional	52	5,94	5,63
BUP/Bacharelato superior/COU	67	7,66	12,20
Titulados universitarios	35	4,00	11,17
Outras titulacións	0	0,00	2,11
TOTAL	**875**	**100,00**	**100,00**

** Inclúe: sen estudos, estudos primarios e certificado de escolaridade*

A maior parte dos demandantes parados, o 42,63%, posúen a titulación de ensinanza obrigatoria; superan, xa que logo, a porcentaxe provincial en 5,51 puntos. O segundo colectivo máis numeroso é o de persoas sen estudos ou con certificado de escolaridade, que supón o 37,83%, superando de novo á porcentaxe provincial en 6,05 puntos.

Mentres que na formación profesional se equiparan os dous ámbitos, no de demandantes con bacharelato e titulados universitarios a comarca está bastante por debaixo das porcentaxes provinciais. Os valores provinciais son 4,54 puntos máis elevados para o nivel de bacharelato e 7,17 puntos para o de titulados universitarios.

Táboa 8.2: Distribución dos demandantes non parados por nivel académico.

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Ata certificado de escolaridade	105	40,38	30,62
Titulación de ensinanza obrigatoria	103	39,62	33,40
Formación profesional	19	7,31	5,72
BUP/Bacharelato superior/COU	16	6,15	15,70
Titulados universitarios	15	5,77	13,03
Outras titulacións	2	0,77	1,53
TOTAL	**260**	**100,00**	**100**

A diferenza do que sucede na distribución dos demandantes parados, neste caso predomina o grupo de persoas sen estudos ou con certificado de escolaridade, co 40,38%, superando en 9,76 puntos porcentuais o dato provincial. No grupo de persoas con titulación obrigatoria sucede o mesmo. Na comarca supoñen o 39,62% e superan a porcentaxe provincial en 6,22 puntos porcentuais.

De novo o número de demandantes non parados con bacharelato e titulados universitarios dobra con moita na provincia a porcentaxe de referencia da comarca.

5.2.6. Demandantes parados por tempo de busca de emprego

TÁBOA 9: Distribución dos demandantes parados segundo o sexo e a idade por tempo de busca de emprego.

		Menos de 6 meses %	De 6 meses a 1 ano %	Máis de 1 ano %	TOTAL %
Menor de 26 anos	Homes	6,17	0,57	0,34	7,09
	Mulleres	5,14	1,94	1,49	8,57
26 a 35 anos	Homes	9,49	2,51	0,69	12,69
	Mulleres	11,43	3,09	3,66	18,17
36 a 45 anos	Homes	6,74	0,80	1,03	8,57
	Mulleres	9,71	2,63	4,11	16,46
46 a 55 anos	Homes	5,26	1,60	1,49	8,34
	Mulleres	6,74	0,57	3,09	10,40
56 e máis anos	Homes	1,83	0,46	1,60	3,89
	Mulleres	2,86	0,46	2,51	5,83
TOTAL COMARCA		**65,37**	**14,63**	**20,00**	**100,00**
TOTAL PROVINCIA		**48,04**	**14,84**	**37,13**	**100,00**

En todos os intervalos de idade predomina a demanda feminina; no caso dos demandantes de máis de 1 ano o número de mulleres case triplica ao de homes. A maioría, o 65,37% levan menos de seis meses como demandantes. O segundo grupo máis numeroso, co 20%, é o de longa duración.

Nos demandantes de menos de seis meses destaca o perfil de 26 a 35 anos en ambos os dous sexos: supoñen as mulleres o 11,43% e os homes o 9,49%. Se os agrupamos co tramo posterior, obsérvase a concentración máis importante, o 21,14% e 16,23% respectivamente no intervalo de 26 a 45 anos. Só a porcentaxe de menores de 26 anos e maiormente masculina, amosando a partir dos 46 anos unha distribución máis similar segundo sexo. Neste caso, demandantes de menos de seis meses, predomina a demanda feminina, co 35,88%, mentres que a masculina é de 29,49%.

Nos demandantes de longa duración, en todos os tramos predominan as mulleres, presentando valores máis semellantes os tramos de maior idade. As mulleres demandantes de longa duración son o 14,86%, mentres que os homes da mesma categoría son o 5,15%.

Nos demandantes entre seis meses e 1 ano rexístranse para homes e mulleres as maiores porcentaxes entre os 26 e 35 anos, de 2,51% e 3,09% respectivamente. En todos os tramos predominan as mulleres, mantendo a partir dos 55 anos a mesma porcentaxe en ambos os xéneros. Cómpre dicir que neste caso as demandantes mulleres son o 8,69%, mentres que os homes son o 5,94%.

5.2.7. Demandantes por sectores económicos de procedencia

TÁBOA 10: Demandantes por actividade económica.

	PARADOS			NON PARADOS		
	Comarcal N.º	Comarcal %	Provincial %	Comarcal N.º	Comarcal %	Provincial %
Sector primario	45	5,14	2,00	15	5,77	2,78
Sector secundario	241	27,54	17,16	71	27,31	18,47
Construción	158	18,06	13,36	39	15,00	8,13
Sector servizos	349	39,89	49,08	100	38,46	54,02
Sen actividade previa	82	9,37	18,41	35	13,46	16,59
TOTAL	**875**	**100,00**	**100,00**	**260**	**100,00**	**100,00**

O sector servizos concentra a maior parte dos demandantes parados e non parados, situándose bastante por debaixo das porcentaxes provinciais de referencia. En segundo lugar, está o sector secundario. Isto lévanos a considerar que esta comarca non ten un peso tan acusado do sector servizos como se dá na provincia da Coruña. Temos que dicir que a distribución sectorial en ambos os dous colectivos é bastante similar, sen grandes diferenzas porcentuais.

O 39,89% dos demandantes parados pertencen ao sector servizos e mantén unha porcentaxe inferior á provincial en 9,19 puntos. En segundo lugar está o sector secundario, que, co 27,54%, predomina con diferenza por riba da porcentaxe provincial, dato que denota o maior peso dos demandantes que proveñen da industria na comarca en relación co conxunto da provincia. Séguelle o sector da construción, co 18,06%, e o primario, co 5,14%, superando de novo o ámbito provincial.

Nos demandantes non parados o sector servizos mantén unha porcentaxe similar a dos non parados, o 38,46%; neste caso aparece por debaixo da porcentaxe provincial en maior medida que nos parados, 15,56 puntos. A continuación está o sector secundario, co 27,31%, superando a provincia en 8,84 puntos. No sector construción, o peso dos demandantes muradáns sitúase cerca do dobre do peso provincial, igual que sucede no sector primario.

Gráfico 8: *Demandantes parados na industria.*



Case as tres cuartas partes dos demandantes da industria proveñen da actividade da alimentación, que supón o 72%. A moita distancia, co 16%, están os demandantes da actividade téxtil e da confección. Pódese apreciar, polo tanto, unha forte concentración, agrupando entre as dúas actividades o 88% dos demandantes da industria.

Gráfico 9: *Demandantes parados nos servizos.*



Nos servizos predominan os demandantes das administracións públicas, co 31% do total. En segundo lugar, con cadansúas porcentaxes de 17%, están os demandantes do comercio e hostalería. A pouca distancia, co 15%, sitúanse os procedentes das actividades de transporte. O 20% que queda repártese no resto de actividades, onde predominan, co 11%, os adscritos ás actividades inmobiliarias.

5.2.8. As dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego

TÁBOA 11: Ocupacións máis demandadas.

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Peón da industria alimentación, bebidas e tabaco	189	16,65	1,28
Muller/mozo limpeza, limpador	64	5,64	7,21
Albanel	53	4,67	2,65
Dependente de comercio	52	4,58	8,97
Peón da construción de edificios	51	4,49	2,57
Peón da industria manufactureira	51	4,49	3,87
Camareiro	47	4,14	2,68
Empregado administrativo	45	3,96	8,93
Modista/o	42	3,70	0,89
Operario máquina industrial coser á plana, excepto pel e calzado	33	2,91	2,29

5.2.9. Perfil tipo dos demandantes de emprego

TÁBOA 12: Perfil máis representativo.

	PERFIL COMARCAL TIPO	PERFIL PROVINCIAL TIPO
Situación laboral	Parados con emprego anterior	Parados con emprego anterior
Sexo	Mulleres	Mulleres
Grupo idade	De 26 a 35 anos	De 26 a 35 anos
Nivel académico	Titulación ensinanza obrigatoria	Titulación ensinanza obrigatoria
Duración demanda	Menos de 6 meses	Menos de 6 meses
Sector	Servizos	Servizos
Ocupación máis demandada	**Peón da industria alimentación, bebidas e tabaco**	Dependente de comercio

5.3. OFERTAS

5.3.1. Ofertas no servizo público de emprego galego 2003. Evolución

Táboa 13: *Número de ofertas por concellos. Ano 2003.*

	TOTAL OFERTAS	TOTAL %
Carnota	24	24,74
Muros	73	75,26
TOTAL COMARCA	**97**	**100,00**

TOTAL OFERTAS PROVINCIA:	**32.600**
COMARCA/PROVINCIA:	**0,30**

O número de ofertas desta comarca é moi limitado, rexistrando tan só 97, que supoñen o 0,30% das realizadas na provincia da Coruña. As tres cuartas partes destas pertencen ao concello de Muros. Este feito condiciona a posterior análise que fagamos, que debe tomar en consideración o escaso peso en termos absolutos.

Táboa 14: *Evolución das ofertas. Período 1999-2003. Valores absolutos e relativos.*

	N.º OFERTAS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Carnota	36	24	17	28	24	-33,33	-29,17	64,71	-14,29	-9,64
Muros	18	56	63	133	73	211,11	12,50	111,11	-45,11	41,91
TOTAL COMARCA	**54**	**80**	**80**	**161**	**97**	**48,15**	**0,00**	**101,25**	**-39,75**	**15,77**
TOTAL PROVINCIA	**29.835**	**37.922**	**30.755**	**30.380**	**32.600**	**27,11**	**-18,90**	**-1,22**	**7,31**	**2,24**

O número de ofertas da comarca case chega a duplicarse entre 1999 e 2003, tendo en conta os valores extremos; estas presentan unha variación media de 15,77%. A evolución caracterízase polo continuo crecemento que soporta ata o ano 2002, descendendo no último período da serie.

Gráfico 10: *Evolución do número de ofertas dos concellos da comarca.*



O concello de Muros incrementa as ofertas de emprego nun 41,91%, como se aprecia na variación media, mentres que no de Carnota a tendencia é oposta, diminuíndo o -9,64%. En Muros apréciase un crecemento progresivo ata chegar a 2003, cando se produce un descenso en 64 ofertas. Pola contra, no concello de Carnota a evolución é diferente: rexistra todos os anos continuos decrecementos, agás en 2002, no que o número de ofertas aumenta en 11 respecto do ano anterior.

5.3.2. Ofertas segundo os sectores de actividade económica.

	PRIMARIO		SECUNDARIO		CONSTRUCIÓN		SERVIZOS	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Carnota	0		8	66,67	2	8,33	14	25,93
Muros	7	100,00	4	33,33	22	91,67	40	74,07
TOTAL COMARCA	**7**	**100,00**	**12**	**100,00**	**24**	**100,00**	**54**	**100,00**
TOTAL PROVINCIA	**338**		**3.112**		**5.814**		**23.331**	

Táboa 15: *Distribución das ofertas por concellos segundo os sectores económicos. Valores absolutos e relativos en relación co total da comarca.*

O concello de Muros monopoliza case todas as ofertas emitidas na comarca en todos os sectores; faino no primario e no da construción de maneira case absoluta e no de servizos nas tres cuartas partes. Só cabe unha excepción, que é o sector secundario, onde Carnota, con oito ofertas, dobra as catro do concello de Muros.

Mentres o sector servizos predomina con máis da metade das ofertas, o da construción séguelle por orde cunha cuarta parte do total. O primario e secundario agrupan o 7% e 12% respectivamente, 7 e 12 ofertas en termos absolutos.



Gráfico 11: *Distribución porcentual das ofertas por sectores económicos.*

Das doce ofertas rexistradas na industria, oito delas pertencen ao subsector de outras industrias e tres ao de madeira.

A administración pública predomina no sector servizos sobre o resto de actividades, supoñendo o 62% das ofertas emitidas. O 38% que falta repártese no resto de actividades, onde predominan co 9% as ofertas da hostalería



Gráfico 12: *Distribución porcentual das ofertas nos Servizos.*

	1999	2000	2001	2002	2003
Primario	0	6	4	11	7
Secundario	5	2	20	21	12
Construción	10	6	29	15	24
Servizos	39	66	27	114	54
TOTAL COMARCA	**54**	**80**	**80**	**161**	**97**
TOTAL PROVINCIA	**29.835**	**37.922**	**30.755**	**30.380**	**32.600**

Táboa 16: *Evolución das ofertas por sectores económicos.*

Todos os sectores incrementan o número de ofertas, sendo o secundario e o da construción os que amosan as variacións medias máis elevadas, o 24,47% en ambos casos. Por outra banda, o crecemento no sector de servizos é de 8,48%. En liñas xerais, a variación media que experimenta todo o conxunto de ofertas é de 15,77%, que en termos absolutos supón un incremento de 43 ofertas.

5.3.3. Perfil básico das ofertas

Debido ao escaso número de ofertas, non se aprecia a esixencia de criterios de xénero ou formación académica de maneira relevante, polo cal esta análise non resulta significativa.

5.3.4. Análise ocupacional das ofertas

Tábua 17: Ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores.

	1999	2000	2001	2002	2003
Peón de albanel/Peón de obras públicas	6	15	5	22	14
Albanel	2	2	17	20	12
Traballador espazos naturais	10	0	0	1	10
Operador de máquina moldeadora de plástico	3	0	0	9	6
Camareiro - Barman	8	0	2	6	5
Axente comercial / Vendedor	2	3	8	2	4
Axudante de carpinteiro	0	0	0	2	3
Administrativo	2	0	0	3	2
Diplomado en educación social/Asistente social	0	0	0	4	2
Condutor de mercadorías/Condutor de camión	0	2	1	3	2

Calquera das ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores rexistra un número moi limitado de ofertas. As dúas ocupacións máis ofertadas pertencen ao sector da construción. Nun primeiro lugar está de peón de albanel, que amosa unha variación media de 23,59%, tras unha tendencia de altibaixos xeneralizados. En segundo lugar, cunha variación media de 56,51%, está a ocupación de albanel, que ata o 2002 presenta unha tendencia de crecemento que se frea no 2003, perdendo case a metade das ofertas, igual que lle sucede aos peóns de albanel. O resto teñen poucas ofertas, destacando as 10 de traballador de espazos naturais, que recupera os valores acadados en 1999.

As oficinas de emprego só rexistran tres ofertas en 2003 nas ocupacións de mecánico naval, 2, e patrón de pesca de litoral, 1.

5.4. CONTRATOS

5.4.1. Número de contratos no ámbito comarcal e municipal

	CONTRATOS 2003	
	N.º	%
CARNOTA	610	29,26
MUROS	1.475	70,74
TOTAL COMARCA	**2.085**	**100,00**
TOTAL PROVINCIA	**310.890**	**0,67**

Táboa 18: *Número de contratos na comarca e nos concellos. Ano 2003.*

O mesmo que sucede no resto de factores de análise, Muros amosa maior número de contratos que Carnota, supoñendo o 70,74% dos realizados na comarca no ano 2003. Os contratos da comarca só son o 0,67% dos realizados na provincia.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA %
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
CARNOTA	495	423	580	523	610	-14,55	37,12	-9,83	16,63	5,36
MUROS	1.082	1.258	1.371	1.469	1.475	16,27	8,98	7,15	0,41	8,05
TOTAL COMARCA	**1.577**	**1.681**	**1.951**	**1.992**	**2.085**	**6,59**	**16,06**	**2,10**	**4,67**	**7,23**
TOTAL PROVINCIA	**268.271**	**281.551**	**280.779**	**292.423**	**310.890**	**4,95**	**-0,27**	**4,15**	**6,32**	**3,75**

Táboa 19: *Evolución do número de contratos no ámbito comarcal. Variacións anuais. 1999-2003.*

A contratación comarcal obtén unha variación media de 7,23%, que implica un crecemento en termos absolutos de 508 contratos no período de referencia. A traxectoria da contratación caracterízase polos continuos crecementos que experimenta, facéndoo de maneira irregular nos diferentes anos. No período 2000-2001 rexistra o maior crecemento, reflectido nunha variación interanual de 16,06%; no período seguinte o crecemento é máis baixo, o 2,10%. Na provincia tamén se reflite un crecemento contractual, aínda que en menor medida, cunha variación media interanual de 3,75%. A diferenza do que sucede na comarca, a provincia amosa crecementos considerables todos os anos, agás xustamente no período 2000-2001, no que a variación interanual é de -0,27%.

Muros, á parte de rexistrar maior número de contratos, tamén presenta un crecemento máis elevado, o 8,05%. Neste concello increméntase todos os anos a contratación, se ben, a medida que pasa o tempo, este incremento vaise reducindo de forma continua, rexistrando en 2002-2003 unha variación interanual de tan só o 0,41%. No concello de Carnota a variación media é de 5,36%, reflectindo unha tendencia irregular con regresións e incrementos continuos.

5.4.2. Contratación comarcal segundo o sexo e a idade

	N.º CONTRATOS			% CONTRATOS		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Menos de 26 anos	322	256	578	15,44	12,28	27,72
De 26 a 35 anos	258	332	590	12,37	15,92	28,30
De 36 a 45 anos	161	357	518	7,72	17,12	24,84
De 46 a 55 anos	90	207	297	4,32	9,93	14,24
De 56 e máis anos	32	70	102	1,53	3,36	4,89
TOTAL COMARCA	**863**	**1.222**	**2.085**	**41,39**	**58,61**	**100,00**
TOTAL PROVINCIAL	**166.028**	**144.862**	**310.890**	**53,40**	**46,60**	**100,00**

Táboa 20: *Distribución da contratación comarcal segundo o sexo e a idade. Ano 2003.*

A diferenza do que sucede na provincia da Coruña, a comarca de Muros mostra o predominio das mulleres na contratación: supoñen o 58,61% de contratadas no ano 2003. A maior parte de contratación concéntrase no dous primeiros tramos de idade, que conxuntamente supoñen o 56,02%. Se a maiores lles sumamos os do tramo seguinte, en xeral ata os 45 anos realízase o 80,86% da contratación.

En todos os tramos de idade destaca a contratación feminina, agás nos menores de 26 anos, en que, co 15,44% de contratación masculina, se supera a feminina en 3,16 puntos porcentuais. Se nos homes o anterior é o perfil maioritario, e descende a partir de aí a contratación de forma progresiva, nas mulleres o perfil maioritario é o de 36 a 45 anos co 17,12%. A continuación están as contratadas entre 26 e 35 anos, co 15,92%, e as menores de 26 co 12,28%.

As diferenzas máis acusadas entre sexos danse entre os 36 e 45 anos, no que as mulleres superan aos homes nun 9,4%. A partir dos 46 anos a contratación feminina duplica de novo á masculina.

Táboa 21: *Evolución do número de contratos da comarca segundo o sexo. Período 1999-2003.*

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Homes	746	782	774	749	863	4,83	-1,02	-3,23	15,22	3,71
Mulleres	831	899	1.177	1.243	1.222	8,18	30,92	5,61	-1,69	10,12
TOTAL CONTRATOS	**1.577**	**1.681**	**1.951**	**1.992**	**2.085**	**6,59**	**16,06**	**2,10**	**4,67**	**7,23**

A maiores do predominio contractual feminino, tamén se pode observar como é este colectivo o que presenta a variación media máis alta, o 10,12%. Neste caso increméntase a contratación ata o 2002, sufrindo un pequeno retroceso no último anos, onde se presenta unha variación interanual de -1,69%. Cómpre destacar que no ano 2001, aparece un incremento de 30,92% que en termos absolutos supón 278 contratos máis que no ano anterior.

Nos homes a variación media amosa un crecemento moderado de 3,71%, ofrecendo unha evolución caracterizada pola depresión contractual que soporta nos anos 2001 e seguinte, se ben esta non é moi extrema. Nos últimos anos, a diferenza do observado para as mulleres, percíbese o crecemento máis elevado, cunha variación interanual de 15,22%.

Gráfico 13: *Evolución da distribución da contratación comarcal segundo o sexo. Período 1999-2003. Valores proporcionais.*



Mentres que a contratación feminina reflite unha tendencia ascendente ata o 2002, nos homes sucede o contrario. En 2003 ráchase moderadamente coa tendencia anterior. Tras iniciarse no ano 1999 cunha superioridade da contratación feminina sobre a masculina en 5,38 puntos, a primeira distánciase da segunda superándoa de forma progresiva. En 2003, iníciase unha redución, apreciando unha superioridade contractual feminina de 17,22 puntos sobre a masculina.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Menor de 26 anos	481	442	554	507	578	-8,11	25,34	-8,48	14,00	4,70
De 26 a 35 anos	521	548	599	572	590	5,18	9,31	-4,51	3,15	3,16
De 36 a 45 anos	327	409	480	504	518	25,08	17,36	5,00	2,78	12,19
De 46 a 55 anos	202	208	236	295	297	2,97	13,46	25,00	0,68	10,12
De 56 e máis anos	46	74	82	114	102	60,87	10,81	39,02	-10,53	22,03
TOTAL CONTRATOS	**1.577**	**1.681**	**1.951**	**1.992**	**2.085**	**6,59**	**16,06**	**2,10**	**4,67**	**7,23**

TÁBOA 22: *Evolución do número de contratos da comarca segundo a idade. Período 1999-2003.*

En todos os tramos de idade crece a contratación, facéndoo en maior medida nos maiores de 55 anos, cunha variación media de 22,03%; cómpre dicir que este é o tramo de menor dimensión cuantitativa. O segundo grupo que máis medra é o de 36 a 45 anos, co 12,19%, seguido do posterior, co 10,12%.

Nos maiores de 55 anos apréciase un aumento contractual continuado ata o 2002; redúcense posteriormente e ofrecen en 2003 unha variación interanual de -10,53%. Entre os 36 e 55 anos rexístranse incrementos todos os anos, amosando tendencias dispares con valores de crecemento elevados en anos intermedios e máis baixos nos últimos anos. Nos menores de 35 anos prodúcense descensos, sobre todo en 2002, incrementándose en 2001 e 2003. Os menores de 26 anos son os que rexistran o crecemento máis elevado en 2002-2003, como sinala a variación interanual para ese período, que é de 14%.

5.4.3. Contratación comarcal segundo os sectores económicos

	CONTRATOS 2003	
	N.º	%
SECTOR PRIMARIO	**190**	**9,11**
Agricultura e pesca	190	9,11
SECTOR SECUNDARIO	**861**	**41,29**
Industria	859	41,20
Electricidade	2	0,10
SECTOR CONSTRUCIÓN	**282**	**13,53**
Construción	282	13,53
SECTOR SERVIZOS	**752**	**36,07**
Comercio e hostalería	235	11,27
Transporte e comunicacións	10	0,48
Outros servizos	507	24,32
TOTAL CONTRATOS	**2.085**	**100,00**

TÁBOA 23: *Distribución da contratación por sectores/subsectores económicos.*

O sector secundario é o que maior volume de contratación rexistra no ano 2003, o 41,29%; realízase na práctica totalidade no subsector da industria, que supón o 41,20%. En segundo lugar está o sector de servizos, co 36,07%, onde o maior peso contractual se aprecia no subsector de outros servizos, que concentra unha cuarta parte do total de contratos, o 24,32%. O terceiro sector en termos cuantitativos é o da construción, co 13,53%. Pecha a distribución o sector primario co 9,11%.

GRÁFICO 14: *Distribución porcentual da contratación na industria.*



Os contratos da industria céntrase case totalmente na actividade da alimentación, que representa o 91% da contratación. O outro 9% compárteno o resto de actividades, con predominio a de téxtil e confección co 5%.

GRÁFICO 15: *Distribución porcentual da contratación nos servizos.*



Máis da metade da contratación dos servizos, o 54%, pertence ás administracións públicas, que consolidan a súa posición maioritaria. En segundo lugar, con porcentaxes moi similares, 15% e 14%, están os contratos das actividades de comercio e hostalería, respectivamente. Repártese o 17% que falta entre resto de actividades, sobre todo nos servizos á comunidade, co 12%.

TÁBOA 24: *Distribución porcentual da contratación comarcal segundo sectores/subsectores económicos por sexo e idade. Ano 2003.*

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e mais
SECTOR PRIMARIO	**6,33**	**2,78**	**2,06**	**3,88**	**1,87**	**1,10**	**0,19**
Agricultura e pesca	6,33	2,78	2,06	3,88	1,87	1,10	0,19
SECTOR SECUNDARIO	**4,46**	**36,83**	**7,10**	**10,74**	**13,57**	**7,10**	**2,78**
Industria	4,36	36,83	7,05	10,74	13,53	7,10	2,78
Electricidade	0,10	0,00	0,05	0,00	0,05	0,00	0,00
SECTOR CONSTRUCIÓN	**12,66**	**0,86**	**4,80**	**3,79**	**3,07**	**1,58**	**0,29**
Construción	12,66	0,86	4,80	3,79	3,07	1,58	0,29
SECTOR SERVIZOS	**17,94**	**18,13**	**13,76**	**9,88**	**6,33**	**4,46**	**1,63**
Comercio e hostalería	4,65	6,62	5,23	3,74	1,25	0,77	0,29
Transporte e comunicacións	0,38	0,10	0,05	0,29	0,14	0,00	0,00
Outros servizos	12,90	11,41	8,49	5,85	4,94	3,69	1,34
TOTAL CONTRATOS	**41,39**	**58,61**	**27,72**	**28,30**	**24,84**	**14,24**	**4,89**

Nos sectores secundario e de servizos predomina a contratación feminina sobre a masculina, facéndoo de maneira moi acusada no primeiro e moderadamente no segundo. No sector secundario a contratación feminina supón o 36,83% do total da realizada, fronte á masculina que é de 4,46%. No sector de servizos o 18,13% é feminina, estando a masculina por debaixo en 0,19 puntos porcentuais. Neste sector a contratación masculina é maioritaria no subsector de outros servizos e transportes, mentres que no de comercio e hostalería é a feminina.

Por outra banda, no sector primario e da construción predomina a contratación masculina, de forma case absoluta no segundo, onde rexistra o 12,66% fronte ao 0,86% de feminina.

No sector secundario aparece unha concentración bastante elevada no intervalo de 26 a 45 anos, co 24,31%; predomina o perfil de 36 a 45 anos. Por outra banda, no sector de servizos tamén se aprecia unha concentración importante ata os 35 anos, 23,64%. Neste caso destaca a contratación de menores de 26, co 13,76%, situación extensiva ao resto de subsectores agás ao de transporte, onde prevalece o segmento de idade posterior.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
SECTOR PRIMARIO	**205**	**210**	**142**	**284**	**190**	**2,44**	**-32,38**	**100,00**	**-33,10**	**-1,88**
Agricultura e pesca	205	210	142	284	190	2,44	-32,38	100,00	-33,10	-1,88
SECTOR SECUNDARIO	**649**	**808**	**1.016**	**1.019**	**861**	**24,50**	**25,74**	**0,30**	**-15,51**	**7,32**
Industria	649	808	1.016	1.018	859	24,50	25,74	0,20	-15,62	7,26
Electricidade	0	0	0	1	2	0,00	0,00	0,00	100,00	0,00
S. CONSTRUCIÓN	**213**	**190**	**256**	**184**	**282**	**-10,80**	**34,74**	**-28,13**	**53,26**	**7,27**
Construción	213	190	256	184	282	-10,80	34,74	-28,13	53,26	7,27
SECTOR SERVIZOS	**510**	**473**	**537**	**502**	**752**	**-7,25**	**13,53**	**-6,52**	**49,80**	**10,20**
Comercio e hostalería	207	236	290	255	235	14,01	22,88	-12,07	-7,84	3,22
Transporte e comunicacións	5	10	6	14	10	100,00	-40,00	133,33	-28,57	18,92
Outros servizos	298	227	241	233	507	-23,83	6,17	-3,32	117,60	14,21
TOTAL CONTRATOS	**1.577**	**1.681**	**1.951**	**1.992**	**2.085**	**6,59**	**16,06**	**2,10**	**4,67**	**7,23**

Táboa 25: *Evolución da contratación comarcal segundo os sectores e subsectores económicos. Período 1999-2003.*

O sector primario é o único que presenta un saldo negativo de variación media, -1,88%. A traxectoria deste sector caracterízase pola alternancia de regresións e crecementos bastante elevados. Tras iniciar o período cun crecemento moderado, descende a contratación notablemente, nun -32,38%, segundo a variación interanual de 2000-2001. En 2001-2002 prodúcese un crecemento moi elevado, duplicándose o número de contratos do ano anterior; pola contra, remata o período cunha forte regresión, superior á experimentada en 2000-2001.

O resto de sectores incrementan a contratación no período de referencia; o sector servizos reflite o maior crecemento, cunha variación media de 10,20%. Neste sector a evolución presenta altibaixos xeneralizados, rematando o período cun forte crecemento de 49,80%. Cómpre dicir que no 2002-2003 o subsector de comercio e o de transporte perden forza, a diferenza do que sucede no de outros servizos, no que se rexistra unha variación interanual de 117,6%, que implica un aumento de 274 contratos de traballo.

O sector secundario e o da construción presentan un crecemento similar, sinalando a relatividade deste, xa que teñen diferente volume contractual. No sector secundario apréciase un crecemento substancial nos primeiros anos, descendendo este *a posteriori* e pechando o período cun retroceso importante. Por outra banda, o da construción alterna valores de crecemento e regresión elevados; remata en 2003 cun crecemento considerable, como se comproba na variación interanual dese ano, que é de 53,26%.

5.4.4. Tipoloxía da contratación laboral

A contratación temporal a tempo completo esténdese case pola totalidade do mapa contractual de 2003 e supón o 84%. Se lle sumamos a maiores a contratación temporal a tempo parcial, acadamos unha concentración moi elevada, o 91%. Na parte oposta está a contratación indefinida que supón só o 4%.



Gráfico 16: *Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contratos. Ano 2003.*

TÁBOA 26: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contrato por sexo e idade. Ano 2003.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
Indefinido	3,31	0,96	0,62	1,58	1,20	0,62	0,24
Indefinido tempo parcial	0,24	0,24	0,19	0,19	0,05	0,05	0,00
Temporal	31,22	51,56	21,92	22,93	21,34	12,28	4,32
Temporal tempo parcial	2,45	4,84	3,31	2,06	1,34	0,38	0,19
Prácticas/Formación	1,10	0,67	1,53	0,24	0,00	0,00	0,00
Outros	3,07	0,34	0,14	1,29	0,91	0,91	0,14
TOTAL CONTRATOS	**41,39**	**58,61**	**27,72**	**28,30**	**24,84**	**14,24**	**4,89**

Máis da metade dos contratos son de carácter temporal a tempo completo realizados a mulleres, mentres que nos homes aparecen en menor medida, o 31,22%. A contratación na mesma fórmula pero a tempo parcial é nas mulleres de 4,84%, duplicando a porcentaxe rexistrada polos homes. Na contratación indefinida, en prácticas e en outro tipo de fórmulas predomina a contratación masculina, se ben o peso desta é moi reducido.

A distribución da contratación temporal a tempo completo ata os 45 anos é bastante semellante; predomina lixeiramente a das persoas de 26 a 35 anos. Na indefinida tamén predomina o anterior perfil. No caso da temporal a tempo parcial destaca a contratación nos menores de 26 anos.

TÁBOA 27: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contrato por sectores económicos. Ano 2003.

	PRIMARIO	SECUNDARIO			CONSTRUCIÓN	SERVIZOS			
	Agr.,Gand.	Industr.	Electric.	Total	Construc.	Comerc.	Transp.	Outros	Total
Indefinido	2,49	0,96	0,00	0,96	0,10	0,67	0,05	0,00	0,72
Indefinido tempo parcial	0,05	0,00	0,00	0,00	0,00	0,38	0,00	0,05	0,43
Temporal	6,57	38,51	0,10	38,61	12,52	6,47	0,38	18,23	25,08
Temporal tempo parcial	0,00	1,44	0,00	1,44	0,43	2,88	0,00	2,54	5,42
Prácticas/Formación	0,00	0,29	0,00	0,29	0,48	0,86	0,05	0,10	1,01
Outros	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	3,41	3,41
TOTAL CONTRATOS	**9,11**	**41,20**	**0,10**	**41,29**	**13,53**	**11,27**	**0,48**	**24,32**	**36,07**

O 38,51% da contratación temporal a tempo completo realízase no subsector da industria, que concentra case todos os contratos do sector. A seguinte concentración máis importante dáse no sector servizos, que supón unha cuarta parte do total de contratos realizados. Nesta modalidade predomina o subsector de outros servizos, que supón o 18,23%.

A contratación temporal a tempo parcial tamén se realiza fundamentalmente no sector servizos, que concentra o 5,42%. Neste a porcentaxe máis alta, o 2,88%, correspóndelle ao subsector do comercio e hostalería.

En último lugar pode sinalarse como significativo o feito de que sexa o sector primario o que englobe a parte máis alta de contratación indefinida, o 2,49%.

TÁBOA 28: Evolución da contratación comarcal segundo a tipoloxía de contratos. Período 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Indefinido	258	197	78	168	89	-23,64	-60,41	115,38	-47,02	-23,36
Indefinido tempo parcial	4	8	7	24	10	100,00	-12,50	242,86	-58,33	25,74
Temporal	913	1.109	1.487	1.514	1.726	21,47	34,08	1,82	14,00	17,26
Temporal tempo parcial	245	247	264	202	152	0,82	6,88	-23,48	-24,75	-11,25
Prácticas/Formación	103	56	54	42	37	-45,63	-3,57	-22,22	-11,90	-22,58
Outros	54	64	61	42	71	18,52	-4,69	-31,15	69,05	7,08
TOTAL CONTRATOS	**1.577**	**1.681**	**1.951**	**1.992**	**2.085**	**6,59**	**16,06**	**2,10**	**4,67**	**7,23**

A contratación indefinida a tempo completo, a temporal a tempo parcial e a de prácticas ou formación perden peso: a primeira é a que o fai en maior medida, ofrecendo unha variación media negativa de -23,36%. Esta redúcese todos os anos, agás en 2002, cando ofrece un incremento moi considerable, tras observar a variación interanual de 2001-2002: 115,38%. A contratación en prácticas amosa unha variación media de -22,58%: nesta redúcese a contratación todos os anos alternando valores estremos de regresión. Na temporal a tempo parcial aprécia-se unha redución significativa nos dous últimos anos tras crecer de forma moderada anteriormente, rexistrando en conxunto unha variación media de -11,25%.

Por outra banda, a fórmula maioritaria aumenta nun 17,26% en todo o período de referencia. Este tipo presenta unha traxectoria de continuo crecemento; soporta unha moderación deste en 2002, cunha variación interanual de 1,82%. Pecha o período cun crecemento de 14% para 2002-2003, se ben este é inferior ao experimentado nos dous primeiros anos.

5.4.5. Grandes grupos de ocupación na contratación laboral

Táboa 29: *Distribución da contratación por grandes grupos de ocupación segundo o sexo. Ano 2003.*

	CONTRATOS	
	Nº	%
1. Dirección de empresas e administracións públicas	**3**	**0,14**
HOMES	2	0,10
MULLERES	1	0,05
2. Técnicos profesionais, científicos e intelectuais	**106**	**5,08**
HOMES	81	3,88
MULLERES	25	1,20
3. Técnicos e profesionais de apoio	**87**	**4,17**
HOMES	49	2,35
MULLERES	38	1,82
4. Empregados de tipo administrativo	**56**	**2,69**
HOMES	17	0,82
MULLERES	39	1,87
5. Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio	**167**	**8,01**
HOMES	52	2,49
MULLERES	115	5,52
6. Traballadores cualificados na agricultura e pesca	**66**	**3,17**
HOMES	54	2,59
MULLERES	12	0,58
7. Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería	**380**	**18,23**
HOMES	234	11,22
MULLERES	146	7,00
8. Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	**45**	**2,16**
HOMES	32	1,53
MULLERES	13	0,62
9. Traballadores non cualificados	**1.175**	**56,35**
HOMES	342	16,40
MULLERES	833	39,95
TOTAL CONTRATOS	**2.085**	**100,00**
TOTAL HOMES	**863**	**41,39**
TOTAL MULLERES	**1.222**	**58,61**

A contratación comarcal concéntrase nos nove grupos de ocupación sinalados, cun predominio moi forte do de traballadores non cualificados, que agrupa máis da metade dos contratados, o 56,35%. O segundo grupo en importancia cuantitativa, o de artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería, está a bastante distancia, co 18,23%. En terceiro lugar os traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio, co 8,01%, pechan a serie dos máis contratados, tendo o resto porcentaxes máis reducidas. Conxuntamente, nos tres grupos anteriores concéntrase o 82,59% do total de contratos.

En todos os grupos de contratación predominan os homes agás en tres deles; cómpre dicir que dous están entre os tres de maior contratación. Polo tanto, predomina a contratación feminina nos grupos de:

- Traballadoras non cualificadas; contratación feminina supera á masculina nun 23,55%.
- Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio; contratación feminina supera á masculina nun 3,03%.
- Empregadas de tipo administrativo; superioridade feminina de 1,05%.

Realizando unha diferenciación da contratación por xénero, obtense a seguinte distribución dos grupos de maior contratación:

Grupos de ocupación cunha maior contratación masculina	Grupos de ocupación cunha maior contratación feminina
• Traballadores non cualificados, contratación de 16,40%. • Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería; 11,22%. • Técnicos profesionais, científicos e intelectuais; 3,88%. • Traballadores cualificados na agricultura e pesca; 2,59%.	• Traballadoras non cualificadas; 39,95%. • Artesás/traballadoras cualificadas industria manufactureira, construción e minería; 7%. • Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio; 5,52%. • Empregadas de tipo administrativo; 1,87%.

Despois de realizar unha análise da distribución cuantitativa por grupos de contratación, cómpre sinalar cales son os grupos que presentan maior crecemento ou regresión, atendendo ás variacións medias de referencia. Os grupos que teñen maior crecemento contractual son os de:

- Traballadores non cualificados; variación media de 16,49%.
- Técnicos e profesionais de apoio; 13,19%.

Tendo en consideración a maiores a diferenciación dos grupos de maior crecemento por xénero, relaciónanse os grupos con maior incremento contractual entre os homes no período de referencia, presentando as seguintes variacións medias:

- Traballadores non cualificados; variación media de 13,65%.
- Técnicos profesionais, científicos e intelectuais; 11,72%.
- Operadores de instalacións, maquinaria e montadores, 8,61%.

Por outra banda os grupos con maior crecemento nas mulleres son os de:

- Técnicas e profesionais de apoio; variación media de 43,35%.
- Artesás/traballadoras cualificadas industria manufactureira, construción e minería; 22,42%.
- Traballadoras non cualificadas; 17,77%.

Para rematar a análise, cómpre diferenciar os grupos con maior decrecemento. Estes grupos son dous soamente: o de operadores de instalacións e maquinaria e montadores, co -27,84%, e o de traballadores cualificados na agricultura e pesca, co -11,79%.

Neste caso só se aprecian tres grupos que decrecen na contratación de homes:

- Traballadores cualificados na agricultura e pesca; co -9,92% de variación media.
- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio; -5,79%.
- Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería; -2,60%.

No caso das mulleres tamén descenden os contratos en tres grupos:

- Operadoras de instalacións, maquinaria e montadoras; -45,09%.
- Traballadoras cualificadas na agricultura e pesca; -18,35%.
- Técnicas profesionais, científicas e intelectuais; -1,91%.

5.4.6. Ocupacións máis contratadas

Táboa 30: As dez ocupacións máis contratadas na comarca. Ano 2003.

		TOTAL		HOMES		MULLERES		RATIO
CNO	OCUPACIÓNS	N.º	%	N.º	%	N.º	%	MASCUL.[1]
97000020	Peón da industria alimentación, bebidas e tabaco	663	31,80	65	7,53	598	48,94	9,80
97000011	Peón da industria manufactureira	206	9,88	97	11,24	109	8,92	47,09
71100016	Albanel	157	7,53	154	17,84	3	0,25	98,09
78010185	Traballador preparación peixe para conserva	103	4,94	4	0,46	99	8,10	3,88
25130104	Músico instrumentista	66	3,17	61	7,07	5	0,41	92,42
96010011	Peón de obras públicas	63	3,02	44	5,10	19	1,55	69,84
50200018	Camareiro	60	2,88	26	3,01	34	2,78	43,33
93200013	Ordenanza	60	2,88	28	3,24	32	2,62	46,67
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador	48	2,30	20	2,32	28	2,29	41,67
96020014	Peón da construción de edificios	39	1,87	36	4,17	3	0,25	92,31
	TOTAL	**1.465**	**70,26**	**535**	**61,99**	**930**	**76,10**	**36,52**

(1) Ratio de Masculinidade = (N.º de contratos realizados a homes/ N.º total de contratos) x 100

O 70,26% da contratación concéntrase nas dez ocupacións anteriores, facéndoo con moita superioridade na de peón da industria da alimentación, bebidas e tabaco, co 31,8% dos contratos. En segundo lugar está, co 9,88%, a ocupación de peón da industria manufactureira, seguido, co 7,53%, pola de albanel. Só nas tres ocupación anteriores aparece concentrada a metade da contratación da comarca de Muros.

Nestas ocupacións apréciase unha contratación maioritariamente feminina. A contratación é case absolutamente feminina no caso das traballadoras de preparación de peixe para conserva e no de peóns da industria da alimentación. No resto de casos onde predomina a contratación feminina faino de forma moderada, nas ocupacións de peón da industria manufactureira, ordenanza, camareira e muller/mozo da limpeza.

No lado oposto, a contratación é case absolutamente masculina nos casos de albanel, músico instrumentista e peón de edificios. Para finalizar, o predominio de homes no caso dos peóns de obras públicas é máis limitado, apreciándose un ratio de masculinidade de 69,84%.

Táboa 31: *Evolución das dez ocupacións máis contratadas entre 1999 e 2003.*

CNO	OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS	1999	2000	2001	2002	2003
97000020	**Peón da industria da alimentación, bebidas e tabaco**	**66**	**256**	**768**	**745**	**663**
97000011	**Peón da industria manufactureira**	39	39	12	21	**206**
71100016	**Albanel**	**162**	**132**	**172**	**111**	**157**
78010185	**Traballador preparación peixe para conserva**	2	3	0	35	**103**
25130104	**Músico instrumentista**	38	**42**	**48**	**39**	**66**
96010011	**Peón de obras públicas**	0	2	1	7	**63**
50200018	**Camareiro**	**80**	**67**	**87**	**82**	**60**
93200013	**Ordenanza**	23	**40**	**73**	**105**	**60**
91210016	**Muller/mozo limpeza, limpador**	25	21	23	**40**	**48**
96020014	**Peón da construción de edificios**	**63**	**63**	**78**	**41**	**39**
53300010	DEPENDENTE DE COMERCIO	42	**58**	**51**	21	38
63230055	MARIÑEIRO DE PESCA	**47**	**45**	12	**53**	21
94500035	RECOLECTOR DE CRUSTÁCEOS E MOLUSCOS	**49**	36	6	18	20
79360023	COSEDOR MAN / MÁQUINA DOMÉSTICA PRENDAS VESTIR, EXCEPTO PEL	**43**	**48**	**73**	**50**	19
94500024	PEÓN DE ACUICULTURA	0	0	**36**	38	14
83630022	OPERARIO MÁQUINA INDUSTRIAL COSER Á PLANA, EXCEPTO PEL E CALZADO	**81**	19	11	13	3
83630013	OPERARIO MÁQUINA INDUSTRIAL DE COSER E BORDAR	**58**	18	**50**	21	2

Malia reducir moderadamente os contratos dos dous anos anteriores, a ocupación de peón da industria da alimentación supera con moito o resto de ocupacións, cun total de 663 contratos en 2003. A segunda máis contratada é de peón da industria manufactureira, que incrementa no último ano enormemente o volume de contratos, situándose por primeira vez entre as dez ocupacións máis contratadas. Algo similar sucede no caso dos traballadores de preparación de peixe para conserva, que está no cuarto lugar. No terceiro posto aparece unha das ocupacións da construción, a de albanel, que rexistra 157 contratos. Outra das ocupacións da construción, a de peón da construción de edificios, tamén se sitúa no último lugar da lista de máis contratadas no 2003.

De todas as ocupacións catro delas están sempre entre as máis contratadas, estas son as de:

- Peón da industria da alimentación, bebidas e tabaco
- Albanel
- Camareiro
- Peón da construción de edificios

En dúas delas, as de músico instrumentista e ordenanza, apréciase como se sitúa na serie a partir do ano 2000, mentres que no caso de muller/mozo de limpeza isto sucede no 2002.

O resto de ocupacións entran e saen da distribución, e non se inclúen na serie das máis contratadas en 2003. Pódese destacar neste caso como a ocupación de cosedor á man desaparece da serie tras situarse todos os anos nela.

Para concluír a análise deste apartado, pódese dicir que as ocupacións que máis medran son as de:

- Traballador preparación peixe para conserva; variación media de 167,89%.
- Peón da industria alimentación, bebidas e tabaco; 78,03%.
- Peón da industria manufactureira; 51,6%.

E as que presentan maior regresión:

- Operario de máquina de coser e bordar; variación media de -56,91%.
- Operario de máquina industrial de coser á plana; variación media de -56,13%.



Comarca de Noia

5.1. TECIDO EMPRESARIAL

5.1.1. Tecido empresarial comarcal. Situación actual

A maioría das empresas e traballadores autónomos da comarca de Noia pertencen ao sector servizos, que mantén nestes últimos unha porcentaxe de representación bastante elevada. Pola contra, a maior parte dos traballadores por conta allea proceden do sector primario, seguidos dos do sector servizos, cunha porcentaxe lixeiramente inferior.

Máis da metade das empresas de Noia están integradas no sector servizos. Nun segundo lugar están o grupo de empresas da construción, co 20,46%. O sector primario agrupa o 19,01%, mentres que o secundario só o 9,04%, no que todas as empresas agás tres pertencen ao subsector da industria. A escala subsectorial obsérvase un leve predominio do subsector de comercio e hostalería co 29,5% das empresas.

Os traballadores por conta allea aparecen maioritariamente no sector primario, que concentra o 38,44%. A pouca distancia están os do sector servizos, co 35,08%, no que se aprecia unha distribución bastante paralela entre os subsectores de comercio e outros servizos, que manteñen o 15,68% e 16,91% respectivamente. O 15,44% dos traballadores pertencen ó sector da construción, mentres que pecha a distribución o sector secundario, co 10,94%, no que o subsector da industria concentra case todos os traballadores.

No caso dos autónomos percíbese un forte predominio do sector servizos, co 68,66% de representación. A metade dos autónomos da comarca agrúpanse en torno ao subsector de comercio e hostalería, mentres que o de outros servizos supón o 15,16%. En segundo lugar aparece o sector da construción, co 20,59%, seguido do sector secundario, co 9,48%, que só rexistra autónomos no subsector da industria. Pecha a distribución o sector primario, co 1,27%.

Ademais do predominio dos sectores de servizos e primario, cómpre resaltar o escaso peso do sector secundario, que en todos os casos se centra en torno ao 10%, rexistrando case todas as empresas, traballadores e autónomos no sector da industria.

5.1.2. Evolución anual

TÁBOA 1: Evolución do número de empresas. Período 1999-2003.

	EMPRESAS				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	**208**	**210**	**220**	**233**	**223**
Agricultura e pesca	208	210	220	233	223
SECTOR SECUNDARIO	**104**	**109**	**110**	**102**	**106**
Industria	100	106	107	99	103
Electricidade	4	3	3	3	3
SECTOR CONSTRUCIÓN	**220**	**209**	**207**	**220**	**240**
Construción	220	209	207	220	240
SECTOR SERVIZOS	**565**	**561**	**580**	**581**	**604**
Comercio e hostalería	329	334	340	334	346
Transporte e comunicacións	22	20	20	22	19
Outros servizos	214	207	220	225	239
TOTAL	**1.097**	**1.089**	**1.117**	**1.136**	**1.173**

GRÁFICO 1: Variacións interanuais do número de empresas por sector económico. Período 1999-2003.



O número de empresas da comarca de Noia increméntase lixeiramente. Ofrece unha variación media conxunta de 1,69%, o que supón un aumento de 76 empresas máis entre 1999 e o 2003 (de agora en diante, o período de referencia). O crecemento a escala sectorial é bastante moderado, sen sobresaír de forma especial ningún dos sectores. Conxuntamente no ano 2000 rexístrase un lixeiro descenso do número de empresas, mentres que no resto de anos se vai incrementando paulatinamente, ofrecendo o crecemento máis elevado no último ano, no que se aprecia unha variación interanual de 3,26%.

A traxectoria do sector servizos é moi similar á do conxunto global de empresas e amosa unha variación media inferior á do conxunto, 0,69%. O sector servizos inicia tamén o período cun lixeiro descenso que se verá paliado posteriormente, xa que rexistra incrementos moderados no resto dos anos, ofrecendo o máis elevado no 2003, cando a variación interanual é de 3,96%. Mentres o subsector de transporte se mantén ao longo do período e perde ao final tres empresas, no de comercio e outros servizos prodúcese un leve incremento, sendo este máis elevado no último sinalado, variación media de 2,8%.

O sector da construción é o que presenta o maior crecemento do número de empresas, un 2,20% de variación media, que en termos absolutos supón un incremento de 20 empresas. Neste caso iníciase o período cun descenso de -5%, variación interanual do ano 2000, mantense ao ano seguinte e increméntase a partir de aí o seu volume facéndoo de forma crecente ata o final do período.

O sector secundario permanece practicamente estancado, tras incrementar todos os anos o seu peso e reducir o mesmo no ano 2002, onde a variación interanual é de -7,27%. Practicamente as variacións que se aprecian non son significativas recollendo ao final unha variación media de 0,48%.

Pecha a distribución o sector primario, que mantén unha evolución similar a do resto de sectores. Neste apréciase un aumento continuado ata o ano 2002, diminuíndo o número de empresas ao ano seguinte, variación interanual de -4,29%. Malia o retroceso experimentado no último ano, consegue manter unha variación media positiva de 1,76%.

TÁBOA 2: Evolución do número de traballadores. Período 1999-2003.

	TRABALLADORES				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	**950**	**1.943**	**1.888**	**1.971**	**2.023**
Agricultura e pesca	950	1.943	1.888	1.971	2.023
SECTOR SECUNDARIO	**563**	**587**	**595**	**587**	**576**
Industria	523	551	555	548	538
Electricidade	40	36	40	39	38
SECTOR CONSTRUCIÓN	**699**	**681**	**777**	**782**	**818**
Construción	699	681	777	782	818
SECTOR SERVIZOS	**1.552**	**1.531**	**1.636**	**1.754**	**1.846**
Comercio e hostalería	737	737	760	791	825
Transporte e comunicacións	118	122	125	123	131
Outros servizos	697	672	751	840	890
TOTAL	**3.764**	**4.742**	**4.896**	**5.094**	**5.263**

En Noia apréciase un crecemento substancial do número de traballadores, que rexistra no período de referencia unha variación media de 8,74%, o que implica un crecemento de 1.499 traballadores entre 1999 e 2003. O aumento é similar en todos os anos, agás en 2000, cando a variación interanual é de 25,98%. Este crecemento é debido sobre todo ao sector primario, que supón 993 traballadores a maiores que en 1999, xa que no da construción e servizos hai perda de traballadores.



GRÁFICO 2: Variacións interanuais do número de traballadores por sector económico. Período 1999-2003.

O sector primario inicia o período duplicando no ano 2000 o número de traballadores de 1999, variación interanual de 104,53%. No 2001 percíbese un lixeiro descenso que será paliado posteriormente, ofrecendo en conxunto un saldo positivo de variación media, o 20,80%. Xa que logo, pódese dicir que o sector primario é o que maior crecemento presenta.

No segundo sector en importancia cuantitativa, o de servizos, aparece unha variación media de 4,43%. A traxectoria deste sector amosa un descenso inicial moderado, que será paliado posteriormente cun crecemento semellante en todos os anos. Nos subsectores de comercio e transporte rexístranse variacións medias similares que sinalan a proporcionalidade do crecemento, 2,86% e 2,65% respectivamente, malia que o peso do segundo é máis reducido. O subsector de outros servizos é o que maior crecemento experimenta, o 6,3%, reducindo o número de traballadores ao principio e incrementando este en maior medida que o resto dos subsectores.

A traxectoria do sector da construción é parecida á de servizos. Tras iniciar o período cun descenso de -2,58%, recupérase considerablemente ao seguinte ano, variación interanual en 2001 de 14,1%, e increméntase o seu peso moderadamente no resto de anos. Este sector presenta unha variación media de 4,01%, lixeiramente inferior a dos servizos.

O número de traballadores do sector secundario aumenta moi levemente en número absolutos, variación media de 0,57%, tras descender nunha medida similar nos dous últimos anos.

TÁBOA 3: Evolución do número de autónomos. Período 1999-2003.

	AUTÓNOMOS				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	**12**	**14**	**14**	**16**	**21**
Agricultura e pesca	12	14	14	16	21
SECTOR SECUNDARIO	**123**	**144**	**160**	**152**	**157**
Industria	123	144	160	152	157
SECTOR CONSTRUCIÓN	**206**	**232**	**269**	**291**	**341**
Construción	206	232	269	291	341
SECTOR SERVIZOS	**909**	**935**	**1.009**	**1.066**	**1.137**
Comercio e hostalería	660	677	736	773	820
Transporte e comunicacións	69	60	62	67	66
Outros servizos	180	198	211	226	251
TOTAL	**1.250**	**1.325**	**1.452**	**1.525**	**1.656**

Nos anos 2001 e 2003 o número de autónomos increméntase en maior medida que no 2000 e 2002. Este colectivo crece todos os anos alternando valores dispares de crecemento. En conxunto rexístrase unha variación media de 7,28%, que supón un incremento lixeiramente inferior ao experimentado polos traballadores por conta allea.

GRÁFICO 3: Variacións interanuais do número de autónomos por sector económico. Período 1999-2003.



O sector servizos amosa unha variación media de 5,75%, aumentando continuamente o número de autónomos. Neste caso tamén se alternan valores de crecemento máis e menos elevados, cunha tendencia bastante regular. Dentro deste o subsector do transporte perde tres autónomos en todo o período, mentres que o de comercio e outros servizos aumentan e rexistran variacións medias de 5,58% e 8,67%.

Os sectores da construción e primario aumentan nunha proporción similar, variacións medias de 13,43% e 15,02% respectivamente, a pesar de que o peso do segundo é moito máis reducido. A traxectoria de ambos caracterízase por ofrecer crecementos considerables todos os anos, experimentando o máis elevado no último ano, onde se rexistran sendas variacións interanuais de 17,18% e 31,25%.

A variación media no sector secundario é de 6,29%, que supón un incremento de 34 autónomos en termos absolutos. Neste sector aparece unha pequena regresión no ano 2002, tras rexistrar nos dous primeiros anos crecementos considerables, sobre todo no 2000, cando se observa unha variación interanual de 17,07%. Ao final remata o período co crecemento máis reducido, mantendo de todas maneiras un saldo positivo de crecemento.

5.2. DEMANDAS

5.2.1. Demandantes por concello

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Lousame	207	67	274
Noia	769	284	1.053
Outes	495	151	646
Porto do Son	485	184	669
TOTAL	**1.956**	**686**	**2.642**

TÁBOA 4: Distribución dos demandantes segundo os concellos da comarca.

% comarca/provincia – PARADOS	**2,96**
% comarca/provincia - NON PARADOS	**2,25**

O 2,96% dos demandantes parados e o 2,25% dos non parados da provincia da Coruña pertencen á comarca de Noia. Nesta rexístranse un total de 2.642 demandantes de emprego, dos cales case as tres cuartas partes, o 74,03%, son parados.



GRÁFICO 4: Distribución dos demandantes da comarca por concello.

O concello de Noia concentra a maior parte dos demandantes, o 39,86%, co 39,81% dos demandantes parados e o 41,40% dos non parados. Tendo en conta o volume total de demandantes, os parados supoñen o 29,11% mentres que os non parados o 10,75%.

Os concellos de Outes e Porto do Son manteñen unha proporción similar e rexistran o 24,45% e 25,32% dos demandantes da comarca. En ambos os dous concellos as tres cuartas partes dos demandantes aproximadamente son parados.

Pecha a distribución o concello de Lousame, co 10,37% dos demandantes, onde, igual que no resto, as tres cuartas partes son parados.

5.2.2. Evolución dos demandantes parados

	TRABALLADORES				
	1999	2000	2001	2002	2003
PARADOS COMARCA	1.654	1.607	1.536	1.825	1.956
VARIACIÓN INTERANUAL %	–	-2,84	-4,42	18,82	7,18
COMARCA/TOTAL PROVINCIA	2,81	2,69	2,64	2,85	2,96

TÁBOA 5: Evolución dos demandantes parados.

Gráfico 5: *Evolución dos demandantes parados da comarca.*



Tras observar a representación gráfica da evolución dos demandantes parados da comarca, observamos unha constante redución destes ata o ano 2001, incrementándose o seu número a partir de aí. O descenso máis pronunciado rexístrase en 2001, momento no que a variación interanual se sitúa no -4,42%. No ano seguinte prodúcese un forte crecemento, 18,82%, reducíndose este no último ano.

A representación da comarca na provincia a esta escala é paralela, incrementando o peso específico da primeira a partir do ano 2002, para chegar ao valor alcanzado en 2003 que é de 2,96%.

5.2.3. Caracterización da situación sociolaboral dos demandantes de emprego

Táboa 6: *Situación laboral dos demandantes*

		VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	254	9,61	12,67
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	1.702	64,42	55,76
NON PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	74	2,80	3,98
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	261	9,88	11,46
	Con traballo a tempo parcial e prestación compatible	100	3,79	4,73
	En expediente de regulación de emprego	24	0,91	2,34
	Demandantes de mellora de emprego	199	7,53	5,98
	Demandantes de emprego de menos de 20 h	18	0,68	2,38
	Resto de demandantes	10	0,38	0,71
TOTAL		**2.642**	**100,00**	**100,00**

O colectivo máis numeroso é o grupo de demandantes parados con emprego anterior, que agrupa o 64,42%, superando a porcentaxe provincial de referencia en 8,66 puntos porcentuais.

Nun segundo lugar dous colectivos manteñen porcentaxes parecidos: o de non parados con emprego anterior e o de parados sen emprego anterior, co 9,88% e 9,61% respectivamente. Na provincia a porcentaxe correspondente a estes grupos é máis elevada, situándose en segundo lugar o grupo de parados sen emprego anterior.

No resto de grupos as porcentaxes provinciais están lixeiramente por riba, agás no caso dos demandantes de mellora de emprego, onde Noia, co 7,53%, supera a provincia en 1,55 puntos.

5.2.4. Demandantes de emprego por sexo e idade

TÁBOA 7.1: Demandantes parados por sexo e grupos de idade.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	HOMES %	MULLERES %	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	135	218	6,90	11,15	18,05	17,50
26 a 35 anos	233	393	11,91	20,09	32,00	30,43
36 a 45 anos	163	282	8,33	14,42	22,75	22,04
46 a 55 anos	159	176	8,13	9,00	17,13	17,68
56 e máis anos	113	84	5,78	4,29	10,07	12,34
TOTAL COMARCA	**803**	**1.153**	**41,05**	**58,95**	**100,00**	**2,96**
TOTAL PROVINCIA	**26.764**	**39.271**	**40,53**	**59,47**	**2,96**	**100,00**

Tanto no ámbito provincial como no comarcal a distribucións dos demandantes parados por xénero amosa o predominio das mulleres, que na comarca supoñen o 58,95%. No caso da distribución por idade tamén se aprecia unha distribución bastante similar nos dous ámbitos, predominando o grupo de 26 a 35 anos, co 32% dos demandantes. Se incorporamos a maiores o grupo seguinte, concéntrase máis da metade do total de demandantes, o 54,75%. A partir de aí descende de forma progresiva o peso nos distintos tramos de idade.

Se nos dous sexos sobresae o perfil de 26 a 35 anos, nas mulleres a porcentaxe correspondente case chega a duplicar a experimentada polos homes. En todos os grupos predominan as mulleres, agás no de maiores de 55.

O 20,09% son demandantes mulleres entre 26 e 35 anos, agrupando no intervalo de 26 a 45 anos o 34,51%. Pola contra, nos homes estas porcentaxes supoñen o 11,91% e 20,24% respectivamente. Nos dous casos diminúe a demanda a medida que se incrementa a idade.

TÁBOA 7.2: Demandantes non parados por sexo e grupos de idade.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	HOMES %	MULLERES %	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	42	66	6,12	9,62	15,74	18,07
26 a 35 anos	83	115	12,10	16,76	28,86	27,98
36 a 45 anos	65	90	9,48	13,12	22,59	19,81
46 a 55 anos	75	50	10,93	7,29	18,22	17,58
56 e máis anos	60	40	8,75	5,83	14,58	16,55
TOTAL COMARCA	**325**	**361**	**47,38**	**52,62**	**100,00**	**2,25**
TOTAL PROVINCIA	**12.680**	**17.790**	**41,61**	**58,39**	**2,25**	**100,00**

Nos demandantes non parados predomina igualmente a demanda feminina, se ben supera lixeiramente á porcentaxe dos homes. O 52,62% dos demandantes non parados son mulleres, estando por debaixo da porcentaxe provincial de referencia en 5,77 puntos.

O perfil tipo é de novo o grupo de 26 a 35 anos, que supón o 28,86% da demanda. Se a maiores se lle suman os demandantes ata os 45 anos, concéntrase o 51,45%. No ámbito provincial a distribución é similar á comarcal, aínda que no tramo de menores de 26 anos e no de 36 a 45 hai unhas porcentaxes máis aproximadas que as que se dan no ámbito comarcal, onde prevalecen con moito os demandantes de 26 a 45 anos.

Neste caso, destaca a demanda feminina ata os 45 anos, inverténdose a situación a partir de aí. O 16,76% son mulleres entre 26 e 35 anos, superando a porcentaxe masculina neste caso en 4,66 puntos. A demanda feminina entre 26 e 45 anos supón o 29,88%, mentres que a masculina é de 21,58%. A partir dos 46 anos prevalece o colectivo masculino, supoñendo estes un 19,68% fronte ao 13,12% acadado polas demandantes non paradas.

Tanto nos demandantes parados como nos non parados predomina o perfil de 26 a 35 anos, que supón no primeiro caso case unha cuarta parte do total de demandantes, o 23,69%, mentres que o segundo concentra o 7,49%. O seguinte tramo de idade, de 36 a 45 anos, ocupa o segundo lugar, concentrando entre os dous o 43,23% de demandantes parados e o 13,36% de non parados.

Gráfico 6: *Distribución porcentual do total de demandantes por grupos de idade.*



Se ata os 35 anos existe un crecemento do numero de demandantes, a partir de aí este diminúe, estendéndose esta tendencia a ambos os dous colectivos.

Gráfico 7: *Distribución porcentual do total de demandantes por sexo.*



A feminización da demanda é a característica principal que se aprecia na distribución de demandantes ao superar o número de mulleres o de homes tanto no caso dos demandantes parados como no dos non parados. O 43,64% do total de demandantes son mulleres paradas, mentres que o grupo de non paradas é do 13,66%. Pola contra, nos homes estas mesmas porcentaxes supoñen o 30,39% e 12,3% respectivamente.

5.2.5. Demandantes por nivel académico

Táboa 8.1: *Distribución dos demandantes parados por nivel académico.*

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Ata certificado de escolaridade*	395	20,19	31,78
Titulación de ensinanza obrigatoria	1.059	54,14	37,12
Formación profesional	118	6,03	5,63
BUP/Bacharelato superior/COU	172	8,79	12,20
Titulados universitarios	132	6,75	11,17
Outras titulacións	80	4,09	2,11
TOTAL	**1.956**	**100,00**	**100,00**

** Inclúe: sen estudos, estudos primarios e certificado de escolaridade*

Na comarca de Noia pódese ver como predomina o grupo de demandantes parados co nivel de estudos de ensinanza obrigatoria, no que se concentra o 54,14%. Neste caso supérase con moito a porcentaxe provincial, que está 17,02 puntos porcentuais por debaixo. O segundo grupo máis numeroso é o de demandantes sen estudos ou que posúen o certificado de escolaridade, no que se inverte a situación anterior, superando a porcentaxe provincial á comarcal.

No resto dos casos, pódese apreciar as diferenzas máis importantes no caso das persoas con bacharelato e titulados universitarios, nos que a media comarcal está un 3,41% e 4,42% por debaixo.

TÁBOA 8.2: Distribución dos demandantes non parados por nivel académico.

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Ata certificado de escolaridade	145	21,14	30,62
Titulación de ensinanza obrigatoria	336	48,98	33,40
Formación profesional	57	8,31	5,72
BUP/Bacharelato superior/COU	64	9,33	15,70
Titulados universitarios	67	9,77	13,03
Outras titulacións	17	2,48	1,53
TOTAL	**686**	**100,00**	**100,00**

Mentres que na provincia aparece unha distribución bastante equitativa nos dous niveis académicos inferiores, en Noia repítese a tendencia dos demandantes parados, predominando o grupo de persoas con titulación obrigatoria, que concentra case a metade deste tipo de demanda, o 48,98%. Se a este grupo se lle une o de persoas con certificado de escolaridade, apréciase unha forte concentración do 70,12%.

A porcentaxe comarcal de demandantes non parados con formación profesional é superior á provincial, mentres que nos demandantes con bacharelato e estudos universitarios a situación é a contraria.

O mesmo que sucede no caso dos demandantes parados, pódese falar dunha demanda con maior formación no nivel básico e en formación profesional, diminuíndo esta nos niveis de bacharelato e universitario.

5.2.6. Demandantes parados por tempo de busca de emprego

TÁBOA 9: Distribución dos demandantes parados segundo o sexo e a idade por tempo de busca de emprego.

		Menos de 6 meses %	De 6 meses a 1 ano %	Máis de 1 ano %	TOTAL %
Menor de 26 anos	Homes	5,73	0,82	0,36	6,90
	Mulleres	7,31	2,40	1,43	11,15
26 a 35 anos	Homes	9,10	1,74	1,07	11,91
	Mulleres	11,15	3,83	5,11	20,09
36 a 45 anos	Homes	5,78	1,07	1,48	8,33
	Mulleres	8,23	2,35	3,83	14,42
46 a 55 anos	Homes	4,75	1,07	2,30	8,13
	Mulleres	3,78	1,33	3,89	9,00
56 e máis anos	Homes	1,79	0,61	3,37	5,78
	Mulleres	1,12	0,61	2,56	4,29
TOTAL COMARCA		**58,74**	**15,85**	**25,41**	**100,00**
TOTAL PROVINCIA		**48,04**	**14,84**	**37,13**	**100,00**

A maioría dos demandantes levan menos de seis meses como demandantes de emprego, 58,74%. Na provincia este tamén é o colectivo maioritario, se ben neste caso está un 10,7% por debaixo. O grupo de demandantes entre seis meses e 1 ano mantén unha proporción similar nos dous ámbitos, mentres que a partir de 1 ano a situación é diferente e a porcentaxe provincial supera á comarcal. Unha cuarta parte dos demandantes da comarca, o 25,41% concretamente, son de longa duración, estando por debaixo da porcentaxe provincial de referencia nun 11,72%.

Nos dous primeiros grupos de demandantes predominan as mulleres de 26 a 35 anos, igual que sucede nos homes, pero cunha porcentaxe máis reducida. Nos demandantes de menos de seis meses apréciase unha concentración importante entre os 26 e 45 anos, supoñendo nas mulleres o 19,38% e nos homes o 14,88%. No intervalo de seis meses a 1 ano estas porcentaxes redúcense considerablemente, malia que se dá a mesma concentración. Neste último caso a demanda feminina supón o 6,18%, mentres que a masculina o 2,81%. Nos demandantes de longa duración esa concentración aparece nos tramos de máis idade, sobre todos nos homes de máis de 46 anos, que supoñen o 5,67%. Nas mulleres rexístrase a porcentaxe máis elevada entre os 26 e 35 anos, seguido do grupo de 46 a 55.

En todos os grupos de demandantes predomina a demanda feminina, así entre os parados de menos de seis meses, esta supón o 31,59%, fronte a dos homes, que é o 27,15%. Neste caso predominan as mulleres en todos os tramos de idade agás a partir dos 46 anos. Nos demandantes parados de longa duración, a demanda feminina supón o 16,82%, mentres que a masculina o 8,58%.

5.2.7. Demandantes por sectores económicos de procedencia

Táboa 10: *Demandantes por actividade económica.*

	PARADOS			NON PARADOS		
	Comarcal N.º	Comarcal %	Provincial %	Comarcal N.º	Comarcal %	Provincial %
Sector primario	97	4,96	2,00	93	13,56	2,78
Sector secundario	396	20,25	17,16	98	14,29	18,47
Construción	324	16,56	13,36	89	12,97	8,13
Sector servizos	887	45,35	49,08	319	46,50	54,02
Sen actividade previa	252	12,88	18,41	87	12,68	16,59
TOTAL	**1.956**	**100,00**	**100,00**	**686**	**100,00**	**100,00**

Os demandantes parados e non parados proceden maioritariamente do sector servizos e supoñen o 45,35% no primeiro caso e o 46,5% no segundo. Nos dous casos a porcentaxes provinciais son superiores, se ben nos demandantes non parados esta diferenza é máis acusada. Nos parados a porcentaxe provincial está 3,73 puntos por riba, mentres que nos non parados está un 7,52%.

Da mesma maneira, o sector secundario é o segundo en importancia cuantitativa e concentra o 20,25% dos demandantes parados e o 14,29% dos non parados. No primeiro caso supérase a porcentaxe provincial, sucedendo o contrario no segundo.

O sector da construción é o terceiro no caso dos parados, mentres que nos non parados ocupa o cuarto lugar, superando as porcentaxes provincias en ambos os casos.

Para pechar a distribución, cómpre dicir que a porcentaxe de demandantes parados procedentes do sector primario é moi reducida, o 4,96%, mentres que no dos parados esta é superior, 13,56%. Se no primeiro caso supera ao valor provincial nun 2,96%, no segundo faino nunha maior porcentaxe, o 10,78%.

Máis da metade dos demandantes da industria proceden das actividades da alimentación, o 56%. En segundo lugar, co 17%, están os procedentes do téxtil e confección. Só nestas dúas actividades concéntrase a maioría das actividades da industria, concretamente o 73%. O 27% restante repártense entre as demais actividades; predomina o grupo de demandantes das actividades da madeira, co 10%.



Gráfico 8: *Demandantes parados na industria.*

O 77% dos demandantes do sector servizos proceden de catro actividades distintas. En primeiro lugar están os do comercio, co 23%, seguido dos das administracións públicas, co 19% e as da hostalería e actividades inmobiliarias, co 18% e 17% respectivamente. O 23% que falta repártese entre o resto, predominando os demandantes dos servizos á comunidade e transporte, que mantenen a mesma porcentaxe, o 6%.



Gráfico 9: *Demandantes parados nos servizos.*

5.2.8. As dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego

Táboa 11: *Ocupacións máis demandadas.*

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Empregado administrativo	209	7,91	8,93
Muller/mozo limpeza, limpador	181	6,85	7,21
Dependente de comercio	174	6,59	8,97
Albanel	146	5,53	2,65
Embalador, empaquetador, etiquetador á man	100	3,79	1,22
Peón da construción de edificios	98	3,71	2,57
Peón da industria manufactureira	86	3,26	3,87
Camareiro	66	2,50	2,68
Traballador preparación peixe para conserva	54	2,04	0,52
Peón da industria alimentación, bebidas e tabaco	53	2,01	1,28

5.2.9. Perfil tipo dos demandantes de emprego

Táboa 12: *Perfil máis representativo.*

	PERFIL COMARCAL TIPO	PERFIL PROVINCIAL TIPO
Situación laboral	Parados con emprego anterior	Parados con emprego anterior
Sexo	Mulleres	Mulleres
Grupo idade	De 26 a 35 anos	De 26 a 35 anos
Nivel académico	Titulación ensinanza obrigatoria	Titulación ensinanza obrigatoria
Duración demanda	Menos de 6 meses	Menos de 6 meses
Sector	Servizos	Servizos
Ocupación máis demandada	**Empregado administrativo**	Dependente de comercio

5.3. OFERTAS

5.3.1. Ofertas no servizo público de emprego galego 2003. Evolución

TÁBOA 13: Número de ofertas por concellos. Ano 2003.

	TOTAL OFERTAS	TOTAL %
Lousame	74	17,41
Noia	203	47,76
Outes	107	25,18
Porto do Son	41	9,65
TOTAL COMARCA	**425**	**100,00**

TOTAL OFERTAS PROVINCIA:	**32.600**
COMARCA/PROVINCIA:	**1,30**

As 425 ofertas de emprego realizadas na comarca de Noia no ano 2003 supoñen o 1,30% das realizadas na provincia da Coruña. Case a metade delas rexístranse no concello de Noia, que agrupa o 47,76%. En segundo lugar está o concello de Outes, cunha cuarta parte, rexistrando o resto Lousame, co 17,41%, e Porto do Son, co 9,65%.

TÁBOA 14: Evolución das ofertas. Período 1999-2003. Valores absolutos e relativos.

	N.º OFERTAS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Lousame	2	4	14	46	74	100,00	250,00	228,57	60,87	146,63
Noia	15	62	149	205	203	313,33	140,32	37,58	-0,98	91,80
Outes	26	42	46	37	107	61,54	9,52	-19,57	189,19	42,43
Porto do Son	12	7	14	37	41	-41,67	100,00	164,29	10,81	35,96
TOTAL COMARCA	**55**	**115**	**223**	**325**	**425**	**109,09**	**93,91**	**45,74**	**30,77**	**66,73**
TOTAL PROVINCIA	**29.835**	**37.922**	**30.755**	**30.380**	**32.600**	**27,11**	**-18,90**	**-1,22**	**7,31**	**2,24**

O incremento de ofertas no período de referencia é bastante elevado, tras ter en conta o reducido número de ofertas coas que parte no inicio. Deste xeito, a variación media conxunta sitúase no 66,73%, cunha evolución caracterizada polos elevados incrementos que soporta, aínda que estes se van reducindo a medida que pasa o tempo.

Todos os concellos sen excepción sinalan valores positivos de variación media que denotan o seu crecemento. O concello que máis crece é o de Lousame, seguido do de Noia, con variacións medias de 146,83% e 91,8%. Malia todo, a evolución e dimensión destes dous é diferente: destacan no primeiro uns fortes incrementos ata o ano 2002, facéndose menos notorio en termos relativos ao ano seguinte, cando se rexistra a variación interanual máis baixa, o 60,87%. En Noia hai forte crecemento, moderándose progresivamente ata o 2002 e descendendo no último ano, onde a variación interanual é de -0,98%.

En Outes e Porto do Son mantense o crecemento; a diferenza máis significativa rexístrase no ano 2003. Se no 2002 ambos os concellos mantiñan o mesmo número de ofertas, 37, no ano seguinte Outes chega ás 107, mentres que o Son realiza 41. Isto compróbase se temos en conta as variacións interanuais de 2003, que son de 189,19% para o primeiro e de 10,81% para o segundo.

Facendo unha comparativa entre a evolución do concello de Noia e o resto de concellos da comarca, pódese observar que o número de ofertas é máis alto no primeiro entre os anos 2000 e 2002, descendendo levemente o seu número en 2003. Esta situación provoca que no último ano o resto de concellos se sitúe por riba de Noia en número de ofertas, situación que non se daba desde o ano 1999.



Gráfico 10: *Evolución do número de ofertas dos concellos da comarca.*

5.3.2. Ofertas segundo os sectores de actividade económica.

Táboa 15: *Distribución das ofertas por concellos segundo os sectores económicos. Valores absolutos e relativos en relación co total da comarca.*

	PRIMARIO		SECUNDARIO		CONSTRUCIÓN		SERVIZOS	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Outes	3	25,00	8	42,11	2	1,38	94	37,75
Lousame	6	50,00	1	5,26	59	40,69	8	3,21
Porto do Son	2	16,67	2	10,53	8	5,52	29	11,65
Noia	1	8,33	8	42,11	76	52,41	118	47,39
TOTAL COMARCA	**12**	**100,00**	**19**	**100,00**	**145**	**100,00**	**249**	**100,00**
TOTAL PROVINCIA	**338**		**3.112**		**5.814**		**23.331**	

O sector servizos é o que promove a maior parte das ofertas, o 59%. En segundo lugar está o da construción, co 34%, mantendo o primario e secundario un número bastante reducido.

O concello de Noia rexistra practicamente a metade das ofertas dos sectores da construción e servizos, 52,41% e 47,39% respectivamente. No sector servizos aparece en segundo lugar o concello de Outes, co 37,75%, mentres que no sector da construción está o concello de Lousame, co 40,69% das ofertas do sector. No sector da construción Outes só rexistra dúas ofertas. Este concello rexistra o mesmo número de ofertas no sector secundario que o concello de Noia.



Gráfico 11: *Distribución porcentual das ofertas por sectores económicos.*

Cómpre dicir que no sector secundario só se rexistran 19 ofertas de emprego, pertencendo 6 delas ás actividades de alimentación e 5 ás de madeira. O resto repártense entre as demais actividades.

GRÁFICO 12: *Distribución porcentual das ofertas nos servizos.*



Máis da metade das ofertas dos servizos proceden das administracións públicas, que supoñen o 56%. En segundo lugar, a moita distancia, están as realizadas pola hostalería, o 11%, seguidas das do comercio co 9%. O 24% que falta repártese entre o resto, prevalecendo as ofertas de servizos á comunidade e actividades inmobiliarias, co 6% e 5% respectivamente.

TÁBOA 16: *Evolución das ofertas por sectores económicos.*

	1999	2000	2001	2002	2003
Primario	3	1	5	8	12
Secundario	29	7	23	25	19
Construción	4	27	81	137	145
Servizos	19	80	114	155	249
TOTAL COMARCA	**55**	**115**	**223**	**325**	**425**
TOTAL PROVINCIA	**29.835**	**37.922**	**30.755**	**30.380**	**32.600**

Agás o sector secundario, que perde dez ofertas, dende o inicio ata o final do período, no resto increméntanse estas, en maior medida no sector da construción.

O sector da construción amosa unha variación media de 145,37%, sumando 141 ofertas máis que en 1999. Neste sector prodúcense fortes incrementos, moderando o crecemento ao longo do período.

O segundo sector que sinala maior crecemento é o de servizos, variación media de 90,27%. Neste sector aumentan fortemente as ofertas no ano 2000, ralentizándose o crecemento ata o 2002 e recuperándose de novo no 2003, cando rexistra unha variación interanual de 60,65%, a máis elevada en todos os sectores.

No sector primario prodúcese un incremento moderado pasando das tres ofertas de 1999 ás 12 de 2003.

5.3.3. Perfil básico das ofertas

GRÁFICO 13: *Ofertas por sexo segundo o sector económico da comarca.*



O 11,53% das ofertas realizadas na comarca teñen en conta o sexo á hora de contratar, mentres que no 85,64% o criterio do sexo é indiferente. A esixencia de homes á hora de contratar prodúcese en diversas actividades, sobre todo nas da construción, madeira, alimentación e agricultura e forestal. No caso das mulleres ofértanse prazas para hostalería e servizos á comunidade, é dicir, no sector servizos primordialmente.

O 11,53% das ofertas realizadas na comarca de Noia esixen un determinado nivel académico para exercer o posto de traballo. Dentro destas, un 42,86% solicitan ter estudos de formación profesional, e un 24,49% estudos universitarios.



Gráfico 14: *Ofertas por nivel académico da comarca.*

As administracións públicas son as que realizan maior número de ofertas con esixencia dalgún determinado perfil académico. Neste caso aparecen 15 ofertas nas que se solicitan tituladas de formación profesional e 10 nas que se solicitan tituladas universitarios. Na construción esíxese a titulación obrigatoria en 6 ofertas.

5.3.4. Análise ocupacional das ofertas

Táboa 17: *Ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores.*

	1999	2000	2001	2002	2003
Traballador espazos naturais	0	4	4	4	83
Albanel	3	14	22	34	30
Escaiolista	0	0	0	11	25
Peón de albanel/Peón de obras públicas	0	5	32	32	24
Encofrador	0	2	22	11	20
Camareiro - Barman	3	4	10	17	19
Axente comercial / Vendedor	1	6	21	19	14
Auxiliar administrativo	0	0	0	1	12
Administrativo	0	0	2	2	10
Pintor/Colorista	0	1	0	10	10

A ocupación máis ofertada polos centros colaboradores é a de traballador de espazos naturais, que, tras rexistrar catro ofertas dende o 2000 ata o 2002, incrementa en grande medida estas ata situarse nas 83 de 2003. En segundo lugar está a de albanel, que amosa un crecemento de 77,83% en conxunto no período de referencia, malia experimentar un lixeiro retroceso no último ano. Séguenlle as ocupacións de escaiolista e peón de albanel, que cun número similar de ofertas mostran tendencias opostas. A primeira aparece no 2002, duplicando o número de ofertas ao ano seguinte, mentres que na segunda se mantén un número superior destas no 2001 e 2002 ao recollido no último ano.

Por outra banda, tamén hai que sinalar que non se recolle ningunha oferta das oficinas de emprego na comarca de Noia.

5.4. CONTRATOS

5.4.1. Número de contratos no ámbito comarcal e municipal

TÁBOA 18: Número de contratos na comarca e nos concellos. Ano 2003.

	CONTRATOS 2003	
	N.º	%
LOUSAME	444	12,04
NOIA	1.778	48,21
OUTES	600	16,27
PORTO DO SON	866	23,48
TOTAL COMARCA	**3.688**	**100,00**
TOTAL PROVINCIA	**310.890**	**1,19**

Na comarca de Noia rexistráronse no ano 2003 un total de 3.688 contratos de traballo, realizándose case a metade deles no concello de Noia. En segundo lugar, con aproximadamente un cuarto destes, está o concello de Porto do Son. Séguelle o concello de Outes, co 16,27%, e pecha a distribución o de Lousame, co 12,04%.

TÁBOA 19: Evolución do número de contratos no ámbito comarcal. Variacións anuais. 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA %
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
LOUSAME	224	306	386	322	444	36,61	26,14	-16,58	37,89	18,65
NOIA	1.406	1.575	1.366	1.715	1.778	12,02	-13,27	25,55	3,67	6,04
OUTES	505	439	494	465	600	-13,07	12,53	-5,87	29,03	4,40
PORTO DO SON	667	595	545	646	866	-10,79	-8,40	18,53	34,06	6,75
TOTAL COMARCA	**2.803**	**2.915**	**2.791**	**3.148**	**3.688**	**4,00**	**-4,25**	**12,79**	**17,15**	**7,10**
TOTAL PROVINCIA	**268.271**	**281.551**	**280.779**	**292.423**	**310.890**	**4,95**	**-0,27**	**4,15**	**6,32**	**3,75**

A contratación comarcal increméntase considerablemente e amosa unha variación media de 7,10%, co cal case dobra a experimentada pola provincia. A evolución da contratación é alcista, malia rexistrar unha pequena regresión en 2001, cunha variación interanual de -4,25%, bastante superior á experimentada na provincia. A partir dese ano prodúcese un crecemento contractual que rematará no último ano mantendo unha variación interanual de 17,15%, a máis elevada de todo o período.

Todos os concellos incrementan a contratación, sendo o que máis o de Lousame, que case dobra o número de contratos do inicio. O concello de Noia presenta unha traxectoria descontinua e soporta unhas fortes oscilacións nos anos 2001, cando descende de xeito importante, variación interanual de -13,27%, e no 2002, cando incrementa a contratación nun 25,55%. Remata o período cun crecemento moderado, obtendo ao final unha variación media de 6,04%,

Nos concellos de Outes e Porto do Son rexístranse variacións medias de 4,4% e 6,75% respectivamente, con diferentes tendencias na súa evolución. Nestes concellos intercálanse valores de crecemento e regresión, rematando ambos cun crecemento bastante elevado, o 29,03% en Outes e o 34,06% no Son.

5.4.2. Contratación comarcal segundo o sexo e a idade

TÁBOA 20: Distribución da contratación comarcal segundo o sexo e a idade. Ano 2003.

	N.º CONTRATOS			% CONTRATOS		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Menos de 26 anos	846	479	1.325	22,94	12,99	35,93
De 26 a 35 anos	709	460	1.169	19,22	12,47	31,70
De 36 a 45 anos	393	296	689	10,66	8,03	18,68
De 46 a 55 anos	257	125	382	6,97	3,39	10,36
De 56 e máis anos	86	37	123	2,33	1,00	3,34
TOTAL COMARCA	**2.291**	**1.397**	**3.688**	**62,12**	**37,88**	**100,00**
TOTAL PROVINCIAL	**166.028**	**144.862**	**310.890**	**53,40**	**46,60**	**100,00**

Na comarca predomina a contratación masculina, mantendo o 62,12% desta e superando a porcentaxe provincial en 8,72 puntos. O perfil máis frecuente nas persoas contratadas é o de menores de 26 anos, que representan o 35,93%. Se temos en conta a contratación ata os 35 anos, pódese apreciar unha concentración desta moi elevada, o 67,63%. A partir desa idade a contratación descende de forma gradual, supoñendo os maiores de 55 anos tan só o 3,34%.

En ambos os dous sexos as porcentaxes masculinas superan ás femininas, chegando nalgún dos casos a duplicalas. Tamén se aprecia como a medida que se incrementa a idade descende a porcentaxe de contratación. Os homes menores de 26 anos supoñen o 22,94%, superando á porcentaxe feminina en 9,95 puntos porcentuais. Se agrupamos a contratación ata os 35 anos, concéntrase nos homes o 42,16%, mentres que nas mulleres o 25,46%. Entre os 36 e 45 anos é onde se observan as diferenzas máis pequenas na contratación entre sexos, mentres que a partir de aí a contratación masculina dobra á feminina.

TÁBOA 21: Evolución do número de contratos da comarca segundo o sexo. Período 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Homes	1.998	1.976	1.849	2.004	2.291	-1,10	-6,43	8,38	14,32	3,48
Mulleres	804	939	942	1.144	1.397	16,79	0,32	21,44	22,12	14,81
TOTAL CONTRATOS	**2.802**	**2.915**	**2.791**	**3.148**	**3.688**	**4,03**	**-4,25**	**12,79**	**17,15**	**7,11**

Mentres nos homes hai un crecemento inferior ao conseguido no nivel comarcal, nas mulleres o crecemento relativo duplícase. Ambos os colectivos presentan variacións medias de 3,48% e 14,81% respectivamente. Nos homes percíbese unha regresión contractual nos dous primeiros intervalos, mentres que no resto deles crece progresivamente a contratación. Pola contra, no caso das mulleres rexístranse fortes incrementos todos os intervalos, agás en 2000-2001, cando se mantén practicamente o número de contratos do ano anterior. As variacións interanuais apreciadas na contratación feminina son moi superiores ás dos homes, duplicando ou triplicando a estas.

GRÁFICO 15: Evolución da distribución da contratación comarcal segundo o sexo. Período 1999-2003. Valores proporcionais.



No gráfico observamos dúas tendencias opostas: a contratación masculina descende e a feminina aumenta de forma proporcional. Se en 1999 os homes superaban ás mulleres nun 42,71%, no ano 2003 esta diferenza sitúase no 24,24%.

TÁBOA 22: Evolución do número de contratos da comarca segundo a idade. Período 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Menor de 26 anos	1.064	1.025	1.006	1.150	1.325	-3,67	-1,85	14,31	15,22	5,64
De 26 a 35 anos	896	988	911	984	1.169	10,27	-7,79	8,01	18,80	6,88
De 36 a 45 anos	438	490	505	595	689	11,87	3,06	17,82	15,80	11,99
De 46 a 55 anos	291	281	269	295	382	-3,44	-4,27	9,67	29,49	7,04
De 56 e máis anos	113	131	100	124	123	15,93	-23,66	24,00	-0,81	2,14
TOTAL CONTRATOS	**2.802**	**2.915**	**2.791**	**3.148**	**3.688**	**4,03**	**-4,25**	**12,79**	**17,15**	**7,11**

En todos os tramos de idade existe un crecemento contractual, máis elevado entre os 36 e 45 anos, cando se presenta unha variación media de 11,99%. Neste caso apréciansе uns valores de incremento similares todos os anos agás en 2001, ano no que este é menor, cunha variación interanual de 3,06%. O resto de tramos crecen de maneira similar, agás os maiores de 55 anos, que aumentan de maneira máis reducida, como se pode ver na variación media de 2,14%. Neste caso altérnanse valores de crecemento e regresión, bastante acusados nos anos intermedios, rematando no ano 2003 cun pequeno retroceso de -0,81%.

No resto de idades apréciase unha evolución descontinua; rexístranse descensos nalgún dos dous primeiros tramos ou en ambos e incrementos en todos na contratación nos dous últimos, sobre todo en 2003.

5.4.3. Contratación comarcal segundo os sectores económicos

TÁBOA 23: Distribución da contratación por sectores/subsectores económicos.

	CONTRATOS 2003	
	N.º	%
SECTOR PRIMARIO	**233**	**6,32**
Agricultura e pesca	233	6,32
SECTOR SECUNDARIO	**431**	**11,69**
Industria	408	11,06
Electricidade	23	0,62
SECTOR CONSTRUCIÓN	**1.062**	**28,80**
Construción	1.062	28,80
SECTOR SERVIZOS	**1.962**	**53,20**
Comercio e hostalería	788	21,37
Transporte e comunicacións	65	1,76
Outros servizos	1.109	30,07
TOTAL CONTRATOS	**3.688**	**100,00**

Máis da metade da contratación realizada na comarca de Noia procede do sector servizos, que concentra o 53,20%. Neste mesmo predomina a realizada no subsector de outros servizos, co 30,07%, e a do comercio e hostalería, co 21,37%. O subsector de transporte e comunicacións só rexistra o 1,76%.

O segundo sector en importancia cuantitativa é o da construción, que co 28,80% supera con moito ao resto de sectores. Séguelle por orde o sector secundario, co 11,69%, rexistrando case todos os contratos na industria. Conclúe a distribución o sector primario, co 6,32%.

Dentro da industria dúas actividades concentran a metade da contratación: a do téxtil, co 27%, e a da alimentación, co 23% dos contratos. En terceiro lugar están os contratos realizados en actividades da madeira, co 15%, mentres que os de fabricación de material de transporte supoñen o 13%. O 22% que falta realízase no resto de actividades, prevalecendo co 8% os contratos da metalurxia.



Gráfico 16: *Distribución porcentual da contratación na industria.*

No sector servizos tres actividades comparten un peso similar, agrupando conxuntamente o 70% da contratación. Nun primeiro lugar están os contratos procedentes das administracións públicas, que supoñen o 25%, seguido dos de servizos á comunidade e comercio, co 23% e 22% respectivamente. O 30% que falta agrupa o resto, prevalecendo a contratación de 12% realizada na hostalería.



Gráfico 17: *Distribución porcentual da contratación nos servizos.*

Táboa 24: *Distribución porcentual da contratación comarcal segundo sectores/subsectores económicos por sexo e idade. Ano 2003.*

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e mais
SECTOR PRIMARIO	**4,04**	**2,28**	**1,19**	**1,84**	**1,79**	**1,33**	**0,16**
Agricultura e pesca	4,04	2,28	1,19	1,84	1,79	1,33	0,16
SECTOR SECUNDARIO	**5,56**	**6,13**	**3,47**	**3,39**	**2,90**	**1,30**	**0,62**
Industria	5,10	5,97	3,34	3,28	2,63	1,19	0,62
Electricidade	0,46	0,16	0,14	0,11	0,27	0,11	0,00
SECTOR CONSTRUCIÓN	**27,39**	**1,41**	**12,66**	**7,65**	**4,56**	**2,87**	**1,06**
Construción	27,39	1,41	12,66	7,65	4,56	2,87	1,06
SECTOR SERVIZOS	**25,14**	**28,06**	**18,60**	**18,82**	**9,44**	**4,85**	**1,49**
Comercio e hostalería	8,68	12,69	9,71	6,86	3,09	1,30	0,41
Transporte e comunicacións	1,36	0,41	0,19	0,54	0,38	0,60	0,05
Outros servizos	15,10	14,97	8,70	11,42	5,97	2,96	1,03
TOTAL CONTRATOS	**62,12**	**37,88**	**35,93**	**31,70**	**18,68**	**10,36**	**3,34**

Á hora de realizar a análise da distribución contractual en función dos sectores económicos, cómpre dicir que no sector primario e no da construción predomina a contratación masculina, facéndoo neste segundo de forma case absoluta. Nos sectores secundario e servizos predomina a contratación feminina, pero de forma moi moderada. Máis dunha cuarta parte da contratación correspóndelles aos homes nos sectores de construción e servizos, que supoñen o 27,39% e 25,14%. Pola contra, nas mulleres a contratación no sector servizos é de 28,06%, que se divide en partes similares entre o comercio e hostalería e outros servizos. A contratación feminina no resto de sectores só supón o 9,82%, destacando a do sector secundario, co 6,13%.

Segundo a distribución por idades, existe unha concentración bastante elevada da contratación ata os 35 anos en todos os sectores, diminuíndo esta de forma gradual a medida que se incrementa a idade.

O 18,82% da contratación realizase a traballadores de entre 26 e 35 anos no sector servizos, sendo lixeiramente inferior no tramo anterior ao agrupar o 18,6%. Mentres que entre os menores de 26 anos é máis frecuente a contratación no subsector de comercio e hostalería, entre os 26 e 35 anos prevalece o subsector de outros servizos. No subsector de transporte a porcentaxe de contratación é moi reducida en todos os tramos de idade.

Un 12,66% da contratación correspóndelles aos menores de 26 anos situados no sector da construción, que dominan con diferenza por riba dos demais tramos. Se agrupamos a contratación neste sector ata os 35 anos a concentración é bastante elevada, o 20,31%.

No sector secundario a contratación dáse maioritariamente no subsector da industria, repartíndose en proporcións similares nos dous primeiros tramos de idade. Porén, no sector primario esta agregación ten lugar entre os 26 e 45 anos.

Táboa 25: *Evolución da contratación comarcal segundo os sectores e subsectores económicos. Período 1999-2003.*

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
SECTOR PRIMARIO	**275**	**228**	**142**	**147**	**233**	**-17,09**	**-37,72**	**3,52**	**58,50**	**-4,06**
Agricultura e pesca	275	228	142	147	233	-17,09	-37,72	3,52	58,50	-4,06
SECTOR SECUNDARIO	**482**	**429**	**455**	**508**	**431**	**-11,00**	**6,06**	**11,65**	**-15,16**	**-2,76**
Industria	460	421	444	486	408	-8,48	5,46	9,46	-16,05	-2,95
Electricidade	22	8	11	22	23	-63,64	37,50	100,00	4,55	1,12
S. CONSTRUCIÓN	**641**	**806**	**827**	**916**	**1.062**	**25,74**	**2,61**	**10,76**	**15,94**	**13,45**
Construción	641	806	827	916	1.062	25,74	2,61	10,76	15,94	13,45
SECTOR SERVIZOS	**1.404**	**1.452**	**1.367**	**1.525**	**1.962**	**3,42**	**-5,85**	**11,56**	**28,66**	**8,73**
Comercio e hostalería	647	735	665	737	788	13,60	-9,52	10,83	6,92	5,05
Transporte e comunicacións	52	53	105	76	65	1,92	98,11	-27,62	-14,47	5,74
Outros servizos	705	664	597	712	1.109	-5,82	-10,09	19,26	55,76	11,99
TOTAL CONTRATOS	**2.802**	**2.915**	**2.791**	**3.148**	**3.688**	**4,03**	**-4,25**	**12,79**	**17,15**	**7,11**

O sector da construción amosa o crecemento máis elevado en todo o período de referencia, tras unha variación media de 13,45%. Este sector inicia o período cun forte crecemento, variación interanual en 2000 de 25,74%, mantendo ao ano seguinte un número lixeiramente superior de contratos e incrementándose a partir de aí de forma constante, obtendo en 2003 unha variación interanual de 15,94%.

No sector servizos rexístrase unha variación media de 8,73%. Neste mesmo pódese apreciar como os subsectores de comercio e transporte medran nunha medida similar mentres que o de outros servizos dobra o crecemento destes cunha variación media de 11,99%. O sector servizos soporta no 2001 unha regresión contractual, como se pode ver na variación interanual dese ano, o -5,85%. No resto dos anos aumenta a contratación, dunha maneira máis acusada en 2003, onde a variación interanual chega ao 28,66%. Nos subsectores de comercio e outros servizos descende a contratación nos primeiros anos, aumentando despois de maneira considerable, sobre no último, que en 2003 presenta unha variación interanual moi elevada, o 55,76%. No subsector de transporte e comunicacións a tendencia é a inversa, descendendo a contratación considerablemente nos dous últimos anos.

Os sectores primario e secundario perden contratos, variacións medias respectivas de -4,06% e -2,76%, presentando valores de crecemento e regresión. Estes dous rematan o período cun forte incremento no caso do primario, variación interanual en 2003 de 58,50%, mentres que o secundario perde contratos nun -15,16%.

5.4.4. Tipoloxía da contratación laboral

A contratación temporal predomina con diferenza na comarca de Noia, supoñendo nas dúas modalidades, a tempo completo e parcial, o 83% do total. En segundo lugar prevalece a contratación en prácticas, co 8%; a indefinida só supón o 5%.



Gráfico 18: *Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contratos. Ano 2003.*

Táboa 26: *Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contrato por sexo e idade. Ano 2003.*

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
Indefinido	2,28	1,25	0,52	1,03	0,73	0,95	0,30
Indefinido tempo parcial	0,27	0,81	0,27	0,24	0,27	0,27	0,03
Temporal	45,82	20,39	21,58	22,83	12,91	6,75	2,14
Temporal tempo parcial	5,23	11,66	6,29	5,75	3,04	1,27	0,54
Prácticas/Formación	4,99	3,17	7,02	0,52	0,49	0,11	0,03
Outros	3,52	0,60	0,24	1,33	1,25	1,00	0,30
TOTAL CONTRATOS	**62,12**	**37,88**	**35,93**	**31,70**	**18,68**	**10,36**	**3,34**

O 45,82% da contratación fáiselles a homes baixo a fórmula temporal a tempo completo. No mesmo tipo a contratación feminina supón menos da metade, o 20,39%. En todas as fórmulas de contratación predominan os contratos masculinos agás nas modalidades a tempo parcial, onde os femininos dobran aos masculinos. Mentres que nos homes a segunda fórmula máis utilizada e a temporal a tempo parcial, co 5,23%, nas mulleres é a mesma, pero co 11,66%.

Nos menores de 36 anos concéntrase a maior parte da contratación, o 44,41%, baixo a fórmula temporal a tempo completo, prevalecendo moderadamente a contratación entre os 26 e 35 anos. Esta situación é similar na contratación temporal a tempo parcial, que agrupa o 12,04% no mesmo intervalo, se ben neste caso predomina a contratación de menores de 26 anos.

A contratación en prácticas realízase case sempre entre os menores de 26 anos, que supón o 7,02%. Na indefinida prevalece o perfil de 26 a 35 anos, mentres que na mesma fórmula a tempo parcial aparece unha distribución bastante regular ata os 55 anos.

Táboa 27: *Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contrato por sectores económicos. Ano 2003.*

	PRIMARIO	SECUNDARIO			CONSTRUCIÓN	SERVIZOS			
	Agr.,Gand.	Industr.	Electric.	Total	Construc.	Comerc.	Transp.	Outros	Total
Indefinido	0,14	0,84	0,00	0,84	0,79	1,25	0,22	0,30	1,76
Indefinido tempo parcial	0,00	0,11	0,00	0,11	0,03	0,65	0,05	0,24	0,95
Temporal	5,18	7,89	0,62	8,51	23,48	10,57	1,38	17,08	29,04
Temporal tempo parcial	0,98	1,41	0,00	1,41	1,41	6,40	0,11	6,59	13,10
Prácticas/Formación	0,03	0,81	0,00	0,81	3,09	2,47	0,00	1,76	4,23
Outros	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,03	0,00	4,09	4,12
TOTAL CONTRATOS	**6,32**	**11,06**	**0,62**	**11,69**	**28,80**	**21,37**	**1,76**	**30,07**	**53,20**

O sector servizos mantén as porcentaxes máis altas de contratación en todos os sectores. O 29,04% da contratación do sector servizos é temporal; predomina no subsector de outros servizos. Por outra banda este sector ocupa unha parte moi elevada da contratación temporal a tempo parcial, supoñendo o 13,10% e repartíndose en partes similares entre o subsector de comercio e outros servizos. Tamén cómpre dicir que a metade da contratación en prácticas se rexistra neste sector.

No sector da construción a contratación temporal a tempo completo é case absoluta, xa que representa o 23,48%; en segundo lugar está a contratación en prácticas, co 3,09%.

Nos sectores primario e secundario a contratación temporal a tempo completo predomina dunha forma notoria, estando en segundo lugar a mesma fórmula a tempo parcial.

Táboa 28: *Evolución da contratación comarcal segundo a tipoloxía de contratos. Período 1999-2003.*

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Indefinido	396	287	189	219	130	-27,53	-34,15	15,87	-40,64	-24,31
Indefinido tempo parcial	48	49	41	61	40	2,08	-16,33	48,78	-34,43	-4,46
Temporal	1.476	1.648	1.664	1.957	2.442	11,65	0,97	17,61	24,78	13,41
Temporal tempo parcial	466	571	544	536	623	22,53	-4,73	-1,47	16,23	7,53
Prácticas/Formación	264	204	204	239	301	-22,73	0,00	17,16	25,94	3,33
Outros	152	156	149	136	152	2,63	-4,49	-8,72	11,76	0,00
TOTAL CONTRATOS	**2.802**	**2.915**	**2.791**	**3.148**	**3.688**	**4,03**	**-4,25**	**12,79**	**17,15**	**7,11**

A contratación temporal e en prácticas medra mentres que a indefinida diminúe, sobre todo a tempo completo, onde se rexistra unha variación media negativa de -24,31%. Neste caso temos unha evolución negativa caracterizada polas fortes regresións que soporta, agás no ano 2002, cando rexistra unha variación interanual de 15,87%, descendendo ao seguinte ano da maneira máis drástica, cunha variación interanual de -40,64%. A indefinida a tempo parcial diminúe en menor medida (variación media -4,46%) ofrecendo unha evolución descontinua con fortes incrementos e regresións.

A variación media de 13,41% establece a contratación temporal a tempo completo como a fórmula que maior crecemento amosa. Neste caso observamos fortes incrementos, o máis elevado en 2003 cando se rexistra unha variación interanual de 24,78%. Na modalidade a tempo parcial prodúcese unha variación media de 7,53%, decrecendo a contratación nos anos intermedios e medrando nos anos 2000 e 2003.

5.4.5. Grandes grupos de ocupación na contratación laboral

TÁBOA 29: Distribución da contratación por grandes grupos de ocupación segundo o sexo. Ano 2003.

	CONTRATOS	
	Nº	%
1. Dirección de empresas e administracións públicas	**11**	**0,30**
HOMES	7	0,19
MULLERES	4	0,11
2. Técnicos profesionais, científicos e intelectuais	**246**	**6,67**
HOMES	169	4,58
MULLERES	77	2,09
3. Técnicos e profesionais de apoio	**204**	**5,53**
HOMES	128	3,47
MULLERES	76	2,06
4. Empregados de tipo administrativo	**171**	**4,64**
HOMES	28	0,76
MULLERES	143	3,88
5. Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio	**635**	**17,22**
HOMES	189	5,12
MULLERES	446	12,09
6. Traballadores cualificados na agricultura e pesca	**158**	**4,28**
HOMES	112	3,04
MULLERES	46	1,25
7. Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería	**1.094**	**29,66**
HOMES	920	24,95
MULLERES	174	4,72
8. Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	**211**	**5,72**
HOMES	154	4,18
MULLERES	57	1,55
9. Traballadores non cualificados	**958**	**25,98**
HOMES	584	15,84
MULLERES	374	10,14
TOTAL CONTRATOS	**3.688**	**100,00**
TOTAL HOMES	**2.291**	**62,12**
TOTAL MULLERES	**1.397**	**37,88**

Na comarca de Noia obsérvase unha concentración bastante importante da contratación en tres dos grupos sinalados na táboa, agrupando conxuntamente case as tres cuartas partes da contratación, o 72,86%. Este grupos son os de:

- Artesáns e traballadores cualificados na industria manufactureira, construción e minería, co 29,66% da contratación.
- Traballadores non cualificados, 25,98%.
- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio, 17,22%.

Tendo en conta o xénero, sinálanse a continuación os catro grupos de maior contratación por xénero:

Grupos de ocupación cunha maior contratación masculina	Grupos de ocupación cunha maior contratación feminina
• Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería; 24,95% da contratación. • Traballadores non cualificados; 15,84% • Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio; 5,12% • Técnicos profesionais, científicos e intelectuais; 4,58%.	• Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio; 12,09% • Traballadoras non cualificadas; 10,14% • Artesás/traballadores cualificadas industria manufactureira, construción e minería; 4,72%. • Empregadas de tipo administrativo; 3,88%.

En todos os grupos predomina a contratación masculina agás en dous:

- Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio; superioridade da contratación feminina nun 6,97%.
- Empregadas de tipo administrativo, a contratación feminina supera á masculina nun 3,12%.

A maiores de delimitar os grupos pola súa importancia cuantitativa, tamén cómpre diferenciar a evolución que experimentan estes segundo a variación media no período de referencia. Xa que logo, diferéncianse a continuación os grupos que presentan maior crecemento:

- Dirección de empresas e administracións públicas; variación media de 28,78%. Cómpre dicir que este grupo ten unha presenza relativa no 2003, xa que só rexistra 11 contratos.
- Técnicos e profesionais de apoio, variación media de 11,50%.
- Traballadores non cualificados, 10,70%.
- Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería; 10,12%.

Pola contra, só un dos grupos presenta unha regresión contractual. Este é o de traballadores cualificados na agricultura e pesca co -8,25% de variación media.

Se a maiores da distribución dos grupos con maior crecemento e regresión se ten en conta o xénero, pódese observar que os grupos onde máis medra a contratación de homes son os de:

- Dirección de empresas e administracións públicas; variación media de 36,78%.
- Técnicos e profesionais de apoio; 10,78%.
- Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería; 7,65%.

Os grupos onde aumenta en maior medida a contratación de mulleres son:

- Operadoras de instalacións e maquinaria, e montadoras; variación media de 37,38%.
- Artesás/traballadoras cualificadas industria manufactureira, construción e minería; 31,05%.
- Traballadoras non cualificadas; 28,07%.

En canto aos grupos que presentan maior regresión contractual de homes no período de referencia, os que experimentan a maior regresión son os de:

- Traballadores cualificados na agricultura e pesca; variación media de -12,83%.
- Empregados de tipo administrativo; -8,53%.

Para concluír, debemos dicir que non aparece ningún grupo onde diminúa a contratación de mulleres durante o período de referencia.

5.4.6. Ocupacións máis contratadas

Táboa 30: *As dez ocupacións máis contratadas na comarca. Ano 2003.*

		TOTAL		HOMES		MULLERES		RATIO
CNO	OCUPACIÓNS	N.º	%	N.º	%	N.º	%	MASCUL.[1]
71100016	Albanel	514	13,94	501	21,87	13	0,93	97,47
97000011	Peón da industria manufactureira	339	9,19	229	10,00	110	7,87	67,55
53300010	Dependente de comercio	214	5,80	30	1,31	184	13,17	14,02
96020014	Peón da construción de edificios	171	4,64	160	6,98	11	0,79	93,57
25130104	Músico instrumentista	150	4,07	129	5,63	21	1,50	86,00
50200018	Camareiro	138	3,74	50	2,18	88	6,30	36,23
93510013	Mozo de recolla de lixo	131	3,55	55	2,40	76	5,44	41,98
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador	112	3,04	22	0,96	90	6,44	19,64
42100010	Empregado administrativo	78	2,11	13	0,57	65	4,65	16,67
63230055	Mariñeiro de pesca	75	2,03	63	2,75	12	0,86	84,00
	TOTAL	**1.922**	**52,11**	**1.252**	**54,65**	**670**	**47,96**	**65,14**

(1) Ratio de Masculinidade = (N.º de contratos realizados a homes/ N.º total de contratos) x 100

O 52,11% da contratación concéntrase nas dez ocupacións sinaladas na táboa 30, predominando as de albanel, co 13,94%; a de peón da industria manufactureira, co 9,19%; e dependente de comercio, co 5,80%. O número de contratos realizados aos homes no 2003 case duplica ao das mulleres, apreciándose unha ratio de masculinidade de 65,14%.

As ocupacións con maior contratación masculina son as de albanel, peón da industria manufactureira, e peón da construción de edificios. En cambio a maior contratación feminina rexístrase nas de dependenta de comercio, peón da industria manufactureira, e muller/mozo de limpeza, limpador.

Nas ocupacións de albanel, peón da construción de edificios, músico instrumentista e mariñeiro de pesca hai unha forte presenza da contratación masculina, xa que acadan ratio de masculinidade por riba do 80%.

Pola contra, a de dependenta de comercio, seguida da de empregado administrativa e muller/mozo de limpeza, teñen unha maior presenza feminina, debido a que a súa ratio sitúase por baixo do 20%.

Táboa 31: *Evolución das dez ocupacións máis contratadas entre 1999 e 2003.*

CNO	OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS	1999	2000	2001	2002	2003
71100016	Albanel	314	401	355	433	514
97000011	Peón da industria manufactureira	202	244	212	155	339
53300010	Dependente de comercio	149	184	189	221	214
96020014	Peón da construción de edificios	164	170	181	222	171
25130104	Músico instrumentista	137	152	140	131	150
50200018	Camareiro	125	115	87	139	138
93510013	Mozo de recollida de lixo	0	0	0	2	131
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador	73	85	75	83	112
42100010	Empregado administrativo	108	118	108	103	78
63230055	Mariñeiro de pesca	179	94	5	54	75
86300016	CONDUTOR DE CAMIÓN	64	64	60	67	58

Oito das ocupacións anteriores mantéñense todos os anos entre as máis contratadas, agás as de mozo da recollida de lixo, mariñeiro e condutor de camión. Cómpre resaltar como a ocupación de mozo da recollida de lixo entra por primeira vez na distribución no ano 2003 tras só rexistrar dúas ofertas no ano 2002 e ningunha anteriormente. No caso de mariñeiro de pesca e condutor de camión entran e saen da distribución, desaparecendo esta última no ano 2003.

A ocupación de albanel, a máis contratada en 2003, amosa un crecemento contractual continuado, agás no 2001, cando sofre un retroceso de -11,47%, segundo a variación interanual dese ano. Na ocupación de peón da industria manufactureira apréciase unha diminución contractual nos anos 2001 e 2002, recuperándose fortemente no ano 2003, onde a variación interanual é de 118,71%, o que leva esta ocupación a amosar un saldo positivo de variación media. Nas dúas ocupacións seguintes, dependente e peón da construción, dáse unha tendencia de crecemento continuo ata o 2002, descendendo a contratación no 2003, de maneira máis acusada na segunda.

Tendo en consideración as variacións medias de referencia, pódese dicir que as ocupacións que presentan maior crecemento son as seguintes:

- Peón da industria manufactureira; variación media de 13,82%.
- Albanel; variación media de 13,11%.
- Muller/mozo da limpeza; 11,29%.

Porén, só tres ocupacións amosan un saldo negativo de variación media que denota a regresión contractual que está a padecer, estas son as de:

- Mariñeiro de pesca; variación media de -19,55%.
- Empregado administrativo; variación media de -7,81%
- Condutor de camión; -2,43%.



Comarca do Sar

5.1. TECIDO EMPRESARIAL

5.1.1. Tecido empresarial comarcal. Situación actual

A comarca do Sar presenta no ano 2003 un tecido empresarial caracterizado polo predominio do sector servizos en todos os niveis de análise, isto é, número de empresas, traballadores por conta allea e autónomos. Onde se aprecia a concentración máis elevada neste sector é no caso dos traballadores autónomos.

A maior parte das empresas da comarca pertencen ao sector servizos, que integra o 63,5%. Neste sector a porcentaxe de empresas pertencentes ao subsector de comercio e hostalería é moi elevada, o 40,17%. En segundo lugar está o subsector de outros servizos, co 18%, mentres que o de transporte só supón o 5,33%. A escala sectorial o segundo sector máis importante é o da construción, que agrupa o 21,17% das empresas da comarca. Para rematar a distribución das empresas, aparece o sector secundario, co 14,50%, no que, excepto unha empresa, pertencen todas ao subsector da industria; pecha a serie o sector primario, con tan só o 0,83%.

No sector servizos tamén se concentran a maior parte dos traballadores comarcais, se ben nunha porcentaxe máis reducida que a anterior para o número de empresas, o 40,91%. Unha cuarta parte dos traballadores do total pertencen ao comercio e hostalería, o 26,38%, que predomina sobre o subsector de outros servizos e transporte, que supoñen o 10,80% e 3,73% respectivamente. O segundo sector de maior peso cuantitativo é o secundario, no que aparecen o 32,61% dos traballadores; cómpre dicir que no subsector da industria se sitúa a totalidade de traballadores agás tres. A continuación está o sector da construción, co 15,95%, e no último lugar os traballadores do sector primario, co 10,52%.

Os traballadores autónomos pertencen na súa maioría ao sector de servizos, igual que sucede no caso das empresas e traballadores por conta allea. Neste caso o 71,85% pertencen ao dito sector, que concentra case a metade do total o subsector de comercio e hostalería, o 49,43%, que predomina con moito por riba dos demais. Neste mesmo, o subsector de outros servizos supón o 14,65%, mentres que o de transporte só agrupa o 7,77%. O segundo sector en importancia cuantitativa é o da construción, co 15,41%. Séguelle por orde o sector secundario, co 10,96%, que non rexistra ningún autónomo no subsector de electricidade, e remata o sector primario. co 1,78%.

5.1.2. Evolución anual

TÁBOA 1: *Evolución do número de empresas. Período 1999-2003.*

	EMPRESAS				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	**25**	**26**	**26**	**20**	**5**
Agricultura e pesca	25	26	26	20	5
SECTOR SECUNDARIO	**92**	**86**	**79**	**90**	**87**
Industria	91	85	78	89	86
Electricidade	1	1	1	1	1
SECTOR CONSTRUCIÓN	**106**	**102**	**113**	**117**	**127**
Construción	106	102	113	117	127
SECTOR SERVIZOS	**329**	**332**	**334**	**363**	**381**
Comercio e hostalería	207	218	211	232	241
Transporte e comunicacións	28	32	35	34	32
Outros servizos	94	82	88	97	108
TOTAL	**552**	**546**	**552**	**590**	**600**

Entre 1999 e 2003 (de agora en diante período de referencia) o número de empresas do Sar increméntase paulatinamente; sofre tan só un pequeno retroceso no ano 2000. Malia todo, a variación media conxunta é de 2,11%. Tras o comentado retroceso, rexístranse crecementos moderados nos anos seguintes, ofrecendo o máis importante no ano 2002, cunha variación interanual de 6,88%. Mentres os sectores primario e secundario perden peso, no da construción e servizos sucede o contrario.

GRÁFICO 1: *Variacións interanuais do número de empresas por sector económico. Período 1999-2003.*



O sector servizos amosa unha variación media de 3,74%, experimentando en todos os subsectores un crecemento similar. A súa traxectoria reflite un crecemento moderado nos primeiros anos, incrementándose este a partir de 2002, cando rexistra a variación interanual máis elevada, o 8,68%. O subsector máis numeroso, o de comercio e hostalería, é asemade o que máis medra, presenta unha variación media de 3,88%. No resto de subsectores vemos tendencias descontinuas, se ben os valores de crecemento e regresión non son moi elevados se a maiores temos en consideración o peso en termos absolutos de cada un deles.

O sector da construción inicia o período cunha lixeira diminución do número de empresas e aumenta en maior medida no 2001 e en menor proporción nos anos seguintes. A pesar de todo, logra manter un saldo positivo e de crecemento, como se pode observar na variación media de 4,62%, converténdose no sector que experimenta o maior crecemento en termos relativos.

Tras un período de continuos descensos, agás en 2002, cando a variación interanual é de 13,92%, o sector secundario amosa un saldo negativo de variación media, o -1,39%. Este mesmo perde peso, pero se temos en conta os valores absolutos de referencia, o descenso só supón unha perda de cinco empresas.

O descenso máis acusado ten lugar no sector primario. Tras manter unha dimensión similar ata o 2001, redúcese fortemente nos anos seguintes facendo progresivamente, o que o leva a amosar un saldo negativo de variación media de -33,13%, perdendo en termos absolutos 20 empresas en todo o período.

	TRABALLADORES				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	**391**	**407**	**394**	**398**	**415**
Agricultura e pesca	391	407	394	398	415
SECTOR SECUNDARIO	**1.133**	**1.246**	**1.261**	**1.207**	**1.286**
Industria	1.132	1.245	1.260	1.204	1.283
Electricidade	1	1	1	3	3
SECTOR CONSTRUCIÓN	**434**	**472**	**555**	**576**	**629**
Construción	434	472	555	576	629
SECTOR SERVIZOS	**1.398**	**1.364**	**1.464**	**1.579**	**1.613**
Comercio e hostalería	917	935	958	1.019	1.040
Transporte e comunicacións	108	121	143	135	147
Outros servizos	373	308	363	425	426
TOTAL	**3.356**	**3.489**	**3.674**	**3.760**	**3.943**

Táboa 2: *Evolución do número de traballadores. Período 1999-2003.*

En todos os sectores existe un aumento do número de traballadores, rexistrando conxuntamente un crecemento de 4,11%, como se aprecia na variación media no período de referencia. Todos os anos crece o número de traballadores, facéndoo en maior medida no 2001 e 2003, cando as variacións interanuais correspondentes son de 5,3% e 4,87%.



Gráfico 2*: Variacións interanuais do número de traballadores por sector económico. Período 1999-2003.*

O sector servizos sofre no ano 2000 un pequeno retroceso do número de traballadores, variación interanual de -2,43%, e recupérase no anos seguintes en maior medida, o que o leva a presentar unha variación media positiva de 3,64%. Neste, todos os subsectores incrementan o seu peso sendo o de transporte o que máis, variación media de 8,01%. O resto incrementan o seu volume nunha proporción inferior e rexistran variacións medias de 3,38% e 3,2% o de outros servizos e o de comercio.

O segundo sector en importancia cuantitativa, o secundario, incrementa o seu peso nunha medida inferior; sofre un pequeno retroceso no 2002 de -4,28% e medra no resto dos anos. Ao final do período, tras rexistrar diferentes valores de crecemento, acada unha variación media de 3,22%.

O sector da construción aumenta continuamente o número de traballadores e amosa en conxunto unha variación media de 9,72%, a máis elevada de todos os sectores. Neste sector apréciase un forte crecemento nos dous primeiros anos, variacións interanuais en 2000 e 2001 de 8,76% e 17,58%, suavízase o crecemento no ano 2002 e vólvese a agudizar en 2003.

Pecha a distribución o sector primario, que é o que menor crecemento experimenta, variación media de 1,5%, sendo asemade o sector de menor número de traballadores. Neste mesmo aparece un descenso de -3,19% no ano 2001, tras iniciar o período cun crecemento de 4,09%. Ao final rematará incrementando o número de traballadores en maior medida do que o facía no primeiro ano, variación interanual en 2003 de 4,27%.

TÁBOA 3: Evolución do número de autónomos. Período 1999-2003.

	AUTÓNOMOS				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	**9**	**14**	**12**	**13**	**14**
Agricultura e pesca	9	14	12	13	14
SECTOR SECUNDARIO	**66**	**74**	**89**	**84**	**86**
Industria	66	74	89	84	86
SECTOR CONSTRUCIÓN	**89**	**95**	**106**	**121**	**121**
Construción	89	95	106	121	121
SECTOR SERVIZOS	**435**	**484**	**512**	**531**	**564**
Comercio e hostalería	300	337	360	369	388
Transporte e comunicacións	53	53	51	55	61
Outros servizos	82	94	101	107	115
TOTAL	**599**	**667**	**719**	**749**	**785**

Na comarca do Sar prodúcese un aumento do volume de autónomos superior ao experimentado polo número de empresas e traballadores por conta allea. Este colectivo inicia a etapa co crecemento máis elevado, variación interanual no ano 2000 de 11,35%, reducíndose este nos anos seguintes; no ano 2002 é cando se observa a variación interanual máis baixa, a de 4,17%. En conxunto, o número de autónomos increméntase nun 6,99%, segundo a variación media de referencia.

GRÁFICO 3: Variacións interanuais do número de autónomos por sector económico. Período 1999-2003.



O sector servizos é o que menor crecemento presenta, malia ser o que maior número de autónomos concentra. Neste a traxectoria é moi similar á experimentada por todos os sectores en conxunto, incrementando o seu peso todos os anos e, sobre todo, a principios, cando reflite unha variación interanual de 11,26%. A partir de aí o incremento de autónomos indica unha evolución descendente, rexistrando en conxunto unha variación media de 6,71%. O subsector de outros servizos é o que maior crecemento ofrece, o 8,82%, mentres que este é inferior nos subsectores de comercio e transporte, 6,64% e 3,58%.

O sector da construción aumenta o seu volume ata o ano 2002 de forma progresiva e mantén en 2003 o mesmo número de autónomos que o ano anterior. Ao final remata cunha variación media de 7,98%.

Nos sectores primario e secundario, os de menor dimensión, rexístranse variacións medias de 11,68% e 6,84%. Ambos os dous obteñen un crecemento bastante elevado nos primeiros anos, rexistrando unha pequena regresión en 2001 e 2002 respectivamente, diminuíndo a maiores o crecemento a partir dese momento.

5.2. DEMANDAS

5.2.1. Demandantes por concello

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Dodro	237	62	299
Padrón	604	188	792
Rois	284	101	385
TOTAL	**1.125**	**351**	**1.476**

TÁBOA 4: Distribución dos demandantes segundo os concellos da comarca.

% comarca/provincia – PARADOS	**1,70**
% comarca/provincia - NON PARADOS	**1,15**

Na comarca do Sar rexístranse 1.476 demandantes de emprego, dos cales máis das tres cuartas partes son parados, o 76,22%. O concello de Padrón é o que maior número de demandantes presenta e agrupa máis da metade do total, o 53,66%. No concello anterior a porcentaxe de demandantes parados que engloba é de 40,92%, mentres que a de non parados é de 12,74%, se temos en conta o volume total de demandantes. En segundo lugar está o concello de Rois, co 26,08% de demandantes, seguido do de Dodro, co 20,26% restante. Nestes dous últimos concellos a porcentaxe de demandantes parados é notablemente maior que a de demandantes non parados.



GRÁFICO 4: Distribución dos demandantes da comarca por concello.

5.2.2. Evolución dos demandantes parados

	TRABALLADORES				
	1999	2000	2001	2002	2003
PARADOS COMARCA	983	970	946	1.033	1.125
VARIACIÓN INTERANUAL %	–	-1,32	-2,47	9,20	8,91
COMARCA/TOTAL PROVINCIA	1,67	1,62	1,62	1,61	1,70

TÁBOA 5: Evolución dos demandantes parados.

O número de demandantes parados redúcese paulatinamente ata o ano 2001, incrementándose da mesma maneira a partir dese ano. Malia todo, conxuntamente chega a ofrecer un saldo positivo de crecemento, cunha variación media de 3,43%, que implica en termos absolutos un incremento de 142 demandantes no período de referencia. A representación comarcal na provincia evoluciona de forma paralela ao número de demandantes, excepto en 2002, cando, a pesar de incrementarse o número de demandantes, descende moderadamente a porcentaxe de representación.



GRÁFICO 5: Evolución dos demandantes parados da comarca.

5.2.3. Caracterización da situación sociolaboral dos demandantes de emprego

TÁBOA 6: Situación laboral dos demandantes

		VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	174	11,79	12,67
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	951	64,43	55,76
NON PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	49	3,32	3,98
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	138	9,35	11,46
	Con traballo a tempo parcial e prestación compatible	51	3,46	4,73
	En expediente de regulación de emprego	5	0,34	2,34
	Demandantes de mellora de emprego	82	5,56	5,98
	Demandantes de emprego de menos de 20 h	19	1,29	2,38
	Resto de demandantes	7	0,47	0,71
TOTAL		**1.476**	**100,00**	**100,00**

A maior parte dos demandantes de emprego da comarca, o 64,43%, son parados con emprego anterior e dispoñibilidade inmediata. Esta situación extrapólase a escala provincial, se ben neste ámbito o citado colectivo aparece 8,67 puntos porcentuais por debaixo. A bastante distancia está o grupo de demandantes parados sen emprego anterior, co 11,79%, situándose lixeiramente por debaixo da porcentaxe provincial. En terceiro lugar temos o grupo de non parados con emprego anterior, que, co 9,35% dos demandantes comarcais, se mantén por debaixo da porcentaxe provincial en 2,11 puntos. No resto de grupos a distribución en ambos os dous ámbitos é bastante similar, sen diferenzas moi significativas.

5.2.4. Demandantes de emprego por sexo e idade

TÁBOA 7.1: Demandantes parados por sexo e grupos de idade.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	HOMES %	MULLERES %	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	83	128	7,38	11,38	18,76	17,50
26 a 35 anos	120	179	10,67	15,91	26,58	30,43
36 a 45 anos	89	156	7,91	13,87	21,78	22,04
46 a 55 anos	89	112	7,91	9,96	17,87	17,68
56 e máis anos	106	63	9,42	5,60	15,02	12,34
TOTAL COMARCA	**487**	**638**	**43,29**	**56,71**	**100,00**	**1,70**
TOTAL PROVINCIA	**26.764**	**39.271**	**40,53**	**59,47**	**1,70**	**100,00**

Igual que ocorre na provincia, aínda que nunha porcentaxe inferior, prevalecen as demandantes non paradas, co 56,71%. A mesma relación dáse no caso do perfil tipo de demandantes, que para os dous ámbitos é o de persoas de 26 a 35 anos, representando na comarca o 26,58%. A continuación séguelle o tramo posterior, co 21,78%. Xa que logo, existe unha concentración bastante importante de demandantes parados no intervalo de idade de 26 a 45 anos, pois supón case a metade do total de demandantes, o 48,36%. Na provincia a situación é similar, prevalecendo en maior medida o grupo de demandantes de 26 a 35 anos.

O 15,91% dos demandantes son mulleres entre 26 e 35 anos. Se a estas lles sumamos as demandantes do tramo de idade posterior, obsérvase a concentración máis importante, co 29,78%. Nos homes a demanda entre 26 e 45 anos supón o 18,58%. A distribución masculina é máis regular en todos os tramos, agás no de 26 a 35 anos e no de maiores de 55, que se sitúan no primeiro e segundo lugar. Pola contra, nas mulleres redúcese o número de demandantes a medida que se incrementa a idade. Cómpre dicir que en todos os tramos predomina a demanda feminina agás no caso dos maiores de 55 anos, onde o número de demandantes homes case dobra o de mulleres.

Táboa 7.2: *Demandantes non parados por sexo e grupos de idade.*

	HOMES N.º	MULLERES N.º	HOMES %	MULLERES %	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	15	48	4,27	13,68	17,95	18,07
26 a 35 anos	33	58	9,40	16,52	25,93	27,98
36 a 45 anos	24	54	6,84	15,38	22,22	19,81
46 a 55 anos	26	32	7,41	9,12	16,52	17,58
56 e máis anos	42	19	11,97	5,41	17,38	16,55
TOTAL COMARCA	**140**	**211**	**39,89**	**60,11**	**100,00**	**1,15**
TOTAL PROVINCIA	**12.680**	**17.790**	**41,61**	**58,39**	**1,15**	**100,00**

O predominio feminino nos demandantes non parados é máis acusado que no caso dos parados, extrapolándose esta situación a escala provincial. Unha cuarta parte dos demandantes teñen entre 26 e 35 anos, perfil maioritario en ambos os dous xéneros. Pódese apreciar unha concentración bastante importante entre os 26 e 45 anos, que agrupa o 48,15%. A distribución na provincia é bastante similar; prevalece en maior medida o grupo de 26 a 35 anos.

Mentres que nas mulleres se aprecia maior número de demandantes nos tramos de menor idade, sobre todo entre 26 e 45 anos, que supón o 31,9%, nos homes predomina o grupo de maiores de 55 anos, co 11,97%, seguido do de 26 a 35, co 9,4%. En todos os tramos destaca a demanda feminina dobrando con moito a porcentaxe masculina nalgún dos casos, agás no grupo de maiores de 55, no que se inverte a situación.

Tanto no caso dos demandantes parados como no dos non parados o perfil maioritario é o de 26 a 35 anos. O primeiro grupo concentra o 20,26% do total de demandantes, mentres o grupo de non parados supón o 6,17%. O seguinte tramo en idade é o que maior peso ten en segundo lugar. Conxuntamente, no intervalo de 26 a 45 anos a porcentaxe de demandantes parados é de 36,86%, mentres que a de non parados é de 11,45%. Como se aprecia na distribución do gráfico, a medida que se incrementa a idade, descende a concentración de demandantes, agás no caso de non parados, onde a porcentaxe de maiores de 55 anos supera lixeiramente a do tramo anterior.



Gráfico 6: *Distribución porcentual do total de demandantes por grupos de idade.*

Gráfico 7: *Distribución porcentual do total de demandantes por sexo.*



Tanto no referente aos demandantes parados como aos non parados predomina a demanda feminina. O 43,22% do total de demandantes son paradas, mentres que o 14,3% son non paradas. No caso dos homes estás porcentaxes supoñen o 32,99% e 9,49% respectivamente.

5.2.5. Demandantes por nivel académico

Táboa 8.1: *Distribución dos demandantes parados por nivel académico.*

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Ata certificado de escolaridade*	469	41,69	31,78
Titulación de ensinanza obrigatoria	419	37,24	37,12
Formación profesional	50	4,44	5,63
BUP/Bacharelato superior/COU	114	10,13	12,20
Titulados universitarios	62	5,51	11,17
Outras titulacións	11	0,98	2,11
TOTAL	**1.125**	**100,00**	**100,00**

** Inclúe: sen estudos, estudos primarios e certificado de escolaridade*

A maior parte dos demandantes parados, o 41,69%, son persoas sen estudos ou con certificado de escolaridade. En segundo lugar está o grupo de demandantes con titulación de ensinanza obrigatoria, que, co 37,24%, mantén unha porcentaxe moi similar á provincial. No primeiro caso é onde se observan as diferenzas máis importantes se temos en consideración a relación entre a comarca e a provincia. Mentres que na comarca predomina o perfil de persoas sen estudos, que supera á porcentaxe provincial en 9,91 puntos porcentuais, na provincia faino o grupo de persoas con titulación obrigatoria. No resto de casos a distribución nos dous ámbitos é bastante similar, agás no caso de titulados universitarios, onde a provincia, co 11,17%, dobra a porcentaxe comarcal.

Táboa 8.2: *Distribución dos demandantes non parados por nivel académico.*

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Ata certificado de escolaridade	132	37,61	30,62
Titulación de ensinanza obrigatoria	108	30,77	33,40
Formación profesional	26	7,41	5,72
BUP/Bacharelato superior/COU	45	12,82	15,70
Titulados universitarios	34	9,69	13,03
Outras titulacións	6	1,71	1,53
TOTAL	**351**	**100,00**	**100,00**

Tras observar a distribución anterior, pódese apreciar como predomina nos demandantes non parados o grupo de persoas sen estudos ou ata o certificado de escolaridade, co 37,61%, o mesmo que sucede nos demandantes parados. Na provincia predomina o grupo de persoas con ensinanza obrigatoria, da mesma maneira que nos parados.

Neste caso a concentración dos demandantes ata o nivel de ensinanza obrigatoria é máis reducida que nos demandantes parados e vaise incrementando nos tramos seguintes. Se nos demandantes con titulación de formación profesional a porcentaxe comarcal supera á provincial de maneira moderada, nos demandantes con bacharelato e titulados universitarios, esta situación invértese

.

5.2.6. Demandantes parados por tempo de busca de emprego

TÁBOA 9: Distribución dos demandantes parados segundo o sexo e a idade por tempo de busca de emprego.

		Menos de 6 meses %	De 6 meses a 1 ano %	Máis de 1 ano %	TOTAL %
Menor de 26 anos	Homes	5,69	1,07	0,62	7,38
	Mulleres	7,02	1,96	2,40	11,38
26 a 35 anos	Homes	7,20	1,96	1,51	10,67
	Mulleres	8,18	2,49	5,24	15,91
36 a 45 anos	Homes	5,60	0,53	1,78	7,91
	Mulleres	4,71	2,04	7,11	13,87
46 a 55 anos	Homes	3,56	1,33	3,02	7,91
	Mulleres	2,58	1,07	6,31	9,96
56 e máis anos	Homes	1,51	1,07	6,84	9,42
	Mulleres	0,71	0,71	4,18	5,60
TOTAL COMARCA		**46,76**	**14,22**	**39,02**	**100,00**
TOTAL PROVINCIA		**48,04**	**14,84**	**37,13**	**100,00**

Na comarca do Sar predominan os demandantes parados de menos de seis meses, co 46,76%. En segundo lugar estarían os que se atopan nesta situación máis dun ano, 39,02%. Hai que sinalar que tanto no ámbito comarcal como provincial a distribución é bastante similar.

Nos demandantes parados de menos de seis meses predomina a demanda feminina ata os 35 anos, inverténdose a situación a partir de aí, predominando os demandantes homes nunha medida bastante reducida. En ambos os dous xéneros destaca o grupo de 26 a 35 anos, cunha porcentaxe feminina de 8,18% e masculina de 7,20%. A concentración máis importante dáse ata os 35 anos, agrupando nese intervalo as mulleres o 15,2% e os homes o 12,89% de demandantes. Nos dous casos tamén se reduce a porcentaxe de demandantes a medida que incrementamos a idade. Dentro deste grupo de demandantes a distribución entre sexos é bastante similar, prevalecendo lixeiramente os homes, co 23,56%, sobre as mulleres, que supoñen o 23,2%.

Os demandantes de longa duración son maioritariamente mulleres, o 25,24%, fronte á porcentaxe de homes, que é de 13,77%. Nas mulleres entre os 36 e 55 anos concéntrase a meirande parte, o 13,42%, sendo nos homes a concentración maior a partir dos 46 anos, co 9,86%. En todos os casos predominan as demandantes mulleres, agás nos maiores de 55 anos, onde o fan os homes de forma moderada.

No grupo intermedio de demandantes destacan tamén as mulleres, co 8,27%; os homes supoñen o 5,96%. Neste caso a concentración de demandantes é máis elevada nos tramos de idade intermedios.

5.2.7. Demandantes por sectores económicos de procedencia

TÁBOA 10: *Demandantes por actividade económica.*

	PARADOS			NON PARADOS		
	Comarcal N.º	Comarcal %	Provincial %	Comarcal N.º	Comarcal %	Provincial %
Sector primario	21	1,87	2,00	8	2,28	2,78
Sector secundario	249	22,13	17,16	64	18,23	18,47
Construción	171	15,20	13,36	33	9,40	8,13
Sector servizos	513	45,60	49,08	183	52,14	54,02
Sen actividade previa	171	15,20	18,41	63	17,95	16,59
TOTAL	**1.125**	**100,00**	**100,00**	**351**	**100,00**	**100,00**

Case a metade dos demandantes parados proceden do sector servizos, o 45,6%, igual que ocorre na provincia cunha porcentaxe lixeiramente superior. En segundo lugar aparecen os demandantes do sector secundario, co 22,13%, superando á porcentaxe provincial en 4,97 puntos. Séguelle o sector da construción, co 15,20%.

Nos dous ámbitos, comarcal e provincial, a distribución dos demandantes non parados é bastante similar. Máis da metade dos demandantes, o 52,14%, aparecen no sector servizos. De novo, nun segundo lugar, temos o grupo de demandantes do sector secundario, co 18,23%.

GRÁFICO 8: *Demandantes parados na Industria.*



Na industria predominan os demandantes procedentes das actividades de alimentación, co 26%, mantendo a mesma porcentaxe o grupo de outras industrias. Séguelle, co 24%, o grupo de demandantes do téxtil. O 24% restante pertence ás demais actividades, predominando o grupo de demandantes da metalurxia e fabricación de produtos de metal, co 13%.

GRÁFICO 9: *Demandantes parados nos Servizos.*



A cuarta parte dos demandantes dos servizos proceden das actividades inmobiliarias. Cun punto porcentual menos séguenlle o grupo dos demandantes parados procedentes do comercio. En terceiro lugar está a hostalería, co 16%. O 35% que falta repártese entre o resto de actividades, predominando as administracións públicas, co 12%, mentres que o de servizos á comunidade supón o 9%.

5.2.8. As dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego

TÁBOA 11: Ocupacións máis demandadas.

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Empregado administrativo	155	10,50	8,93
Muller/mozo limpeza, limpador	129	8,74	7,21
Dependente de comercio	126	8,54	8,97
Peón da ind. manufactureira	112	7,59	3,87
Peón da construción de edificios	76	5,15	2,57
Albanel	62	4,20	2,65
Operario máquina curtidoras de pel e coiro	58	3,93	0,07
Operario máquina industrial coser á plana, excepto pel e calzado	43	2,91	2,29
Camareiro	34	2,30	2,68
Cociñeiro	28	1,90	1,41

5.2.9. Perfil tipo dos demandantes de emprego

TÁBOA 12: Perfil máis representativo.

	PERFIL COMARCAL TIPO	PERFIL PROVINCIAL TIPO
Situación laboral	Parados con emprego anterior	Parados con emprego anterior
Sexo	Mulleres	Mulleres
Grupo idade	De 26 a 35 anos	De 26 a 35 anos
Nivel académico	**Ata certificado de escolaridade**	Titulación ensinanza obrigatoria
Duración demanda	Menos de 6 meses	Menos de 6 meses
Sector	Servizos	Servizos
Ocupación máis demandada	**Empregado administrativo**	Dependente de comercio

5.3. OFERTAS

5.3.1. Ofertas no servizo público de emprego galego 2003. Evolución

TÁBOA 13: Número de ofertas por concellos. Ano 2003.

	TOTAL OFERTAS	TOTAL %
Dodro	16	5,78
Padrón	229	82,67
Rois	32	11,55
TOTAL COMARCA	**277**	**100,00**

TOTAL OFERTAS PROVINCIA:	**32.600**
COMARCA/PROVINCIA:	**0,85**

Na comarca do Sar rexistráronse 277 ofertas de emprego no ano 2003, que supoñen o 0,85% das realizadas na provincia da Coruña. A meirande parte delas realizáronse no concello de Padrón, o 82,67%.

TÁBOA 14: Evolución das ofertas. Período 1999-2003. Valores absolutos e relativos.

	N.º OFERTAS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Dodro	3	23	37	26	16	666,67	60,87	-29,73	-38,46	51,97
Padrón	154	185	197	193	229	20,13	6,49	-2,03	18,65	10,43
Rois	10	33	37	40	32	230,00	12,12	8,11	-20,00	33,75
TOTAL COMARCA	**167**	**241**	**271**	**259**	**277**	**44,31**	**12,45**	**-4,43**	**6,95**	**13,49**
TOTAL PROVINCIA	**29.835**	**37.922**	**30.755**	**30.380**	**32.600**	**27,11**	**-18,90**	**-1,22**	**7,31**	**2,24**

O número das ofertas obtivo unha variación media de 13,49% no período de referencia. Tras iniciar a etapa cun forte crecemento de 44,31% no ano 2000, minora o seu incremento para retroceder en 2002, recuperándose finalmente no 2003, cando a variación interanual é de 6,95%.

No concello de Padrón recóllese unha variación media de 10,43%, a máis baixa, malia que no resto de casos esta cifra é bastante relativa, debido ao peso en termos absolutos que teñen as ofertas dos outros dous concellos. O concello de Padrón reflite unha evolución similar á experimentada pola comarca e presenta crecementos importantes todos os anos, agás en 2002, cando a variación interanual é de -2,03%, o que supón un descenso de catro ofertas en termos absolutos. Nos anos 2000 e 2003 rexístrase o maior crecemento, mantendo un volume similar. No resto de concellos a evolución tamén se debate entre valores de crecemento, sobre todo nos primeiros anos, e regresión, diminuíndo ambos os dous no 2003.

GRÁFICO 10: Evolución do número de ofertas dos concellos da comarca.



Comparando a evolución do concello de Padrón coa do resto de concellos, pódese observar como ambos manteñen liñas paralelas de crecemento ata o 2001. A partir deste ano Padrón descende no ano 2002 para recuperarse posteriormente, en tanto que o resto de concellos sigue un liña claramente descendente nestes dous anos.

5.3.2. Ofertas segundo os sectores de actividade económica.

	PRIMARIO		SECUNDARIO		CONSTRUCIÓN		SERVIZOS	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Dodro	0	0,00	1	2,27	0	0,00	15	7,65
Padrón	0	0,00	38	86,36	30	83,33	161	82,14
Rois	1	100,00	5	11,36	6	16,67	20	10,20
TOTAL COMARCA	**1**	**100,00**	**44**	**100,00**	**36**	**100,00**	**196**	**100,00**
TOTAL PROVINCIA	**338**		**3.112**		**5.814**		**23.331**	

Táboa 15: *Distribución das ofertas por concellos segundo os sectores económicos. Valores absolutos e relativos en relación co total da comarca.*

En todos os sectores destaca a presenza maioritaria do concello de Padrón, sendo minoritaria a que acadan o resto, a única excepción prodúcese no primario onde só aparece unha oferta asociada ao concello de Rois.

O 71% da ofertas de traballo proceden do sector servizos; o sector secundario e a construción supoñen o 16% e 13% respectivamente. O sector primario tan só rexistra unha oferta no concello de Rois.



Gráfico 11: *Distribución porcentual das ofertas por sectores económicos.*

O 51% das ofertas procedentes da industria concéntranse na actividade de outras industrias, a continuación destacan a de alimentación (16%) e a de madeira coa mesma porcentaxe.



Gráfico 12: *Distribución porcentual das ofertas na industria.*

Máis da metade das ofertas do sector servizos, o 51%, proceden das administracións públicas. En segundo lugar están as ofertas realizadas no comercio e na hostalería, que manteñen cadansúas porcentaxes de 11%. O 27% restante repártese entre as demais actividades, predominando co 8% as ofertas das actividades inmobiliarias.



Gráfico 13: *Distribución porcentual das ofertas nos servizos.*

	1999	2000	2001	2002	2003
Primario	5	5	6	3	1
Secundario	30	30	11	18	44
Construción	45	57	124	45	36
Servizos	87	149	130	193	196
TOTAL COMARCA	**167**	**241**	**271**	**259**	**277**
TOTAL PROVINCIA	**29.835**	**37.922**	**30.755**	**30.380**	**32.600**

Táboa 16: *Evolución das ofertas por sectores económicos.*

O sector servizos é o que maior incremento de número de ofertas presenta e ofrece unha variación media de 22,51%. Neste sector apréciase unha evolución descontinua caracterizada polas considerables alteracións no crecemento. No ano 2000 ten lugar un forte incremento, variación interanual de 71,26%, reducíndose as ofertas ao ano seguinte nun -12,75%. Recupérase de novo en 2002, cun crecemento inferior ao de 2000, e mantén en 2003 un número similar de ofertas.

No sector secundario tamén existe un crecemento significativo, mostra unha variación media de 10,05%. Tras manter en 2000 o número de ofertas do inicio, descende considerablemente en 2001, rexistrando unha variación interanual de -63,33%. Finalmente en 2003 aumenta dunha maneira moi notable, variación interanual de 144,44%.

Pola contra, os sectores primario e da construción perden peso, sobre todo este último, no que se aprecia un crecemento importante ata o ano 2001, descendendo moito a partir dese momento. En conxunto o sector da construción non se recupera e ofrece unha variación media de -5,43%.

5.3.3. Perfil básico das ofertas

Debido ao escaso número de ofertas que esixen algún tipo de condicionante en canto ao xénero ou nivel académico, non procede realizar a análise do perfil básico destas.

5.3.4. Análise ocupacional das ofertas

Táboa 17: *Ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores.*

	1999	2000	2001	2002	2003
Albanel	43	18	40	17	16
Condutor de mercadorías/Condutor de camión.	3	10	4	4	16
Peón de albanel/Peón de obras públicas	17	15	21	19	14
Camareiro - Barman	13	11	7	16	13
Axente comercial / Vendedor	1	14	8	4	11
Dependente	8	2	5	4	9
Carpinteiro de aluminio	0	2	6	6	8
Carpinteiro	4	20	1	2	8
Xardineiro / Traballador de centros de xardinería	1	0	9	6	8
Cociñeiro /Grelleiro / Pizzeiro / Pranchista	1	2	0	2	7

Dúas ocupacións, a de albanel e condutor de camión, inician a serie das ocupacións máis ofertadas polos centros colaboradores no ano 2003, ambas as dúas con 16 ofertas. Pero a súa evolución é dispar, xa que, mentres que a primeira perde un peso considerable, sobre todo se temos en conta as 43 ofertas de 1999, na segunda obsérvase un aumento importante.

En terceiro lugar, outra das ocupacións da construción, a de peón de albanel, con 14 ofertas, reflite unha tendencia similar á de albanel, perdendo peso a partir de 2001. Outra ocupación que amosa un descenso de ofertas é a de carpinteiro, que no ano 2000 rexistra 20, rematando en 2003 con tan só 8 ofertas.

Nesta comarca non se rexistran ofertas nas oficinas de emprego.

5.4. CONTRATOS

5.4.1. Número de contratos no ámbito comarcal e municipal

TÁBOA 18: Número de contratos na comarca e nos concellos. Ano 2003.

	CONTRATOS 2003	
	N.º	%
DODRO	384	13,99
PADRÓN	1.993	72,63
ROIS	367	13,37
TOTAL COMARCA	**2.744**	**100,00**
TOTAL PROVINCIA	**310.890**	**0,88**

Na comarca do Sar realízanse 2.744 contratos de traballo, que supoñen o 0,88% dos da provincia da Coruña. O concello de Padrón é o que maior número rexistra, chegando a ter case as tres cuartas partes destes. O concello de Dodro e Rois manteñen un número similar: o primeiro ten 17 contratos máis que o segundo.

TÁBOA 19: Evolución do número de contratos no ámbito comarcal. Variacións anuais. 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA %
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
DODRO	354	300	386	383	384	-15,25	28,67	-0,78	0,26	2,05
PADRÓN	1.726	1.741	1.574	1.845	1.993	0,87	-9,59	17,22	8,02	3,66
ROIS	412	594	510	407	367	44,17	-14,14	-20,20	-9,83	-2,85
TOTAL COMARCA	**2.492**	**2.635**	**2.470**	**2.635**	**2.744**	**5,74**	**-6,26**	**6,68**	**4,14**	**2,44**
TOTAL PROVINCIA	**268.271**	**281.551**	**280.779**	**292.423**	**310.890**	**4,95**	**-0,27**	**4,15**	**6,32**	**3,75**

Entre 1999 e 2003 aumenta a contratación na comarca, que rexistra unha variación media de 2,44%. A evolución da contratación caracterízase por experimentar crecementos considerables e nunha medida similar durante todos os anos, agás en 2001, cando a variación interanual é de -6,26%, que supón unha redución de 165 contratos en termos absolutos se se teñen en conta os do ano anterior. No ano 2002 rexistra o crecemento máis elevado, variación interanual de 6,68%, rematando o período co 4,14%.

Padrón e Dodro amosan un saldo positivo con variacións medias de 3,66% e 2,05%, mentres que no caso de Rois se observa un descenso de -2,85%.

O concello de Padrón é o que máis medra; presenta unha tendencia de crecemento descontinuo, cun decrecemento contractual significativo no ano 2001, onde a variación interanual dese ano se sitúa no -9,59%. Ao ano seguinte incrementa a contratación en gran medida ofrecendo unha variación interanual de 17,22%, a máis elevada do período. En 2003 remata tamén cun incremento da contratación.

O concello de Dodro amosa a alternancia de regresións e incrementos constantes, se ben en diferentes medidas, e remata ao final cun saldo positivo. Malia iniciar o período cun decrecemento considerable, recupérase o crecemento no ano seguinte, en tanto que en 2002 e 2003, pódese dicir que se estanca a contratación.

No concello de Rois increméntase fortemente a contratación en 2000, variación interanual de 44,17%; decrece a partir dese momento todos os anos e pecha o período con 45 contratos menos que os realizados no ano de inicio.

5.4.2. Contratación comarcal segundo o sexo e a idade

Táboa 20: Distribución da contratación comarcal segundo o sexo e a idade. Ano 2003.

	N.º CONTRATOS			% CONTRATOS		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Menos de 26 anos	774	300	1.074	28,21	10,93	39,14
De 26 a 35 anos	579	253	832	21,10	9,22	30,32
De 36 a 45 anos	343	179	522	12,50	6,52	19,02
De 46 a 55 anos	189	61	250	6,89	2,22	9,11
De 56 e máis anos	56	10	66	2,04	0,36	2,41
TOTAL COMARCA	**1.941**	**803**	**2.744**	**70,74**	**29,26**	**100,00**
TOTAL PROVINCIAL	**166.028**	**144.862**	**310.890**	**53,40**	**46,60**	**100,00**

A contratación desta comarca é na súa maioría masculina, xa que o 70,74% lle corresponde a homes. Na provincia dáse a mesma situación, pero neste caso a superioridade da contratación masculina é moito máis reducida, xa que supón o 53,4%.

O perfil maioritario en ambos os dous xéneros é o de menores de 26 anos, que agrupa conxuntamente o 39,14% dos contratos. En segundo lugar están os do tramo superior, 26 a 35 anos, que supoñen o 30,32%. Cómpre dicir que a concentración da contratación ata os 35 anos é moi elevada, xa que supón o 69,46%. A partir de aí descende de forma gradual, reducíndose de forma moi elevada nos maiores de 55 anos, que agrupan o 2,41%.

Nos homes predomina fortemente a contratación ata os 35 anos, supoñendo conxuntamente case a metade de toda a realizada, o 49,31%. Nos tramos seguintes descende de forma progresiva, se ben supera en maior medida á contratación feminina. Nas mulleres a contratación ata os 35 anos concentra o 20,15%, redistribuíndose nos dous tramos de maneira máis equitativa que nos homes, nos que os menores de 26 anos rexistran a maior porcentaxe.

Táboa 21: Evolución do número de contratos da comarca segundo o sexo. Período 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Homes	1.902	1.971	1.829	1.981	1.941	3,63	-7,20	8,31	-2,02	0,51
Mulleres	590	664	641	654	803	12,54	-3,46	2,03	22,78	8,01
TOTAL CONTRATOS	**2.492**	**2.635**	**2.470**	**2.635**	**2.744**	**5,74**	**-6,26**	**6,68**	**4,14**	**2,44**

Mentres a contratación masculina aumenta levemente en números absolutos, variación media de 0,51%, a feminina amosa un crecemento considerable e rexistra unha variación media de 8,01%. A evolución dos dous colectivos presenta traxectorias diferenciadas, coincidindo ambas no descenso contractual que ten lugar no ano 2001, se ben no caso dos homes duplica ao experimentado polas mulleres.

A contratación masculina alterna valores de crecemento e regresión; remata o período cun descenso moderado, variación interanual de -2,02%, que reduce á recuperación experimentada no ano anterior. Pola contra, nas mulleres só se aprecia o comentado descenso de 2001 e ofrece no resto dos anos crecementos importantes, sobre todo en 2000 e 2003, cando obtén unhas variacións interanuais elevadas, o 12,54% e 22,78% respectivamente; remata o período, xa que logo, cunha tendencia oposta á masculina.

A contratación masculina supón as tres cuartas partes da contratación realizada practicamente todos os anos, agás no último onde reduce a súa porcentaxe en función da distribución por xénero. A evolución da contratación no período de referencia amosa unha tendencia de incremento moderado da contratación feminina. Se en 1999 a masculina supera esta nun 52,64%, no último ano do período esta redúcese a un 41,48%.



Gráfico 14: *Evolución da distribución da contratación comarcal segundo o sexo. Período 1999-2003. Valores proporcionais.*

Táboa 22: *Evolución do número de contratos da comarca segundo a idade. Período 1999-2003.*

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Menor de 26 anos	775	872	892	907	1.074	12,52	2,29	1,68	18,41	8,50
De 26 a 35 anos	861	899	757	893	832	4,41	-15,80	17,97	-6,83	-0,85
De 36 a 45 anos	506	530	485	491	522	4,74	-8,49	1,24	6,31	0,78
De 46 a 55 anos	268	257	231	250	250	-4,10	-10,12	8,23	0,00	-1,72
De 56 e máis anos	82	77	105	94	66	-6,10	36,36	-10,48	-29,79	-5,28
TOTAL CONTRATOS	**2.492**	**2.635**	**2.470**	**2.635**	**2.744**	**5,74**	**-6,26**	**6,68**	**4,14**	**2,44**

Os menores de 26 anos son o colectivo que rexistra o maior crecemento contractual, como se pode ver na variación media de 8,5%. Neste mesmo apréciense incrementos continuos, elevados ao inicio e final do período, sobre todo no 2003, cando a variación interanual é de 18,41%.

Entre os 26 e 35 anos redúcese levemente a contratación, tras alternar valores de crecemento e regresión, bastante elevados nos anos intermedios, amosando ao final un saldo de variación media negativo de -0,85%. No tramo seguinte auméntase nunha proporción similar á anterior, cunha evolución positiva ao final do período.

A partir dos 46 anos descende de novo a contratación, faino en maior medida no grupo de maiores de 55 anos, onde se aprecia a variación media máis baixa, o -5,28%. Mentres que no primeiro grupo descende a contratación nos primeiros anos e se mantén ao final, no segundo prodúcese fortes descensos a partir do ano 2001.

5.4.3. Contratación comarcal segundo os sectores económicos

Táboa 23: *Distribución da contratación por sectores/subsectores económicos.*

	CONTRATOS 2003	
	N.º	%
SECTOR PRIMARIO	**29**	**1,06**
Agricultura e pesca	29	1,06
SECTOR SECUNDARIO	**606**	**22,08**
Industria	603	21,98
Electricidade	3	0,11
SECTOR CONSTRUCIÓN	**462**	**16,84**
Construción	462	16,84
SECTOR SERVIZOS	**1.647**	**60,02**
Comercio e hostalería	599	21,83
Transporte e comunicacións	99	3,61
Outros servizos	949	34,58
TOTAL CONTRATOS	**2.744**	**100,00**

A contratación no sector servizos prevalece sobre a do resto de sectores, tras concentrar o 60,02% dos contratos asinados na comarca. Neste sector predomina a realizada no subsector de outros servizos, co 34,58%, seguido da do comercio e hostalería, co 21,83%.

En segundo lugar está o sector secundario, co 22,08%, no que se realizan todos os contratos no subsector da industria agás tres. Séguelle o sector da construción, co 16,84%, mentres que o primario mantén unha porcentaxe moi reducida, tan só o 1,06%.

Gráfico 15: *Distribución porcentual da contratación na Industria.*



A metalurxia e fabricación de produtos de metal, co 34%, é actividade de maior contratación na industria. En segundo lugar, co 26%, aparecen os contratos realizados na alimentación. Hai, polo tanto, unha concentración da contratación bastante importante nas dúas actividades anteriores, que supoñen o 60% da contratación realizada na industria. O 40% restante repártese no resto de actividades, prevalecendo as da madeira, co 11%. Cómpre dicir que o apartado de outras industrias supón o 18%.

Gráfico 16: *Distribución porcentual da contratación nos servizos.*



Máis dunha terceira parte dos contratos realizados nos servizos, o 37%, fanse en torno ás actividades inmobiliarias. Séguenlle co 10 puntos porcentuais menos os contratos do comercio, e a bastante distancia, co 10%, os realizados polas administracións públicas. O 26% restante repártese entre as demais actividades onde prevalece a hostalería, co 8%. Cun punto porcentual menos están os contratos dos servizos á comunidade e transporte.

Táboa 24: *Distribución porcentual da contratación comarcal segundo sectores/subsectores económicos por sexo e idade. Ano 2003.*

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e mais
SECTOR PRIMARIO	**0,80**	**0,26**	**0,15**	**0,40**	**0,44**	**0,07**	**0,00**
Agricultura e pesca	0,80	0,26	0,15	0,40	0,44	0,07	0,00
SECTOR SECUNDARIO	**15,20**	**6,89**	**10,09**	**6,27**	**3,64**	**1,46**	**0,62**
Industria	15,09	6,89	10,06	6,23	3,61	1,46	0,62
Electricidade	0,11	0,00	0,04	0,04	0,04	0,00	0,00
SECTOR CONSTRUCIÓN	**15,74**	**1,09**	**6,30**	**4,48**	**2,84**	**2,59**	**0,62**
Construción	15,74	1,09	6,30	4,48	2,84	2,59	0,62
SECTOR SERVIZOS	**38,99**	**21,03**	**22,59**	**19,17**	**12,10**	**4,99**	**1,17**
Comercio e hostalería	12,83	9,00	8,64	7,43	4,12	1,35	0,29
Transporte e comunicacións	2,88	0,73	0,84	1,42	0,98	0,33	0,04
Outros servizos	23,29	11,30	13,12	10,31	7,00	3,32	0,84
TOTAL CONTRATOS	**70,74**	**29,26**	**39,14**	**30,32**	**19,02**	**9,11**	**2,41**

En todos os sectores predomina a contratación masculina, sendo esta case absoluta no sector da construción, onde a porcentaxe feminina só supón o 1,09%. A escala subsectorial tamén se repite a tendencia anterior.

Un 38,99% dos contratos son realizados a homes no marco do sector servizos, sendo do 21,03% no caso dos contratos femininos. Mentres no subsector de comercio e hostalería non se aprecian grandes diferenzas por xénero, no de outros servizos a contratación masculina dobra á feminina. No subsector de transporte esta última é practicamente inexistente.

No sector secundario e da construción a contratación masculina amosa porcentaxes similares, mentres que na feminina a porcentaxe do secundario é de 6,89% fronte ao 1,09% da construción.

Ata os 35 anos vese unha concentración da contratación moi importante no sector servizos, que supón o 41,76%. Se a maiores lle sumamos a do tramo seguinte, concéntrase máis da metade do total, o 53,86%. No sector secundario e da construción dáse unha situación similar, integrando ata os 35 anos o 16,36% e o 10,78% respectivamente. En todos os casos destaca a contratación dos menores de 26 anos sobre a do tramo seguinte, agás no sector primario, que se sitúa, sobre todo, entre os 36 e 45 anos, malia a escasa porcentaxe que supón.

Concluíndo, pódese dicir que a contratación descende progresivamente en todos os sectores a medida que incrementamos a idade.

TÁBOA 25: Evolución da contratación comarcal segundo os sectores e subsectores económicos. Período 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
SECTOR PRIMARIO	**36**	**61**	**28**	**29**	**29**	**69,44**	**-54,10**	**3,57**	**0,00**	**-5,26**
Agricultura e pesca	36	61	28	29	29	69,44	-54,10	3,57	0,00	-5,26
SECTOR SECUNDARIO	**690**	**758**	**666**	**576**	**606**	**9,86**	**-12,14**	**-13,51**	**5,21**	**-3,19**
Industria	687	756	658	570	603	10,04	-12,96	-13,37	5,79	-3,21
Electricidade	3	2	8	6	3	-33,33	300,00	-25,00	-50,00	0,00
S. CONSTRUCIÓN	**585**	**506**	**480**	**456**	**462**	**-13,50**	**-5,14**	**-5,00**	**1,32**	**-5,73**
Construción	585	506	480	456	462	-13,50	-5,14	-5,00	1,32	-5,73
SECTOR SERVIZOS	**1.181**	**1.310**	**1.296**	**1.569**	**1.647**	**10,92**	**-1,07**	**21,06**	**4,97**	**8,67**
Comercio e hostalería	670	752	756	746	599	12,24	0,53	-1,32	-19,71	-2,76
Transporte e comunicacións	110	129	126	150	99	17,27	-2,33	19,05	-34,00	-2,60
Outros servizos	401	429	414	673	949	6,98	-3,50	62,56	41,01	24,03
TOTAL CONTRATOS	**2.492**	**2.635**	**2.470**	**2.635**	**2.744**	**5,74**	**-6,26**	**6,68**	**4,14**	**2,44**

O sector servizos é o único que aumenta o volume contractual do inicio do período de referencia; como se aprecia na variación media de referencia, 8,67%. O resto de sectores presentan unha tendencia decrecente, con saldos negativos de variación media bastante similares.

No sector servizos crece a contratación globalmente, pero cómpre dicir que isto só sucede no subsector de outros servizos. Este increméntase en gran medida, mentres que o resto descende nunha proporción similar. O subsector de outros servizos só rexistra un pequeno descenso no 2001, crecendo de maneira elevada nos dous anos seguintes, como se aprecia nas variacións interanuais de 62,56% e 41,01% respectivamente. O resto de subsectores refliten evolucións descontinuas; intercalan crecementos e regresións importantes, pechando ambos o período cun descenso contractual notable.

No sector da construción redúcese a contratación cada vez menos, ata chegar a 2003, cando amosa un pequeno crecemento, que non é suficiente para manter o volume de contratos de inicio. Algo similar sucede no sector secundario, malia só descender en 2001 e 2002 nunha medida máis elevada. O sector primario aumenta notablemente a contratación no ano 2000, para descender fortemente no seguinte e manterse practicamente nos restantes anos.

5.4.4. Tipoloxía da contratación laboral

GRÁFICO 17: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contratos. Ano 2003.



As tres cuartas partes dos contratos realizados fanse como temporais a tempo completo. Se a estes lles sumamos os de a tempo parcial, apréciase unha concentración moi elevada nestas dúas modalidades, o 88%. Por outra banda, a contratación indefinida supón o 5%, nas dúas modalidades, igual que a contratación en prácticas.

TÁBOA 26: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contrato por sexo e idade. Ano 2003.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
Indefinido	2,95	1,13	0,80	1,35	0,84	0,77	0,33
Indefinido tempo parcial	0,15	0,51	0,29	0,15	0,15	0,04	0,04
Temporal	58,93	16,58	28,46	24,42	14,43	6,52	1,68
Temporal tempo parcial	3,21	9,44	4,96	3,61	2,84	1,02	0,22
Prácticas/Formación	3,46	1,38	4,48	0,33	0,04	0,00	0,00
Outros	2,04	0,22	0,15	0,47	0,73	0,77	0,15
TOTAL CONTRATOS	**70,74**	**29,26**	**39,14**	**30,32**	**19,02**	**9,11**	**2,41**

A contratación temporal nos homes é moi elevada, supón o 58,93%. Nas mulleres é o 16,58%, un valor bastante inferior ao anterior. No resto de fórmulas predomina igualmente a contratación masculina, excepto nas modalidades a tempo parcial, tanto indefinida como temporal. A contratación feminina baixo a fórmula temporal a tempo parcial case triplica a contratación dos homes, concentrando o 9,44%, obtendo unha diferenza menor na indefinida a tempo parcial.

Ata os 35 anos agrúpase de maneira elevada a contratación temporal a tempo completo, máis da metade do total, o 52,88%. Algo similar sucede no resto de tipos de contratos, así a temporal a tempo parcial agrupa ata os 35 anos o 8,57%. En todos os tramos de idade o contrato máis utilizado é o temporal, con diferenza por riba dos demais, predominando netamente sobre outras modalidades.

TÁBOA 27: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contrato por sectores económicos. Ano 2003.

	PRIMARIO	SECUNDARIO			CONSTRUCIÓN	SERVIZOS			
	Agr.,Gand.	Industr.	Electric.	Total	Construc.	Comerc.	Transp.	Outros	Total
Indefinido	0,15	1,20	0,00	1,20	0,44	1,24	0,44	0,62	2,30
Indefinido tempo parcial	0,00	0,07	0,00	0,07	0,07	0,22	0,11	0,18	0,51
Temporal	0,77	17,09	0,11	17,20	14,07	15,09	2,59	25,80	43,48
Temporal tempo parcial	0,04	2,37	0,00	2,37	0,73	3,94	0,44	5,14	9,51
Prácticas/Formación	0,11	1,24	0,00	1,24	1,53	1,35	0,04	0,58	1,97
Outros	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	2,26	2,26
TOTAL CONTRATOS	**1,06**	**21,98**	**0,11**	**22,08**	**16,84**	**21,83**	**3,61**	**34,58**	**60,02**

O sector servizos é maioritario en todos os tipos de contratos, concentra el só o 43,48% da contratación na fórmula temporal. Nesta modalidade predomina a contratación no subsector de outros servizos, que supón unha cuarta parte do total, e no comercio, co 15,09%. A porcentaxe de contratos no transporte é bastante reducida. En segundo lugar está a contratación temporal a tempo completo no sector secundario co 17,20%, seguido do da construción co 14,07%.

Nun segundo lugar, está a contratación temporal a tempo parcial, que no sector servizos supón o 9,51%, situándose máis da metade desta no subsector de outros servizos. No sector secundario tamén é a segunda fórmula máis utilizada, co 2,37%.

Mentres que no sector primario a segunda fórmula máis empregada é a indefinida, no da construción é a de prácticas ou formación, co 1,53%. Cómpre dicir, a maiores, que estas porcentaxes son moi reducidas.

Táboa 28: *Evolución da contratación comarcal segundo a tipoloxía de contratos. Período 1999-2003.*

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Indefinido	205	183	242	239	112	-10,73	32,24	-1,24	-53,14	-14,03
Indefinido tempo parcial	14	14	11	38	18	0,00	-21,43	245,45	-52,63	6,48
Temporal	1.823	1.985	1.766	1.908	2.072	8,89	-11,03	8,04	8,60	3,25
Temporal tempo parcial	267	250	273	257	347	-6,37	9,20	-5,86	35,02	6,77
Prácticas/Formación	99	102	91	122	133	3,03	-10,78	34,07	9,02	7,66
Outros	84	101	87	71	62	20,24	-13,86	-18,39	-12,68	-7,31
TOTAL CONTRATOS	**2.492**	**2.635**	**2.470**	**2.635**	**2.744**	**5,74**	**-6,26**	**6,68**	**4,14**	**2,44**

A contratación indefinida a tempo completo, xunto con outros tipos de contratos, son as únicas modalidades que descenden, facendo a primeira de maneira máis elevada, tras rexistrar unha variación media de -14,03%. Neste caso percíbese unha traxectoria de descenso continuado, que se rompe só no ano 2001, cando se aprecia un crecemento considerable, variación interanual de 32,24%. No ano seguinte descende lixeiramente e pecha o período cunha regresión moi elevada de -53,14%.

A contratación en prácticas, a temporal e indefinida a tempo parcial son as que maior crecemento presentan, rexistrando variacións medias superiores ao 6,48% desta última. A contratación en prácticas aumenta continuamente, agás no 2001, cando sofre un pequeno retroceso, variación interanual de -10,78%. Ao ano seguinte recupérase mantendo o crecemento ata o final. Na contratación temporal a tempo parcial a tendencia é descontinua; alterna aumentos e retrocesos continuamente, malia que remata o período con 80 contratos máis que no ano de inicio. Na contratación indefinida a tempo parcial a evolución é similar, se ben estamos a falar dun número moi reducido de contratos, 18 en 2003.

A contratación temporal a tempo completo, a máis utilizada, obtén unha variación media de 3,25%. Nesta pódese apreciar un crecemento similar todos os anos, en torno ao 8%, exceptuando o retroceso de -11,03% que ten lugar no 2001, cando case todos os tipos de contratos descenden.

5.4.5. Grandes grupos de ocupación na contratación laboral

TÁBOA 29: Distribución da contratación por grandes grupos de ocupación segundo o sexo. Ano 2003.

	CONTRATOS	
	Nº	%
1. Dirección de empresas e administracións públicas	**9**	**0,33**
HOMES	6	0,22
MULLERES	3	0,11
2. Técnicos profesionais, científicos e intelectuais	**111**	**4,05**
HOMES	75	2,73
MULLERES	36	1,31
3. Técnicos e profesionais de apoio	**148**	**5,39**
HOMES	92	3,35
MULLERES	56	2,04
4. Empregados de tipo administrativo	**179**	**6,52**
HOMES	55	2,00
MULLERES	124	4,52
5. Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio	**254**	**9,26**
HOMES	89	3,24
MULLERES	165	6,01
6. Traballadores cualificados na agricultura e pesca	**21**	**0,77**
HOMES	17	0,62
MULLERES	4	0,15
7. Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería	**710**	**25,87**
HOMES	653	23,80
MULLERES	57	2,08
8. Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	**254**	**9,26**
HOMES	188	6,85
MULLERES	66	2,41
9. Traballadores non cualificados	**1.058**	**38,56**
HOMES	766	27,92
MULLERES	292	10,64
TOTAL CONTRATOS	**2.744**	**100,00**
TOTAL HOMES	**1.941**	**70,74**
TOTAL MULLERES	**803**	**29,26**

Nesta comarca existe unha concentración bastante importante da contratación en catro grupos, que conxuntamente engloban o 82,95% dos contratos realizados. Este grupos son os seguintes:

- Traballadores non cualificados; co 38,56% dos contratos.
- Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería; 25,87%
- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio; 9,26%
- Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores; 9,26%.

A continuación diferéncianse os grupos de maior contratación segundo xénero, obtendo a seguinte distribución:

Grupos de ocupación cunha maior contratación masculina	Grupos de ocupación cunha maior contratación feminina
• Traballadores non cualificados; 27,92%. • Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería; 23,8%. • Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores; 6,85%. • Técnicos e profesionais de apoio; 3,35%.	• Traballadoras non cualificadas; 10,64%. • Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio; 6,01%. • Empregadas de tipo administrativo; 4,52%. • Operadoras de instalacións e maquinaria, e montadoras; 2,41%.

Cómpre dicir que a contratación masculina é superior á feminina en todos os grupos agás en dous casos, onde esta última prevalece. A contratación feminina ten maior presenza nos seguintes:

- Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio, no que supera á masculina en 2,77 puntos porcentuais.
- Empregadas de tipo administrativo, onde supera de novo á de homes en 2,52 puntos.

Dende outra óptica de análise e tendo en conta as variacións medias de referencia, vemos a evolución diferente dos grupos que imos tratar a continuación. Xa que logo, pódese dicir que os grupos que presentan maior crecemento son os de:

- Traballadores non cualificados, variación media de 11,40%.
- Técnicos e profesionais de apoio, variación media de 10,57%.

No polo oposto están os grupos que presentan maior regresión contractual, que neste caso, son só tres dos nove sinalados:

- Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería; variación media de -6,82%.
- Técnicos profesionais, científicos e intelectuais; variación media de -1,1%.
- Operadores de instalacións e maquinaria e montadores; -0,39%.

Se a maiores da distribución anterior se ten en conta a variable do xénero, cómpre sinalar os grupos de maior crecemento nos homes:

- Traballadores non cualificados; variación media de 10,06%.
- Técnicos e profesionais de apoio; 5,24%.

Os grupos con maior crecemento da contratación a mulleres son:

- Técnicas e profesionais de apoio; variación media de 23,59%.
- Traballadoras non cualificadas; 15,34%.
- Técnicas profesionais, científicas e intelectuais; 7,46%.

Pola contra, os grupos que presentan unha regresión contractual entre os homes son tres:

- Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería, variación media de -6,60%
- Técnicos profesionais, científicos e intelectuais; -4,19%.
- Operadores de instalacións e maquinaria e montadores; -2,50%.

E para concluír a análise, hai que dicir que só un grupo amosa un retroceso da contratación nas mulleres. Este grupo é o de artesás/traballadoras cualificadas industria manufactureira, construción e minería, cunha variación media de -9,24%.

5.4.6. Ocupacións máis contratadas

Táboa 30: *As dez ocupacións máis contratadas na comarca. Ano 2003.*

		TOTAL		HOMES		MULLERES		RATIO
CNO	OCUPACIÓNS	N.º	%	N.º	%	N.º	%	MASCUL.[1]
97000011	Peón da ind. manufactureira	511	18,62	400	20,61	111	13,82	78,28
71100016	Albanel	180	6,56	178	9,17	2	0,25	98,89
97000084	Peón da industria metalúrxica e fabricación de produtos do metal	141	5,14	138	7,11	3	0,37	97,87
98000050	Mozo carga/descarga, almacén	135	4,92	109	5,62	26	3,24	80,74
42100010	Empregado administrativo	122	4,45	38	1,96	84	10,46	31,15
53300010	Dependente de comercio	84	3,06	17	0,88	67	8,34	20,24
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador	80	2,92	3	0,15	77	9,59	3,75
71300160	Montador carpintería metálica, aluminio, pvc, persianas	78	2,84	70	3,61	8	1,00	89,74
50200018	Camareiro	74	2,70	32	1,65	42	5,23	43,24
86300016	Condutor de camión	74	2,70	71	3,66	3	0,37	95,95
	TOTAL	**1.479**	**53,90**	**1.056**	**54,40**	**423**	**52,68**	**71,40**

(1) Ratio de Masculinidade = (N.º de contratos realizados a homes/ N.º total de contratos) x 100

Máis da metade da contratación, o 53,9% realízase en torno ás dez ocupacións anteriores, nas que vemos o predominio da ocupación de peón da industria manufactureira, co 18,62% da contratación. En segundo lugar están os albaneis, co 6,56%, seguidos dos peóns da industria metalúrxica e fabricación de produtos de metal, co 5,14%. Conxuntamente, as tres primeiras ocupacións supoñen o 30,32% da contratación da comarca.

As ocupacións máis contratadas entre os homes son as de peón da industria manufactureira, albanel, e peón da industria metalúrxica e fabricación de produtos do metal. En cambio entre as mulleres as máis contratados son as de peón da industria manufactureira, empregada administrativa, e muller/mozo limpeza, limpador.

Nas dez ocupacións anteriores predomina a contratación masculina, como se aprecia no ratio de masculinidade de 71,40%. En cinco das ocupacións da anterior distribución predomina de forma notable a contratación de homes, onde a ratio está por riba do 80%. Estas ocupacións son as de: albanel, peón da industria metalúrxica, condutor de camión, montador de carpintería metálica, e mozo carga/descarga de almacén.

En cambio detéctase unha maior presenza feminina (cunha ratio inferior ao 21%) na ocupación de muller/mozo de limpeza, limpador, e dependenta de comercio.

TÁBOA 31: Evolución das dez ocupacións máis contratadas entre 1999 e 2003.

CNO	OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS	1999	2000	2001	2002	2003
97000011	**Peón da ind. manufactureira**	**456**	**587**	**655**	**760**	**511**
71100016	**Albanel**	**237**	**227**	**204**	**149**	**180**
97000084	**Peón da industria metalúrxica e fabricación de produtos de metal**	1	0	1	0	**141**
98000050	**Mozo carga/descarga, almacén**	18	29	**67**	**112**	**135**
42100010	**Empregado administrativo**	**130**	**164**	**140**	**170**	**122**
53300010	**Dependente de comercio**	**96**	**99**	**99**	**114**	**84**
91210016	**Muller/mozo limpeza, limpador**	**69**	**66**	**68**	**61**	**80**
71300160	**Montador carpintería metálica, aluminio, pvc, persianas**	1	0	0	7	**78**
50200018	**Camareiro**	**57**	**64**	50	**57**	**74**
86300016	**Condutor de camión**	**178**	**140**	**144**	**85**	**74**
86100054	CONDUTOR DE FURGONETA ATA 3,5 T.	12	28	**66**	**112**	67
25130104	MÚSICO INSTRUMENTISTA	**69**	**76**	**76**	**68**	57
71300137	CARPINTEIRO DE ALUMINIO	**324**	**390**	**165**	16	46
72300015	INSTALADOR ELECTRICISTA	51	**52**	58	41	29
96020014	PEÓN DA CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIOS	**62**	7	12	12	22

A ocupación máis contratada no 2003, a de peón da industria manufactureira, que supera con moito ao resto de ocupacións, presenta un crecemento contractual en todo o período de referencia, cunha variación media de 2,89%. A evolución desta ocupación caracterízase por amosar un crecemento continuo ata o ano 2002 e reducirse no último ano, cando ofrece unha variación interanual de -32,76%. Malia todo, consegue manter un volume contractual superior ao do inicio en 55 contratos.

Na segunda ocupación, a de albanel, hai unha tendencia de evolución negativa que culminará ofrecendo unha variación media de -6,65%. Ao contrario do que sucede na anterior, esta ocupación perde peso ata o ano 2002 de forma progresiva, recuperándose en 2003, cando a variación interanual para ese ano é de 20,81%.

Dúas ocupacións da táboa, a de peón da industria metalúrxica e a de montador de carpintería metálica sitúanse dentro da serie das máis contratadas no último ano, sendo as dúas que maior incremento presentan. Por outra banda, seis das ocupacións logran manterse todos os anos entre as máis contratadas. Estas son as de peón da industria manufactureira, albanel, empregado administrativo, dependente de comercio, muller/mozo da limpeza e condutor de camión.

Atendendo ás variacións medias que rexistran as diferentes ocupacións, pódese dicir que as que presentan maior crecemento contractual, á parte das sinaladas, son as de:

- Mozo de carga/descarga, almacén; variación media de 65,49%.
- Condutor de furgoneta ata 3,5 toneladas co 53,72% de variación media.

Pola contra as que presentan o maior retroceso son:

- Carpinteiro de aluminio; variación media de -38,62%.
- Peón da construción de edificios; -22,82%.
- Condutor de camión; -19,70%.



Comarca de Ordes

5.1. TECIDO EMPRESARIAL

5.1.1. Tecido empresarial comarcal. Situación actual

A comarca de Ordes presenta unha forte concentración de empresas no sector servizos integrando o 57,9% delas. A continuación estarían os sectores da construción, co 22,63%, e o secundario, co 16,57%. No referente aos subsectores de servizos, é o de comercio e hostalería o que engloba a maior parte das empresas, en concreto o 32,79%, seguido en nivel de importancia polo de outros servizos, co 19,81%.

A maior parte dos traballadores, en cambio, agrúpanse no sector primario, co 32,94%, seguido moi de cerca polo de servizos, co 31,43%, e xa, a unha maior distancia, polo secundario e da construción, que tamén posúen porcentaxes análogas, do 18,12% e do 17,51% respectivamente. Neste caso os subsectores de servizos máis significativos son os de comercio e hostalería, co 15,89%, e o de outros servizos, co 11,84%.

Os autónomos están na súa maioría incluídos dentro do sector servizos, no que se rexistran o 63,5%. Nun segundo plano aparece o sector da construción, co 21,58%, e o secundario, co 12,17%. Facendo unha análise máis pormenorizada dos subsectores dos servizos, pódese observar que no de comercio e hostalería enmárcase o 42,44% dos traballadores autónomos da comarca, mentres que no de outros servizos fano o 12,5%.

5.1.2. Evolución anual

Táboa 1: *Evolución do número de empresas. Período 1999-2003.*

	EMPRESAS				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	**100**	**105**	**119**	**77**	**34**
Agricultura e pesca	100	105	119	77	34
SECTOR SECUNDARIO	**184**	**202**	**199**	**184**	**194**
Industria	184	202	199	184	193
Electricidade	0	0	0	0	1
SECTOR CONSTRUCIÓN	**266**	**264**	**274**	**275**	**265**
Construción	266	264	274	275	265
SECTOR SERVIZOS	**634**	**595**	**635**	**646**	**678**
Comercio e hostalería	346	350	373	359	384
Transporte e comunicacións	45	52	58	63	62
Outros servizos	243	193	204	224	232
TOTAL	**1.184**	**1.166**	**1.227**	**1.182**	**1.171**

GRÁFICO 1: Variacións interanuais do número de empresas por sector económico. Período 1999-2003.



No conxunto das empresas da comarca de Ordes existe un leve descenso en números absolutos entre os anos 1999 e 2003, aínda que presenta unha tendencia á estabilidade, cunha variación media do -0,28%. O comportamento das empresas nestes cinco anos é negativo en todos os intervalos temporais, agás no 2000-2001, no que amosan unha subida.

O sector primario é o que rexistra un maior descenso, cunha variación media do -23,64%, e unha redución importante nos dous últimos intervalos do período, con variacións interanuais do -35,29% (entre os anos 2001 e 2002) e do -55,84% (entre o 2002 e o 2003). O sector da construción tamén manifesta unha redución, neste caso case inapreciable, cunha variación media do -0,09%, sen reflectir oscilacións importantes ao longo destes cinco anos.

En cambio, no sector secundario dáse un lixeiro ascenso, acadando unha variación media do 1,33%, despois de reducirse nos intervalos intermedios do quinquenio e incrementarse nos restantes.

O sector servizos tamén presenta unha leve subida, cunha variación media do 1,69%. Este sector só decrece entre os anos 1999 e 2000, e aumenta de forma paulatina nos demais. Dentro deste sector, o subsector de comercio e hostalería presenta unha variación media semellante á do conxunto, do 2,64%, aínda que evoluciona de diferente modo, posto que se reduce entre os anos 2001 e 2002 e aumenta nos restantes. Porén, o de transporte e comunicacións medra por encima do sector, cunha variación media do 8,34%, descendendo só de forma leve no intervalo final e ascendendo considerablemente nos restantes. Por último, o subsector de outros servizos diminúe lixeiramente, obtendo unha variación media do -1,15% e rexistrando un forte decrecemento entre os anos 1999 e 2000.

TÁBOA 2: Evolución do número de traballadores. Período 1999-2003.

	TRABALLADORES				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	**2.696**	**2.844**	**2.978**	**2.952**	**2.979**
Agricultura e pesca	2.696	2.844	2.978	2.952	2.979
SECTOR SECUNDARIO	**1.307**	**1.422**	**1.430**	**1.523**	**1.639**
Industria	1.307	1.422	1.430	1.523	1.638
Electricidade	0	0	0	0	1
SECTOR CONSTRUCIÓN	**1.421**	**1.413**	**1.428**	**1.549**	**1.583**
Construción	1.421	1.413	1.428	1.549	1.583
SECTOR SERVIZOS	**2.155**	**2.290**	**2.514**	**2.725**	**2.842**
Comercio e hostalería	1.307	1.237	1.371	1.402	1.437
Transporte e comunicacións	211	245	286	323	334
Outros servizos	637	808	857	1.000	1.071
TOTAL	**7.579**	**7.969**	**8.350**	**8.749**	**9.043**

O número de traballadores da comarca increméntase no período comprendido entre os anos 1999 e 2003 e obtén unha variación media do 4,51%, conseguida tras un aumento constante durante o transcurso destes cinco anos.

Deste xeito, todos os sectores produtivos presentan un aumento do número de traballadores. O dos servizos é o que máis medra, logrando unha variación media do 7,16%, tras un crecemento paulatino en todo o período, sobre todo nos anos intermedios. Dentro deste sector, os subsectores de transporte e comunicacións e de outros servizos crecen por encima da media, con variacións medias do 12,17% e 13,87% respectivamente. En cambio, o de comercio e hostalería experimenta unha subida menor, cunha variación media do 2,4%, e mesmo unha redución no intervalo inicial.



***Gráfico 2**: Variacións interanuais do número de traballadores por sector económico. Período 1999-2003.*

Neste intervalo tamén diminúe levemente o sector da construción, aínda que se recupera nos posteriores, de forma máis marcada no 2001-2002, cunha variación interanual do 8,47%. A variación media final para este sector é do 2,74%.

Os sectores primario e secundario ofrecen variacións medias do 2,53% o primeiro e do 5,82% o segundo. No caso do secundario, a progresión é constante durante todo o quinquenio, acadando os crecementos maiores nos intervalos inicial e final do período. En cambio, no sector primario dáse unha pequena diminución do número de traballadores entre os anos 2001 e 2002 e un aumento nos restantes.

***Táboa 3:** Evolución do número de autónomos. Período 1999-2003.*

	AUTÓNOMOS				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	**27**	**36**	**42**	**49**	**57**
Agricultura e pesca	27	36	42	49	57
SECTOR SECUNDARIO	**212**	**236**	**257**	**258**	**252**
Industria	211	235	256	257	251
Electricidade	1	1	1	1	1
SECTOR CONSTRUCIÓN	**300**	**332**	**378**	**409**	**447**
Construción	300	332	378	409	447
SECTOR SERVIZOS	**928**	**1.053**	**1.183**	**1.253**	**1.315**
Comercio e hostalería	632	706	797	835	879
Transporte e comunicacións	128	144	161	175	177
Outros servizos	168	203	225	243	259
TOTAL	**1.467**	**1.657**	**1.860**	**1.969**	**2.071**

O sector servizos é novamente o que rexistra un maior aumento dos traballadores autónomos: obtén unha variación media do 9,1% e acada a maior subida entre os anos 1999-2000 e 2000-2001, cunha variación interanual do 13,47% e 12,35% respectivamente. Os subsectores de comercio e hostalería, e transporte e comunicacións presentan unha evolución semellante á do sector, mentres que o de outros servizos crece por encima do conxunto, cunha variación media do 11,43%; resulta salientable a variación interanual que se dá entre os anos 1999 e 2000, un 20,83%.



***Gráfico 3:** Variacións interanuais do número de autónomos por sector económico. Período 1999-2003.*

O sector da construción tamén aumenta de forma considerable; logra unha variación media do 10,48%, conseguida despois dun crecemento constante nestes cinco anos sen manifestar oscilacións importantes. Só hai que sinalar que a variación interanual máis alta, do 13,86%, rexístrase no intervalo 2000-2001. O sector primario consegue unha variación media do 20,54%, cunha traxectoria positiva nestes cinco anos, sendo destacable a variación interanual do intervalo 1999-2000, do 33,33%.

Por último, o sector secundario rexistra a única variación interanual negativa de todo o quinquenio, entre os anos 2002 e 2003. Malia o dito descenso, este sector logra unha variación media positiva do 4,42%, presentando, o mesmo que os demais sectores, as subidas máis importantes nos dous primeiros intervalos do período.

Toda esta situación devén nun crecemento de forma global dos traballadores autónomos da comarca de Ordes, na que se observa unha variación media do 9% e un crecemento constante durante estes cinco anos, sobre todo entre o 1999 e o 2001.

5.2. DEMANDAS

5.2.1. Demandantes por concello

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Cerceda	261	145	406
Frades	121	54	175
Mesía	143	58	201
Ordes	628	355	983
Oroso	278	137	415
Tordoia	153	87	240
Trazo	187	62	249
TOTAL	**1.771**	**898**	**2.669**

TÁBOA 4: Distribución dos demandantes segundo os concellos da comarca.

% comarca/provincia – PARADOS	**2,68**
% comarca/provincia - NON PARADOS	**2,95**

En 2003 recibíronse na comarca de Ordes un total de 2.669 demandas de emprego, repartidas de forma maioritaria entre os parados, que superan aos non parados en todos os concellos, representando o 66,35% do total.



GRÁFICO 4: Distribución dos demandantes da comarca por concello.

En relación coa provincia da Coruña, os non parados acadan un peso relativo lixeiramente superior ao dos parados, supoñendo respectivamente o 2,95% e o 2,68% dos demandantes provinciais.

No concello de Ordes agrúpanse a maior parte dos demandantes da comarca, en concreto o 36,83% destes. A continuación en orde de importancia sitúanse os de Oroso e Cerceda, co 15,55% e 15,21% respectivamente. Os demais concellos distribúense de forma semellante o 32,41% do resto das demandas.

5.2.2. Evolución dos demandantes parados

	TRABALLADORES				
	1999	2000	2001	2002	2003
PARADOS COMARCA	1.623	1.656	1.657	1.682	1.771
VARIACIÓN INTERANUAL %	–	2,03	0,06	1,51	5,29
COMARCA/TOTAL PROVINCIA	2,76	2,77	2,85	2,63	2,68

TÁBOA 5: Evolución dos demandantes parados.

A evolución dos demandantes parados da comarca no período comprendido entre os anos 1999 e 2003 presenta, tal e como se pode observar na táboa e gráficos anteriores, unha tendencia ao incremento. Deste xeito, a progresión é constante ano a ano, sen amosar oscilacións salientables, dándose a subida máis importante no intervalo final, cunha variación interanual do 5,29%.



GRÁFICO 5: Evolución dos demandantes parados da comarca.

No referente ao peso relativo dos demandantes en paro en relación coa provincia da Coruña, aumenta levemente ata o ano 2001 e redúcese tamén de forma leve nos posteriores; o quinquenio remata cunha representatividade máis reducida que ao inicio deste.

5.2.3. Caracterización da situación sociolaboral dos demandantes de emprego

Táboa 6: Situación laboral dos demandantes

		VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	354	13,26	12,67
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	1.417	53,09	55,76
NON PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	110	4,12	3,98
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	298	11,17	11,46
	Con traballo a tempo parcial e prestación compatible	114	4,27	4,73
	En expediente de regulación de emprego	63	2,36	2,34
	Demandantes de mellora de emprego	184	6,89	5,98
	Demandantes de emprego de menos de 20 h	101	3,78	2,38
	Resto de demandantes	28	1,05	0,71
	TOTAL	**2.669**	**100,00**	**100,00**

A maioría dos demandantes de emprego da comarca son parados con emprego anterior, pois representan o 53,09% do total. A este colectivo séguelle en nivel de importancia o dos parados sen emprego anterior, co 13,26%, e o dos non parados con emprego anterior, co 11,17%.

En comparación coa provincia da Coruña, existe unha situación case idéntica, insinuándose só un maior peso porcentual dos demandantes parados con emprego anterior no ámbito provincial.

5.2.4. Demandantes de emprego por sexo e idade

Táboa 7.1: Demandantes parados por sexo e grupos de idade.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	HOMES %	MULLERES %	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	125	194	7,06	10,95	18,01	17,50
26 a 35 anos	191	284	10,78	16,04	26,82	30,43
36 a 45 anos	142	228	8,02	12,87	20,89	22,04
46 a 55 anos	203	138	11,46	7,79	19,25	17,68
56 e máis anos	179	87	10,11	4,91	15,02	12,34
TOTAL COMARCA	**840**	**931**	**47,43**	**52,57**	**100,00**	**2,68**
TOTAL PROVINCIA	**26.764**	**39.271**	**40,53**	**59,47**	**2,68**	**100,00**

O 52,57% dos demandantes parados da comarca de Ordes son mulleres, polo que se observa unha maior tendencia á igualdade entre sexos na comarca, dado que na provincia a porcentaxe de mulleres paradas elévase ata o 59,47%, supoñendo 6,9 puntos máis que na comarca.

En relación coa distribución por idade, hai que matizar que en todos os tramos as mulleres superan porcentualmente aos homes, agás nos dous grupos maiores de 45 anos onde a situación é a contraria. Deste xeito, os intervalos con maior transcendencia no caso das mulleres son os de 26 a 35 anos, co 16,04%, e de 36 a 45 anos, co 12,87%. Pola contra, o grupo cun maior peso entre os homes é o de 46 a 55 anos, co 11,46%, seguido nesta ocasión polo de 26 a 35 anos, co 10,78%.

Isto indica, de forma conxunta, que o grupo de idade máis numeroso de demandantes parados no ámbito comarcal é o de 26 a 35 anos, que representa o 26,82% do total, situándose a continuación o de 36 a 45 anos, co 20,89%. Comparando estes datos cos da provincia, advírtese que non se produce unha gran disparidade entre os dous territorios: as diferenzas máis salientables son o incremento nesta última do peso dos demandantes de entre 26 e 35 anos en 3,61 puntos e a diminución en 2,68 puntos dos de máis de 55 anos.

TÁBOA 7.2: Demandantes non parados por sexo e grupos de idade.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	HOMES %	MULLERES %	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	63	107	7,02	11,92	18,93	18,07
26 a 35 anos	64	152	7,13	16,93	24,05	27,98
36 a 45 anos	51	123	5,68	13,70	19,38	19,81
46 a 55 anos	75	77	8,35	8,57	16,93	17,58
56 e máis anos	123	63	13,70	7,02	20,71	16,55
TOTAL COMARCA	**376**	**522**	**41,87**	**58,13**	**100,00**	**2,95**
TOTAL PROVINCIA	**12.680**	**17.790**	**41,61**	**58,39**	**2,95**	**100,00**

Entre os demandantes de emprego non parados, as mulleres seguen sendo o colectivo que maior peso achega ao conxunto, co 58,13%, circunstancia que se repite na provincia da Coruña, nesta ocasión cunha distribución por sexos case idéntica en ambos os territorios.

Debido ao seu menor peso porcentual, os homes obteñen unha representación máis baixa cas mulleres en todos os grupos de idade, agás no de máis de 55 anos, onde as superan en 6,68 puntos, converténdose este tramo no máis voluminoso entre os homes, co 13,7%, seguido polo do de 46 a 55 anos, co 8,35%. En cambio, os grupos con maior importancia cuantitativa no caso feminino son os de 26 a 35 anos, co 16,93%, e de 36 a 45 anos, co 13,7%.

Analizando os dous sexos de forma agrupada, obsérvase que o intervalo con maior representación porcentual é o de 26 a 35 anos, co 24,05%, situándose a continuación o de máis de 55 anos, co 20,71%. No conxunto da provincia, hai unha porcentaxe levemente superior no primeiro intervalo e algo máis baixa no segundo.

Tal e como se pode observar no gráfico anterior, o colectivo de parados supera porcentualmente ao de non parados en todos os tramos de idade, dándose a diferenza máis forte no de 26 a 35 anos, no que se sitúan 9,71 puntos por encima.

Globalmente, tendo en conta a idade, o intervalo con maior representatividade é o de 26 a 35 anos, que representa algo máis da cuarta parte da demanda total, co 25,89%, seguido polo de 36 a 45 anos, co 20,38%. No caso extremo sitúanse os maiores de 55 anos, que supoñen o 16,94% dos demandantes da comarca de Ordes.



GRÁFICO 6: Distribución porcentual do total de demandantes por grupos de idade.

GRÁFICO 7: *Distribución porcentual do total de demandantes por sexo.*



Máis da metade dos demandantes de emprego da comarca son mulleres, en concreto o 54,44%. Dende outra óptica, en ambos os dous sexos os demandantes parados superan porcentualmente aos non parados, sendo a diferenza a prol dos primeiros, de 17,38 puntos nos homes e de 15,32 puntos nas mulleres.

5.2.5. Demandantes por nivel académico

TÁBOA 8.1: *Distribución dos demandantes parados por nivel académico.*

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Ata certificado de escolaridade*	813	45,91	31,78
Titulación de ensinanza obrigatoria	582	32,86	37,12
Formación profesional	115	6,49	5,63
BUP/Bacharelato superior/COU	119	6,72	12,20
Titulados universitarios	102	5,76	11,17
Outras titulacións	40	2,26	2,11
TOTAL	**1.771**	**100,00**	**100,00**

** Inclúe: sen estudos, estudos primarios e certificado de escolaridade*

O 45,91% dos demandantes parados teñen como máximo o certificado de escolaridade, mentres que o 32,86% obtiveron a titulación de ensinanza obrigatoria. Nun segundo nivel sitúanse os que teñen o bacharelato, o 6,72%, e a formación profesional, 6,49%.

Na provincia da Coruña é menor a porcentaxe dos que posúen ata o certificado de escolaridade, 14,13 puntos menos; porén, os que teñen ensinanza obrigatoria aumentan en 4,26 puntos, do mesmo xeito que o fan os que acadaron o bacharelato e a titulación universitaria, que crecen en 5,48 puntos e 5,41 puntos respectivamente.

TÁBOA 8.2: *Distribución dos demandantes non parados por nivel académico.*

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Ata certificado de escolaridade	417	46,44	30,62
Titulación de ensinanza obrigatoria	257	28,62	33,40
Formación profesional	50	5,57	5,72
BUP/Bacharelato superior/COU	82	9,13	15,70
Titulados universitarios	74	8,24	13,03
Outras titulacións	18	2,00	1,53
TOTAL	**898**	**100,00**	**100**

A maior parte dos demandantes non parados posúen o certificado de escolaridade, en concreto o 46,44%. A continuación sitúanse os que teñen a titulación de ensinanza obrigatoria, o 28,62%; os que obtiveron o bacharel, o 9,13%; e os titulados universitarios, o 8,24%.

Comparando estes datos cos da provincia, evidénciase un decrecemento de 15,82 puntos nos que teñen ata o certificado de escolaridade. O grupo máis importante a escala provincial é o de titulación de ensinanza obrigatoria, que experimenta unha subida de 4,78 puntos, acompañado nesta evolución polos de bacharelato e titulación universitaria, que medran conxuntamente 11,36 puntos por riba dos valores comarcais.

5.2.6. Demandantes parados por tempo de busca de emprego

TÁBOA 9: *Distribución dos demandantes parados segundo o sexo e a idade por tempo de busca de emprego.*

		Menos de 6 meses %	De 6 meses a 1 ano %	Máis de 1 ano %	TOTAL %
Menor de 26 anos	Homes	5,70	0,96	0,40	7,06
	Mulleres	7,40	1,98	1,58	10,95
26 a 35 anos	Homes	7,96	1,19	1,64	10,78
	Mulleres	7,62	2,48	5,93	16,04
36 a 45 anos	Homes	5,31	0,96	1,75	8,02
	Mulleres	4,80	1,47	6,61	12,87
46 a 55 anos	Homes	5,87	1,19	4,40	11,46
	Mulleres	2,82	1,07	3,90	7,79
56 e máis anos	Homes	2,37	1,24	6,49	10,11
	Mulleres	0,62	0,51	3,78	4,91
TOTAL COMARCA		**50,48**	**13,04**	**36,48**	**100,00**
TOTAL PROVINCIA		**48,04**	**14,84**	**37,13**	**100,00**

Na comarca de Ordes algo máis da metade dos demandantes parados levan na procura de emprego menos de seis meses, en concreto o 50,48%. A continuación sitúanse os que levan nesta situación máis dun ano, que son o 36,48%.

A relación entre a idade e o tempo de busca de emprego reflite unha tendencia ao paro de menos de seis meses en todos os grupos de idade excepto no máis avanzado, de máis de 55 anos, onde esta situación se inverte cara ao paro de longa duración.

Facendo unha análise máis pormenorizada segundo o sexo, obsérvase que nas demandantes paradas maiores de 35 anos a tendencia é ao paro de longa duración, circunstancia que nos homes non se produce ata os 56 anos.

Entre os demandantes parados de menos de seis meses a presenza masculina é superior á feminina, cunha diferenza porcentual de 3,95 puntos. Pola contra, no paro de máis dun ano, as mulleres superan aos homes en 7,12 puntos, feito que remarca de novo a maior presenza feminina no paro de longa duración.

Comparando esta realidade coa da provincia da Coruña, evidénciase unha situación moi parecida, con valores relativos practicamente idénticos.

5.2.7. Demandantes por sectores económicos de procedencia

TÁBOA 10: *Demandantes por actividade económica.*

	PARADOS			NON PARADOS		
	Comarcal N.º	Comarcal %	Provincial %	Comarcal N.º	Comarcal %	Provincial %
Sector primario	29	1,64	2,00	35	3,90	2,78
Sector secundario	383	21,63	17,16	214	23,83	18,47
Construción	358	20,21	13,36	90	10,02	8,13
Sector servizos	646	36,48	49,08	377	41,98	54,02
Sen actividade previa	355	20,05	18,41	182	20,27	16,59
TOTAL	**1.771**	**100,00**	**100,00**	**898**	**100,00**	**100,00**

Atendendo á actividade económica de procedencia, a maior parte dos demandantes parados da comarca proveñen do sector servizos, no que se inclúen o 36,48% do total. A continuación sitúanse, moi próximos porcentualmente, os que veñen do sector secundario, 21,63%, e do da construción, 20,21%. A escala provincial repítese a mesma orde de importancia dos diferentes sectores, malia que se incrementan os parados orixinados no sector servizos en 12,6 puntos, asemade que se reducen en 4,47 puntos os do sector secundario e en 6,85 puntos os da construción.

O 41,98% dos demandantes non parados orixínanse novamente no sector servizos, seguido neste caso tamén polo secundario, 23,83%, e polo da construción, 10,02%. No conxunto da provincia os demandantes non parados dos servizos supoñen 12,04 puntos máis que os da comarca, do mesmo xeito que os do sector secundario e da construción diminúen en 5,36 puntos e 1,89 puntos respectivamente.

De forma conxunta, os demandantes de emprego da comarca de Ordes proceden na súa maior parte do sector servizos, que engloba o 38,33%, seguidos polos do sector secundario, co 22,37%, e polo da construción, co 16,78% do total da demanda.

Gráfico 8: *Demandantes parados na industria.*



Cómpre salientar, en primeiro lugar, que o 63% dos demandantes parados procedentes da industria orixínanse na actividade de téxtil e confección. Nun segundo nivel agrúpanse de forma máis regular as actividades restantes, encabezadas pola de outras industrias, co 13%.

Gráfico 9: *Demandantes parados nos servizos.*



Tendo en conta os demandantes derivados dos servizos, catro actividades presentan unha porcentaxe semellante, obtendo de forma conxunta o 73% do total. Estas actividades son as de comercio, actividades inmobiliarias e servizos a empresas, administracións públicas e hostalería.

5.2.8. As dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego

Táboa 11: *Ocupacións máis demandadas.*

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	202	7,57	7,21
Empregado administrativo, en xeral	194	7,27	8,93
Peón da ind. manufactureira, en xeral	177	6,63	3,87
Operario máquina industrial coser á plana	144	5,40	2,29
Peón da construción de edificios	140	5,25	2,57
Dependente de comercio, en xeral	140	5,25	8,97
Albanel	125	4,68	2,65
Camareiro, en xeral	79	2,96	2,68
Cociñeiro, en xeral	59	2,21	1,41
Condutor de camión, en xeral	46	1,72	0,77

5.2.9. Perfil tipo dos demandantes de emprego

TÁBOA 12: Perfil máis representativo.

	PERFIL COMARCAL TIPO	PERFIL PROVINCIAL TIPO
Situación laboral	Parados con emprego anterior	Parados con emprego anterior
Sexo	Mulleres	Mulleres
Grupo idade	De 26 a 35 anos	De 26 a 35 anos
Nivel académico	**Ata certificado de escolaridade**	Titulacion ensinanza obrigatoria
Duración demanda	Menos de 6 meses	Menos de 6 meses
Sector	Servizos	Servizos
Ocupación máis demandada	**Muller/mozo limpeza, limpador**	Dependente de comercio

5.3. OFERTAS

5.3.1. Ofertas no servizo público de emprego galego 2003. Evolución

Táboa 13: *Número de ofertas por concellos. Ano 2003.*

	TOTAL OFERTAS	TOTAL %
Cerceda	58	8,42
Frades	19	2,76
Mesía	24	3,48
Ordes	494	71,70
Oroso	51	7,40
Tordoia	18	2,61
Trazo	25	3,63
TOTAL COMARCA	**689**	**100,00**

TOTAL OFERTAS PROVINCIA:	**32.600**
COMARCA/PROVINCIA:	**2,11**

Na comarca de Ordes recibíronse no ano 2003 un total de 689 ofertas de emprego, que representan o 2,11% das recollidas na provincia da Coruña.

É importante sinalar que algo máis de sete de cada dez destas ofertas foron orixinadas no concello de Ordes, en concreto o 71,7%. Este concello é seguido a considerable distancia polo de Cerceda, co 8,42%, e polo de Oroso, co 7,4% do total.

Táboa 14: *Evolución das ofertas. Período 1999-2003. Valores absolutos e relativos.*

	N.º OFERTAS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Cerceda	21	24	18	21	58	14,29	-25,00	16,67	176,19	28,91
Frades	2	28	23	56	19	1300,00	-17,86	143,48	-66,07	75,56
Mesía	0	9	19	9	24		111,11	-52,63	166,67	
Ordes	423	443	369	378	494	4,73	-16,70	2,44	30,69	3,96
Oroso	37	53	33	96	51	43,24	-37,74	190,91	-46,88	8,35
Tordoia	22	8	13	12	18	-63,64	62,50	-7,69	50,00	-4,89
Trazo	9	21	5	28	25	133,33	-76,19	460,00	-10,71	29,10
TOTAL COMARCA	**514**	**586**	**480**	**600**	**689**	**14,01**	**-18,09**	**25,00**	**14,83**	**7,60**
TOTAL PROVINCIA	**29.835**	**37.922**	**30.755**	**30.380**	**32.600**	**27,11**	**-18,90**	**-1,22**	**7,31**	**2,24**

O concello de Ordes reflite un incremento no seu número de ofertas no transcurso destes cinco anos. Así, acada unha variación media do 3,96%, sendo salientable no seu comportamento a redución que rexistra entre os anos 2000-2001, cunha variación interanual do -16,7%, así como o importante aumento no intervalo 2002-2003, cando logra unha variación interanual do 30,69%.

Agás o concello de Tordoia, no que as ofertas sofren unha redución, nos restantes a tendencia é ao crecemento; cómpre destacar entre todos eles o caso do de Trazo, onde hai aumento maior ao obter unha variación media do 29,10%.

No conxunto da comarca, a evolución é do mesmo xeito positiva, cunha variación media do 7,6%, conseguida a pesar do descenso que se rexistra no intervalo 2000-2001, cando obtén unha variación interanual do -18,09%, seguida dun importante incremento no intervalo posterior, 25%. Na provincia da Coruña tamén se observa un crecemento das ofertas, acadando neste caso unha variación media menor, o 2,24%, e presentando tamén unha redución no intervalo 2000-2001, aínda que neste territorio vai acompañada por outro pequeno descenso no intervalo seguinte.

Debido á concentración da maioría das ofertas no concello de Ordes, agrúpanse os restantes para comparar a súa evolución coa deste. Pódese observar que, tanto en Ordes como nos concellos restantes, as ofertas de emprego manifestan unha redución no ano 2001, do mesmo xeito que se incrementan no ano posterior, de forma máis marcada no conxunto de concellos. Finalmente, en 2003 aumenta fortemente en Ordes o número de ofertas, mentres que no resto de concellos volven a diminuír levemente.



Gráfico 10: *Evolución do número de ofertas dos concellos da comarca.*

5.3.2. Ofertas segundo os sectores de actividade económica

	PRIMARIO		SECUNDARIO		CONSTRUCIÓN		SERVIZOS	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Cerceda	2	50,00	0	0,00	18	11,04	38	10,41
Frades	0	0,00	4	2,55	6	3,68	9	2,47
Mesía	1	25,00	0	0,00	15	9,20	8	2,19
Ordes	1	25,00	146	92,99	106	65,03	241	66,03
Oroso	0	0,00	1	0,64	10	6,13	40	10,96
Tordoia	0	0,00	5	3,18	2	1,23	11	3,01
Trazo	0	0,00	1	0,64	6	3,68	18	4,93
TOTAL COMARCA	**4**	**100,00**	**157**	**100,00**	**163**	**100,00**	**365**	**100,00**
TOTAL PROVINCIA	**338**		**3.112**		**5.814**		**23.331**	

Tábua 15: *Distribución das ofertas por concellos segundo os sectores económicos. Valores absolutos e relativos en relación co total da comarca.*

En todos os sectores produtivos, agás no primario, a maioría das ofertas aparecen no concello de Ordes. Nin en Cerceda nin en Mesía se rexistra ningunha oferta no sector secundario, recibindo Ordes o 92,99% delas.

No sector da construción, despois do concello de Ordes está o de Cerceda, co 11,04% das ofertas. En cambio, no de servizos esta posición ocúpaa o de Oroso, co 10,96% das ofertas.

Algo máis da metade das ofertas laborais da comarca de Ordes orixínanse no sector servizos, que recibe o 52%. A continuación sitúanse os sectores da construción e o secundario, con porcentaxes semellantes, do 24% e o 23% respectivamente.

En relación co ámbito provincial, cabe sinalar que neste último se incrementan en 20 puntos as ofertas derivadas do sector servizos, ao mesmo tempo que se reducen en 13 puntos as procedentes do sector secundario e en 6 as do sector da construción.



Gráfico 11: *Distribución porcentual das ofertas por sectores económicos.*

GRÁFICO 12: *Distribución porcentual das ofertas na industria.*



O elemento máis significativo das ofertas da industria é que oito de cada dez proveñen da actividade de téxtil e confección. O 20% restante distribúese entre outras catro actividades, encabezadas pola de outras industrias, co 11% do total.

GRÁFICO 13: *Distribución porcentual das ofertas nos servizos.*



Dentro dos servizos, o 45% das ofertas de emprego derívanse das administracións públicas, seguidas a considerable distancia polas de hostalería, co 20%. A continuación sitúanse as demais actividades, onde as de actividades inmobiliarias e servizos a empresas, comercio e servizos á comunidade agrupan o 24% das ofertas.

TÁBOA 16: *Evolución das ofertas por sectores económicos.*

	1999	2000	2001	2002	2003
Primario	3	8	16	23	4
Secundario	180	160	145	110	157
Construción	151	156	136	136	163
Servizos	180	262	183	331	365
TOTAL COMARCA	**514**	**586**	**480**	**600**	**689**
TOTAL PROVINCIA	**29.835**	**37.922**	**30.755**	**30.380**	**32.600**

Atendendo aos sectores económicos de procedencia, o único onde as ofertas descenden entre os anos 1999 e 2003 é o secundario, que acada unha variación media negativa do -3,36%, obtida tras unha diminución continuada nos tres primeiros intervalos do período, seguida dunha forte recuperación no último, onde logra unha variación interanual do 42,73%.

Nos sectores restantes, polo tanto, as ofertas tenden ao crecemento. A maior subida aparece no de servizos, cunha variación media do 19,33%; neste sector é destacable o seu comportamento, pois aumenta de forma importante entre os anos 1999 e 2000, cunha variación interanual do 45,56%; presenta unha brusca redución a continuación, cunha variación interanual do -30,15%; e, novamente, un crecemento, do 80,87%.

O sector da construción acada un aumento máis leve, cunha variación media do 1,93%, e un só decrecemento entre os anos 2000 e 2001. Por último, no primario as ofertas aumentan ata o ano 2002 para descender dunha forma moi abrupta no ano seguinte.

5.3.3. Análise ocupacional das ofertas

Do total das ofertas recollidas na comarca no ano 2003, o 30,48% especifican o sexo como requisito indispensable para ocupar un posto de traballo. Destas ofertas, o 53,33% solicitan un home e o 46,67% restante unha muller.

Unha análise máis pormenorizada dos sectores económicos sinala que tanto no primario como no da construción só se demandan homes, sendo este último onde as ofertas masculinas son maiores. En cambio, no secundario e servizos, aínda que se solicitan ambos sexos, as mulleres son requiridas en maior medida que os homes. As ofertas destinadas a mulleres son importantes nas actividades de outras industrias e téxtil e confección dentro do sector secundario, e na de hostalería nos servizos.



Gráfico 14: *Ofertas por sexo da comarca.*

Algo máis da cuarta parte das ofertas laborais esixen a posesión dun determinado nivel de estudos para poder acceder a unha ocupación, se ben o 50,57% destas só piden ter o certificado de escolaridade. Os niveis máis demandados a continuación son os de ensinanza obrigatoria, 26,14%, e titulación universitaria, 11,93%.

A actividade que en maior medida demanda algún tipo de titulación é a de administracións públicas. Tamén é importante o número das ofertas destinadas a traballadores con certificado de escolaridade procedentes da actividades de téxtil e confección, e construción.



Gráfico 15: *Ofertas por nivel académico da comarca.*

Táboa 17.1: *Ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores.*

	1999	2000	2001	2002	2003
Maquinista de confección (coser, bordar, bobinar, ganduxar).	3	39	28	12	53
Peón de albanel/Peón de obras públicas	10	19	32	22	38
Camareiro – Barman	0	17	11	18	36
Albanel	10	31	32	27	31
Operador/a de remallado	0	9	9	8	17
Administrativo	0	10	4	12	13
Mozo-Muller de limpeza	0	0	2	4	11
Repartidor	0	0	2	4	10
Operario de máquina	0	5	0	2	9
Auxiliar de axuda a domicilio/Coidador de anciáns.	1	0	1	1	9

No ano 2003, nos centros colaboradores da comarca de Ordes a ocupación máis ofertada é a de maquinista de confección, á que seguen a considerable distancia a de peón de albanel/peón de obras públicas e a de camareiro-barman.

Todas estas ocupacións presentan unha evolución positiva entre os anos 1999 e 2003, sendo destacable o caso das dúas primeiras da lista, que rexistran variacións medias do 105,02%, a primeira, e do 39,62%, a segunda.

Táboa 17.2: *Ocupacións máis ofertadas nas oficinas de emprego.*

	1999	2000	2001	2002	2003
Albanel	78	61	34	40	37
Traballador retén incendios forestais	11	15	19	10	23
Operador máquina industrial coser á plana, excepto pel e calzado	126	52	37	27	23
Asistente domiciliario	0	7	7	6	15
Peón da construción de edificios	11	44	24	21	9
Camareiro, en xeral.	16	6	0	2	9
Técnico de protección civil	2	12	2	20	7
Peón forestal	0	28	6	0	7
Encofrador	15	4	5	3	7
Instalador electricista industrial	0	1	1	0	6

Nas oficinas de emprego a ocupación máis ofertada no ano 2003 foi a de albanel, que mantén unha certa diferenza coa segunda en orde de importancia, que é a de traballador retén de incendios forestais, seguida pola de operador de máquina industrial de coser á plana.

No referente á evolución destas ocupacións nos últimos cinco anos, cabe sinalar, pola redución de ofertas que nelas se produce, as de operador de máquina de coser á plana, sobre todo a ocorrida no ano 2000, e albanel, que acadan variacións medias negativas do -28,83% e -17,01% respectivamente.

Pola contra, debido á súa progresión, destacan a de traballador retén de incendios forestais, variación media de 15,9%, e a de asistente domiciliario, que ten un crecemento importante no último ano do período.

5.4. CONTRATOS

5.4.1. Número de contratos no ámbito comarcal e municipal

TÁBOA 18: Número de contratos na comarca e nos concellos. Ano 2003.

	CONTRATOS 2003	
	N.º	%
CERCEDA	1.011	20,70
FRADES	208	4,26
MESÍA	266	5,45
ORDES	2.023	41,41
OROSO	911	18,65
TORDOIA	352	7,21
TRAZO	114	2,33
TOTAL COMARCA	**4.885**	**100,00**
TOTAL PROVINCIA	**310.890**	**1,57**

Na comarca de Ordes realizáronse no ano 2003 un total de 4.885 contratos, que representan o 1,57% dos producidos na provincia da Coruña nese mesmo ano.

O concello de Ordes engloba a maioría das contratacións, co 41,41% do total. A continuación sitúanse os de Cerceda e Oroso, co 20,7% e 18,65% respectivamente. O 19,24% restante distribúese entre os outros catro concellos, encabezados polo de Tordoia, co 7,21% das contratacións.

TÁBOA 19: Evolución do número de contratos no ámbito comarcal. Variacións anuais. 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA %
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
CERCEDA	1.253	960	722	959	1.011	-23,38	-24,79	32,83	5,42	-5,22
FRADES	237	197	190	158	208	-16,88	-3,55	-16,84	31,65	-3,21
MESÍA	217	234	227	216	266	7,83	-2,99	-4,85	23,15	5,22
ORDES	1.934	1.962	1.909	2.096	2.023	1,45	-2,70	9,80	-3,48	1,13
OROSO	882	874	888	973	911	-0,91	1,60	9,57	-6,37	0,81
TORDOIA	259	233	230	211	352	-10,04	-1,29	-8,26	66,82	7,97
TRAZO	132	156	186	115	114	18,18	19,23	-38,17	-0,87	-3,60
TOTAL COMARCA	**4.914**	**4.616**	**4.352**	**4.728**	**4.885**	**-6,06**	**-5,72**	**8,64**	**3,32**	**-0,15**
TOTAL PROVINCIA	**268.271**	**281.551**	**280.779**	**292.423**	**310.890**	**4,95**	**-0,27**	**4,15**	**6,32**	**3,75**

A evolución da contratación comarcal entre os anos 1999 e 2003 presenta unha tendencia á estabilidade neste período, aínda que cunha certa redución en números absolutos, acadando unha variación media do -0,15%. O comportamento dos contratos da comarca manifesta unha diminución nos dous intervalos iniciais do quinquenio, así como un incremento nos restantes. Na provincia da Coruña os contratos aumentan, rexistrando unha variación media do 3,75%, despois de experimentar un só decrecemento en todo o quinquenio, entre os anos 2000 e 2001.

No concello de Tordoia dáse o maior crecemento do conxunto, cunha variación media do 7,97%, conseguida a pesar de obter variacións medias negativas ata 2002, ano no que se produce unha forte recuperación e se obtén unha variación interanual do 66,82%. En Ordes os contratos tamén se incrementan, logrando unha variación media do 1,13%, malia que se reducen nos intervalos 2000-2001 e 2002-2003, aumentando nos restantes. Os concellos de Mesía e Oroso amosan, así mesmo, unha subida das contratacións, de forma moi leve neste último, presentando variacións medias do 5,22% e 0,81% respectivamente.

Pola contra, Cerceda sofre unha diminución importante, cunha variación media negativa do -5,22%. Este concello presenta fortes descensos nos dous primeiros intervalos do quinquenio, con variacións interanuais do -23,38% e -24,79%, seguidos dunha brusca recuperación entre os anos 2001 e 2002, cunha variación interanual do 32,83%. Algo semellante sucede nos concellos de Frades e Trazo, con variacións medias do -3,21% o primeiro e do -3,6% o segundo, decrecendo o de Frades nos tres primeiros intervalos do quinquenio e o de Trazo nos dous últimos.

5.4.2. Contratación comarcal segundo o sexo e a idade

Táboa 20: *Distribución da contratación comarcal segundo o sexo e a idade. Ano 2003.*

	N.º CONTRATOS			% CONTRATOS		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Menos de 26 anos	855	725	1.580	17,50	14,84	32,34
De 26 a 35 anos	787	770	1.557	16,11	15,76	31,87
De 36 a 45 anos	574	424	998	11,75	8,68	20,43
De 46 a 55 anos	373	182	555	7,64	3,73	11,36
De 56 e máis anos	162	33	195	3,32	0,68	3,99
TOTAL COMARCA	**2.751**	**2.134**	**4.885**	**56,32**	**43,68**	**100,00**
TOTAL PROVINCIAL	**166.028**	**144.862**	**310.890**	**53,40**	**46,60**	**100,00**

A contratación comarcal presenta un perfil eminentemente masculino, 56,32%. Algo semellante sucede na provincia, onde a desigualdade é levemente máis reducida, posto que os contratos dos homes supoñen 2,92 puntos menos que na comarca.

No referente á idade, o grupo dos menores de 26 anos é o máis representativo nos contratos realizados a homes, seguido do intervalo posterior. No caso dos realizados a mulleres, a orde é a inversa, situándose o tramo de 26 a 35 anos en primeiro lugar e o intervalo anterior a continuación. Deste xeito, de forma conxunta as contratacións da comarca repártense maiormente entre os menores de 36 anos, que agrupan o 64,21% dos contratos.

Táboa 21: *Evolución do número de contratos da comarca segundo o sexo. Período 1999-2003.*

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Homes	3.126	2.595	2.380	2.597	2.751	-16,99	-8,29	9,12	5,93	-3,14
Mulleres	1.788	2.021	1.972	2.131	2.134	13,03	-2,42	8,06	0,14	4,52
TOTAL CONTRATOS	**4.914**	**4.616**	**4.352**	**4.728**	**4.885**	**-6,06**	**-5,72**	**8,64**	**3,32**	**-0,15**

A evolución da contratación segundo o sexo reflite un comportamento negativo no caso dos homes, nos que se acada unha variación media do -3,14%, o que indica unha redución considerable dos contratos masculinos entre os anos 1999 e 2003. Este colectivo, xa que logo, sofre diminucións nos dous primeiros intervalos do período, con variacións interanuais do -16,99% e -8,29%, tendendo á recuperación, aínda que de forma máis suave, nos intervalos posteriores.

Pola contra, as contratacións femininas increméntanse e obteñen unha variación media do 4,52%. Neste caso cómpre salientar que os contratos aumentan en todos os intervalos, agás no 2000-2001, no que se reducen levemente. É importante tamén indicar que o crecemento máis forte aparece entre os anos 1999 e 2000, cando se produce unha variación interanual do 13,03%.

Como reflexo do comentado anteriormente, pódese observar neste gráfico que o peso relativo das contratacións masculinas segundo xénero diminúe entre os anos 1999 e 2001 e se incrementa nos posteriores. Entre as mulleres dáse a situación inversa: aumentan ata o ano 2001 e decrecen nos seguintes. Cómpre sinalar que se ben ao inicio do período a diferenza entre o peso da contratación masculina e feminina era de 27,22 puntos a favor da primeira, ao remate esta diferenza redúcese ata os 12,64 puntos.



Gráfico 16: *Evolución da distribución da contratación comarcal segundo o sexo. Período 1999-2003. Valores proporcionais.*

Táboa 22: *Evolución do número de contratos da comarca segundo a idade. Período 1999-2003.*

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Menor de 26 anos	1.748	1.678	1.468	1.479	1.580	-4,00	-12,51	0,75	6,83	-2,49
De 26 a 35 anos	1.455	1.487	1.410	1.581	1.557	2,20	-5,18	12,13	-1,52	1,71
De 36 a 45 anos	961	847	847	990	998	-11,86	0,00	16,88	0,81	0,95
De 46 a 55 anos	556	427	451	482	555	-23,20	5,62	6,87	15,15	-0,04
De 56 e máis anos	194	177	176	196	195	-8,76	-0,56	11,36	-0,51	0,13
TOTAL CONTRATOS	**4.914**	**4.616**	**4.352**	**4.728**	**4.885**	**-6,06**	**-5,72**	**8,64**	**3,32**	**-0,15**

Tendo en conta a idade, a evolución dos contratos entre os anos 1999 e 2003 amosa un comportamento negativo para os colectivos de menos de 26 anos e de 46 a 55 anos. Para o primeiro destes grupos, a variación media é do -2,49%; redúcense as contratacións nos dous primeiros intervalos do período, destacando a variación interanual que se dá entre os anos 2000 e 2001, do -12,51%. No tramo de 46 a 55 anos, a pesar da pequena redución en números absolutos, a tendencia é á estabilidade, cunha variación media do -0,04%. Neste caso, os contratos descenden fortemente no intervalo 1999-2000, no que acadan unha variación interanual do -23,2%, tendendo ao crecemento nos posteriores.

Nos tres grupos de idade restantes, as contratacións experimentan un ascenso en números absolutos, se ben de forma moi suave en todos eles. Así, o de 26 a 35 anos é o que máis crece, obtendo unha variación media do 1,71%. Este tramo só se incrementa no intervalo inicial do quinquenio e entre os anos 2001 e 2002, cando rexistra unha variación interanual do 12,13%. No comprendido entre os 36 e 45 anos a contratación aumenta moi levemente, descendendo só entre 1999-2000; en cambio, entre os maiores de 55 anos só aumenta nun contrato ao longo do período debido ás reducións experimentadas nos dous primeiros e no último tramo temporal.

5.4.3. Contratación comarcal segundo os sectores económicos

Táboa 23: *Distribución da contratación por sectores/subsectores económicos.*

	CONTRATOS 2003	
	N.º	%
SECTOR PRIMARIO	**105**	**2,15**
Agricultura e pesca	105	2,15
SECTOR SECUNDARIO	**1.333**	**27,29**
Industria	1.332	27,27
Electricidade	1	0,02
SECTOR CONSTRUCIÓN	**1.291**	**26,43**
Construción	1.291	26,43
SECTOR SERVIZOS	**2.156**	**44,14**
Comercio e hostalería	664	13,59
Transporte e comunicacións	152	3,11
Outros servizos	1.340	27,43
TOTAL CONTRATOS	**4.885**	**100,00**

O sector servizos representa na comarca de Ordes no ano 2003 o maior volume de contratación, pois agrupa o 44,14% dos contratos. A continuación sitúanse, con porcentaxes semellantes, o secundario e o da construción, nos que se enmarcan o 27,29% e o 26,43% dos contratos respectivamente.

Dentro dos subsectores de servizos destaca a presenza do de outros servizos, co 27,43%; sitúase a unha notable distancia o de comercio e hostalería, co 13,59%.

Gráfico 17: *Distribución porcentual da contratación na Industria.*



Cómpre salientar, en primeiro lugar, que case as tres cuartas partes dos contratos realizados dentro da industria foron orixinados na actividade de téxtil e confección, en concreto o 73%. Nun segundo plano distribúense de forma regular as actividades restantes, encabezadas pola de outras industrias, que representa o 10% do total.

Gráfico 18: *Distribución porcentual da contratación nos servizos.*



A actividade que achega un maior volume de contratos dentro dos servizos é a de servizos á comunidade, na que se realizan o 31% deles, seguida polas de administracións públicas, co 16%, e polas de actividades inmobiliarias e servizos a empresas, comercio e hostalería, co 14% dos contratos cada unha delas.

Táboa 24: *Distribución porcentual da contratación comarcal segundo sectores/subsectores económicos por sexo e idade. Ano 2003.*

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e mais
SECTOR PRIMARIO	**1,94**	**0,20**	**0,74**	**0,66**	**0,35**	**0,29**	**0,12**
Agricultura e pesca	1,94	0,20	0,74	0,66	0,35	0,29	0,12
SECTOR SECUNDARIO	**6,39**	**20,90**	**9,25**	**9,40**	**5,42**	**2,68**	**0,53**
Industria	6,37	20,90	9,23	9,40	5,42	2,68	0,53
Electricidade	0,02	0,00	0,02	0,00	0,00	0,00	0,00
SECTOR CONSTRUCIÓN	**25,63**	**0,80**	**8,05**	**7,35**	**5,63**	**3,91**	**1,49**
Construción	25,63	0,80	8,05	7,35	5,63	3,91	1,49
SECTOR SERVIZOS	**22,35**	**21,78**	**14,31**	**14,47**	**9,03**	**4,48**	**1,84**
Comercio e hostalería	4,50	9,09	6,69	3,79	2,01	0,84	0,27
Transporte e comunicacións	2,60	0,51	0,57	1,43	0,78	0,29	0,04
Outros servizos	15,25	12,18	7,04	9,25	6,24	3,36	1,54
TOTAL CONTRATOS	**56,32**	**43,68**	**32,34**	**31,87**	**20,43**	**11,36**	**3,99**

No colectivo masculino a maior parte das contratacións prodúcense no sector da construción, que engloba o 25,63% do total, seguido do de servizos, co 22,35%. En cambio, entre as mulleres, o maior volume de contratos sitúase no sector servizos, co 21,78%, seguido moi de cerca polo secundario, co 20,9%. Hai que destacar que tanto as mulleres no sector da construción como os homes no secundario presentan porcentaxes de contratación moi baixas.

Tendo en conta a distribución por idade, pódese observar que o sector servizos é maioritario en todos os tramos, seguido polo secundario nos menores de 36 anos e polo da construción nos maiores desta idade.

Dentro de servizos predomina claramente a contratación no subsector de outros servizos en todas as idades, seguido polo de comercio e hostalería.

TÁBOA 25: Evolución da contratación comarcal segundo os sectores e subsectores económicos. Período 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
SECTOR PRIMARIO	**146**	**96**	**105**	**104**	**105**	**-34,25**	**9,38**	**-0,95**	**0,96**	**-7,91**
Agricultura e pesca	146	96	105	104	105	-34,25	9,38	-0,95	0,96	-7,91
SECTOR SECUNDARIO	**1.311**	**1.613**	**1.435**	**1.475**	**1.333**	**23,04**	**-11,04**	**2,79**	**-9,63**	**0,42**
Industria	1.311	1.612	1.435	1.475	1.332	22,96	-10,98	2,79	-9,69	0,40
Electricidade	0	1	0	0	1		-100,00			
S. CONSTRUCIÓN	**1.685**	**1.088**	**1.097**	**1.129**	**1.291**	**-35,43**	**0,83**	**2,92**	**14,35**	**-6,44**
Construción	1.685	1.088	1.097	1.129	1.291	-35,43	0,83	2,92	14,35	-6,44
SECTOR SERVIZOS	**1.772**	**1.819**	**1.715**	**2.003**	**2.156**	**2,65**	**-5,72**	**16,79**	**7,64**	**5,03**
Comercio e hostalería	755	635	650	687	664	-15,89	2,36	5,69	-3,35	-3,16
Transporte e comunicacións	126	107	131	178	152	-15,08	22,43	35,88	-14,61	4,80
Outros servizos	891	1.077	934	1.138	1.340	20,88	-13,28	21,84	17,75	10,74
TOTAL CONTRATOS	**4.914**	**4.616**	**4.352**	**4.728**	**4.885**	**-6,06**	**-5,72**	**8,64**	**3,32**	**-0,15**

No conxunto do período, maniféstase unha evolución dispar para os diferentes sectores produtivos. Así, os únicos que sofren unha redución son o primario e o da construción, que acadan variacións medias do -7,91% e -6,44% respectivamente. Ambos os sectores presentan un forte descenso no intervalo 1999-2000, no que obteñen variacións interanuais do -34,25% o primeiro e do -35,43% o segundo. O sector da construción tende a incrementarse nos intervalos restantes, mentres que o primario volve a descender de forma moi leve entre os anos 2001 e 2002.

O sector secundario presenta unha lixeira subida en números absolutos, cunha variación media do 0,42%. Neste sector, de forma contraria que nos anteriores, as contratacións crecen considerablemente no intervalo 1999-2000, cunha variación interanual do 23,04%, e decrecen entre os anos 2000-2001 e 2002-2003.

Por último, o sector servizos é o que obtén un maior crecemento, cunha variación media do 5,03%. Neste caso, os contratos só se reducen entre os anos 2000 e 2001, presentando a súa maior subida entre o 2001 e o 2002, cunha variación interanual do 16,79%. Dentro deste sector, o subsector de outros servizos increméntase por encima do conxunto, cunha variación media do 10,74%, e rexistra un só descenso no intervalo 2000-2001, así como fortes incrementos nos restantes. Os subsectores de comercio e hostalería e transporte e comunicacións diminúen nos intervalos inicial e final do quinquenio, aumentando nos intermedios, malia que dunha forma máis marcada o segundo destes, que logra unha variación media final do 4,8%, fronte á negativa que acada o de comercio e hostalería, -3,16%.

5.4.4. Tipoloxía da contratación laboral

Case sete de cada dez dos contratos realizados na comarca de Ordes no ano 2003 son temporais a tempo completo. Se a isto se lle engade que o 16% son temporais a tempo parcial, o resultado é que o 85% das contratacións comarcais están caracterízadas pola súa temporalidade.



GRÁFICO 19: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contratos. Ano 2003.

TÁBOA 26: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contrato por sexo e idade. Ano 2003.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
Indefinido	1,86	2,95	1,17	1,72	0,68	0,88	0,37
Indefinido tempo parcial	0,23	0,39	0,20	0,20	0,08	0,08	0,04
Temporal	44,38	25,32	20,37	23,79	14,62	8,05	2,89
Temporal tempo parcial	3,21	12,55	6,22	4,59	3,42	1,29	0,25
Prácticas/Formación	3,32	2,03	4,18	0,39	0,23	0,29	0,27
Outros	3,32	0,45	0,20	1,19	1,41	0,78	0,18
TOTAL CONTRATOS	**56,32**	**43,68**	**32,34**	**31,87**	**20,43**	**11,36**	**3,99**

O primeiro elemento salientable é que todas as fórmulas de contratación son maioritarias entre os homes, agás as indefinidas e a temporal a tempo parcial, sendo a diferenza máis pronunciada nesta última, 9,34 puntos porcentuais. Por outra banda, hai que sinalar que máis da metade dos contratos temporais a tempo completo, un 44,38% sobre un 69,7%, son asinados por homes.

No que respecta á distribución por idade, a contratación temporal a tempo completo é a que conta con maior peso relativo en todos os tramos; acada o volume máis elevado nos menores de 36 anos, onde se sitúan o 44,16% destas contratacións. Algo semellante sucede cos contratos temporais a tempo parcial, dado que o 10,81% tamén se agrupan nestes dous tramos de idade.

TÁBOA 27: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contrato por sectores económicos. Ano 2003.

	PRIMARIO	SECUNDARIO			CONSTRUCIÓN	SERVIZOS			
	Agr.,Gand.	Industr.	Electric.	Total	Construc.	Comerc.	Transp.	Outros	Total
Indefinido	0,23	2,50	0,00	2,50	0,35	1,27	0,10	0,37	1,74
Indefinido tempo parcial	0,02	0,10	0,00	0,10	0,02	0,29	0,04	0,14	0,47
Temporal	1,74	20,68	0,02	20,70	23,99	5,59	2,64	15,05	23,28
Temporal tempo parcial	0,10	3,01	0,00	3,01	0,57	4,93	0,31	6,84	12,08
Prácticas/Formación	0,06	0,96	0,00	0,96	1,49	1,47	0,02	1,33	2,82
Outros	0,00	0,02	0,00	0,02	0,00	0,04	0,00	3,71	3,75
TOTAL CONTRATOS	**2,15**	**27,27**	**0,02**	**27,29**	**26,43**	**13,59**	**3,11**	**27,43**	**44,14**

A maioría dos contratos de todas as categorías de contratación e case a totalidade das da tipoloxía outros agrúpanse no sector servizos; a única excepción é a dos contratos temporais a tempo completo, que se reparten de forma regular entre o sector secundario, 20,7%, o da construción, 23,99%, e o dos servizos, 23,28%.

Por outra parte, hai que sinalar que a maioría dos contratos temporais a tempo parcial se realizan nos de outros servizos e comercio e hostalería, 11,77%.

TÁBOA 28: Evolución da contratación comarcal segundo a tipoloxía de contratos. Período 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Indefinido	392	376	391	361	235	-4,08	3,99	-7,67	-34,90	-12,01
Indefinido tempo parcial	42	28	46	68	30	-33,33	64,29	47,83	-55,88	-8,07
Temporal	3.416	3.080	2.927	3.248	3.405	-9,84	-4,97	10,97	4,83	-0,08
Temporal tempo parcial	695	696	640	698	770	0,14	-8,05	9,06	10,32	2,60
Prácticas/Formación	226	277	197	177	261	22,57	-28,88	-10,15	47,46	3,67
Outros	143	159	151	176	184	11,19	-5,03	16,56	4,55	6,51
TOTAL CONTRATOS	**4.914**	**4.616**	**4.352**	**4.728**	**4.885**	**-6,06**	**-5,72**	**8,64**	**3,32**	**-0,15**

A maior redución nas contratacións entre os anos 1999 e 2003 prodúcese nos contratos indefinidos a tempo completo, que obteñen unha variación media do -12,01% e un considerable descenso en números absolutos. Así, esta tipoloxía diminúe en todos os intervalos temporais, agás no 2000-2001, manifestando o maior decrecemento entre os anos 2002 e 2003, cunha variación interanual do -34,9%.

Os contratos temporais a tempo completo tamén diminúen levemente; acadan unha variación media do -0,08% e presentan, polo tanto, unha tendencia ao estancamento nestes cinco anos. Neste caso, as contratacións descenden nos dous primeiros intervalos do quinquenio e aumentan nos restantes. A outra categoría que decrece é a de indefinido a tempo parcial, que presenta unha variación media negativa do -8,07%.

Nas demais tipoloxías os contratos aumentan: a de temporal a tempo parcial é a que mostra un aumento maior, cunha variación media do 2,6%, seguida segundo o nivel de crecemento pola modalidade de outros, cunha variación media do 6,51% e pola de prácticas/formación, que acada unha variación media do 3,67%. Nestas tres categorías os contratos só decrecen no intervalo 2000-2001, tendo que engadir o 2001-2002 para a de prácticas/formación.

5.4.5. Grandes grupos de ocupación na contratación laboral

Táboa 29: *Distribución da contratación por grandes grupos de ocupación segundo o sexo. Ano 2003.*

	CONTRATOS	
	Nº	%
1. Dirección de empresas e administracións públicas	**33**	**0,68**
HOMES	14	0,29
MULLERES	19	0,39
2. Técnicos profesionais, científicos e intelectuais	**397**	**8,13**
HOMES	273	5,59
MULLERES	124	2,54
3. Técnicos e profesionais de apoio	**242**	**4,95**
HOMES	131	2,68
MULLERES	111	2,27
4. Empregados de tipo administrativo	**199**	**4,07**
HOMES	60	1,23
MULLERES	139	2,85
5. Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio	**692**	**14,17**
HOMES	151	3,09
MULLERES	541	11,07
6. Traballadores cualificados na agricultura e pesca	**71**	**1,45**
HOMES	54	1,11
MULLERES	17	0,35
7. Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería	**1.319**	**27,00**
HOMES	1.115	22,82
MULLERES	204	4,18
8. Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	**1.095**	**22,42**
HOMES	324	6,63
MULLERES	771	15,78
9. Traballadores non cualificados	**837**	**17,13**
HOMES	629	12,88
MULLERES	208	4,26
TOTAL CONTRATOS	**4.885**	**100,00**
TOTAL HOMES	**2.751**	**56,32**
TOTAL MULLERES	**2.134**	**43,68**

Tendo en conta os nove grandes grupos de ocupación expostos na táboa anterior, cómpre destacar a concentración do 80,72% dos contratos nos seguintes grupos:

- Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería; 27%.
- Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores; 22,42%.
- Traballadores non cualificados; 17,13%.
- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio; 14,17%.

Atendendo á distribución por sexo, denótanse diferenzas significativas nos contratos en función do grupo de ocupación:

Grupos de ocupación cunha maior contratación masculina	Grupos de ocupación cunha maior contratación feminina
• Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería; 22,82%. • Traballadores non cualificados; 12,88%. • Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores; 6,63%. • Técnicos profesionais, científicos e intelectuais; 5,59%.	• Operadoras de instalacións e maquinaria, e montadoras; 15,78%. • Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio; 11,07%. • Traballadoras non cualificadas; 4,26%. • Artesás/traballadoras cualificadas industria manufactureira, construción e minería; 4,18%.

Dado o maior volume de contratación masculina nesta comarca, na maioría dos grupos de ocupación predominan os homes sobre as mulleres, excepto nos que seguen a continuación:

- Operadoras de instalacións e maquinaria, e montadoras; a contratación feminina é 9,15 puntos superior á masculina.
- Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio; as mulleres superan os homes en 7,98 puntos.
- Empregadas de tipo administrativo; a diferenza é de 1,62 puntos a favor das mulleres.
- Dirección de empresas e administracións públicas; entre as mulleres realizáronse 5 contratos máis que entre os homes.

Tendo en conta a evolución dos contratos durante o período 1999-2003, os datos refliten unha evolución negativa para os seguintes grupos de ocupación:

- Traballadores non cualificados, cunha variación media do -6,86%.
- Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores; -2,57%.
- Técnicos e profesionais de apoio; -2,15%.
- Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería; -1,21%.

Pola contra, os grupos que destacan sobre os demais polo seu crecemento nestes cinco anos son os de:

- Técnicos profesionais, científicos e intelectuais, que acadou unha variación media do 15,38%.
- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio; 10,57%.

No tocante á evolución segundo o sexo dos contratados, é salientable o crecemento da contratación masculina nos grupos de técnicos profesionais, científicos e intelectuais, que obtivo unha variación media do 12,74%.

En cambio, na comarca de Ordes prodúcese un maior descenso na contratación de homes nos seguintes grupos de ocupación:

- Traballadores non cualificados, presenta unha variación media do -8,08%.
- Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería; -4,67%.
- Técnicos e profesionais de apoio; -4,43%.
- Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores; -0,76%.

No referente ás mulleres, destaca o incremento na contratación nos seguintes grupos:

- Artesás/traballadoras cualificadas industria manufactureira, construción e minería, cunha variación media do 55,38%.
- Traballadoras cualificadas na agricultura e pesca; 54,29%.
- Técnicas profesionais, científicas e intelectuais; 22,54%.
- Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio; 12,81%.

É preciso, por último, sinalar o decrecemento que se rexistra na contratación feminina nos dous grupos que se enumeran a continuación:

- Operadoras de instalacións e maquinaria, e montadoras, que acadou unha variación media negativa do -3,28%.
- Traballadoras non cualificadas; -2,59%.

5.4.6. Ocupacións máis contratadas

TÁBOA 30: As dez ocupacións máis contratadas na comarca. Ano 2003.

CNO	OCUPACIÓNS	TOTAL N.º	TOTAL %	HOMES N.º	HOMES %	MULLERES N.º	MULLERES %	RATIO MASCUL.[1]
83630022	Operador máquina industrial coser á plana	461	9,44	5	0,18	456	21,37	1,08
71100016	Albanel	423	8,66	418	15,19	5	0,23	98,82
97000011	Peón da industria manufactureira	301	6,16	254	9,23	47	2,20	84,39
50200018	Camareiro, en xeral	224	4,59	28	1,02	196	9,18	12,50
83630013	Operador máquina industrial de coser e bordar, en xeral	198	4,05	14	0,51	184	8,62	7,07
25130104	Músico instrumentista, en xeral	180	3,68	164	5,96	16	0,75	91,11
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	143	2,93	39	1,42	104	4,87	27,27
96020014	Peón da construción de edificios	141	2,89	137	4,98	4	0,19	97,16
86300016	Conductor de camión, en xeral	137	2,80	136	4,94	1	0,05	99,27
42100010	Empregado administrativo, en xeral	128	2,62	38	1,38	90	4,22	29,69
	TOTAL	**2.336**	**47,82**	**1.233**	**44,82**	**1.103**	**51,69**	**52,78**

(1) Ratio de Masculinidade = (N.º de contratos realizados a homes/ N.º total de contratos) x 100

No ano 2003 o 47,82% das contratacións producidas na comarca de Ordes foron realizadas entre as dez ocupacións que se indican na táboa anterior, o que indica unha concentración relativamente alta dos contratos nestas ocupacións.

As ocupacións máis contratadas foron as de operador de máquina industrial de coser á plana, e albanel. Realizando unha análise máis precisa segundo o sexo, evidénciase que entre os homes as ocupacións con maior volume de contratación son as de albanel e peón da industria manufactureira, mentres que entre as mulleres son as de operadora máquina industrial de coser á plana e camareira.

No que respecta á relación entre os sexos e os contratos nestas dez ocupacións, o ratio de masculinidade é do 52,78%, o que manifesta unha leve maior tendencia á contratación masculina nas ocupacións antes referidas. Deste xeito, presentan un maior carácter masculino, cunha ratio de masculinidade superior ao 80%, as de condutor de camión, albanel, peón da construción de edificios, músico instrumentista e peón da industria manufactureira. En cambio obteñen unha maior presenza feminina, cun ratio por baixo do 20%, as de operadora máquina industrial de coser á plana, operadora máquina industrial de coser e bordar e camareira.

TÁBOA 31: Evolución das dez ocupacións máis contratadas entre 1999 e 2003.

CNO	OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS	1999	2000	2001	2002	2003
83630022	**Operador máquina industrial coser á plana**	**722**	**967**	**906**	**685**	**461**
71100016	**Albanel**	**570**	**447**	**405**	**369**	**423**
97000011	**Peón da industria manufactureira**	**493**	**358**	**276**	**285**	**301**
50200018	**Camareiro, en xeral**	**187**	**143**	**158**	**175**	**224**
83630013	**Operador máquina industrial de coser e bordar, en xeral**	2	2	2	115	**198**
25130104	**Músico instrumentista, en xeral**	**113**	**122**	**131**	**155**	**180**
91210016	**Muller/mozo limpeza, limpador en xeral**	**129**	**169**	**139**	**156**	**143**
96020014	**Peón da construción de edificios**	**213**	**166**	**167**	**128**	**141**
86300016	**Condutor de camión, en xeral**	**137**	**93**	**121**	**150**	**137**
42100010	**Empregado administrativo, en xeral**	**128**	**117**	**132**	**148**	**128**
53300010	DEPENDENTE DE COMERCIO, EN XERAL	87	69	**91**	108	86
75120049	SOLDADOR POR ARCO ELÉCTRICO, EN XERAL.	**106**	51	28	52	50
83630031	OPERADOR MÁQUINA INDUSTRIAL DE COSER OWERLOCK	52	33	42	**121**	31
83620122	OPERADOR MÁQUINA REMALLADORA PRENDAS XÉNERO PUNTO	88	**85**	39	38	28

Tendo en conta a evolución destas dez ocupacións no período comprendido entre os anos 1999 e 2003, vemos unha certa oscilación na composición da lista, xa que cinco delas aparecen e desaparecen nestes cinco anos.

Así, a de operador máquina industrial de coser e bordar non se inclúe entre as dez máis contratadas ata o ano 2003, do mesmo modo que a de soldador por arco eléctrico só aparece en 1999. Nesta mesma liña, a de dependente de comercio só está entre as máis contratadas no ano 2001, a de operador máquina industrial de coser owerlock no 2002, e a de operador de máquina remalladora de prendas de xénero de punto no 2000.

No que se refire ao comportamento destas ocupacións ao longo do quinquenio, hai que destacar o crecemento dado nos contratos da de operador de máquina industrial de coser e bordar, que acada unha variación media do 215,43%, manifestando un forte incremento a partir do ano 2002.

En cambio, sobresae polo seu descenso a de operador máquina industrial de coser á plana, que obtivo unha variación media do -10,61%, froito dunha redución continua a partir do ano 2001. As ocupacións que máis descenden a continuación son as de peón da industria manufactureira, cunha variación media do -11,6%, e a de albanel, que acadou unha variación media do -7,19%.



Comarca de Ortegal

5.1. TECIDO EMPRESARIAL

5.1.1. Tecido empresarial comarcal. Situación actual

A comarca de Ortegal amosa no ano 2003 un tecido empresarial caracterizado polo predominio dos sectores de servizos e primario, dependendo dos factores de análise que se teñan en conta, isto é, número de empresas, traballadores por conta allea e autónomos. Ortegal conta cun total de 397 empresas, 2.251 traballadores por conta allea e 753 traballadores por conta propia ou autónomos.

Máis da metade das empresas da comarca pertencen ao sector servizos, que agrupa o 54,41% do total destas. Séguelle por importancia cuantitativa o sector primario, co 21,66%, e en terceiro lugar o sector da construción, co 16,62%. Se atendemos á distribución por subsectores, é o de comercio e hostalería o máis representativo, co 29,22%, seguido do de outros servizos, co 21,41%.

A meirande parte dos traballadores por conta allea agrúpanse en torno ao sector primario, que supón o 44,16%. Nun segundo lugar está o sector servizos, co 31,76%, seguido do sector secundario, que malia ser o sector que menos empresas rexistra, agrupa o 14,62% dos traballadores. No sector servizos apréciase como se concentran os traballadores sobre todo en outros servizos e mais en comercio e hostalería, en tanto que o subsector do transporte ten unha representación minoritaria. Por outra banda, no sector secundario o subsector de electricidade só rexistra un total de tres traballadores, pertencendo os 326 restantes ao mencionado da industria.

Coa porcentaxe de representación máis elevada en todos os niveis de análise, é o sector servizos o que agrupa a maior parte dos autónomos, en concreto o 68,52%. En segundo lugar está o sector da construción, co 21,12%; o resto de sectores teñen unha representación bastante máis reducida. Se atendemos á distribución subsectorial, percíbese un forte peso do comercio e hostalería, que agrupa case á metade do continxente, o 47,41%, en tanto que o de outros servizos e o de transporte teñen unha representación máis reducida.

5.1.2. Evolución anual

TÁBOA 1: *Evolución do número de empresas. Período 1999-2003.*

	EMPRESAS				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	**143**	**142**	**148**	**116**	**86**
Agricultura e pesca	143	142	148	116	86
SECTOR SECUNDARIO	**45**	**43**	**39**	**36**	**29**
Industria	43	41	37	34	28
Electricidade	2	2	2	2	1
SECTOR CONSTRUCIÓN	**72**	**71**	**72**	**67**	**66**
Construción	72	71	72	67	66
SECTOR SERVIZOS	**198**	**199**	**198**	**209**	**216**
Comercio e hostalería	113	104	106	111	116
Transporte e comunicacións	15	14	13	12	15
Outros servizos	70	81	79	86	85
TOTAL	**458**	**455**	**457**	**428**	**397**

Dende 1999 ata 2003, período de referencia, prodúcese un retraemento do número de empresas de Ortegal, amosando unha variación media negativa de -3,51%, que supón unha perda en termos absolutos de 61 empresas.

GRÁFICO 1: *Variacións interanuais do número de empresas por sector económico. Período 1999-2003.*



A evolución conxunta de todos os sectores caracterízase como regresiva porque experimenta todos os anos unha perda de volume, máis acusada nos últimos anos. Exemplo disto é a variación interanual no período 2002-2003, cun valor negativo de -7,24%. Só cabe unha excepción en 2001, onde se observa como mantén practicamente o mesmo peso do ano anterior, incrementando só dúas empresas.

O sector servizos, maioritario en volume, é o único que rexistra no período de referencia un crecemento cuantitativo, ofrecendo unha variación media de 2,20%. Dentro deste, mentres que o subsector de outros servizos é o que máis medra, 4,97%, o de comercio e hostalería e o de transporte manteñen practicamente o número de empresas do ano de inicio.

No resto de sectores diminúe o número de empresas, sendo o primario e o secundario os que experimentan as regresións máis fortes. En efecto, amosan variacións medias de -11,94% e -10,40% respectivamente, ofrecendo valores no 2003 que están próximos á metade dos rexistrados para 1999. Ambos os dous sectores reducen continuamente a súa dimensión, facéndoo de forma máis acusada sobre todo nos últimos anos. Só cabe unha excepción, o sector primario, que en 2001 se incrementa lixeiramente nun 4,23%. O número de empresas no sector da construción tamén decrece, perdendo 6 das 72 empresas que rexistraba en 1999.

	TRABALLADORES				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	**854**	**1.058**	**1.101**	**1.034**	**994**
Agricultura e pesca	854	1.058	1.101	1.034	994
SECTOR SECUNDARIO	**487**	**506**	**362**	**336**	**329**
Industria	479	501	357	331	326
Electricidade	8	5	5	5	3
SECTOR CONSTRUCIÓN	**213**	**185**	**224**	**239**	**213**
Construción	213	185	224	239	213
SECTOR SERVIZOS	**545**	**665**	**668**	**757**	**715**
Comercio e hostalería	285	298	294	299	311
Transporte e comunicacións	31	32	33	38	44
Outros servizos	229	335	341	420	360
TOTAL	**2.099**	**2.414**	**2.355**	**2.366**	**2.251**

Táboa 2: *Evolución do número de traballadores. Período 1999-2003.*

Un crecemento moderado é a principal característica da evolución do número de traballadores en Ortegal no período de referencia, o cal se reflite nunha variación media de 1,76%. A evolución deste continxente presenta unha tendencia de altibaixos continuos, iniciándose no ano 2000 cun crecemento de 15,01%, o máis elevado de todo o período. Nos anos seguintes vai reducíndose paulatinamente o número de traballadores da comarca, se ben aumenta levemente en 2002.



Gráfico 2*: Variacións interanuais do número de traballadores por sector económico. Período 1999-2003.*

Atendendo a esta variable do número de traballadores, só o sector secundario experimenta unha redución. En efecto, a evolución deste sector amosa un crecemento de 3,90% en 1999-2000, iniciando *a posteriori* unha traxectoria de descenso bastante brusca, xa que no período seguinte a variación interanual é de -28,46%; e nos anos seguintes decrece en menor medida. A súa variación media é de -9,34%. Todos os demais sectores amosan un crecemento, ou un estancamento no caso da construción, que mantén ao final o mesmo volume de traballadores que en 1999.

Mentres que o sector primario incrementa o número de traballadores nun 3,87%, o segundo sector en volume –servizos– presenta unha variación media de 7,02%, a máis elevada. Ambos os dous inician o período cun crecemento considerable (variación interanual en 1999-2000 de 23,89% e 22,02% respectivamente) e péchano reducindo o seu volume nun -3,87% e -5,55%. Se no sector servizos se aprecia a primeira regresión en 2003, no sector primario xa se observa esa diminución no ano anterior.

No sector servizos rexístranse todos os anos variacións interanuais positivas nos seus subsectores, excepto en 2001 no subsector de comercio e en 2003 no de outros servizos. Este mesmo subsector, o maioritario, parte cun crecemento de 46,29%, amosando nos anos seguintes unha tendencia progresiva, que rompe en 2003 coa variación interanual de -14,29%. Comercio e hostalería incrementa lixeiramente o seu volume, mentres que en transporte apréciase o crecemento máis elevado (variación media de 9,15%), malia ser o menos representativo en peso.

TÁBOA 3: Evolución do número de autónomos. Período 1999-2003.

	AUTÓNOMOS				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	**12**	**15**	**17**	**18**	**22**
Agricultura e pesca	12	15	17	18	22
SECTOR SECUNDARIO	**45**	**46**	**49**	**50**	**56**
Industria	44	45	48	49	55
Electricidade	1	1	1	1	1
SECTOR CONSTRUCIÓN	**128**	**127**	**136**	**149**	**159**
Construción	128	127	136	149	159
SECTOR SERVIZOS	**440**	**460**	**471**	**503**	**516**
Comercio e hostalería	324	335	335	356	357
Transporte e comunicacións	44	40	44	47	48
Outros servizos	72	85	92	100	111
TOTAL	**625**	**648**	**673**	**720**	**753**

A variación media de todos os sectores no período de referencia é de 4,77%. Este índice é o resumo da traxectoria do continxente de traballadores autónomos, que incrementa o seu peso en termos absolutos nun total de 128 persoas. A principal característica que presenta este indicador é que todos os anos, sacando unha pequena excepción pouco significativa na construción en 2000, presenta variacións interanuais positivas que denotan o crecemento xeneralizado en todos os sectores.

GRÁFICO 3: Variacións interanuais do número de autónomos por sector económico. Período 1999-2003.



Os sectores maioritarios cuantitativamente son os que presentan as cifras de crecemento máis baixas, mentres que o sector primario e o secundario son os que recollen as variacións medias máis elevadas, de 16,36% e 5,62% respectivamente. O sector da construción comeza perdendo un autónomo, e a partir de aí medra de maneira continua. No período 2001-2002 ofrece o valor de variación interanual máis elevado, 9,56%. Pero en termos absolutos só se aprecia un crecemento de 31 autónomos entre 1999 e 2003. A alternancia de valores de crecemento caracteriza a traxectoria do sector servizos, recollendo as variacións interanuais máis elevadas en 1999-2000 e 2001-2002.

Dentro do sector servizos, o subsector que máis medra é o de outros servizos, que presenta unha variación media de 11,43%, producíndose o incremento máis considerable ao inicio e final do período. Mentres, comercio e transporte aumentan de maneira similar, con variacións medias de 2,45% e 2,20% respectivamente, se ben o número de autónomos é notablemente máis alto no primeiro que no segundo.

5.2. DEMANDAS

5.2.1. Demandantes por concello

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Cariño	301	132	433
Cerdido	80	21	101
Mañón	69	26	95
Ortigueira	379	120	499
TOTAL	**829**	**299**	**1.128**

TÁBOA 4: Distribución dos demandantes segundo os concellos da comarca.

% comarca/provincia - PARADOS	**1,26**
% comarca/provincia - NON PARADOS	**0,98**

En Ortegal rexístranse 1.128 demandantes de emprego, dos cales case as tres cuartas partes, o 73,49%, son parados. Os demandantes parados desta comarca supoñen o 1,26% dos rexistrados na provincia, mentres que os non parados supoñen só o 0,98%.

Dous son os concellos que manteñen a representación maioritaria: Ortigueira, co 44,23% dos demandantes, e Cariño, co 39,39%. O concello de Ortigueira agrupa o 45,72% dos demandantes parados e o 40,13% dos non parados. No caso de Cariño agrupa en maior medida aos demandantes non parados da comarca, 44,15% que aos parados, 36,31%.



GRÁFICO 4: Distribución dos demandantes da comarca por concello.

Unha situación similar dáse nos concellos de Cerdido e Mañón; se ben Cerdido rexistra maior número de demandantes en total, agrupando unha maior parte de demandantes parados, Mañón presenta unha porcentaxe maior de demandantes non parados.

5.2.2. Evolución dos demandantes parados

	TRABALLADORES				
	1999	2000	2001	2002	2003
PARADOS COMARCA	690	735	750	756	829
VARIACIÓN INTERANUAL %	-	6,52	2,04	0,80	9,66
COMARCA/TOTAL PROVINCIA	1,17	1,23	1,29	1,18	1,26

TÁBOA 5: Evolución dos demandantes parados.

O número de demandantes increméntase paulatinamente, facéndoo de maneira máis elevada no 2003, onde presenta unha variación interanual do 9,66%, tras o estancamento relativo do ano anterior. Se os 750 demandantes de emprego supoñen en 2001 o 1,29% deles na provincia, a porcentaxe de 2003, 1,26%, amosa unha menor representación da comarca, pese a que aumenta en termos absolutos en 79 traballadores máis.

Gráfico 5: *Evolución dos demandantes parados da comarca.*



5.2.3. Caracterización da situación sociolaboral dos demandantes de emprego

Táboa 6: *Situación laboral dos demandantes*

		VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	145	12,85	12,67
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	684	60,64	55,76
NON PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	21	1,86	3,98
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	113	10,02	11,46
	Con traballo a tempo parcial e prestación compatible	19	1,68	4,73
	En expediente de regulación de emprego	11	0,98	2,34
	Demandantes de mellora de emprego	66	5,85	5,98
	Demandantes de emprego de menos de 20 h	19	1,68	2,38
	Resto de demandantes	50	4,43	0,71
TOTAL		**1.128**	**100,00**	**100,00**

O perfil tipo que predomina na comarca atendendo á situación laboral é o de demandantes parados con experiencia laboral previa e dispoñibilidade inmediata, que supoñen o 60,64% do total de demandantes. En segundo lugar sitúase o mesmo colectivo, pero de persoas sen emprego laboral, que agrupa o 12,85%. Mentres que no primeiro caso a porcentaxe comarcal se sitúa por riba da provincial en 4,88 puntos porcentuais, no segundo a distribución é bastante similar. Nun terceiro lugar sitúanse os demandantes non parados con experiencia laboral previa, que concentran o 10,02%, seguidos dos demandantes de mellora de emprego, co 5,85%. Nestes casos a porcentaxe provincial é lixeiramente superior.

5.2.4. Demandantes de emprego por sexo e idade

TÁBOA 7.1: Demandantes parados por sexo e grupos de idade.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	HOMES %	MULLERES %	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	70	99	8,44	11,94	20,39	17,50
26 a 35 anos	71	165	8,56	19,90	28,47	30,43
36 a 45 anos	60	104	7,24	12,55	19,78	22,04
46 a 55 anos	56	81	6,76	9,77	16,53	17,68
56 e máis anos	84	39	10,13	4,70	14,84	12,34
TOTAL COMARCA	**341**	**488**	**41,13**	**58,87**	**100,00**	**1,26**
TOTAL PROVINCIA	**26.764**	**39.271**	**40,53**	**59,47**	**1,26**	**100,00**

No grupo de demandantes parados predominan as mulleres, cun 58,87% do total de demandas realizadas. Neste caso pódese observar como a distribución da demanda por sexos no ámbito provincial e comarcal é bastante semellante, igual que sucede na distribución en función da idade, onde o perfil maioritario é o de persoas de 26 a 35 anos. Mentres que na comarca se rexistra a maior parte da demanda nos intervalos menores de 36 anos, 48,86%, na Coruña rexístrase entre os 26 e 45, agrupando o 52,47%. A distribución é similar na comarca e na provincia, se ben na primeira se superan as porcentaxes da segunda nos dous extremos da distribución por idades.

Nas mulleres predomina o perfil de 26 a 35 anos, que é onde se sitúan o 19,90% dos demandantes, seguido do tramo de idade posterior. Pola contra, no caso dos homes o perfil maioritario atopámolo no tramo de maiores de 55 anos, onde se sitúa o 10,13%, dobrando así amplamente á porcentaxe feminina correspondente a este mesmo tramo de idade.

TÁBOA 7.2: Demandantes non parados por sexo e grupos de idade.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	HOMES %	MULLERES %	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	30	23	10,03	7,69	17,73	18,07
26 a 35 anos	26	46	8,70	15,38	24,08	27,98
36 a 45 anos	17	42	5,69	14,05	19,73	19,81
46 a 55 anos	25	40	8,36	13,38	21,74	17,58
56 e máis anos	17	33	5,69	11,04	16,72	16,55
TOTAL COMARCA	**115**	**184**	**38,46**	**61,54**	**100,00**	**0,98**
TOTAL PROVINCIA	**12.680**	**17.790**	**41,61**	**58,39**	**0,98**	**100,00**

O 61,54% dos demandantes non parados son mulleres, superando en 3,15 puntos a porcentaxe provincial. Nos dous ámbitos predomina o perfil de 26 a 35 anos; a concentración de demandantes é superior no ámbito provincial. Pola contra, no intervalo de 46 a 55 anos concéntrase un maior volume na comarca; no resto dos casos a distribución é bastante similar.

Igual que sucede nas demandantes paradas, aquí predominan as de 26 a 35 anos, mentres que nos homes predominan neste caso os demandantes de menor idade. En todos os casos as mulleres demandantes superan aos homes, excepto nos menores de 26 anos, onde sucede o contrario. O colectivo de mulleres non paradas que teñen entre 26 e 55 anos concentran o 42,81% da demanda.

GRÁFICO 6: *Distribución porcentual do total de demandantes por grupos de idade.*



GRÁFICO 7: *Distribución porcentual do total de demandantes por sexo.*



Do total de demandantes da comarca, predominan os que teñen entre 26 e 35 anos, tanto nos parados coma nos non parados. No primeiro caso representan o 20,92% do total e no segundo o 6,38%. Séguelle por orde o intervalo de menores de 26 anos para os demandantes parados, e o de 36 a 45 anos para os non parados. Mentres que nos demandantes non parados non se rexistran grandes diferenzas entre os grupos de idade, nos demandantes parados as variacións na distribución son máis visibles.

O 59,57% dos demandantes son mulleres; este é o grupo maioritario nos dous tipos de demandantes, correspondéndolle o 43,26% do total ás paradas, mentres que as non paradas supoñen o 16,31%. En ambos os dous sexos predominan os demandantes parados sobre os non parados; as porcentaxes masculinas son notoriamente inferiores ás femininas.

5.2.5. Demandantes por nivel académico

TÁBOA 8.1: *Distribución dos demandantes parados por nivel académico.*

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Ata certificado de escolaridade*	370	44,63	31,78
Titulación de ensinanza obrigatoria	254	30,64	37,12
Formación profesional	35	4,22	5,63
BUP/Bacharelato superior/COU	81	9,77	12,20
Titulados universitarios	58	7,00	11,17
Outras titulacións	31	3,74	2,11
TOTAL	**829**	**100,00**	**100,00**

** Inclúe: sen estudos, estudos primarios e certificado de escolaridade*

Mentres que na provincia predominan os demandantes parados con titulación de ensinanza obrigatoria, en Ortegal fano cunha diferenza bastante elevada os que se sitúan no nivel inferior, que representan o 44,63%, superando así a porcentaxe provincial en 12,86 puntos porcentuais. O resto de diferenzas aprécianse nos que teñen bacharelato e titulación universitaria, xa que neste caso a provincia supera amplamente á comarca, o cal denota o menor nivel de cualificación en Ortegal se o valoramos en relación co conxunto da provincia.

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Ata certificado de escolaridade	153	51,17	30,62
Titulación de ensinanza obrigatoria	73	24,41	33,40
Formación profesional	14	4,68	5,72
BUP/Bacharelato superior/COU	29	9,70	15,70
Titulados universitarios	23	7,69	13,03
Outras titulacións	7	2,34	1,53
TOTAL	**299**	**100,00**	**100**

Táboa 8.2: *Distribución dos demandantes non parados por nivel académico.*

Máis da metade dos demandantes non parados, o 51,17%, non chegan a ter o nivel de titulación de ensinanza obrigatoria, superando en grande medida á provincia, en 20,55 puntos, que amosa unha distribución máis equitativa nos dous niveis académicos inferiores. Sumando estes dous niveis inferiores, obtemos que en Ortegal a porcentaxe de demandantes non parados con titulación de ensinanza obrigatoria ou inferior ascende ao 75,58%, fronte ao 64,02% da provincia. Como correlato, nos niveis de ensino medio e universitarios a provincia supera á comarca. No caso dos titulados universitarios acentúase esta desproporción entre comarca e provincia.

5.2.6. Demandantes parados por tempo de busca de emprego

		Menos de 6 meses %	De 6 meses a 1 ano %	Máis de 1 ano %	TOTAL %
Menor de 26 anos	Homes	7,24	1,21	0,00	8,44
	Mulleres	8,08	1,33	2,53	11,94
26 a 35 anos	Homes	6,27	1,09	1,21	8,56
	Mulleres	10,62	3,02	6,27	19,90
36 a 45 anos	Homes	5,19	1,33	0,72	7,24
	Mulleres	6,51	1,45	4,58	12,55
46 a 55 anos	Homes	3,14	1,45	2,17	6,76
	Mulleres	3,98	1,21	4,58	9,77
56 e máis anos	Homes	2,41	0,97	6,76	10,13
	Mulleres	1,09	0,24	3,38	4,70
TOTAL COMARCA		**54,52**	**13,27**	**32,21**	**100,00**
TOTAL PROVINCIA		**48,04**	**14,84**	**37,13**	**100,00**

Táboa 9: *Distribución dos demandantes parados segundo o sexo e a idade por tempo de busca de emprego.*

O perfil tipo de demandante parado é o de menos de seis meses na procura de emprego, que supón o 54,52%, superando así á porcentaxe provincial en 6,48 puntos. Neste caso predomina a demanda feminina, que representa o 30,28%, concentrándose na súa maior parte ata os 35 anos, que supón o 18,7%. Nos homes tamén se observa a maior concentración neste intervalo (o 13,51%).

Os demandantes parados que levan entre 6 meses e 1 ano buscando emprego representan o 13,27%. A súa distribución por xénero é bastante equilibrada, amosando unha lixeira superioridade das mulleres (7,25% de demandantes mulleres sobre 6,05% de demandantes homes).

Os parados de longa duración, que representan o 32,21%, son maioritariamente mulleres, duplicando a porcentaxe de homes (21,34% sobre 10,86%). Entre eles, as mulleres concéntranse en maior medida nos intervalos que van desde os 26 aos 55 anos, o 15,43%, mentres que os homes o fan nos intervalos superiores aos 45 anos, que suman un valor porcentual do 8,93%. Cómpre dicir que nos maiores de 55 anos a porcentaxe de homes demandantes dobra á de mulleres, superando no resto de casos as mulleres aos homes.

5.2.7. Demandantes por sectores económicos de procedencia

TÁBOA 10: *Demandantes por actividade económica.*

	PARADOS			NON PARADOS		
	Comarcal N.º	Comarcal %	Provincial %	Comarcal N.º	Comarcal %	Provincial %
Sector primario	60	7,24	2,00	22	7,36	2,78
Sector secundario	179	21,59	17,16	108	36,12	18,47
Construción	103	12,42	13,36	27	9,03	8,13
Sector servizos	342	41,25	49,08	113	37,79	54,02
Sen actividade previa	145	17,49	18,41	29	9,70	16,59
TOTAL	**829**	**100,00**	**100,00**	**299**	**100,00**	**100,00**

Os demandantes parados proceden na súa maior parte do sector servizos, que supón o 41,25%, situándose o sector secundario nun segundo lugar, cunha porcentaxe do 21,59%. A grandes trazos a distribución nos dous ámbitos, comarcal e provincial, é similar; as diferenzas máis significativas son a menor presenza comarcal no sector servizos e a superioridade da porcentaxe comarcal sobre a provincial no sector primario.

Por outra banda, nos demandantes non parados percíbese a importancia de dous sectores, de novo o de servizos e secundario, pero que neste caso manteñen porcentaxes similares, a diferenza do que sucede na provincia, onde predomina amplamente o primeiro, que concentra máis da metade dos demandantes, o 54,02%. No resto de sectores a distribución é similar, mentres que na provincia apréciase unha redución importante de demandantes no sector primario.

GRÁFICO 8: *Demandantes parados na Industria.*



Na industria predomina a concentración de demandantes na actividade de alimentación, que supón as tres cuartas partes do total, o 74%. Séguelle, co 13%, o apartado de outras industrias, o cal amosa a forte concentración das actividades que ten lugar neste caso.

GRÁFICO 9: *Demandantes parados nos Servizos.*



As administracións públicas agrupan a maior parte dos demandantes (o 40%). Nun segundo lugar agrúpanse con porcentaxes similares o comercio, as actividades inmobiliarias e a hostalería, que representan o 15%, 14% e 12% respectivamente. O 19% restante repártese entre o resto de actividades, das cales ningunha presenta un predominio significativo.

5.2.8. As dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego

TÁBOA 11: Ocupacións máis demandadas.

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Limpador-preparador peixe para conserva	158	14,01	0,20
Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	101	8,95	7,21
Dependente de comercio	76	6,74	8,97
Peón da ind. manufactureira	75	6,65	3,87
Empregado administrativo comercial	38	3,37	0,28
Mariñeiro de pesca	36	3,19	0,61
Albanel	33	2,93	2,65
Camareiro	26	2,30	2,68
Técnico administrativo	22	1,95	1,10
Cociñeiro	19	1,68	1,41

5.2.9. Perfil tipo dos demandantes de emprego

TÁBOA 12: Perfil máis representativo.

	PERFIL COMARCAL TIPO	PERFIL PROVINCIAL TIPO
Situación laboral	Parados con emprego anterior	Parados con emprego anterior
Sexo	Mulleres	Mulleres
Grupo idade	De 26 a 35 anos	De 26 a 35 anos
Nivel académico	**Ata certificado de escolaridade**	Titulación ensinanza obrigatoria
Duración demanda	Menos de 6 meses	Menos de 6 meses
Sector	Servizos	Servizos
Ocupación máis demandada	**Limpador-preparador peixe para conserva**	Dependente de comercio

5.3. OFERTAS

5.3.1. Ofertas no servizo público de emprego galego 2003. Evolución

TÁBOA 13: Número de ofertas por concellos. Ano 2003.

	TOTAL OFERTAS	TOTAL %
Cariño	29	30,21
Cerdido	11	11,46
Mañón	2	2,08
Ortigueira	54	56,25
Ortegal	**96**	**100,00**

TOTAL OFERTAS PROVINCIA:	**32.600**
COMARCA/PROVINCIA:	**0,29**

Ortegal tan só rexistra 96 ofertas de emprego no ano 2003, correspondéndolle máis da metade delas ao concello de Ortigueira. As ofertas desta comarca supoñen o 0,29% das realizadas na provincia.

TÁBOA 14: Evolución das ofertas. Período 1999-2003. Valores absolutos e relativos.

	N.º OFERTAS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Cariño	14	30	38	44	29	114,29	26,67	15,79	-34,09	19,97
Cerdido	0	3	8	19	11	–	166,67	137,50	-42,11	–
Mañón	0	3	16	4	2	–	433,33	-75,00	-50,00	–
Ortigueira	43	79	30	75	54	83,72	-62,03	150,00	-28,00	5,86
Ortegal	**57**	**115**	**92**	**142**	**96**	**101,75**	**-20,00**	**54,35**	**-32,39**	**13,92**
A Coruña	**29.835**	**37.922**	**30.755**	**30.380**	**32.600**	**27,11**	**-18,90**	**-1,22**	**7,31**	**2,24**

Malia que conxuntamente aumenta o número de ofertas, como se percibe na variación media de 13,92%, a evolución delas afronta continuos altibaixos, incrementándose sobre todo no ano 2000 e decrecendo ao final do período, como se ve na variación interanual de -32,39% en 2003. Todos os concellos incrementan as ofertas, se ben os maiores aumentos os rexistran sobre todo nos anos intermedios, amosando tendencias regresivas ao final do período, como se pode comprobar graficamente. No caso de Ortigueira destacan as oscilacións que se producen dun ano a outro, e rexístrase especialmente unha caída considerable no ano 2001.

GRÁFICO 10: Evolución do número de ofertas dos concellos da comarca.



5.3.2. Ofertas segundo os sectores de actividade económica

	PRIMARIO		SECUNDARIO		CONSTRUCIÓN		SERVIZOS	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Cariño	18	85,71	0	0,00	0	0,00	11	18,64
Cerdido	3	14,29	4	57,14	0	0,00	4	6,78
Mañón	0	0,00	0	0,00	0	0,00	2	3,39
Ortigueira	0	0,00	3	42,86	9	100,00	42	71,19
TOTAL COMARCA	**21**	**100,00**	**7**	**100,00**	**9**	**100,00**	**59**	**100,00**
TOTAL PROVINCIA	**338**		**3.112**		**5.814**		**23.331**	

Táboa 15: *Distribución das ofertas por concellos segundo os sectores económicos. Valores absolutos e relativos en relación co total da comarca.*

Máis da metade das ofertas comarcais proceden do sector servizos, recolléndose maiormente no concello de Ortigueira, que rexistra 42 ofertas. É tamén neste concello onde se realizan a totalidade das ofertas da construción.

Por outra banda, o segundo sector que concentra máis ofertas é o primario, rexistrándose case na súa totalidade no concello de Cariño.

O predominio do sector servizos é manifesto, concentrando o 62% das ofertas. En segundo lugar está o sector primario, no que se realizan o 22% destas.

Das sete ofertas rexistradas na industria, catro proceden da actividade da madeira e tres da de alimentación.



Gráfico 11: *Distribución porcentual das ofertas por sectores económicos.*

Máis da metade das ofertas procedentes dos servizos derivan das actividades vinculadas ás administracións públicas. Cunha representación máis minoritaria habería que sinalar a de transporte e comunicacións, co 8%, e as de comercio, hostalería e actividades inmobiliarias e servizos ás empresas, todas elas cun 7% do total.



Gráfico 12: *Distribución porcentual das ofertas nos servizos.*

	1999	2000	2001	2002	2003
Primario	8	25	25	36	21
Secundario	0	1	14	2	7
Construción	40	14	22	17	9
Servizos	9	75	31	87	59
TOTAL COMARCA	**57**	**115**	**92**	**142**	**96**
TOTAL PROVINCIA	**29.835**	**37.922**	**30.755**	**30.380**	**32.600**

Táboa 16: *Evolución das ofertas por sectores económicos.*

Mentres que o sector de maior importancia cuantitativa, o de servizos, amosa un crecemento de 60,01% en todo o período, na construción rexístrase un descenso de -31,13. En xeral todos os sectores reducen o número de ofertas en 2003, excepto o secundario, malia o escaso peso que supoñen as deste sector.

5.3.3. Perfil básico das ofertas

Trece ofertas recollidas na comarca de Ortegal solicitaban traballadores tendo en conta o xénero; cinco requirían homes e oito mulleres.

GRÁFICO 13: *Ofertas por nivel académico segundo o sector económico da comarca.*



Un 39,58% das ofertas da comarca solicitaban un determinado nivel académico. Un 47,37% delas requirían formación profesional, en tanto que un 28,95% só solicitaban certificado de escolaridade. A maioría das que solicitaban formación profesional vincúlanse ás actividades da pesca, igual que sucede coas que requirían só certificado de escolaridade.

5.3.4. Análise ocupacional das ofertas

TÁBOA 17.1: *Ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores.*

	1999	2000	2001	2002	2003
Auxiliar administrativo	1	0	0	4	8
Albanel	20	8	4	8	5
Conserxe	0	0	0	3	4
Docencia: profesor de música	0	0	0	1	3
Dependente en xeral	0	0	0	3	2
Mozo-Muller de limpeza	0	0	0	1	2
Peón de albanel/Peón de obras públicas	0	5	1	13	2
Diplomado en enfermería	0	0	0	1	2
Auxiliar de axuda a domicilio/Coidador de anciáns	0	1	5	1	2
Auxiliar de clínica / enfermería	0	0	0	1	1

En 2003 é a ocupación de auxiliar administrativo a que rexistra máis ofertas nos centros colaboradores, dobrando as do ano anterior. Séguenlle as ofertas de albanel, que perden peso en relación cos anos anteriores. Por outra parte, destaca o forte descenso producido nas ofertas derivadas da ocupación de peón de albanel.

TÁBOA 17.2: *Ocupacións máis ofertadas nas oficinas de emprego.*

	1999	2000	2001	2002	2003
Mecánico naval	6	10	10	10	13
Mariñeiro de pesca	1	10	11	20	5
Limpador/a de portais e escaleiras	0	0	0	0	2
Mecánico de litoral (motorista naval)	0	2	2	0	0
Patrón de pesca de litoral	1	2	1	0	0
Cociñeiro de barco	0	0	0	1	0
Patrón de tráfico interior	0	1	0	0	0
Redeiro de mar	0	0	2	0	0
Patrón de pesca de altura	0	1	0	0	0

Mecánico naval e mariñeiro de pesca son as dúas ocupacións máis ofertadas pola oficinas de emprego, prevalecendo en 2003 a primeira, que incrementa o seu peso, mentres que a segunda sofre unha forte redución.

5.4. CONTRATOS

5.4.1. Número de contratos no ámbito comarcal e municipal

	CONTRATOS 2003	
	N.º	%
CARIÑO	474	36,27
CERDIDO	84	6,43
MAÑÓN	172	13,16
ORTIGUEIRA	577	44,15
TOTAL COMARCA	**1.307**	**100,00**
TOTAL PROVINCIA	**310.890**	**0,42**

Táboa 18: *Número de contratos na comarca e nos concellos. Ano 2003.*

Na comarca de Ortegal rexístranse 1.307 contratos de traballo, que supoñen o 0,42% dos realizados na provincia da Coruña. Ortigueira e Cariño, nesta orde, son os dous concellos que rexistran a maior parte deles, agrupando entre os dous máis das tres cuartas partes do total.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA %
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
CARIÑO	479	445	347	437	474	-7,10	-22,02	25,94	8,47	-0,26
CERDIDO	90	90	74	133	84	0,00	-17,78	79,73	-36,84	-1,71
MAÑÓN	112	103	98	125	172	-8,04	-4,85	27,55	37,60	11,32
ORTIGUEIRA	576	628	667	693	577	9,03	6,21	3,90	-16,74	0,04
TOTAL COMARCA	**1.257**	**1.266**	**1.186**	**1.388**	**1.307**	**0,72**	**-6,32**	**17,03**	**-5,84**	**0,98**
TOTAL PROVINCIA	**268.271**	**281.551**	**280.779**	**292.423**	**310.890**	**4,95**	**-0,27**	**4,15**	**6,32**	**3,75**

Táboa 19: *Evolución do número de contratos no ámbito comarcal. Variacións anuais. 1999-2003.*

O número de contratos increméntase nun 0,98% no período de referencia, amosando unha tendencia de crecemento descontinua que remata en 2003 cun descenso de -5,84%. Os dous concellos maioritarios amosan un número similar de contratos en 2003 e en 1999; en Ortigueira aumentan nos tres primeiros anos, mentres que en Cariño medra nos dous últimos. O concello que máis incrementa a contratación é Mañón, que recolle unha variación media de 11,32%, amosando os crecementos máis significativos nos dous últimos anos, con variacións interanuais do 27,55% en 2001-2002 e do 37,6% en 2002-2003.

5.4.2. Contratación comarcal segundo o sexo e a idade

	N.º CONTRATOS			% CONTRATOS		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Menos de 26 anos	247	150	397	18,90	11,48	30,37
De 26 a 35 anos	228	167	395	17,44	12,78	30,22
De 36 a 45 anos	177	118	295	13,54	9,03	22,57
De 46 a 55 anos	102	64	166	7,80	4,90	12,70
De 56 e máis anos	41	13	54	3,14	0,99	4,13
TOTAL COMARCA	**795**	**512**	**1.307**	**60,83**	**39,17**	**100,00**
TOTAL PROVINCIAL	**166.028**	**144.862**	**310.890**	**53,40**	**46,60**	**100,00**

Táboa 20: *Distribución da contratación comarcal segundo o sexo e a idade. Ano 2003.*

A contratación nesta comarca é maioritariamente masculina, 60,83%, concentrándose sobre todo no intervalo de menores de 46 anos. En efecto, o 49,88% dos contratos realízanse a homes menores de 46 anos. Pola contra, no caso das mulleres, a contratación concéntrase nos intervalos de idade máis baixos, ata os 35 anos, supoñendo o 24,26% da contratación global. Cómpre sinalar que a contratación a partir dos 55 anos é fundamentalmente masculina.

Sen facer unha diferenciación por xénero, pódese apreciar a tendencia regresiva das contratacións a medida que imos incrementando a idade. Nos dous intervalos de idade máis baixos, menores de 26 e de 26 a 35 anos, concéntranse o 60,59% dos contratos.

Táboa 21: *Evolución do número de contratos da comarca segundo o sexo. Período 1999-2003.*

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Homes	873	871	676	859	795	-0,23	-22,39	27,07	-7,45	-2,31
Mulleres	384	395	510	529	512	2,86	29,11	3,73	-3,21	7,46
TOTAL CONTRATOS	**1.257**	**1.266**	**1.186**	**1.388**	**1.307**	**0,72**	**-6,32**	**17,03**	**-5,84**	**0,98**

A contratación feminina amosa unha variación media de 7,46%, supoñendo un incremento en termos absolutos de 128 contratos. Nos homes descende a contratación nun -2,31%.

A evolución de ambos os dous colectivos no quinquenio é diferente; mostra tendencias opostas. Nas mulleres increméntase a contratación ata 2002, rexistrando o maior crecemento no ano anterior, onde recolle unha variación interanual de 29,11%; remata o período cunha regresión de -3,21%. Por outra banda, os homes rexistran variacións negativas todos os anos, excepto en 2002, onde se incrementa nun 27,07%. No mesmo ano en que as mulleres rexistran o maior incremento, nos homes ten lugar a diminución máis elevada, o -22,39%.

Gráfico 14: *Evolución da distribución da contratación comarcal segundo o sexo. Período 1999-2003. Valores proporcionais.*



Nos primeiros anos apréciase un predominio moi alto da contratación masculina, que vai perdendo peso relativo nos anos seguintes. En efecto, en 1999 a diferenza entre a contratación masculina e feminina é do 39,9%, mentres que en 2003 é do 20,83%.

Táboa 22: *Evolución do número de contratos da comarca segundo a idade. Período 1999-2003.*

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Menor de 26 anos	359	393	354	425	397	9,47	-9,92	20,06	-6,59	2,55
De 26 a 35 anos	478	453	397	414	395	-5,23	-12,36	4,28	-4,59	-4,66
De 36 a 45 anos	244	223	240	320	295	-8,61	7,62	33,33	-7,81	4,86
De 46 a 55 anos	122	152	139	172	166	24,59	-8,55	23,74	-3,49	8,00
De 56 e máis anos	54	45	56	57	54	-16,67	24,44	1,79	-5,26	0,00
TOTAL CONTRATOS	**1.257**	**1.266**	**1.186**	**1.388**	**1.307**	**0,72**	**-6,32**	**17,03**	**-5,84**	**0,98**

Os dous tramos de menor idade, que ao mesmo tempo manteñen un peso similar en 2003, amosan tendencias opostas na súa evolución. Mentres que a contratación de menores de 26 anos amosa un crecemento de 2,55% en todo o período, no tramo seguinte rexistra unha variación media negativa de -4,66%.

A evolución contractual nos menores de 26 anos presenta incrementos e diminucións alternativos. Cómpre sinalar como significativo o incremento de 20,06% que ten lugar en 2002, decrecendo en 2003 nun -6,59%. No tramo seguinte apréciase unha redución continuada, exceptuando en 2002, onde se observa un crecemento de 4,28%.

Mentres que nos maiores de 55 anos se mantén o mesmo número de contratos, nos dous tramos anteriores increméntase a contratación, sendo as persoas de 46 a 55 anos o colectivo que maior incremento rexistra, o 8% de variación media.

5.4.3. Contratación comarcal segundo os sectores económicos

Táboa 23: *Distribución da contratación por sectores/subsectores económicos.*

	CONTRATOS 2003 N.º	%
SECTOR PRIMARIO	**207**	**15,84**
Agricultura e pesca	207	15,84
SECTOR SECUNDARIO	**206**	**15,76**
Industria	206	15,76
SECTOR CONSTRUCIÓN	**232**	**17,75**
Construción	232	17,75
SECTOR SERVIZOS	**662**	**50,65**
Comercio e hostalería	173	13,24
Transporte e comunicacións	37	2,83
Outros servizos	452	34,58
TOTAL CONTRATOS	**1.307**	**100,00**

Tras recoller o 50,65% de contratos de Ortegal en 2003, o sector servizos consolida o seu predominio, mantendo o resto de sectores un peso bastante similar. Entre os restantes, predomina o sector da construción, que co 17,75% mantén un valor lixeiramente superior de contratos que os sectores primario e secundario.

Dentro do sector servizos predomina o subsector de outros servizos, que supón o 34,58% da contratación, seguíndolle o de comercio e hostalería co 13,24%, mentres que o transporte rexistra unha porcentaxe moi inferior.

Gráfico 15: *Distribución porcentual da contratación na Industria.*

Dentro da industria predomina de forma case absoluta a contratación na alimentación, que supón o 83% do total. O 17% restante repártese nas outras actividades, onde predomina co 8% a da madeira.



Gráfico 16: *Distribución porcentual da contratación nos servizos.*

A maior parte da contratación do sector servizos rexístrase nas administracións públicas, cun peso relativo do 43%. Nun segundo lugar atópanse os servizos á comunidade, co 19%, seguido, coa mesma porcentaxe do 12%, polo comercio e a hostalería. O 14% restante distribúese entre as demais actividades, predominando co 6% a de transporte e comunicacións.



Táboa 24: Distribución porcentual da contratación comarcal segundo sectores/subsectores económicos por sexo e idade. Ano 2003.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e mais
SECTOR PRIMARIO	**15,46**	**0,38**	**3,21**	**4,21**	**5,20**	**2,45**	**0,77**
Agricultura e pesca	15,46	0,38	3,21	4,21	5,20	2,45	0,77
SECTOR SECUNDARIO	**3,90**	**11,86**	**3,21**	**5,51**	**3,90**	**2,14**	**0,99**
Industria	3,90	11,86	3,21	5,51	3,90	2,14	0,99
SECTOR CONSTRUCIÓN	**14,54**	**3,21**	**7,12**	**4,51**	**3,52**	**2,07**	**0,54**
Construción	14,54	3,21	7,12	4,51	3,52	2,07	0,54
SECTOR SERVIZOS	**26,93**	**23,72**	**16,83**	**15,99**	**9,95**	**6,04**	**1,84**
Comercio e hostalería	4,59	8,65	5,97	3,60	1,99	1,30	0,38
Transporte e comunicacións	1,91	0,92	0,54	0,84	1,07	0,31	0,08
Outros servizos	20,43	14,15	10,33	11,55	6,89	4,44	1,38
TOTAL CONTRATOS	**60,83**	**39,17**	**30,37**	**30,22**	**22,57**	**12,70**	**4,13**

No sector servizos, o de maior representatividade cuantitativa, a distribución por sexos é bastante similar se temos en conta o sector en conxunto. Nos subsectores de outros servizos e transporte predominan os homes, con 6,28 puntos de superioridade no primeiro e 0,99 puntos no segundo. No comercio a porcentaxe de contratación feminina case duplica á masculina.

No resto de sectores percíbese o claro predominio dos homes no primario e en construción, mentres que no secundario predomina a contratación feminina.

Dentro do sector servizos, a contratación concéntrase sobre todo nas persoas de ata 35 anos, que asinan o 32,82% do total de contratos. A medida que incrementamos a idade vai descendendo a contratación, situación extrapolable ao resto de sectores.

Cómpre sinalar, porén, algunhas diferenzas: no sector primario o perfil tipo é o de 36 a 45 anos, co 5,20%, seguido do inmediatamente anterior; no secundario rexístrase maior concentración de contratos a persoas entre 26 e 35 anos; na construción predominan os menores de 26 e os do tramo seguinte, que suman conxuntamente o 11,63%.

Táboa 25: Evolución da contratación comarcal segundo os sectores e subsectores económicos. Período 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
SECTOR PRIMARIO	**197**	**165**	**136**	**239**	**207**	**-16,24**	**-17,58**	**75,74**	**-13,39**	**1,25**
Agricultura e pesca	197	165	136	239	207	-16,24	-17,58	75,74	-13,39	1,25
SECTOR SECUNDARIO	**250**	**247**	**252**	**195**	**206**	**-1,20**	**2,02**	**-22,62**	**5,64**	**-4,72**
Industria	249	247	252	195	206	-0,80	2,02	-22,62	5,64	-4,63
Electricidade	1	0	0	0	0	-100,00	0,00	0,00	0,00	-100,00
S. CONSTRUCIÓN	**145**	**161**	**175**	**237**	**232**	**11,03**	**8,70**	**35,43**	**-2,11**	**12,47**
Construción	145	161	175	237	232	11,03	8,70	35,43	-2,11	12,47
SECTOR SERVIZOS	**665**	**693**	**623**	**712**	**662**	**4,21**	**-10,10**	**14,29**	**-7,02**	**-0,11**
Comercio e hostalería	209	194	189	225	173	-7,18	-2,58	19,05	-23,11	-4,62
Transporte e comunicacións	26	33	23	42	37	26,92	-30,30	82,61	-11,90	9,22
Outros servizos	430	466	411	445	452	8,37	-11,80	8,27	1,57	1,26
TOTAL CONTRATOS	**1.257**	**1.266**	**1.186**	**1.388**	**1.307**	**0,72**	**-6,32**	**17,03**	**-5,84**	**0,98**

Nunha aproximación á evolución entre 1999 e 2003, dous sectores, servizos e secundario, presentan variacións medias negativas. O primeiro apenas sofre modificación, mentres que o secundario decrece nun -4,72%, o cal significa un descenso en termos absolutos de 44 contratos. En ambos os dous apréciase unha traxectoria inestable con altibaixos xeneralizados.

A construción crece nun 12,47%, amosando unha evolución positiva ata 2002, onde culmina cunha variación interanual de 35,43%. Ao ano seguinte fréase esa tendencia, decrecendo nun -2,11%. O outro sector que presenta crecemento é o primario, se ben este é máis reducido (variación media de 1,25%). Neste sector cómpre destacar que todos os anos se reduce considerablemente a contratación, excepto en 2002, onde se rexistra un forte crecemento de 75,74%, que supón en termos absolutos un incremento de 103 contratos de traballo.

5.4.4. Tipoloxía da contratación laboral

Case as tres cuartas partes dos contratos realízanse baixo a tipoloxía de temporais a tempo completo. Se a estes lle sumamos os realizados na mesma modalidade pero a tempo parcial, obtemos o 84%. A contratación indefinida a tempo completo só supón o 5%.



Gráfico 17: *Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contratos. Ano 2003.*

Táboa 26: *Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contrato por sexo e idade. Ano 2003.*

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
Indefinido	4,67	0,77	0,92	1,38	1,76	0,92	0,46
Indefinido tempo parcial	0,00	0,61	0,23	0,23	0,08	0,08	0,00
Temporal	46,14	27,77	22,34	24,18	15,61	8,72	3,06
Temporal tempo parcial	2,22	8,65	3,90	3,06	2,60	1,22	0,08
Prácticas/Formación	1,76	0,77	2,52	0,00	0,00	0,00	0,00
Outros	6,04	0,61	0,46	1,38	2,52	1,76	0,54
TOTAL CONTRATOS	**60,83**	**39,17**	**30,37**	**30,22**	**22,57**	**12,70**	**4,13**

A contratación de homes na modalidade temporal case duplica á de mulleres. Pola contra, na mesma modalidade pero a tempo parcial a contratación é maiormente feminina.

A contratación temporal a persoas dos intervalos máis baixos en relación coa idade, ata 35 anos, supón case a metade da contratación total (o 46,52%). Se a este lle sumamos os contratos do seguinte tramo en idade, concéntrase o 62,13%. Nas tipoloxías de contrato temporal a tempo parcial e contrato en prácticas predomina a contratación nos tramos de idade máis nova.

Táboa 27: *Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contrato por sectores económicos. Ano 2003.*

	PRIMARIO	SECUNDARIO			CONSTRUCIÓN	SERVIZOS			
	Agr.,Gand.	Industr.	Electric.	Total	Construc.	Comerc.	Transp.	Outros	Total
Indefinido	3,37	0,46	0,00	0,46	0,54	0,61	0,00	0,46	1,07
Indefinido tempo parcial	0,00	0,08	0,00	0,08	0,00	0,46	0,00	0,08	0,54
Temporal	12,32	14,00	0,00	14,00	15,84	5,81	2,68	23,26	31,75
Temporal tempo parcial	0,15	1,15	0,00	1,15	0,46	5,43	0,15	3,52	9,10
Prácticas/Formación	0,00	0,08	0,00	0,08	0,92	0,92	0,00	0,61	1,53
Outros	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	6,66	6,66
TOTAL CONTRATOS	**15,84**	**15,76**	**0,00**	**15,76**	**17,75**	**13,24**	**2,83**	**34,58**	**50,65**

O predominio da contratación temporal é notoria en todos os sectores. O sector primario presenta os valores máis elevados no que respecta á contratación indefinida.

No sector de servizos concéntrase a metade do total de contratos, sendo a contratación temporal a tempo completo no subsector de outros servizos a que rexistra a maior porcentaxe (o 23,26%). En comercio e hostalería predomina de novo a contratación temporal a tempo completo, aínda que lle segue a pouca distancia a mesma fórmula, pero a tempo parcial. No subsector de transporte e comunicacións, só rexistran contratos as dúas fórmulas temporais, mentres que en outros servizos, fronte ao forte predominio da contratación temporal, tamén se rexistran a totalidade da modalidade de outros.

Táboa 28: *Evolución da contratación comarcal segundo a tipoloxía de contratos. Período 1999-2003.*

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Indefinido	151	113	96	130	71	-25,17	-15,04	35,42	-45,38	-17,19
Indefinido tempo parcial	11	13	7	17	8	18,18	-46,15	142,86	-52,94	-7,65
Temporal	795	844	801	877	966	6,16	-5,09	9,49	10,15	4,99
Temporal tempo parcial	169	163	166	195	142	-3,55	1,84	17,47	-27,18	-4,26
Prácticas/Formación	39	33	37	82	33	-15,38	12,12	121,62	-59,76	-4,09
Outros	92	100	79	87	87	8,70	-21,00	10,13	0,00	-1,39
TOTAL CONTRATOS	**1.257**	**1.266**	**1.186**	**1.388**	**1.307**	**0,72**	**-6,32**	**17,03**	**-5,84**	**0,98**

Desde o punto de vista diacrónico, todas as fórmulas contractuais experimentan un descenso excepto a máis utilizada, a temporal a tempo completo, que amosa unha variación media de 4,99%. Neste caso apréciase unha evolución positiva en todos os anos, agás en 2001, onde diminúe nun -5,09%.

No resto, é a contratación indefinida a que amosa a variación media máis baixa (-17,19%). Esta rexistra continuas regresións, excepto en 2002, onde medra, igual que o fan todo o resto de fórmulas. A contratación temporal a tempo parcial, segunda máis utilizada, descende nun -4,26%, tras iniciar o período cun descenso de -3,55% e rematalo cun -27,18%; nos anos intermedios aumenta a contratación desta modalidade.

5.4.5. Grandes grupos de ocupación na contratación laboral

TÁBOA 29: Distribución da contratación por grandes grupos de ocupación segundo o sexo. Ano 2003.

	CONTRATOS	
	Nº	%
1. Técnicos profesionais, científicos e intelectuais	**121**	**9,26**
HOMES	93	7,12
MULLERES	28	2,14
2. Técnicos e profesionais de apoio	**74**	**5,66**
HOMES	52	3,98
MULLERES	22	1,68
3. Empregados de tipo administrativo	**47**	**3,60**
HOMES	11	0,84
MULLERES	36	2,75
4. Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio	**229**	**17,52**
HOMES	100	7,65
MULLERES	129	9,87
5. Traballadores cualificados na agricultura e pesca	**112**	**8,57**
HOMES	111	8,49
MULLERES	1	0,08
6. Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería	**310**	**23,72**
HOMES	168	12,85
MULLERES	142	10,86
7. Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	**71**	**5,43**
HOMES	64	4,90
MULLERES	7	0,54
8. Traballadores non cualificados	**343**	**26,24**
HOMES	196	15,00
MULLERES	147	11,25
TOTAL CONTRATOS	**1.307**	**100,00**
TOTAL HOMES	**795**	**60,83**
TOTAL MULLERES	**512**	**39,17**

Nesta comarca rexístrase unha concentración importante da contratación en tres grupos de ocupación, que representan o 67,48%:

- Traballadores non cualificados, co 26,24%.
- Artesáns e traballadores cualificados da industria manufactureira, 23,72%.
- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio, 17,52%.

Nos dous primeiros grupos predomina a contratación de homes, mentres que no último predominan as mulleres, se ben con diferenzas pequenas.

Se temos en consideración os grupos con maior contratación en función do sexo, obtense a seguinte distribución:

Grupos de ocupación cunha maior contratación masculina	Grupos de ocupación cunha maior contratación feminina
• Traballadores non cualificados, cun 15% da contratación. • Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería; 12,85%. • Traballadores cualificados na agricultura e pesca, 8,49%. • Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio; 7,65%.	• Traballadoras non cualificadas, 11,25%. • Artesás/traballadoras cualificadas industria manufactureira, construción e minería; 10,86%. • Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio; 9,87%. • Empregadas de tipo administrativo, 2,75%.

En todos os grupos de contratación predomina a contratación masculina, excepto nos de:

- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio, onde a diferenza entre contratos femininos e masculinos é de 2,22 puntos.
- Empregados de tipo administrativo, onde os contratos a mulleres sitúanse 1,91 puntos por riba dos realizados a homes.

Tendo en conta a evolución da contratación no período de referencia, rexístrase como grupo con maior crecemento contractual o de traballadores non cualificados, que amosa unha variación media de 12,26%, sendo o crecemento no resto de grupos inferior ao 2,88%, que é o valor rexistrado no grupo de técnicos profesionais, científicos e intelectuais.

Os grupos de contratación que presentan as maiores regresións son:

- Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería, cunha variación media de -5,33%.
- Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores (variación media de -3,54%).
- Empregados de tipo administrativo (-3,41%).
- Traballadores cualificados na agricultura e pesca (-3,28%).

Por unha banda, tendo en conta a variable xénero, os grupos que experimentan un maior crecemento da contratación masculina son:

- Técnicos e profesionais de apoio (variación media de 4,26%).
- Traballadores non cualificados (3,32%).
- Técnicos profesionais, científicos e intelectuais (2,58%).

E os grupos con maior contratación feminina que experimentan un maior crecemento son:

- Traballadoras non cualificadas (variación media de 35,2%).
- Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio (variación media de 6,31%).
- Técnicas profesionais, científicas e intelectuais (3,93%).

Por outra banda, os grupos con maior contratación masculina que presentan maior regresión son:

- Artesáns e traballadores cualificados da industria manufactureira (variación media de -9,73%).
- Operadores de instalacións e maquinaria (-3,24%).
- Traballadores cualificados na agricultura e pesca (-2,73%).

E os de maior contratación feminina que presentan maior regresión son:

- Traballadoras cualificadas na agricultura e pesca (-29,29%).
- Operadoras de instalacións e maquinaria (-6,09%).
- Técnicas e profesionais de apoio (-4,99%).

5.4.6. Ocupacións máis contratadas

TÁBOA 30: *As dez ocupacións máis contratadas na comarca. Ano 2003.*

		TOTAL		HOMES		MULLERES		RATIO
CNO	OCUPACIÓNS	N.º	%	N.º	%	N.º	%	MASCUL.[1]
97000011	Peón da ind. manufactureira, en xeral	176	13,47	85	10,69	91	17,77	48,30
78010194	Limpador-preparador peixe para conserva	134	10,25	9	1,13	125	24,41	6,72
25130104	Músico instrumentista, en xeral	93	7,12	82	10,31	11	2,15	88,17
71100016	Albanel	91	6,96	90	11,32	1	0,20	98,90
63230055	Mariñeiro de pesca	86	6,58	86	10,82	0	0,00	100,00
50200018	Camareiro, en xeral	49	3,75	17	2,14	32	6,25	34,69
53300010	Dependente de comercio, en xeral	40	3,06	8	1,01	32	6,25	20,00
94400012	Peón forestal	40	3,06	40	5,03	0	0,00	100,00
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	35	2,68	1	0,13	34	6,64	2,86
96020014	Peón da construción de edificios	33	2,52	31	3,90	2	0,39	93,94
	TOTAL	**777**	**59,45**	**449**	**56,48**	**328**	**64,06**	**57,79**

(1) Ratio de Masculinidade = (N.º de contratos realizados a homes/ N.º total de contratos) x 100

As dez ocupacións máis contratadas en Ortegal no 2003 agrupan o 59,45% do total de contratos da comarca realizados neste ano. Das dez ocupacións predominan as de peón da industria manufactureira e limpador-preparador de peixe para conserva, que supoñen o 23,72% da contratación. Nas dez ocupacións da táboa rexístrase un ratio de masculinidade de 57,59%, destacando o predominio da contratación masculina na metade delas.

Nas ocupacións de mariñeiro de pesca e peón forestal a contratación é absolutamente masculina, e no caso de albanel e peón da construción tamén é masculina case por completo. A bastante distancia, cun ratio de masculinidade do 88,17% está a ocupación de músico instrumentista.

Na ocupación de muller/mozo da limpeza a contratación é case totalmente feminina, xa que dos 35 contratos que rexistra, só un se lle fai a un home. A segunda ocupación onde predomina maiormente a contratación feminina é a de limpador-preparador de conserva. Séguenlle a bastante distancia as de dependenta de comercio e camareira que obteñen unha ratio de masculinidade por baixo do 35%.

TÁBOA 31: Evolución das dez ocupacións máis contratadas entre 1999 e 2003.

CNO	OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS	1999	2000	2001	2002	2003
97000011	**Peón da ind. manufactureira**	**42**	**41**	**37**	**58**	**176**
78010194	**Limpador-preparador peixe para conserva**	**240**	**198**	**186**	**119**	**134**
25130104	**Músico instrumentista**	**76**	**83**	**59**	**68**	**93**
71100016	**Albanel**	**77**	**61**	**61**	**102**	**91**
63230055	**Mariñeiro de pesca**	**79**	**62**	22	**133**	**86**
50200018	**Camareiro**	**52**	**41**	**52**	**53**	**49**
53300010	**Dependente de comercio**	34	**42**	**33**	**43**	**40**
94400012	**Peón forestal**	**71**	**60**	**69**	33	**40**
91210016	**Muller/mozo limpeza, limpador**	33	39	**39**	**43**	**35**
96020014	**Peón da construción de edificios**	**36**	38	**33**	**45**	**33**
86300016	CONDUTOR DE CAMIÓN, EN XERAL	**46**	**39**	**44**	32	29
52910016	BAÑISTA-SOCORRISTA	21	21	26	**40**	20
62410023	TRABALLADOR FORESTAL, EN XERAL	**38**	**43**	29	23	9

Das dez ocupacións con maior contratación no período de referencia, apréciase como cinco delas están todos os anos entre as dez primeiras. Estas son as de peón da industria manufactureira, limpador-preparador de peixe para conserva, músico instrumentista, albanel, e camareiro. Por outra banda, mariñeiro de pesca, dependente de comercio e peón forestal están todos os anos excepto un. O resto de ocupacións alternan posicións, entrando e saíndo da distribución das máis contratadas.

No ano 2003 predominan notablemente as ocupacións de peón da industria manufactureira e a de limpador-preparador do peixe. Na primeira a traxectoria é ascendente, incrementando considerablemente a contratación no último ano. Pola contra, a evolución da segunda caracterízase pola diminución contractual continuada en todos os anos, perdendo peso ata o 2003, ano en que amosa unha pequena recuperación.

Tamén cómpre destacar a diminución que ten lugar nas ocupacións de albanel e mariñeiro, que descenden na contratación en 2003.



Comarca de Santiago

5.1. TECIDO EMPRESARIAL

5.1.1. Tecido empresarial comarcal. Situación actual

A comarca de Santiago presenta un tecido empresarial caracterizado polo forte predominio do sector servizos en todos os factores de análise: empresas, traballadores por conta allea e autónomos.

No ano 2003, máis das tres cuartas partes das empresas da comarca (o 79,74%) circunscríbense ao citado sector servizos. Neste caso apréciase un predominio das que pertencen ao subsector de outros servizos, que supón o 41,38% do total. A continuación está o de comercio e hostalería, cun terzo delas, mentres que o subsector de transporte e comunicacións mantén unha dimensión bastante reducida. Cunha porcentaxe do 11,51% sitúanse en segundo lugar as empresas pertencentes ao sector da construción, e por debaixo están as do secundario, co 8,14%. Neste último obsérvase un claro predominio do subsector da industria, o cal se estende a todos os niveis de análise. Por último está o sector primario, que tan só representa o 0,61% das empresas.

En canto aos traballadores por conta allea, pódese extrapolar a análise anterior, tendo en conta que se incrementa o peso conxunto en termos absolutos. O 73,20% dos traballadores de Santiago de Compostela pertencen ao sector servizos, encadrándose case a metade do total no subsector de outros servizos. Cun peso similar ao experimentado nas empresas, os traballadores da construción ocupan o segundo lugar, supoñendo o 11,77%. Neste caso o sector secundario está lixeiramente por detrás, co 10,79%, mentres que o sector primario pecha a distribución coa porcentaxe máis alta de todos os factores analizados, o 4,24%.

No caso dos traballadores autónomos, concéntrase o 79,44% no susodito sector de servizos. A diferenza dos anteriores, neste caso predomina o subsector de comercio e hostalería, que dá cabida ao 46,52% dos autónomos. Pola contra, o subsector de outros servizos mantén unha cuarta parte de representación. Séguelle por orde, no ámbito sectorial, a construción, co 12,14% dos autónomos, mentres que o sector secundario agrupa o 7,53% deles.

5.1.2. Evolución anual

TÁBOA 1: *Evolución do número de empresas. Período 1999-2003.*

	EMPRESAS				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	**102**	**121**	**128**	**90**	**45**
Agricultura e pesca	102	121	128	90	45
SECTOR SECUNDARIO	**645**	**641**	**623**	**597**	**597**
Industria	632	626	608	583	580
Electricidade	13	15	15	14	17
SECTOR CONSTRUCIÓN	**787**	**781**	**803**	**827**	**844**
Construción	787	781	803	827	844
SECTOR SERVIZOS	**4.878**	**5.332**	**5.501**	**5.655**	**5.849**
Comercio e hostalería	2.355	2.392	2.382	2.416	2.439
Transporte e comunicacións	323	344	363	369	375
Outros servizos	2.200	2.596	2.756	2.870	3.035
TOTAL	**6.412**	**6.875**	**7.055**	**7.169**	**7.335**

Na comarca de Santiago increméntase o número de empresas entre 1999 e 2003, de agora en diante período de referencia. Conxuntamente, este crecemento cífrase nunha variación media de 3,42%. A traxectoria deste continxente vén marcada polo substancial crecemento que presenta no ano 2000 -variación interanual de 7,22%- e a posterior evolución con continuos valores de crecemento, se ben bastante moderados. No ámbito sectorial hai que dicir que mentres que o sector primario, sobre todo, e o secundario perden peso, no resto dáse a tendencia oposta.

GRÁFICO 1: *Variacións interanuais do número de empresas por sector económico. Período 1999-2003.*



O sector servizos reflite o crecemento máis elevado de todos os sectores, tras rexistrar unha variación media de 4,64%. Todos os seus subsectores incrementan o volume de empresas, sendo o de outros servizos o que o fai en maior medida (variación media de 8,38%). Este sector amosa unha traxectoria similar á conxunta, aumentando en maior medida o seu volume no ano 2000, no que acada unha variación interanual do 9,31%. No resto de anos increméntase o número de empresas de maneira máis moderada. No ámbito subsectorial esta tendencia é compartida de forma similar.

A diferenza do anterior, o sector da construción amosa un crecemento de 1,76%. Tras iniciar o período cunha redución ínfima, seis empresas menos no ano 2000 que en 1999, no resto de anos consolídase o crecemento, ofrecendo o valor máis alto no ano 2002, onde se recolle unha variación interanual do 2,99%.

No sector secundario decrece continuamente o número de empresas, se ben de forma moderada; a redución máis drástica prodúcese en 2002, onde a variación interanual é de -4,17%. Ao final remata cunha variación media negativa de -1,91%. Pola contra, a variación media no sector primario denota un decrecemento moito máis elevado, o -18,50%. A evolución deste sector dista bastante da anterior, amosando un aumento substancial ata o 2001 e decrecendo drasticamente nos dous últimos anos; cómpre citar a variación interanual de 2003, -50%.

	TRABALLADORES				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	**1.924**	**2.132**	**2.261**	**2.249**	**2.381**
Agricultura e pesca	1.924	2.132	2.261	2.249	2.381
SECTOR SECUNDARIO	**6.009**	**6.106**	**6.228**	**6.045**	**6.064**
Industria	5.655	5.742	5.853	5.665	5.672
Electricidade	354	364	375	380	392
SECTOR CONSTRUCIÓN	**5.255**	**5.303**	**5.928**	**6.877**	**6.616**
Construción	5.255	5.303	5.928	6.877	6.616
SECTOR SERVIZOS	**34.051**	**35.806**	**37.554**	**38.956**	**41.127**
Comercio e hostalería	10.254	10.703	10.928	11.248	11.779
Transporte e comunicacións	1.973	2.095	2.170	2.151	2.199
Outros servizos	21.824	23.008	24.456	25.557	27.149
TOTAL	**47.239**	**49.347**	**51.971**	**54.127**	**56.188**

Táboa 2: *Evolución do número de traballadores. Período 1999-2003.*

Malia que a evolución dos diferentes sectores non é moi regular, todos comparten valores de crecemento considerables, agás o sector secundario, onde este é moito máis reducido. O crecemento do número de traballadores da comarca de Santiago é bastante regular se se trata de maneira conxunta, ao acadar unha variación media de 4,43%. Ata o ano 2001 obsérvase unha tendencia ascendente no crecemento, rexistrando entón a variación interanual máis elevada, o 5,32%. A partir de aí segue incrementándose o número de traballadores, pero a niveis relativos algo máis baixos.



Gráfico 2*: Variacións interanuais do número de traballadores por sector económico. Período 1999-2003.*

O 4,83% é o valor de variación media que denota o crecemento que está a experimentar o sector servizos. O incremento de traballadores neste caso é continuo, amosando os niveis de crecemento máis elevados nos anos 2000 e 2003 (variacións interanuais do 5,15% e 5,57% respectivamente). No ámbito subsectorial apréciase como as taxas de crecemento diminúen en consonancia co peso do subsector, o que se traduce nunha concentración da xeración de emprego no subsector de outros servizos, que acada unha variación media de 5,61% no período. Nos de comercio e transporte os valores son menores, 3,53% e 2,75%. A única excepción ao incremento continuo ten lugar no subsector de transporte no ano 2002 (variación interanual de -0,88%).

O crecemento máis elevado sopórtao o sector da construción, tras amosar unha variación media do 5,93%. Ata o ano 2002 apréciase neste sector un crecemento con tendencia ascendente, que culmina aí ofrecendo unha variación interanual de 16,01%. No último ano québrase a tendencia anterior ao presentar unha regresión de -3,80%. O nivel de asalariados no sector da construción presenta, deste xeito, un comportamento distinto con respecto ao resto dos sectores.

O sector secundario mantense máis ou menos estable, tras experimentar unha pequena regresión no ano 2002 (variación interanual de -2,94%). Malia todo, acaba cun saldo positivo, agrupando 55 traballadores máis que no ano de inicio. O sector primario decrece nunha pequena proporción no ano 2002, a pesar de todo, mantén ao final un saldo positivo e rexistra unha variación media de 5,47%, aínda que é o sector máis pequeno cuantitativamente.

TÁBOA 3: Evolución do número de autónomos. Período 1999-2003.

	AUTÓNOMOS				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	**44**	**50**	**58**	**65**	**74**
Agricultura e pesca	44	50	58	65	74
SECTOR SECUNDARIO	**529**	**577**	**600**	**612**	**625**
Industria	528	576	599	611	624
Electricidade	1	1	1	1	1
SECTOR CONSTRUCIÓN	**709**	**823**	**868**	**933**	**1.007**
Construción	709	823	868	933	1.007
SECTOR SERVIZOS	**5.046**	**5.556**	**5.897**	**6.185**	**6.591**
Comercio e hostalería	3.060	3.342	3.529	3.663	3.860
Transporte e comunicacións	430	461	493	504	526
Outros servizos	1.556	1.753	1.875	2.018	2.205
TOTAL	**6.328**	**7.006**	**7.423**	**7.795**	**8.297**

O colectivo de traballadores autónomos presenta un crecemento máis elevado que o das empresas e traballadores por conta allea, ofrecendo unha variación media do 7,01%. A característica que comparten neste caso todos os sectores é a de ofreceren un crecemento continuo en todos os anos, sen ningunha regresión. Este feito pódese apreciar con claridade ao observar o gráfico de variacións interanuais respectivo, onde todos os valores expostos son positivos.

GRÁFICO 3: Variacións interanuais do número de autónomos por sector económico. Período 1999-2003.



O sector de maior dimensión cuantitativa, o de servizos, presenta un crecemento do 6,91% segundo a variación media correspondente (cómpre recordar que este sector supón máis das tres cuartas partes do volume total de autónomos, igual que acontece coas empresas e os asalariados). Dentro deste volve ser o subsector de outros servizos o que mellor evoluciona, obtendo unha variación media anual acumulativa do 9,11%, mentres que nos de comercio e transporte se sitúan no 5,98% e 5,17%.

No sector da construción obsérvase unha evolución semellante á do anterior sector, amosando unha variación media do 9,17%. Neste caso os valores son máis elevados, sinalando a variación interanual máis acusada no ano 2000, que se sitúa no 16,08%, reducindo o crecemento no último ano á metade.

Mentres que no sector secundario se moderan os niveis de crecemento dos traballadores autónomos, no sector primario tenden a estabilizarse.

5.2. DEMANDAS

5.2.1. Demandantes por concello

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Ames	1.213	624	1.837
Boqueixón	250	76	326
Brión	330	133	463
Santiago de Compostela	6.116	3.037	9.153
Teo	874	353	1.227
Val do Dubra	269	86	355
Vedra	227	116	343
TOTAL	**9.279**	**4.425**	**13.704**

Táboa 4: *Distribución dos demandantes segundo os concellos da comarca.*

% comarca/provincia - PARADOS	**14,05**
% comarca/provincia - NON PARADOS	**14,52**

O 14,05% dos demandantes parados e o 14,52% dos non parados da provincia da Coruña proceden da comarca de Santiago. En termos absolutos esta comarca rexistra 13.704 demandantes de emprego, dos cales o 67,71% son parados.

O concello de Santiago de Compostela rexistra o 66,79% do total de demandantes. A porcentaxe de demandantes parados do anterior supón o 44,63% e a de non parados o 22,16%, se se ten en conta o número total deles. Cómpre resaltar que o numero de demandantes parados dobra ao de non parados.

A moita distancia están o concello de Ames, co 13,40%, e o de Teo, co 8,95% do total de demandantes. Nestes dous a porcentaxe de demandantes parados tamén duplica á de non parados. Séguenlle a continuación por orde os seguintes concellos, con estas porcentaxes de demandantes:

- Brión, co 3,38%
- Val do Dubra, co 2,59%
- Vedra, co 2,50%
- Boqueixón, co 2,38%

En todos os casos o número de demandantes parados duplica o de non parados, triplicándoo mesmo no caso de Val do Dubra e Boqueixón.

O predominio do concello de Santiago de Compostela é bastante elevado, gravitando o resto de concellos sobre este. Este feito esténdese a todos os niveis, como se poderá analizar en situacións posteriores, tanto para o conxunto de demandas como para o de ofertas ou mesmo de contratos.



Gráfico 4: *Distribución dos demandantes da comarca por concello.*

5.2.2. Evolución dos demandantes parados

TÁBOA 5: Evolución dos demandantes parados.

	TRABALLADORES				
	1999	2000	2001	2002	2003
PARADOS COMARCA	7.457	7.996	7.953	9.104	9.279
VARIACIÓN INTERANUAL %	–	7,23	-0,54	14,47	1,92
COMARCA/TOTAL PROVINCIA	12,66	13,37	13,66	14,22	14,05

A evolución dos demandantes parados desta comarca presenta unha tendencia alcista, amosando unha redución moi moderada do número de demandantes no ano 2001 como única excepción, tras observar a variación interanual dese ano (-0,54%). Ao ano seguinte increméntase este continxente, onde a variación interanual é do 14,17%, rematando o período cun crecemento máis discreto (1,92%).

GRÁFICO 5: Evolución dos demandantes parados da comarca.



No ámbito provincial a representación dos demandantes parados de Santiago segue unha evolución paralela, cun incremento continuado, agás no ano 2001, no que pese decrecer lixeiramente o número de demandantes a porcentaxe segue medrando.

5.2.3. Caracterización da situación sociolaboral dos demandantes de emprego

TÁBOA 6: Situación laboral dos demandantes

		VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	2.257	16,47	12,67
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	7.022	51,24	55,76
NON PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	813	5,93	3,98
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	1.664	12,14	11,46
	Con traballo a tempo parcial e prestación compatible	667	4,87	4,73
	En expediente de regulación de emprego	39	0,28	2,34
	Demandantes de mellora de emprego	859	6,27	5,98
	Demandantes de emprego de menos de 20 h	334	2,44	2,38
	Resto de demandantes	49	0,36	0,71
TOTAL		**13.704**	**100,00**	**100,00**

O perfil tipo en función da situación sociolaboral dos demandantes de emprego é o de parados con emprego anterior, que supón a metade do total. En segundo lugar o colectivo máis numeroso é o de demandantes parados sen emprego anterior, co 16,47%, seguido do de non parados con emprego anterior, que abarca o 12,14%. En ambos os dous casos a porcentaxe provincial de referencia está por debaixo, mantendo entre ambas poucas diferenzas. Porén, apréciase claramente que as dúas categorías de demandantes sen emprego anterior –parados ou non-teñen máis peso na comarca de Santiago do que na provincia, sumando entre as dúas case 6 puntos porcentuais máis (22,40% fronte ao 16,65%, respectivamente).

No resto dos casos, a distribución nos dous ámbitos é bastante semellante.

5.2.4. Demandantes de emprego por sexo e idade

Táboa 7.1: Demandantes parados por sexo e grupos de idade.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	HOMES %	MULLERES %	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	714	1.168	7,69	12,59	20,28	17,50
26 a 35 anos	1.127	2.054	12,15	22,14	34,28	30,43
36 a 45 anos	664	1.170	7,16	12,61	19,77	22,04
46 a 55 anos	635	813	6,84	8,76	15,61	17,68
56 e máis anos	574	360	6,19	3,88	10,07	12,34
TOTAL COMARCA	**3.714**	**5.565**	**40,03**	**59,97**	**100,00**	**14,05**
TOTAL PROVINCIA	**26.764**	**39.271**	**40,53**	**59,47**	**14,05**	**100,00**

A distribución dos demandantes parados en función do xénero nos ámbitos comarcal e provincial é practicamente idéntica; amosando o predominio das mulleres, co 59,97% na comarca e 59,47% na provincia.

Máis dun terzo dos demandantes, o 34,28%, teñen entre 26 e 35 anos, prevalecendo na comarca este grupo claramente sobre o resto. Na provincia este é tamén o grupo de idade con maior presenza, se ben nunha medida inferior, o 30,43%. Ata os 35 anos percíbese unha concentración importante de demandantes, que supón máis da metade do total, o 54,56%. No ámbito provincial esta agrupa o 47,93%. A partir desa idade diminúe progresivamente a concentración de demandantes, estando a comarca por debaixo das porcentaxes provinciais.

En ambos os dous xéneros o grupo de 26 a 35 anos aparece como perfil máis demandado; supoñendo o de mulleres o 22,14%. Nos homes, este agrupa aproximadamente a metade. Outro feito análogo nos dous casos é que os tramos que lindan co anterior obteñen porcentaxes moi semellantes, chegando case a duplicar as porcentaxes das mulleres ás dos homes. Se ata os 55 anos a distribución sinala unha feminización evidente da demanda, a partir de aí rómpese esa situación, agrupando os homes o 6,19% e superando á porcentaxe de mulleres.

Táboa 7.2: Demandantes non parados por sexo e grupos de idade.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	HOMES %	MULLERES %	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	351	594	7,93	13,42	21,36	18,07
26 a 35 anos	457	983	10,33	22,21	32,54	27,98
36 a 45 anos	274	665	6,19	15,03	21,22	19,81
46 a 55 anos	219	402	4,95	9,08	14,03	17,58
56 e máis anos	261	219	5,90	4,95	10,85	16,55
TOTAL COMARCA	**1.562**	**2.863**	**35,30**	**64,70**	**100,00**	**14,52**
TOTAL PROVINCIA	**12.680**	**17.790**	**41,61**	**58,39**	**14,52**	**100,00**

No referente aos demandantes non parados apréciase certo paralelismo coa distribución anterior para os demandantes parados. En todos os casos as porcentaxes da comarca superan ás provinciais, agás nos maiores de 45 anos, nos que as primeiras están por debaixo das segundas. O perfil maioritario é de novo o de 26 a 35 anos, co 32,54%. Se ata os 35 anos se concentra a metade da demanda, ata os 45 apréciase unha concentración das tres cuartas partes do total.

O 22,21% dos demandantes son mulleres entre 26 e 35 anos, mentres que a mesma porcentaxe para os homes é inferior á metade, o 10,33%. Nas primeiras prevalecen os intervalos comprendidos entre os 26 a 45 anos co 37,24% e nos segundos os que van ata 35 anos, supoñendo o 18,26%. En todos os tramos de idade a porcentaxe feminina dobra practicamente á masculina, agás nos maiores de 55 anos, no que a porcentaxe de homes supera de maneira moderada á das mulleres.

En ambos os dous tipos de demandantes, parados e non parados, predomina o perfil de idade de 26 a 35 anos. Os primeiros supoñen o 23,31%, mentres que os segundos, menos da metade, o 10,51%. En segundo lugar está o grupo de menores de 26 anos, co 13,73% e 6,90% respectivamente, mantendo unha porcentaxe moi similar co grupo de 36 a 45 anos. A partir desa idade descenden progresivamente os demandantes. Cómpre aclarar que en todos os casos a porcentaxe de demandantes parados duplica á de non parados.

Gráfico 6: *Distribución porcentual do total de demandantes por grupos de idade.*



O predominio da demanda feminina é común aos dous grupos de demandantes. O 40,61% dos demandantes parados e o 20,89% dos non parados son mulleres, mentres que as porcentaxes dos homes supoñen o 27,10% e 11,40% na mesma orde.

Gráfico 7: *Distribución porcentual do total de demandantes por sexo.*



5.2.5. Demandantes por nivel académico

Táboa 8.1: *Distribución dos demandantes parados por nivel académico.*

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Ata certificado de escolaridade*	2.335	25,16	31,78
Titulación de ensinanza obrigatoria	2.592	27,93	37,12
Formación profesional	392	4,22	5,63
BUP/Bacharelato superior/COU	1.931	20,81	12,20
Titulados universitarios	1.864	20,09	11,17
Outras titulacións	165	1,78	2,11
TOTAL	**9.279**	**100,00**	**100,00**

** Inclúe: sen estudos, estudos primarios e certificado de escolaridade*

O 53,09% dos demandantes parados pertencen aos dous niveis académicos inferiores, prevalecendo de forma moderada o grupo de demandantes con titulación obrigatoria. Por outra banda, pódese ver unha concentración moi importante de demandantes nos niveis de bacharelato e titulación universitaria, que agrupan o 20,81% e 20,09%. Nestas dúas categorías supéranse amplamente as medias provinciais, que están 8,61 e 8,92 puntos porcentuais por debaixo respectivamente. Nos dous ámbitos a porcentaxe de demandantes con formación profesional é bastante equitativa.

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Ata certificado de escolaridade	1.005	22,71	30,62
Titulación de ensinanza obrigatoria	1.149	25,97	33,40
Formación profesional	208	4,70	5,72
BUP/Bacharelato superior/COU	1.064	24,05	15,70
Titulados universitarios	951	21,49	13,03
Outras titulacións	48	1,08	1,53
TOTAL	**4.425**	**100,00**	**100,00**

Táboa 8.2: *Distribución dos demandantes non parados por nivel académico.*

Unha cuarta parte dos demandantes non parados posúen a titulación de ensinanza obrigatoria, o 25,97%. Se o anterior o agrupamos co conxunto de persoas con niveis de estudos inferiores aos obrigatorios, concéntrase o 48,68%. En segundo lugar o colectivo máis numeroso é o de demandantes con bacharelato, que agrupa o 24,05%, superando a porcentaxe provincial nun 8,35%. No caso dos titulados universitarios a comarca rexistra o 21,49%, mentres que a porcentaxe provincial é inferior nun 8,46%.

Despois de analizar os dous tipos de demandantes, parados e non parados, en función do nivel académico, conclúese que a distribución é similar nos dous ámbitos; amosa unha demanda comarcal moito máis cualificada que a provincial, se se teñen en conta os valores de referencia para os niveis académicos superiores.

5.2.6. Demandantes parados por tempo de busca de emprego

		Menos de 6 meses %	De 6 meses a 1 ano %	Máis de 1 ano %	TOTAL %
Menor de 26 anos	Homes	5,80	1,24	0,66	7,69
	Mulleres	7,86	2,21	2,52	12,59
26 a 35 anos	Homes	7,78	1,99	2,37	12,15
	Mulleres	10,38	3,92	7,83	22,14
36 a 45 anos	Homes	4,08	1,20	1,88	7,16
	Mulleres	4,76	1,63	6,22	12,61
46 a 55 anos	Homes	3,04	0,93	2,88	6,84
	Mulleres	2,39	1,19	5,18	8,76
56 e máis anos	Homes	1,51	0,85	3,83	6,19
	Mulleres	0,85	0,33	2,69	3,88
TOTAL COMARCA		**48,45**	**15,49**	**36,06**	**100,00**
TOTAL PROVINCIA		**48,04**	**14,84**	**37,13**	**100,00**

Táboa 9: *Distribución dos demandantes parados segundo o sexo e a idade por tempo de busca de emprego.*

En función do tempo de busca de emprego, obsérvase que os valores relativos da comarca son moi semellantes aos do ámbito provincial.

Case a metade dos demandantes levan menos de seis meses como demandantes de emprego. Neste intervalo temporal o grupo que concentra máis demandantes é o de mulleres de 26 a 35 anos, co 10,38%. Se a este se engaden as do tramo anterior, apréciase unha concentración significativa da demanda, o 18,24%. Nos homes tamén predomina o citado grupo, cunha porcentaxe inferior á feminina, o 7,78%. As dúas porcentaxes máis elevadas nos homes danse no intervalo de ata os 35 anos, agrupando o 13,58%. Se ata os 45 anos predominan as mulleres, a partir desa idade fano os homes de forma moderada.

O segundo intervalo que agrupa maior volume de demandantes é o de longa duración, máis de 1 ano, que supón o 36,06%. Neste caso a demanda reflite un perfil de maior idade, concentrándose nas mulleres entre os 26 a 45 anos e nos homes nos intervalos de maiores de 45. Nas mulleres predomina o grupo de 26 a 35 anos, co 7,83%, igual que sucede no resto de intervalos; entre os 26 e 45 anos concéntrase o 14,05%. Nos homes predomina o de maiores de 55 anos co 3,83%, que agrupa as maiores porcentaxes a partir dos 45 anos en diante, o que supón o 6,71%. Neste caso sobresae a demanda feminina en todos os tramos de idade agás no último.

Entre os demandantes parados de menos de seis meses o 26,24% pertencen ao colectivo feminino e o 22,21% ao masculino. En cambio entre os que levan máis dun ano esta diferenza aumenta, debido a que un 24,44% son mulleres e un 11,61% homes.

5.2.7. Demandantes por sectores económicos de procedencia

TÁBOA 10: Demandantes por actividade económica.

	PARADOS			NON PARADOS		
	Comarcal N.º	Comarcal %	Provincial %	Comarcal N.º	Comarcal %	Provincial %
Sector primario	77	0,83	2,00	55	1,24	2,78
Sector secundario	901	9,71	17,16	334	7,55	18,47
Construción	1.047	11,28	13,36	273	6,17	8,13
Sector servizos	5.015	54,05	49,08	2.726	61,60	54,02
Sen actividade previa	2.239	24,13	18,41	1.037	23,44	16,59
TOTAL	**9.279**	**100,00**	**100,00**	**4.425**	**100,00**	**100,00**

No sector servizos concéntrase a maior parte dos demandantes, o 54,05% dos parados e o 61,60% dos non parados. Neste caso apréciase unha sobrerrepresentación deste sector en relación coa distribución provincial, onde este mantén unha porcentaxe máis reducida. Por outra banda, no caso do sector secundario a comarca de Santiago ten un peso significativamente menor que o provincial.

No grupo de demandantes parados o segundo sector máis numeroso é o da construción, que, co 11,28%, está por debaixo da porcentaxe provincial de referencia nun 2,08%. Séguelle o sector secundario, co 9,71% de demandantes, sendo a diferenza coa distribución provincial neste caso moi elevada ao superar a provincia nun 7,45%. No caso do sector primario invértese a situación anterior.

Nos demandantes parados, o segundo sector en importancia cuantitativa é o secundario, co 7,55% de representación, a diferenza do que sucede no caso dos parados, no que é o da construción. Neste caso a porcentaxe provincial de demandantes do sector secundario dobra con moito á comarcal, superándoa nun 10,92%. O sector da construción está en terceiro lugar, cunha porcentaxe lixeiramente menor á provincial, o 6,17%.

GRÁFICO 8: Demandantes parados na Industria.



A maior parte dos demandantes da industria, o 38%, proceden das actividades relacionadas co téxtil. En segundo lugar están os da rama da alimentación, co 17%. Cómpre dicir que o 23% dos demandantes pertencen a outros tipos de industrias. No 22% restante predomina o grupo de demandantes procedentes das actividades da madeira e metalurxia, co 8% e 6% respectivamente.

Nos servizos son as actividades inmobiliarias as que promoven o maior volume da demanda, o 27%. Séguenlle por orde os demandantes do comercio, co 21%, e os procedentes da hostalería, co 15%. No resto de casos, dous grupos predominan con porcentaxes aproximadas: o de servizos á comunidade, co 10%, e o das administracións públicas, co 9% dos demandantes.



Gráfico 9: *Demandantes parados nos Servizos.*

5.2.8. As dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego

Táboa 11: *Ocupacións máis demandadas.*

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Empregado administrativo	1.483	10,82	8,93
Dependente de comercio	1.402	10,23	8,97
Muller/mozo limpeza, limpador	898	6,55	7,21
Camareiro	402	2,93	2,68
Peón da construción de edificios	343	2,50	2,57
Peón da industria manufactureira	338	2,47	3,87
Albanel	277	2,02	2,65
Operario máquina industrial coser á plana, excepto pel e calzado	230	1,68	2,29
Auxiliar de clínica	221	1,61	1,25
Cociñeiro	213	1,55	1,41

5.2.9. Perfil tipo dos demandantes de emprego

Táboa 12: *Perfil máis representativo.*

	PERFIL COMARCAL TIPO	PERFIL PROVINCIAL TIPO
Situación laboral	Parados con emprego anterior	Parados con emprego anterior
Sexo	Mulleres	Mulleres
Grupo idade	De 26 a 35 anos	De 26 a 35 anos
Nivel académico	Titulación ensinanza obrigatoria	Titulación ensinanza obrigatoria
Duración demanda	Menos de 6 meses	Menos de 6 meses
Sector	Servizos	Servizos
Ocupación máis demandada	**Empregado administrativo**	Dependente de comercio

5.3. OFERTAS

5.3.1. Ofertas no servizo público de emprego galego 2003. Evolución

Táboa 13: *Número de ofertas por concellos. Ano 2003.*

	TOTAL OFERTAS	TOTAL %
Ames	268	4,35
Boqueixón	85	1,38
Brión	59	0,96
Santiago de Compostela	5.356	87,00
Teo	270	4,39
Val do Dubra	49	0,80
Vedra	69	1,12
TOTAL	**6.156**	**100,00**

TOTAL OFERTAS PROVINCIA:	**32.600**
COMARCA/PROVINCIA:	**18,88**

No ano 2003 realízanse na comarca de Santiago 6.156 ofertas de emprego, o 18,88% das realizadas na provincia da Coruña. Dentro da comarca é o concello de Santiago de Compostela o que recolle o maior número, o 87%. O 13% que falta repártese no resto de concellos, onde continúan Teo e Ames con porcentaxes moi similares, o 4,39% e 4,35% respectivamente. O resto de concellos manteñen unhas porcentaxes moi pequenas.

Táboa 14: *Evolución das ofertas. Período 1999-2003. Valores absolutos e relativos.*

	N.º OFERTAS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Val do Dubra	69	70	105	65	49	1,45	50,00	-38,10	-24,62	-8,20
Vedra	20	78	46	60	69	290,00	-41,03	30,43	15,00	36,29
Ames	26	168	227	223	268	546,15	35,12	-1,76	20,18	79,18
Santiago de Compostela	5.703	5.156	5.024	5.394	5.356	-9,59	-2,56	7,36	-0,70	-1,56
Teo	74	102	159	225	270	37,84	55,88	41,51	20,00	38,21
Boqueixón	38	67	66	97	85	76,32	-1,49	46,97	-12,37	22,30
Brión	5	22	42	59	59	340,00	90,91	40,48	0,00	85,34
TOTAL COMARCA	**5.935**	**5.663**	**5.669**	**6.123**	**6.156**	**-4,58**	**0,11**	**8,01**	**0,54**	**0,92**
TOTAL PROVINCIA	**29.835**	**37.922**	**30.755**	**30.380**	**32.600**	**27,11**	**-18,90**	**-1,22**	**7,31**	**2,24**

Entre 1999 e 2003, o número de ofertas crece de forma paulatina e amosa unha variación media neste período de 0,92%. A evolución destas presenta unha traxectoria descontinua, cun descenso considerable no ano 2000, variación interanual de -4,58%, e posteriores incrementos de maneira irregular. O ano que maior crecemento presenta é o 2002, variación interanual de 8,01%, moderándose considerablemente este indicador no último ano.

No concello de Santiago de Compostela descenden as ofertas de emprego, como se aprecia na variación interanual de -1,56%, supoñendo en termos absolutos un descenso de 347 ofertas dende o inicio ao final do período. Este concello diminúe as ofertas continuamente agás en 2002, cando vemos un considerable crecemento tras ofrecer unha variación interanual de 7,36%. No resto de anos diminúen, facéndoo de maneira máis acusada nos dous primeiros; sobre todo no 2000, cunha regresión de -9,59%.

Outro dos concellos que diminúe ofertas é o de Val do Dubra, que, tras incrementalas ata o ano 2001, inicia unha traxectoria de forte descenso e acada ao final unha variación media de -8,20%. No resto de concellos increméntanse; onde os de Brión e Ames o fan en maior medida, variacións medias de 85,34% e 79,18% respectivamente. No primeiro increméntanse as ofertas de forma continuada, estancándose ao final do período, mentres que no segundo aumentan en grandes proporcións ao comezo e se suavizan contra o final. Malia todo, nestes concellos e nos restantes estase a falar dun número moi limitado de ofertas.

A evolución do concello maioritario e a do resto, conxuntamente, reflite trazos paralelos, descendendo ambas entre os anos 2000 e 2001 e recuperándose lentamente a partir dese momento.



Gráfico 10: *Evolución do número de ofertas dos concellos da comarca.*

5.3.2. Ofertas segundo os sectores de actividade económica.

	PRIMARIO		SECUNDARIO		CONSTRUCIÓN		SERVIZOS	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Ames	1	1,89	15	5,84	67	6,84	185	3,80
Boqueixón	0	0,00	5	1,95	9	0,92	71	1,46
Brión	0	0,00	5	1,95	6	0,61	48	0,99
Santiago de Compostela	46	86,79	195	75,88	774	78,98	4.341	89,21
Teo	3	5,66	26	10,12	113	11,53	128	2,63
Val do Dubra	0	0,00	4	1,56	0	0,00	45	0,92
Vedra	3	5,66	7	2,72	11	1,12	48	0,99
TOTAL COMARCA	**53**	**100,00**	**257**	**100,00**	**980**	**100,00**	**4.866**	**100,00**
TOTAL PROVINCIA	**338**		**3.112**		**5.814**		**23.331**	

Táboa 15: *Distribución das ofertas por concellos segundo os sectores económicos. Valores absolutos e relativos en relación co total da comarca.*

O concello de Santiago de Compostela predomina de maneira absoluta en todos os sectores; presenta unha cantidade de ofertas moi elevada, que vai desde o 75,88% de toda a comarca no sector secundario ao 89,21% no terciario.

En segundo lugar está o concello de Teo, que predomina en todos os sectores, agás no de servizos, onde Ames obtén unha porcentaxe lixeiramente superior. En canto a ofertas, Ames sitúase en terceiro lugar no resto de sectores.

A predominancia do sector servizos é moi acusada, xa que supón o 79% das ofertas realizadas na comarca. En segundo lugar está o sector da construción co 16%, mantendo o secundario e primario unha porcentaxe bastante reducida, o 4% e 1% respectivamente.



Gráfico 11: *Distribución porcentual das ofertas por sectores económicos.*

GRÁFICO 12: *Distribución porcentual das ofertas na industria.*



Hai que sinalar que a metade das ofertas da industria proceden das actividades de outras industrias. Ademáis, o 16% das ofertas realizadas proceden das actividades do téxtil; e o 13%, as promovidas arredor da alimentación. Séguenlles as das actividades de metalurxia e madeira, co 11% e 9% respectivamente.

GRÁFICO 13: *Distribución porcentual das ofertas nos servizos.*



As administracións públicas promoven un terzo das ofertas do sector servizos, o 34%. En segundo lugar están as das actividades inmobiliarias, co 16% do total, concentrando as actividades de transporte o 10%. O comercio e a hostalería comparten o mesmo volume, o 9%. O 31 % restante repártese entre as demais actividades; destacan, co 8%, as ofertas dos servizos á comunidade.

TÁBOA 16: *Evolución das ofertas por sectores económicos.*

	1999	2000	2001	2002	2003
Primario	31	36	29	56	53
Secundario	418	540	318	293	257
Construción	1.551	970	1.153	1.065	980
Servizos	3.932	4.117	4.169	4.709	4.866
Sen actividade	3	0	0	0	0
TOTAL COMARCA	**5.935**	**5.663**	**5.669**	**6.123**	**6.156**
TOTAL PROVINCIA	**29.835**	**37.922**	**30.755**	**30.380**	**32.600**

No sector servizos prodúcese un incremento considerable do número de ofertas no período de referencia, variación media anual de 5,47%. Este sector presenta unha evolución positiva, caracterizada por continuos crecementos, malia a disparidade de valores. No ano 2000 e 2002 prodúcese un incremento notable do número de ofertas, sendo neste último máis destacable, se temos en conta as variacións interanuais para eses anos, 4,70% e 12,95% respectivamente.

No sector primario tamén se rexistra un incremento, tras amosar unha variación media de 14,35%. Malia que o crecemento é maior que o do sector anterior, en número absolutos este é moito máis reducido. Neste caso apréciase unha traxectoria descontinua con valores de crecemento e regresión alternos.

Os sectores secundario e da construción diminúen ofertas nunha proporción semellante, variacións medias de -11,45% e -10,84%. No caso do primeiro decrecen todos os anos agás no ano 2000, variación interanual de 29,19%, mentres que no segundo esta excepción se produce o ano seguinte, 18,87% en 2001. En ambos os sectores no resto de anos hai retrocesos moi significativos.

5.3.3. Perfil básico das ofertas

O 13,91% das ofertas realizadas na comarca esixen un determinado xénero á hora de contratar. No sector servizos predominan as ofertas realizadas na hostalería, onde o 40,54% indican un perfil de xénero que na meirande parte dos casos corresponde ás mulleres. Outra das actividades máis importantes son as inmobiliarias, onde un 31,41% das ofertas teñen perfil de xénero, perfil que tamén se centra maioritariamente nas mulleres. Nas ofertas de servizos á comunidade o 27,09% esixen un perfil case sempre feminino. Pola contra, no comercio o perfil de xénero aparece nun 20,40% dos casos, aínda que aquí as ofertas de homes case chegan a duplicar ás das mulleres.



Gráfico 14: *Ofertas por sexo segundo o sector económico da comarca.*

No sector da construción, o 27,99% esixen un determinado sexo, prevalecendo as ofertas masculinas de forma case absoluta sobre as femininas, 222 ofertas a homes sobre 5 a mulleres.

No resto de sectores o número é bastante limitado, prevalecendo as mulleres nas ofertas de téxtil que solicitan un determinado perfil e os homes nas de metalurxia. No sector primario só catro ofertas das 43 rexistradas esixen homes.

O 21,85% do total das ofertas rexistradas requiren un determinado nivel académico. A maior parte destas ofertas esixen o nivel de estudos obrigatorios como requisito para contratar, destacando as actividades de transporte e comunicacións, no que o 79,17% das ofertas levan implícito algún determinado nivel académico. Dentro do perfil que solicitan estudos obrigatorios tamén cómpre sinalar as ofertas das administracións públicas, das actividades inmobiliarias e da construción.



Gráfico 15: *Ofertas por nivel académico da comarca.*

En segundo lugar están as ofertas a persoas que non chegan a ter a titulación obrigatoria, que son realizadas fundamentalmente nas administracións públicas, 196, seguidas da construción e das actividades de educación.

O seguinte nivel académico máis solicitado é o universitario, que se cingue sobre todo ás actividades das administracións públicas.

As ofertas que esixen a titulación de formación profesional danse sobre todo nas actividades de educación, transporte e administracións públicas. No caso do bacharelato prevalecen as actividades inmobiliarias, con 14 ofertas.

5.3.4. Análise ocupacional das ofertas

TÁBOA 17.1: *Ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores.*

	1999	2000	2001	2002	2003
Albanel	345	303	355	340	336
Axente comercial / Vendedor	240	403	333	309	248
Camareiro – Barman	92	85	169	157	180
Empregado/a do fogar	15	37	62	20	106
Peón de albanel/Peón de obras públicas	200	139	175	129	103
Dependente	54	173	172	89	99
Cociñeiro / Grelleiro / Pizzeiro / Pranchista	8	52	61	46	81
Auxiliar administrativo	24	69	45	73	81
Condutor de mercadorías/ Condutor de camión	22	81	35	50	57
Perruqueiro/a	8	21	35	44	53

A ocupación de albanel é unha das máis ofertadas todos os anos polos centros colaboradores. As ofertas desta ocupación redúcense paulatinamente durante o período de referencia, e amosan unha variación media de -0,66%. Agás no ano 2000, no resto de anos decrecen, aínda que de xeito máis moderado ao final. Das ocupacións incluídas na táboa, é outra do sector da construción a que mostra maior retroceso, a de peón de albanel. Neste caso o descenso é máis acusado; reflite unha variación media de -15,19% e redúcese dende o inicio ata o final o número de ofertas á metade.

No resto de ocupacións apréciase unha tendencia crecente. Son as de cociñeiro, perruqueiro e empregado do fogar as que presentan o crecemento máis elevado. Pola contra, a de axente comercial ou vendedor é a que menos medra, rexistrando unha variación media de 0,82%.

TÁBOA 17.2: *Ocupacións máis ofertadas nas oficinas de emprego.*

	1999	2000	2001	2002	2003
Clasificador-repartidor	16	147	0	5	335
Empregado administrativo	206	116	101	121	135
Albanel	323	100	222	92	128
Azafata de información	26	11	29	88	104
Peón da industria manufactureira	89	40	183	94	100
Peón da construción de edificios	120	13	53	32	83
Camareiro	164	99	102	268	72
Muller/mozo limpeza, limpador	102	29	24	57	46
Dependente de comercio	196	66	59	60	37
Operador de cámara de tv	3	1	9	67	33

Nas oficinas de emprego é a ocupación de clasificador-repartidor a que presenta o crecemento máis importante e ocupa en 2003 o primeiro posto cun número de ofertas bastante importante, 335 en total. Séguelle con 200 ofertas menos a ocupación de empregado administrativo, na que se observa unha variación media de -10,03% no período de referencia. Neste caso descenden estas en 2000 e 2001, recuperándose lentamente nos dous últimos anos. Outras das ocupacións que presentan un crecemento bastante elevado son as de operador de cámara e azafata de información, con variacións medias de 82,12% e 41,42%.

Pola contra as ocupacións que rexistran maior descenso no volume de ofertas son as de dependente de comercio (variación media de -34,08%), albanel (-20,66%) e camareiro e limpador (18,60% e 18,05% de variación media respectivamente).

5.4. CONTRATOS

5.4.1. Número de contratos no ámbito comarcal e municipal

	CONTRATOS 2003	
	N.º	%
AMES	1.903	2,91
BOQUEIXÓN	362	0,55
BRIÓN	284	0,43
SANTIAGO DE COMPOSTELA	60.141	91,98
TEO	1.634	2,50
VAL DO DUBRA	484	0,74
VEDRA	577	0,88
TOTAL COMARCA	**65.385**	**100,00**
TOTAL PROVINCIA	**310.890**	**21,03**

Táboa 18: *Número de contratos na comarca e nos concellos. Ano 2003.*

No ano 2003 realizáronse na comarca de Santiago 65.385 contratos de traballo, o 21,03% do total dos realizados no ámbito provincial. Case todos eles foron feitos no concello de Santiago de Compostela, xa que supón o 91,98% do total. Este feito condicionará a análise posterior, pois debido ao peso específico deste concello en toda a comarca, os factores estudados gravitan en función deste. En segundo e terceiro lugar están os concellos de Ames e Teo, co 2,91% e 2,50% respectivamente.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA %
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
AMES	1.205	1.685	1.869	1.694	1.903	39,83	10,92	-9,36	12,34	12,10
BOQUEIXÓN	368	373	321	376	362	1,36	-13,94	17,13	-3,72	-0,41
BRIÓN	357	302	369	359	284	-15,41	22,19	-2,71	-20,89	-5,56
SANTIAGO DE COMPOSTELA	48.452	48.526	48.563	53.618	60.141	0,15	0,08	10,41	12,17	5,55
TEO	1.570	1.718	1.731	2.116	1.634	9,43	0,76	22,24	-22,78	1,00
VAL DO DUBRA	518	524	553	478	484	1,16	5,53	-13,56	1,26	-1,68
VEDRA	443	477	599	517	577	7,67	25,58	-13,69	11,61	6,83
TOTAL COMARCA	**52.914**	**53.605**	**54.005**	**59.158**	**65.385**	**1,31**	**0,75**	**9,54**	**10,53**	**5,43**
TOTAL PROVINCIA	**268.271**	**281.551**	**280.779**	**292.423**	**310.890**	**4,95**	**-0,27**	**4,15**	**6,32**	**3,75**

Táboa 19: *Evolución do número de contratos no ámbito comarcal. Variacións anuais. 1999-2003.*

A contratación comarcal entre 1999 e 2003 increméntase nun 5,43%, amosando unha traxectoria cun crecemento continuo. O crecemento no ámbito provincial é sempre menor que o comarcal, con excepción do primeiro ano da serie, chegando a ser mesmo negativo en 2001.

Os concellos de Ames e Vedra son os que presentan o maior crecemento relativo neste quinquenio, rexistrando variacións medias do 12,10% e 6,83% respectivamente. En ambos os dous aumenta a contratación todos os anos agás no ano 2002, onde se producen importantes descensos, en Vedra de -13,69% e en Ames de -9,36%, segundo se observa nos valores de variación interanual. En Teo o crecemento é moi limitado, acadando unha variación media do 1%.

No concello de Santiago de Compostela resalta o crecemento experimentado nos dous últimos anos, a diferenza do que sucede nos anteriores, onde practicamente se dá un claro estancamento contractual. En termos absolutos o número de contratos aumenta do principio ao final nun total de 11.689.

No resto de concellos decrece a contratación, en maior medida no de Brión (variación media de -5,56%). Neste caso aprécianse continuos descensos agás no 2001, onde se produce unha recuperación importante. Val do Dubra decrece nun 1,68%, mentres Boqueixón practicamente se estanca, co -0,41% de variación media, presentando continuas flutuacións.

5.4.2. Contratación comarcal segundo o sexo e a idade

Táboa 20: Distribución da contratación comarcal segundo o sexo e a idade. Ano 2003.

	N.º CONTRATOS			% CONTRATOS		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Menos de 26 anos	11.742	10.480	22.222	17,96	16,03	33,99
De 26 a 35 anos	13.373	10.794	24.167	20,45	16,51	36,96
De 36 a 45 anos	6.554	5.079	11.633	10,02	7,77	17,79
De 46 a 55 anos	3.418	2.003	5.421	5,23	3,06	8,29
De 56 e máis anos	1.280	662	1.942	1,96	1,01	2,97
TOTAL COMARCA	**36.367**	**29.018**	**65.385**	**55,62**	**44,38**	**100,00**
TOTAL PROVINCIAL	**166.028**	**144.862**	**310.890**	**53,40**	**46,60**	**100,00**

Nos ámbitos comarcal e provincial predomina a contratación masculina, en porcentaxes similares; é algo maior na comarca (55,62% fronte ao 53,40% da provincia). O perfil de maior contratación é o de persoas que teñen entre 26 e 35 anos, que supón o 36,96%. Cunha terceira parte da contratación está o tramo de menores de 26 anos, agrupando conxuntamente entre os dous intervalos unha porcentaxe tan elevada como é o 70,95%. A porcentaxe restante repártese no resto de tramos, decrecendo de xeito abrupto conforme avanza a idade.

Tanto nos homes como nas mulleres predomina a contratación entre os 26 e os 35 anos, supoñendo no primeiro caso o 20,45% e o 16,51% no segundo. As dúas maiores porcentaxes agrúpanse nos dous primeiros tramos, nos cales é máis homoxénea a distribución por idades entre as mulleres e máis heteroxénea entre os homes. Conxuntamente, a contratación ata os 35 anos dos homes é de 38,41%, mentres que a de mulleres é de 32,54%. En todos os tramos de idade a contratación masculina supera á feminina.

Táboa 21: Evolución do número de contratos da comarca segundo o sexo. Período 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Homes	34.584	34.413	33.019	35.008	36.367	-0,49	-4,05	6,02	3,88	1,26
Mulleres	18.330	19.192	20.986	24.150	29.018	4,70	9,35	15,08	20,16	12,17
TOTAL CONTRATOS	**52.914**	**53.605**	**54.005**	**59.158**	**65.385**	**1,31**	**0,75**	**9,54**	**10,53**	**5,43**

A contratación increméntase tanto no caso dos homes como no das mulleres, pero nestas últimas en moita maior proporción, como se pode observar na variación media de referencia, que acada o 12,17%. A traxectoria da contratación feminina amosa unha tendencia ascendente e de continuo crecemento, acadando no último ano a variación interanual meirande (o 20,16%). A tendencia nos homes é oposta, se ben se dá unha recuperación con valores positivos decrecentes nos últimos dous anos. A diferenza do que sucede no caso das mulleres, os homes sofren un retroceso contractual importante nos primeiros anos, sobre todo no 2001, onde este é do -4,05%.

Malia que en todos os anos a contratación masculina supera á feminina, as diferenzas acúrtanse cada vez máis. Se en 1999 a primeira supera á segunda nun 30,72%, no ano 2003 está diferenza redúcese ao 11,22%.



Gráfico 16: *Evolución da distribución da contratación comarcal segundo o sexo. Período 1999-2003. Valores proporcionais.*

Táboa 22: *Evolución do número de contratos da comarca segundo a idade. Período 1999-2003.*

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Menor de 26 anos	17.623	18.058	18.174	19.237	22.222	2,47	0,64	5,85	15,52	5,97
De 26 a 35 anos	21.722	21.513	20.769	23.139	24.167	-0,96	-3,46	11,41	4,44	2,70
De 36 a 45 anos	9.062	9.089	9.635	10.782	11.633	0,30	6,01	11,90	7,89	6,44
De 46 a 55 anos	3.483	3.874	4.228	4.369	5.421	11,23	9,14	3,33	24,08	11,69
De 56 e máis anos	1.024	1.071	1.199	1.631	1.942	4,59	11,95	36,03	19,07	17,35
TOTAL CONTRATOS	**52.914**	**53.605**	**54.005**	**59.158**	**65.385**	**1,31**	**0,75**	**9,54**	**10,53**	**5,43**

O incremento contractual é extensivo a todos os tramos de idade, se ben cómpre dicir que é a partir dos 45 anos onde este é máis elevado. A pesar diso, a relatividade deste feito é bastante acusada, xa que o volume contractual nestes últimos tramos é moito máis reducido.

Nos dous tramos de maior contratación, que son os das persoas máis novas, prevalece o de menores de 26 anos, que presenta unha variación media de 5,97%, duplicando o crecemento experimentado no tramo de 26 a 35 anos. Nos menores de 26 a evolución da contratación destaca pola tendencia ascendente que presenta, mentres que no tramo de idade seguinte flutúa, reducíndose nos primeiros anos e incrementándose nos seguintes.

5.4.3. Contratación comarcal segundo os sectores económicos

Táboa 23: *Distribución da contratación por sectores/subsectores económicos.*

	CONTRATOS 2003	
	N.º	%
SECTOR PRIMARIO	**691**	**1,06**
Agricultura e pesca	691	1,06
SECTOR SECUNDARIO	**2.160**	**3,30**
Industria	2.136	3,27
Electricidade	24	0,04
SECTOR CONSTRUCIÓN	**10.055**	**15,38**
Construción	10.055	15,38
SECTOR SERVIZOS	**52.479**	**80,26**
Comercio e hostalería	8.570	13,11
Transporte e comunicacións	1.156	1,77
Outros servizos	42.753	65,39
TOTAL CONTRATOS	**65.385**	**100,00**

A contratación no sector servizos domina a todas luces sobre a realizada no resto de sectores, concentrando o 80,26% do total. Neste sector hai que sinalar a importancia do subsector de outros servizos que agrupa o 65,39%, figurando a continuación o comercio e a hostalería, co 13,11%. En segundo lugar sitúase, co 15,38%, o sector da construción, mentres que os sectores secundario e primario manteñen porcentaxes bastante reducidas, o 3,30% e 1,06% respectivamente.

Gráfico 17: *Distribución porcentual da contratación na Industria.*



Un 28% dos contratos da industria realízanse no marco das actividades de outras industrias. As actividades de téxtil e confección concentran a segunda maior parte dos contratos realizados na industria, o 27%. En terceiro lugar está a contratación das actividades da alimentación, co 16% dos contratos, seguíndolle cun 3% menos a contratación na metalurxia e fabricación de produtos do metal. O 16% restante concentra a contratación no resto de actividades, prevalecendo co 9% a da madeira.

Gráfico 18: *Distribución porcentual da contratación nos servizos.*



O 39% dos contratos do sector servizos proceden das actividades inmobiliarias. A continuación figura, co 29%, a contratación na área de servizos á comunidade, e descende porcentualmente bastante a contratación no resto de actividades. O 32% restante repártese nas demais categorías, destacando co 9% e 7% respectivamente a contratación no comercio e na hostalería.

Táboa 24: *Distribución porcentual da contratación comarcal segundo sectores/subsectores económicos por sexo e idade. Ano 2003.*

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e mais
SECTOR PRIMARIO	**0,76**	**0,30**	**0,25**	**0,32**	**0,25**	**0,18**	**0,06**
Agricultura e pesca	0,76	0,30	0,25	0,32	0,25	0,18	0,06
SECTOR SECUNDARIO	**1,81**	**1,50**	**1,34**	**1,19**	**0,47**	**0,22**	**0,08**
Industria	1,78	1,48	1,34	1,17	0,46	0,22	0,08
Electricidade	0,02	0,01	0,01	0,02	0,01	0,00	0,00
SECTOR CONSTRUCIÓN	**12,67**	**2,71**	**3,47**	**4,41**	**3,60**	**2,81**	**1,08**
Construción	12,67	2,71	3,47	4,41	3,60	2,81	1,08
SECTOR SERVIZOS	**40,39**	**39,87**	**28,93**	**31,04**	**13,47**	**5,08**	**1,74**
Comercio e hostalería	5,51	7,60	5,90	4,77	1,63	0,60	0,21
Transporte e comunicacións	1,27	0,50	0,33	0,74	0,43	0,19	0,07
Outros servizos	33,61	31,77	22,70	25,53	11,41	4,29	1,46
TOTAL CONTRATOS	**55,62**	**44,38**	**33,99**	**36,96**	**17,79**	**8,29**	**2,97**

No sector servizos (cómpre recordar que supón máis do 80%) a contratación distribúese de maneira bastante aproximada nos dous xéneros, predominando lixeiramente a masculina, co 40,39%. Esta só é superada pola feminina no subsector de comercio e hostalería, nun 2,09%. No resto de sectores a contratación é fundamentalmente masculina, e é practicamente exclusiva no sector da construción, onde co 12,67% supera á porcentaxe feminina nun 9,96%.

Ata os 35 anos concéntranse o 59,97% dos contratos no sector servizos; dentro del, a concentración máis elevada é a do subsector de outros servizos, que agrupa case a metade do total da contratación de Santiago. Nestes ámbitos predomina a contratación entre os 26 e 35 anos. A partir desa idade descende a contratación de forma acusada no sector, predominando en todos os casos o subsector de outros servizos.

No resto de sectores o perfil máis contratado segue a ser o de 26 a 35 anos, excepto no sector secundario, onde cunha porcentaxe lixeiramente superior é o de menores de 26 anos. No sector da construción a concentración máis importante ten lugar entre os 25 e 45 anos, o 8,01%.

Táboa 25: *Evolución da contratación comarcal segundo os sectores e subsectores económicos. Período 1999-2003.*

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
SECTOR PRIMARIO	**647**	**684**	**606**	**633**	**691**	**5,72**	**-11,40**	**4,46**	**9,16**	**1,66**
Agricultura e pesca	647	684	606	633	691	5,72	-11,40	4,46	9,16	1,66
SECTOR SECUNDARIO	**2.734**	**2.549**	**2.741**	**2.375**	**2.160**	**-6,77**	**7,53**	**-13,35**	**-9,05**	**-5,72**
Industria	2.703	2.519	2.708	2.348	2.136	-6,81	7,50	-13,29	-9,03	-5,72
Electricidade	31	30	33	27	24	-3,23	10,00	-18,18	-11,11	-6,20
S. CONSTRUCIÓN	**6.336**	**6.205**	**6.216**	**7.718**	**10.055**	**-2,07**	**0,18**	**24,16**	**30,28**	**12,24**
Construción	6.336	6.205	6.216	7.718	10.055	-2,07	0,18	24,16	30,28	12,24
SECTOR SERVIZOS	**43.197**	**44.167**	**44.442**	**48.368**	**52.479**	**2,25**	**0,62**	**8,83**	**8,50**	**4,99**
Comercio e hostalería	7.933	7.886	8.035	8.317	8.570	-0,59	1,89	3,51	3,04	1,95
Transporte e comunicacións	953	1.090	1.094	1.246	1.156	14,38	0,37	13,89	-7,22	4,95
Outros servizos	34.311	35.191	35.313	38.805	42.753	2,56	0,35	9,89	10,17	5,65
TOTAL CONTRATOS	**52.914**	**53.605**	**54.005**	**59.158**	**65.385**	**1,31**	**0,75**	**9,54**	**10,53**	**5,43**

O sector secundario é o único que rexistra un descenso contractual no período de referencia, presentando unha variación media de -5,72%. A regresión contractual deste sector é continua, agás en 2001, onde se quebra esa tendencia e ofrece un crecemento do 7,53%. O seguinte ano é onde se produce o retroceso máis elevado (variación interanual de -13,35%), continuando ata o final, pero en menor medida.

No resto de sectores a contratación aumenta, en maior medida no da construción, onde tras un descenso inicial a tendencia se inverte cunha evolución progresiva que acada crecementos elevados nos dous últimos anos. Este sector acaba o período ofrecendo unha variación media do 12,24%. No sector primario o crecemento é moi reducido, o 1,66%.

Tras un crecemento moderado nos dous primeiros anos, o sector servizos acaba o período crecendo de maneira bastante notable nos dous últimos anos. A variación media deste sector cífrase no 4,99%, sendo o subsector de outros servizos o que maior crecemento presenta, o 5,65%. A tendencia neste caso é similar á do conxunto. O único que remata o quinquenio cun descenso contractual é o subsector de transporte (variación interanual de -7,22%), aínda que mantén un saldo positivo en todo o período.

5.4.4. Tipoloxía da contratación laboral

Case as tres cuartas partes dos contratos de traballo realizados na comarca de Santiago no ano 2003 foron temporais a tempo completo. Concentrando a contratación nas dúas modalidades temporais, apréciase unha porcentaxe moi elevada, o 90%. A contratación indefinida supón o 5%, prevalecendo a realizada a tempo completo.



Gráfico 19: *Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contratos. Ano 2003.*

TÁBOA 26: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contrato por sexo e idade. Ano 2003.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
Indefinido	1,54	2,14	0,51	1,42	1,13	0,50	0,12
Indefinido tempo parcial	0,24	0,53	0,30	0,27	0,10	0,07	0,02
Temporal	43,09	28,37	22,24	26,85	13,49	6,51	2,37
Temporal tempo parcial	7,62	11,38	8,75	7,00	2,20	0,78	0,26
Prácticas/Formación	1,38	1,04	1,78	0,39	0,11	0,09	0,05
Outros	1,75	0,92	0,40	1,03	0,76	0,34	0,15
TOTAL CONTRATOS	**55,62**	**44,38**	**33,99**	**36,96**	**17,79**	**8,29**	**2,97**

A contratación temporal a tempo completo de homes representa o 43,09% da total, mentres que a feminina é moito máis reducida, 28,37%. En todos os demais casos a contratación é maiormente feminina, agás no da contratación en prácticas, e na modalidade de outros, onde é superada lixeiramente pola masculina. No caso da contratación temporal a tempo parcial, o 11,38% dos contratos son femininos, quedando para os homes o 7,62%.

Case a metade da contratación comarcal, o 49,09%, faise como temporal a tempo completo a persoas menores de 36 anos. Por outra banda, a contratación temporal a tempo parcial no mesmo tramo de idade supón o 15,75%. No primeiro caso predomina o perfil de 26 a 35 anos, mentres que no segundo é o de menores de 26 anos.

TÁBOA 27: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contrato por sectores económicos. Ano 2003.

	PRIMARIO	SECUNDARIO			CONSTRUCIÓN	SERVIZOS			
	Agr.,Gand.	Industr.	Electric.	Total	Construc.	Comerc.	Transp.	Outros	Total
Indefinido	0,05	0,20	0,01	0,21	0,28	0,85	0,14	2,14	3,14
Indefinido tempo parcial	0,00	0,02	0,00	0,03	0,02	0,39	0,03	0,30	0,72
Temporal	0,95	2,42	0,01	2,43	14,35	7,55	1,32	44,86	53,74
Temporal tempo parcial	0,04	0,34	0,01	0,36	0,35	3,61	0,25	14,40	18,25
Prácticas/Formación	0,01	0,27	0,00	0,28	0,38	0,67	0,02	1,06	1,75
Outros	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,03	0,00	2,64	2,66
TOTAL CONTRATOS	**1,06**	**3,27**	**0,04**	**3,30**	**15,38**	**13,11**	**1,77**	**65,39**	**80,26**

Máis da metade dos contratos realizados en Santiago son temporais a tempo completo no sector servizos, 53,74%. Neste caso predomina fortemente a contratación no subsector de outros servizos, co 44,86%. Na modalidade temporal a tempo parcial tamén se produce a mesma situación, integrando o sector servizos o 18,25% e o subsector de outros servizos o 14,40%.

En todos os sectores a fórmula máis utilizada é a temporal a tempo completo; destaca tamén unha concentración bastante importante desta modalidade no sector da construción, que agrupa o 14,35%. No sector secundario a mesma fórmula supón o 2,43%, mentres que no primario só o 0,95%.

TÁBOA 28: Evolución da contratación comarcal segundo a tipoloxía de contratos. Período 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Indefinido	3.555	3.637	3.106	2.838	2405	2,31	-14,60	-8,63	-15,26	-9,31
Indefinido tempo parcial	345	481	429	760	502	39,42	-10,81	77,16	-33,95	9,83
Temporal	36.752	35.973	35.169	40.080	46727	-2,12	-2,24	13,96	16,58	6,19
Temporal tempo parcial	9.112	10.057	11.713	11.724	12423	10,37	16,47	0,09	5,96	8,06
Prácticas/Formación	1.438	1.381	1.306	1.217	1581	-3,96	-5,43	-6,81	29,91	2,40
Outros	1.712	2.076	2.282	2.539	1747	21,26	9,92	11,26	-31,19	0,51
TOTAL CONTRATOS	**52.914**	**53.605**	**54.005**	**59.158**	**65.385**	**1,31**	**0,75**	**9,54**	**10,53**	**5,43**

Todas as fórmulas contractuais incrementan a contratación en detrimento da indefinida, que acada un saldo negativo de variación media de -9,31%. Agás un pequeno incremento que ten lugar en 1999-2000, no resto dos anos descende de forma notoria a contratación indefinida, perdendo en termos absolutos 1.150 contratos ao final do período.

Por outra banda, pódese percibir como se incrementa en maior medida a contratación a tempo parcial, tanto indefinida como temporal, variacións medias de 9,83% e 8,06% respectivamente. Se a contratación indefinida a tempo parcial se caracteriza por unha evolución descontinua que intercala altos valores de crecemento e regresión, a temporal na mesma modalidade presenta unha evolución positiva, con crecementos todos os anos, máis moderados nos últimos.

A contratación temporal a tempo completo mantén un saldo positivo no período, 6,19% de variación media, malia que ata 2000-2001 se aprecia unha regresión moderada. A partir dese intervalo obtén un crecemento sostible e moi elevado, sobre todo no último, cando a variación interanual chega ata o 16,58%.

5.4.5. Grandes grupos de ocupación na contratación laboral

Táboa 29: *Distribución da contratación por grandes grupos de ocupación segundo o sexo. Ano 2003.*

	CONTRATOS	
	Nº	%
1. Dirección de empresas e administracións públicas	**227**	**0,35**
HOMES	121	0,19
MULLERES	106	0,16
2. Técnicos profesionais, científicos e intelectuais	**8.001**	**12,24**
HOMES	4.668	7,14
MULLERES	3.333	5,10
3. Técnicos e profesionais de apoio	**14.157**	**21,65**
HOMES	9.617	14,71
MULLERES	4.540	6,94
4. Empregados de tipo administrativo	**8.697**	**13,30**
HOMES	1.609	2,46
MULLERES	7.088	10,84
5. Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio	**11.398**	**17,43**
HOMES	3.496	5,35
MULLERES	7.902	12,09
6. Traballadores cualificados na agricultura e pesca	**307**	**0,47**
HOMES	209	0,32
MULLERES	98	0,15
7. Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería	**6.377**	**9,75**
HOMES	6.041	9,24
MULLERES	336	0,51
8. Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	**2.544**	**3,89**
HOMES	1.973	3,02
MULLERES	571	0,87
9. Traballadores non cualificados	**13.677**	**20,92**
HOMES	8.633	13,20
MULLERES	5.044	7,71
TOTAL CONTRATOS	**65.385**	**100,00**
TOTAL HOMES	**36.367**	**55,62**
TOTAL MULLERES	**29.018**	**44,38**

Na comarca de Santiago concéntrase de maneira significativa a contratación en catro grandes grupos de ocupación, o que supón o 73,3% do total:

- Técnicos e profesionais de apoio, co 21,65%.
- Traballadores non cualificados, co 20,92%.

- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio; co 17,43%.
- Empregados de tipo administrativo, 13,30%.

A continuación diferéncianse os grupos con maior contratación pero atendendo á variable do xénero:

Grupos de ocupación cunha maior contratación masculina	Grupos de ocupación cunha maior contratación feminina
• Técnicos e profesionais de apoio, contratación do 14,71%. • Traballadores non cualificados, 13,20%. • Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería; 9,24%. • Técnicos profesionais, científicos e intelectuais; 7,14%	• Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio; 12,09%. • Empregadas de tipo administrativo; 10,84%. • Traballadoras non cualificadas, 7,71%. • Técnicas e profesionais de apoio, 6,94%.

Atendendo ao volume contractual, hai que sinalar que a contratación de homes supera á de mulleres en todos os grupos de ocupación, agás en dous, onde predomina a feminina:

- Empregadas de tipo administrativo; a contratación feminina supera á masculina nun 8,38%
- Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio; a contratación feminina supera á masculina nun 6,74%.

Por outra banda, atendendo á evolución dos grupos entre 1999 e 2003, imos sinalar os que refliten maior crecemento ou regresión contractual, tendo como referencia o valor de variación media que obteñen.

Os grupos nos que se produce un maior aumento da contratación son os seguintes:

- Traballadores cualificados na agricultura e pesca; variación media de 16,62%.
- Técnicos profesionais, científicos e intelectuais; 16,12%.
- Empregados de tipo administrativo; 12,23%.

Se a maiores se ten en conta o xénero, os grupos con maior aumento da contratación masculina son:

- Técnicos profesionais, científicos e intelectuais; variación media de 14,90%
- Traballadores cualificados na agricultura e pesca; 12,60%.

E en canto á contratación de mulleres:

- Traballadoras cualificadas na agricultura e pesca; variación media de 28,45%.
- Técnicas profesionais, científicas e intelectuais; 17,93%.
- Empregadas de tipo administrativo; 16,58%.

No polo oposto están os grupos que descenden na contratación durante o quinquenio. Estes grupos só son os de:

- Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería, variación media de -1,08%.
- Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores; -0,98%.

Para rematar a análise, cómpre distinguir os grupos con maior regresión en función do xénero. Así o maior descenso contractual entre os homes é nos grupos de:

- Dirección de empresas e administracións públicas; variación media de -4,75%.
- Técnicos e profesionais de apoio, -2,39%.

No caso das mulleres só un grupo diminúe o número de contratos, o de operadoras de instalacións e maquinaria e montadoras, que presenta unha variación media de -12,50%.

5.4.6. Ocupacións máis contratadas

Táboa 30: *As dez ocupacións máis contratadas na comarca. Ano 2003.*

		TOTAL		HOMES		MULLERES		RATIO
CNO	OCUPACIÓNS	N.º	%	N.º	%	N.º	%	MASCUL.[1]
50200018	Camareiro	4.766	7,29	2.265	6,23	2.501	8,62	47,52
97000011	Peón da industria manufactureira	4.613	7,06	3.240	8,91	1.373	4,73	70,24
30410156	Técnico en dobraxe	3.966	6,07	2.020	5,55	1.946	6,71	50,93
45220078	Azafata de información	3.256	4,98	108	0,30	3.148	10,85	3,32
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador	2.786	4,26	509	1,40	2.277	7,85	18,27
42100010	Empregado administrativo	2.720	4,16	845	2,32	1.875	6,46	31,07
71100016	Albanel	2.444	3,74	2.384	6,56	60	0,21	97,55
53300010	Dependente de comercio	2.352	3,60	448	1,23	1.904	6,56	19,05
98000050	Mozo carga/descarga, almacén	2.301	3,52	2.110	5,80	191	0,66	91,70
30410134	Operador de cámara de televisión	1.988	3,04	1.532	4,21	456	1,57	77,06
	TOTAL	**31.192**	**47,71**	**15.461**	**42,51**	**15.731**	**54,21**	**49,57**

(1) Ratio de Masculinidade = (N.º de contratos realizados a homes/ N.º total de contratos) x 100

Case a metade da contratación comarcal, o 47,71%, aparece en torno ás dez ocupacións sinaladas na táboa, na que se pode apreciar un relativo predominio da contratación feminina sobre a masculina. As ocupacións máis contratadas son as de camareiro, peón da industria manufactureira e técnico de dobraxe.

No caso do colectivo masculino a maior contratación prodúcese na de peón da industria manufactureira, albanel e camareiro. En cambio a contratación feminina é máis frecuente nas de azafata de información, camareira, e muller de limpeza, limpadora.

Nas ocupacións de albanel e mozo de carga/descarga de almacén predomina a contratación masculina de forma case absoluta. A continuación están as ocupacións de operador de cámara de televisión e peón da industria manufactureira, onde se segue a ter un ratio de masculinidade da contratación por riba do 70%.

Nunha das ocupacións a contratación é case exclusivamente feminina, a de azafata de información. A continuación están as de muller da limpeza e dependenta de comercio, nas que a ratio de masculinidade se sitúa por baixo do 30%.

Táboa 31: *Evolución das dez ocupacións máis contratadas entre 1999 e 2003.*

CNO	OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS	1999	2000	2001	2002	2003
50200018	**Camareiro**	**2.702**	**3.069**	**3.872**	**3.707**	**4.766**
97000011	**Peón da industria manufactureira**	**2.307**	**2.431**	**2.336**	**2.939**	**4.613**
30410156	**Técnico en dobraxe**	**5.785**	**2.658**	**1.889**	**3.006**	**3.966**
45220078	**Azafata de información**	575	703	898	**1.648**	**3.256**
91210016	**Muller/mozo limpeza, limpador**	**2.004**	**2.164**	**2.272**	**2.291**	**2.786**
42100010	**Empregado administrativo**	**3.010**	**3.291**	**3.064**	**3.228**	**2.720**
71100016	**Albanel**	**2.823**	**2.257**	**2.315**	**2.332**	**2.444**
53300010	**Dependente de comercio**	**3.110**	**3.258**	**2.775**	**2.682**	**2.352**
98000050	**Mozo carga/descarga, almacén**	**2.593**	**2.818**	**2.875**	**2.611**	**2.301**
30410134	**Operador de cámara de televisión**	232	685	827	1.462	**1.988**
25150016	ACTOR/ACTRIZ	275	759	**1.457**	1.336	1.315
96020014	PEÓN DA CONSTRUCIÓN DE EDIFICIOS	**1.754**	901	1.014	806	1.105
35410029	DECORADOR DE CINE, TV E TEATRO	**1.984**	**2.154**	**1.807**	**2.027**	932
30420067	TÉCNICO EN ENLACES DE UNIDADES MÓBILES	578	**1.328**	637	1408	866

As dúas ocupacións máis contratadas no ano 2003 na comarca de Santiago son as de camareiro e peón da industria manufactureira. Nestas apréciase unha evolución positiva que remata cunhas variacións medias similares de 15,24% e 18,91%. A traxectoria de ambas é bastante similar: un crecemento continuo, agás no ano 2002 no caso da primeira e no ano anterior no caso da segunda, onde se aprecian variacións interanuais de -4,26% e -3,91%. Pola contra, ambas coinciden en manter no último ano o valor de crecemento máis acusado, que supón na de camareiro o 28,57% e na de peón da industria o 56,96%.

De todas as ocupacións sinaladas na táboa, oito delas están entre as primeiras todos os anos. A maiores hai que sinalar como as de azafata e operador de cámara entran por primeira vez nos anos 2002 e 2003 respectivamente, situándose entre as de maior contratación. O resto entran e saen da distribución; sinalamos como máis significativo a perda de contratación no caso dos decoradores, que tras estar todos os anos entre as primeiras desaparece da lista no último ano.

Tendo en conta a evolución das ocupacións, cómpre dicir que as que experimentan maior crecemento son as de:

- Operador de cámara de televisión, variación media de 71,09%.
- Azafata de información, 54,26%
- Actor/actriz, 47,88%.

Para rematar a análise, as que presentan maior regresión na contratación son:

- Decorador de cine, televisión e teatro; variación media de -17,21%.
- Peón da construción de edificios; -10,91%
- Técnico de dobraxe, -9,01.



Comarca da Terra de Melide



5.1. TECIDO EMPRESARIAL

5.1.1. Tecido empresarial comarcal. Situación actual

O sector servizos agrupa o 63,9% das empresas da comarca da Terra de Melide, seguida a notable distancia polo sector da construción, co 20,4%, e o secundario, co 12,78%. Dentro dos subsectores de servizos, destacan sobre todo o de comercio e hostalería, que concentra o 35,43% das empresas, e o de outros servizos, 20,85%. Dentro do sector secundario, o subsector da industria concentra case na súa totalidade o número de empresas, igual que sucede cos traballadores e os autónomos, en tanto que o da electricidade ten un papel marxinal en termos cuantitativos.

No que respecta ao número de traballadores, a primacía correspóndelle ao sector primario, que concentra o 42,8% deles, en detrimento da presenza dos servizos que co 33,04% ocupan unha posición máis secundaria. A unha considerable distancia sitúanse o sector secundario e o da construción, co 13,2% e o 10,95%, respectivamente. Dentro dos servizos, destaca a maior presenza de outros servizos, 15,33%, seguido de comercio e hostalería, que agrupa o 14,31% dos traballadores da comarca.

Por outra parte, o 61,34% dos traballadores autónomos proveñen do sector servizos, concentrándose un 43,78% no subsector de comercio e hostalería. Cun menor volume de autónomos habería que mencionar a continuación o sector da construción e o secundario, que representan o 23,05% e o 12,2%, respectivamente.

5.1.2. Evolución anual

TÁBOA 1: Evolución do número de empresas. Período 1999-2003.

	EMPRESAS				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	**52**	**56**	**60**	**41**	**13**
Agricultura e pesca	52	56	60	41	13
SECTOR SECUNDARIO	**79**	**76**	**70**	**64**	**57**
Industria	78	75	69	63	56
Electricidade	1	1	1	1	1
SECTOR CONSTRUCIÓN	**83**	**75**	**86**	**80**	**91**
Construción	83	75	86	80	91
SECTOR SERVIZOS	**250**	**267**	**296**	**289**	**285**
Comercio e hostalería	150	149	164	165	158
Transporte e comunicacións	26	27	28	33	34
Outros servizos	74	91	104	91	93
TOTAL	**464**	**474**	**512**	**474**	**446**

Na comarca da Terra de Melide prodúcese un decrecemento do número de empresas nos dous últimos anos do período comprendido entre 1999 e 2003. Dado que os aumentos acontecidos nos anos precedentes foron máis modestos, como balance do período hai que sinalar a redución do número de empresas (variación media anual do -0,98%).

GRÁFICO 1: Variacións interanuais do número de empresas por sector económico. Período 1999-2003.



Este retraemento concéntrase en dous sectores: o primario e o secundario. No primeiro, o descenso só ocorre nos dous últimos anos, sendo moi forte o do último, onde acada unha variación interanual de -68,29%. En cambio no secundario hai un retroceso constante ao longo de todo o período, acentuándose tamén nos últimos anos.

No que respecta ao sector de servizos, prodúcese un aumento do número de empresas entre 1999 e 2001, para decrecer a un ritmo máis baixo posteriormente; como resultado disto, a variación media obtida é de 3,33%, aumentando en 35 unidades o seu número de empresas. Por outra parte, no subsector de transporte e comunicacións e mais no de outros servizos obsérvase un nivel de crecemento maior que o do conxunto do sector, con variacións medias de 6,94% e 5,88%, respectivamente. Porén, en comercio e hostalería o nivel de crecemento é menor (variación media de 1,31%), debido sobre todo ao descenso que se produce no último ano.

O sector da construción ten un crecemento máis modesto (variación media de 2,33%); decrece nos anos 2000 e 2002 e aumenta en 2001 e 2003.

	TRABALLADORES				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	**935**	**983**	**1.025**	**1.031**	**1.044**
Agricultura e pesca	935	983	1.025	1.031	1.044
SECTOR SECUNDARIO	**335**	**336**	**318**	**315**	**322**
Industria	331	332	314	311	318
Electricidade	4	4	4	4	4
SECTOR CONSTRUCIÓN	**236**	**213**	**274**	**251**	**267**
Construción	236	213	274	251	267
SECTOR SERVIZOS	**586**	**656**	**763**	**727**	**806**
Comercio e hostalería	292	323	339	359	349
Transporte e comunicacións	68	68	71	79	83
Outros servizos	226	265	353	289	374
TOTAL	**2.092**	**2.188**	**2.380**	**2.324**	**2.439**

Táboa 2: *Evolución do número de traballadores. Período 1999-2003.*

A excepción do ano 2002, onde hai un pequeno retroceso do número de traballadores, no resto do período incrementase o seu volume; destaca o crecemento experimentado entre 2000-2001, cunha variación interanual de 8,78%.



Gráfico 2*: Variacións interanuais do número de traballadores por sector económico. Período 1999-2003.*

O crecemento afecta a todos os sectores económicos analizados, coa excepción do secundario, que decrece levemente. Dado o seu maior volume de traballadores é importante sinalar o maior incremento producido no sector servizos, que obtén unha variación media de 8,3%, seguido en nivel de crecemento polo da construción e o primario. O sector secundario decrece en números absolutos tras os descensos de 2001 e 2002, que non son compensados polas leves subidas dos outros anos do período.

O sector primario é o único que incrementa o seu número de traballadores todos os anos, se ben ten un crecemento maior nos primeiros anos do período, obtendo unha variación media de 2,8%. O da construción incrementa o seu número en 2001 e 2003 e descende a un ritmo menor nos restantes; finalmente obtén unha variación media de 3,13%.

Os maiores niveis de crecemento do sector servizos teñen lugar entre 2000 e 2001 (variación interanual de 16,31%), rexistrándose só un decrecemento no tramo posterior. No ámbito subsectorial destaca sobre todo o de outros servizos, que medra por riba do sector, obtendo finalmente unha variación media de 13,42%; os outros dous subsectores teñen tamén unha tendencia crecente, se ben dun xeito menos acusado que no anterior.

TÁBOA 3: Evolución do número de autónomos. Período 1999-2003.

	AUTÓNOMOS				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	**12**	**17**	**21**	**19**	**28**
Agricultura e pesca	12	17	21	19	28
SECTOR SECUNDARIO	**101**	**90**	**94**	**89**	**100**
Industria	101	90	94	89	100
Electricidade	0	0	0	0	0
SECTOR CONSTRUCIÓN	**141**	**159**	**166**	**170**	**189**
Construción	141	159	166	170	189
SECTOR SERVIZOS	**389**	**430**	**441**	**470**	**503**
Comercio e hostalería	277	298	308	336	359
Transporte e comunicacións	54	63	59	58	66
Outros servizos	58	69	74	76	78
TOTAL	**643**	**696**	**722**	**748**	**820**

Durante o período 1999-2003 hai un aumento constante do número de autónomos na comarca da Terra de Melide, destacando neste sentido o crecemento obtido no último ano, ao acadar unha variación interanual de 9,63%.

En termos absolutos o maior incremento establécese no sector servizos, que medra en todos os anos, sobre todo en 2000 e 2003; finalmente acada unha variación media de 6,64%. O subsector de comercio e hostalería amosa unha tendencia semellante á do sector. Presenta un comportamento máis positivo o de outros servizos, que obtén unha variación media de 7,69%.

GRÁFICO 3: Variacións interanuais do número de autónomos por sector económico. Período 1999-2003.



O crecemento do número de autónomos do sector primario detense en 2002, para volver a medrar no ano seguinte; ao final do período rexistra máis do dobre de autónomos ca en 1999. O sector da construción medra en todos os anos do período, acentuándose máis esta situación en 2000 e 2003; como valor de balance hai que sinalar que a súa variación media é de 7,6%.

O sector secundario é o único que decrece levemente neste período, derivado dos descensos que ten nos anos 2000 e 2002, levemente máis altos que os aumentos producidos no resto de anos.

5.2. DEMANDAS

5.2.1. Demandantes por concello

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Melide	315	213	528
Santiso	80	40	120
Sobrado	61	45	106
Toques	64	24	88
TOTAL	**520**	**322**	**842**

TÁBOA 4: Distribución dos demandantes segundo os concellos da comarca.

% comarca/provincia - PARADOS	**0,79**
% comarca/provincia - NON PARADOS	**1,06**

O concello de Melide é a principal referencia da comarca en canto ao número de demandantes, ao concentrar o 62,7% deles. A unha notable distancia sitúanse o de Santiso, 14,25%, o de Sobrado, 12,59%, e o de Toques, 10,45%. En todos os concellos predominan os demandantes parados sobre os non parados, representando os primeiros o 61,76% e os segundos o 38,24%.



GRÁFICO 4: Distribución dos demandantes da comarca por concello.

O peso específico dos demandantes rexistrados na comarca da Terra de Melide no conxunto da provincia é máis ben escaso, se ben é maior no caso dos demandantes parados, 1,06%, que no dos parados, 0,79%.

5.2.3. Caracterización da situación sociolaboral dos demandantes de emprego

	TRABALLADORES				
	1999	2000	2001	2002	2003
PARADOS COMARCA	510	550	474	557	520
VARIACIÓN INTERANUAL %	-	7,84	-13,82	17,51	-6,64
COMARCA/TOTAL PROVINCIA	0,87	0,92	0,81	0,87	0,79

TÁBOA 5: Evolución dos demandantes parados.

En termos netos prodúcese un aumento dos demandantes parados da comarca durante o período 1999-2003, aínda que no último ano, sobre todo en 2001 (variación interanual de -13,82%), hai unha redución parcial deles.



GRÁFICO 5: Evolución dos demandantes parados da comarca.

A pesar desta leve subida, o peso específico da comarca con respecto á provincia redúcese neste período, debido sobre todo ao maior nivel de crecemento dos demandantes na segunda.

5.2.3. Caracterización da situación sociolaboral dos demandantes de emprego

TÁBOA 6: Situación laboral dos demandantes

		VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	148	17,58	12,67
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	372	44,18	55,76
NON PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	55	6,53	3,98
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	98	11,64	11,46
	Con traballo a tempo parcial e prestación compatible	40	3,35	4,73
	En expediente de regulación de emprego	32	3,80	4,73
	Demandantes de mellora de emprego	51	6,06	5,98
	Demandantes de emprego de menos de 20 h	63	7,48	2,38
	Resto de demandantes	19	2,26	0,71
	TOTAL	**842**	**100,00**	**100,00**

Os demandantes parados que tiveron emprego anterior son a tipoloxía predominante da comarca, xa que representan o 44,18%. Cunha menor presenza habería que destacar a continuación os demandantes parados sen emprego anterior e os non parados con emprego anterior, 17,58% e 11,64%, respectivamente.

En relación coa distribución porcentual da provincia, neste último ámbito cobran maior relevancia os demandantes parados con emprego anterior, 55,76%, perdéndoa os parados sen emprego anterior, 12,67%. A pesar do seu valor máis marxinal, tamén se pode destacar o maior peso relativo dos demandantes parados de menos de vinte horas na comarca, 7,48% fronte ao 2,38% da provincia.

5.2.4. Demandantes de emprego por sexo e idade

TÁBOA 7.1: Demandantes parados por sexo e grupos de idade.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	HOMES %	MULLERES %	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	40	68	7,69	13,08	20,77	17,50
26 a 35 anos	38	106	7,31	20,38	27,69	30,43
36 a 45 anos	55	49	10,58	9,42	20,00	22,04
46 a 55 anos	50	42	9,62	8,08	17,69	17,68
56 e máis anos	55	17	10,58	3,27	13,85	12,34
TOTAL COMARCA	**238**	**282**	**45,77**	**54,23**	**100,00**	**0,79**
TOTAL PROVINCIA	**26.764**	**39.271**	**40,53**	**59,47**	**0,79**	**100,00**

Entre os demandantes parados da comarca o colectivo maioritario é o das mulleres, que supera ao dos homes en 8,46 puntos. Por outra parte, case a metade teñen menos de 36 anos. Esta situación descrita non presenta diferenzas moi significativas con respecto á distribución provincial, se ben neste último ámbito intensifícase algo máis a presenza das mulleres.

Entre os demandantes masculinos hai unha maior tendencia a amosar un perfil máis envellecido, posto que un 20,2% deles teñen máis de 45 anos; esta proporción é do 11,35% para as mulleres, que tenden a concentrarse nos segmentos de idade máis novos.

Táboa 7.2: *Demandantes non parados por sexo e grupos de idade.*

	HOMES N.º	MULLERES N.º	HOMES %	MULLERES %	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	29	42	9,01	13,04	22,05	18,07
26 a 35 anos	19	59	5,90	18,32	24,22	27,98
36 a 45 anos	21	45	6,52	13,98	20,50	19,81
46 a 55 anos	26	31	8,07	9,63	17,70	17,58
56 e máis anos	25	25	7,76	7,76	15,53	16,55
TOTAL COMARCA	**120**	**202**	**37,27**	**62,73**	**100,00**	**1,06**
TOTAL PROVINCIA	**12.680**	**17.790**	**41,61**	**58,39**	**1,06**	**100,00**

A maior presenza feminina é máis nidia entre os demandantes non parados, debido a que seis de cada dez reúnen esta condición, situación similar á provincial, aínda que se insinúa unha menor representación, 58,39%. Algo semellante sucede na distribución por idades, xa que tanto na comarca como na provincia prevalecen os demandantes non parados menores de 36 anos, 46,27% e 46,05%, respectivamente.

O maior volume de mulleres detéctase entre os 26 e os 35 anos, comezando a descender as porcentaxes a partir desta idade; en cambio entre os demandantes non parados masculinos tende a haber unha distribución máis regular en todos os segmentos de idade, destacando algo máis os de idade máis nova e os que teñen máis de 45 anos.

En todos os intervalos de idade predominan os demandantes parados e os non parados, concentrándose as proporcións maiores entre os que teñen 26 e 35 anos, e acadando os valores máis baixos os maiores de 55 anos.



Gráfico 6: *Distribución porcentual do total de demandantes por grupos de idade.*

As mulleres predominan tanto entre os demandantes parados como entre os non parados; porén hai unha coincidencia en ambos os sexos, xa que nos dous teñen maior presenza os demandantes parados.



Gráfico 7: *Distribución porcentual do total de demandantes por sexo.*

5.2.5. Demandantes por nivel académico

Táboa 8.1: Distribución dos demandantes parados por nivel académico.

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Ata certificado de escolaridade*	209	40,19	31,78
Titulación de ensinanza obrigatoria	171	32,88	37,12
Formación profesional	30	5,77	5,63
BUP/Bacharelato superior/COU	59	11,35	12,20
Titulados universitarios	39	7,50	11,17
Outras titulacións	12	2,31	2,11
TOTAL	**520**	**100,00**	**100,00**

** Inclúe: sen estudos, estudos primarios e certificado de escolaridade*

Catro de cada dez demandantes parados da comarca da Terra de Melide só teñen ata o certificado de escolaridade. A 7,31 puntos sitúanse aqueles que contan con ensinanza obrigatoria, mentres que os que teñen bacharelato están a unha distancia notable de 28,84 puntos.

En relación cos valores acadados pola provincia, obsérvase unha menor presenza na comarca dos que contan con ensinanza obrigatoria e estudos universitarios; en cambio hai unha maior representación dos que teñen ata certificado de escolaridade.

Táboa 8.2: Distribución dos demandantes non parados por nivel académico.

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Ata certificado de escolaridade	141	43,79	30,62
Titulación de ensinanza obrigatoria	95	29,50	33,40
Formación profesional	17	5,28	5,72
BUP/Bacharelato superior/COU	29	9,01	15,70
Titulados universitarios	31	9,63	13,03
Outras titulacións	9	2,80	1,53
TOTAL	**322**	**100,00**	**100**

Igual que sucedía cos demandantes parados, a maior parte dos non parados tamén se concentra entre os que teñen ata certificado de escolaridade, 43,79%, e o 29,5% ten ensinanza obrigatoria. A unha notable distancia situaríanse os que teñen estudos universitarios e bacharelato.

Os valores provinciais sinalan unha leve maior presenza dos que teñen ensinanza obrigatoria, sendo máis alta a relativa aos demandantes non parados con estudos de bacharelato e universitarios; por contra, hai unha menor representación dos que teñen ata certificado de escolaridade.

5.2.6. Demandantes parados por tempo de busca de emprego

TÁBOA 9: Distribución dos demandantes parados segundo o sexo e a idade por tempo de busca de emprego.

		Menos de 6 meses %	De 6 meses a 1 ano %	Máis de 1 ano %	TOTAL %
Menor de 26 anos	Homes	5,38	0,58	1,73	7,69
	Mulleres	5,96	4,04	3,08	13,08
26 a 35 anos	Homes	4,81	0,96	1,54	7,31
	Mulleres	8,46	3,08	8,85	20,38
36 a 45 anos	Homes	5,77	0,77	4,04	10,58
	Mulleres	3,85	0,77	4,81	9,42
46 a 55 anos	Homes	4,23	1,54	3,85	9,62
	Mulleres	2,12	1,15	4,81	8,08
56 e máis anos	Homes	2,69	0,58	7,31	10,58
	Mulleres	0,58	0,38	2,31	3,27
TOTAL COMARCA		**43,85**	**13,85**	**42,31**	**100,00**
TOTAL PROVINCIA		**48,04**	**14,84**	**37,13**	**100,00**

A porcentaxe dos demandantes parados que levan en busca de emprego menos de seis meses é levemente superior á dos que levan máis dun ano. A distancia entre as dúas situacións é máis marcada no caso do ámbito provincial, se ben tamén se dá a primacía da primeira sobre a segunda.

Entre os que levan buscando emprego máis dun ano hai unha maior presenza de mulleres, 23,84%, que de homes, 18,47%, unha situación inversa á que se produce entre os que levan buscando menos de seis meses, onde un 22,88% son homes e un 20,97% mulleres.

Outro dato que sinala que as demandantes paradas levan máis tempo en busca de emprego é que a partir dos 26 anos prevalecen as que levan máis dun ano, en tanto que entre o colectivo masculino esta situación só se produce entre os maiores de 55 anos.

5.2.7. Demandantes por sectores económicos de procedencia

TÁBOA 10: Demandantes por actividade económica.

	PARADOS			NON PARADOS		
	Comarcal N.º	Comarcal %	Provincial %	Comarcal N.º	Comarcal %	Provincial %
Sector primario	11	2,12	2,00	11	3,42	2,78
Sector secundario	87	16,73	17,16	62	19,25	18,47
Construción	72	13,85	13,36	27	8,39	8,13
Sector servizos	200	38,46	49,08	127	39,44	54,02
Sen actividade previa	150	28,85	18,41	95	29,50	16,59
TOTAL	**520**	**100,00**	**100,00**	**322**	**100,00**	**100,00**

Tanto entre os demandantes parados como entre os non parados, a maior parte proceden do sector servizos, seguidos a certa distancia dos derivados do secundario e do da construción. En ambos os casos, a presenza do sector primario é marxinal.

En comparación cos valores relativos no ámbito provincial, a orde de importancia dos sectores é idéntica, se ben o sector servizos ten un menor peso relativo derivado da maior presenza dos que non realizaran ningunha actividade previa.

GRÁFICO 8: *Demandantes parados na industria.*



Algo máis da metade dos demandantes parados da industria proceden da actividade téxtil, con menor peso específico; tamén habería que citar as de outras industrias, alimentación, e metalurxia e fabricación de produtos metálicos, que concentran un 33% dos demandantes.

GRÁFICO 9: *Demandantes parados nos servizos.*



Un 23% dos demandantes parados dos servizos proceden da actividade do comercio; con porcentaxes similares habería que destacar a continuación as de administracións públicas, 18%, hostalería, 15%, e actividades inmobiliarias e servizos ás empresas, co 14%.

5.2.8. As dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego

TÁBOA 11: *Ocupacións máis demandadas.*

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Dependente de comercio, en xeral	93	11,05	8,97
Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	75	8,91	7,21
Operario máquina industrial coser á plana, excepto peletería e calzado	63	7,48	2,29
Empregado administrativo, en xeral	53	6,29	8,93
Peón da construción de edificios	39	4,63	2,57
Albanel	38	4,51	2,65
Camareiro, en xeral	29	3,44	2,68
Peón da industria manufactureira, en xeral	29	3,44	3,87
Cociñeiro, en xeral	17	2,02	1,41
Condutor de camión, en xeral	13	1,54	0,77

5.2.9. Perfil tipo dos demandantes de emprego

TÁBOA 12: *Perfil máis representativo.*

	PERFIL COMARCAL TIPO	PERFIL PROVINCIAL TIPO
Situación laboral	Parados con emprego anterior	Parados con emprego anterior
Sexo	Mulleres	Mulleres
Grupo idade	De 26 a 35 anos	De 26 a 35 anos
Nivel académico	**Ata certificado de escolaridade**	Titulación ensinanza obrigatoria
Duración demanda	Menos de 6 meses	Menos de 6 meses
Sector	Servizos	Servizos
Ocupación máis demandada	Dependente de comercio	Dependente de comercio

5.3. OFERTAS

5.3.1. Ofertas no servizo público de emprego galego 2003. Evolución

TÁBOA 13: Número de ofertas por concellos. Ano 2003.

	TOTAL OFERTAS	TOTAL %
Melide	361	95,76
Santiso	2	0,53
Sobrado	11	2,92
Toques	3	0,80
TOTAL COMARCA	**377**	**100,00**

TOTAL OFERTAS PROVINCIA:	**32.600**
COMARCA/PROVINCIA:	**1,16**

Case a totalidade das ofertas xestionadas na comarca centralízanse no concello de Melide, o 95,76%; o resto de concellos ten unha presenza marxinal, pois tan só concentran o 4,24% restante. O peso do número de ofertas da comarca na provincia é moi baixo, representando só o 1,16% do total delas.

TÁBOA 14: Evolución das ofertas. Período 1999-2003. Valores absolutos e relativos.

	N.º OFERTAS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Melide	150	205	192	254	361	36,67	-6,34	32,29	42,13	24,55
Santiso	5	2	8	5	2	-60,00	300,00	-37,50	-60,00	-20,47
Sobrado	4	3	6	12	11	-25,00	100,00	100,00	-8,33	28,78
Toques	0	0	11	1	3			-90,91	200,00	
TOTAL COMARCA	**159**	**210**	**217**	**272**	**377**	**32,08**	**3,33**	**25,35**	**38,60**	**24,09**
TOTAL PROVINCIA	**29.835**	**37.922**	**30.755**	**30.380**	**32.600**	**27,11**	**-18,90**	**-1,22**	**7,31**	**2,24**

Dado o importante peso específico do concello de Melide no número de ofertas da comarca, a evolución de ambos os territorios é moi similar; así sucede se tomamos como referencia a variación media do primeiro, que é de 24,55%, e para o segundo é de 24,09%, o que indica unha tendencia ao incremento bastante marcada. O crecemento maior prodúcese no último ano, e hai unha diferenza no tramo comprendido entre 2000 e 2001, no cal, fronte ao retroceso producido no concello de Melide, hai un leve aumento na comarca, debido sobre todo ao incremento producido no resto de concellos.

O ritmo de crecemento da provincia é menor debido a que se produce unha redución nos anos intermedios, en tanto que na comarca hai un crecemento constante e máis pronunciado en termos relativos. Como resultado disto, a provincia ten unha variación media de 2,24%, un valor notablemente máis reducido que o comarcal.

GRÁFICO 10: *Evolución do número de ofertas dos concellos da comarca.*



Da comparación entre Melide e o resto de concellos pódese visualizar o crecemento do primeiro ata o ano 2000, cunha posterior baixada en 2001, para iniciar a partir deste ano un forte incremento que se prolonga ata 2003. Pola contra, acadando valores absolutos máis modestos, o resto de concellos medran en 2001 e tenden a estabilizar o número de ofertas a partir deste ano.

5.3.2. Ofertas segundo os sectores de actividade económica

TÁBOA 15: *Distribución das ofertas por concellos segundo os sectores económicos. Valores absolutos e relativos en relación co total da comarca.*

	PRIMARIO		SECUNDARIO		CONSTRUCIÓN		SERVIZOS	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Melide	4	66,67	12	92,31	54	100,00	290	95,71
Santiso	0		0		0		2	0,66
Sobrado	2	33,33	1	7,69	0		8	2,64
Toques	0		0		0		3	0,99
TOTAL COMARCA	**6**	**100,00**	**13**	**100,00**	**54**	**100,00**	**303**	**100,00**
TOTAL PROVINCIA	**338**		**3.112**		**5.814**		**23.331**	

En todos os sectores a gran maioría das ofertas proceden do concello de Melide; o sector servizos é o máis representativo en todos os concellos, sendo a orixe do 81% das ofertas xestionadas na comarca. Da construción proceden o 14% das ofertas; as derivadas do secundario e o primario son máis marxinais.

GRÁFICO 11: *Distribución porcentual das ofertas por sectores económicos.*



A primacía do sector servizos tamén se produce no ámbito provincial, 72%; a construción e o primario teñen un peso similar; no caso do secundario é maior, 18%.

Das trece ofertas que proceden da industria, dez son derivadas da actividade de téxtil e confección.

GRÁFICO 12: *Distribución porcentual das ofertas nos servizos.*



En servizos destacan notablemente as ofertas procedentes das administracións públicas, 70%, xerando en números absolutos 212 ofertas. A supeditación a esta actividade fai que o resto obteñan porcentaxes marxinais, coa excepción do comercio, da que deriva un 15% das ofertas deste sector.

	1999	2000	2001	2002	2003
Primario	3	12	9	4	6
Secundario	12	18	11	7	13
Construción	45	68	53	39	54
Servizos	99	112	144	222	303
Sen actividade	0	0	0	0	1
TOTAL COMARCA	**159**	**210**	**217**	**272**	**377**
TOTAL PROVINCIA	**29.835**	**37.922**	**30.755**	**30.380**	**32.600**

TÁBOA 16: *Evolución das ofertas por sectores económicos.*

En todos os sectores hai un crecemento do número de ofertas durante o período 1999-2003, aínda que no sector secundario este incremento é moi modesto debido a que en termos absolutos en 2003 só se rexistra unha oferta máis que en 1999. En cambio no sector servizos hai un crecemento constante ao longo de todos os anos, onde destaca o producido nos dous últimos anos; finalmente acada unha variación media de 32,27%. No resto de sectores hai un retroceso do número de ofertas entre os anos 2000 e 2002, experimentando unha suba xeneralizada no último ano.

5.3.3. Análise ocupacional das ofertas

Tan só seis ofertas das xestionadas na comarca tomaban en consideración o sexo como requisito para acceder ao posto de traballo, en concreto catro solicitaban homes e dúas pedían mulleres.

Algo máis da metade do conxunto de ofertas de traballo solicitaban un determinado nivel académico; non obstante, o 78,77% delas só requirían o nivel de ata certificado de escolaridade, e tan só un 8,49% e un 7,08% ían destinadas a suxeitos con estudos universitarios e de formación profesional. Independentemente do nivel solicitado, destaca a forte presenza das administracións públicas neste tipo de ofertas.



GRÁFICO 13: *Ofertas por nivel académico da comarca.*

5.3.4. Análise ocupacional das ofertas

	1999	2000	2001	2002	2003
Xeseiro	1	0	0	1	20
Dependente en xeral	0	0	3	4	19
Peón de albanel/Peón de obras públicas	4	10	4	9	11
Maquinista de confección	0	0	1	3	9
Albanel	0	10	25	7	7
Camareiro-Barman	4	3	5	12	6
Condutor de mercadorías/Condutor de camión en xeral	1	1	12	4	6
Axente comercial / Vendedor	1	1	1	8	5
Administrativo	0	0	0	3	5
Condutor de autobús	1	0	3	1	3

TÁBOA 17.1: *Ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores.*

A ocupación de xeseiro e a de dependente son as máis ofertadas nos centros colaboradores do servizo público de emprego da comarca da Terra de Melide. Estas dúas ocupacións experimentan un forte crecemento no último ano, dada a súa escasa presenza en anos anteriores do período 1999-2003, unha situación semellante á producida para maquinista de confección. En cambio a ocupación de peón de albanel recupera no último ano os valores que acadaba en 2000, reducíndose a presenza de albanel con respecto aos valores de 2001.

Táboa 17.2: *Ocupacións máis ofertadas nas oficinas de emprego.*

	1999	2000	2001	2002	2003
Peón da ind. manufactureira, en xeral	4	7	13	10	69
Traballador retén incendios forestais	9	14	0	31	33
Técnico de protección civil	23	0	21	17	26
Albanel	21	21	12	11	19
Empregado administrativo, en xeral	5	7	1	4	6
Asistente domiciliario	0	2	4	5	4
Encargado ou capataz forestal	0	5	8	2	3
Peón dos camiños	0	0	0	0	3
Dependente de comercio, en xeral	2	1	1	2	3
Pintor de edificios	1	0	0	0	3

Peón da industria manufactureira, traballador retén de incendios forestais e técnico de protección civil son as ocupación máis contratadas nas oficinas de emprego. Non obstante, hai diferenzas nas evolucións das ofertas vinculadas a estas ocupacións; así, na primeira delas hai un forte incremento producido no último ano, en tanto que en traballador retén de incendios forestais o maior incremento prodúcese en 2002, mentres que na de técnico de protección civil apenas hai tres ofertas máis que en 1999.

O número de ofertas de albanel redúcese levemente no conxunto do período, se ben tende a recuperarse no último ano tras a forte baixada de 2001.

5.4. CONTRATOS

5.4.1. Número de contratos no ámbito comarcal e municipal

	CONTRATOS 2003	
	N.º	%
MELIDE	903	75,69
SANTISO	70	5,87
SOBRADO	151	12,66
TOQUES	69	5,78
TOTAL COMARCA	**1.193**	**100,00**
TOTAL PROVINCIA	**310.890**	**0,38**

Táboa 18: *Número de contratos na comarca e nos concellos. Ano 2003.*

Tres cuartas partes dos contratos realizados na comarca son rexistrados no concello de Melide e un 12,66% en Sobrado. Os concellos de Santiso e Toques teñen un número de contratos moi baixo, cun papel máis marxinal a este respecto.

Por outra parte, a importancia da comarca no conxunto da provincia é ínfima, xa que tan só concentra o 0,38% dos contratos realizados neste ámbito territorial.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA %
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
MELIDE	849	908	981	901	903	6,95	8,04	-8,15	0,22	1,55
SANTISO	106	65	79	86	70	-38,68	21,54	8,86	-18,60	-9,85
SOBRADO	104	119	131	113	151	14,42	10,08	-13,74	33,63	9,77
TOQUES	74	54	83	80	69	-27,03	53,70	-3,61	-13,75	-1,73
TOTAL COMARCA	**1.133**	**1.146**	**1.274**	**1.180**	**1.193**	**1,15**	**11,17**	**-7,38**	**1,10**	**1,30**
TOTAL PROVINCIA	**268.271**	**281.551**	**280.779**	**292.423**	**310.890**	**4,95**	**-0,27**	**4,15**	**6,32**	**3,75**

Táboa 19: *Evolución do número de contratos no ámbito comarcal. Variacións anuais. 1999-2003.*

Na comarca da Terra de Melide aumenta o número de contratos durante 1999-2003, aínda que cun ritmo moi modesto (variación media de 1,3%). As principais oscilacións suceden entre 2000 e 2001, onde os contratos medran nun 11,17%, e 2001-2002, onde descenden en -7,38%, obtendo variacións interanuais positivas baixas no resto dos tramos temporais. En cambio, os ritmos de crecemento da provincia son máis altos e obtense unha variación media de 3,75%.

O comportamento do concello de Melide é moi similar ao da comarca, se ben hai un incremento maior entre 1999 e 2000. Porén en Sobrado o nivel de crecemento é maior (variación media de 9,77%), en tanto que en Santiso e en Toques hai un descenso do número de contratos realizados entre 1999 e 2003.

5.4.2. Contratación comarcal segundo o sexo e a idade

	N.º CONTRATOS			% CONTRATOS		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Menos de 26 anos	255	185	440	21,37	15,51	36,88
De 26 a 35 anos	186	186	372	15,59	15,59	31,18
De 36 a 45 anos	129	113	242	10,81	9,47	20,28
De 46 a 55 anos	60	47	107	5,03	3,94	8,97
De 56 e máis anos	16	16	32	1,34	1,34	2,68
TOTAL COMARCA	**646**	**547**	**1.193**	**54,15**	**45,85**	**100,00**
TOTAL PROVINCIAL	**166.028**	**144.862**	**310.890**	**53,40**	**46,60**	**100,00**

Táboa 20: *Distribución da contratación comarcal segundo o sexo e a idade. Ano 2003.*

Con porcentaxes similares ás da provincia, predomina a contratación masculina sobre a feminina, 8,3 puntos máis. Ademais, un 68,06% dos contratos son realizados a menores de 36 anos, unha tendencia que se produce tanto para os homes como para as mulleres.

Así, un 36,96% dos contratos realizados na comarca son feitos entre o colectivo masculino menor de 36 anos, e un 31,1% entre o colectivo feminino dos mesmos segmentos de idade.

Táboa 21: *Evolución do número de contratos da comarca segundo o sexo. Período 1999-2003.*

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA %
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Homes	693	659	770	681	646	-4,91	16,84	-11,56	-5,14	-1,74
Mulleres	440	487	504	499	547	10,68	3,49	-0,99	9,62	5,59
TOTAL CONTRATOS	**1.133**	**1.146**	**1.274**	**1.180**	**1-193**	**1,15**	**11,17**	**-7,38**	**1,10**	**1,30**

A contratación masculina e a feminina seguen tendencias diverxentes nesta comarca; así, mentres a primeira descende levemente neste período (variación media de -1,74%), a segunda aumenta dun xeito notorio (5,59%). Por outra parte, a contratación masculina só aumenta durante o tramo 2000-2001 e descende no resto; en cambio, a feminina ascende en todos os intervalos a excepción do comprendido entre 2001 e 2002.

Gráfico 14: *Evolución da distribución da contratación comarcal segundo o sexo. Período 1999-2003. Valores proporcionais.*



A situación comentada con anterioridade repercute na redución das diferenzas existentes entre a contratación masculina e a feminina. Se en 1999 a primeira superaba á segunda en 22,34 puntos, en 2003 esta distancia acúrtase a 8,3 puntos. Esta tendencia cara á redución das diferenzas só se ve matizada en 2001 polo maior crecemento relativo da contratación masculina.

Táboa 22: *Evolución do número de contratos da comarca segundo a idade. Período 1999-2003.*

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA %
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Menor de 26 anos	406	429	513	428	440	5,67	19,58	-16,57	2,80	2,03
De 26 a 35 anos	370	393	385	354	372	6,22	-2,04	-8,05	5,08	0,13
De 36 a 45 anos	223	191	217	244	242	-14,35	13,61	12,44	-0,82	2,07
De 46 a 55 anos	93	102	121	109	107	9,68	18,63	-9,92	-1,83	3,57
De 56 e máis anos	41	31	38	45	32	-24,39	22,58	18,42	-28,89	-6,01
TOTAL CONTRATOS	**1.133**	**1.146**	**1.274**	**1.180**	**1.193**	**1,15**	**11,17**	**-7,38**	**1,10**	**1,30**

A excepción de entre os maiores de 55 anos, no resto de intervalos de idade prodúcese un aumento do número de contratos. Esta situación é máis evidente nos contratados menores de 26 anos e nos que se sitúan entre os 36 e 55 anos. En cambio, nos que van de 26 a 35 anos hai un certo estancamento na contratación, tras os decrecementos producidos entre 2000 e 2002.

Entre os contratados menores de 26 anos só se produce un descenso entre 2001 e 2002; os comprendidos entre 36 e 45 anos descenden ao principio e ao final do período, en tanto que no intervalo de idade superior a redución da contratación concéntrase nos dous últimos anos.

5.4.3. Contratación comarcal segundo os sectores económicos

TÁBOA 23: *Distribución da contratación por sectores/subsectores económicos.*

	CONTRATOS 2003 N.º	%
SECTOR PRIMARIO	**37**	**3,10**
Agricultura e pesca	37	3,10
SECTOR SECUNDARIO	**291**	**24,39**
Industria	291	24,39
Electricidade	0	0,00
SECTOR CONSTRUCIÓN	**255**	**21,37**
Construción	255	21,37
SECTOR SERVIZOS	**610**	**51,13**
Comercio e hostalería	246	20,62
Transporte e comunicacións	61	5,11
Outros servizos	303	25,40
TOTAL CONTRATOS	**1.193**	**100,00**

A metade da contratación da comarca realízase no sector servizos, en tanto que case un cuarto faise no secundario; cunha porcentaxe moi similar, 21,37%, sitúase a continuación o da construción. Se no sector secundario toda a contratación se vincula ao subsector da industria, nos servizos cómpre destacar a importancia do de outros servizos, 25,4% e do de comercio e hostalería, co 20,62%.

Algo máis das tres cuartas partes da contratación xerada na industria provén da actividade de téxtil e confección. Cun 10% sitúase a continuación a de alimentación. O resto de actividades teñen unha presenza marxinal.

GRÁFICO 15: *Distribución porcentual da contratación na industria.*



Nas actividades vinculadas ás administracións públicas, 30%, e comercio, 26%, prodúcese a metade da contratación dos servizos. A continuación cómpre sinalar a presenza da de hostalería, servizos á comunidade e transporte e comunicacións, co 13%, 11%, e 10%, respectivamente.

GRÁFICO 16: *Distribución porcentual da contratación nos servizos.*



TÁBOA 24: Distribución porcentual da contratación comarcal segundo sectores/subsectores económicos por sexo e idade. Ano 2003.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	Máis de 55
SECTOR PRIMARIO	**2,51**	**0,59**	**1,26**	**1,09**	**0,34**	**0,42**	**0,00**
Agricultura e pesca	2,51	0,59	1,26	1,09	0,34	0,42	0,00
SECTOR SECUNDARIO	**5,28**	**19,11**	**8,38**	**7,71**	**4,69**	**2,43**	**1,17**
Industria	5,28	19,11	8,38	7,71	4,69	2,43	1,17
Electricidade	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
SECTOR CONSTRUCIÓN	**20,45**	**0,92**	**9,56**	**6,71**	**3,60**	**1,34**	**0,17**
Construción	20,45	0,92	9,56	6,71	3,60	1,34	0,17
SECTOR SERVIZOS	**25,90**	**25,23**	**17,69**	**15,67**	**11,65**	**4,78**	**1,34**
Comercio e hostalería	7,88	12,74	10,48	5,70	3,27	0,92	0,25
Transporte e comunicacións	4,11	1,01	0,67	2,10	1,76	0,42	0,17
Outros servizos	13,91	11,48	6,54	7,88	6,62	3,44	0,92
TOTAL CONTRATOS	**54,15**	**45,85**	**36,88**	**31,18**	**20,28**	**8,97**	**2,68**

A maior parte dos contratos realizados a homes e mulleres realizáronse dentro do sector servizos, representando en ambos os casos unha cuarta parte. Porén, mentres nos homes ten maior presenza o subsector de outros servizos, 13,91%, no caso das mulleres é o de comercio e hostalería o que ten máis representación, co 12,74%.

O seguinte sector en importancia para os homes é o da construción, seguido de lonxe polo secundario, ao revés do que sucede entre o colectivo feminino, onde cobra maior forza o secundario, e ten un papel marxinal o da construción.

Nos diferentes grupos de idade predomina claramente a contratación no sector servizos, seguido da realizada na construción para os menores de 26 anos e no secundario para os maiores desta idade. En relación cos subsectores dos servizos, o de comercio e hostalería tende a prevalecer nos que teñen menos de 26 anos, mentres que predomina o de outros servizos para os que se sitúan por riba desta idade.

TÁBOA 25: Evolución da contratación comarcal segundo os sectores e subsectores económicos. Período 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA %
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
SECTOR PRIMARIO	**45**	**38**	**42**	**35**	**37**	**-15,56**	**10,53**	**-16,67**	**5,71**	**-4,78**
Agricultura e pesca	45	38	42	35	37	-15,56	10,53	-16,67	5,71	-4,78
SECTOR SECUNDARIO	**274**	**345**	**287**	**278**	**291**	**25,91**	**-16,81**	**-3,14**	**4,68**	**1,52**
Industria	273	345	286	277	291	26,37	-17,10	-3,15	5,05	1,61
Electricidade	1	0	1	1	0	-100,00		0,00	-100,00	-100,00
S. CONSTRUCIÓN	**200**	**190**	**207**	**221**	**255**	**-5,00**	**8,95**	**6,76**	**15,38**	**6,26**
Construción	200	190	207	221	255	-5,00	8,95	6,76	15,38	6,26
SECTOR SERVIZOS	**614**	**573**	**738**	**621**	**610**	**-6,68**	**28,80**	**-15,85**	**-1,77**	**-0,16**
Comercio e hostalería	288	247	284	255	246	-14,24	14,98	-10,21	-3,53	-3,86
Transporte e comunicacións	46	54	69	71	61	17,39	27,78	2,90	-14,08	7,31
Outros servizos	280	272	385	295	303	-2,86	41,54	-23,38	2,71	1,99
TOTAL CONTRATOS	**1.133**	**1.146**	**1.274**	**1.180**	**1.193**	**1,15**	**11,17**	**-7,38**	**1,10**	**1,30**

Tan só o sector secundario e, en maior medida, o da construción experimentan un crecemento no seu número de contratos. O primeiro, pese a descender entre 2000 e 2002, debido ao forte aumento producido entre 1999-2000 e 2002-2003, ascende levemente ao final do período. En cambio o da construción, coa excepción do intervalo que vai de 1999 a 2000, ascende todos os anos, sobre todo no último, onde acada unha variación interanual do 15,38%.

O sector primario descende oito contratos con respecto a 1999; en cambio o de servizos só descende en catro, polo que, dado o seu importante volume contractual, pódese falar de estancamento en termos relativos. Este último só medra fortemente durante 2000-2001, para descender máis levemente nos anos seguintes, sendo o subsector de comercio e hostalería o que ten un comportamento máis negativo (variación media de -3,86%), en contraposición ao aumento producido en outros servizos (variación media de 1,99%) e no de transporte e comunicacións, 7,31%.

5.4.4. Tipoloxía da contratación laboral

Un 61% dos contratos realizados na comarca da Terra de Melide en 2003 eran temporais a tempo completo, en tanto que un 15% eran temporais a tempo parcial. Os contratos en prácticas ou de formación supoñen un 11% do total; un 8% son indefinidos a tempo completo.



Gráfico 17: *Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contratos. Ano 2003.*

Táboa 26: *Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contrato por sexo e idade. Ano 2003.*

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
Indefinido	5,87	1,68	2,35	3,27	1,09	0,84	0,00
Indefinido tempo parcial	0,17	0,75	0,25	0,34	0,25	0,08	0,00
Temporal	35,62	26,57	22,13	20,87	13,16	4,44	1,59
Temporal tempo parcial	4,02	10,65	5,78	3,86	3,02	1,26	0,75
Prácticas/Formación	5,20	5,53	6,20	1,59	1,51	1,26	0,17
Outros	3,27	0,67	0,17	1,26	1,26	1,09	0,17
TOTAL CONTRATOS	**54,15**	**45,85**	**36,88**	**31,18**	**20,28**	**8,97**	**2,68**

Tanto entre o colectivo masculino como entre o feminino predomina a contratación temporal a tempo completo, 35,62% e 26,57%, respectivamente. No tocante aos contratos indefinidos, ben a tempo completo ou parcial, realízanse en maior medida aos homes, 6,04%, que ás mulleres, 2,43%. Unha situación inversa prodúcese en relación cos contratos temporais a tempo parcial, onde predomina a contratación feminina, 10,65%, fronte á masculina, 4,02%.

A forma de contratación máis usual en todas as idades é a temporal a tempo completo; séguelle en importancia a de prácticas para os menores de 26 anos e a temporal a tempo parcial para o resto das idades, se ben entre os que teñen entre 46 e 55 anos acada unha porcentaxe idéntica ao de prácticas.

TÁBOA 27: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contrato por sectores económicos. Ano 2003.

	PRIMARIO	SECUNDARIO			CONSTRUCIÓN	SERVIZOS			
	Agr.,Gand.	Industr.	Electric.	Total	Construc.	Comerc.	Transp.	Outros	Total
Indefinido	0,50	1,09	0,00	1,09	3,52	1,51	0,59	0,34	2,43
Indefinido tempo parcial	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,59	0,17	0,17	0,92
Temporal	2,26	18,86	0,00	18,86	14,92	10,06	3,52	12,57	26,15
Temporal tempo parcial	0,17	3,52	0,00	3,52	0,34	5,70	0,84	4,11	10,65
Prácticas/Formación	0,17	0,75	0,00	0,75	2,60	2,68	0,00	4,53	7,21
Outros	0,00	0,17	0,00	0,17	0,00	0,08	0,00	3,69	3,77
TOTAL CONTRATOS	**3,10**	**24,39**	**0,00**	**24,39**	**21,37**	**20,62**	**5,11**	**25,40**	**51,13**

A contratación temporal a tempo completo é a modalidade máis empregada en todos os sectores. A realizada a tempo parcial, así como a de prácticas, concéntranse en maior medida no sector servizos; en cambio os indefinidos a tempo completo son máis frecuentes dentro do sector da construción.

No ámbito subsectorial hai que sinalar a maior presenza dos contratos temporais a tempo completo e o de prácticas no subsector de outros servizos, en tanto que o temporal a tempo parcial é máis común dentro do de comercio e hostalería.

TÁBOA 28: Evolución da contratación comarcal segundo a tipoloxía de contratos. Período 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA %
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Indefinido	120	104	127	108	90	-13,33	22,12	-14,96	-16,67	-6,94
Indefinido tempo parcial	8	12	17	21	11	50,00	41,67	23,53	-47,62	8,29
Temporal	620	688	695	698	742	10,97	1,02	0,43	6,30	4,59
Temporal tempo parcial	199	175	201	173	175	-12,06	14,86	-13,93	1,16	-3,16
Prácticas/Formación	85	80	131	95	128	-5,88	63,75	-27,48	34,74	10,78
Outros	101	87	103	85	47	-13,86	18,39	-17,48	-44,71	-17,41
TOTAL CONTRATOS	**1.133**	**1.146**	**1.274**	**1.180**	**1.193**	**1,15**	**11,17**	**-7,38**	**1,10**	**1,30**

As modalidades de outros, indefinido a tempo completo e o temporal a tempo parcial descenden no período analizado, as dúas primeiras só medran entre 2000 e 2001, acadando unhas variacións medias de -17,41% e -6,94%. En cambio a última crece entre 2000-2001 e 2002-2003, descendendo nos dous restantes; esta situación incide no valor da súa variación media, que é de -3,16%.

A contratación temporal a tempo completo aumenta en todos os anos do período, sobre todo entre os intervalos 1999-2000 e 2002-2003, acadando finalmente unha variación media de 4,59%. En cambio o de prácticas e formación descende entre 1999-2000 e 2001-2002, aumenta fortemente nos dous intervalos restantes e obtén unha variación media de 10,78%.

5.4.5. Grandes grupos de ocupación na contratación laboral

TÁBOA 29: Distribución da contratación por grandes grupos de ocupación segundo o sexo. Ano 2003.

	TOTAL CONTRATOS Nº	%
1. Dirección de empresas e administracións públicas	**5**	**0,42**
HOMES	1	0,08
MULLERES	4	0,34
2. Técnicos profesionais, científicos e intelectuais	**102**	**8,55**
HOMES	67	5,62
MULLERES	35	2,93
3. Técnicos e profesionais de apoio	**37**	**3,10**
HOMES	20	1,68
MULLERES	17	1,42
4. Empregados de tipo administrativo	**66**	**5,53**
HOMES	12	1,01
MULLERES	54	4,53
5. Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio	**208**	**17,44**
HOMES	67	5,62
MULLERES	141	11,82
6. Traballadores cualificados na agricultura e pesca	**25**	**2,10**
HOMES	13	1,09
MULLERES	12	1,01
7. Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería	**298**	**24,98**
HOMES	266	22,30
MULLERES	32	2,68
8. Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	**323**	**27,07**
HOMES	111	9,30
MULLERES	212	17,77
9. Traballadores non cualificados	**129**	**10,81**
HOMES	89	7,46
MULLERES	40	3,35
TOTAL CONTRATOS	**1.193**	**100,00**
TOTAL HOMES	**646**	**54,15**
TOTAL MULLERES	**547**	**45,85**

Un 80,3% da contratación realizada na comarca da Terra de Melide concéntrase en catro grupos de ocupación:

- Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores, que concentra o 27,07% da contratación.
- Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería, 24,98%.
- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio, 17,44%.
- Traballadores non cualificados, 10,81%.

Segundo o xénero das persoas contratadas, podemos diferenciar entre os seguintes grupos máis significativos:

Grupos de ocupación cunha maior contratación masculina	Grupos de ocupación cunha maior contratación feminina
• Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería, 22,3%. • Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores, 9,3%. • Traballadores non cualificados, 7,46%.	• Operadoras de instalacións e maquinaria, e montadoras, 17,77%. • Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio, 11,82%. • Empregadas de tipo administrativo, 4,53%.

En cinco dos nove grandes grupos de ocupación predominan os homes sobre as mulleres, dándose a situación contraria nos seguintes grupos:

- Operadoras de instalacións e maquinaria, e montadoras, onde a contratación de mulleres sitúase 8,47 puntos por riba.
- Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio, 6,2 puntos de diferenza.
- Empregadas de tipo administrativo, 3,52 puntos por riba.
- Dirección de empresas e administracións públicas, onde se realizaron tres contratos máis ás mulleres que aos homes.

En relación coa evolución, cinco dos nove grandes grupos experimentaron entre 1999 e 2003 un crecemento na súa contratación; os máis destacables son os seguintes:

- Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería, cunha variación media de 8,5%.
- Empregados de tipo administrativo, 4,66%.
- Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores, 2,03%.
- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio, 1,63%.

Os descensos prodúcense nos seguintes grandes grupos:

- Traballadores non cualificados, cunha variación media de -8,32%.
- Técnicos profesionais, científicos e intelectuais, -5,52%.
- Traballadores cualificados na agricultura e pesca, -3,64%.
- Técnicos e profesionais de apoio, -1,31%.

No caso da contratación feminina, aumenta en sete dos nove grandes grupos; destacan os crecementos de:

- Artesás/traballadoras cualificadas industria manufactureira, construción e minería, cunha variación media do 100%.
- Traballadoras cualificadas na agricultura e pesca, 86,12%.
- Técnicas e profesionais de apoio, 11,5%.
- Empregadas de tipo administrativo, 10,67%.

Os dous únicos grupos onde se produce un descenso son os seguintes:

- Traballadoras non cualificadas, variación media de -2,9%.
- Técnicas profesionais, científicas e intelectuais, -2,03%.

A contratación masculina só aumenta no grupo de artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería, que obtén unha variación media de 5,71%.

No resto dos grupos descende a súa contratación, destacando os decrecementos producidos en:

- Traballadores cualificados na agricultura e pesca, variación media de -17,45%.
- Empregados de tipo administrativo, -10,85%.
- Traballadores non cualificados, -8,32%.
- Técnicos e profesionais de apoio, -8,07%.

5.4.6. Ocupacións máis contratadas

TÁBOA 30: *As dez ocupacións máis contratadas na comarca. Ano 2003.*

CNO	OCUPACIÓNS	TOTAL N.º	TOTAL %	HOMES N.º	HOMES %	MULLERES N.º	MULLERES %	RATIO MASCUL.[1]
83630022	Operario máquina industrial coser á plana, exc. peletería e calzado	185	15,51	7	1,08	178	32,54	3,78
71100016	Albanel	137	11,48	129	19,97	8	1,46	94,16
53300010	Dependente de comercio, en xeral	75	6,29	14	2,17	61	11,15	18,67
97000011	Peón da industria manufactureira, en xeral	63	5,28	47	7,28	16	2,93	74,60
50200018	Camareiro, en xeral	54	4,53	12	1,86	42	7,68	22,22
86300016	Condutor de camión, en xeral	51	4,27	51	7,89	0	0,00	100,00
25130104	Músico instrumentista, en xeral	41	3,44	35	5,42	6	1,10	85,37
72100046	Enlucidor-xesista	38	3,19	36	5,57	2	0,37	94,74
42100010	Empregado administrativo, en xeral	34	2,85	5	0,77	29	5,30	14,71
83630013	Operario máquina industrial de coser e bordar, en xeral	31	2,60	2	0,31	29	5,30	6,45
	TOTAL	**709**	**59,43**	**338**	**52,32**	**371**	**67,82**	**47,67**

(1) Ratio de Masculinidade = (N.º de contratos realizados a homes/ N.º total de contratos) x 100

Un 59,43% dos contratos realizados na comarca concéntranse en dez ocupacións, unha porcentaxe algo maior no caso da contratación feminina, 67,82%.

As dúas ocupacións máis contratadas son as de operario de máquina industrial de coser á plana e a de albanel, con porcentaxes respectivas de 15,51% e 11,48%. No caso dos homes destaca máis notablemente a contratación na de albanel, condutor de camión e peón da industria manufactureira; en cambio nas mulleres destacan a de operaria de máquina industrial de coser á plana, dependenta de comercio e camareira.

Atendendo ao ratio de masculinidade, vese que esta é máis ben baixa, ao acadar un valor do 47,67%, polo que se observa unha tendencia ao predominio da contratación feminina nestas dez ocupacións. O predominio da contratación masculina é evidente nas seguintes ocupacións, que obteñen un ratio por riba do 70%:

- Condutor de camión, 100%.
- Enlucidor-xesista, 94,74%.
- Albanel, 94,16%.
- Músico instrumentista, 85,37%.
- Peón da industria manufactureira, 74,6%.

En cambio hai unha maior presenza feminina -ratio de masculinidade por baixo do 30%- nas seguintes ocupacións:

- Operaria de máquina industrial de coser á plana, 3,78%.
- Operaria de maquina industrial de coser e bordar, 6,45%.
- Empregada administrativa, 14,71%.
- Dependenta de comercio, 18,67%.
- Camareira, 22,22%.

Táboa 31: *Evolución das dez ocupacións máis contratadas entre 1999 e 2003.*

CNO	OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS	1999	2000	2001	2002	2003
83630022	**Operario máquina industrial coser á plana, exc. peletería e calzado**	**159**	**264**	**205**	**197**	**185**
71100016	**Albanel**	**105**	**139**	**205**	**119**	**137**
53300010	**Dependente de comercio, en xeral**	**63**	**69**	**90**	**76**	**75**
97000011	**Peón da industria manufactureira, en xeral**	**59**	**56**	**44**	**63**	**63**
50200018	**Camareiro, en xeral**	**66**	**40**	**40**	**52**	**54**
86300016	**Condutor de camión, en xeral**	**65**	**58**	**58**	**59**	**51**
25130104	**Músico instrumentista, en xeral**	**93**	**70**	**97**	**80**	**41**
72100046	**Enlucidor-xesista**	23	12	10	**30**	**38**
42100010	**Empregado administrativo, en xeral**	**42**	**40**	**39**	**48**	**34**
83630013	**Operario máquina industrial de coser e bordar, en xeral**	0	0	0	6	**31**
52300046	TRABALLADOR RETÉN INCENDIOS FORESTAIS	6	13	24	**31**	28
86100054	CONDUTOR DE FURGONETA ATA 3,5 t	18	**24**	**26**	18	21
98000050	MOZO CARGA/DESCARGA, ALMACÉN	10	**24**	23	9	10
96020014	PEÓN DA CONSTRUCIÓN DE EDIFICIOS	**29**	8	**34**	10	9
83630031	OPERARIO MÁQUINA INDUSTRIAL DE COSER OWERLOCK	**27**	0	0	0	0

Hai cinco ocupacións que perderon peso específico dentro da lista das dez ocupacións máis contratadas: a de traballador retén de incendios forestais, condutor de furgoneta ata 3,5 toneladas, mozo carga/descarga de almacén, peón da construción de edificios e operario de máquina industrial de coser owerlock; nesta última a partir de 2000 a contratación é inexistente. Pola contra, entran na lista a de enlucidor-xesista a partir de 2002 e a de operario de máquina industrial de coser e bordar a partir deste último ano, sendo inexistente a súa contratación ata 2002.

A pesar da súa saída da lista, a de traballador retén de incendios forestais é a ocupación que máis medra en termos relativos, ao acadar unha variación media de 46,98%, as catro primeiras ocupacións tamén teñen un crecemento modesto neste período.

En cambio as ocupacións de peón da construción de edificios, músico instrumentista e, en menor medida, condutor de camión e camareiro reducen o seu número de contratos con respecto aos do ano 1999.



Comarca de Terra de Soneira

5.1. TECIDO EMPRESARIAL

5.1.1. Tecido empresarial comarcal. Situación actual

A comarca de Terra de Soneira caracterízase pola concentración da maior parte das súas empresas dentro do sector servizos, onde se sitúan o 40,03% destas. O sector da construción engloba o 27,8%, mentres que ao secundario pertencen o 16,45% do total. Facendo unha análise máis precisa dos subsectores, o 24,45% das empresas sitúanse no de comercio e hostalería, do mesmo xeito que o 15,86% fano no de industria.

No referente aos traballadores, os datos refliten unha maior representatividade do sector primario, no que se rexistran o 38,55% destes, seguido polo da construción (21,75%) e polo dos servizos (20,61%). O subsector de industria recolle ao 18,88% dos traballadores, en tanto que o de comercio e hostalería agrupa ao 11,31%.

Por último, cabe sinalar que algo máis de seis de cada dez autónomos da comarca enmárcanse dentro do sector servizos, en concreto o 60,77%. En segundo lugar en nivel de importancia colócanse o da construción (26,97%) e o secundario (10,61%). No que atinxe aos subsectores, o máis significativo é o de comercio e hostalería, co 46,55% dos autónomos, seguido polo da industria, co 10,53%.

5.1.2. Evolución anual

Táboa 1: *Evolución do número de empresas. Período 1999-2003.*

	EMPRESAS				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	**117**	**112**	**106**	**102**	**108**
Agricultura e pesca	117	112	106	102	108
SECTOR SECUNDARIO	**128**	**124**	**123**	**110**	**113**
Industria	125	121	118	107	109
Electricidade	3	3	5	3	4
SECTOR CONSTRUCIÓN	**177**	**181**	**183**	**187**	**191**
Construción	177	181	183	187	191
SECTOR SERVIZOS	**258**	**242**	**264**	**261**	**275**
Comercio e hostalería	147	148	166	161	168
Transporte e comunicacións	18	17	18	20	20
Outros servizos	93	77	80	80	87
TOTAL	**680**	**659**	**676**	**660**	**687**

GRÁFICO 1: Variacións interanuais do número de empresas por sector económico. Período 1999-2003.



As empresas de Terra de Soneira amosan entre os anos 1999 e 2003 unha tendencia á estabilidade, manifestando unha variación media do 0,26% e incrementándose levemente en números absolutos. A evolución do número de empresas no conxunto dos sectores non presenta oscilacións importantes ao longo do período; aumenta entre os anos 1999-2000 e 2002-2003 e redúcese nos restantes.

Deste modo, os sectores primario e secundario son os que presentan de forma individual unha diminución no número de empresas, acadando variacións medias do -1,98% o primeiro e do -3,07% o segundo. Ambos os dous descenden nos tres primeiros intervalos do quinquenio, aumentando no último intervalo.

Os sectores da construción e dos servizos tamén obteñen variacións medias semellantes, do 1,92% e do 1,61% respectivamente. No sector da construción dáse unha evolución practicamente lineal ao longo destes cinco anos, mentres que o dos servizos descende entre os anos 1999-2000 e 2001-2002. Dentro deste sector, os subsectores de comercio e hostalería e transporte e comunicacións logran unha variación media algo superior á do sector, do 3,39% e do 2,67% respectivamente, do mesmo xeito que o de outros servizos medra levemente por debaixo, cunha variación media do -1,65%.

TÁBOA 2: Evolución do número de traballadores. Período 1999-2003.

	TRABALLADORES				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	**1.037**	**1.334**	**1.367**	**1.374**	**1.427**
Agricultura e pesca	1.037	1.334	1.367	1.374	1.427
SECTOR SECUNDARIO	**684**	**819**	**728**	**723**	**707**
Industria	677	812	719	716	699
Electricidade	7	7	9	7	8
SECTOR CONSTRUCIÓN	**737**	**678**	**757**	**791**	**805**
Construción	737	678	757	791	805
SECTOR SERVIZOS	**582**	**614**	**674**	**700**	**763**
Comercio e hostalería	325	320	377	376	419
Transporte e comunicacións	40	41	42	49	59
Outros servizos	217	253	255	275	285
TOTAL	**3.040**	**3.445**	**3.526**	**3.588**	**3.702**

GRÁFICO 2: Variacións interanuais do número de traballadores por sector económico. Período 1999-2003.



No período comprendido entre os anos 1999 e 2003, os traballadores da comarca manifestan unha tendencia ao incremento, cunha variación media do 5,05%, acadada tras unha progresión constante ao longo do quinquenio, rexistrando a subida máis alta entre os anos 1999 e 2000, cunha variación interanual do 13,32%.

Deste xeito, en todos os sectores produtivos se dá un comportamento positivo; o que máis medra é o primario, que obtén unha variación media do 8,31%. O crecemento neste sector é continuo, manifestando a subida máis pronunciada no primeiro intervalo do período, onde alcanza unha variación interanual do 28,64%.

O sector de servizos sitúase a continuación en volume de crecemento, cunha variación media do 7%. Neste sector a evolución é constante durante estes cinco anos, e non presenta grandes oscilacións neste tempo, posto que as variacións interanuais máis elevadas son as dos intervalos 2000-2001 e 2002-2003, e supoñen o 9,77% e o 9% respectivamente. Os subsectores de comercio e hostalería e outros servizos manifestan un comportamento semellante ao do sector, con variacións medias do 6,56% o primeiro e do 7,05% o segundo. En cambio, o de transporte e comunicacións increméntanse por encima do conxunto, amosando unha variación media do 10,20%.

No sector da construción os traballadores redúcense entre os anos 1999 e 2000 e recupérase considerablemente no intervalo posterior, cunha variación interanual do 11,11%, e tamén nos seguintes, logrando finalmente unha variación media do 2,23%.

O sector secundario é o que rexistra un menor crecemento, dado que acada unha variación media do 0,83%. Neste sector os traballadores só aumentan no intervalo inicial do período, onde presentan unha variación interanual do 19,74%; nos restantes decrecen de forma máis lixeira.

Táboa 3: *Evolución do número de autónomos. Período 1999-2003.*

	AUTÓNOMOS				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	**11**	**12**	**12**	**15**	**20**
Agricultura e pesca	11	12	12	15	20
SECTOR SECUNDARIO	**89**	**101**	**110**	**120**	**129**
Industria	88	100	109	119	128
Electricidade	1	1	1	1	1
SECTOR CONSTRUCIÓN	**195**	**229**	**249**	**296**	**328**
Construción	195	229	249	296	328
SECTOR SERVIZOS	**489**	**576**	**626**	**670**	**739**
Comercio e hostalería	369	441	480	519	566
Transporte e comunicacións	56	64	64	69	72
Outros servizos	64	71	82	82	101
TOTAL	**784**	**918**	**997**	**1.101**	**1.216**

No conxunto dos autónomos de Terra de Soneira dáse un importante crecemento nestes cinco anos, logrando unha variación media do 11,6%. É importante sinalar que na totalidade dos sectores da actividade económica non se rexistra ningún descenso en todo o quinquenio, manifestando o incremento máis alto entre os anos 1999 e 2000, cunha variación interanual do 17,09%.



Gráfico 3: *Variacións interanuais do número de autónomos por sector económico. Período 1999-2003.*

O sector de servizos é o que obtén unha subida maior, cunha variación media do 10,88%, lograda tras un constante ascenso durante todo o período; destacan as subidas manifestadas nos intervalos inicial e final do quinquenio, con variacións interanuais do 17,79% e do 10,3% respectivamente. Os subsectores de comercio e hostalería e outros servizos increméntanse levemente por encima do conxunto, con variacións medias do 11,29% o primeiro e do 12,08% o segundo. Pola contra, o de transporte e comunicacións obtén unha variación media menor, do 6,48%.

O sector que máis medra a continuación é o da construción, cunha variación media do 13,88%, rexistrando os maiores aumentos nos intervalos 1999-2000 e 2001-2002, con variacións interanuais do 17,44% e do 18,88% respectivamente. O sector secundario tamén presenta a variación interanual mais alta no intervalo inicial do quinquenio, do 13,48%, acadando unha variación media final do 9,72%. Por último, o sector primario, como todos os demais, tamén se incrementa, conseguindo unha variación media do 16,12%.

5.2. DEMANDAS

5.2.1. Demandantes por concello

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Camariñas	354	120	474
Vimianzo	519	162	681
Zas	283	92	375
TOTAL	**1.156**	**374**	**1.530**

TÁBOA 4: Distribución dos demandantes segundo os concellos da comarca.

% comarca/provincia - PARADOS	**1,75**
% comarca/provincia - NON PARADOS	**1,23**

No ano 2003 en Terra de Soneira recolléronse un total de 1.530 demandas de emprego, repartidas de forma maioritaria entre os parados, que superan aos non parados en todos os concellos e representan algo máis das tres cuartas partes dos demandantes (75,55%).

En relación coa provincia da Coruña, o peso dos demandantes parados da comarca é levemente superior ao dos non parados, supoñendo o 1,75% e o 1,23% respectivamente dos demandantes provinciais.

O concello de Vimianzo concentra a maior parte das demandas de emprego, en concreto o 44,51%. A continuación sitúase o de Camariñas, co 30,98%, seguido moi de cerca polo de Zas, co 24,51% do total.



GRÁFICO 4: Distribución dos demandantes da comarca por concello.

5.2.2. Evolución dos demandantes parados

	TRABALLADORES				
	1999	2000	2001	2002	2003
PARADOS COMARCA	1.111	1.169	1.112	1.118	1.156
VARIACIÓN INTERANUAL %	-	5,22	-4,88	0,54	3,40
COMARCA/TOTAL PROVINCIA	1,89	1,95	1,91	1,75	1,75

TÁBOA 5: Evolución dos demandantes parados.

Os demandantes de emprego parados, entre os anos 1999 e 2003 presentan un leve crecemento en números absolutos, rexistrando unha evolución positiva case constante, coa excepción do ano 2001, no que se produce un leve descenso, seguido novamente dunha recuperación posterior.



GRÁFICO 5: Evolución dos demandantes parados da comarca.

No que atinxe ao peso relativo destes demandantes con respecto ao conxunto da provincia, cabe destacar que só se incrementa entre os anos 1999 e 2000, reducíndose posteriormente, aínda que sen manifestar grandes oscilacións. Ao remate do período, a representación porcentual dos demandantes é algo inferior á do inicio, cunha diferenza de 0,14 puntos.

5.2.3. Caracterización da situación sociolaboral dos demandantes de emprego

TÁBOA 6: Situación laboral dos demandantes

		VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	179	11,70	12,67
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	977	63,86	55,76
NON PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	44	2,88	3,98
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	143	9,35	11,46
	Con traballo a tempo parcial e prestación compatible	61	3,99	4,73
	En expediente de regulación de emprego	2	0,13	2,34
	Demandantes de mellora de emprego	95	6,21	5,98
	Demandantes de emprego de menos de 20 h	3	0,20	2,38
	Resto de demandantes	26	1,70	0,71
TOTAL		**1.530**	**100,00**	**100,00**

A maioría dos demandantes de emprego son parados con emprego anterior, que representan o 63,86% da demanda. A este grupo séguelle en orde de importancia o dos parados sen emprego anterior (11,7%) e o dos non parados con emprego anterior (9,35%).

Con respecto á provincia da Coruña, as diferenzas máis significativas son a diminución en 8,1 puntos no ámbito provincial dos demandantes parados con emprego anterior, así como o incremento en 2,11 puntos dos non parados con emprego anterior.

5.2.4. Demandantes de emprego por sexo e idade

TÁBOA 7.1: Demandantes parados por sexo e grupos de idade.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	HOMES %	MULLERES %	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	68	128	5,88	11,07	16,96	17,50
26 a 35 anos	119	180	10,29	15,57	25,87	30,43
36 a 45 anos	113	149	9,78	12,89	22,66	22,04
46 a 55 anos	121	84	10,47	7,27	17,73	17,68
56 e máis anos	140	54	12,11	4,67	16,78	12,34
TOTAL COMARCA	**561**	**595**	**48,53**	**51,47**	**100,00**	**1,75**
TOTAL PROVINCIA	**26.764**	**39.271**	**40,53**	**59,47**	**1,75**	**100,00**

A distribución segundo os sexos dos demandantes parados da comarca reflite unha tendencia á igualdade, posto que, se ben as mulleres son maioría, só superan porcentualmente aos homes en 2,94 puntos. En cambio, na provincia dáse unha maior desigualdade, sendo a diferenza a prol das mulleres demandantes de 18,94 puntos.

En relación coa idade, é importante salientar que as mulleres superan aos homes nos grupos máis novos, inverténdose esta situación ao chegar aos 46 anos, onde os homes son maioría. Deste xeito, os intervalos de idade con maior representatividade entre os homes son o de maiores de 55 anos (12,11%) e o de 46 a 55 anos (10,47%). Pola contra, no caso das mulleres, o tramo de 26 a 35 anos é o que lle dá maior peso ao conxunto (15,57%), seguido do de 36 a 45 anos (12,89%).

De forma global, os grupos de idade máis significativos son os comprendidos entre 26 e 45 anos, que representan o 48,53% dos demandantes parados da comarca. Na provincia da Coruña, estes dous grupos tamén son os que maior peso supoñen, dándose as únicas diferenzas con respecto á comarca nos 4,56 puntos porcentuais nos que se incrementan na provincia os demandantes de entre 26 e 35 anos, ao mesmo tempo que descenden nunha cantidade moi próxima os maiores de 55 anos.

Táboa 7.2: *Demandantes non parados por sexo e grupos de idade.*

	HOMES N.º	MULLERES N.º	HOMES %	MULLERES %	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	19	29	5,08	7,75	12,83	18,07
26 a 35 anos	31	55	8,29	14,71	22,99	27,98
36 a 45 anos	32	53	8,56	14,17	22,73	19,81
46 a 55 anos	43	37	11,50	9,89	21,39	17,58
56 e máis anos	55	20	14,71	5,35	20,05	16,55
TOTAL COMARCA	**180**	**194**	**48,13**	**51,87**	**100,00**	**1,23**
TOTAL PROVINCIA	**12.680**	**17.790**	**41,61**	**58,39**	**1,23**	**100,00**

A maioría dos demandantes non parados de Terra de Soneira está composta por mulleres, que representan o 51,87% do total. En relación coa provincia da Coruña, obsérvase unha maior tendencia nesta última á demanda feminina, que supón 6,52 puntos máis que na comarca.

Do mesmo xeito que no caso dos demandantes parados, as mulleres superan porcentualmente aos homes nos grupos máis novos, obtendo os homes a maior representatividade nos máis avanzados, en concreto o 14,71% nos maiores de 55 anos e o 11,5% nos de 46 a 55 anos. En cambio, nas mulleres, os grupos máis voluminosos son os de 26 a 45 anos, que concentran de forma agrupada o 28,88% dos demandantes non parados.

No conxunto dos dous sexos, os grupos de idade de 26 a 35 anos e de 36 a 45 anos engloban o 45,72% dos demandantes. Na distribución provincial, os demandantes non parados menores de 36 anos aumentan porcentualmente en 10,23 puntos, de igual modo que os maiores de 35 anos descenden na mesma cantidade.

Tal e como se pode observar no gráfico 6, os demandantes parados superan aos non parados en todos os grupos de idade. Así, de maneira individual, o grupo máis significativo do conxunto é o dos demandantes parados de 26 a 35 anos, e o que dá unha menor representatividade é o dos demandantes non parados menores de 26 anos.

Gráfico 6: *Distribución porcentual do total de demandantes por grupos de idade.*



De forma global, os demandantes de 26 a 35 anos son os que presentan un maior volume porcentual, co 25,16% da demanda, seguidos de cerca polos de 36 a 45 anos, co 22,68%. Na situación oposta sitúanse os de menos de 26 anos, que son os menos voluminosos (15,95%).

Gráfico 7: *Distribución porcentual do total de demandantes por sexo.*



Tanto nos homes como nas mulleres, o colectivo de parados é visiblemente máis numeroso que o de non parados, superándoo en 24,91 puntos no caso dos homes e en 28,21 puntos no caso das mulleres. Dende outro punto de vista, é salientable que algo máis da metade dos demandantes de emprego da comarca sexan mulleres, en concreto o 51,57%.

5.2.5. Demandantes por nivel académico

Táboa 8.1: *Distribución dos demandantes parados por nivel académico.*

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Ata certificado de escolaridade*	687	59,43	31,78
Titulación de ensinanza obrigatoria	308	26,64	37,12
Formación profesional	87	7,53	5,63
BUP/Bacharelato superior/COU	33	2,85	12,20
Titulados universitarios	29	2,51	11,17
Outras titulacións	12	1,04	2,11
TOTAL	**1.156**	**100,00**	**100,00**

** Inclúe: sen estudos, estudos primarios e certificado de escolaridade*

Case seis de cada dez demandantes parados tan só acadaron como máximo o certificado de escolaridade (59,43%). A continuación, segundo a orde de importancia, sitúanse os que teñen estudos obrigatorios (26,64%) e formación profesional (7,53%).

Na provincia da Coruña, os demandantes parados con titulación de ensinanza obrigatoria son os máis significativos, incrementándose en 10,48 puntos porcentuais con respecto á comarca, do mesmo xeito que o fan os que posúen o bacharelato e titulados universitarios en 18,01 puntos. En cambio, os que teñen ata o certificado de escolaridade diminúen considerablemente no ámbito provincial, en 27,65 puntos.

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Ata certificado de escolaridade	225	60,16	30,62
Titulación de ensinanza obrigatoria	90	24,06	33,40
Formación profesional	19	5,08	5,72
BUP/Bacharelato superior/COU	19	5,08	15,70
Titulados universitarios	17	4,55	13,03
Outras titulacións	4	1,07	1,53
TOTAL	**374**	**100,00**	**100**

Táboa 8.2: *Distribución dos demandantes non parados por nivel académico.*

O 60,16% dos demandantes non parados obtiveron como máximo o certificado de escolaridade, seguidos a considerable distancia polos que teñen a titulación de ensinanza obrigatoria (24,06%) e polos que posúen o bacharelato e a formación profesional, que representan unha porcentaxe idéntica de demandantes, o 5,08%.

En relación coa provincia, os que teñen o certificado de escolaridade descenden considerablemente, en 29,54 puntos. Os titulados en ensinanza obrigatoria convértense no grupo con maior volume porcentual, dado que se incrementan en 9,34 puntos con respecto á comarca, aumento que tamén experimentan os titulados universitarios e en bacharel, cunha subida porcentual de 8,48 puntos e 10,62 puntos respectivamente con respecto ao nivel comarcal.

5.2.6. Demandantes parados por tempo de busca de emprego

		Menos de 6 meses %	De 6 meses a 1 ano %	Máis de 1 ano %	TOTAL %
Menor de 26 anos	Homes	5,19	0,43	0,26	5,88
	Mulleres	7,61	1,99	1,47	11,07
26 a 35 anos	Homes	7,70	1,04	1,56	10,29
	Mulleres	7,87	2,34	5,36	15,57
36 a 45 anos	Homes	7,18	1,04	1,56	9,78
	Mulleres	4,67	1,47	6,75	12,89
46 a 55 anos	Homes	4,93	1,30	4,24	10,47
	Mulleres	1,99	1,21	4,07	7,27
56 e máis anos	Homes	3,37	1,30	7,44	12,11
	Mulleres	1,04	0,35	3,29	4,67
TOTAL COMARCA		**51,56**	**12,46**	**35,99**	**100,00**
TOTAL PROVINCIA		**48,04**	**14,84**	**37,13**	**100,00**

Táboa 9: *Distribución dos demandantes parados segundo o sexo e a idade por tempo de busca de emprego.*

Algo máis da metade dos demandantes parados da comarca de Terra de Soneira levan buscando emprego menos de 6 meses. En cambio, o 35,99% levan en situación de desemprego máis dun ano.

A relación entre a idade e o tempo de busca de emprego reflite unha tendencia ao paro de menos de 6 meses nas idades máis novas, ata os 45 anos, onde esta situación se inverte cara ao paro de longa duración.

No referente ao sexo, ata os 35 anos as mulleres tenden ao paro de menos de seis meses e ao de máis dun ano nas idades máis avanzadas. No caso dos homes esta circunstancia non se dá ata os 56 anos, nos que a balanza se inclina cara ao paro de longa duración.

No paro de menos de seis meses, a presenza porcentual masculina é 5,19 puntos superior á feminina. Pola contra, no paro de longa duración, as mulleres superan aos homes en 5,88 puntos, o que pon en evidencia novamente a maior inclinación feminina cara ao paro de máis dun ano.

Comparando estes datos cos da provincia, obsérvase unha situación semellante, sendo a diferenza máis salientable o decrecemento en 3,52 puntos dos parados de menos de seis meses, así como o aumento en 2,38 puntos dos que levan buscando emprego entre seis meses e un ano.

5.2.7. Demandantes por sectores económicos de procedencia

TÁBOA 10: *Demandantes por actividade económica.*

	PARADOS			NON PARADOS		
	Comarcal N.º	Comarcal %	Provincial %	Comarcal N.º	Comarcal %	Provincial %
Sector primario	47	4,07	2,00	20	5,35	2,78
Sector secundario	196	16,96	17,16	54	14,44	18,47
Construción	323	27,94	13,36	85	22,73	8,13
Sector servizos	411	35,55	49,08	170	45,45	54,02
Sen actividade previa	179	15,48	18,41	45	12,03	16,59
TOTAL	**1.156**	**100,00**	**100,00**	**374**	**100,00**	**100,00**

Segundo a actividade económica de procedencia, cómpre sinalar que a maior parte dos demandantes parados se derivan do sector servizos, onde se sitúan o 35,55%. A continuación en orde de importancia están os do sector da construción (27,94%) e os do secundario (16,96%). En relación coa provincia da Coruña, cabe destacar que neste territorio os demandantes parados procedentes do sector da construción achegan 14,58 puntos menos ao conxunto que na comarca, mentres que os dos servizos supoñen 13,53 puntos máis.

O 45,45% dos demandantes non parados orixínanse no sector servizos, seguidos polos do sector da construción (22,73%) e do secundario (14,44%). No conxunto da provincia, o peso porcentual dos que veñen do sector da construción descende en 14,6 puntos con respecto á comarca. Así mesmo, os demandantes do sector servizos e secundario aumentan en 8,57 puntos e 4,03 puntos respectivamente.

De forma global, os demandantes de emprego de Terra de Soneira proveñen na súa maior parte do sector servizos, no que se encadran o 37,97% do total, seguidos polos do sector da construción (26,67%) e polos do secundario (16,34%).

GRÁFICO 8: *Demandantes parados na industria.*



O máis relevante da distribución dos demandantes parados orixinados da industria é que o 55% deles sitúanse na actividade de téxtil e confección. Nun segundo nivel sitúanse as actividades restantes, onde as máis representativas son as de alimentación, co 13%, e de outras industrias, co 12%.

GRÁFICO 9: *Demandantes parados nos servizos.*



Dentro dos servizos, os demandantes parados distribúense de forma máis regular entre as distintas actividades. Deste modo, o 23% proceden das actividades inmobiliarias e servizos a empresas, mentres que o 49% sitúanse nas administracións públicas, comercio e hostalería.

5.2.8. As dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego

TÁBOA 11: Ocupacións máis demandadas.

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Peón da construción de edificios	182	11,90	2,57
Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	153	10,00	7,21
Albanel	127	8,30	2,65
Peón da industria manufactureira, en xeral	77	5,03	3,87
Dependente de comercio, en xeral	77	5,03	8,97
Empregado administrativo, en xeral	63	4,12	8,93
Peón da industria alimentaria, bebidas e tabaco	55	3,59	1,28
Modista/o	44	2,88	0,89
Cociñeiro, en xeral	40	2,61	1,41
Camareiro, en xeral	37	2,42	2,68

5.2.9. Perfil tipo dos demandantes de emprego

TÁBOA 12: Perfil máis representativo.

	PERFIL COMARCAL TIPO	PERFIL PROVINCIAL TIPO
Situación laboral	Parados con emprego anterior	Parados con emprego anterior
Sexo	Mulleres	Mulleres
Grupo idade	De 26 a 35 anos	De 26 a 35 anos
Nivel académico	**Ata certificado de escolaridade**	Titulación ensinanza obrigatoria
Duración demanda	Menos de 6 meses	Menos de 6 meses
Sector	Servizos	Servizos
Ocupación máis demandada	**Peón da construción de edificios**	Dependente de comercio

5.3. OFERTAS

5.3.1. Ofertas no servizo público de emprego galego 2003. Evolución

TÁBOA 13: Número de ofertas por concellos. Ano 2003.

	TOTAL OFERTAS	TOTAL %
Camariñas	67	32,21
Vimianzo	106	50,96
Zas	35	16,83
TOTAL COMARCA	**208**	**100,00**

TOTAL OFERTAS PROVINCIA:	**32.600**
COMARCA/PROVINCIA:	**0,64**

No conxunto da comarca de Terra de Soneira recibíronse no ano 2003 un total de 208 ofertas de emprego, que representan o 0,64% das recollidas na provincia da Coruña. Estas ofertas repártense na súa maioría no concello de Vimianzo, que supón o 50,96% do total, seguido polo de Camariñas, co 32,21%, e finalmente polo de Zas, co 16,83%.

TÁBOA 14: Evolución das ofertas. Período 1999-2003. Valores absolutos e relativos.

	N.º OFERTAS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Camariñas	5	29	13	35	67	480,00	-55,17	169,23	91,43	91,33
Vimianzo	10	47	128	72	106	370,00	172,34	-43,75	47,22	80,44
Zas	6	26	18	28	35	333,33	-30,77	55,56	25,00	55,41
TOTAL COMARCA	**21**	**102**	**159**	**135**	**208**	**385,71**	**55,88**	**-15,09**	**54,07**	**77,40**
TOTAL PROVINCIA	**29.835**	**37.922**	**30.755**	**30.380**	**32.600**	**27,11**	**-18,90**	**-1,22**	**7,31**	**2,24**

No período comprendido entre os anos 1999 e 2003, as ofertas recibidas na comarca experimentan un importante crecemento, acadando unha variación media do 77,4%, obtida despois dun brusco ascenso no intervalo inicial do quinquenio, seguido de fortes aumentos nos restantes, agás no 2001-2002, no que as ofertas sofren unha redución. Comparando esta evolución coa da provincia da Coruña, obsérvase un comportamento dispar, dado que na Coruña, aínda que as ofertas tamén se incrementan, obtense unha variación media moito menor, do 2,24%, e non se rexistran oscilacións tan agudas como as da comarca, dándose os valores máis extremos entre os anos 1999 e 2000, cunha variación interanual do 27,11%, e entre o 2000 e o 2001, cunha variación interanual do -18,9%.

Todos os concellos, dado os seus baixos valores absolutos, rexistran grandes oscilacións nestes cinco anos; é no primeiro intervalo do período no que as ofertas presentan un maior ascenso nos tres, reducíndose a continuación considerablemente nos de Zas e Camariñas e aumentando novamente de forma importante no de Vimianzo. Entre os anos 2001 e 2002 as ofertas vólvense a incrementar de maneira brusca en Zas e Camariñas e decrecen en Vimianzo; por último, no intervalo final do quinquenio rexístrase de novo un agudo crecemento en todos eles. As variacións medias finais para estes concellos son do 55,41% para o de Zas, do 91,33% para o de Camariñas e do 80,44% para o de Vimianzo, que é o que amosa un maior aumento en números absolutos.

Dada a concentración de algo máis da metade das ofertas no concello de Vimianzo, agrúpanse os dous restantes para comparar a súa evolución coa deste. Así, pódese observar como, se ben comezan o período cunha cantidade de ofertas semellante, o seu desenvolvemento é bastante dispar, dado que a continuación as ofertas do concello de Vimianzo increméntanse de forma moi brusca, sobre todo no ano 2001, onde as dos concellos restantes diminúen levemente, despois do forte aumento que experimentaron no ano 2000, onde superan en número ás ofertas de Vimianzo. En cambio, no ano 2002 en Vimianzo prodúcese unha redución, mentres que nos dous restantes se volve a dar un crecemento. Para finalizar, no ano 2003 aumentan as ofertas en ambos territorios, chegando os concellos de Camariñas e Zas case a alcanzar numericamente ao de Vimianzo.



Gráfico 10: *Evolución do número de ofertas dos concellos da comarca.*

5.3.2. Ofertas segundo os sectores de actividade económica

	PRIMARIO		SECUNDARIO		CONSTRUCIÓN		SERVIZOS	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Zas	2	66,67	14	15,05	10	33,33	9	10,98
Camariñas	1	33,33	28	30,11	4	13,33	34	41,46
Vimianzo	0	0,00	51	54,84	16	53,33	39	47,56
TOTAL COMARCA	**3**	**100,00**	**93**	**100,00**	**30**	**100,00**	**82**	**100,00**
TOTAL PROVINCIA	**338**		**3.112**		**5.814**		**23.331**	

Tábua 15: *Distribución das ofertas por concellos segundo os sectores económicos. Valores absolutos e relativos en relación co total da comarca.*

O concello de Vimianzo agrupa a maior parte das ofertas en todos os sectores, agás no de primario, onde non recibe ningunha, rexistrando dúas delas o de Zas e unha o de Camariñas. No sector secundario e dos servizos, Camariñas colócase en segundo lugar en nivel de importancia despois de Vimianzo, mentres que no sector da construción este último é seguido polo de Zas.

A distribución das ofertas segundo os sectores económicos pon de manifesto que o sector secundario proporciona o maior volume porcentual ao conxunto, co 46% das ofertas, situándose a continuación o dos servizos, co 39%, e o da construción, co 14%.

En relación co conxunto da provincia, obsérvanse diferenzas significativas, posto que na comarca redúcense en 33 puntos as ofertas derivadas do sector servizos, do mesmo xeito que o fan en 4 puntos as do da construción. Pola contra, as ofertas orixinadas no sector secundario representan 37 puntos porcentuais máis na comarca que na provincia.



Gráfico 11: *Distribución porcentual das ofertas por sectores económicos.*

GRÁFICO 12: *Distribución porcentual das ofertas na industria.*



O máis destacable das ofertas de emprego xeradas na industria é que o 66% delas corresponden á actividade de téxtil e confección. O 34% restante repártese entre as outras activades, encabezadas pola de madeira, que agrupa o 14% do total.

GRÁFICO 13: *Distribución porcentual das ofertas nos servizos.*



O 43% das ofertas procedentes dos servizos pertencen ás administracións públicas, seguidas pola de hostalería, da que xorden o 28%. Nun segundo nivel sitúanse as actividades restantes, entre as que se distribúen de forma máis regular as ofertas de traballo, sendo a de comercio a que presenta un volume maior (7%).

TÁBOA 16: *Evolución das ofertas por sectores económicos.*

	1999	2000	2001	2002	2003
Primario	2	0	41	3	3
Secundario	1	20	24	36	93
Construción	5	16	44	27	30
Servizos	13	66	50	69	82
TOTAL COMARCA	**21**	**102**	**159**	**135**	**208**
TOTAL PROVINCIA	**29.835**	**37.922**	**30.755**	**30.380**	**32.600**

No sector secundario rexístrase o maior crecemento do número de ofertas da comarca entre os anos 1999 e 2003, presentando unha variación media do 210,54%. Neste sector, o maior incremento en números absolutos prodúcese no último ano, aínda que tamén é considerable o incremento do ano 2000, como sucede no resto de sectores. O sector servizos tamén presenta unha forte subida, cunha variación media do 58,48%. Neste sector as ofertas aumentan fortemente no intervalo inicial do quinquenio, reducíndose no posterior e medrando de novo nos dous seguintes. O sector primario acada os seus valores máis altos en 2001, movéndose en valores moi modestos o resto dos anos, en tanto que o da construción ten un aumento notable, obtendo unha variación media de 56,51%.

5.3.3. Perfil básico das ofertas

GRÁFICO 14: *Ofertas por sexo segundo o sector económico da comarca.*



Do total das ofertas recibidas en Terra de Soneira no ano 2003, tan só algo máis da cuarta parte especifican o sexo como requisito para acceder a un posto de traballo. Destas ofertas, o 52,83% demandan unha muller, e o 47,17% un home.

Tal como se pode observar no gráfico anterior, no sector da construción tan só se solicitan homes, mentres que no primario a demanda é só de mulleres. Na mesma liña sitúanse os sectores secundario e de servizos, que requiren mulleres en maior medida, sobre todo este último. No referente ás actividades de procedencia, a demanda feminina repártese en maior medida entre a de téxtil e confección e a de hostalería. En cambio, entre as ofertas destinadas a homes procedentes da industria, destaca a actividade de outras industrias.

Nesta comarca, tan só catro ofertas inclúen como esixencia a posesión dun determinado nivel de estudos.

5.3.4. Análise ocupacional das ofertas

TÁBOA 17: *Ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores.*

	1999	2000	2001	2002	2003
Camareiro - Barman	1	0	4	1	22
Maquinista de confección (coser, bordar, bobinar, ganduxar)	0	19	5	15	15
Condutor de mercadorías/Condutor de camión en xeral	1	3	1	2	8
Peón de albanel/Peón de obras públicas	0	17	12	5	6
Marmorista	0	0	0	8	5
Albanel	5	11	7	10	5
Operario conxelador	0	0	0	1	4
Auxiliar de axuda a domicilio/Coidador de anciáns	0	0	11	5	3
Técnico en informática	0	0	0	1	2
Soldador	0	0	1	3	2

Nos centros colaboradores de Terra de Soneira, a ocupación máis ofertada no ano 2003 foi a de camareiro-barman, con 22 ofertas de emprego. A esta séguelle en nivel de importancia a de maquinista de confección, con 15 ofertas, e xa a considerable distancia a de condutor de mercadorías/condutor de camión, con 8.

No que respecta á evolución destas ocupacións entre os anos 1999 e 2003, cabe destacar polo seu incremento a de camareiro-barman, que acada unha variación media do 116,57%. En cambio as ocupacións de peón de albanel e albanel non chega a acadar o número de ofertas que tiñan en 2000, tendo oscilación fortes nos diferentes anos.

Nas oficinas de emprego só se rexistra unha oferta vinculada á ocupación de mariñeiro de cuberta.

5.4. CONTRATOS

5.4.1. Número de contratos no ámbito comarcal e municipal

TÁBOA 18: Número de contratos na comarca e nos concellos. Ano 2003.

	CONTRATOS 2003	
	N.º	%
CAMARIÑAS	775	29,83
VIMIANZO	1.349	51,92
ZAS	474	18,24
TOTAL COMARCA	**2.598**	**100,00**
TOTAL PROVINCIA	**310.890**	**0,84**

Na comarca de Terra de Soneira realizáronse no ano 2003 un total de 2.598 contratos, que representan o 0,84% dos producidos na provincia da Coruña nese mesmo ano. A maioría destes contratos sitúanse no concello de Vimianzo, onde se agrupan o 51,92%. En Camariñas rexístrase o 29,83% e finalmente en Zas o 18,24%.

TÁBOA 19: Evolución do número de contratos no ámbito comarcal. Variacións anuais. 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA %
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
CAMARIÑAS	862	861	672	706	775	-0,12	-21,95	5,06	9,77	-2,62
VIMIANZO	1.188	1.082	1.206	1.200	1.349	-8,92	11,46	-0,50	12,42	3,23
ZAS	355	410	449	453	474	15,49	9,51	0,89	4,64	7,49
TOTAL COMARCA	**2.405**	**2.353**	**2.327**	**2.359**	**2.598**	**-2,16**	**-1,10**	**1,38**	**10,13**	**1,95**
TOTAL PROVINCIA	**268.271**	**281.551**	**280.779**	**292.423**	**310.890**	**4,95**	**-0,27**	**4,15**	**6,32**	**3,75**

Entre os anos 1999 e 2003, os contratos da comarca presentan unha tendencia ao incremento, acadando unha variación media do 1,95%. A evolución que presentan ao longo destes cinco anos é negativa nos dous primeiros intervalos temporais e positiva nos restantes; destaca como máis importante a variación interanual que se produce entre os anos 2002 e 2003, do 10,13%. En relación coa provincia da Coruña, rexístrase nesta última unha progresión levemente maior, cunha variación media do 3,75%, presentando tan só un pequeno descenso entre os anos 2000 e 2001.

O concello de Vimianzo é o que manifesta unha maior subida en números absolutos, obtendo unha variación media do 3,23%. Neste concello, os contratos medran considerablemente nos intervalos 2000-2001 e 2002-2003 e descenden nos restantes. Pola contra, no concello de Zas, as contratacións aumentan de forma continua durante todo o quinquenio; a subida máis salientable é a do intervalo 1999-2000, onde se logra unha variación interanual do 15,49%. A variación media para este concello é do 7,49%.

Camariñas é na única localidade onde se rexistra un descenso nos contratos nestes cinco anos, cunha variación media negativa do -2,62%. Neste caso, os incrementos danse entre os anos 2001-2002 e 2002-2003, en tanto que os restantes presentan saldos negativos, sobre todo no intervalo 2000-2001, cunha variación interanual do -21,95%.

5.4.2. Contratación comarcal segundo o sexo e a idade

	N.º CONTRATOS			% CONTRATOS		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Menos de 26 anos	476	438	914	18,32	16,86	35,18
De 26 a 35 anos	376	371	747	14,47	14,28	28,75
De 36 a 45 anos	265	263	528	10,20	10,12	20,32
De 46 a 55 anos	178	110	288	6,85	4,23	11,09
De 56 e máis anos	86	35	121	3,31	1,35	4,66
TOTAL COMARCA	**1.381**	**1.217**	**2.598**	**53,16**	**46,84**	**100,00**
TOTAL PROVINCIAL	**166.028**	**144.862**	**310.890**	**53,40**	**46,60**	**100,00**

Táboa 20: *Distribución da contratación comarcal segundo o sexo e a idade. Ano 2003.*

A maioría dos contratos que se realizan en Terra de Soneira son asinados por homes, en concreto o 53,16%. No ámbito provincial dáse unha situación parella, supoñendo tamén unha maioría os contratos masculinos, cunha porcentaxe case idéntica que na comarca.

En relación coa idade, tanto no colectivo masculino como no feminino, o grupo máis representativo é o de menos de 26 anos, seguido do de 26 a 35 anos. Deste xeito, de forma conxunta, no tramo dos menores de 26 anos sitúanse o 35,18% das contratacións, agrupándose no de 26 a 35 anos o 28,75% destas.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Homes	1.428	1.249	1.266	1.289	1.381	-12,54	1,36	1,82	7,14	-0,83
Mulleres	977	1.104	1.061	1.070	1.217	13,00	-3,89	0,85	13,74	5,65
TOTAL CONTRATOS	**2.405**	**2.353**	**2.327**	**2.359**	**2.598**	**-2,16**	**-1,10**	**1,38**	**10,13**	**1,95**

Táboa 21: *Evolución do número de contratos da comarca segundo o sexo. Período 1999-2003.*

En función do sexo, a evolución das contratacións no período comprendido entre os anos 1999 e 2003 manifesta un comportamento dispar entre homes e mulleres. Deste modo, os homes presentan un certo decrecemento en números absolutos, cunha variación media do -0,83%. Neste colectivo, os contratos redúcense fortemente no intervalo 1999-2000, onde se acada unha variación interanual do -12,54%, e a pesar de que se incrementan nos intervalos seguintes, sobre todo no último, cérrase o quinquenio cun saldo negativo nas contratacións masculinas.

En cambio, no caso das mulleres, dáse un crecemento entre os anos 1999 e 2000, precisamente cando os contratos masculinos se reducen, obtendo nese intervalo unha variación interanual do 13%. Neste caso, os contratos descenden entre os anos 2000 e 2001, manténdose practicamente estables no intervalo seguinte e volvendo a medrar de forma considerable no último, cunha variación interanual do 13,74%. A variación media final conseguida entre as mulleres é do 5,65%.

Tal e como se pode observar no gráfico 15, e de acordo co exposto anteriormente, o peso relativo dos contratos masculinos increméntase con respecto ao dos femininos nos anos 2001 e 2002, mentres que se reduce no 2000 e no 2003. Cabe sinalar así que, ao remate do período, o peso das contratacións femininas aumenta en 6,22 puntos en relación co inicio, os mesmos puntos en que se reducen os contratos masculinos nestes cinco anos.



Gráfico 15: *Evolución da distribución da contratación comarcal segundo o sexo. Período 1999-2003. Valores proporcionais.*

TÁBOA 22: Evolución do número de contratos da comarca segundo a idade. Período 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Menor de 26 anos	912	937	867	817	914	2,74	-7,47	-5,77	11,87	0,05
De 26 a 35 anos	683	628	621	636	747	-8,05	-1,11	2,42	17,45	2,26
De 36 a 45 anos	443	430	462	529	528	-2,93	7,44	14,50	-0,19	4,49
De 46 a 55 anos	263	267	276	259	288	1,52	3,37	-6,16	11,20	2,30
De 56 e máis anos	104	91	101	118	121	-12,50	10,99	16,83	2,54	3,86
TOTAL CONTRATOS	**2.405**	**2.353**	**2.327**	**2.359**	**2.598**	**-2,16**	**-1,10**	**1,38**	**10,13**	**1,95**

Tendo en conta a idade, a evolución da contratación nestes cinco anos presenta un comportamento positivo para todos os grupos, sen que haxa ningún que finalice o quinquenio cun saldo negativo.

O tramo no que máis se incrementan as contratacións é o de 36 a 45 anos, que acada unha variación media do 4,49%, despois de sufrir pequenos descensos nos intervalos inicial e final do quinquenio, así como considerables incrementos nos intermedios, en concreto no 2001-2002, cunha variación interanual do 14,5%. O grupo de idade que máis medra a continuación en termos absolutos é o de 26 a 35 anos, que decrece nos dous primeiros intervalos do período e aumenta nos restantes, rexistrando a maior subida entre os anos 2002 e 2003, cunha variación interanual do 17,45%. Este tramo obtén unha variación media do 2,26%.

Nos colectivos restantes prodúcense crecementos no número de contratos máis leves, encabezando o grupo o de 46 a 55 anos, cunha variación media do 2,3%, seguido polo de máis de 55 anos, que logra unha variación media do 3,86%, e polo de menos de 26 anos, que amosa un estancamento.

5.4.3. Contratación comarcal segundo os sectores económicos

TÁBOA 23: Distribución da contratación por sectores/subsectores económicos.

	CONTRATOS 2003	
	N.º	%
SECTOR PRIMARIO	**183**	**7,04**
Agricultura e pesca	183	7,04
SECTOR SECUNDARIO	**859**	**33,06**
Industria	858	33,03
Electricidade	1	0,04
SECTOR CONSTRUCIÓN	**629**	**24,21**
Construción	629	24,21
SECTOR SERVIZOS	**927**	**35,68**
Comercio e hostalería	331	12,74
Transporte e comunicacións	41	1,58
Outros servizos	555	21,36
TOTAL CONTRATOS	**2.598**	**100,00**

No ano 2003, o sector servizos e o secundario presentan un volume de contratación moi próximo, concentrándose o 35,68% dos contratos no primeiro deles e o 33,06% no segundo. Nun terceiro lugar, a non moita distancia, sitúase o sector da construción, que agrupa ao 24,21% dos contratos comarcais.

No referente aos subsectores, cabe destacar que é o de industria o que lle dá un maior volume ao conxunto, co 33,03% das contratacións, seguido polo de outros servizos (21,36%) e comercio e hostalería, co 12,74%.

As contratacións dentro da industria realízanse na súa maioría na actividade de téxtil e confección, que representa algo máis de sete de cada dez contratos. Nun segundo nivel sitúanse as actividades restantes, cunha distribución regular das contratacións, onde as de alimentación e outras industrias engloban conxuntamente o 15% do total.



Gráfico 16: *Distribución porcentual da contratación na Industria.*

A cuarta parte dos contratos orixinados nos servizos teñen como actividade de partida a de comercio. As de administracións públicas, actividades inmobiliarias e servizos a empresas e mais a de servizos á comunidade supoñen de forma agrupada o 48%.



Gráfico 17: *Distribución porcentual da contratación nos servizos.*

Táboa 24: *Distribución porcentual da contratación comarcal segundo sectores/subsectores económicos por sexo e idade. Ano 2003.*

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e mais
SECTOR PRIMARIO	**5,97**	**1,08**	**1,46**	**2,31**	**1,69**	**0,85**	**0,73**
Agricultura e pesca	5,97	1,08	1,46	2,31	1,69	0,85	0,73
SECTOR SECUNDARIO	**7,24**	**25,83**	**12,43**	**10,32**	**6,70**	**2,93**	**0,69**
Industria	7,20	25,83	12,43	10,32	6,66	2,93	0,69
Electricidade	0,04	0,00	0,00	0,00	0,04	0,00	0,00
SECTOR CONSTRUCIÓN	**23,17**	**1,04**	**9,12**	**6,43**	**4,73**	**2,73**	**1,19**
Construción	23,17	1,04	9,12	6,43	4,73	2,73	1,19
SECTOR SERVIZOS	**16,78**	**18,90**	**12,16**	**9,70**	**7,20**	**4,58**	**2,04**
Comercio e hostalería	5,27	7,47	5,54	2,96	2,62	1,19	0,42
Transporte e comunicacións	1,15	0,42	0,23	0,46	0,65	0,15	0,08
Outros servizos	10,35	11,01	6,39	6,27	3,93	3,23	1,54
TOTAL CONTRATOS	**53,16**	**46,84**	**35,18**	**28,75**	**20,32**	**11,09**	**4,66**

No colectivo feminino, a maior parte dos contratos realízanse dentro do sector secundario, con algo máis da cuarta parte do total; o segundo sector en nivel de importancia neste caso é o dos servizos, co 18,9%. Pola contra, entre os homes, a maior parte das contratacións danse no sector da construción, que agrupa o 23,17% destas, situándose a continuación novamente o dos servizos, co 16,78%.

No referente á distribución por idade, o sector secundario é no que máis contratos se producen entre os menores de 36 anos, situándose nesta posición o dos servizos nos maiores de 35 anos. Este último sector é o segundo en orde de importancia nos menores de 36 anos; entre os que teñen entre 36 e 55 anos este posto ocúpao o secundario, e nos maiores de 55 anos o da construción.

No que atinxe aos subsectores, os máis significativos son o de industria nos grupos máis novos de idade, de menos de 46 anos, e o de outros servizos nos máis avanzados.

TÁBOA 25: Evolución da contratación comarcal segundo os sectores e subsectores económicos. Período 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
SECTOR PRIMARIO	**234**	**184**	**123**	**162**	**183**	**-21,37**	**-33,15**	**31,71**	**12,96**	**-5,96**
Agricultura e pesca	234	184	123	162	183	-21,37	-33,15	31,71	12,96	-5,96
SECTOR SECUNDARIO	**931**	**988**	**930**	**821**	**859**	**6,12**	**-5,87**	**-11,72**	**4,63**	**-1,99**
Industria	925	986	925	820	858	6,59	-6,19	-11,35	4,63	-1,86
Electricidade	6	2	5	1	1	-66,67	150,00	-80,00	0,00	-36,11
S. CONSTRUCIÓN	**662**	**559**	**601**	**606**	**629**	**-15,56**	**7,51**	**0,83**	**3,80**	**-1,27**
Construción	662	559	601	606	629	-15,56	7,51	0,83	3,80	-1,27
SECTOR SERVIZOS	**578**	**622**	**673**	**769**	**927**	**7,61**	**8,20**	**14,26**	**20,55**	**12,54**
Comercio e hostalería	234	257	327	361	331	9,83	27,24	10,40	-8,31	9,06
Transporte e comunicacións	40	39	45	40	41	-2,50	15,38	-11,11	2,50	0,62
Outros servizos	304	326	301	368	555	7,24	-7,67	22,26	50,82	16,24
TOTAL CONTRATOS	**2.405**	**2.353**	**2.327**	**2.359**	**2.598**	**-2,16**	**-1,10**	**1,38**	**10,13**	**1,95**

No transcurso do período entre os anos 1999 e 2003, o único sector económico onde as contratacións se incrementan é o dos servizos, que acada unha variación media do 12,54%. Este sector presenta un comportamento positivo durante estes cinco anos, manifestando as subidas máis elevadas nos intervalos 2001-2002 e 2002-2003, con variacións interanuais do 14,26% e do 20,55% respectivamente. Dentro deste sector, o subsector de transporte e comunicacións mantense practicamente estable, mentres que o de comercio e hostalería aumenta un pouco por debaixo do conxunto, sufrindo unha redución no último intervalo do quinquenio e obtendo unha variación media final do 9,06%. En cambio, o de outros servizos logra unha variación media superior á do sector, do 16,24%, e a pesar de que descende entre os anos 2000 e 2001, recupérase moi fortemente a partir do 2002.

Nos sectores restantes, polo tanto, dáse unha redución no número de contratos realizados, sendo o secundario o que rexistra unha diminución maior en números absolutos, cunha variación media do -1,99%, e descensos nos dous intervalos intermedios do período, onde presenta variacións interanuais do -5,87% e do -11,72%. No sector da construción os contratos só decrecen entre os anos 1999 e 2000, e aínda que se recuperan posteriormente, presentan un saldo negativo, cunha variación media do -1,27%.

No sector primario é no que se producen maiores flutuacións, dándose fortes reducións nos dous intervalos iniciais, con variacións interanuais do -21,37% e do -33,15%, seguidas de considerables incrementos nos dous restantes, con variacións interanuais do 31,71% e do 12,96%. A variación media final para este sector é do -5,96%.

5.4.4. Tipoloxía da contratación laboral

GRÁFICO 18: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contratos. Ano 2003.



O elemento máis salientable da distribución da contratación en Terra de Soneira é que case as tres cuartas partes dos contratos xestionados son temporais a tempo completo, situándose a continuación os temporais a tempo parcial, que representan o 13% do total.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
Indefinido	1,39	0,65	0,23	0,73	0,54	0,23	0,31
Indefinido tempo parcial	0,08	0,31	0,19	0,00	0,12	0,04	0,04
Temporal	39,95	33,41	23,21	22,71	15,94	8,01	3,50
Temporal tempo parcial	3,23	10,08	4,46	4,04	2,69	1,46	0,65
Prácticas/Formación	4,85	2,27	6,89	0,23	0,00	0,00	0,00
Outros	3,66	0,12	0,19	1,04	1,04	1,35	0,15
TOTAL CONTRATOS	**53,16**	**46,84**	**35,18**	**28,75**	**20,32**	**11,09**	**4,66**

Táboa 26: *Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contrato por sexo e idade. Ano 2003.*

Tanto entre os homes como entre as mulleres, a maioría dos contratos realizados son temporais a tempo completo. Destaca que todas as fórmulas de contratación sexan maioritarias entre os homes, excepto as de tempo parcial, tanto nos contratos indefinidos, onde a diferenza a prol das mulleres é moi leve, como nos temporais, onde a gran maioría destes se sitúan no colectivo feminino, en concreto o 10,08% do total.

Na distribución por idade, os contratos temporais a tempo completo son tamén maioritarios en todos os grupos e o 45,92% sitúanse nos dous tramos menores de 36 anos. Por outra banda, cabe sinalar que case a totalidade dos contratos de prácticas/formación se agrupan entre os menores de 26 anos.

	PRIMARIO	SECUNDARIO			CONSTRUCIÓN	SERVIZOS			
	Agr.,Gand.	Industr.	Electric.	Total	Construc.	Comerc.	Transp.	Outros	Total
Indefinido	0,38	0,35	0,04	0,38	0,46	0,46	0,08	0,27	0,81
Indefinido tempo parcial	0,00	0,08	0,00	0,08	0,00	0,15	0,04	0,12	0,31
Temporal	6,47	26,79	0,00	26,79	20,17	7,20	1,23	11,51	19,94
Temporal tempo parcial	0,19	4,08	0,00	4,08	1,08	2,85	0,23	4,89	7,97
Prácticas/Formación	0,00	1,73	0,00	1,73	2,50	2,08	0,00	0,81	2,89
Outros	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	3,77	3,77
TOTAL CONTRATOS	**7,04**	**33,03**	**0,04**	**33,06**	**24,21**	**12,74**	**1,58**	**21,36**	**35,68**

Táboa 27: *Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contrato por sectores económicos. Ano 2003.*

En todos os sectores económicos, a tipoloxía de contratación maioritaria é a temporal a tempo completo, obtendo a maior representatividade no sector secundario, co 26,79% dos contratos, seguido polo da construción, co 20,17%. No sector servizos, en cambio, concéntranse a maioría de contratos temporais a tempo parcial, todos os da categoría outros e a maior parte das tipoloxías restantes.

No que respecta aos subsectores, o de industria agrupa o 26,79% dos contratos temporais a tempo completo e os de industria e outros servizos o 8,97% dos temporais a tempo parcial. Neste último sitúanse tamén a totalidade dos da categoría outros.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Indefinido	124	115	135	95	53	-7,26	17,39	-29,63	-44,21	-19,14
Indefinido tempo parcial	7	11	17	18	10	57,14	54,55	5,88	-44,44	9,33
Temporal	1.524	1.637	1.530	1.680	1.906	7,41	-6,54	9,80	13,45	5,75
Temporal tempo parcial	500	319	360	300	346	-36,20	12,85	-16,67	15,33	-8,79
Prácticas/Formación	168	169	166	156	185	0,60	-1,78	-6,02	18,59	2,44
Outros	82	102	119	110	98	24,39	16,67	-7,56	-10,91	4,56
TOTAL CONTRATOS	**2.405**	**2.353**	**2.327**	**2.359**	**2.598**	**-2,16**	**-1,10**	**1,38**	**10,13**	**1,95**

Táboa 28: *Evolución da contratación comarcal segundo a tipoloxía de contratos. Período 1999-2003.*

Segundo o tipo de contratación, a evolución dos contratos entre os anos 1999 e 2003 presenta un comportamento dispar para as diferentes categorías. Deste xeito, os contratos indefinidos a tempo completo e os temporais a tempo parcial son os únicos que se reducen nestes cinco anos. Os primeiros acadan unha variación media negativa do -19,14% e diminúen en todos os intervalos temporais agás no 2000-2001, no que obteñen unha variación interanual positiva do 17,39%, fronte ás negativas que se dan nos anos posteriores, que son do -29,63% e do -44,21%.

Os contratos temporais a tempo parcial presentan unha variación media do -8,79%, e decrecen entre os anos 1999-2000 e 2001-2002, acadando nestes intervalos importantes variacións interanuais negativas, do -36,2% e do -16,67%.

En cambio, os contratos temporais a tempo completo son os que máis se incrementan en termos absolutos, rexistrando unha variación media do 5,75%. Esta tipoloxía non presenta oscilacións salientables e os contratos só se reducen no intervalo 2000-2001; nos demais aumentan e no 2002-2003 dáse a maior subida, variación interanual de 13,45%.

Os contratos indefinidos a tempo parcial, os da tipoloxía outros e os de prácticas/formación manifestan un crecemento máis leve, obtendo variacións medias do 9,33%, 4,56% e 2,44% respectivamente. O único elemento salientable nestas tres categorías é o crecemento que se produce nos de prácticas/formación entre os anos 2002 e 2003, cunha variación interanual do 18,59%.

5.4.5. Grandes grupos de ocupación na contratación laboral

Táboa 29: *Distribución da contratación por grandes grupos de ocupación segundo o sexo. Ano 2003.*

	CONTRATOS	
	Nº	%
1. Dirección de empresas e administracións públicas	**6**	**0,23**
HOMES	2	0,08
MULLERES	4	0,15
2. Técnicos profesionais, científicos e intelectuais	**170**	**6,54**
HOMES	120	4,62
MULLERES	50	1,92
3. Técnicos e profesionais de apoio	**88**	**3,39**
HOMES	54	2,08
MULLERES	34	1,31
4. Empregados de tipo administrativo	**66**	**2,54**
HOMES	16	0,62
MULLERES	50	1,92
5. Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio	**212**	**8,16**
HOMES	48	1,85
MULLERES	164	6,31
6. Traballadores cualificados na agricultura e pesca	**60**	**2,31**
HOMES	53	2,04
MULLERES	7	0,27
7. Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería	**1.027**	**39,53**
HOMES	613	23,60
MULLERES	414	15,94
8. Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	**474**	**18,24**
HOMES	224	8,62
MULLERES	250	9,62
9. Traballadores non cualificados	**495**	**19,05**
HOMES	251	9,66
MULLERES	244	9,39
TOTAL CONTRATOS	**2.598**	**100,00**
TOTAL HOMES	**1.381**	**53,16**
TOTAL MULLERES	**1.217**	**46,84**

Segundo os nove grandes grupos de ocupación, e tomando como referencia o exposto na táboa anterior, cómpre sinalar a concentración do 76,82% dos contratos nos seguintes grupos:

- Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería, 39,53%.
- Traballadores non cualificados, 19,05%.
- Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores, 18,24%.

Tendo en conta a distribución por sexo, denótanse diferenzas significativas nos contratos en función do tipo de ocupación:

Grupos de ocupación cunha maior contratación masculina	Grupos de ocupación cunha maior contratación feminina
• Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería, 23,6%. • Traballadores non cualificados, 9,66%. • Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores, 8,62%. • Técnicos profesionais, científicos e intelectuais, 4,62%.	• Artesás/traballadoras cualificadas industria manufactureira, construción e minería, 15,94%. • Operadoras de instalacións e maquinaria, e montadoras, 9,62%. • Traballadoras non cualificadas, 9,39%. • Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio, 6,31%.

Dada a maior contratación masculina nesta comarca, na maioría dos grupos de ocupación predominan os homes sobre as mulleres, excepto nos que seguen a continuación:

- Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio. A contratación feminina supera porcentualmente á masculina en 4,46 puntos.
- Empregadas de tipo administrativo. Os contratos das mulleres son superiores aos dos homes en 1,3 puntos.
- Operadoras de instalacións e maquinaria, e montadoras. A contratación masculina é 1 punto inferior á feminina.
- Dirección de empresas e administracións públicas. No ano 2003 realizáronse 4 contratos entre as mulleres e 2 entre os homes.

Atendendo á evolución dos contratos durante o período 1999-2003, os datos refliten unha evolución negativa para os seguintes grupos de ocupación:

- Traballadores non cualificados, cunha variación media do -8,88%.
- Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores, -0,62%.

Dende o punto de vista oposto, os grupos que destacan sobre os demais polo seu crecemento son os de:

- Dirección de empresas e administracións públicas, 56,51%.
- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio, 21,59%.
- Técnicos profesionais, científicos e intelectuais, 14,76%.

No tocante á evolución segundo o sexo dos contratados, é salientable o crecemento da contratación masculina nos grupos de:

- Dirección de empresas e administracións públicas, que presenta unha variación media do 18,92%.
- Técnicos profesionais, científicos e intelectuais, 11,73%.
- Empregados de tipo administrativo, 7,46%.

Por outra banda, en Terra de Soneira prodúcese un descenso na contratación de homes nas grupos de:

- Traballadores non cualificados, -5,37%.
- Técnicos e profesionais de apoio, -2,6%.
- Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores, -2,41%.
- Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería, -0,8%.

No referente ás mulleres, destaca o incremento medio da contratación nos seguintes grupos:

- Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio, que obtén unha variación media do 31,41%.
- Técnicos profesionais, científicos e intelectuais, 24,22%.
- Artesás/traballadoras cualificadas industria manufactureira, construción e minería, 22,14%.
- Técnicos e profesionais de apoio, 7,99%.

É preciso, por último, sinalar o decrecemento que se manifesta na contratación feminina no grupo de traballadoras non cualificadas, que rexistra unha variación media negativa do -11,9%.

5.4.6. Ocupacións máis contratadas

Táboa 30: *As dez ocupacións máis contratadas na comarca. Ano 2003.*

		TOTAL		HOMES		MULLERES		RATIO
CNO	OCUPACIÓNS	N.º	%	N.º	%	N.º	%	MASCUL.[1]
79330033	Modista/o	373	14,36	7	0,51	366	30,07	1,88
71100016	Albanel	230	8,85	229	16,58	1	0,08	99,57
97000011	Peón da industria manufactureira, en xeral	158	6,08	69	5,00	89	7,31	43,67
83630022	Operador máquina industrial coser á plana, excepto pel: calzado	142	5,47	8	0,58	134	11,01	5,63
25130104	Músico instrumentista, en xeral	96	3,70	93	6,73	3	0,25	96,88
85500020	Mariñeiro de cuberta, excepto pesca	94	3,62	84	6,08	10	0,82	89,36
71200017	Encofrador	77	2,96	77	5,58	0	0,00	100,00
97000020	Peón da industria alimentaria, bebidas e tabaco	69	2,66	6	0,43	63	5,18	8,70
96010011	Peón de obras públicas, en xeral	63	2,42	43	3,11	20	1,64	68,25
86300016	Condutor de camión, en xeral	59	2,27	52	3,77	7	0,58	88,14
	TOTAL	**1.361**	**52,39**	**668**	**48,37**	**693**	**56,94**	**49,08**

(1) Ratio de Masculinidade = (N.º de contratos realizados a homes/ N.º total de contratos) x 100

No ano 2003, a ocupación máis contratada en Terra de Soneira foi a de modista/o, que representa o 14,36% das contratacións realizadas na comarca. A continuación en nivel de importancia sitúanse as de albanel (8,85%) e peón da industria manufactureira (6,08%).

Entre os homes, a ocupación na que se realizaron máis contratos foi a de albanel, seguida das de músico instrumentista e mariñeiro de cuberta. En cambio, entre as mulleres, a ocupación con máis contratos foi con diferenza a de modista, situándose a continuación as de operadora máquina industrial de coser á plana e peón da industria manufactureira.

Cómpre destacar que o 52,39% das contratacións comarcais producíronse entre as dez ocupacións que se relatan na táboa anterior, o que indica unha concentración media de contratos nelas.

Por último, cabe sinalar que o ratio de masculinidade para o conxunto destas ocupacións, que é do 49,08%, manifesta unha tendencia á igualdade da presenza entre os contratos masculinos e femininos no que a estas ocupacións se refire. De todos os modos, as ocupacións cun maior carácter masculino son as de encofrador, albanel e músico instrumentista, cunha ratio superior ao 90%. Pola contra, as ocupacións nas que os contratos femininos predominan fortemente son as de modista, operadora máquina industrial de coser á plana e peón da industria alimentaria, bebidas e tabaco, que obteñen valores da ratio inferiores ao 10%.

TÁBOA 31: Evolución das dez ocupacións máis contratadas entre 1999 e 2003.

CNO	OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS	1999	2000	2001	2002	2003
79330033	**Modista/o**	**168**	**251**	**259**	**417**	**373**
71100016	**Albanel**	**252**	**227**	**236**	**262**	**230**
97000011	**Peón da industria manufactureira, en xeral**	**77**	**54**	41	**51**	**158**
83630022	**Operador máquina industrial coser á plana, ex. pel: calzado**	**119**	**167**	**222**	**103**	**142**
25130104	**Músico instrumentista, en xeral**	**73**	**81**	**108**	**102**	**96**
85500020	**Mariñeiro de cuberta, excepto pesca**	**136**	**97**	17	**88**	**94**
71200017	**Encofrador**	**113**	**54**	45	**54**	**77**
97000020	**Peón da industria alimentaria, bebidas e tabaco**	9	**293**	**256**	**108**	**69**
96010011	**Peón de obras públicas, en xeral**	1	11	15	1	**63**
86300016	**Condutor de camión, en xeral**	63	41	41	45	**59**
83630013	OPER. MÁQUINA IND. DE COSER E BORDAR, EN XERAL	**95**	23	14	**53**	58
96020014	PEÓN DA CONSTRUCIÓN DE EDIFICIOS	**130**	**84**	**91**	45	47
53300010	DEPENDENTE DE COMERCIO, EN XERAL	41	**48**	**49**	39	40
42100010	EMPREGADO ADMINISTRATIVO, EN XERAL	36	44	36	**53**	38
62410023	TRABALLADOR FORESTAL, EN XERAL	10	10	**80**	28	36
71300148	CARPINTEIRO METÁLICO	28	17	**49**	34	29
72920101	MARMORISTA DA CONSTRUCIÓN	36	39	**54**	34	17
94500013	PEÓN DE PESCA	**346**	29	0	0	1

Tendo en conta a evolución da lista das ocupacións máis contratadas da comarca nos últimos cinco anos, obsérvase unha considerable tendencia á flutuación na súa composición, dado que 14 delas aparecen e desaparecen neste período.

Así, as de traballador forestal, carpinteiro metálico e marmorista da construción só se inclúen no ano 2001, no que desaparecen ás de peón da industria manufactureira, mariñeiro de cuberta e encofrador. Do mesmo xeito, as de peón de obras públicas e condutor de camión só están entre as dez máis contratadas no ano 2003, a de empregado administrativo no 2002 e a de peón de pesca no 1999.

As de operador de máquina industrial de coser e bordar só aparece nos anos 1999 e 2002, mentres que a de dependente de comercio inclúese na lista nos anos 2000 e 2001. Por último, a de peón da industria alimentaria, bebidas e tabaco aparece no ano 2000 e mantense en todo o período, e a de peón da construción de edificios desaparece a partir do ano 2002.

Polo tanto, só as ocupacións de modista, albanel, operador máquina industrial coser á plana e músico instrumentista están situadas entre as dez máis contratadas nestes cinco anos.

No que respecta á evolución de cada unha das ocupacións, cabe destacar polo seu desenvolvemento positivo a de modista e peón da industria manufactureira, que acadan variacións medias do 22,07% e do 19,69% respectivamente.

Pola contra, a de peón de pesca obtén unha variación media do -72,81%, pasando de ser a máis contratada no ano 1999 a ter só un contrato no 2003. Tamén se reduce de forma considerable a de peón da construción de edificios, cunha variación media do -22,46%.



Comarca de Xallas

5.1. TECIDO EMPRESARIAL

5.1.1. Tecido empresarial comarcal. Situación actual

A comarca do Xallas caracterízase polo forte peso do sector servizos en canto ao número de empresas e traballadores autónomos, mentres que no caso dos traballadores por conta allea predomina o sector primario.

O 56,76% das empresas da comarca pertencen ao sector servizos. O segundo sector máis representativo é o da construción, co 28,38%. En terceiro lugar está o sector secundario, co 13,53% das empresas, que se concentran, sobre todo, no subsector da industria. Pecha a distribución o sector primario, cunha representatividade moi limitada, o 1,33%.

A escala subsectorial predomina, co 34,37% das empresas, o subsector de comercio e hostalería. Séguenlle por orde o de outros servizos, co 16,63%; e o de industria, co 13,30%. Pola súa parte, o de transporte e comunicacións ten un peso bastante limitado, o 5,76%.

A metade dos traballadores pertencen ao sector primario, que supón o 50,35% do total. Nun segundo lugar aparece o sector servizos, co 22,97. O terceiro sector en importancia cuantitativa é o da construción, co 17,22%; en último lugar sitúase o secundario, co 9,47%.

Se baixamos ao ámbito dos subsectores, destaca o da construción, co 17,22% dos traballadores, e o de comercio e hostalería, co 10,77%, seguido do subsector de outros servizos co 9,59%.

Respecto ao número de traballadores autónomos, volve predominar o sector servizos, igual que sucede no caso do número de empresas. A representación deste sector acada as súas cotas máis altas, concentrando o 65,11% de traballadores autónomos da comarca. O segundo sector máis importante é o da construción, co 23,60%, tendo o secundario e o primario un peso bastante máis reducido, o 9,01% e 2,28% respectivamente.

Dentro do sector servizos, o subsector de comercio e hostalería predomina con moito sobre o resto e dálle cabida ao 45,95% dos autónomos; o subsector de outros servizos supón o 12,54%, mentres que o de transporte só o 6,61%.

5.1.2. Evolución anual

TÁBOA 1: *Evolución do número de empresas. Período 1999-2003.*

	EMPRESAS				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	**20**	**21**	**26**	**20**	**6**
Agricultura e pesca	20	21	26	20	6
SECTOR SECUNDARIO	**80**	**78**	**71**	**60**	**61**
Industria	79	77	70	59	60
Electricidade	1	1	1	1	1
SECTOR CONSTRUCIÓN	**111**	**106**	**116**	**112**	**128**
Construción	111	106	116	112	128
SECTOR SERVIZOS	**258**	**221**	**231**	**232**	**256**
Comercio e hostalería	149	141	140	137	155
Transporte e comunicacións	25	24	27	26	26
Outros servizos	84	56	64	69	75
TOTAL	**469**	**426**	**444**	**424**	**451**

Unha variación media de -0,97% e unha evolución con valores de variación interanual positivos e negativos alternos denotan a situación de inestabilidade que están a padecer as empresas da comarca. A evolución das empresas vén marcada polos altibaixos continuos, observándose unha recuperación no período 2002-2003, cunha variación interanual de 6,37%. Neste período todos os sectores, agás o da construción, descenden en número de empresas.

GRÁFICO 1: *Variacións interanuais do número de empresas por sector económico. Período 1999-2003.*



O sector servizos rexistra unha variación media de -0,19% e mantén en termos absolutos en 2003 só dúas empresas menos que en 1999. Este sector sofre unha diminución importante no 1999-2000, cunha variación interanual de -14,34%, recupérase despois e rexistra o maior crecemento nos últimos anos, chegando en 2003 a recoller unha variación interanual de 10,34%.

Dentro do citado sector, o único subsector que perde peso é o de outros servizos, mentres que o de comercio e hostalería e o de transporte incrementan lixeiramente o seu volume.

O sector da construción amosa unha variación media de 3,63%, cun aumento en termos absolutos de 17 empresas. A evolución deste sector é descontinua; amosa unha diminución en 2000 e en 2002 e recupérase no resto de anos. O período 2002-2003 presenta unha variación interanual de 14,29%.

Por outra banda, os sectores secundario e primario reducen o número de empresas e rexistran variacións medias de -6,55% e -25,99%, respectivamente. A diminución é máis acusada no sector primario, onde só se chegan a rexistrar seis empresas en 2003, tras iniciar unha etapa de redución no ano anterior. No sector secundario a traxectoria é diferente. Despois de presentar todos os anos un decrecemento continuo, no 2003 recupérase lixeiramente.

	TRABALLADORES				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	**1.400**	**1.586**	**1.626**	**1.633**	**1.664**
Agricultura e pesca	1.400	1.586	1.626	1.633	1.664
SECTOR SECUNDARIO	**370**	**374**	**370**	**318**	**313**
Industria	366	369	366	314	309
Electricidade	4	5	4	4	4
SECTOR CONSTRUCIÓN	**470**	**473**	**537**	**560**	**569**
Construción	470	473	537	560	569
SECTOR SERVIZOS	**604**	**574**	**639**	**681**	**759**
Comercio e hostalería	317	304	314	315	356
Transporte e comunicacións	70	64	76	77	86
Outros servizos	217	206	249	289	317
TOTAL	**2.844**	**3.007**	**3.172**	**3.192**	**3.305**

Táboa 2: *Evolución do número de traballadores. Período 1999-2003.*

En todos os sectores hai un incremento do número de traballadores agás no secundario. Conxuntamente a súa variación media sitúase no 3,83%. Todos os anos aumenta o número de traballadores, facéndoo en maior medida ata 2001, cando se presentan unhas variación interanuais de 5,73% para o período 1999-2000 e 5,49% para 2000-2001.



Gráfico 2*: Variacións interanuais do número de traballadores por sector económico. Período 1999-2003.*

O sector primario, o máis importante cuantitativamente, crece todos os anos. Na súa evolución apreciamos un aumento considerable no período 1999-2000, cunha variación interanual de 13,29%. A variación media é de 4,41%.

No sector servizos esta variación media é de 5,88%, converténdose no sector que rexistra maior crecemento. Na súa evolución presenta unha redución de número de traballadores de -4,97% no período 1999-2000 e un incremento notable no resto de períodos, sobre todo en 2000-2001 e en 2002-2003, cando rexistra variacións interanuais de 11,32% e 11,45% respectivamente.

Esta tendencia do sector extrapólase en maior ou menor medida aos seus subsectores, xa que todos eles perden peso en 2000, recuperándose no resto de anos e ofrecen traxectorias con crecementos dispares. O subsector de outros servizos é o que máis medra, cunha variación media de 9,94%; o resto faino en menor medida.

O sector da construción ofrece unha variación media de 4,89%, cunha evolución de continuo crecemento, que ten o seu teito en 2000-2001, cando rexistra unha variación interanual de 13,53%; no resto dos anos redúcese considerablemente o nivel de crecemento.

Pola contra, o único sector que perde traballadores é o secundario, que presenta unha variación media de -4,10%. Todos os períodos salvo o 1999-2000 mostran unha caída do número de traballadores neste sector, sendo a máis acusada a de 2001-2002, cunha variación interanual de -14,05%.

TÁBOA 3: Evolución do número de autónomos. Período 1999-2003.

	AUTÓNOMOS				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	**11**	**13**	**14**	**18**	**20**
Agricultura e pesca	11	13	14	18	20
SECTOR SECUNDARIO	**51**	**63**	**71**	**74**	**79**
Industria	51	62	70	73	78
Electricidade	0	1	1	1	1
SECTOR CONSTRUCIÓN	**120**	**147**	**176**	**195**	**207**
Construción	120	147	176	195	207
SECTOR SERVIZOS	**401**	**447**	**489**	**539**	**571**
Comercio e hostalería	287	322	352	387	403
Transporte e comunicacións	41	43	49	52	58
Outros servizos	73	82	88	100	110
TOTAL	**583**	**670**	**750**	**826**	**877**

O número de autónomos da comarca increméntase en todo o período de referencia, aínda que este crecemento é máis moderado a medida que avanzan os anos. A variación media para esta variable é de 10,75%; o colectivo de autónomos inicia o período ofrecendo unha variación interanual de 14,92% e remátao en 2003 cun crecemento de 6,17%. Todos os sectores rexistran valores de crecemento en todos os anos.

GRÁFICO 3: Variacións interanuais do número de autónomos por sector económico. Período 1999-2003.



O sector servizos é o que amosa a variación media máis baixa, o 9,24%. Neste caso apréciase unha tendencia a minorar o crecemento, que é menor nos últimos anos do período.

Dentro deste, todos os subsectores incrementan o número de autónomos, facéndoo nunha medida similar. O subsector de outros servizos é o que máis medra, cunha variación media de 10,79%, seguíndolle o de transporte e o de comercio e hostalería, co 9,06% e o 8,86% respectivamente.

No sector da construción a variación media é de 14,60%. Rexistra un forte crecemento en 1999-2000, cunha variación interanual de 22,50%, que se vai reducir de forma progresiva e rematar en 2002-2003 cun crecemento de 6,15%.

Nos sectores secundario e primario as variacións medias son de 11,56% e 16,12% respectivamente; amosan tendencias de crecemento irregulares aínda que con valores de variación interanual positiva todos os anos.

5.2. DEMANDAS

5.2.1. Demandantes por concello

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Mazaricos	307	86	393
Santa Comba	736	251	987
TOTAL COMARCA	**1.043**	**337**	**1.380**

TÁBOA 4: Distribución dos demandantes segundo os concellos da comarca.

% comarca/provincia – PARADOS	**1,58**
% comarca/provincia - NON PARADOS	**1,11**

Na comarca do Xallas rexístranse un total de 1.380 demandantes de emprego, dos cales o 75,58% son parados. Os demandantes parados desta comarca supoñen o 1,58% dos da provincia e os non parados o 1,11%.

O concello de Santa Comba agrupa o 71,52% do total de demandantes, concentrando o 70,57% do total de parados e o 74,48% dos non parados. En segundo lugar por peso relativo está o concello de Mazaricos, que agrupa o 24,42% do total de demandantes.



GRÁFICO 4: Distribución dos demandantes da comarca por concello.

5.2.2. Evolución dos demandantes parados

	TRABALLADORES				
	1999	2000	2001	2002	2003
PARADOS COMARCA	987	946	962	1.027	1.043
VARIACIÓN INTERANUAL %	-	-4,15	1,69	6,76	1,56
COMARCA/TOTAL PROVINCIA	1,68	1,58	1,65	1,60	1,58

TÁBOA 5: Evolución dos demandantes parados.

Tras reducirse lixeiramente o número de demandantes parados no ano 2000, como indica a variación interanual de -4,15%, aumenta de novo, facéndoo en maior medida en 2002, cando a variación interanual é de 6,76%. No 2003, malia incrementar en 56 o número de demandantes de 1999, diminúe a porcentaxe de representación desta comarca na provincia en 0,10 puntos porcentuais.



GRÁFICO 5: Evolución dos demandantes parados da comarca.

5.2.3. Caracterización da situación sociolaboral dos demandantes de emprego

Táboa 6: Situación laboral dos demandantes

		VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	122	8,84	12,67
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	921	66,74	55,76
NON PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	31	2,25	3,98
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	129	9,35	11,46
	Con traballo a tempo parcial e prestación compatible	44	3,19	4,73
	En expediente de regulación de emprego	0	0,00	2,34
	Demandantes de mellora de emprego	85	6,16	5,98
	Demandantes de emprego de menos de 20 h	15	1,09	2,38
	Resto de demandantes	33	2,39	0,71
TOTAL		**1.380**	**100,00**	**100,00**

A maior parte dos demandantes son parados con emprego anterior. Este grupo supón o 66,74% do total de demandantes e sitúase por riba da porcentaxe provincial en 10,98 puntos. O segundo colectivo en importancia numérica é o de non parados con emprego anterior, co 9,35%, que se sitúa neste caso por debaixo da provincia en 2,11 puntos. Séguelle o grupo de parados sen emprego anterior, co 8,84%, que está 3,83 puntos por baixo do valor provincial.

5.2.4. Demandantes de emprego por sexo e idade

Táboa 7.1: Demandantes parados por sexo e grupos de idade.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	HOMES %	MULLERES %	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	66	66	6,33	6,33	12,66	17,50
26 a 35 anos	114	176	10,93	16,87	27,80	30,43
36 a 45 anos	104	111	9,97	10,64	20,61	22,04
46 a 55 anos	144	62	13,81	5,94	19,75	17,68
56 e máis anos	154	46	14,77	4,41	19,18	12,34
TOTAL COMARCA	582	461	55,80	44,20	100,00	1,58
TOTAL PROVINCIA	26.764	39.271	40,53	59,47	1,58	100,00

Na comarca do Xallas predominan co 55,8% os demandantes parados homes, a diferenza do que sucede na provincia da Coruña, onde a demanda de emprego por parte de parados é maioritariamente feminina.

Nos homes parados apréciase unha concentración de demandantes nos tramos de idade superiores, maiores de 46 anos, que supoñen o 28,58% da demanda. Para o caso das mulleres esta concentración dáse entre os 26 e os 45 anos, agrupándose aquí o 27,51% das demandas totais.

Sen facer unha diferenciación por xénero, sobresae o grupo de demandantes de 26 a 35 anos, que representa o 27,8% das demandas. Sucede o mesmo na provincia, se ben neste caso nunha porcentaxe lixeiramente superior. Se agrupamos todos os intervalos ata os 45 anos, concéntrase o 48,41% para o caso da comarca e o 52,47% para o caso da provincia. Cómpre sinalar como nos intervalos superiores a 46 anos as porcentaxes de referencia dos homes presentan valores por enriba do dobre que os das mulleres.

Táboa 7.2: *Demandantes non parados por sexo e grupos de idade.*

	HOMES N.º	MULLERES N.º	HOMES %	MULLERES %	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	22	34	6,53	10,09	16,62	18,07
26 a 35 anos	31	40	9,20	11,87	21,07	27,98
36 a 45 anos	23	48	6,82	14,24	21,07	19,81
46 a 55 anos	33	34	9,79	10,09	19,88	17,58
56 e máis anos	58	14	17,21	4,15	21,36	16,55
TOTAL COMARCA	**167**	**170**	**49,55**	**50,45**	**100,00**	**1,11**
TOTAL PROVINCIA	**12.680**	**17.790**	**41,61**	**58,39**	**1,11**	**100,00**

Nos demandantes non parados a distribución por sexos amosa o predominio das mulleres, se ben en termos absolutos só se refire a un número total de 3 demandantes. Mentres que a distribución feminina é bastante regular en todos os tramos, excepto nas maiores de 55 anos, nos homes sucede o contrario: unha parte moi alta de demandantes non parados teñen máis de 55 anos, agrupando o 17,21% deste tipo de demanda o maior grao de concentración; nos maiores de 55 o número de homes demandantes cuadriplica ao de mulleres.

Nunha aproximación conxunta, a distribución é bastante similar entre tramos, sobresaíndo os maiores de 55 co 21,36%. Pola contra, na provincia o perfil maioritario é o de 26 a 35 anos; a concentración de demandantes decrece a partir de aí.

Tanto nos demandantes parados como nos non parados o perfil tipo que predomina é o de 26 a 35 anos: os demandantes parados destas idades representan o 21,01% e os non parados o 5,14%. No resto de tramos existe unha distribución bastante semellante, salvo no tramo de menores de 26 anos, en que a concentración de demandantes parados é menor.



Gráfico 6: *Distribución porcentual do total de demandantes por grupos de idade.*

Nos demandantes parados predominan os homes, que supoñen o 44,17% do total de demandantes fronte ao 33,41% de mulleres. Pola contra, no caso dos demandantes non parados as porcentaxes son moi semellantes, as mulleres realizan o 12,32% das demandas e os homes o 12,02%.



Gráfico 7: *Distribución porcentual do total de demandantes por sexo.*

5.2.5. Demandantes por nivel académico

Táboa 8.1: Distribución dos demandantes parados por nivel académico.

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Ata certificado de escolaridade*	546	52,35	31,78
Titulación de ensinanza obrigatoria	354	33,94	37,12
Formación profesional	36	3,45	5,63
BUP/Bacharelato superior/COU	63	6,04	12,20
Titulados universitarios	30	2,88	11,17
Outras titulacións	14	1,34	2,11
TOTAL	**1.043**	**100,00**	**100,00**

** Inclúe: sen estudos, estudos primarios e certificado de escolaridade*

Máis da metade dos demandantes parados, o 52,35%, inscríbense no nivel de certificado de escolaridade, superando en 20,57 puntos a porcentaxe provincial para este mesmo nivel de estudos. En segundo lugar está o grupo de persoas con titulación obrigatoria, que representa o 33,94%. É salientable que a concentración de demandantes nestes dous tramos é moi elevada, supoñendo o 86,29% do total.

No resto de niveis académicos a porcentaxe provincial supera á comarcal. Convén sinalar como diferenzas máis significativas as que se rexistran no nivel de titulados universitarios, cun valor provincial de 11,17% fronte ao comarcal de 2,88%, así como no nivel de bacharelato, no que o valor provincial duplica ao da comarca.

Táboa 8.2: Distribución dos demandantes non parados por nivel académico.

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Ata certificado de escolaridade	180	53,41	30,62
Titulación de ensinanza obrigatoria	84	24,93	33,40
Formación profesional	18	5,34	5,72
BUP/Bacharelato superior/COU	37	10,98	15,70
Titulados universitarios	16	4,75	13,03
Outras titulacións	2	0,59	1,53
TOTAL	**337**	**100,00**	**100**

En grandes liñas a distribución dos demandantes non parados é similar á dos parados. Máis da metade inscríbense no nivel máis baixo, o 53,41%, superando de novo en grande medida á porcentaxe provincial. Pola súa banda, os demandantes con titulación obrigatoria supoñen unha cuarta parte do total, sumando entre os dous grupos anteriores un 78,34%.

No resto de tramos de novo as porcentaxes provinciais superan ás comarcais; nos que contan con titulación obrigatoria é onde se percibe a maior diferenza entre a provincia e a comarca, superando a primeira á segunda en 8,47 puntos porcentuais. Ademáis esta diferenza ascende a 8,28 puntos no caso dos demandantes non parados con título universitario.

5.2.6. Demandantes parados por tempo de busca de emprego

TÁBOA 9: Distribución dos demandantes parados segundo o sexo e a idade por tempo de busca de emprego.

		Menos de 6 meses %	De 6 meses a 1 ano %	Máis de 1 ano %	TOTAL %
Menor de 26 anos	Homes	5,27	0,48	0,58	6,33
	Mulleres	3,36	1,73	1,25	6,33
26 a 35 anos	Homes	7,00	1,44	2,49	10,93
	Mulleres	7,48	2,88	6,52	16,87
36 a 45 anos	Homes	5,08	1,63	3,26	9,97
	Mulleres	3,74	1,05	5,85	10,64
46 a 55 anos	Homes	4,89	1,34	7,57	13,81
	Mulleres	1,53	0,58	3,84	5,94
56 e máis anos	Homes	2,68	1,05	11,03	14,77
	Mulleres	0,96	0,58	2,88	4,41
TOTAL COMARCA		**41,99**	**12,75**	**45,25**	**100,00**
TOTAL PROVINCIA		**48,04**	**14,84**	**37,13**	**100,00**

A diferenza do que sucede na provincia, na comarca o maior peso rexístrase na categoría de demandantes de longa duración, máis de 1 ano, que supoñen o 45,25%. Se facemos unha diferenciación por xénero, as mulleres agrupadas nesta categoría predominan nos intervalos de idade menores, ata os 45 anos, mentres que os homes o fan de forma destacada nos intervalos seguintes. Efectivamente, os homes parados de longa duración son fundamentalmente maiores de 45 anos, supoñendo este perfil o 18,6% do total de demandantes parados. As mulleres paradas de longa duración concéntranse de forma importante entre os 26 e os 45 anos e agrupan o 12,37% das demandas. No conxunto de demandantes parados de longa duración o peso dos homes é maior que o das mulleres, representando valores de 24,92% e 20,34% respectivamente.

Nos demandantes parados de menos de 6 meses, predominan os homes en todos os tramos de idade, excepto entre os 26 e 35 anos, onde a porcentaxe feminina supera lixeiramente a masculina. Para este tipo de demandantes, rexístranse as maiores concentracións nos tramos de idade máis nova. Os homes inscritos nesta categoría representan, entre todos os intervalos de idade, o 24,92% das demandas, mentres que as mulleres agrupan o 17,07%.

Nos demandantes entres seis meses e 1 ano sobresae a demanda feminina, co 6,82%, fronte á masculina, que supón o 5,94%. Neste caso prevalece a demanda feminina ata os 35 anos, sendo a representación masculina máis numerosa en todos os intervalos superiores.

5.2.7. Demandantes por sectores económicos de procedencia

TÁBOA 10: Demandantes por actividade económica.

	PARADOS			NON PARADOS		
	Comarcal N.º	Comarcal %	Provincial %	Comarcal N.º	Comarcal %	Provincial %
Sector primario	19	1,82	2,00	5	1,48	2,78
Sector secundario	151	14,48	17,16	48	14,24	18,47
Construción	371	35,57	13,36	88	26,11	8,13
Sector servizos	381	36,53	49,08	158	46,88	54,02
Sen actividade previa	121	11,60	18,41	38	11,28	16,59
TOTAL	**1.043**	**100,00**	**100,00**	**337**	**100,00**	**100,00**

Tanto no caso dos parados como dos non parados o sector que agrupa maior número de demandantes é o de servizos, aínda que no primeiro caso o sector da construción aparece a pouca distancia.

Nos demandantes parados o sector servizos e da construción manteñen un peso apenas diferenciado, 36,53% e 35,57% respectivamente; o sector secundario está en terceiro lugar cunha porcentaxe moito máis reducida, o 14,48%. No ámbito provincial o sector servizos ocupa a metade da demanda e sitúase nun segundo lugar o grupo de demandantes do sector secundario. En terceiro lugar na comarca está o sector da construción, que mantén na provincia unha porcentaxe moito menor. Pecha a distribución o sector primario cunha porcentaxe bastante reducida.

Nos demandantes non parados o predominio do sector servizos é bastante acusado e supón en ambos os dous ámbitos, comarcal e provincial, aproximadamente a metade da demanda. Na comarca de novo séguelle o sector da construción, que ocupa unha cuarta parte, e o sector secundario, co 14,24%. Destaca que na provincia o segundo sector en importancia numérica é o secundario, co 18,47%; o sector da construción aparece 17,98 puntos por debaixo da porcentaxe comarcal.

Gráfico 8: *Demandantes parados na industria.*



O 37% dos demandantes parados da industria proceden das actividades de téxtil e confección. En segundo lugar están as actividades da alimentación, co 22%. En terceiro lugar sitúase o grupo de demandantes da metalurxia co 12%. O apartado residual de outras industrias concentra o 14%.

Gráfico 9: *Demandantes parados nos servizos.*



Aproximadamente a cuarta parte dos demandantes parados dos servizos, o 23%, proceden da hostalería. A continuación, co 17%, están os demandantes que proveñen do comercio, seguidos coa mesma porcentaxe de 15% polos demandantes pertencentes ás administracións públicas e ás actividades inmobiliarias. O 30% restante repártese entre as demais actividades, nas que predominan, co 14%, os demandantes procedentes dos servizos á comunidade.

5.2.8. As dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego

TÁBOA 11: Ocupacións máis demandadas.

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Muller/mozo limpeza, limpador	163	11,81	7,21
Peón da construción de edificios	150	10,87	2,57
Albanel	126	9,13	2,65
Peón da industria manufactureira	110	7,97	3,87
Empregado administrativo	97	7,03	8,93
Dependente de comercio	75	5,43	8,97
Camareiro	40	2,90	2,68
Encofrador	36	2,61	0,45
Cociñeiro	34	2,46	1,41
Operario máquina industrial coser á plana, excepto pel e calzado	31	2,25	2,29

5.2.9. Perfil tipo dos demandantes de emprego

TÁBOA 12: Perfil máis representativo.

	PERFIL COMARCAL TIPO	PERFIL PROVINCIAL TIPO
Situación laboral	Parados con emprego anterior	Parados con emprego anterior
Sexo	**Homes**	Mulleres
Grupo idade	De 26 a 35 anos	De 26 a 35 anos
Nivel académico	**Ata certificado de escolaridade**	Titulación ensinanza obrigatoria
Duración demanda	**Máis de 1 ano**	Menos de 6 meses
Sector	Servizos	Servizos
Ocupación máis demandada	**Muller/mozo limpeza, limpador**	Dependente de comercio

5.3. OFERTAS

5.3.1. Ofertas no servizo público de emprego galego 2003. Evolución

TÁBOA 13: Número de ofertas por concellos. Ano 2003.

	TOTAL OFERTAS	TOTAL %
Mazaricos	55	33,33
Santa Comba	110	66,67
Xallas	**165**	**100,00**

TOTAL OFERTAS PROVINCIA:	**32.600**
COMARCA/PROVINCIA:	**0,51**

Na comarca do Xallas rexístrase un número moi reducido de ofertas de emprego, 165, que supoñen o 0,51% das realizadas na provincia da Coruña. Este feito denota a relatividade da análise seguinte en determinados aspectos, debido á pouca relevancia en termos cuantitativos. O concello de Santa Comba predomina, co 66,67% das ofertas, sobre o de Mazaricos, que rexistra o 33,33% restante.

TÁBOA 14: Evolución das ofertas. Período 1999-2003. Valores absolutos e relativos.

	N.º OFERTAS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Mazaricos	3	38	12	39	55	1166,67	-68,42	225,00	41,03	106,92
Santa Comba	85	99	131	94	110	16,47	32,32	-28,24	17,02	6,66
TOTAL COMARCA	**88**	**137**	**143**	**133**	**165**	**55,68**	**4,38**	**-6,99**	**24,06**	**17,02**
TOTAL PROVINCIA	**29.835**	**37.922**	**30.755**	**30.380**	**32.600**	**27,11**	**-18,90**	**-1,22**	**7,31**	**2,24**

O número de ofertas case se duplica no período de referencia pois rexistra unha variación media de 17,02%. As ofertas increméntanse continuamente, excepto en 2002, que presenta 10 ofertas menos que o ano anterior. En 2003 volve incrementarse considerablemente o número de ofertas, pasando a sumar 165. A traxectoria provincial mantén certa distancia se a comparamos coa comarcal debido a disparidade de valores en ambos os dous ámbitos.

GRÁFICO 10: Evolución do número de ofertas dos concellos da comarca.



Mazaricos é o concello que maior incremento de ofertas amosa: pasa de 3 a 55 ofertas. Por outra banda, Santa Comba aumenta o seu peso en 25 ofertas, pasando de 85 a 110 e incrementando estas todos os anos, salvo en 2002.

5.3.2. Ofertas segundo os sectores de actividade económica

	PRIMARIO		SECUNDARIO		CONSTRUCIÓN		SERVIZOS	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Mazaricos	2	66,66	0	0,00	19	35,18	34	34,34
Santa Comba	1	33,33	9	100,00	35	64,82	65	65,66
TOTAL COMARCA	**3**	**100,00**	**9**	**100,00**	**54**	**100,00**	**99**	**100,00**
TOTAL PROVINCIA	**338**		**3.112**		**5.814**		**23.331**	

Táboa 15: *Distribución das ofertas por concellos segundo os sectores económicos. Valores absolutos e relativos en relación co total da comarca.*

O concello de Santa Comba ten unha maior presenza nos diversos sectores en canto a número de ofertas, coa excepción do sector primario.

O sector servizos concentra o 60% das ofertas de emprego e sitúase en segundo lugar o sector da construción, co 33%. Os sectores primario e secundario teñen pouco peso; supoñen 3 e 9 ofertas respectivamente. Estas últimas proveñen na súa totalidade das actividades de metalurxia.

A metade das ofertas do sector servizos pertencen ás administracións públicas; sitúanse en segundo lugar as ofertas da hostalería e o comercio, que ofertan o 16% e 13% respectivamente.



Gráfico 11: *Distribución porcentual das ofertas por sectores económicos.*



Gráfico 12: *Distribución porcentual das ofertas nos servizos.*

	1999	2000	2001	2002	2003
Primario	0	0	0	3	3
Secundario	1	9	7	7	9
Construción	8	14	19	25	54
Servizos	79	114	117	98	99
TOTAL COMARCA	**88**	**137**	**143**	**133**	**165**
TOTAL PROVINCIA	**29.835**	**37.922**	**30.755**	**30.380**	**32.600**

Táboa 16: *Evolución das ofertas por sectores económicos.*

Todos os sectores aumentan as ofertas de forma continuada agás o de servizos, que, tras incrementalas ata o 2001, decrece nos anos posteriores. No sector da construción é onde se aprecia un crecemento máis importante, cun incremento entre 1999 e 2003 de 46 ofertas.

5.3.3. Perfil básico das ofertas

Das 24 ofertas que toman en consideración o sexo dos traballadores á hora de acceder ao posto de traballo, 19 requiren homes e 5 mulleres. As primeiras sinaladas proceden maioritariamente do sector da construción, en tanto que as segundas tenden a concentrarse na hostalería.

Por outra parte, o número de ofertas que requiren un determinado nivel académico é absolutamente marxinal, polo que non é pertinente realizar ningún tipo de comentario.

5.3.4. Análise ocupacional das ofertas

Táboa 17: *Ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores.*

	1999	2000	2001	2002	2003
Peón de albanel/Peón de obras públicas	15	21	29	13	33
Albanel	6	5	7	15	19
Técnico en protección civil/Socorrista non acuático.	12	12	24	12	14
Camareiro - Barman	14	16	14	4	8
Condutor de mercadorías /Condutor de camión	1	5	3	1	7
Carpinteiro	1	2	1	3	6
Axente comercial / Vendedor	3	4	0	2	5
Recepcionista de hotel	0	0	4	2	4
Auxiliar de axuda a domicilio/Coidador de anciáns	3	4	6	22	4
Licenciado en psicoloxía	0	1	0	1	3

A ocupación máis ofertada polo centros colaboradores é a de peón de albanel, que rexistra en 2003 o maior número de ofertas de todo o período, tras apreciar unha considerable redución no ano anterior. En segundo lugar está outra das ocupacións da construción, a de albanel, que incrementa continuamente as ofertas ata chegar ás 19 de 2003.

Outras ocupacións como técnico de protección civil, camareiro ou auxiliar de axuda a domicilio diminúen considerablemente o número de ofertas nos últimos anos do período.

5.4. CONTRATOS

5.4.1. Número de contratos no ámbito comarcal e municipal

	CONTRATOS 2003	
	N.º	%
MAZARICOS	250	16,28
SANTA COMBA	1.286	83,72
TOTAL COMARCA	**1.536**	**100,00**
TOTAL PROVINCIA	**310.890**	**0,49**

Táboa 18: *Número de contratos na comarca e nos concellos. Ano 2003.*

O 0,49% dos contratos de emprego rexistrados na provincia da Coruña realízanse na comarca do Xallas. O concello de Santa Comba agrupa o 83,72% deles.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA %
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
MAZARICOS	341	322	362	277	250	-5,57	12,42	-23,48	-9,75	-7,47
SANTA COMBA	1.095	1.081	1.231	1.303	1.286	-1,28	13,88	5,85	-1,30	4,10
TOTAL COMARCA	**1.436**	**1.403**	**1.593**	**1.580**	**1.536**	**-2,30**	**13,54**	**-0,82**	**-2,78**	**1,70**
TOTAL PROVINCIA	**268.271**	**281.551**	**280.779**	**292.423**	**310.890**	**4,95**	**-0,27**	**4,15**	**6,32**	**3,75**

Táboa 19: *Evolución do número de contratos no ámbito comarcal. Variacións anuais. 1999-2003.*

A comarca experimenta un moderado crecemento da contratación caracterizado por unha evolución descontinua con alternancia de incrementos e regresións en todo o período de referencia e acadando unha variación media de 1,70%. Tras comezar o período cunha diminución de contratos, variación interanual de -2,30% en 1999-2000, no tramo seguinte rexístrase un crecemento considerable de 13,54%. O resto de anos decrece a contratación, facéndoo en maior medida en 2002-2003, cando a variación interanual é do -2,78%.

O concello de Santa Comba incrementa o número de contratos nun 4,10%, a diferenza do que sucede no de Mazaricos, que diminúe e ofrece unha variación media de -7,47%. En Santa Comba obsérvase unha redución moderada no ano 2000 e 2003, medrando nos anos intermedios. No ano 2001 é onde se rexistra maior crecemento, 150 contratos. No concello de Mazaricos tamén se aprecia un crecemento no período 2000-2001, cunha variación interanual de 12,42%; no resto dos anos presenta unha regresión.

5.4.2. Contratación comarcal segundo o sexo e a idade

	N.º CONTRATOS			% CONTRATOS		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Menos de 26 anos	368	209	577	23,96	13,61	37,57
De 26 a 35 anos	251	179	430	16,34	11,65	27,99
De 36 a 45 anos	201	103	304	13,09	6,71	19,79
De 46 a 55 anos	124	40	164	8,07	2,60	10,68
De 56 e máis anos	45	16	61	2,93	1,04	3,97
TOTAL COMARCA	**989**	**547**	**1536**	**64,39**	**35,61**	**100,00**
TOTAL PROVINCIAL	**166.028**	**144.862**	**310.890**	**53,40**	**46,60**	**100,00**

Táboa 20: *Distribución da contratación comarcal segundo o sexo e a idade. Ano 2003.*

A medida que observamos os intervalos de maior idade, a contratación descende de forma gradual. O perfil tipo de contratado é o de menor de 26 anos, que supón o 37,57% do total. Se sumamos a maiores a contratación ata os 35 anos, concéntrase unha elevada porcentaxe, o 65,56%. Doutra parte, en todos os tramos de idade predomina a contratación masculina, superando en gran medida á contratación de mulleres.

Case unha cuarta parte de toda a contratación, o 23,96%, está rexistrada nos homes menores de 26 anos. Se a esta lle sumamos os homes do intervalo seguinte, ata os 35 anos, obteremos o 40,3% dos contratos. Nas mulleres a contratación presenta valores máis baixos, sendo inferior á dos homes en 10,35 e 4,69 puntos porcentuais nos intervalos de idade de menores de 26 e de 26 a 35 anos, respectivamente. Entre os 36 e os 45 anos a contratación de mulleres supón a metade da masculina, decrecendo en gran medida nos intervalos superiores a 46 anos.

Táboa 21: *Evolución do número de contratos da comarca segundo o sexo. Período 1999-2003.*

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Homes	1.079	1.000	1.074	994	989	-7,32	7,40	-7,45	-0,50	-2,15
Mulleres	357	403	519	586	547	12,89	28,78	12,91	-6,66	11,26
TOTAL CONTRATOS	**1.436**	**1.403**	**1.593**	**1.580**	**1.536**	**-2,30**	**13,54**	**-0,82**	**-2,78**	**1,70**

Malia que en números absolutos a contratación é fundamentalmente masculina, é preciso sinalar que a evolución da contratación de homes é decrecente, mentres que a da mulleres presenta un incremento en termos absolutos de 190 contratos entre 1999 e 2003. En efecto, a contratación feminina rexistra unha variación media de 11,26%. A súa evolución caracterízase por incrementos constantes todos os anos, sobre todo no período 2000-2001, cando a variación interanual é de 28,78%. No último período ofrece unha variación negativa, dun -6,66%. Pola contra, na contratación masculina só aparece un incremento no período 2000-2001 de 7,4%, reducíndose nunha media similar no anterior e no seguinte. O colectivo masculino pecha o período cun número semellante de contratos aos realizados en 2002.

O predominio da contratación masculina é, como dixemos, significativo: todos os anos supera en moito á contratación de mulleres. Se observamos a evolución por xéneros, percíbese unha lixeira redución das distancias entre sexos ata o 2002, onde a contratación masculina supera á feminina en 25,91 puntos porcentuais. No 2003 volve incrementarse lixeiramente a diferenza. Se en 1999 a contratación masculina supón as tres cuartas partes do total e supera a feminina nun 50,28%, no ano 2003 esta diferenza redúcese ao 28,78%.

Gráfico 13: *Evolución da distribución da contratación comarcal segundo o sexo. Período 1999-2003. Valores proporcionais.*



Táboa 22: *Evolución do número de contratos da comarca segundo a idade. Período 1999-2003.*

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Menor de 26 anos	621	594	598	564	577	-4,35	0,67	-5,69	2,30	-1,82
De 26 a 35 anos	378	395	479	469	430	4,50	21,27	-2,09	-8,32	3,27
De 36 a 45 anos	244	228	284	326	304	-6,56	24,56	14,79	-6,75	5,65
De 46 a 55 anos	140	134	162	154	164	-4,29	20,90	-4,94	6,49	4,03
De 56 e máis anos	53	52	70	67	61	-1,89	34,62	-4,29	-8,96	3,58
TOTAL CONTRATOS	**1.436**	**1.403**	**1.593**	**1.580**	**1536**	**-2,30**	**13,54**	**-0,82**	**-2,78**	**1,70**

Nunha aproximación en función da idade, observamos que os menores de 26 anos son o único grupo cunha variación media negativa, -1,82%. A contratación aumenta no resto de tramos nunha medida máis ou menos similar. O grupo que maior incremento contractual soporta é o de 36 a 45 anos, que rexistra unha variación media de 5,65%. Séguelle o tramo seguinte, co 4,03%.

A evolución nos grupos de idade reflite unha alternancia entre incrementos e regresións. No ano 2000 e 2002 descenden todos os grupos, excepto o de 26 a 35 anos no 2000 e o de 36 a 45 anos en 2002. Pola contra, no ano 2001, rexistran todos fortes crecementos, excepto o de menores de 26 anos, que mantén un número similar de contratos que o ano anterior.

5.4.3. Contratación comarcal segundo os sectores económicos

Táboa 23: *Distribución da contratación por sectores/subsectores económicos.*

	CONTRATOS 2003	
	N.º	%
SECTOR PRIMARIO	**41**	**2,67**
Agricultura e pesca	41	2,67
SECTOR SECUNDARIO	**277**	**18,03**
Industria	276	17,97
Electricidade	1	0,07
SECTOR CONSTRUCIÓN	**457**	**29,75**
Construción	457	29,75
SECTOR SERVIZOS	**761**	**49,54**
Comercio e hostalería	361	23,50
Transporte e comunicacións	63	4,10
Outros servizos	337	21,94
TOTAL CONTRATOS	**1.536**	**100,00**

O 49,54% da contratación realízase en torno ao sector servizos. En segundo lugar está o da construción, co 29,75%, seguido do secundario, co 18,03%.

Nunha aproximación por subsectores, os que ofrecen maior número de contratos son o do comercio e hostalería, que supón o 23,5%, e o de outros servizos, que representa o 21,94%. Seguiría o subsector da industria, cun 17,97% dos contratos e, máis lonxe, o subsector de transporte, que ten un peso limitado co 4,1% dos contratos.

Máis da metade da contratación da industria, o 55%, dáse nas actividades de téxtil e da confección. Séguenlle a bastante distancia os contratos da metalurxia e fabricación de produtos de metal, co 11%, e a alimentación, co 9%. O 25% que queda repártese no resto de actividades, agrupando o apartado de outras industrias, 16%.

Gráfico 14: *Distribución porcentual da contratación na industria.*



GRÁFICO 15: *Distribución porcentual da contratación nos servizos.*



Nos servizos a actividade que rexistra maior contratación é a da hostalería, onde se realizan o 28% do total de contratos, seguido das administracións públicas, co 19%. A continuación están os contratos do comercio e servizos á comunidade, que manteñen porcentaxes de 15% e 14% respectivamente. O 24% restante repártese entre as demais actividades, predominando as de transporte, co 8%, e as inmobiliarias, co 7%.

TÁBOA 24: *Distribución porcentual da contratación comarcal segundo sectores/subsectores económicos por sexo e idade. Ano 2003.*

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e mais
SECTOR PRIMARIO	**2,08**	**0,59**	**0,85**	**0,59**	**0,46**	**0,78**	**0,00**
Agricultura e pesca	2,08	0,59	0,85	0,59	0,46	0,78	0,00
SECTOR SECUNDARIO	**6,84**	**11,20**	**7,29**	**5,73**	**2,86**	**1,63**	**0,52**
Industria	6,84	11,13	7,29	5,73	2,80	1,63	0,52
Electricidade	0,00	0,00	0,00	0,00	0,07	0,00	0,00
SECTOR CONSTRUCIÓN	**28,39**	**1,37**	**11,91**	**7,23**	**5,53**	**3,91**	**1,17**
Construción	28,39	1,37	11,91	7,23	5,53	3,91	1,17
SECTOR SERVIZOS	**27,08**	**22,46**	**17,51**	**14,45**	**10,94**	**4,36**	**2,28**
Comercio e hostalería	10,61	12,89	9,77	6,38	5,66	1,30	0,39
Transporte e comunicacións	3,58	0,52	0,65	1,17	1,30	0,78	0,20
Outros servizos	12,89	9,05	7,10	6,90	3,97	2,28	1,69
TOTAL CONTRATOS	**64,39**	**35,61**	**37,57**	**27,99**	**19,79**	**10,68**	**3,97**

No sector servizos a distribución da contratación por sexos mostra un lixeiro predominio dos homes. En efecto, a contratación masculina supera á feminina nun 4,62%. Dentro deste, no subsector de comercio e hostalería sobresaen as mulleres, mentres que no de transporte e outros servizos fano os homes. No sector da construción e no sector primario a contratación é maioritariamente masculina, séndoo no primeiro de forma case absoluta. No sector secundario a contratación feminina supera á masculina nun 4,36%.

En todos os sectores a porcentaxe máis elevada de contratación rexístrana os menores de 26 anos. No sector servizos sitúase unha parte importante dos contratados ata os 45 anos, supoñendo o 42,9%, situación que se fai extensible aos subsectores. No sector da construción a contratación concéntrase principalmente nos intervalos ata 35 anos, que agrupan o 19,14%, igual que sucede no sector secundario, que agrupa o 13,02%.

TÁBOA 25: *Evolución da contratación comarcal segundo os sectores e subsectores económicos. Período 1999-2003.*

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
SECTOR PRIMARIO	**33**	**40**	**23**	**22**	**41**	**21,21**	**-42,50**	**-4,35**	**86,36**	**5,58**
Agricultura e pesca	33	40	23	22	41	21,21	-42,50	-4,35	86,36	5,58
SECTOR SECUNDARIO	**294**	**326**	**352**	**352**	**277**	**10,88**	**7,98**	**0,00**	**-21,31**	**-1,48**
Industria	294	325	352	352	276	10,54	8,31	0,00	-21,59	-1,57
Electricidade	0	1	0	0	1	0,00	-100,00	0,00	0,00	0,00
S. CONSTRUCIÓN	**525**	**434**	**556**	**535**	**457**	**-17,33**	**28,11**	**-3,78**	**-14,58**	**-3,41**
Construción	525	434	556	535	457	-17,33	28,11	-3,78	-14,58	-3,41
SECTOR SERVIZOS	**584**	**603**	**662**	**671**	**761**	**3,25**	**9,78**	**1,36**	**13,41**	**6,84**
Comercio e hostalería	254	259	312	341	361	1,97	20,46	9,29	5,87	9,19
Transporte e comunicacións	63	53	64	61	63	-15,87	20,75	-4,69	3,28	0,00
Outros servizos	267	291	286	269	337	8,99	-1,72	-5,94	25,28	5,99
TOTAL CONTRATOS	**1.436**	**1.403**	**1.593**	**1.580**	**1.536**	**-2,30**	**13,54**	**-0,82**	**-2,78**	**1,70**

Se atendendo á evolución dos diferentes sectores, vemos como o sector servizos incrementa a contratación, co 6,84% de variación media. O outro sector que amosa un crecemento contractual é o primario, que medra nun 5,58%, se ben neste caso estamos a falar dun volume máis reducido. Por outra banda, o sector secundario e o da construción perden contratos, con variacións medias de -1,48% e -3,41% respectivamente.

O sector servizos incrementa todos os anos a contratación, en maior medida en 2003 e 2001, cando recolle variacións interanuais de 13,41% e 9,78%. Dentro del, mentres que os subsectores de comercio e outros servizos aumentan, o de transporte permanece estancado. O que máis medra é o subsector de comercio e hostalería, que rexistra unha variación media de 9,19%. Neste mesmo subsector sucédense todos os anos valores de crecemento, rexistrando o maior en 2001, que é de 20,46%. No subsector de transporte e no de outros servizos, a evolución é descontinua, alternando valores de crecemento e regresión.

O sector da construción reduce case todos os anos o seu tamaño, facéndoo sobre todo ao inicio e final do período. Malia rexistrar case todos os anos valores negativos de variación interanual, no ano 2001, presenta un significativo crecemento do 28,11%, que supón en termos absolutos un aumento de 122 contratos en relación co ano anterior.

No sector secundario a evolución é decrecente. Este inicia o período cun crecemento considerable que se vai reducir no ano seguinte ata chegar ao 2002 a unha situación de estancamento. Rematará o período cunha regresión acusada, de -21,31%.

Para concluír, cómpre sinalar como o sector primario reduce contratos nos anos intermedios, experimentando fortes crecementos ao inicio e final de período. A pesar de todo, só incrementa 8 contratos entre 1999 e 2003.

5.4.4. Tipoloxía da contratación laboral

O 68% dos contratos realizados fanse baixo a tipoloxía da contratación temporal a tempo completo, manténdose o resto de fórmulas a bastante distancia desta. Se lle sumamos a realizada na mesma fórmula pero a tempo parcial, percíbese unha concentración do 83% dos contratos.

A segunda fórmula que rexistra maior contratación é a de prácticas e formación, co 9%, supoñendo a contratación indefinida nas dúas modalidades tan só o 4%.



Gráfico 16: *Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contratos. Ano 2003.*

Táboa 26: *Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contrato por sexo e idade. Ano 2003.*

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
Indefinido	2,15	1,24	0,85	1,11	0,39	0,85	0,20
Indefinido tempo parcial	0,20	1,24	0,91	0,33	0,20	0,00	0,00
Temporal	47,59	19,34	20,31	20,96	14,84	7,81	2,99
Temporal tempo parcial	4,36	10,22	6,64	4,04	2,60	0,98	0,33
Prácticas/Formación	6,45	2,73	8,66	0,39	0,00	0,13	0,00
Outros	3,65	0,85	0,20	1,17	1,76	0,91	0,46
TOTAL CONTRATOS	**64,39**	**35,61**	**37,57**	**27,99**	**19,79**	**10,68**	**3,97**

Case a metade da contratación, o 47,59%, realízase a homes baixo a tipoloxía de temporal a tempo completo. Esta mesma tipoloxía en caso da contratación de mulleres significa o 19,34% do total de contratos. No resto de fórmulas a contratación de homes tamén supera a de mulleres, agás nos casos da indefinida a tempo parcial e da temporal a tempo parcial, tipoloxías empregadas en maior medida para a contratación de mulleres que para a de homes. Atopamos, polo tanto, un indicativo da feminización da contratación a tempo parcial.

Se atendemos aos intervalos de idade máis baixos, vemos que ata os 35 anos o 41,27% dos contratos son temporais a tempo completo. O mesmo tipo de contratos pero a tempo parcial rexistra no mesmo tramo o 10,68%. A contratación en prácticas concéntrase de forma moi significativa nos menores de 26 anos e supón para este colectivo o 8,66% dos contratos totais.

Táboa 27: *Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contrato por sectores económicos. Ano 2003.*

	PRIMARIO	SECUNDARIO			CONSTRUCIÓN	SERVIZOS			
	Agr.,Gand.	Industr.	Electric.	Total	Construc.	Comerc.	Transp.	Outros	Total
Indefinido	0,78	0,26	0,00	0,26	0,59	0,91	0,07	0,78	1,76
Indefinido tempo parcial	0,00	0,13	0,00	0,13	0,00	0,39	0,00	0,91	1,30
Temporal	1,63	13,80	0,07	13,87	24,80	12,04	3,45	11,13	26,63
Temporal tempo parcial	0,00	2,15	0,00	2,15	0,59	7,55	0,59	3,71	11,85
Prácticas/Formación	0,26	1,63	0,00	1,63	3,78	2,60	0,00	0,91	3,52
Outros	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	4,49	4,49
TOTAL CONTRATOS	**2,67**	**17,97**	**0,07**	**18,03**	**29,75**	**23,50**	**4,10**	**21,94**	**49,54**

En todos os sectores destaca a contratación temporal; o sector servizos concentra o 26,63%. Seguen por orde o sector da construción, co 24,80%, e o secundario, co 13,87%.

Por outra banda, a contratación temporal a tempo parcial concéntrase case totalmente no sector de servizos, que supón o 11,85%, mantendo o resto de sectores unha porcentaxe moi reducida. O mesmo sucede na contratación indefinida, que rexistra a maior porcentaxe no sector de servizos, sumando nas dúas modalidades o 3,06%.

Táboa 28: *Evolución da contratación comarcal segundo a tipoloxía de contratos. Período 1999-2003.*

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Indefinido	150	129	129	108	52	-14,00	0,00	-16,28	-51,85	-23,27
Indefinido tempo parcial	26	45	39	37	22	73,08	-13,33	-5,13	-40,54	-4,09
Temporal	903	843	1.017	1.007	1028	-6,64	20,64	-0,98	2,09	3,29
Temporal tempo parcial	150	168	190	199	224	12,00	13,10	4,74	12,56	10,55
Prácticas/Formación	148	146	129	148	141	-1,35	-11,64	14,73	-4,73	-1,20
Outros	59	72	89	81	69	22,03	23,61	-8,99	-14,81	3,99
TOTAL CONTRATOS	**1.436**	**1.403**	**1.593**	**1.580**	**1.536**	**-2,30**	**13,54**	**-0,82**	**-2,78**	**1,70**

Se analizamos as tipoloxías de contratación de forma diacrónica, observamos que aquelas que son xa maioritarias seguen gañando peso, mentres que as de menor relevancia cuantitativa o perden. A contratación temporal a tempo parcial é a que máis medra, cunha variación media de 10,55%. No mesmo caso pero a tempo completo o incremento é dun 3,29%. Pola contra, a contratación indefinida é a que maior descenso presenta: ofrece unha variación media negativa de -23,27% na modalidade a tempo completo e un -4,09% na de tempo parcial.

Na contratación temporal a tempo completo percíbese unha evolución descontinua con crecementos e reducións, facéndoo de maneira moi significativa no período 2000-2001, onde a variación interanual é de 20,64%. En tanto que a contratación temporal a tempo parcial aumenta en todos os anos.

Por outra banda, a contratación indefinida descende continuamente, máis en 2002-2003, cando rexistra variacións interanuais de -51,85% para a contratación indefinida a tempo completo e -40,54% para a de tempo parcial.

5.4.5. Grandes grupos de ocupación na contratación laboral

Táboa 29: *Distribución da contratación por grandes grupos de ocupación segundo o sexo. Ano 2003.*

	CONTRATOS	
	Nº	%
1. Técnicos profesionais, científicos e intelectuais	**93**	**6,05**
HOMES	62	4,04
MULLERES	31	2,02
2. Técnicos e profesionais de apoio	**65**	**4,23**
HOMES	40	2,60
MULLERES	25	1,63
3. Empregados de tipo administrativo	**85**	**5,53**
HOMES	20	1,30
MULLERES	65	4,23
4. Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio	**320**	**20,83**
HOMES	116	7,55
MULLERES	204	13,28
5. Traballadores cualificados na agricultura e pesca	**24**	**1,56**
HOMES	19	1,24
MULLERES	5	0,33
6. Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería	**436**	**28,39**
HOMES	422	27,47
MULLERES	14	0,91
7. Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	**283**	**18,42**
HOMES	127	8,27
MULLERES	156	10,16
8. Traballadores non cualificados	**230**	**14,97**
HOMES	183	11,91
MULLERES	47	3,06
TOTAL CONTRATOS	**1.536**	**100,00**
TOTAL HOMES	**989**	**64,39**
TOTAL MULLERES	**547**	**35,61**

Dos oito grupos reflectidos na táboa, que recollen o total da contratación realizada na comarca do Xallas, destacan cunha concentración moi significativa catro grandes grupos, que supoñen conxuntamente o 82,61% da contratación. Son os seguintes:

- Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería; co 28,39% da contratación.
- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio; co 20,83%.
- Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores; co 18,42%.
- Traballadores non cualificados; co 14,97%.

Se temos en consideración a variable do xénero, obtense a maiores a seguinte distribución:

Grupos de ocupación cunha maior contratación masculina	Grupos de ocupación cunha maior contratación feminina
• Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería; contratación do 27,47%. • Traballadores non cualificados, 11,91%. • Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores; 8,27%. • Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio; 7,55%.	• Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio; 13,28%. • Operadoras de instalacións e maquinaria, e montadoras; 10,16%. • Empregadas de tipo administrativo, 4,23%. • Traballadoras non cualificadas, 3,06%.

En todos os grupos predomina a contratación masculina, agás en tres deles onde a contratación feminina é maioritaria. Estes grupos son os de:

- Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio; a contratación feminina supera a masculina en 5,73 puntos.
- Empregadas de tipo administrativo; a contratación feminina supera a masculina en 2,93 puntos.
- Operadoras de instalacións e maquinaria, e montadoras; superioridade da contratación feminina en 1,89 puntos.

Por outra banda, tendo en consideración a evolución dos diferentes grupos no período de referencia, os que presentan maior crecemento contractual son:

- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio; variación media de 19,3%.
- Empregados de tipo administrativo; 8,21%.
- Traballadores cualificados na agricultura e pesca; 7,46%.

Pola contra, só dous dos oito grupos presentan variacións medias negativas que denotan a regresión contractual que soportan. Estes grupos son o de traballadores non cualificados, cunha variación media de -8%, e o de artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería, co -3,17%.

Se a maiores de ter en conta os grupos pola evolución que mostan, introducimos a variable de xénero, os grupos de contratación que presentan maior crecemento na contratación masculina son os seguintes:

- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio; cunha variación media de 22,21%.
- Técnicos e profesionais de apoio, variación media de 8,37%.

E os grupos de contratación con maior incremento do número de contratos femininos son:

- Traballadoras cualificadas na agricultura e pesca; variación media de 49,53%.
- Técnicas e profesionais de apoio, 25,74%.
- Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio; 17,78%.

Para concluír a análise, hai que distinguir os grupos que presentan maior regresión contractual nos diferentes sexos. Así, os grupos nos que decrece a contratación de homes son catro:

- Traballadores non cualificados, variación media de -10,33%.
- Artesáns e traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería; -3,07%.
- Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores; -0,58%.
- Técnicos profesionais, científicos e intelectuais; -0,79%.

Pola súa parte, só un dos grupos rexistra unha variación media negativa en relación aos contratos de mulleres. Este grupo é o de artesás/traballadoras cualificadas industria manufactureira, construción e minería, que rexistra unha variación media de -6,09%.

5.4.6. Ocupacións máis contratadas

Táboa 30: *As dez ocupacións máis contratadas na comarca. Ano 2003.*

CNO	OCUPACIÓNS	TOTAL N.º	TOTAL %	HOMES N.º	HOMES %	MULLERES N.º	MULLERES %	RATIO MASCUL.[1]
71100016	Albanel	233	15,17	232	23,46	1	0,18	99,57
50200018	Camareiro	167	10,87	75	7,58	92	16,82	44,91
83630022	Operario máquina industrial coser á plana, excepto pel e calzado	133	8,66	0	0,00	133	24,31	0,00
97000011	Peón da industria manufactureira	113	7,36	103	10,41	10	1,83	91,15
25130104	Músico instrumentista	67	4,36	54	5,46	13	2,38	80,60
86300016	Condutor de camión	53	3,45	52	5,26	1	0,18	98,11
42100010	Empregado administrativo	51	3,32	11	1,11	40	7,31	21,57
50100017	Cociñeiro	47	3,06	6	0,61	41	7,50	12,77
53300010	Dependente de comercio	36	2,34	8	0,81	28	5,12	22,22
96020014	Peón da construción de edificios	31	2,02	31	3,13	0	0,00	100,00
	TOTAL	**931**	**60,61**	**572**	**57,84**	**359**	**65,63**	**61,44**

(1) Ratio de Masculinidade = (N.º de contratos realizados a homes/ N.º total de contratos) x 100

Nas dez ocupacións que aparecen na táboa concéntrase o 60,61% da contratación. Na metade destas predomina a contratación de homes. A maiores percíbese unha concentración bastante importante nas ocupacións de albanel, camareiro, operario de máquina industrial de coser á plana e peón da industria manufactureira, que xuntas agrupan o 42,06% da contratación realizada en 2003.

Na ocupación de peón da construción de edificios só se contratan homes, case igual que nas ocupacións de albanel e condutor de camión, nas que a excepción é de só un contrato. Na ocupación de peón da industria manufactureira e músico instrumentista predomina tamén a contratación masculina.

Mentres que na ocupación de operario de máquina de coser á plana a contratación é totalmente feminina, no resto de ocupacións onde sobresaen as mulleres fano con porcentaxes considerables que, porén, non son tan extremas coma as analizadas no parágrafo anterior. A ocupación máis próxima ao equilibrio entre xéneros é a de camareiro, cun ratio de masculinidade de 44,91%.

Táboa 31: *Evolución das dez ocupacións máis contratadas entre 1999 e 2003.*

CNO	OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS	1999	2000	2001	2002	2003
71100016	**Albanel**	**272**	**239**	**316**	**227**	**233**
50200018	**Camareiro**	**60**	**108**	**110**	**146**	**167**
83630022	**Operario máquina industrial coser á plana, excepto pel e calzado**	**119**	**115**	**186**	**172**	**133**
97000011	**Peón da ind. manufactureira**	**159**	**154**	**126**	**90**	**113**
25130104	**Músico instrumentista**	**54**	**69**	**71**	**75**	**67**
86300016	**Condutor de camión**	**73**	**67**	**85**	**55**	**53**
42100010	**Empregado administrativo**	**43**	**45**	**55**	**45**	**51**
50100017	**Cociñeiro**	14	8	**36**	**50**	**47**
53300010	**Dependente de comercio**	**52**	**44**	**61**	**53**	**36**
96020014	**Peón da construción de edificios**	**60**	19	**37**	**42**	**31**
91210016	MULLER/MOZO LIMPEZA, LIMPADOR	19	**38**	30	20	25
72300015	INSTALADOR ELECTRICISTA	6	**33**	21	31	13
71200017	ENCOFRADOR	**30**	11	10	9	3

Das dez ocupacións máis contratadas, oito están todos os anos dentro desta serie. As dúas restantes son cociñeiro e peón da construción. Na primeira delas entra no 2001 consolidándose *a posteriori*, igual que lle sucede á de peón da construción, que só sae da serie no ano 2000. Por outra banda, as ocupacións de muller/mozo de limpeza, instalador electricista e encofrador, desaparecen da serie das máis contratadas, tras incluírse nada máis nela nun dos primeiros anos.

A evolución das dez ocupacións máis contratadas sinala traxectorias diferenciadas. As ocupacións de albanel, peón da industria manufactureira, condutor de camión, dependente de comercio e peón da construción reducen a contratación, sendo estas dúas últimas as que máis descenden, amosando sendas variacións medias de -8,78% e -15,22%. Pola contra, as de cociñeiro e camareiro aumentan e rexistran unhas medias de crecemento de 35,36% e 29,16% respectivamente. A maiores tamén aumentan, en menor medida, as de operario de máquina industrial de coser á plana, a de músico instrumentista e a de empregado administrativo.